




BARBANTIA

ANUARIO DE ESTUDOS DO BARBANZA

ANO 2025 - Nº 21

SOLUCIÓN: CULTURA

O NOVO FASCISMO ACTUAL MANIFÉSTASE COMO UNHA REACCIÓN AUTORITARIA ANTE A INCERTEZA GLOBAL, ALIMENTÁNDOSE DO MEDO, DA DESINFORMACIÓN E DA POLARIZACIÓN SOCIAL MEDIANTE O CONTROL, A OBEDIENCIA, A EXCLUSIÓN E A UNIFORMIDADE, DISFRAZADO, ISO SI, DE RETÓRICA PATRIÓTICA. ASÍ, A CHAMADA “NOVA ORDE MUNDIAL” CONFIGÚRASE ARREDOR DE LÍDERES POPULISTAS QUE, COMO TRUMP, UTILIZAN O PODER DE FORMA ABUSIVA, EROSIONANDO INSTITUCIÓN DEMOCRÁTICAS E MANIPULANDO A OPINIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DOS MEDIOS DIXITAIS E DOS DISCURSOS DO ODIO. A SÚA INFLUENCIA TRANSNACIONAL IMPULSA MOVEMENTOS QUE DESAFÍAN O PLURALISMO E A COOPERACIÓN INTERNACIONAL. EN CONTRASTE, A DEMOCRACIA COMPARTIDA PROCURA A IMPLICACIÓN CIDADÁ, A TRANSPARENCIA E O DIÁLOGO EN PRO DA DIVERSIDADE E DA RESPONSABILIDADE COMÚNS. ESTE XXI ANUARIO, OBRA COLECTIVA E PARTICIPATIVA, APOSTA POLO EMPODERAMENTO E A PLURALIZACIÓN, FACENDO DA LIBERDADE, DA XUSTIZA SOCIAL E DA SOLIDARIEDADE GLOBAL OS SEUS PIARES ESENCIAIS.



Coordinación

Manuel Cartea

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Revisión Lingüística

Manuel Cartea

Consello directivo

Presidenta: María Xesús Blanco López

Vicepresidenta: María Isabel Santos Davila

Vicepresidenta: Encarna Pego Paz

Secretaria: Milagros Torrado Cespón

Tesoureira: Daniela Martínez Somoza

Vogal: María Dolores Arxóns Álvarez

Vogal: Manuel Cartea Gómez

Vogal: Xesús Laíño Briones Arén

Vogal: Xosé R. Losada Vicente

Vogal: Manuel Mariño del Río

Vogal: Adolfo Muíños Sánchez

Vogal: Antón Riveiro Coello

Vogal: Pilar Sampedro Martínez

Vogal: María Teresa Villaverde Pais

Administración

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Deseño e maquetaxe

 vexota

Edita

A. C. Barbantia®

Rúa Poeta Manuel María, s/n

Centro Social

15930 Boiro (A Coruña)

Tlfn.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25

http: www.barbantia.gal

www.barbantia.org

www.barbantia.es

Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org

www.cafebarbantia.barbantia.es

correo: barbantia@barbantia.es



@barbantia



Asociación Cultural Barbantia



acbarbantia

Imprime

Gráficas Garabal, S.L.

ISSN

1889-0946

Depósito Legal

C-2792-05

5 LIMIAR

X. Ricardo Losada. Licenciado en Filoloxía, profesor e escritor

XII SEMANA DA HISTORIA DE NOIA. AS PORTAS DO MAR

- 13 Cartaz e programa XII Semana da Historia de Noia**
- 15 Noia. As portas do mar**
Xerardo Agrafoxo. Doutor en Prehistoria pola USC, profesor, historiador e escritor
- 23 As Portas do Mar. Escola de Danza OITOS**
Fotografía e texto: Suso Xogaina
Dirección: Verónica García. Profesora, directora artística e coreógrafa da Escola de danza Oitos
- 29 Naufraxios entre a Praia de Testal e a enseada da Barquiña**
Manuel Mariño del Río. Diplomado en Maxisterio, historiador, investigador e escritor
- 35 O salgado do peixe na ría de Muros-Noia. As fábricas dos cataláns**
Santiago Llovo Taboada. Licenciado en Dereito, e investigador
- 51 Cancións inspiradas nos sons do mar**
Esperanza Mara (Soprano, instrumentista, licenciada en música, profesora) e As Lens (Grupo de música profesional: voz, piano, violín, órgano, gaita...)
- 59 A cultura do marisqueo na ría de Muros-Noia**
Guadalupe Jiménez Esquinas. Doutora Internacional pola universidade do País Vasco. Profesora de Antropoloxía da facultade de Filosofía da USC
- 69 Barrios mariñeiros nas vilas atlánticas medievais de Noia e Muros. Permanencias e cambios**
Pedro García Vidal. Doutor en Xeografía Urbana pola USC, investigador profesor e escritor
- 105 Unha travesía entre mar e pedra: a herdanza mariñeira do Portus Apostoli**
Iria Caamaño Franco. Profesora de Socioloxía na Facultade de Turismo da UDC
- 117 Das guerrilleiras exiliadas**
Aurora Marco. Doutora pola USC, catedrática, profesora, investigadora, ensaísta, escritora

- 133 A industria da conserva en Ribeira, 1900-1930**
Daniel Bravo Cores. Doutor, catedrático de Xeografía e Historia, investigador e escritor
- 153 Baixo o monte, discorrendo o río: Notas sobre territorialidade medieval no Barbanza**
Carlos Lixó. Doutor en Historia, investigador, profesor e escritor
- 167 Mulleres na defensa da terra. Unha lectura do conflito agrario das Encrobas (1976-1977) en clave política e de xénero**
María Fernández Blanco. Histagra-CISPAC, USC
- 177 Miguel Rodríguez Bautista (Valladolid 1901-Ribeira 1959). Un prototipo de alcalde falanxista**
Xesús Pérez Besada. Catedrático de Xeografía e Historia, profesor, investigador e escritor
- 185 O Museo. A voz milenaria do patrimonio cultural**
Eme Cartea. Catedrático de Francés, profesor, tradutor e poeta
- 211 Arquitecturas hospitalarias nas vilas da Pobra do Deán e Caramiñal**
Antonio González Millán. Historiador. Director do Museo Valle-Inclán
- 233 As cruces de pedra no Rianxo de Castelao**
Milagros Torrado Cespón. Doutora en Filoloxía inglesa, profesora titular en Ciencias da Educación UNIR e escritora
Roque Brandón Torrado: fotógrafo
- 249 A CRMH do Barbanza na defensa da verdade**
Néstor Sieira. Membro da directiva da CRMH do Barbanza
- 257 A Escola Primaria en Corrubedo**
Francisco Sánchez Fraga
- 285 Os artistas do exilio republicano galego**
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Licenciado en Filoloxía Galego-portuguesa e en Filoloxía Hispánica. Director do Museo do Gravado e Artes, investigador e escritor

297 Roteiro literario: Da metáfora ao oxímoro. Porto do Son

Patricia Torrado Queiruga. Licenciada en Filosofía, máster en museoloxía, escritora e poeta

309 Lembranza dun tradutor. No centenario da morte de Vaamonde Lores

Román Arén. Licenciado pola USC, profesor, investigador e escritor

319 Música para o país pequeniño. Bibliografía e guías

Pilar Sampedro. Profesora do ES. Especialista en Literatura infanto-xuvenil e escritora

TEATRO

339 Fochankas City

Carme Villar. Licenciada en Xestión Cultural e Ciencias da Comunicación. Xornalista, escritora e fotógrafa

AIRES DE FÓRA

347 Discurso de Calgaco

Margot Fernández. Licenciada en Linguas Clásicas pola USC e profesora no IES Espiñeira de Boiro

355 Os outros da guerra. Soldados da república, de Dorothy Parker

Jorge Ramos García. Tradutor

BARBANTIA ANO XXI

367 BARBANTIA. BALANCE ANUAL

Pastor Rodríguez. Coordinador de Barbantia

411 RELACIÓN DE SOCIAS/SOCIOS



*L*imiar

Xosé Ricardo Losada
Licenciado en Filosofía, profesor e escritor

Este ano conmemoramos o 75 aniversario da morte de Castelao. Aledeime moito. Todo o que sexa recordar e analizar a figura do rianxeiro paréceme loable. E, desde logo, servíume para volver visitar a súa obra, ir a exposicións sobre el, ver a película *Antes de nós* sobre dous períodos moi concretos da súa vida, asistir á estrea en Rianxo da obra de teatro *Os dous de sempre*, ler suplementos e artigos sobre as súas numerosas facetas, facer máis referencias ca nunca á súa vida e á súa obra nas miñas clases de Filosofía, e un longo etcétera.

Pero, agora que o ano vai rematando, estoume decatando de que me sucedeu algo curioso ou, máis ben, paradoxal. Enriquecín a miña perspectiva sobre Castelao, pero domíneme unha sensación de desilusión, mesmo de fracaso.

Son de Rianxo. Vivo en Rianxo. Falo con moitos rianxeiros, de todo tipo e condición. E sigo tendo a impresión de que Castelao non é aínda o referente popular que debería ser. Hai como dúas liñas paralelas. Na popular, indiferenza, mesmo cansazo cara á súa figura. Na intelectual e política, compromiso e recoñecemento unánimes. Dúas liñas que poden verse moi significativas nas diferentes homenaxes que se lle fan en Rianxo diante do seu busto nos xardíns da Ribeira. Desde a ventá da súa casa que dá á Ribeira, Castelao vería intelectuais e políticos reivindicándoo. Desde as ventás que dan á rúa de Abaixo, vería a bulideira terraza dun mesón, allea, xa non só ao acto da Ribeira, senón á presenza da súa casa.

E paréceme paradoxal porque toda a obra e toda a vida de Castelao están conscientemente dirixidas ao popular, e porque, máis alá das lexítimas diferenzas políticas que se poidan

ter con el, non cabe ningunha dúbida de que foi un home dotado de profundas conviccións humanísticas que o capacitaban, tanto emocional como politicamente, para situar nas relacións humanas a ideoloxía partidista no lugar que lle corresponde. O mestre de *A derradeira lección do mestre* é, por riba de todo, un ser humano, por moito que poida exemplificarse en Alexandre Bóveda, do mesmo xeito que o prisioneiro liberado do mito da caverna era calquera filósofo, por moito que puidese exemplificarse en Sócrates. E non fago a comparación ao chou. Sócrates e Castelao comparten o mesmo talante humilde e dialogante, a mesma radical crítica ao mundo no que vivían, e o mesmo respecto pola lei común democrática (aínda criticándoa), sen a cal non é posible a convivencia.

Non é este o lugar para profundar nun tema coma este. Pero, como creo que este anuario segue a senda de Castelao, en relación a unha determinada visión do popular, si que me apetece constatar a necesidade de lle volver dar unha volta ao concepto de pobo e á relación que mantén con iso que chamamos intelectualidade, xa sexa cultural, xa sexa política. Non parece lóxico que sigamos ancorados nas mesmas categorías hermenéuticas que Castelao na época da intelixencia artificial, as redes sociais ou a biotecnoloxía. Non parece lóxico que a pertenza dunha persoa a un pobo veña marcada pola súa ideoloxía política. Pois, en tal caso, habería unha caste de intelectuais que definirían pobo e, por pura lóxica, o concepto de pobo perdería todo o seu sentido. Pobo é o que eu defino como pobo é, evidentemente, unha forma de totalitarismo. Dígao Trump, Putin, Xi ou os seus porqueiros. Non sería, desde logo, o caso de Castelao, pois el si recolleu certa tradición popular consolidada durante séculos.

Pero, aínda sendo así, a pregunta é inevitable. Que queda desa tradición popular cando hoxe todos temos un móbil na man e unha ventá a todos os mundos posibles, con independencia da nosa orixe ou riqueza? Leo un fermoso artigo de Rafael Quintía sobre o Samaiñ no que o autor fala de bestas do Alén que son presaxio de mal agoiro. Cita a Estantigua, a Cabra do aire, o Paxaro da chuva, a Ave morraz, a Zarrulada, a Anturuxada, o Touro Negro, o can Urco, a Raposa do Morrazo. E conclúe: "Un marabilloso tesouro cultural de crenzas e mitos construídos, reelaborados e transmitidos polo noso pobo de xeración en xeración que, malia a vaga imparable de aculturación e os reiterados intentos de desvalorización da cultura popular, seguen vivos e coleando, tan vivos como a morte mesma". Cando remato de lelo, non podo deixar de preguntarme que significa realmente, máis alá das invocacións retóricas intelectualizadas, que ese marabilloso tesouro segue vivo? Aínda máis. Sería desexable que seguise vivo?

É moi relevante o diálogo epistolar que mantivo Castelao con Manoel Antonio sobre este tema. Por moi sorprendente que poida parecer, Manoel Antonio tiña unha visión negativa do pobo, tanto dos labregos como dos mariñeiros. Por iso promovía a alta cultura. Non era exactamente que desprezase a cultura popular —adoitaba ser moi visceral cando falaba—, pero si cría que había que superala. Unha persoa culta non vai a Arxentina e volve falando en ché, dicía, e consideraba máis importante, para escándalo de Castelao, ler en galego a Rimbaud ou a Paul Éluard que a Rosalía ou a Pondal. Mesmo lle dixo a Castelao que limitarse ás posibilidades presentes da cultura popular era vivir retrogradamente nun medio inferior.

Xa digo. É un debate que dá para moito, e non é este o lugar para abordalo.

Mentres tanto, teño claro que este anuario segue optando por entender a cultura popular tal e como a entendía Castelao. Canto lle gustarían ao autor de *Sempre en Galiza* colaboracións como as publicadas no anuario do ano pasado baixo estes títulos: *A vila medieval de Muros*, *Arquitectura do ocio en Muros*, *A vila de Muros: Toponimia dun pasado*, *A parroquia de Cespón no cancionero popular*, *Os traballadores galegos na emigración*, *Canóns da Armada na contorna de Corrubedo*, *Os espazos da memoria en Boiro...*

Pero este anuario tamén asume, sen a súa radicalidade adanista, por suposto, a teimosía de Manoel Antonio por abrirse á experimentación e a linguaxes que non só superen o popular, senón que o dinamiten. Canto lle gustarían ao autor de *De catro a catro* colaboracións como as publicadas no anuario do ano pasado baixo estes títulos: *No segundo centenario da morte de Lord Byron*, *Arredor de Luísa Villalta*, *No centenario da morte de Kafka*, *Unha achega aos versos de Horacio*, ou esas marabillosas traducións de escritores e poetas franceses que fai Manuel Cartea.

En fin. Este limiar só aspira a celebrar con todos os socios e socias de Barbantia o ano Castelao con esas dúbidas e esas perplexidades críticas que son a fonte de todo coñecemento, e que nos recordan que temos o deber de ir máis alá do mesmísimo (si, do mesmísimo) Castelao, pois é a mellor forma, como ides comprobar de novo neste anuario, de respectalo.

XII

*Semana da
historia de Noia.*

*As portas
do mar*



XII SEMANA DA HISTORIA DE NOIA

AS PORTAS DO MAR

HISTORIA · ARTE · ARQUEOLOXÍA · ARQUITECTURA
AUDIOVISUAL · MÚSICA · TEATRO · DANZA

DO 3 AO 10 DE MAIO, 2025 — TEATRO COLISEO NOELA
ORGANIZA: CONCELLO DE NOIA • CONCELLARÍA DE CULTURA

PROGRAMA

SÁBADO, 3, 19 H.

Presentación da guía cultural:

AS PORTAS DO MAR

XERARDO AGRAFOXO

AS PORTAS DO MAR

ESCOLA DE DANZA OITOS

Dirección: VERÓNICA MARTÍNEZ

INICIATIVAS ENTRE A PRAIA DE
TESTAL E A ENSEADA DA BARQUINA

MANUEL MARINO DEL RÍO

Diplomado en Maxisterio e Historiador

MARTES, 6, 20:30 H.

**O SALGADO DO PEIXE NA RÍA DE
MUROS-NOIA. AS FÁBRICAS
DOS CATALÁNS**

SANTIAGO LLOVO TABOADA

Licenciado en Dereito e Investigador

MÉRCORES, 7, 20:30 H.

CANCIÓNS INSPIRADAS NOS SONS DO MAR
ESPERANZA MARA E AS LENS

XOVES, 8, 20:30 H.

**A CULTURA DO MARISQUEO
NA RÍA DE MUROS-NOIA**

GUADALUPE SIMÉNEZ-ESQUINAS

Doutora Internacional pola Universidade
do País Vasco. Profesora de Antropoloxía
na Facultade de Filosofía da USC

VENRES, 9, 20:30 H.

**BARRIOS MARIÑEIRO NAS VILAS
ATLÁNTICAS MEDIEVAIS DE NOIA E MUROS.
PERMANENCIAS E CAMBIOS**

PEDRO GARCÍA VIDAL

Doutor en Xeografía Urbana pola USC

SÁBADO, 10, 19 H.

**UNHA TRAVESÍA EN(TRE) MAR E PEDRA:
A HERDANZA MARIÑEIRA
DO PORTUS APOSTOLI**

IRIA CAAMAÑO FRANCO

Profesora de Socioloxía na Facultade
de Turismo da UDC

Actuación de SERAFÍN MARCOS



CONCELLO
DE NOIA



PORTUS
APOSTOLI



HISTORIA
DE NOIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Noia. As portas do mar

Xerardo Agrafoxo

Doutor en Prehistoria pola USC, profesor, historiador e escritor

Segundo un mapa custodiado no Arquivo de Simancas (1597), a vila de Noia contou cunha muralla de doce portas construída hai sete séculos grazas ao arcebispo Berenguel de Landoira. Agora, no espazo urbano de *As Portas do Mar* existen cinco, cos nomes de Forno, Xoán de Estivadas, Lope de Mendoza, Cega e Mazacánabos, que miran cara a un mar que se converteu nun fornecedor da poboación.

A través dos *Foros de Noia*, de Xoán Arias, e o *Tombo Vermello*, de Lope Mendoza, pode certificarse que Noia era no medievo un emporio mercantil e un abeiro onde se citaron durante séculos outras culturas. Amais de practicarse a agricultura e a gandería, visíbel a través dos tributos que cobraba o mordomo mitrado, *As Portas do Mar* foron o centro dun movemento de mercadorías, onde barcos procedentes de Inglaterra, Flandres, Xénova ou Nápoles ancoraban á beira da súa enseada.

As fontes documentais testemuñan que, entre os séculos XIV e XV, máis de 50 embarcacións de Noia navegaban polo Mar Mediterráneo e o Mar do Norte. Tratábase sobre todo de naves, como a *Santa María Magdalena* (1352), *San Antón* (1364), *Santa Ana* (1382), *Santa Trinidad* (1392), *San Juan* (1402), *San Jorge* (1404), *Santa Trinidad* (1436), *Santa María do Camiño* (1462), *Santiago* (1463), *Jhesus* (1474), *Santiago* (1495) e *San Benito* (1514), que en moitos casos eran fretadas por mareantes doutros países para traeren até *As Portas do Mar* tecidos ingleses, panos flamencos e saias irlandesas

Dende Noia exportábase pescada, congro, sardiña e madeira. E tamén os coiros, que gozaban de aceptación na área levantina onde se producía o calzado. Para o sostemento da mariña galega erguéranse na súa beiramar

estaleiros e obradoiros onde traballaban os carpinteiros de ribeira. No cemiterio de Santa María a Nova existen laudas con gravados que falan da vocación mariñeira deste burgo. Unha delas, proba dun comercio alén de Galicia, pertenceu a un comerciante bilbaíno:

AQ (U) I : IAZ : LOPE
URCRE : MATEO:
MERCADOR : DE :
BILUAO.

Como recoñeceu no 2020 o Cabido Metropolitano da Catedral de Santiago de Compostela, tamén chegaban peregrinos procedentes doutros mares. Aproveitaban o Ano Santo Compostelán para navegar até estas costas seguindo as rutas de cabotaxe. Así, pódese afirmar que a vila de Noia era o *Portus Apostoli* do Señorío da Terra de Santiago, como reflectiu Fernando II na *Carta Pobra* de 1168

Esta constante actividade económica posibilitou que o burgo mariñeiro de Noia fose, tal como se aprecia nas súas igrexas góticas, pazos brasonados e hospitais de peregrinos, un dos núcleos urbanos máis sobranceiros de Galicia. E que *As Portas do Mar* se poidan contemplar agora como un marco da vida comercial e cultural desta vila durante séculos.

CRONISTAS, NAVEGANTES E EXPLORADORES

Froito das circunstancias que conduciron á expansión atlántica do Reino de Castela, varios veciños vinculados coas terras de Noia participaron nos descubrimentos xeográficos.

No ano 1493, cando só tiña 19 anos, **Lorenzo de Armada** enrolouse na segunda viaxe de Colón. Chegaron a unha illa do Caribe,

que bautizaron co nome de Dominica. Dende aquí, e navegando a sotavento, descubriron Porto Rico, Guadalupe, Montserrat e as Illas Virxes. A demostración de que participou nesta expedición atópase na *Probanza del Almirante de las Indias*, celebrada en San Xoán de Porto Rico o 30 de setembro de 1514.

Sebastián de Ocampo era natural de Tui, pero estaba unido a Noia onde radicaba unha rama da súa familia. Tamén participou na segunda viaxe de Colón. No ano 1508 comezou o «bojeo» de Cuba pola costa norte, tal como testemuñou Bartolomeu de las Casas: *Para este descubrimiento envió por capitán a un hidalgo gallego, llamado Sebastián de Campo, criado de la reina Doña Isabel, de los que habían venido con el primer Almirante, cuando vino a poblar esta isla el segundo viaje*. Despois de completar a circunnavegación á illa antillana, Ocampo estivo con Vasco Núñez de Balboa cando este descubriu o Océano Pacífico no 1513.

Xoán de Noia enrolouse no 1502 como oficial toneleiro na cuarta viaxe de Colón, coa intención de descubrir novas terras, determinar a súa riqueza e non traer escravos a Castela. A súa participación neste periplo aparece reflectida nas crónicas da época: *Juan de Noya o Moya partió de Sevilla con la gente de cuatro navíos e se fué a la bahía de Cádiz, de dos salieron e fueron socorro de Tánger y Arcilla, que estaba cercado de moros; de ahí a Gran Canaria e a la isla de San Juan, luego a Haití, que es la Española*. A través da *Probanza del Almirante de las Indias*, celebrada en Sevilla o 3 de xaneiro de 1514, coñecemos que foi testemuña de Diego Colón nun preito sobre a gobernación da provincia do Darién.

O grumete **Antón Varela** ou **Antón Gallego**, partiu o 13 de agosto de 1519 coa expedición

organizada por Magallanes para demostrar que as illas da Especiería caían na demarcación de Castela conforme o Tratado de Tordesillas (1494). A través do relato *Primo viaggio intorno al Mondo* (1524), de Antonio Pigaffeta, coñecemos como chegaron ao Océano Pacífico polas costas da Patagonia. Dende aquí ao Maluco tardaron 103 días. O 27 de abril de 1521 sufriron unha derrota na illa de Mactán (Filipinas), onde Antón Varela morreu xunto co xefe da expedición. Tres anos despois da partida dende Sanlúcar de Barrameda, Juan Sebastián Elcano arribou a Sevilla. Dos 265 tripulantes só remataran a viaxe 18.

Basilio Vilariño, nado en Noia no 1741, partiu rumbo a América como piloto da Real Armada Española. Despois das primeiras viaxes á Patagonia entre os anos 1778 e 1779, converteuse no cronista das terras austrais. Entre os seus logros están o recoñecemento do río Negro, a exploración da península de Valdés e a expedición até o porto de Carmen de Patagones. Morreu no 1785 nun enfrontamento cos indíxenas da Serra da Ventania. A súa tarefa quedou reflectida en moitos lugares da Arxentina bautizados co seu nome.

Despois de participar na guerra da emancipación de Cuba e levar unha vida controvertida na illa antillana, **Xoán González Montenegro** (Noia, 1861) organizou unha expedición polo Gran Chaco boliviano para liberar o explorador Navarrete. Levado polo seu espírito aventureiro, mergullouse naquelas inhóspitas terras onde descubriu fragas de caucho, pozos de petróleo e xacementos de ouro. Malia as súas interesantes crónicas, morreu no esquecemento.



Balandros nas costas da enseada de Noia

ICONAS DUN BURGO MARIÑEIRO

1. GREMIO DOS MAREANTES

Noia foi durante a Idade Media un porto que construíu a súa riqueza sobre tres eixos: a exportación de peixe, a venda dos seus produtos agrarios e a fabricación dunha artesanía –calzado e vestidos– que abastecía o señorío compostelán. Entre a poboación que destacou pola súa intensa relación co mundo do mar estaba o Gremio dos Mareantes, asociado coa Confraría de San Nicolás, que faenaba na ría coas súas barcas, controlaba a produción do peixe para a súa venda, e exportábao con navíos de maior cabotaxe a través doutros mares.

2. O PRIVILEXIO DO SAÍN

No ano 1229, o rei Afonso IX sinalou que só dous portos da arquidiocese compostelá, Noia e Pontevedra, puidesen elaborar saín (aceite de sardiña). A devandita prerrogativa,

reflectida no *Tombo A* da catedral de Santiago, sería ratificada nove anos máis tarde, concretamente o 6 de novembro de 1238, polo seu herdeiro Fernando III. Os lagares onde se salgaba e afumaba a sardiña localizáronse a carón do río Traba, sobre todo na rúa que leva este nome, e nos arrabaldes costeiros da Chaínza e do Campo das Rodas.

A todos os homes de Galicia que esta carta viran, saúde e grazas. Sabede que, por información de homes bos, souben que o meu pai establecera que en toda Galicia non se fixese saín de sardiña senón e Pontevedra e Noia

E eu o Rei Fernando, para utilidade da terra, ordeno e mando que dito estatuto se observe perpetuamente.

Engado, ademais, e ordeno que en ditos lugares non se faga o saín senón polos

vasalos do Arcebispo Compostelán e polo seu mandato.

Tombo A Catedral de Santiago

3. A CONQUISTA DE SEVILLA

No ano 1248, embarcacións da enseada de Noia, baixo o mando do almirante e poeta Paio Gómez de Chariño, señor de Rianxo, que comandaba as tropas cristiás, participaron na toma de Sevilla cando este porto do Al-Ándalus estaba baixo o control sarraceno. A súa derrota obrigou o califa almohade Axatad a entregarlle as chaves da cidade ao rei Fernando III de Castela. Este episodio quedaría reflectido anos máis tarde no escudo da vila de Noia, onde aparecen unhas cadeas rotas e a media lúa árabe ao redor da Arca de Noé.



Escudo de Noia coas cadeas rotas e a media lúa sarracena

4. CARPINTEIROS DE RIBEIRA

No rueiro da vila de Noia existen nomes —*Lagares, Pelamios, Cuncheiros, Besteiros, Tonelaría, Zapatería* ou *Carnicería*— vinculados coas asociacións gremiais. A existencia en Santa María a Nova de laudas referidas aos carpinteiros de ribeira, asociados coa Confraría do Espírito Santo, indican a presenza deste oficio documentado no ano 1550 polo Licenciado Molina: *Házense aquí muchos y buenos navíos grandes y pequeños porque tienen comarcas de mucha madera*. A época máis próspera desta actividade profesional na nosa beiramar correspóndese cos séculos



Barcos saídos dos obradoiros dos carpinteiros de ribeira de Noia

XIV, XV e XVI.

5. A PESCA EN NOIA

Dende a Idade Media a sardiña de Noia era considerada como un produto de calidade. Algúns investigadores mesmo afirmaron que esta sardiña «arencada» era a mellor de todo o Reino de Castela. No século XVI o peirao de Noia tamén abastecía de ostras e linguados a Casa Real. Foi nesta época cando se comezou a comercializar o berberecho apañado no banco marisqueiro da Misela. Como as augas desta enseada pertencían á Mitra Compostelá,

que cobraba as rendas a través do mordomo episcopal, as artes pesqueiras dos mariñeiros do Portus Apostoli desenvolvéronse nas costas desta ría con grande eficacia e rendibilidade.



Barcos pesqueiros no peirao do Marqués de Noia

6. VIOLENCIA NA BEIRAMAR

No ano 1640, un fato de veciños do Obre, Argalo e Barro enfrontáronse cos de Esteiro, Sabardes, San Cosme e Tal. O problema entre as dúas marxes da ría xurdira *en razón de aver quitado (os da banda de Noia) el argasso, berdello batume que sale a la orilla del mar y ribera de Freijo*, alegando que dende moito tempo o ían buscar en barcos. O conflito ocasionou a morte dun noiés, Bertolo de Portor, *por ser persona bieja de los malos tratamientos que le hisieron*). Malia que os veciños do concello



Enseada de Noia albiscada dende Santa Cristina

de Outes foron declarados culpábeis, algúns conseguiron eludir a xustiza.

7. NOIA CONTRA CATALÁNS

O conflito xurdiu cando os industriais cataláns construíron fábricas de salga fóra do casco urbano de Noia. Deste xeito, tentaban liberarse das presións impositivas que lle impoñía o concello ás salgaduras instaladas na vila. O principal prexudicado desta rebelión foi o industrial catalán Manuel Font que, polo ano 1788, erguera en Boa un almacén para tratar o peixe. Os danos resultaron tan gravosos que o empresario recorreu á Xunta de Comercio e Moeda para que os noiés culpábeis do derrubo das súas instalacións as erguesen de novo. Despois das fábricas de salga instaláronse nesta enseada as conserveiras de *La Aurora*, de Alejandro Carreño e Cía (1856), e *La Noyesa* de Caamaño (1880).



Fábrica de conservas *La Noyesa* (1880)

8. LUÍS CADARSO

Este capitán de navío naceu en Noia no 1843. Era fillo de Luís Cadarso Ayarza, natural de Viana (Navarra), e a noíesa Manuela Rey de Andrade. O seu nome pasou á historia pola súa participación na Guerra do Pacífico. As súas dramáticas cartas, onde denunciaba o



Homenaxe ao almirante Luís Cadoz
no ano 1948 nas rúas de Noia

desigual combate que libraban en Filipinas contra os Estados Unidos (*La imprevisión de nuestros gobernantes nas ha conducido a esta enojosa situación*), constitúen un exemplo da dignidade dun militar comprometido coa súa tropa. Polo valor demostrado na Batalla de Cavite, onde perdeu a vida no ano 1898, foi ascendido a título póstumo a almirante.

9. CARMEN PÉREZ / TEONILA PÉREZ

Estas dúas mulleres, vinculadas coa parroquia de Barcia, no concello asturiano de Valdés, constituíron un exemplo de emprendedoras a mediados do século pasado. A primeira, Carmen, desenvolveu cos seus barcos, *Maniños*, *Carmen Barcia* ou *Olga*, unha tarefa mercantil tan intensa que a converteu nunha recoñecida armadora nas costas de Galicia. A se-



Carmen Pérez, exemplo de muller
emprendedora na Ría de Muros e Noia



Teonila Pérez, consignataria de
barcos polas costas atlánticas

gunda, Teonila, estivo á fronte da empresa familiar como consignataria de varios barcos, como o *Rayo*, *San Antonio*, *Joaquín Vieta* e *Gabino*, que trasladaban mercadorías polas costas atlánticas dende o porto de Noia, onde tamén rexentou unha fábrica de madeiras.

10. TALLERES ACO E MOTORES AYÓN



Antigas instalacións dos Talleres Aco na enseada de Noia



As Portas do Mar.
Escola de Danza OITOS

Fotografía e texto: Suso Xogaina

Dirección: Verónica Martínez

Profesora, directora artística e coreógrafa da Escola de danza Oitos

"**A**s Portas do Mar": danza e memoria que conectan Noia co seu pasado e co seu mar *A Escola de Danza Oitos inaugurou a XII Semana da Historia cunha travesía escénica que une patrimonio e creatividade*

O pano do Teatro Coliseo Noela ergueuse para abrir a XII Semana da Historia cun cambio de tradición: a Escola de Danza Oitos, habitual encargada de clausurar as xornadas, foi desta volta a que deu o pistoletazo de saída. Co aforo completo —como en cada cita coa compañía—, o público gozou de *As Portas do Mar*, un espectáculo que entrelaza artes visuais e escénicas con rigor histórico e unha creatividade coidada ao detalle.

TRES ACTOS PARA CONTAR UNHA HISTORIA

A representación despregouse como un percorrido artístico que abrangue séculos

de memoria mariñeira. Tres actos enlazados narraron, a través da danza, da música, da imaxe, da luz e da palabra, episodios clave da historia de Noia e da súa relación co mar: desde as crónicas medievais dun viaxeiro cruzado, pasando polo bulicio comercial da vila e das súas xentes, até a chegada de peregrinos de todo o mundo ao *Portus Apostoli*.

Primeiro acto: o mar como protagonista

Ábrese o pano. A iluminación *low key* e o cadro inicial, formado polas bailarinas sostenendo un enorme tul que cobre toda a escena e evoca as ondas, anúnciannos que o mar será o gran protagonista. Unha narración en *off* resume a esencia do espectáculo: "Noia Vila Anterga; Porto de Peregrinos; O Mar, Fornecedor da Nosa Vila; Unha Muralla con Doce Portas; As Portas do Mar". A expresión corporal e os movementos das intérpretes convértense en mar e ondas, en calma ou embravecidas. O acto culmina cando as bailarinas, danzando



O cadro inicial das bailarinas de Oitos, arroupado por luz e tecido, evoca as ondas e anuncia a presenza constante do mar

con cintas, evocan novamente o ondular do mar e o xiro das hélices das embarcacións.



Na imaxe, as bailarinas compoñen unha figura que lembra unha embarcación coa vela inchada polo vento, exemplo das composicións que se suceden ao longo de todo o espectáculo



Cintas en movemento que recrean o ondular do mar e o xiro das hélices das embarcacións, nunha das escenas máis simbólicas da función

Segundo acto: séculos de historia sobre as táboas

No segundo acto, a coreografía converteu-se nun tapiz vivo de séculos de historia. Noia apareceu como un porto orgulloso e aberto ao mundo, protexido polas súas doce portas, testemuñas de chegadas e partidas constantes, rumbo a mares afastados.

Entre os seus muros entraban tecidos ingleses e panos flamencos, mentres partían



O grupo máis novo de bailarinas representa, diante da Porta da Peregrina, a imaxe dunha Noia orgullosa e aberta ao mundo, protexida pola súa muralla e polas súas doce portas, testemuñas de continuas chegadas e partidas



Outro momento coas máis novas do elenco, que nesta ocasión interactúan cos símbolos do gremio dos mareantes, moi visibles no Museo das Laudas de Santa María a Nova de Noia

cargamentos de peixe salgado, madeira e coiro rumbo a mares afastados. Sobre o escenario, os corpos narraban o traballo dos carpinteiros de ribeira, as travesías de mariñeiros e comerciantes, e as descubertas que levaron aos homes da ría ata Cuba, o Caribe ou a volta ao mundo.

Tampouco faltou a evocación do seu papel en grandes xestas históricas, como a participación de naves noiesas na Reconquista de Sevilla en 1248. Tamén regresaban peregrinos, guiados pola chamada do Apóstolo. Así, *As Portas do Mar* erguíanse como umbral e espello dun burgo mariñeiro que medrou ao compás do mar e das súas xentes, deixando unha memoria que hoxe revive na danza.



Nesta escena, as intérpretes insinúan o labor dos carpinteiros de ribeira, debuxando coas súas formas e movementos a silueta dun barco de madeira que nace no asteleiro



Antía Queiruga protagoniza esta escena na que dialoga coa proxección dunha gota de auga baixo o mar, nun xogo escénico que fusiona corpo e imaxe



As intérpretes, en actitude de loita, representan a participación de Noia na Reconquista de Sevilla en 1248, baixo o mando do almirante Paio Gómez de Chariño. Ao fondo, a pintura mostra a entrega das chaves da cidade polo califa almohade Axatad ao rei Fernando III, símbolo que máis tarde inspiraría o escudo de Noia coas cadeas rotas e a media lúa árabe ao redor da Arca de Noé

Terceiro acto: o Portus Apostoli como destino de peregrinos

O peche lembrou a relevancia que durante séculos tivo Noia e o seu *Portus Apostoli* como lugar de chegada de peregrinos de terras

afastadas, atraídos pola tumba do Apóstolo Santiago. Nesta última parte, danza, palabra, música, imaxe e luz uníronse para render homenaxe ao patrimonio material e inmaterial da vila, revivido coa frescura e a linguaxe artística do noso tempo.



Neste cadro en solitario de María Ríos, ademais da fermosa pose, apréciase o coidado da luz e do vestiario, moi presentes en toda a produción. Co corpo tendido no chan e o brazo elevado, contrasta coa cruz vermella e a arquitectura que se debuxan entre fume e luz no fondo. Este momento, dedicado ao Portus Apostoli —o porto onde chegaban os peregrinos antes de camiñar ata a catedral de Santiago— resalta especialmente a delicadeza na iluminación e no deseño do vestiario, que reforzan a emoción da escena

UNHA VIAXE ARTÍSTICA CON SELO PROPIO

As Portas do Mar non só inaugurou a XII Semana da Historia: ofreceu un percorrido sensorial pola identidade de Noia, convertendo a memoria histórica en experiencia viva. Coa forza da danza e o apoio da música, da luz, da fotografía e do vídeo, a Escola de Danza Oitos volveu demostrar que o patrimonio, cando se interpreta con paixón e coñecemento, segue a ser capaz de emocionar.

ELENCO ARTÍSTICO E TÉCNICO

Bailarinas: María Turnes Arias, Carolina Coiradas Quintáns, Marina Outón Caramés, Irea Santiago Ferreiro, Antía Queiruga Díez, Daniela Agra Romarís, Sara Varela Gándara, Emma Pedrosa Blanco, Noa Gómez León, María Ríos Martínez, Elia Ríos Martínez, Ainara Vilas Docampo, Daniela González Fernández, Lucía Abeijón Suárez, Uxía De La Iglesia Pérez, Irene Riveiro León, Alejandra Ronquete Vila, Sara Martín Cambeiro, Mara Rodríguez Mayán e Aldara Fernández Armental.

Asesor histórico: Xerardo Agrafoxo.

Técnico de luz e son: Javier Gey.

Compositora: Sara Martínez.

Artes visuais: Suso Xogaina.

Dirección artística: Verónica Martínez.



O elenco da Escola de Danza Oitos, xunto á directora Verónica Martínez —no centro— e ao concelleiro de Cultura, Pepe Pérez —á dereita— clausurando a xornada



*N*aufraxios entre a Praia de Testal e a enseada da Barquiña

Manuel Mariño del Río

Diplomado en Maxisterio, historiador, investigador e escritor

Hai xa un tempo, cando tiña 9 ou 10 anos, reparei nun enorme movemento de mulleres enloitadas subindo pola rúa da Roda, camiño da ermida da Atalaia, en Porto do Son. Pregunteille á miña nai que sucedía, e contestoume que, como había moita néboa, ían tocar as campás para axudar os barcos a entrar no porto.

Tamén souben do dito popular de que *para ser bo mariñeiro tres condicións hai que ter, coñecer o mar e os barcos e non ter medo a morrer*. Daquela non podía imaxinar que moitos mariñeiros non soubesen nadar.



Mª Teresa

E unha terceira nova que me chamou a atención foi o papel silandeiro da muller cando, o ano 1928, embarrancou no Peito o **María Teresa** ao manobrar para entrar na dársena sonense. Logo de moitos esforzos introducíronlle nas adegas varios bocois baleiros, como indicou daquela José de Sendia, afamado mestre carpinteiro de ribeira. Desde a praia turraban varios carros de vacas e grupos de xente, entre elas unha ampla representación feminina. E, dese xeito, lograron libralo das pedras. Aquel feito deu nunha letra popular que dicía:

*O María Teresa embarrancou no Peito,
dixeron os homes que estaba ben feito.
Houbo unha vergonza no Porto do Son;
turraron as mulleres e os homes non.*

Moitos anos máis tarde medrou en min a curiosidade dun afeccionado ás cousas do mar para saber máis do complexo mundo dos naufraxios ao longo do tempo. O ano 2007 din forma a este libro e, na actualidade, xa precisa ser ampliado.



Mapa xeral

QUE ENTEDEMOS POR NAUFRAXIO?

A palabra naufraxio deriva da latina *Naufragium*, que resulta da contracción de *navis*, buque; e *fraugo*, que significa romper ou facer anacos.

O Dicionario Marítimo Español de 1831 define **naufraxio** como perda e ruína dunha embarcación no mar. Na Real Academia Española a esta definición engadíuselle “no río ou lago navegables”.

QUE CIRCUNSTANCIAS FAVORECEN OS NAUFRAXIOS?



Vapor Cairnryan

Por mor das duras condicións do mar, os habitantes do litoral estiveron relacionados desde moi antigo coa rapina dos obxectos que nel aboiaban. Moitos temos escoitado as historias das falsas luces colgadas dos cornos das vacas para atraer os barcos á costa, producirse a súa perda e saquear todo o que se podía apañar. A este respecto, ningún que tivese sobrevivido a un naufraxio puido corroborar esta cuestión. É doado pensar na rapina do cargamento de barcos pero, de naufraxios provocados, non.

O tramo da costa próxima á bisbarra do Barbanza está inzada de baixos que dificultan a navegación: Meixidos, Ximiela, Bruios, Xorexo, Baia, As Basoñas, Corrubedo... supoñen un evidente perigo de naufraxio.

A climatoloxía. Outro factor é o vento. Daquela, moitas embarcacións empregaban a vela para os desprazamentos, sendo preciso estar atento aos ventos cambiantes que as podían envorcar e os temporais que sorprendían os barcos lonxe dos portos e podían provocar un ou varios naufraxios á vez,

Os fallos humanos dos patróns ou mariñeiros que facilitaban os accidentes. Ou tamén os fallos das embarcacións.



Faro de Corrubedo

A ausencia de faros ata 1853 e 1854. Nesta data puxéronse en funcionamento os de Sálvora e Corrubedo, e colaboraron positivamente para evitar accidentes. Aqueles faros, aínda que se situaron en lugares estratéxicos da costa para facilitaren a navegación, non sempre cumpriron esta función, pois a súa presenza indicaba que a costa estaba preto. Deste xeito é doado supoñer que moitos capitáns ou patróns das embarcacións preferirían non ver luz ningunha



Barcos do Son descargando sardiña no porto da Coruña

en días de temporal xa que un barco estaba máis seguro mar a dentro que preto da costa.

As longas travesías para vender o peixe en Vigo e A Coruña en embarcacións fráxiles e medios técnicos escasos, ou ningún.

Os rezos e as invocacións aos santos tamén foron frecuentes. Por exemplo, os mariñeiros de Porto do Son tiñan o costume de afrouxar os remos á altura da capela da Atalaia para rezarlle unha salve á Virxe. Logo, o patrón sacaba a botella de caña e, despois de botar un grolo, seguían remando ou veleando aos seus caladoiros habituais.



Peirao de Porto do Son



Peirao de Portosín

NAUFRAXIOS ENTRE A PRAIA DE TESTAL E A ENSEADA DA BARQUIÑA

Aínda que pareza mentira, no fondo da ría de Muros e Noia producíronse os suficientes

naufraxios que nos obrigan a facerlles unha mención destacada.

Aos refachos de vento e os ventos cambiantes de súpeto fixeron envorcar as embarcacións que empregaban a vela para acudir aos lugares de pesca e, sobre todo, ás feiras de Noia.

Outro aspecto que non podemos esquecer é o de que moitas destas embarcacións facían as veces de carroto para levar ata Noia as veciñas dos concellos limítrofes, que perderon a vida nos días de feira.


Lembremos agora 11 embarcacións que naufragaron preto de Noia:

- 21 de decembro de 1876. Afundiuse preto da praia da Gafa unha pequena embarcación na que morreron dous veciños de Noia, Domingo Carreiro de 48 anos e Vicente Sánchez de 14.
- 22 de novembro de 1884. Naufragou a lancha *Descubierta* preto da illa da Creba. Facía de carroto desde Muros ata a feira de Noia. Levaba a bordo 12 persoas e faleceron 6, delas 5 mulleres que ían como pasaxeiras.
- 8 de decembro de 1886. Unha lancha envorcou preto da punta Borneira. Faleceron 5 mariñeiros que viñan de Muros a Esteiro.
- 30 de outubro de 1810. Unha lancha de Portosín con 12 persoas a bordo afundiuse preto da praia de Coira. 4 das vítimas eran de Portosín.
- 6 de novembro de 1920. Unha lancha foi a pique na entrada a Noia por unha racha

- de vento. Levaba 8 pasaxeiros e faleceron dous de Barro-Noia.
- 20 de febreiro de 1923. Unha lancha en viaxe de carreto con 4 tripulantes e un número indeterminado de pasaxeiros. Faleceron dúas mulleres e un home.
- Novembro de 1925. Encallamento do pai-lebote **Luisa** sen vítimas. Estaba fondeado e racharon as amarras.
- 14 de xaneiro de 1927. Unha lancha de nome descoñecido afundiuse preto da illa da Creba por un refacho de vento. Faleceron tres persoas que ían a bordo.
- 6 de febreiro de 1930. O vapor **Marta Junquera** estaba fondeado no Freixo e desapareceu un mozo asturiano de 20 anos, que apareceu na Gafa o día 18.
- 8 de novembro de 1941. Unha embarcación de Portosín afundiuse e desapareceron un pai e un fillo.
- 23 de outubro de 2006 o bote a motor **Mar Negro** naufragou a 250 metros do porto do Freixo. Levaba dous mariñeiros e un deles morreu.

ALGÚNS NAUFRAXIOS NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XIX

Entra en funcionamento o faro de Sálvora en 1853, o de Corrubedo en 1854 e o de Louro en 1862.



Lápida do médico do *Don Pedro*



Plano 1

Este terzo caracterizouse por ser un período de enormes desgrazas. Tanto dos grandes barcos de carga e pasaxe como de pequenas embarcacións de pesca. Entre as primeiras lembramos o vapor francés **Don Pedro**, que naufragou en 1895 nos baixos de Corrubedo con 89 falecidos, e o mercante alemán **Salier**, afundido en 1896 no baixo das Basoñas, e no que morreron 281 tripulantes en total.

Entre as embarcacións destinadas á pesca, citaremos o naufragio das volanteiras de Porto




Fig. 9.

Volanteira: Kolora, 11,55 m.; manga, 3,78 m. e postal, 1,08 m.

Volanteira

do Son de nomes **Juanita** e **Minerva** o ano 1879 no baixo de Ximiela, e no que morreron os 28 mariñeiros que faenaban nelas. En 1893 desapareceu a **José María**, outra volanteira do mesmo porto, falecendo afogados os seus 18 tripulantes. Navegaba en rota ao porto de A Coruña.

ALGÚNS NAUFRAXIOS NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

- Entran en funcionamento o faro de Rebor-diño en 1909 e o de Insua en 1912.
- É o período con maior número de embarcacións naufragadas, case un centenar.

En 1904, no baixo de Xorexo afundiou o vapor inglés **Horatio**. Daquela tivo unha enorme transcendencia, como se aprecia na fotografía,

porque, ademais de carga con alimentos, demostrouse que ao final levaba armas para a súa venda en Xapón. Curiosamente, desde este naufraxio o baixo coñécese co nome de baixo do Vapor.



Horatio

O máis impresionante foi o afundimento do transatlántico español **Larache** en 1908,



Plano 2

e no que faleceron 85 persoas da pasaxe e a tripulación. En 1910 embarrancou nos baixos de Corrubedo un cargueiro alemán de nome **Palermo**, no que morreron os 24 tripulantes. En 1912, o dique flotante holandés **Lagos Dock** quedou embarrancado nas rochas da desembocadura dos ríos Maior e Chico, na parroquia de Queiruga (Porto do Son). Afortunadamente, os seus tripulantes puideron poñerse a salvo.


Dique *Lagos Dock*


Plano 3

ALGÚNS NAUFRAXIOS NO SEGUNDO TERZO DO SÉCULO XX

En 1945 naufragou o pesqueiro do cerco **Cartagena**, do porto de Aguiño. Morreron os seus 21 mariñeiros. Ese mesmo ano afundiú nos baixos de Corrubedo o barco a motor sonense **Elvira**. Faleceron os 8 tripulantes, que viñan de vender peixe en Vigo. En 1947, practicamente no mesmo lugar dos baixos de Corrubedo, desapareceu o barco **Jaimito**, con base en Vigo. Faleceron os 16 mariñeiros que navegaban nel. En 1952 produciuse o afundimento do pesqueiro **C. Crusat** no Panaro, ao sur do cabo Corrubedo. Faleceron 13 mariñeiros dos 23 que ían a bordo.



Plano 4



Plano 5

ALGÚNS NAUFRAXIOS NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XX

O pesqueiro **Volverán**, con base en Porto do Son, naufragou nos baixos dos Rosíns, en 1986, e faleceron os seus 5 tripulantes, veciños de Queiruga. O 18 de xuño de 1970, unha dorna de Ribeira envorcou cando estaba a media milla do cabo de Corrubedo. Faleceron afogados dous dos tres mariñeiros que faenaban nela.

NAUFRAXIOS NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XXI

O **Nuevo Stela** foi a pique a causa dun golpe de mar en 2002. Os tres mariñeiros que ían a bordo puideron ser rescatados pola tripulación do barco sonense Gaivota. Tres anos despois, o pesqueiro noiés **Arieiro** naufragou ao bater coas rochas do Brañón en 2005 por



Nuevo Stela



Arieiro

unha avaria no temón. En 2021, o pesqueiro de Noia *Divina del Mar* naufragou nas rochas da costa, próxima ao castro de Baroña. Faleceu un mariñeiro.



Divina del Mar

CONCLUSIÓNS

Á vista dos resultados estatísticos expostos, e outros sen resumir, podemos extraer as seguintes conclusións:

- 1ª. Ao longo destes últimos 170 anos producíronse neste tramo da costa aproximadamente ao redor de 250 naufraxios e accidentes no mar, que afectaron a outras tantas embarcacións.
- 2ª. O balance de todas estas desgrazas no mar saldáronse cunhas 870 vítimas, moitas das cales seguen asolagadas no mar.
- 3ª. O naufraxio con maior número de falecidos foi o do mercante mixto alemán **Salier**, con 281, que naufragou no baixo das Basoñas o ano 1896; o vapor francés **Don Pedro**, afundido nos baixos de Corrubedo o ano 1895 con 89 afogados; e o transatlántico español **Larache** con 85 vítimas (noutras fontes 91) ao chocar co baixo de Ximiela en 1908.

En canto ás embarcacións pesqueiras naufragadas, sinalamos as volanteiras de Porto do Son **Juanita** e **Minerva** no baixo de Ximiela coa perda dos seus 28 tripulantes en 1879 (13 e 15 respectivamente), e a volanteira, tamén sonense, **José María** con 18 vítimas. Xa máis recentemente o **Cartagena** de Aguiño naufragado en 1945 e no que morreron os seus 21 mariñeiros que ían a bordo.

- 4ª Os baixos con maior sinistralidade foron os Meixidos, Ximiela, os de Corrubedo, e os que están situados na costa de Porto do Son.

- 5ª O ano 1917 e 1935 houbo 7 naufraxios. En 1905 e 1910 foron 6, e en 1895, 1902 e 1969 con 5.
- 6ª O mes do ano no que se produciu un maior número de accidentes no mar foi **outubro**, con 24, seguido de **novembro** con 21.
- 7ª As embarcacións que sufriron maior número de sinistros foron os barcos de pesca, cuns 60, seguidos polos mercantes e as lanchas cuns 30, os vapores sobre os 20, e as dornas preto dos 20.
- 8ª Destaca o elevado número de naufraxios das embarcacións de pesca de Porto do Son, cun total que ronda as 60, con máis de 150 afogados ou desaparecidos.

Os naufraxios distribúense da seguinte maneira:

- No último terzo do século XIX, ao redor dos 50.
- No primeiro terzo do século XX, ao redor dos 90.
- No segundo terzo do século XX, ao redor dos 45.
- No terceiro terzo do século XX, ao redor dos 40.
- No primeiro terzo do século XXI, ao redor dos 10.

Total aproximado 250.

Pode apreciarse como os faros construídos coinciden cunha pequena diminución dos naufraxios na costa.

- No ano 1853 entrou en funcionamento o faro de Sálvora.
- No ano 1854 o de Corrubedo.
- No ano 1862 o de Louro.
- No ano 1909 o de Rebordiño.
- No ano 1921 o de Insua.



O salgado do peixe na ría
de Muros-Noia. As fábricas dos cataláns

Santiago Llovo Taboada
Licenciado en Dereito e investigador

Dende tempo inmemorial o peixe formou parte da dieta dos nosos antepasados. Pero, a diferenza do que poidamos pensar, nos pobos da Galicia costeira sempre se procesou o produto da pesca para consumo ou comercialización. Este proceso foi mudando ao longo do tempo a medida que as diferentes técnicas evolucionaron. A pescada, o abadexo ou o congro secábanse ao sol e ao vento ata hai ben pouco na nosa ría.



Estacada no Son para secar os xeitos e as pescadas a mediados do século XX

Por contra, o sistema de conservación da sardiña foi sobre todo o salgado. Era moi frecuente que as vivendas da costa tivesen unhas pequenas pías, tanto para salgar o porco coma o peixe.

O peixe en fresco era de consumo local, pero o que se procesaba para consumo posterior lévase comercializando fóra da nosa terra dende hai moito tempo. Ás provincias do interior peninsular transportábase o peixe seco e o salgado. Durante séculos, innumerables recuas de mulas e machos viñan cargados dende os montes de León ou Zamora con produtos que aquí escaseaban, como lá ou trigo. Coa venda deses produtos os arrieiros

volvían á súa terra cargados de pescada e congro seco, e mesmo de sardiña salgada.

Malia o anterior, o comercio do peixe procesado, antes de que chegasen os cataláns, facíase sobre todo por mar, e case en exclusiva dirixido aos portos do Señorío de Vizcaya. Son moitos os documentos que dan conta deste comercio dende Noia, e principalmente de Muros, ás cidades de Bilbao e Santander, entre outras. Nas torna viaxes traían sobre todo ferro do primeiro e gran de trigo do segundo.

Para saber desa industria do salgado do peixe e do seu comercio, a primeira fonte oficial da que podemos "tirar" é o *Catastro de Ensenada*. Entre 1750 e 1754 todas as poboacións da entón *Corona de Castilla*, e entre elas Noia e Muros, foron sometidas a un interrogatorio constituído por 40 preguntas.



Portada do *Catastro de Ensenada*

Malia que non se fixo ningunha sobre a existencia concreta de salgaduras, mais que nada porque a esas alturas do século XVIII aínda non existían como tal, había outras cuestións que nos dan moita información ao respecto. Destaca por encima de todas a número 37, na que os enquisadores preguntaban: (...) *si hay algunos Individuos que*

tengan embarcaciones, que naveguen en la Mar, o Ríos, su porte, o para pescar: cuántas, a quién pertenecen, y qué utilidad se considera da cada una a su Dueño al año(...).

No caso concreto do concello de Noia, a enquisa fíxose en abril de 1752. Das contestacións correspondentes destacamos que non consta que nese ano existise algún almacén operativo na vila, entendendo por tal unha edificación independente para "tratar" o peixe, o que non quita que se salgase nas vivendas dos pescadores para uso propio, para troco ou para "beneficiar" fóra.

Resulta significativa a información final da enquisa, na que se inclúe unha (...) *lista y relación jurada que el alcalde de esta villa de Noia y con asistencia de peritos (...), con los empleos, oficios y artes, tanto honoríficos como serviles y mecánicos, con sus sueldos (...).* Neste apartado menciónase a existencia do Gremio do Mar; de dous *escabecheros*; de 27 tratantes de peixe; de preto de 70 mariñeiros que se dedican á pesca e ao *acarreo* dende Muros; de dous carpinteiros de ribeira; de 24 barcos de pesca (lanchas xeiteiras), de 4 lanchas de falca (lanchas de pesca transformadas para trasporte de mercadorías no interior da ría), que fan viaxes catro meses ao ano e no que dous deles fan de carretos; e, por último, dun patache, que fai unhas tres viaxes ao ano. Respecto á existencia desta última clase de barco de cabotaxe, é suficiente para afirmar que, na primeira parte do século XVIII, había

en Noia unha incipiente industria da salga que exportaba sardiña. O feito de que existise daquela unha rúa chamada Lagares axúdanos a confirmar esta teoría.

A enquisa do *Catastro de Ensenada* correspondente a Muros fíxose en agosto de 1753. Na resposta á referida pregunta 37 reflíctese o seguinte: *Que en esta villa ai ocho pataches y diez pinazas, todas de navegar y transportar géneros a puertos del Reyno y extranjeros, y así mismo ai setenta y una lanchas de falca y pesca, cuyas utilidades van reguladas en la lista de oficios y cualidades que tienen entregada a su merced (...).* Na listaxe que se acompaña ao final da enquisa indícase que en Muros existían daquela 26 tratantes de congro e 6 carpinteiros de ribeira. En canto ás embarcacións, o *Catastro de Ensenada*, amais de identificar os armadores, dinos que os pataches levaban a bordo 8 ou 9 homes, e as pinazas 6. En ambos casos dise que estes barcos facían tres viaxes ao ano a Biscaia levando sardiña e traendo ferro.



A análise das páxinas do *Catastro de Ensenada* referido a Noia e Muros lévanos ás seguintes conclusións: En 1752 a vila de

Noia estaba centrada no comercio do peixe en fresco, e a comercialización do salgado a zonas próximas. O feito de que tivese un considerable número de tratantes de peixe e non houbera máis que unha embarcación de cabotaxe lévanos a pensar que a comercialización se facía sobre todo por terra.

O caso de Muros e diametralmente oposto. Contar por aqueles tempos con 18 barcos mercantes propiedade de veciños facía de Muros un dos máis importantes portos de Galicia para a pesca e o transporte de mercadorías, principalmente congro seco e sardiña salgada. Todo ese peixe tíñase que procesar antes de embarcar. Como queira que daquela non existían as salgaduras como tal, en moitas das vivendas, tanto da beiramar como do interior, había pías nos baixos. Esta información arquivística confírmase coa realidade urbanística da vila. Aínda hoxe son abundantes as vivendas que teñen pías soterradas. A continuación reproducense dúas fotografías dunha desas vivendas da beiramar muradá. Na actualidade, esas pías atópanse no Pozo de Cachón.



Pero todo mudou cando na segunda parte do século XVIII, inmediatamente despois da enquisa do *Catastro de Ensenada*, empezaron

a chegar uns inmigrantes que revolucionaron tanto a pesca como o procesado e a comercialización da sardiña. Estamos a falar dos comerciantes e pescadores cataláns, que se asentaron naqueles anos por toda a costa galega.

Os cataláns viñeron ao primeiro para comerciar con viño e augardente pero, cando se decataron da riqueza das nosas costas, comezaron a mercar a sardiña aos pescadores locais. Inicialmente só viñan durante a temporada da pesca volvendo logo, co produto elaborado, para á súa terra. Tres foron as primeiras zonas de Galicia onde se asentaron: Vilanova de Arousa, Cee e Corcubión e, por último, Mugardos. Despois, dende estas vilas, foron espallando o seu raio de actuación.

No caso concreto da nosa ría, o primeiro sitio onde se asentaron, aínda que moi escasamente, foi a vila de Noia. O documento máis antigo que dá conta da posible existencia destes inmigrantes é de 1764. Nese ano, un nutrido grupo de mariñeiros matriculados de Noia asinan un convenio ante un escribán da praza para regular o uso dun aparello de Catalán¹. Temos que esperar uns anos para coñecer o nome dun deses primeiros cataláns que se asentaron en Noia. A información apareceu nun contrato asinado en 1782 por varios patróns de lanchas xeiteiras de San Juan de Sabardes (O Freixo), con Juan Battista Serra. O documento asinouse o 1 de setembro dese ano, e nel reflíctese que Juan Battista era veciño da vila de Noia e que os patróns de Sabardes comprometíanse a: (...) *traer a las lojas del Juan Serra, toda la sardina que Dios les diere la pesca de la cosecha próxima (...), que el referido don Juan a de salar y beneficiar de su orden, y como fomentador que se reconoce, a adelantarles*

1 A.H.U.S. Protocolos notariais de Noia. Josef Santiso. Ano de 1764. Nº rexistro 1922, documento 268.

el dinero que necesiten para los aparejos y composición de los citados barcos (...)².

A documentación dispoñible, que menciona eses primeiros cataláns establecidos en Noia, é moi escasa, o que nos leva a pensar que a súa presenza na bisbarra era testemuñal, nada que ver coa que apareceu en localidades como Cee ou Corcubión, onde houbo unha nutrida colonia por aqueles anos.


As primeiras referencias concretas a un almacén de cataláns en Noia son de 1789. Foron varios os documentos atopados que dan conta do establecemento dun comerciante catalán chamado Francisco Batista, quizais familiar do que asinou o contrato de pesca en 1782 referido antes. Esta persoa adquiriu, mediante o sistema de foro, os formais de dúas vivendas na rúa do Forno, por debaixo da Torre do Tapal, a Josef Estévez Varela, o entón dono da casa de Bergondo de Abaixo. Despois, os rexedores da vila aforáronlle tamén parte da vía pública para que puidese arrimar esas dúas vivendas á muralla da vila³.



Entre as condicións do foro anterior estaba o de abrir unha porta por debaixo da propia muralla. Nun documento de apoderamento asinado ao ano seguinte por Francisco Batista,

por mor dos problemas que tivo cos rexedores da vila, manifestaba respecto á referida porta o seguinte: (...) *era necesaria no solo para desaguardero, sino para la conducción de las aguas a efecto de lavar la sardina y mas pescados en que comercia en este pueblo y almacena en dicho sitio (...)⁴.*

Como queira que Francisco Batista, e outros cataláns, tiveron moitos problemas para erguer as súas salgadasuras na vila de Noia, buscaron lugares afastados do centro urbano para seguir co seu negocio. O primeiro sitio do que se ten constancia foi a praia de Boa. En 1788 houbo un primeiro intento da man dun catalán orixinario de Mataró, chamado Manuel Font. Este industrial da salga estableceuse inicialmente en Corcubión (sobre 1770), para despois trasladarse a Fisterra. Na época en que vivía e traballaba na vila do Cristo comezou a erguer en pedra unha nova salgadura en Boa, pero algúns veciños de Noia tiráronlla abaixo. Vinte anos despois construíronse outras dúas no outro lado da praia, no lugar chamado Punta Cabalo.



2 A.H.U.S. Protocolos notariais de Noia. Josef Santiso. Ano de 1782. N° rexistro 1.940, documento 199.

3 A.H.U.S. Protocolos notariais de Noia. Juan Henríquez Ossorio. Ano de 1789. N° rexistro 2.750, documento 37.

4 A.H.U.S. Protocolos notariais de Noia. Josef Benito Barreiro. Ano de 17902. N° rexistro 2.846, documento 73.

A ribeira do Freixo foi o seguinte lugar onde se estableceron os cataláns logo de abandonar Noia. A diferenza de Boa, no Freixo houbo unha colonia estable deles dende finais do século XVIII.

A continuación reproducéase parte dunha carta levantada entre 1791 e 1794 polo enxeñeiro Antonio Alcalá Casano, onde se pode apreciar como estaban distribuídos os núcleos de poboación da ría de Muros e Noia por aqueles tempos.



Na imaxe anterior pódese apreciar que, daquela, os únicos núcleos significativos que había eran as dúas vilas de Muros e Noia e O Freixo. Cómpre advertir que Porto do Son, malia non se incluír na carta, tamén existía.

A diferenza do que ocorreu en Esteiro e Portosín, lugares con poucos habitantes, onde practicamente non existía ningún tipo de construción no contorno costeiro antes do século XIX, no Freixo existían varios núcleos de poboación a carón do priorado de San Juan de Sabardes⁵, cun número de habitantes considerable. Neles había unha

pequena burguesía, propietaria de incipientes salgadasuras na ribeira do Freixo que, dende finais do século XVIII, foron vendendo unha tras outra aos inmigrantes cataláns que se estaban achegando ás nosas costas.

A análise dos libros parroquiais dos diferentes lugares da ría confirmannos que O Freixo foi, despois de Noia, o seguinte lugar onde se estableceron os cataláns na bisbarra. Así como en Esteiro, por exemplo, a primeira inscrición dun catalán nos arquivos parroquiais foi en 1824, no Freixo aparece unha primeira partida en 1796. Trátase do nacemento de Gerónimo Lloréns Fónt⁶, sendo tamén a primeira partida de nacemento que aparece no lugar da ribeira do Freixo. A primeira defunción dun catalán, tamén veciño deste lugar, foi a de Juan Domenech, acontecida en 1810. En canto á primeira partida de matrimonio na que intervéñ un veciño desta ribeira, foi a de Alexos Aguirre⁷ e María Antonia Lloréns, que casaron en 1815. Outro dato interesante é que, dende 1796 ata 1821, ano en que naceu Mariano Montes Vilariño, todas as inscricións de veciños da ribeira do Freixo, tanto de bautizados, matrimonios ou defuncións, eran de cataláns. Existen nos libros sacramentais da parroquia de Sabardes daqueles anos inscricións de cataláns cos apelidos *Alsina, Amar, Batista, Borí, Buhigas, Claréns, Comas, Coó, Domenech, Font, Jover, Lloréns, Poch, Rius, Roura, Vilaró e Vilas*.

No Freixo houbo unhas 10 salgadasuras, e todas estaban na entón chamada praia da Corbeira (íá dende a Doka ata o peirao). Na fotografía aérea actual da ribeira do Freixo pódese intuír onde estaban estes almacéns de salga.

⁵ Pertencía ao mosteiro de San Martín Pinario de Santiago co que os seus usuarios garantían o subministro de peixe e marisco nas vixilias. A porta de acceso á igrexa parroquial de Sabardes está enmarcada por un arco de medio punto, cun escudo esculpido en forma de árbore, e con dúas cunchas de vieira na "Clave" ou doela central, que mostra a súa pertenza ao referido mosteiro.

⁶ Era neto do referido Manuel Font.

⁷ Era capitán da mercante e de orixe vasca, concretamente de Lemóniz.



Desa importante concentración de salgaduras aínda quedan moitos vestixios. Son varias as vivendas daqueles primeiros fomentadores cataláns que se conservan. A continuación achégase unha imaxe actual da vivenda que fora de Félix Batista (descendente directo do mencionado Francisco Batista). A nave da esquerda ergueuse sobre o lugar onde estaba a salgadura deste importante industrial da salga.

Así como o Freixo foi dos primeiros lugares da ría onde os cataláns ergueron as súas salgaduras, tamén foi dos primeiros que abandonaron a actividade. A medida que se foi esgotando o caladoiro de sardiña no interior, os cataláns foron “colonizando” o resto do litoral da ría.



A principios do século XIX, chegou a segunda ondata de inmigración de cataláns, esta moito máis numerosa que a primeira. Nese contexto foi cando se crearon practicamente da nada tanto Esteiro como Portosín. Estas dúas localidades do concello de Muros e do Porto do Son, respectivamente, non existían como núcleos de poboación ata a chegada dos cataláns. Os veciños da contorna vivían de costas ao mar en aldeas e lugares como Solleiros ou a Silvosa, en Esteiro, e a Silva ou Miñortos, en Portosín.

Dende tempo inmemorial, a costa galega foi regularmente atacada por hordas de guerreiros e corsarios de distinta orixe. Primeiro foron os normandos, despois a piratería árabe, e a partir do século XVI viñeron os ingleses quen, en varias ondatas, asolaron as nosas costas. É doado entender por que, durante moitos séculos, as poboacións da beiramar galega estaban afastadas do mar, tiñan acceso marítimo complicado, como Porto do Son, ou estaban convenientemente defendidas, e soamente as vilas de certa entidade podían construír murallas e castelos. A única defensa dos lugares e aldeas da costa, e as zonas de Esteiro e Portosín, non foron unha excepción, era a súa localización en lugares escondidos ou de doada escapatoria cara á “montaña”. Apartados da beiramar en todo caso.



Peirao de Portosín en 1904

Os mariñeiros e industriais cataláns establecéronse nun primeiro momento en lugares onde existía xa algunha actividade pesqueira ou de salgado do peixe. Despois, nos primeiros anos do século XIX, aproveitando a ausencia dos invasores, buscaron outros lugares aínda sen infraestrutura portuaria e industrial pero que estivesen ben situados para a pesca e de fácil abrigo. Nese contexto, nos primeiros anos do século XIX, Portosín e Esteiro foron os sitios onde se asentaron unhas das colonias de cataláns máis importantes de Galicia que, partindo practicamente de cero, as converteron nunha referencia, tanto da industria da salga como da cabotaxe asociada.


Aínda que nos lugares e aldeas próximas seguramente existía algunha tradición pesqueira, cando os cataláns chegaron á bisbarra atoparon unha sociedade famenta e moi deteriorada pola leva das continuas guerras da Coroa. A idoneidade destes lugares, xunto coa pouca oposición inicial da veciñanza, fixo que se estableceran un considerable número deles.



Salgadura de Venancio Portals na ribeira de Creo en Esteiro a mediados do século XX

Os inmigrantes que se achegaron a estas dúas localidades procedían sobre todo dunha zona concreta da costa catalá. Estamos a

falar da parte máis oriental da provincia de Barcelona, de localidades como Sant Pol de Mar e Calella, na comarca do Maresme, e da máis occidental da de Girona, como Blanes ou Lloret de Mar, ao principio da Costa Brava.



Tanto en Esteiro como en Portosín os cataláns ergueron preto dunha ducia de grandes salgaduras, como a da imaxe seguinte. Un dato interesante a ter en conta respecto da orixe destes industriais é que no caso de Esteiro eran todos da vila de Blanes (preto de 40 familias), pero os de Portosín estaban máis repartidos, destacando veciños de Blanes, Martorell, Sant Pol de Mar e, sobre todo, de Calella. Pode resultar increíble pero, durante a primeira parte do século XIX, nas zonas costeiras de Esteiro e Portosín escoitábase falar catalán polos rueiros.



Como queira que a sardiña se ía esgotando dentro da ría, os grandes industriais da salga de ambas localidades, como os Portals e Romaní en Esteiro, e os Roig e Roura en Portosín, foron construíndo *a cimientis* outros almacéns cada vez máis afora. Así, moitas das mencionadas familias ergueron novas fábricas en Cabanas, Serres, Louro e Ancoradoiro, na parte Norte da Ría, e na Gafa, Aguieira, Arnela e na praia da Catía, na parte Sur.



Salgadura de Cabanas na actualidade

O caso das vilas de Porto do Son e Muros, foi un pouco diferente. Tanto nun sitio como no outro existía de vello un gremio do mar moi potente que impediu que se establecesen os cataláns ata ben entrado o século XIX, polo que os primeiros industriais da salga destas dúas vilas eran nativos.

En Porto do Son, a finais do século XVIII, moito antes da chegada masiva dos cataláns, houbo unha tentativa de procesamento do peixe diferente ao que de xeito ancestral se facía en toda a costa galega. Da man de Jerónimo Hijosa Rodríguez (1723-1803) houbo un intento de procesar o abadexo e a pescada seguindo o sistema que se facía co bacallau de Terranova. A experiencia durou preto de cinco

anos. Os primeiros industriais cataláns que tiveron salgadura de seu no Son foron: José Romaní, orixinario de Blanes pero establecido en Esteiro; o seu xenro José Ferrer, tamén de Blanes pero que viña da Pobra; e por último Miguel Roig, que era natural de Martorell pero establecido en Portosín. Os tres mercaron ou ergueron as súas salgaduras a partir da cuarta década do século XIX.



Situación actual da salgadura da familia Ferrer en Porto do Son

A industria da salga na vila de Muros tivo certas peculiaridades, que foron produto do seu propio desenvolvemento urbano. Como é ben sabido, as súas orixes pérdense no tempo, sendo durante moitos séculos berce de incontables mariñeiros e pescadores. Nesta vila, antes de que viñesen os cataláns, xa existía unha sociedade plenamente desenvolvida, con infraestruturas de todo tipo e cunha clara orientación ao mar. Había unha pequena burguesía local, poderosos gremios do mar e unha notable influencia da igrexa. Por iso os cataláns tiveron que se establecer en lugares onde non existía poboación vinculada á pesca, como Esteiro e Portosín.

Por outra parte, os veciños da vila salgaban a sardiña dende tempos remotos. Cada casa

contaba co seu propio sistema artesanal de salgado. A transformación á salgadura industrial veu, como no resto de Galicia, da man dos cataláns pero, a diferenza doutros lugares, en Muros establecéronse máis tarde e fóra do casco urbano. A única gran salgadura que construíu un catalán dentro do núcleo urbano de Muros é a que se mostra na fotografía seguinte, erguida por Narciso Cruz Ferrer a mediados do século XIX.



Situación actual da que fora salgadura de Narciso Cruz

Os auto chamados fomentadores, non foron ben vidos en xeral. Dende que chegaron tiveron problemas cos mariñeiros, e mesmo coa igrexa. Cos matriculados por razóns ben coñecidas, fundamentalmente pola competencia na pesca, ao chegar con novos sistemas, moito máis efectivos, e tamén pola modificación que supuxo no mercado de traballo a introdución dun novo concepto, o do asalariado. En canto aos problemas coa igrexa, estes producíronse porque se negaban a pagar os ancestrais décimos. O punto álxido constituírono as revoltas dos mariñeiros e Muros, encerellados pola propia igrexa, contra os cataláns do Freixo, Esteiro e Portosín, que derivaron na queima de sete almacéns en outubro de 1812.

As principais salgaduras de Muros estaban en Serres e no Paseo de Bombé, e maioritariamente eran de segundas xeracións de industriais cataláns establecidos en Esteiro ou Portosín, que as ergueron xa ben entrado o século XIX.



Vista aérea dalgunha das salgaduras do Paseo de Bombé a mediados do século XX

Das máis de 50 grandes salgaduras que houbo na ría de Muros e Noia aínda quedan moitos vestixios. Así como en Esteiro o vórtice urbanístico fixo desaparecer a meirande parte daqueles emblemáticos edificios, en puntos como Portosín, Serres ou Louro aínda se conserva aquel patrimonio que estamos obrigados a preservar para as xeracións futuras. Agardamos que políticas públicas axeitadas nos axuden a conservalo e a poñelo en valor.



Situación actual da salgadura do Caldeirón, en Louro, un exemplo a seguir



Praia do Ancoradoiro na actualidade

Outro tema que quixera poñer de manifesto é a degradación da costa galega. Dun tempo a esta parte, apréciase unha recorrente retirada de area das nosas praias. Non sabemos cal é a causa, pero intuímos que é cousa do cambio climático. Temos varios exemplos de salgaduras que se construíron sobre praias que actualmente desapareceron por completo.

En Esteiro, a 30 de maio de 2025



*C*ancións inspiradas nos sons do mar

Esperanza Mara

Soprano, instrumentista, licenciada en música, profesora

As Lens

Grupo de música profesional: voz, piano, violín, órgano, gaita...



*"Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá,
e non saben
que están a construír a torre de cristal
da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna
maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a medula
mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote
a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela e
a enxarcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón."*

Con estes versos de Antón Avilés de Taramancos dedicados ao recente pasamento da súa dona Sofía, iniciamos unha viaxe musical cun fondo instrumental con tintes poéticos na XII Semana da Historia de Noia intitulada "As portas do mar". Esta viaxe naceu da inspiración que tantas e tantos compositores tiveron sobre os sons do mar e da nosa propia versión das mesmas. O grupo *as Lens*, formado por Fernando Docampo ao violín e á gaita, Juanma Varela ao piano, e Luís Sanmartín á batería e percusión, xunto cunha servidora á voz e á pandeireta, versamos entre diversos estilos musicais coma o lírico, o folk ou o tradicional para sucar o mar do noso patrimonio histórico inmaterial musical e, por que non, poético.



Logo do inicio da interpretación do poema de Avilés, comezamos a nosa viaxe marítima en Cangas coa canción de María Soliña de Celso Emilio Ferreiro, con música do mestre Paz Valverde. A continuación, tendo presente que o mar nos conecta e tamén nos fai ou nos fíxo pobo emigrante, para todos eses emigrados que tiveron que sucar o mar dedicamos as cancións “Cantiga”, de Manuel Curros Enríquez, con música do mestre Chané. O tema deste poema é a separación dos amantes por culpa da emigración. Mentres o mozo emigra a América nun “aleve negreiro vapor”, a rapaza queda chorando “sin trégoas”. O desenlace é trágico: “unha cova nun outeiro i un cadavre no fondo do mar”. Curros e “Chané” unidos pola emigración a Cuba, unidos por esta e outras famosas composicións, tamén descansan xuntos no coruñés cemiterio de



San Amaro. A outra peza escollida baixo o paraugas da emigración é a arquicoñecida “Alfonsina y el mar”, moi popularizada pola grande Mercedes Sosa. Este poema cantado invita a reflexionar sobre a nosa propia existencia, os nosos soños máis profundos e a nosa relación co transcendental. A beleza melódica únese á profundidade lírica para crear unha experiencia sensorial única, que perdura no tempo como as ondas bicando a beira do mar.

O laureado compositor español García Abril, na súa devoción por Galiza, compuxo diversas pezas, entre elas “Coita”, con texto de Álvaro de las Casas, dentro do súa colección “Cuatro canciones sobre textos gallegos”. Pódese apreciar a continuación a beleza do poema:

*Veño das outas montañas, veño dos
profundos vals*

*Veño de buscar amores que non puiden
atopar.*

*Mariñeiros, mariñeiros, levaime con
vos a o mar.*

*Corrín todo-los camiños, con ela non
puiden dar.*

*Faléille a toda-las xentes, ninguén me
quiso escoitar.*

*Mariñeiros, mariñeiros, levaime con
vos a o mar.*

*Chamei en toda-las portas, por ver de
me querellar;*

*A todos pedín consolo; nadie me veu
consolar.*

*Mariñeiros, mariñeiros, levaime con
vos a o mar.*

*Subín hasta a serra brava buscando na
inmensidá,*

*Olléi a os catro hourizontes, cego
quedéi de mirar.*

*Mariñeiros, mariñeiros, levaime con
vos a o mar,
levaime con vos a o mar.*

Non quixemos esquecernos das mulleres compositoras galegas posto que son figuras a visibilizar. "Desprecios", da colección "Cántigas e Melodías gallegas", foi a seleccionada pola súa vinculación á temática mariñeira. Eugenia Osterberguer foi unha compositora e pianista compostelá nacida en Santiago de Compostela en 1852. Foi unha figura relevante no panorama musical e cultural de Galicia no último terzo do século XIX. Instalada na Coruña, baixo o nome de Mme. Saunier, apelido que tomou do seu marido, firmou partituras que publicaba Canuto Berea, pero que tamén se imprimían en Madrid e París. Relacionábase con Emilia Pardo Bazán, coa comisión que promoveu a creación da Real Academia Galega, da que chegou a ser membro correspondente. No

1907 mudouse á Costa Azul francesa, onde se lle perde a pista, e Osterberger e Saunier caen no esquecemento. Ademais da súa produción musical, Mme. Saunier participou en iniciativas de dignificación da cultura galega e foi académica correspondente da RAG.



Volvemos á maxia da recitación, coa canción instrumental de fondo "entre a terra e o mar", e cos poemas de Antón Avilés e María Mariño:

*Tiven medo de bogar,
tiven medo de auga crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
¡non bogaba!, ¡non bogaba!*

*O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.*

Avilés de Taramancos

*Era todo mar de fondo chegada de
augas ó ceo
espaizada néboa - soio remo- segredo
aquelel
do home que na altura quebraba.
Quebraba as augas.
Buscaba lúa.
Cramaba terra
crama
crama e cruza o mar hasta o fondo.
Aquel home-tres cabezas cruza i
atopa.
Atopa a terra, aunque cansa, co seu
día de sol e noite de
lúa.*

*Atopa home - mundo que el deixara-.
Atopa tódalas cousas.
Tres cabezas vólvense ás augas.
Na terra achégase á súa con medras.
Eramos xa trocados -enanos- peladiños
vellos.
Eran campos-teitos verdes na sequía.
Eran arbres fartos morta-longa vida
nova,
cando se oen berros,
berros coxos de bríos:
-¡Por riba de nós queda o mar!*

María Mariño



Fernando Docampo, Esperanza Mara, Luís Sanmartín e Juanma Varela

Camariñas foi outro dos puntos polos que pasamos nesta viaxe musical relacionada co mar dunha hora de duración. Esta canción foi moi popularizada polo grupo *Luar na Lubre*, e pola mesmísima Luz Casal. Non puidemos despedirnos sen que o público cantase connosco a canción “Se chove”, tamén da lírica popular e coñecidísima baixo a versión de *Treixadura*. Froito do éxito final, decidimos interpretar unha última peza en forma de bis. “Catro vellos mariñeiros” é unha canción galega que acadou gran popularidade na segunda metade do século XX. A súa composición atribúeselle ao escritor e músico afeccionado José Travieso Quelle a principios da década de 1940, nun faladoiro de amigos que se reunían a diario na taberna “O Sete Velo” situada na rúa “A Raíña”, en Santiago de Compostela. Tratábase dun grupo de estudantes e mozos de diferente condición que se divertían inventando e interpretando melodías, acompañándoas con algún instrumento de corda. O mozo José Travieso recolleu algúns daqueles fragmentos melódicos, deulles forma, e púxolles unha letra inspirada nos labores mariñeiros dos pescadores de Viveiro (no norte de Lugo), o seu pobo natal. En Viveiro, pois, rematou a navegación musical.

As Portas do Mar foi para nós un punto de encontro, unha maneira de xuntarnos ao carón do mar, e sentirmos mariñeiros musicais por un intre. Grazas á Semana da Historia, especialmente a Xerardo Agrafoxo por ter a idea de unirmos para esta presentación, e ao Concello de Noia polo sustento. Quero agradecer profundamente a Barbantia, que segue a colaborar e enxalzar a cultura no Barbanza, e proba disto é este acervo cultural en forma de Anuario. Nunca poderemos agradecervos bastante o labor que desempeñastes, desempeñades e desempeñaredes.

Esperanza Mara

REFERENCIAS

(n.d.). Eugenia Osterberger | Mujeres en Galicia. Retrieved November 27, 2025, from <https://igualdade.xunta.gal/es/protagonistas/eugenia-osterberger>

(n.d.). <https://dicelacancion.com/mercedes-sosa/alfonsina-y-el-mar>. <https://dicelacancion.com/mercedes-sosa/alfonsina-y-el-mar>

(n.d.). <https://acalexandreboveda.gal/cantiga/>. <https://acalexandreboveda.gal/cantiga/>

(n.d.). https://centros.edu.xunta.gal/espazoAbalar/aulavirtual/pluginfile.php/6606/mod_resource/content/6/2_OBR/2_2_version_orixinal.pdf. https://centros.edu.xunta.gal/espazoAbalar/aulavirtual/pluginfile.php/6606/mod_resource/content/6/2_OBR/2_2_version_orixinal.pdf



A cultura do marisqueo
na ría de Muros-Noia

Guadalupe Jiménez Esquinas

*Doutora Internacional pola universidade do País Vasco
Profesora de Antropoloxía da facultade de Filosofía da USC*

INTRODUCCIÓN

Este capítulo deriva dun traballo de documentación e investigación sobre o marisqueo na ría de Muros-Noia e a súa relación coa categoría de Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI). Esta investigación foi impulsada polas confrarías de pescadores de Muros, Noia, Portosín e Porto do Son, os concellos da ría, e contou co apoio do GALP Costa Sostible. O obxectivo destas institucións era impulsar un proceso de patrimonialización na procura dunha serie de accións que garantan a sustentabilidade e viabilidade do marisqueo en tanto que actividade social e cultural, fomentando o seu coidado por parte das comunidades, e asegurar así a súa sustentabilidade tamén no futuro.

A súa metodoloxía foi etnográfica, o método de investigación característico da antropoloxía social, contando con observación participante, diarios de campo, entrevistas en profundidade, fotografías, e a triangulación con outra bibliografía, documentos e datos estatísticos. A investigación foi desenvolvida entre os meses de abril e agosto do 2021, nun contexto marcado pola pandemia da COVID-19.



Como resultado da investigación publicouse un informe titulado “Cultura do Marisqueo na ría de Muros-Noia”¹ orientado a servir como documentación e apoio para que as organizacións máis próximas ao marisqueo puidesen candidatar-se a algunha figura de protección dentro da categoría do PCI. Neste sentido, o informe comeza explicando algunhas novidades que a categoría do PCI introduce respecto a outras definicións clásicas do patrimonio.

Destaca, en primeiro lugar, pola súa proximidade á definición de cultura que se fai dende a antropoloxía, entendéndose por patrimonio non tanto os bens materiais, monumentais ou arqueolóxicos senón tamén as prácticas culturais, expresións, coñecementos e técnicas. Outro aspecto a destacar é a relevancia que consiguen as comunidades no recoñecemento do seu patrimonio, pois son as que adquiren tamén o compromiso da súa salvagarda no futuro. Así, tamén destaca este tipo de patrimonio pola súa carga democratizante, co seu compromiso cos dereitos humanos, a igualdade e a sustentabilidade.

Cómpre salientar entón que na categoría de PCI prescinde dos criterios de antigüidade ou historicidade que se requirían nunha concepción clásica do patrimonio. Neste caso, o máis salientable do PCI é que ten que estar vivo no presente, froito das transformacións e adaptacións que fai a sociedade. No caso do marisqueo, destaca por ser unha actividade cunha gran densidade histórica, que sufriu cambios e grandes renovacións, mais que segue con plena vixencia, xogando tanto no pasado como no presente un papel crucial na configuración da ría de Muros-Noia e da xente que a habita.

1 <https://hdl.handle.net/10347/39117>



A HISTORIA DO MARISQUEO E OS NESGOS CIENTÍFICOS

A nivel histórico, os recursos pesqueiros e marisqueiros xogaron un papel importante dende o paleolítico e o mesolítico, especialmente nas comunidades costeiras (Bejega García, 2015; Cuadrado Martín, 2016; Yesner et al., 1980). Existen evidencias científicas da súa explotación dende o pasado remoto, mais estes estudos non suscitaron demasiado interese, froito quizais dunha escasa valoración social e, no caso do marisqueo, pola súa vinculación coa feminidade. Isto é, por unha serie de negos científicos que pasarei a detallar a continuación.

Se tratamos de imaxinarnos como eran as sociedades humanas no noso pasado máis afastado, a maioría estarán dominadas polo que chamamos a “hipótese terrestre”. Na maioría das imaxes predomina unha paisaxe

terrestre e represéntanse imaxes de caza e recolección, pois a nivel científico tamén se defendía que os recursos pesqueiros e marisqueiros non foron unha fonte de alimentación prioritaria para as persoas e que foron explotados relativamente tarde na historia (Erlandson et. Al, 2010). As evidencias existentes foron habitualmente interpretadas como sinal dunha escasa valoración por parte das comunidades humanas, unha fonte de alimentación “de segunda categoría”, ou como mero complemento da actividade cazadora-recolectora (Calo, 1996: 26; Cuadrado Martín, 2016).

Con todo, foi a partir dos anos oitenta cando se evidenciou que esta hipótese era pouco plausible ao seren unha especie que habita nun planeta no que o 75% da súa superficie é auga, se produciron numerosos movementos migratorios a través de ríos e mares, e que somos unha especie omnívora (Erlandson, 2001; Erlandson et. Al., 2010). Dende o punto

de vista nutricional, o valor do marisco non está tanto na súa achega calórica, senón na de proteínas, minerais, vitaminas D e E, e certos carbohidratos, polo que na súa combinación con vexetais ou graxas animais resulta moi equilibrado (Cuadrado Martín, 2016; Erlandson, 2001; Yesner et al., 1980).

Mais, a diferenza doutros recursos terrestres, os mariscos teñen certas vantaxes engadidas: fácil acceso, alta dispoñibilidade, constancia no tempo, rapidez na reprodución, amais de presentarse agrupados e condensados en zonas e, por tanto, seren unha fonte de alimentación bastante regular e previsible (Cuadrado Martín, 2016; Yesner et al., 1980).

A diferenza da caza maior, o marisqueo require unha tecnoloxía relativamente sinxela, podendo mesmo recollese coas mans, e ter un risco baixo (Erlandson, 2001). Isto ten moitas vantaxes pois pode ser extraído na práctica por calquera membro da sociedade independentemente do seu xénero, idade ou forza física, o que permite a participación de homes, mulleres, nenos/as ou persoas maiores. As estratexias de subsistencia máis diversificadas e que inclúen a todos os membros da sociedade son tamén as que máis garanten a supervivencia e inciden no reparto máis equilibrado do poder.



A recolección, os recursos marisqueiros e a caza de pezas menores cumpriron historicamente un papel fundamental cando outros recursos escaseaban. Como sostén Hayden et al (1982), ata a actualidade evidénciase que, en períodos de necesidade e precariedade, aqueles recursos pequenos pero accesibles, constantes e previsibles, convértense nunha opción alimentaria de primeira magnitude. Por que, entón, o marisqueo foi unha actividade escasamente analizada e valorada a pesar da súa relevancia para as comunidades costeiras e as vantaxes alimentarias que supón?

Ata hai poucas décadas non se priorizou o estudo sistemático a nivel arqueolóxico e histórico dos restos vencellados ao consumo de marisco, desperdicios alimentarios ou vertedoiros (González Gómez de Agüero et al., 2019). O nesgo androcéntrico na análise histórica e científica privilexiou aspectos vencellados á monumentalidade, as guerras, o poder ou a vida pública fronte a outro tipo de evidencias sobre a vida cotiá, a crianza, a alimentación ou os desperdicios. Dende hai décadas a antropoloxía feminista vén argumentando que as actividades historicamente vencelladas coas mulleres e nenos/as foron consideradas pouco relevantes para o desenvolvemento da nosa especie, non porque fosen pouco importantes senón pola súa asociación coa feminidade (Linton Slocum, 1991).

Así, na historiografía androcéntrica aparece o “mito do home cazador” no que se sobredimensionan aspectos como a caza, a tecnoloxía para matar grandes mamíferos ou as expedicións como os fitos máis relevantes para a evolución humana. Segundo teñen investigado distintas etnoarqueólogas, o marisqueo é unha actividade protagonizada case universalmente, na maioría das sociedades do mundo, por man de obra feminina, infantil

e de persoas anciás, e isto está na base da súa interpretación como algo secundario e escasamente valorado (Erlandson, 2001 y 2010; Moss, 1993).

Con todo, lonxe de ser unha actividade forraxeira ou preeira, o marisqueo tamén precisa de aptitudes cognitivas semellantes á caza como unha intencionalidade previa, procura dos lugares propicios ou estratexias comúns. A xestión dos recursos marisqueiros require tamén da capacidade de discernir as estacións, conveniencia das distintas especies, cando o seu consumo pode ser un risco, como favorecer o seu crecemento ou como xestionalo de xeito sustentable para non esquilmalos.

Estamos diante dun complexo sistema de costumes, crenzas, posturas éticas e saberes que Berkes et. Al. (2000: 1252) definen como "coñecemento ecolóxico tradicional": coñecementos locais sobre o medio ambiente que os grupos humanos desenvolven e transmiten xeracionalmente, moitas veces impulsados por crises de recursos provocadas pola sobre explotación. A importancia destes coñecementos ecolóxicos tradicionais e a explotación sustentable e artesanal dos recursos marisqueiros foron tamén escasamente recoñecidos. Trátase por tanto dunha actividade feminizada e, polo tanto, desde a prehistoria e ata a actualidade déuselle moi pouco valor a pesar da súa relevancia (Moss, 1993).

O MARISQUEO NA RÍA DE MUROS-NOIA

As observacións feitas no anterior apartado sobre os nesgos científicos ao redor do marisqueo tamén son aplicables ao seu estudo nesta ría, xa que está ausente de moita bibliografía sobre a historia, a pesca ou mesmo dos refraneiros.



Existen evidencias da explotación de moluscos bivalvos nos cuncheiros de castros galaicos e galaicorromanos como os de Queiruga e Baroña (Bejega García, 2015; Vázquez Varela e Rodríguez López, 1999). Co avance da romanización, estes recursos non so serviron para o autoconsumo senón tamén para a súa comercialización. Tamén comezamos a ter documentación escrita e xacementos datados na época medieval e moderna que evidencian a explotación dalgúns mariscos moi valorados polas elites sociais, especialmente eclesiástica, como son as ostras e vieiras.

Tal foi o interese das ostras que tamén comezamos a ver na documentación de época moderna recomendacións, sancións, prohibicións e normativas que regulaban a recolección, comercio, e o propio oficio de ostreiro (Ferreira Priegue, 1998; González Gómez de Agüero et al., 2015). En canto ao resto de bivalvos, nos xacementos de época moderna evidéncianse exemplares de tamaños medios e grandes, o que apunta cara a unha selección e xestión sustentable dos recursos, respectando os ciclos reprodutivos (González Gómez de Agüero et al., 2015).

Así, na meirande parte da historia desta ría, vemos como o marisqueo de moluscos bivalvos menos apreciados polas elites



(berberecho, ameixa, longueirón, mexillón, caramuxos etc.) foi unha actividade marxinal que apenas entrou nun modelo de explotación e comercialización, manexándose no marco da economía informal (Pardellas de Blas, 1988: 86), xestionándose dende o coñecemento ecolóxico tradicional, e vencellado a mulleres, homes, nenos/as e persoas maiores. Podemos tamén falar dunha invisibilización e minusvaloración histórica das actividades marisqueiras, especialmente do marisqueo a pé, que ten que ver coa segregación ocupacional en función do xénero, coa idea do complemento salarial na economía familiar ou, incluso, do “non traballo. Como contaba a presidenta da agrupación de mariscadoras de Muros:

Ser mariscadora era o peor do peor. Era unha cousa moi baixa. Como se non tiveses outra cousa que facer. Era un complemento. Ser mariscadora xa nunca foi un oficio. Os homes tiñan un oficio, e elas, como complemento ao soldo do home, ían mariscar. Ás veces traían ese diñeiro, ás veces marisco para comer na casa. A xente que ía mariscar era a xente máis pobre, a que menos recursos tiña. Facíano para ir mercar uns zapatos, os libros



dos nenos, e non ía no soldo do home
(Adela Lestón, AU004 07/05/2021)

Con todo, semella tamén plausible que o feito de que os moluscos bivalvos permanecesen maioritariamente no marco da economía do autoconsumo permitiu que estes recursos se mantivesen dentro dos coñecementos ecolóxicos tradicionais e a renovación biolóxica dos recursos, a diferenza de ostras e vieiras.

Tanto a bibliografía como as persoas entrevistadas coinciden no feito de que, ao redor dos anos cincuenta, cambiou o valor social do marisco, pasando de ser considerado unha comida “de pobres”, alimento para as zonas costeiras en épocas de carestía ou incluso como fertilizante para a terra, para pasar a considerarse propio das elites, un produto caro e un signo de distinción. A aparición da industria conserveira contribuíu a esta transformación, non só cualitativa senón tamén cuantitativa, pois saíu do marco da economía caseira para a venta das industrias elaboradas (Pardellas de Blas, 1988). Esta industria sacou tamén proveito do feito de que esta actividade non estivese regulada senón identificada como un traballo informal, complementario e moi feminizado (Broullón Acuña, 2010: 380). En palabras dunha das entrevistadas, historiadora e ex-mariscadora:

O marisqueo a partir dos cincuenta é unha cousa distinta. Antes o marisco era comida de pobres, e traballo de pobres [...] A partir dos 50 as conserxeiras empezaron a traballar o marisco e aumentaron os prezos [...] Iso era o marisqueo antes, o traballo dos pobres, dos que non tiñan, mulleres solteiras, fillos de viúvas. Coma Josefa," viúva dun vivo", como dicía Rosalía, que ía levar o marisco á montaña, non llo compraban a cambio de cartos, senón de troco. Esa señora dicía que o marisco lle sacou moita fame a ela e aos seus fillos. Non só a ela, a moita xente (Concepción Sande, AU003 06/05/2021).

Entre a década dos cincuenta e os noventa, o marisqueo situouse nun novo marco de relacións capitalistas de acumulación e obtención do máximo beneficio, que provocará profundas transformacións. A explotación dos mariscos nestas décadas carecía dunha racionalidade baseada na sustentabilidade ou no respecto ás condicións laborais, primándose a produtividade e a rendibilidade por enriba da reposición dos recursos e os coñecementos ecolóxicos tradicionais, e antes de que se dese un marco regulatorio do traballo.

Perante esta situación, as confrarías e colectivos de mariscadoras foron facendo algúns intentos de regulación da profesión a través dalgunhas estratexias como carnés ou pasavantes (Sande Noya, 2018). Mais, o cambio



máis significativo na profesionalización do marisqueo a pé produciuse entre os anos 1995 e 2002, cunha serie de transformacións a nivel lexislativo, formativo e organizativo. Esta serie de cambios transformaron unha actividade informal, feminizada e marxinal nun marco de sobre explotación "nunha profesión regulada, con recoñecemento e protección" (Marugán Pintos, 2012: 82).

O obxectivo das persoas impulsoras deste proceso era non só a profesionalización, senón tamén a autonomía financeira, técnica e de xestión das agrupacións de mariscadoras (Santasmarras, 2010: 27). Deste xeito, as recolectoras convertéronse oficialmente en cultivadoras, pasando dunha lóxica extractiva a unha lóxica de responsabilidade cos recursos, coa sustentabilidade económica social, así como co protagonismo das propias mariscadoras. Moitas autoras destacan entre os beneficios deste proceso a propia organización, empoderamento e creación de agrupacións de mariscadoras que redundou nunha maior concienciación e, como resultado, unha maior valoración da súa profesión (Martínez García, 2017; Martínez-García, 2019).

Segundo coinciden moitas das persoas entrevistadas, na actualidade o marisqueo conseguiu converterse nun traballo digno, cunhas condicións socioeconómicas aceptables, aínda que, por suposto, non exentas de mellora.

CONCLUSIÓNS

Aínda que poida resultar estraño, na argumentación empregada no informe para a vinculación do marisqueo cunha figura do Patrimonio Cultural Inmaterial, a profesionalización do marisqueo foi o principal argumento

esgrimido pola miña banda, xa que isto é precisamente o que garante a sustentabilidade dunha práctica a nivel social e cultural, e tivo un impacto moi importante na "profundización democrática" (Martínez-García, 2019). Trátase dun dos mellores exemplos da nosa historia recente de loita pola igualdade e de mellora dos dereitos de todo o colectivo de profesionais do mar.

A mellora das condicións socioprofesionais do marisqueo na ría de Muros-Noia é a maior garantía para a súa salvagarda como Patrimonio Cultural Inmaterial, por ser un colectivo que foi quen de transformar unha práctica tanto cultural como económica desprezada cara ao seu recoñecemento social e legal, organizado na xestión dos recursos, que tratan de amortecer os posibles efectos perniciosos da sobre explotación, que loitan por unhas condicións laborais dignas, e que dispón dunha certa autonomía política.

En relación, pois, ao PCI, cómpre destacar que, a pesar da invisibilidade e minusvaloración histórica do marisqueo, na actualidade trátase dunha actividade viva e en plena vivencia, que dá traballo directo a unhas 2000 persoas, e onde as/os profesionais son a peza chave para garantir a súa salvagarda no futuro, sempre tendo en conta a sustentabilidade medioambiental, pero tamén social e económica deste territorio.

BIBLIOGRAFÍA

- Bejega García, V. 2015. El marisqueo en el noroeste de la Península Ibérica durante la Edad del hierro y la época romana. Tesis doctoral, Universidad de León. DOI: <http://dx.doi.org/10.18002/10612/5126>
- Berkes, F. et. Al. 2000. Rediscovery Of Traditional Ecological Knowledge As Adaptive

Management. *Ecological Applications*, 10: 1251-1262. DOI: [https://doi.org/10.1890/1051-0761\(2000\)010\[1251:ROTEKA\]2.0.CO;2](https://doi.org/10.1890/1051-0761(2000)010[1251:ROTEKA]2.0.CO;2)

Broullón Acuña, E. 2010. Culturas marítimas y relaciones de poder. La trayectoria del marisqueo a pie en las Rías Bajas gallegas. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57 (123): 375-399. DOI: <https://doi.org/10.3989/ceg.2010.v57.i123.84>

Calo, F. 1996. *Xentes do mar. Traballlos, tradición e costumes*. A Nosa Terra. Vigo.

Cuadrado Martín, L. B. 2016. Medios y recursos acuáticos en los homínidos premodernos: planteamiento, semántica y el caso paradigmático de los mariscos. *Onoba. Revista de Arqueología y Antigüedad* 4: 197-214.

Erlandson, J. M. 2001. The Archaeology of Aquatic Adaptations: Paradigms for a New Millennium. *Journal of Archaeological Research*, 9 (4): 287-350. <http://dx.doi.org/10.1023/A:1013062712695>

Erlandson, J. M. et. Al. 2010. Archaeology meets marine ecology: the antiquity of maritime cultures and human impacts on marine fisheries and ecosystems. *Annual Review of Marine Science*, 2: 231-251.

Ferreira Priegue, E. M. 1998. *O desenvolvemento da actividade pesqueira desde a alta idade media ó século XVII*. USC. Santiago de Compostela.

González Gómez de Agüero, E. et. al. 2019. Fish-and Shellmiddens from Galicia (Northwest Spain): Reflections upon a Neglected Coastal Cultural Heritage from the Iberian Peninsula. *Humanities*, 8 (2): 1-13. DOI: <https://doi.org/10.3390/h8020085>

Hayden, B., et. Al. 1982. Research and Development in the Stone Age: Technological Transitions among Hunter-Gatherers [and Comments and Reply]. *Current Anthropology*, 22(5): 519-548.

Linton Slocum, S. 1991. La mujer recolectora: sesgos machistas en antropología. En O. Harris y K. Young (Eds.), *Antropología y Feminismo*. Cátedra. Madrid, 35-46.

Martínez García, P. 2017. Democratizando el mar con perspectiva de género. El proceso de

profesionalización de las mariscadoras a pie en Galicia. *Política y Sociedad*, 54 (2): 365-386.

Martínez-García, P. 2019. Cuando las mujeres acceden al poder. Discriminaciones y resistencias en las comunidades marineras. *Feminismo/s*, 33: 171-196. DOI: <https://doi.org/10.14198/fem.2019.33.07>

Marugán Pintos, B. 2012. La organización de las mariscadoras como agentes de transformación social. *Em Debate* (7): 82-106. DOI: <https://doi.org/10.5007/1980-3532.2012n7p82>

Moss, M. L. 1993. Shellfish, Gender, and Status on the Northwest Coast: Reconciling Archeological, Ethnographic, and Ethnohistorical Records of the Tlingit. *American Anthropologist*, 95(3): 631-652.

Pardellas de Blas, X. 1988. O cambio no sistema económico das comunidades mariscadoras. En Consellería de Pesca da Xunta de Galicia (Ed.), *Coloquio de etnografía marítima*, Museo do Pobo Galego. Noia, 85-92.

Sande Noya, C. 2018. *Mariscadoras e campesiñas na ría de Muros-Noia*. Noia: GALP Costa Sostible.

Santasmarinas, P. 2010. Proceso de profesionalización das mariscadoras. *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, 54: 24-28.

Vázquez Varela, J. M. et. Al. 1999. El aprovechamiento de los recursos marinos en la prehistoria y la antigüedad de Galicia. *Boletín del Museo Provincial de Lugo*, 9: 335-366.

Yesner, D. R. et. Al. 1980. Maritime Hunter-Gatherers: Ecology and Prehistory [and Comments and Reply]. *Current Anth*

NOTA DE AGRADECEMENTO

As fotos deste traballo foron cedidas por Adelo Freire Gandarela, secretario da Confraría de Pescadores San Bartolomeu de Noia



*B*arrios mariñeiros nas vilas atlánticas
medievais de Noia e Muros.
Permanencias e cambios

Pedro García Vidal

Doutor en Xeografía Urbana pola USC, investigador profesor e escritor

INTROITO

Sen dúbida Noia e Muros, como todas aquelas entidades creadas na costa galega por expresa vontade real¹, naceron cunha clara vocación atlántica. Durante séculos ámbalas dúas vilas tiveron unha actividade comercial centrada no peixe ou os seus subprodutos, o que pon de manifesto o protagonismo urbano que deberon adquirir todas aquelas actividades relacionadas coa pesca. Os barrios mariñeiros, a carón das augas, e ao amparo do núcleo protector inicial, ían ter unha presenza e un papel sobranceiros no nacente núcleo urbano, e espazos e arquitecturas de forte carácter mariñeiro sinalan a primacía económica do poderoso gremio do mar.

Na actualidade, alleos á súa funcionalidade e ocupación social primitiva, modificados completamente no seu alzado, e afastados das augas por extensos recheos, porén os antigos barrios mariñeiros manteñen determinadas pegadas que os fan aínda recoñecibles na cidade actual. Na presente comunicación queremos poñer de manifesto o protagonismo que tivo o mar na xeografía urbana das vilas medievais de Noia e Muros. No fondal máis interior da ría, unha, na bocana a outra, compoñen dúas paisaxes culturais, aparentemente moi diferentes; con todo, como veremos, unha mirada atenta pon de manifesto que son múltiples as coincidencias.



Noia. Plano de Simancas. A.X.S.



Muros. Plano de Simancas. A.X.S.

AS PRIMEIRAS IMAXES DE NOIA E MUROS

Miramos os planos de Noia e Muros atopados entre papeis de 1597 no Arquivo de Simancas² e contemplamos a recoñecida na actualidade como a vila antiga de Noia e Muros. Pese á inxenuidade aparente, ante a mirada aparece debuxada a historia urbana dunhas antigas poboacións mariñeiras de

1 Fernando II, no ano 1168, funda Noia, unha vila marítima coa intención de que fose o porto de Compostela (*Portus Apostolli*), a súa saída ao mar. No reinado de Afonso X comezou a poboarse a *Pobra de Muro*, aínda que non recibiría o seu *fuero* ata 1286, xa no reinado de Sancho IV. A idea era crear un contrapoder capaz de neutralizar un espazo litoral con excesiva presenza do señorío eclesiástico da mitra compostelá. A intención era crear señoríos adeptos á causa do monarca (Ortigueira, Cedeira, Pontedeume).

2 Arquivo Xeral de Simancas (A.X.S.). [GA 498] M. P. e D. 9-10-11-12. Estes planos constitúen un documento de primeira orde para o estudo da morfoloxía e estrutura urbana de Noia e Muros, así como para axudar na interpretación das diferentes fases do seu desenvolvemento urbano. Neles aparecen sinaladas algunhas das principais características da vila inicial e, con lixeiras variacións, é o plano que chega ata a época industrial, e aínda ata os anos sesenta do pasado século. É esta a primeira e case única imaxe completa coa que contamos do conxunto urbano en época preindustrial; e proba da escaseza deste tipo de fontes é que, ata o século XX, non dispoñemos de series completas de planos das vilas.


finais do século XVI, onde figuran sinaladas algunhas das principais características das vilas medievais. O primeiro en salientar é que tanto Noia como Muros se amosan como núcleos murados, en torno aos cales xiran, a xeito de satélites, unha serie de espazos extra muros. Pero, mentres en Noia, o espazo rodeado pola muralla encerra maiormente os barrios mariñeiros – polo que presenta unha absoluta primacía sobre o resto de sectores urbanos, resultando un todo compacto –, en Muros, pola contra, o poder alcanzado polo arrabalde mariñeiro maniféstase en que á primeira vista, Muros é delgada, lonxitudinal, cun protagonismo claro da morfoloxía alongada do espazo extra muros fronte ao núcleo murado máis compacto e carnoso. Aquí os dous núcleos aparecen claramente diferenciados, cunha manifesta primacía do núcleo mariñeiro, o largacío barrio da Ribeira, sobre o núcleo murado arredor da igrexa de Santa María.

A diferente solución adoptada por unha e outra vila con respecto aos barrios mariñeiros vai estar en relación coa distinta situación na ría, a diferente configuración orográfica do emprazamento e acontecementos históricos ocorridos no tempo, que van provocar cambios na estrutura dos seus planos iniciais que deron lugar a planos completamente diferentes. Analizaremos de seguido as posibles razóns que explican a diferente solución adoptada por Muros e Noia.

A NOIA DO SÉCULO XIII. BURGO E PORTO, A DOBRE FUNCIÓN MILITAR E ECONÓMICA

En Noia é lóxico pensar nunha transición urbana entre un primitivo recinto fortificado no alto do Tapal e a muralla do arcebispo Landoira

levantada en 1320 que aparece reflectida no plano de Simancas. O sitio elixido, un saínte rochoso situado sobre a marxe dereita da ría, un pequeno outeiro granítico de apenas 10 metros de altitude abrazado polas augas, cumpria á perfección a dobre tarefa imprescindible para asegurarlle un florecente futuro ao nacente establecemento urbano: a económica e a militar³. Como consecuencia, dende as orixes aparecen dous núcleos xustapostos tal como era vontade real na Carta fundacional: o burgo e o porto, que só co paso do tempo irán fundíndose nun único núcleo urbano. O burgo no alto, con función administrativo-militar, mantén a súa fisionomía de enclave amurallado, custodiando o paso da Ponte Grande. Fóra deste espazo dominante, o arrabalde da Ribeira esténdese a carón das augas, inicialmente ao pé da ponte, concentrándose aí o tráfico marítimo e as actividades relacionadas coa pesca.




Noia. Topografía do emprazamento

³ No caso de A Coruña, Baiona ou Cangas, por exemplo, a non coincidencia de funcións defensiva e comercial fixo necesario un cambio do emprazamento elixido. Nos tres casos, o factor económico foi determinante (López Carreira, A.: *A cidade medieval galega*, p. 85).

Naquel tempo, as augas, que superaban a curva de nivel de cinco metros actual, lambían os alicerces do penedo granítico, introducín-dose terra dentro, alí onde a rocha desaparecía, formando a modo de pequenas enseadas⁴. No vértice máis avanzado do saínte pétreo asentárase a ponte que enlaza as dúas oreas da ría. A presenza deste paso estratéxico –polo que probablemente xa discorría unha vía romana⁵, así como os itinerarios que del se derivan–, condicionarán o asentamento e a propia morfoloxía da vila. A vella ponte avanzaba os seus arcos ata as proximidades da porta torre do Tapal, e practicamente chegaba ao inicio do que hoxe é a rúa Canliña, aproveitando para o seu baseamento a presenza da laxe granítica que dará nome á futura rúa que corre paralela ás augas do Traba. A primitiva ponte discorría a un nivel inferior ao actual.

Xeograficamente, o *portus apostolli*, nun sentido amplo, asociaba dous espazos complementarios: a oreala do río Traba, que albergaba



Noia. Burgo e porto

as actividades portuarias con acceso limitado a pequenas embarcacións, e as augas e bordo marítimo, zona de fondeadoiro e varado das embarcacións de maior tonelaxe. A ponte sinalaba o linde entre ambos espazos. Ao igual que en Pontevedra⁶, en Noia toda a liña de costa constituía un complexo portuario e pesqueiro. A praia era o varadoiro natural para as embarcacións. Igualmente, como a maioría dos ports emprazados no fondo das rías, tamén Noia contaba coa ponte de acceso á vila como porto de carga e descarga entre os buques e os vehículos de carrexo situados sobre o camiño⁷. O modesto porto inicial

4 Dúas destas enseadas permitíanlles ás augas penetrar terra adentro no que hoxe son as rúas Ferrador e Carreiriña.

5 González Pérez, C. (2015): "As catro pontes de Noia", en *Anuario de Estudos do Barbanza*, pp. 11-124, dinos que a Ponte Grande de Noia é anterior ao ano 1151, "pois nesta data xa existía unha situada quizais no mesmo sitio por onde é máis estreita a desembocadura dos ríos, denominada *Ponte de Iusana* ou *Ponte de Abaixo*". Para investigadores como Fabeiro Gómez, autor do traballo titulado "Datos para a Historia da Ponte Grande de Noia", publicado no ano 1959 na revista *Compostellanum*, Vol. IV., e reeditado no libro *Páxinas Históricas de Noia* (1990: 43-72), "a Ponte Grande é tan antiga como a mesma vila" (p. 43). Cita este autor un artigo publicado por Oviedo Arce na revista *Galicia Histórica* no que este investigador escribe "... dada la importancia del nuevo burgo por su posición topográfica, ya terrestre, ya marítima, es de creer que el antiguo famoso puente se construyese en el siglo XIII, época de inmenso movimiento comercial en el puerto Jacobeo", para afirmar máis adiante: "Tenemos nota fehaciente de que el puente de Noya estaba edificado ya en el siglo XIV". A primeira documentación na que aparece mención á Ponte é un documento notarial de 1496, dado a coñecer por Fabeiro Gómez (1990: 72), que fala de "o lagar de casal novo na ponte de Noya".

A Ponte figura mencionada, igualmente, nos *Fueros Romanceados da vila de Noia* que, segundo López Ferreiro (1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*, [1895], p. 116, datan de principios do século XV, pero neles consignanse usos e costumes "que venían de tiempos mucho más remotos".

6 En Pontevedra en toda a liña costeira se instalaba a Moureira, entre a Ponte ata a desembocadura do río Tomeza (na documentación *río dos Gafos* e *río dos Pelamios*) constituía un dilatado complexo portuario e pesqueiro. A ponte e o peirao contiguo era a zona de carga e descarga de mercadorías. Alí mesmo se achegaban os barcos. Unha vez realizada a carga ou descarga debían apartarse da ponte e peirao para deixar sitio a outros. Armas Castro, J. (1992): p. 116.

7 "Las únicas infraestructuras que aparecen en las villas gallegas son puentes, que servían de muelle de carga y descarga directa entre el buque y los vehículos o animales de acarreo situados sobre el camino (Vivero, Santa Marta de Ortigueira, Cedeira, Neda, Betanzos, Puente de Urme, Noya, Padrón, Pontevedra y Redondela). Por su parte, las villas asturianas no presentan ningún tipo de estructura portuaria hasta el siglo XVI". Solórzano Telechea, Jesús, Ángel. Villas y redes portuarias en la fachada atlántica del Norte peninsular en la Edad Media. Universidad de cantabria. PDF pax. 490.

situariáase ao pé da ponte e a carón das augas do Traba, asentado nun reborde aluvial lamacento de pendente suave, que lles permitía ás pequenas embarcacións achegarse á orela. Nos principios da vida da localidade costeira as instalacións portuarias deberon ser mínimas, conformándose co que lles ofrecía a natureza⁸. A estrutura viaria inicial tiña como elemento prioritario comunicar mediante unha porta o porto co burgo amurallado a través dunha rúa principal. Esta rúa era a prolongación da ponte, de aí o seu nome primitivo como rúa da Ponte. Desta maneira, protexido pola ponte, a carón das augas do Traba medra o arrabalde, o centro máis vivo e de maior actividade, onde mariñeiros e comerciantes se benefician da riqueza da ría e das boas comunicacións marítimo, fluviais e terrestres (ponte).



Noia. Alongamento do barrio mariñeiro a carón do Traba

8 A zona da ponte, en Viveiro, Santa Marta de Ortigueira, tal vez, Cedeira, Neda, Betanzos, Pontedeume, o burgo vello do Faro, Noia, Padrón, Pontevedra e Redondela, era a máis vital e a máis animada do porto, onde se efectuaba a carga e descarga. Ferreira Priegue, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, p.119.

O burgo, no alto do Tapal, espazo de amparo en caso de perigo, convértese así en símbolo do poder militar ante o resto da poboación civil, que en vivendas agrupadas nas ribeiras ten nas augas do mar a súa fonte de vida⁹. A existencia do centro señorial no alto do Tapal non impide o desenvolvemento urbano nas ribeiras na procura das facilidades que ofrece a topografía para a práctica da actividade pesqueira e comercial. Aínda que o vello burgo deixa sempre a súa pegada e mantén no tempo a súa primacía xerárquica, os novos barrios, algo separados, organízanse con criterios urbanísticos propios. Barrios na ribeira, con preferencia nun primeiro momento a carón do Traba, carentes de sistemas defensivos por seren un atranco para os traballos mariñeiros, medran paralelos ás augas, estirándose polas ribeiras a partir do porto. Deste xeito, en Noia a diferenza entre a cidade civil vencellada ao mar e a militar aparece claramente representada dende os inicios da vida urbana. Durante un tempo os dous espazos irán desenvolvéndose separadamente para posteriormente fundirse nun único núcleo urbano. En Noia, a diferenza do que ocorre noutras localidades marítimas, a forma compacta que vai adoptar o plano é consecuencia da proximidade das ribeiras ao burgo defensivo, o que lle permitiu á vila non dislocarse¹⁰. A edificación foi agrupándose en

9 As referencias a este recinto defensivo fano indistintamente co emprego dunha tripla terminoloxía: *castelo*, *fortaleza* ou *cidadela* do Tapal. Tres elementos distinguen todo castelo: un recinto amurallado, unha torre habitable e un patio de armas, dinos Vitrubio, M. (1987): *Los diez libros de arquitectura*, p. 36; a *fortaleza*, igual que o castelo, é un lugar fortificado pero posúe un carácter máis amplo. A principal diferenza estriba, polo tanto, na súa maior dimensión. Cando o recinto fortificado estaba destinado á residencia dun señor feudal, xurdía toda a gama de castelos-pazo, que se adapta perfectamente á función do Tapal. Ás veces tamén se fai referencia ao Tapal como *cidadela*. Neste caso, as cidadelas xorden na Idade Moderna facendo referencia a un recinto fortificado no interior ou preto da cidade. Posúe tamén unha dobre función: dominar a cidade e protexela constituíndo o derradeiro refuxio.

10 Na veciña vila de Muros, o arrabalde da Ribeira, a carón da praia, medra separado da vila amurallada, dando lugar a dous espazos diferentes.

torno ao outeiro unido, finalmente, burgo e ribeira.



Noia. Hipotético segundo recinto cercado

No proceso de desenvolvemento do plano medieval de Noia apreciamos as pautas repetidas en moitas vilas e cidades galegas: unha trama de rúas envolve o centro fortificado, do que parten uns eixos viarios a continuar pola cota superior, que se dirixen cara ao leste e ao norte, dos que descenden ata as augas do mar e do río un conxunto de rúas conformando un entabado viario a base de longas rúas paralelas á ribeira das augas conectadas entre si por curtas rúas travesas. A existencia dunha cerca que pechase esta Noia anterior ao século XIV pola parte de terra semella probable. A distinta trama urbana, tanto no que se refire á diferente anchura, trazado e densidade das rúas, como ao volume dos quinteiros, son argumentos que se suman a esta hipótese¹¹.

¹¹ Este, que chamaremos segundo recinto protector, posiblemente estivese protexido por unha cerca de material perecedeiro, como a madeira; por ese motivo non chegou ata nós ningunha proba



Noia. A rúa-praza dos Lagares, arrabalde anterior a 1320

A vila mariñeira medraba, dando máis corpo á antiga formación primaria dun aliñamento paralelo ás augas e, ao mesmo tempo, vai ir tomando a rúa-praza dos Lagares como centro das actividades de procesamento da pesca e mercantís¹². Este “espazo de arrabalde”, antes da construción da muralla de 1320, remataba nas augas do río, que aquí penetraba nunha pequena enseada cara ao norte, chegando máis alá do que hoxe constitúe a entrada do Curro¹³. Isto facilitaba a chegada e saída das pequenas embarcacións co peixe e outras mercadorías, así como a evacuación dos restos fedorentos orixinados no proceso de produción de saín e sardiña salgada. Este sería o arrabalde máis importante antes da construción da muralla de 1320, constituín-

da súa existencia. Porén, o que si aparece, xusto no linde ata o que chegaría este primeiro recinto expansivo pola parte do río, é un elemento que, construído en material máis consistente, como a pedra, ben puidese ser unha torre defensiva que se erguía no esquinall desta primitiva cerca. Este elemento era coñecido co nome de “O Forte”, e sabemos da súa existencia pola cita que del fai Abella S. (1911: 10), cando describe as portas da muralla: “... otro (fuerte) donde aún se le llama ‘o Forte’, que la defendía por la parte del río”. Puido suceder que, cando se acordara elevar unha cerca máis consistente e de maior amplitude, este elemento fose aproveitado como unha máis das portas que se abrían na nova muralla.

¹² Unha vía importante no proceso de ligazón do burgo coa vila baixa da Ribeira foi a expansión que cara ao leste tería a praza da igrexa por medio dunha rúa que conducía en suave descenso ao encontro da rúa-praza dos Lagares.

¹³ Pérez Mato, M. (2017): “Un peirao da Idade Moderna baixo o Museo do Mar”, p. 51, en rev. *Alameda*, nº 54.

do case unha segunda cidade. O conxunto comprendía o espazo formado por esta ampla rúa-praza dos Lagares ata as mesmas ribeiras do Traba. Aquí estaban, logo do crecemento experimentado polos iniciais barrios mariñeiros, vivendas e instalacións propias das actividades pesqueiras e comerciais, así como pequenos estaleiros para reparación e construción de pequenas embarcacións. Todo este espazo que mira cara ás augas do Traba constitúe o barrio mariñeiro por excelencia da vila. Na rúa-praza dos Lagares será o espazo onde van concentrarse, nos sotos das vivendas asoportadas, os complexos de salga de peixe (lagares) máis importantes da vila, constituíndo o corazón mercantil da Pescadería. Posteriormente á construción da nova muralla, a incomodidade que os muros supoñían para

as actividades relacionadas co mar, así como o feito de tratarse de actividades molestas para a poboación, fan que estas sufran un progresivo desprazamento no espazo e novas zonas extra muros, afastadas do novo núcleo murado, acollan estas tarefas.

Na banda do río Traba, como asento do porto inicial, o tecido urbano presenta unha maior complexidade. Aquí aparecen dous eixos lonxitudinais que, dende a rúa da Ponte, corren en paralelo ás augas: a rúa Canliña e a rúa da Laxe. Domina a horizontalidade. Nos dous casos, a curvatura que presenta o seu trazado, pon de manifesto o seu carácter envolvente sobre o recinto fortificado¹⁴. Antes da construción da muralla de 1320, a rúa da Laxe constituía o bordo marítimo, en contacto directo coas augas, facendo as funcións de rúa de Abaixo. O seu nome fai referencia á laxe granítica que corre paralela ás augas, sobre a que se asenta a primitiva ponte medieval, e será buscada para soste os alicerces da futura muralla. A rúa Canliña era, polo tanto, a rúa principal do nacente barrio mariñeiro. Dende a rúa da Ponte, abrazaba o burgo fortificado, desembocando na praza da Fanequeira, praza mercantil importante nesta Noia primeira.

Na banda marítima un só eixo lonxitudinal corre paralelo ás augas da ría formado pola rúa da Condesa. Aquí aparece un sistema de fragmentación semellante ao anterior, aínda que nesta parte da vila domina a verticalidade, con rúas que descenden dende o alto do Cantón a unirse coa rúa Condesa, desenvolvéndose calellas perpendiculares segundo as liñas de máxima pendente, a intervalos regulares (Mazacánabos, Cega, Axuda, Sande e Lago, Pero Sardiña, Berenguel de Landoira).



Noia. Rúa da Canliña



Noia. Rúa da Laxe

¹⁴ A salientar a edificación en curva na conxerxencia das rúas Laxe e da Ponte, onde recentes achados confirman a súa antigüidade. A súa curvatura evidencia a íntima relación coas estruturas defensivas.



Edificación en curva na rúa da Canliña

MUROS ANTES DE 1389

Muros representa un caso particular. O núcleo inicial formado a partir dun grupo incipiente de poboadores que vivían do mar a carón da praia e rezaban na pequena igrexa de San Pedro na aba do Costiña, vai dar lugar á sinalada dobre realidade común ás vilas atlánticas: no alto, o lugar protexido, o burgo arredor da igrexa; na costa, o barrio mariñeiro asentado na mesma area da praia. Antes de 1389, o primitivo Muros protector non lograra conter no seu interior a expansión de determinadas zonas. A importancia do arrabalde era cada vez máis grande, e os arredores da igrexa de San Pedro, coa rúa "*rayal, real ou principal*" onde estaba a carnicería comunal, a carnicería vella, así como un reducido mercado local¹⁵ constituían un

foco urbano principal ao que acudían xentes dende o resto de sectores urbanos. Todo este espazo debeu xurdir case simultaneamente ao recinto protector nomeado como "Pobra de Muro". Nos planos de Simancas¹⁶ aparece claramente diferenciado pola súa diferente trama. Pero, ademais, as xentes do mar eran especialmente xentes de arrabalde. En Muros, o arrabalde marítimo da Ribeira acollía a poboación de mariñeiros e pescadores que daba cor e animación a este barrio extra muros. A comodidade de cara ao desempeño das tarefas relacionadas co mar fixo que sempre a praia fose un lugar habitado por aquelas xentes que tiñan nela a súa fonte de vida. Ao pé da praia, cunha morfoloxía característica, o barrio dos pescadores coloniza a costa en edificacións con alicerces na area en contacto coas augas do mar, adquirindo cada día unha importancia maior. A progresiva desaparición da ameaza da piratería e o desenvolvemento da actividade pesqueira contribuíron a que esa fuxida cara ao arrabalde fose cada vez máis masiva, e isto favoreceu o engrandecemento do burgo¹⁷.



Muros. Sobre o plano de Simancas, situación da inicial Pobra de Muro

¹⁶ Arquivo Xeral de Simancas. [GA498] M. P. y D. 9-10.

¹⁷ O que semella claro é que xa dende o século XIV Muros contaba cun espazo protexido por unha sólida cerca na parte que acouga ao amparo do Rebordiño, e a carón do mesmo xurdira xa un poderoso arrabalde mariñeiro asentado directamente sobre as moles areas da praia. Varios documentos procedentes do estudo e transcripción do texto do "*Tumbo de la Luminaria de San Pedro y Santa María de la villa de Muros*" por parte de Novoa G., M. A. (2000): *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, así o poñen de manifesto.

¹⁵ García Oro, J. (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV* (II), p. 186-187.

Dado que o mar ocupaba naquel tempo gran parte do que hoxe é a praza do Concello, este lugar constituía o porto natural do emprazamento. O primitivo Muros debeu asentarse pola aba da montaña dende este bordo litoral, coa primeira liña ocupada polo barrio mariñeiro. Este espazo estaría comprendido entre o final das actuais rúa do Hospital e a rúa Ancha, unidas pola rúa Real, paralela ás augas. A praia funcionaba como rúa de Abaixo, mentres a rúa Real constituía a rúa de Arriba. O entrabado completábase cunha serie de pequenas e estreitas rúas, que ascendían dende as auga cara ao interior, das que resultaron as actuais, Gracia, Saleiro e Venus.

A finais do século XIV, sinala García Oro, era Muros “una larga tira de población cómodamente alojada en las márgenes de la ría”¹⁸, o que pon de manifesto a importancia xa adquirida polo arrabalde mariñeiro nese tempo. Por conseguinte, podemos concluír que este Muros primeiro presentaba unha estrutura urbana dual moi semellante á da vila de Noia, cunha vila cercada e un arrabalde mariñeiro extra muros. Porén, un ataque da piratería portuguesa no ano 1389 destrúe esta inicial *Pobra de Muro*.

A CONSTRUCCIÓN DAS NOVAS MURALLAS E A SÚA REPERCUSIÓN NOS BARRIOS MARIÑEIRO

Ante o éxito económico das novas entidades costeiras con vocación de cidades¹⁹, vai formularse a necesidade de ampliar o espazo defendido mediante a construción dunhas

sólidas e consistentes murallas. En Noia, por exemplo, o crecemento do burgo inicial ao longo do século XIII por mor do desenvolvemento económico, coa pesca como actividade estelar²⁰, fixo necesaria unha maior amplitude e consistencia do primitivo recinto cercado. De aí que se vexa como unha necesidade



Noia. Trazado da muralla de 1320

20 A concesión á vila de Noia, e posteriormente á vila de Muros, por parte do arcebispo Xoán Arias dos *Usos y costumbres de Pontevedra* coa institucionalización do seu oficial na vila –o Mordomo–, pon de manifesto a evolución positiva do novo establecemento urbano. Segundo García Oro (1987: *Galicia en los siglos XIV y XV*, pp. 170-171), Noia conta nese intre cun pequeno grupo de homes bos, “acaso os antigos burgueses composteláns que allí fueran a morar”. A vila está rexida polo mordomo arcebispal; ten concello e os seus xustizas e procuradores actúan no raio concellil, sobre todo exercendo xustiza no campo das fraudes mercantís, as ordenanzas municipais e, en especial, as de tema alimenticio, os actos de violencia e os roubos etc. “Noya pudo poseer por entonces, segue a referir o mencionado autor (p. 71), un buen surtido de pescado, una dotación suficiente de alimentos y ganado y una moderada cuantía de objetos de ferretería. A ello habría que añadir la presencia de sus bodegas y algún taller familiar de carpintería ribereña. Finalmente hay que suponer que, como el caso bien documentado de la ría de Arosa, era aprovisionada de aceite y sal por alfolíneros reales en la menuda proporción en que podía necesitar estos productos”.

18 García Oro, J. (1987): *op. cit.*, p. 186.

19 Unha serie de privilexios facilitaron a transformación física e funcional das vilas portuarias: dereito de naufraxio; dereitos fiscais; facilidades para o comercio; privilexio para elaboración do saín; licenza para salgar, secar e afumar peixe; alfolís reais etc.

a consolidación da vila de Noia como vila amurallada e porto fortificado²¹.

As condicións do emprazamento van ser determinantes da forma que vaia adoptar o perímetro urbano. As murallas adáptanse ao terreo, e a topografía guiará o seu trazado²². A construción da muralla vai fixar a forma do plano da cidade. Emporiso, dado que a muralla se ergue cando a cidade xa existe, vai ser ela a que se adapta á forma previa. A muralla consolida o contorno, mais non o decide²³. De aí que a Noia anterior a 1320 impoña, dun xeito importante, o trazado das novas murallas. Pero tamén, como ocorre no caso de Noia, cando se trace e levante a nova muralla de 1320, faise que abraza un perímetro amplo que acolla un posible crecemento futuro sen problemas. No momento en que se decide a construción desta muralla pétre, non soamente se van incluír no seu interior os barrios mariñeiros consolidados, senón que tamén se incluírán amplos espazos libres, que foron os que permitiron que o crecemento

21 O carácter defensivo da nova muralla ponse de manifesto nas palabras do propio arcebispo Berenguel de Landoira, promotor da mesma: "Los de la villa de Noya eran muy pobres y muy atrasados por razón de cavalleros et de otros homes poderosos que les fazen mal, por razón que la dicha villa no es cercada". López Ferreiro, A.: p. 30-31. Os anos do arcebispo Berenguel de Landoira (1317-1320) foron proveitosos para Noia. Fixa aquí a súa residencia e corte, e celebra un sínodo en 1319. Como pago á axuda de Noia na contenda contra os santiagueses facilita a construción dunha poderosa muralla mediante a exención, durante seis anos, de todos os impostos reais.

22 Abella, S. (1911): op. cit., pp. 9-11; e Fabeiro Gómez, M. (1969): *La villa de Noya: Defensas, posesiones y regalías*, pp. 4-13, foron os autores que dedicaron estudos á muralla noíesa. Eu mesmo dedico varios traballos ao tema das murallas da vila de Noia, que podemos ver en: García Vidal, P. (1991): *A Noia da memoria. Pasado e presente dun casco histórico. Evolución urbana*, pp. 41-55; (2004): 'Xeografías defensivas nas vilas de Noia e Muros', en *Actas da IV Semana da Historia de Noia*, Casa da Gramática, pp 39-69; (2016): *Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos. Dende as orixes ata o ano 1950*, pp. 63-79; (2019): 'A muralla de B. Berenguel de Landoira: memoria urbana da vila de Noia', en *Actas da IX Semana da Historia de Noia, Anuario de Estudos do Barbanza*, pp.11-50; así como na revista *Alameda*, publicación da Sociedade Liceo de Noia. concretamente nos números 1, 2, 4 e 5.

23 López Carreira, A. (1999): *op. cit.*, p. 88.

poboacional que tivo lugar durante a Idade Moderna fose absorbido polo espazo interior do recinto amurallado.

Noia, como Tui ou Betanzos, presenta dende os inicios formas compactas, pois nestes casos os lugares altos ocupados polos edificios relixiosos teñen moi próximas as ribeiras fluviais, de maneira que a cidade non precisa dislocarse, podendo agruparse en torno e ao pé das súas respectivas elevacións. Será precisamente esa compacidade o que permita amurallar o conxunto, mantendo a súa unidade de burgo amurallado e porto fortificado. En Pontevedra, A Coruña ou Muros, pola contra, o vello burgo aparecerá separado do principal barrio mariñeiro.

As vantaxes que supoñían os muros consistían principalmente na protección: ante os inimigos e ante as augas, ademais dun maior control das actividades económicas arredor do mar. Pero, ante esa muralla protectora, as resistencias por parte dos habitantes dos barrios mariñeiros deberon ser importantes, pois a súa construción supoñía un atranco notable para as actividades do mar.



Noia. Portas da muralla sobre plano de Simancas

PORTAS AO MAR

Construída a muralla de 1320 asociada á idea de barreira, gañou forza o significado das portas como saída-entrada de persoas e mercadorías que facilitasen unha permeabilidade entre o interior e as augas. Varias foron as solucións formuladas para paliar os inconvenientes. Por unha banda, a construción de portas suficientes de acceso ás augas. Así, portas e postigos ían facilitar o tránsito entre o interior e a ribeira. Por outra, a realización de banzos que daban acceso á parte superior dos muros complementada coa construción de ramplas de atraque que facilitaban a aproximación das embarcacións²⁴. Os postigos non son outra cousa que reducidas aberturas nos muros, que permiten o paso dos veciños, facilitando o acceso ás augas. En caso de ataque á vila, estes postigos quedaban inmediatamente clausurados polo concello. De aí que o número de portas varíe no tempo, con redución de accesos en períodos de perigo e aumento nas épocas de bonanza²⁵.

A porta principal de entrada á vila por mar, ao igual que para todos aqueles que, traspasada a monumental Ponte Grande de Noia, encamiñaban os seus pasos cara á praza de armas da fortaleza do Tapal, era a porta da Ponte, ou da Peregrina²⁶. Ao seu carón traslá-

dase o primitivo porto, o que permite seguir funcionando a ponte como punto de carga e descarga, e a porta da Peregrina como novo elemento fiscalizador. Este espazo recollido a carón da ponte foi durante séculos utilizado como porto de atraque de pequenas embarcacións. As instalacións portuarias, ao igual que o porto primitivo, seguiron sendo mínimas. Como moito, unha pequena rampla de acceso á ponte. O transbordo de mercadorías facíase por medio dunha táboa posta entre o barco e a orela. Os vultos ao lombo ou rodando as barricadas. Un artefacto coñecido como *guindaste*, consistente nun mastro cunha verga que facía as funcións de “pluma” dunha grúa, adoitaba alzarse nestes puntos para as cargas máis pesadas²⁷. Posteriormente este espazo foi coñecido popularmente como *O Puxilgo*, seguramente pola pequena porta ou postigo que se abría na muralla fronte a este primitivo porto que, por mor da súa frenética actividade, precisou de ampliarse. Este dobre embarcadouro, tal como aínda se aprecia nas antigas fotografías, seguiu utilizándose, incluso logo da construción dos *Malecóns*, como tal ata os anos setenta do século pasado²⁸. Outras

de su altura, a la derecha del observador, y unas partes pudendas, varoniles, hacia la izquierda: al menos así parecía y por tales las mostraban los de la villa, que fue derribada después de 1845; y por la parte de adentro una pequeña efigie de Nuestra Señora de la Peregrina, a quien alumbraban los devotos, que hoy (sic) la tienen empotrada en la pared de la casa que dice a la derecha, y tiene un gran balcón de piedra sobre el mar, conforme se sale’. Fabeiro Gómez, M. (1969): *op. cit.*, p. 10, fala dun documento de 1584 onde consta ese nome, pero, igualmente informanos que antes dese nome era coñecida tamén como Porta do Tapal.

27 A coñecida na actualidade como Punta do Guindaste, ao outro lado da ría, seguramente contou cun destes aparellos de axuda para a carga e descarga das embarcacións.

28 Logo de destruída esta porta no 1842, foi a partir das obras levadas a cabo no ano 1905 co obxecto de enrasar a considerada excesiva pendente entre a nova ponte de 1857 e o inicio da rúa da Laxe mediante a construción dunha rampla, o que supuxo unha importante modificación non exenta de polémica. A obra, con proxecto do profesor Ramón Lira Castro, orixinoulles un prexuízo importante aos veciños, pois a rasante vai elevarse sobre a porta das súas casas máis de metro e medio, sepultando os arcos da primitiva ponte. Ao mesmo tempo, a construción nese tempo dos coñecidos como *Malecóns* eleva igualmente a rasante e,


24 A arqueoloxía saca á luz antigas instalacións portuarias, como un peirao da Idade Moderna aparecido no Malecón de Gasset baixo o soar do Museo do Mar. Pérez Mato, M. (2017): “Un peirao da Idade Moderna baixo o Museo do Mar”, en revista *Alameda* n.º 54, pp. 43-51.

25 Ver García Vidal P. (2019): “A muralla de D. Berenguel de Landoira: memoria urbana da vila de Noia”, en *Actas da IX Semana da Historia de Noia, Anuario de Estudos do Barbanza*, pp.11-50.

26 Desta porta da Ponte, ou porta da Peregrina, dinos Reguera Pardiñas (2000): “Puente de Noya”, en González Pérez, C. (edición): *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*, Noia, pp. 45-47, que: “había una puerta con un alto y sólido torreón cuadrangular, que tenía unos emblemas gastados por el tiempo, distinguiéndose únicamente desde abajo, un perro u otro cuadrúpedo idéntico, echado sobre un sencillo cornisamento que estaba hacia la mitad



Noia. Rampla na ponte e porto do *Puxilgo*



Burgos extra muros sobre plano de Simancas

portas, ademais da porta principal da Ponte, eran coñecidas tamén cun nome concreto²⁹.

ainda respectando no seu trazado a silueta do plano, vai afastar o bordo marítimo. Na actualidade, o desacertado recheo efectuado para a construção da rotunda no início da ponte, supuxo destruir definitivamente neste punto a morfología histórica do plano, que á parte de achegar unha visión asimétrica e antiestética, destrúe toda referencia á enxada histórica que daba acougo ao primitivo porto.

29 Unha delas era a porta de *Mazacánabos*, que conducía ao barrio de Lagares do Ribeiro Grande, barrio rodeado dunha extensa zona onde inclusive existían terras de labranza. Fabeiro Gómez (1969:11) sinala que o seu nome figura nun documento de 1692. Igualmente esta porta, por información facilitada por López Carreira (1999: 137) sabemos que contaba cunha torre e que se cofeíra como torre de *"Domingo Caçurro"* no ano de 1469. A cofeíada como *Porta da Condessa* respondía a que esta pequena rúa conducía frontalmente dende esta porta á casa dos Condes de Lemos, onde vivira moitos anos a condessa Dona Teresa Henríquez. En realidade, co nome de rúa da Condessa cofeícase a rúa paralela á ribeira, e que transcorre pola fachada frontal da referida vivenda da Condessa de Lemos.

Logo de construída a muralla de 1320, o espazo libre entre o bordo acuático e o muro era mínimo. Apenas permitía depositar mercadorías ao aire libre ou armazóns de paus para secar as redes e o peixe. Por iso, dado que os muros non posibilitaban acoller as primitivas instalacións da beiramar, a liña defensiva significaba un obstáculo para os traballos mariñeiros. A solución adoptada, ante o impedimento que supoñían as murallas para as actividades marítimo-pesqueiras, foi o progresivo traslado cara ao exterior do recinto amurallado. Xorden así novos núcleos, barrios mariñeiros de nova creación, ou antigos núcleos agora reactivados dentro dunha corrente xeral que experimentarán a maioría de centros

A cofeida como *Porta da rúa Cega* é citada por Abella (1911: 10). Esta porta é a que se abría na hoxe cofeida como rúa da Axuda. Igualmente, a *Porta da rúa Pero Sardiña*, figura nun documento de 1548. Fabeiro Gómez (1969: 12) dinos que mudou o nome da rúa, que hoxe corresponde coa cofeida como rúa do Forno. As dúas portas que daban ao río Traba coñecidas como *Porta do Forte*, e *Porta da Atafona*, son citadas por Abella (1911: 10). Por último, as portas nomeadas en documentos de 1565 e 1589 como *Porta da rúa da Laxe* e *Porta do Poxilgo* respectivamente, citadas por Fabeiro Gómez (1969: 12), estarían tamén situadas na beira do Traba. Rodríguez, P (1983): “La villa de Noya”, en *Galicia Diplomática*, t. I, n.º 41-43; Abella, S. (1911); Fabeiro Gómez, M. (1969), son os autores que facilitan información e citan documentos onde figuran os nomes das portas.

urbanos costeiros galegos³⁰. Este pode ser o caso, por exemplo, do barrio do Espírito Santo en Noia.

Ao mesmo tempo, o forte crecemento, favorecido pola florecente actividade económica, vai levar a unha ocupación dos espazos baleiros no interior dos muros, coa correspondente intensificación poboacional onde actividades de salgar e arengar sardiña van converterse cada vez máis en actividades molestas e insalubres para a veciñanza³¹.

Os arrabaldes eran o lugar idóneo para a localización daquelas actividades molestas ou perigosas que non podían realizarse no interior das vilas, como eran, por exemplo, as que se realizaban nos lagares e magueiros. En Noia, dous burgos extra muros relacionados con esas actividades molestas van verse favorecidos por estas medidas. Figuran nos planos de Simancas de 1597: un na parte norte, a carón do mar, denominado como *burgo de Lagares de Riveiro Grande*. Esta zona do *Riveiro Grande* era moi extensa e nela existían incluso labranzas. Coñecemos neste lugar a existencia de rúas

denominadas *Riveiro Grande*, *Orraca Aras*³² e *Besteiros*, e tamén neste espazo estaba situada a casa sobre a que posteriormente se levantaría o pazo coñecido como de Varela Radío. A este burgo conducía a porta de *Mazacánabos*. O outro burgo, igualmente relacionado con estas actividades molestas, situábase na parte sur da vila, ao outro lado da ponte, tamén citado no mesmo plano como “burgo chamado os Lagares”, do que Ferreira Priegue nos di que este, como outros lugares existentes na vila, “eran auténticos complexos industriais, que recibían a denominación xeral de “casa de salgar e arengar sardiña”³³. Neles había lagares, magueiros, salgas, fumeiros, pedregueiras, e todo o necesario para o ciclo completo de preparación de ambos tipos de sardiña³⁴. A propiedade de gran parte dos mesmos, dende principios do XV a principios do XVI, era do mosteiro de San Martiño Pinario³⁵, que os aforaba enteiros, por metades ou cuartas partes a varios usuarios que os compartían por rotación, a cambio de rendas non moi elevadas en diñeiro e sardiña³⁶.

30 O que semella claro é que, a partir de finais do século XIII e primeiras décadas do XIV, estes barrios extra muros van constituírse como importantes focos de actividade cara aos que se dirixe, en moitos casos, a poboación intra muros. Isto viuse favorecido igualmente, avanzado o século XIV, polo cambio de conxuntura económica en toda Europa, que vai dar lugar ao gran momento de Noia e Muros. A pesca vai ser a baza, e vai constituír a base do comercio exterior. Neste senso, o monopolio no comercio do sal, a conversión nun porto de carga e descarga do reino de Castela, xunto coa inserción no comercio marítimo europeo van ser as razóns que expliquen o período de esplendor de Noia e Muros.

31 Nun apartado das Ordenanzas da vila de Noia, feitas pola Xustiza e Rexemento de 1589, sinalase expresamente a prohibición de salgar dentro da vila: “Iten hordenaron y mandaron que ning^a persona sea osado de salar en su casa ni azer pila de sardina ni de otra pesca alguna so pena de seiscientos marabedis y beinte dias de carzel por la primeira vez y por la seg^a millrs. Y la dha sardina y pesca que le fuere allada perdida y por la tercera bez que le sea doblada la pena de los dhos mill mrs. Y perdimiento de la dha sardina y pesca que ansi le fuere allada”. Fabeiro Gómez, M. (1961): “Ordenanzas de la Villa de Noya, de 1589”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos, del Instituto Padre Sarmiento, do C.S.I.C.*, fascículo 49, tomo XVI.

32 García Oro, J. (1987): *op. cit.* p. 173.

33 Ferreira Priegue, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*, p. 150.

34 Segundo García Oro (1987: 173) era o mosteiro de San Paio de Santiago quen tiña a propiedade desta zona exclusiva que era o “Campo de la Pena do Ouro junto a la rivera del mar”, na que os veciños tiñan as súas explotacións con foro tradicional do mosteiro. Segundo este autor, o volume desta explotación e o número de afectados explica que no ano de 1464 se negociase conxuntamente entre o concello e o mosteiro sobre o futuro deste barrio.

35 O estudo dos fondos do Clero do Arquivo Histórico Universitario da USC permitiu á investigadora Manuela Pérez Mato atopar contratos de foro de lagares de San Martiño Pinario e o seu anexo Antealtares na parroquia de Santa Mariña do Obre, cunhas datas comprendidas entre os anos 1364 e 1709. Nestes acordos aparecen topónimos e micro topónimos, algúns dos cales mantéñense na actualidade. Igualmente, sinalan que pasada a ponte de Noia á esquerda localizábase no barrio do Campo de Noia a *congostra de Motesagro* e o *lugar de Riva de Tea*, e cara á ponte da Chainza localizábase a *rua dos Chans*. Pérez Mato, M. (2023): (2023): *Aproximación histórica ás Parroquias de Noia*, p. 104.

36 Ferreira Priegue, E. (1988): *op. cit.*, p. 150.



Campo de Noia ou Campo das Rodas

O Campo de Noia, ou Campo das Rodas, ao outro lado da ponte Grande de Noia, convertíao nunha réplica minúscula do burgo *Totum Bonum* no referente ao control de tránsito pola ponte. A súa existencia, ao igual que sucede no caso de Pontevedra³⁷, garantía a seguridade do burgo principal, ao tempo que o integraba no tecido urbano como un elemento propio da vila³⁸. Poucos son os datos de que dispoñemos sobre este arrabalde. A importancia mariñeira do Campo das Rodas, ou de Noia, ponse de manifesto na información de Fabeiro Gómez, quen sinala que neste lugar estaba establecido o Gremio dos Mareantes, cuxo patrón era San Nicolás de Bari. Os mariñeiros obtiveran a facultade de designar Procurador Síndico da Vila, unha das figuras máis importantes do Concello. Igualmente, cando había na vila festividades relixiosas ou civís, a Xustiza e Rexemento da Vila (Xuíces e Rexedores que formaban o Concello) acudían á metade da Ponte Grande –que separa as dúas partes da vila–, co correspondente Pendón, para recibir os representantes do Gremio e acompañalos

37 Armas Castro, J. (1992): *op. cit.* p. 115.

38 O termo cidade abrangúa un espazo rural circundante, ademais daquelas partes urbanizadas que ficaban excluídas do muro. As vilas non eran só o espazo comprendido dentro das murallas. Pola contra, fóra das mesmas existiron outros espazos que, pese á súa marxinalidade formaban parte indisoluble do conxunto urbano.

ao lugar correspondente (Casa do Concello, Igrexa de San Martiño), onde se celebraban as xuntanzas *a son de campana tañida*, ou aos sitios onde as celebracións tiñan lugar³⁹.

O nome de “Campo das Rodas” seguramente está relacionado, ao igual que sucede en Pontevedra no barrio mariñeiro da Moureira, coas rodas nas que os cordeiros de enxarcia fabricaban os cabos e aparellos de pesca, co cánabo que aquí se producía e traballaba (rúa de Mazacánabos). E un último apunte sobre este importante barrio: a gran cantidade de foros de lagares leva a pensar a algúns investigadores na aparición neste lugar dun porto secundario da vila con función principal de carga e descarga de peixe. O punto coñecido como Guindaste, presente no plano de Simancas, podería ser ese porto⁴⁰.

O CRECEMENTO LINEAL DE MUROS

Na vila de Muros, a dualidade vila cercada-arrabaldes –claramente debuxada na primeira *Pobra de Muro*–, vimos como fora destruída no ano 1389 pola piratería portuguesa. Porén, o tráxico suceso non supuxo o definitivo abandono da fórmula, senón máis ben unha adaptación mellorada da mesma. Cando, pasado o perigo, se retome o tema do regreso ao establecemento urbano, o primeiro que se formula é a construción dun novo recinto for-

39 Fabeiro Gómez, M. e Fabeiro Gómez M^a. M. (1988): *A Feligresía de Santa Mariña do Obre*, pp. 10-11.

40 Juega Puig, fala do acontecido a un navío en 1570 que tivo que recorrer a “barcos de alijo”: “en el molle de la concha desta villa, a donde el batel pudiese tomar (botas de sardina) y después de así tomada y cargada la sardina de los dichos mercaderes, para acabar de cargar en dicho navío se a de yr al Testal, concha desta villa, y allí acavar de cargar navío”, para poñer de manifesto que a progresiva degradación do porto de Noia comeza a sentirse na imposibilidade de amarrar ao porto os navíos de certa tonelaxe, a pesar de que a vila xa posuía peirao. Pero, cal sería este peirao?. Posiblemente, pensamos, podería tratarse da punta do Guindaste. Juega Puig, J. (2014): *El comercio marítimo de Galicia (1525-1640)*, p. 346.



Muros. Importancia do barrio mariñeiro
da Ribeira no Plano de Simancas

tificado con garantías que proporcione refuxio seguro en caso de perigo. Pénsase agora nun espazo cercado, amplo e ben protexido, para acoller unha poboación numerosa onde se concentren todo tipo de actividades. Por outra banda, o atraente bordo areento, o espazo máis apto para as actividades relacionadas co mar, vai funcionar como un elemento de fixación de vivendas, que fan revivir o largacío barrio da Ribeira fóra e afastado do recinto murado. O Muros medieval foise configurando así, como unha entidade urbana partida en dous espazos: a vila cercada e o arrabalde da Ribeira. O renacemento do arrabalde da Ribeira, que se estendía paralelamente á liña de costa, deriva das características funcionais e económicas da propia vila.

Fronte ao seu centro administrativo e político –que se concentraba na cidade amurallada–, aparece a Ribeira como centro mercantil, de negocios e comercial onde habitaban os pescadores e algúns comerciantes, e onde se atopaban os distintos servizos dedicados ás necesidades xerais do porto. A unha diferenciación física entre o vello burgo e o novo, vai superpoñéndose progresivamente unha diferenciación social e funcional. Así, na vila cercada vai residir o poder político e administrativo, así como o relixioso; mentres que no arrabalde van residir as xentes relacionadas

cos traballos do mar. Esta é a realidade que pretenden manter as autoridades, tratando de impedir o traslado de xente notable da vila cara ao arrabalde.

Tal como afirma García Oro, naquela vila do século XV, *"El puerto manda, la villa y el arrabal disputan"*⁴¹. Muros era máis que nada o seu porto. A actividade portuaria medra ao longo do século XV e semella ter alcanzado a súa madurez. Era Muros un dos alfolís de sal no litoral galego. A carga e descarga era unha actividade que viña desenvolvéndose con normalidade. Asociados en gremios e confrarías, os muradáns fixéronse fortes. Fóra da vila medra poderoso o arrabalde. Nel ten importantes intereses o Cabido compostelán. Tamén conseguen instalarse neste espazo extra muros importantes familias da nobreza como os Mariño de Lobeira⁴². Neste lugar, as casas señoriais instálanse na parte alta, en contacto coa montaña, no lugar máis protexido e, asemade, sen constituíren un entorpecemento para as actividades pesqueiras, que van converter o espazo ribeirogo no centro comercial e mariñeiro da vila. Ao mesmo tempo, quedaban lonxe dos cheiros producidos polas actividades de conservación do peixe.

Ante o serio perigo de despoboamento do núcleo amurallado fronte ao poder de atracción do arrabalde ribeirogo, máis próspero e cómodo –quebrantando para isto a norma que obrigaba a asentar no interior da vila sobre

41 García Oro, (1987): *op. cit.* p. 195.

42 Se prestamos atención aos veciños e ás súas casas e rúas, decatámonos dun notable afán de expansión. Está claro que aqueles veciños de certo poder económico e social aseguran para a súa morada un empraçamento distinguido e o máis cómodo posible. Pero tamén, aqueles que poden permitirse dispor de varias moradas, procuran unha casa na marxe do camiño que bordea a praia: "A outra miña casa da area en que eu folgava" dirá algún deses privilexiados. Pero será sobre todo nas décadas centrais do século XV cando comece o interese por instalarse no arrabalde, empeño no que, segundo Artaza Malvárez (1959: 260-270) van levar a dianteira os fidalgos.

todo os oficiais e artesáns—, as autoridades van reaccionar prohibindo edificar casa fora da vila cercada⁴³. En 1508, ante unha situación de abandono masivo da vila, o problema levouse aos organismos reais. De novo vai ser sancionada a obrigatoriedade de ter domicilio intra muros, e articúlanse sancións para os numerosos infractores⁴⁴. Así e todo, a pesar das

normas ditadas en contra, o despoboamento da vila cercada continúa a favor da Ribeira, que se convertera no centro de negocios da vila e posuía unhas condicións de habitabilidade superiores. O crecemento do arrabalde continuará en prexuízo da vila ata chegar a ser unha prolongación da propia vila e non só un barrio mariñeiro⁴⁵. A finais do XVI, a súa magnitude, a pesar dos impedimentos, vai superar a da vila murada, tal como se pon de manifesto nos planos de Simancas.

Nos inicios do século XVII, Muros parece converterse no centro exportador de sardiña máis dinámico de Galicia⁴⁶. O espazo urbano medra a través da estreita franxa entre a montaña e o mar. Un momento importante deste crecemento ten lugar no século XVIII. Neste momento comeza a urbanizarse o que logo será o barrio da Axesta⁴⁷. Aínda que no ano de 1476, nun documento dado a coñecer por Fabeiro Gómez⁴⁸, se fai referencia a *duas moradas de casas da giesta*, non obstante, aínda recoñecendo que no lugar podían existir algunhas construcións illadas, non sería ata finais do XVIII cando esta rúa comece a po-boarse definitivamente de edificacións. Artaza Malvárez dinos que foi no ano de 1784 cando o

43 No libro de Actas do Concello de 1560, presentado baixo forma de libro por Fabeiro Gómez (1997): op. cit., figura reflectida a visita do Dr. Carriazo realizada á vila de Muros o 16 de abril. No referente á vila e arrabaldes sinala: "Tamén atopou 'por vista de ojos', que a vila que está dentro do cercado 'y cerca antigua' está despoboadá 'y pierde en gran deformidad de la policía de la dicha Villa y habitación de ella', por mor de que saíron os veciños, e outras que novamente veñen a edificar nos campos e arrabaldes; de seguir con esa práctica, a Vila quedaría totalmente despoboadá; deben tomarse medidas axeitadas, Vistas de Ordenanzas da Vila, consultando e acordado no Axuntamento e Concello, ordenou:

Que de agora en diante ningunha persoa poida edificar casa de novo nos ditos arrabaldes nin nos campos preto a eles, téndose en conta que para edificar hai moito solo e soares baleiros na Vila e dentro da cerca, onde poden erguerse moitas casas e reedificar outras moitas, o que sería moi convinte. Que os oficiais do Concello e de oficios mecánicos que non tivesen casa de seu no arrabalde, e tivesen que alugalas se as hai sen habitar dentro da cerca, están obrigados a pasar a vivir nelas, podendo a Xustiza, so as penas que sinalase, facer cumprir esta obriga; os que "non entren a vivir" na Vila, serán botados, ata que o fagan como se mandou'.

Mentres a orde non sexa revocada, non se poderá edificar e, se se fixese a pesar da prohibición, poden ser derribadas as edificacións; esta será a mellor maneira de que a vila, dentro da Cerca, non se despoboe "pues lo bueno y cómodo no tiene defecto alguno para se despoblar y deformar, como de presente parece estarlo". A realidade que o Dr. Carriazo expón, continúa sinalando Fabeiro, pode observarse na actualidade. "As casas da Nobreza están no burgo, especialmente na parte máis alta do burgo, onde podemos ollar os escudos de armas. Non sendo os escudos da parroquial, todos os demais de que fala Artaza, están fóra da vila cercada. Parece que a Vila moi pequena, hoxe en día, compróbase, apertuxábaos moito, e os señores querían máis amplitude e comodidade"... "Quizais co temor ás invasións, buscarían tranquilidade no monte ou parte máis elevada, que está preto. Tamén estraña que estas casas non reúnan as características de Pazos, dos que os de liñaxe eran moi partidarios... Coidamos era moi boa idea, a de poboaar primeiro a Vila e despois o burgo; pois a comodidade de atopar os servizos á man era bo e decente en expresión do Provisor e da xente do Concello".

44 García Oro, J. (1987): op. cit., p. 196. Este proceso de fuxida cara aos barrios mariñeiros sucede tamén noutras vilas e cidades. Así, por exemplo, o crecemento expansivo da poboación coruñesa no século XV, vai ter lugar sobre todo na Pescadería, cuxo poboamento desmesurado ponse de manifesto no ano 1456, momento no que o concello da Coruña envía dous representantes ante Enrique IV solicitando que dite medidas para impedir que os veciños da cidade vella se trasladen a vivir ao arrabalde. Porén, a pesar das normas en contra, o despoboamento da cidade vella vai continuar a prol da Pescadería. O traslado xeral dos coruñeses ao arrabalde ten unha

explicación: A Pescadería, ao igual que en Muros, convertérase no centro de negocios da vila, e as condicións de habitabilidade desta son mellores que as da cidade alta, en Barral Ribadulla, D. (1989): *La Coruña en los siglos XIII al XV*, p. 60-61.

45 Neste senso é moi significativa a nota nº 35 do citado libro de Fabeiro Gómez (1997: 671): que fai referencia ao estudo de Artaza Malvárez sobre os escudos de armas na vila de Muros e no que este autor sinala que as rúas e casas que contan con escudo atópanse maioritariamente no burgo da Ribeira "...son as máis. Dentro da cerca moi poucos: Igrexa, Casas Fabeiro Fabeiro e antigo cuartel da Garda Civil".

46 Juega Puig, J. (2014): op.cit. p. 346

47 Artaza Malvárez, R. (1908): *Apuntes para la Historia de la Muy Leal y Muy Humanitaria Villa de Muros*, p. 15, dinos que o nome de Axesta vén do inicial *Giesta, Xesta*, que fai referencia á gran cantidade de matagueiras dese tipo (xestas) que cubrían esta parte da montaña.

48 Fabeiro Gómez, M. (1997): op. cit., p. 159.

*Xustiza da Vila afora aos veciños este lugar de Axesta junto a Santa Isabel para que allí hiciesen casas, haciéndose en dicho año una, dos en el siguiente, otra en 1786 y así sucesivamente, pagando anualmente pensión, dando una vez 500 reales, que la Justicia mandó aplicar a la obra pía de Lázaro y hospitales de la villa*⁴⁹.

RÚAS Á CONQUISTA DO MAR

O trazado viario nos barrios mariñeiros vai ordenarse, en liñas xerais, de acordo a un plano regular formado por rúas principais paralelas ás augas. Cortando transversalmente esas vías principais, van debuxarse vías estreitas que permitían poñer en rápida comunicación as augas co interior, evitando así longos rodeos. Ademais, estas rúas funcionaban como canles de evacuación de augas. As augas das choivas, xunto cos desperdicios das casas, grazas á inclinación destas rúas, camiñaban sen obstáculo cara á ría⁵⁰.

O arrabalde da Ribeira de Muros, o exemplo paradigmático de barrio mariñeiro

En Muros, a zona extra muros que conforma o coñecido como arrabalde, ou burgo da Ribeira, é o exemplo máis claro de adaptación ao medio xeográfico no que se enclava. O mar e a montaña delimitan o crecemento, deixando entambos un pequeno espazo, ou corredor, a través do cal o espazo urbano progresa. Aquí, ao igual que nas outras vilas mariñeiras, o esquema viario é máis limpo e menos confuso que no interior amurallado. O seu trazado es-

tablece un claro predominio lonxitudinal, coa propia praia como rúa primeira, á que posteriormente seguiron outras rúas paralelas a ela, dando lugar á típica estrutura de rúa de Abaixo, rúa do Medio e rúa de Arriba, tan común nas vilas mariñeiras⁵¹. Deste xeito, no espazo que comprende o arrabalde, vai aparecer unha clara xerarquía viaria, cunha serie de rúas que van adquirir o carácter de principais, mentres que outras son vías secundarias. O arrabalde da Ribeira, responde en certo modo a un tipo de trazado regular que pon de manifesto unha planificación previa de rúas principais, que se desenvolven seguindo as curvas de nivel, atravesadas perpendicularmente por outras máis estreitas, antigos sucros pluviais que, máis tarde, serán cloacas e rúas da cidade. Nalgún caso, esta norma xeral verase modificada en función da topografía da zona concreta.



Rúas en Muros

Dentro do espazo urbano extra muros, podemos apreciar claramente dous sectores que, sen dúbida, responden a diferentes momentos de evolución da cidade: o primeiro

49 Artaza Malvárez, R. (1908): *op. cit.*, p. 15.

50 En Noia, no barrio da Pescadería, a carón da rúa da *Laxe de Cabaliños*, figuran na documentación dous regatos co nome de *rio de Lamas* e *rio da Palla*. Normalmente, este tipo de regatos van circular polo medio das rúas que descenden cara ás augas do río ou do mar. Neste caso, as pequenas rúas da Pescadería ou Antón de Noia puideron xurdir destes pequenos regatos.

51 Nas Ordenanzas de 1560, as rúas do arrabalde coñecíanse como *rúa de Abaixo*, *de Arriba* e *rúas travesas*: "Que ninguna persona ni personas sean osadas de poner en la calle de Arriba ni en la calle de Abaxo y calles travesas de esta villa...". Fabeiro Gómez, M. (1997): *op. cit.*, p. 108.

sector, o colocado máis próximo ao recinto amurallado –do que xa falamos–, presenta unha trama viaria máis complexa, sobre todo na parte superior do Curro da Praza. Esta trama viaria está en relación seguramente coa pronta instalación, neste sector da vila, dun pequeno núcleo inicial, e a construción dunha serie de dependencias como o *Hospitalillo*, e tamén lugar de asento de actividades artesanais como lagares, semellantes aos que había no Chalón.

O segundo sector do burgo extra muros presenta unha menor complexidade, e nel figuran, na parte inicial que parte do Curro da Praza, dúas rúas que coinciden coas actuais denominadas de A Fonte Vella, a superior, e primeiro tramo da Real, a inferior. Estas serían as denominadas rúa de Arriba e rúa do Medio nos documentos medievais e modernos, que logo se unen e continúan nunha única rúa que viría a coincidir coa actual rúa da Esperanza e Pescadería.

As rúas principais conéctanse entre si a través de pasaxes, pequenas e estreitas rúas. Trátase das *rúas travesas*, que facilitan o tránsito e serven para intercomunicar as vías máis importantes. Conectan o mar e a praia –na que se desenvolvía unha intensa actividade–, coas partes superiores da poboación, constituíndo elementos de aforro de tempo e esforzo no senso relacional, pois acurtan o espazo no desprazamento entre o interior e o exterior do recinto. Ao mesmo tempo, dita distribución, tan característica por outra banda nas vilas costeiras, protexe as rúas interiores, do azoute dos ventos frecuentes nestes lugares. O aspecto deste tipo de plano e a súa relación co mar, fai que ás veces se denomine *plano en espiña de peixe*.


As *canellas*, *canellóns*, ou *congostras*, de mínimo percorrido e reducida anchura, ocu-

pan a derradeira posición na escala xerárquica do viario. Nalgún caso poden aparecer sen saída, son as *rúas cegas* que dan acceso a casas dispostas á marxe dun plano preestablecido. A sensación sempre é de espontaneidade, de reacción natural ante as necesidades e circunstancias de diverso tipo. Unha característica salientable en todas estas rúas travesas que conducen da beiramar ás partes máis altas do arrabalde é a acusada pendente que deben salvar. Nalgún caso as ramplas son tan pronunciadas que se fai necesaria a presenza de chanzos que faciliten o tránsito. En moitos casos estaban realizados na propia rocha. Dende a Rúa do Medio, cara á cimeira do arrabalde, estamos sempre ante rúas de tránsito dificultoso onde, a maiores da pendente, as condicións moi deficientes do chan complicaba de xeito importante a circulación ao seu través. Con frecuencia, principalmente na longa invernía, as augas procedentes da montaña invadían estas rúas, producindo nelas efectos catastróficos. Non esquezamos que moitas delas naceron aproveitando o labor de pequenos regatos. De aí que a auga era sempre un dos seus principais inimigos⁵².

As casas da rúa de Abaixo ou rúa do Mar erguíanse directamente sobre as áreas e rochas

52 Os nomes destas rúas mínimas, con frecuencia relacionados coas súas dificultades, invitan a penetrar nelas e exploralas: rúa da Soedade, rúa da Paciencia, rúa do Descanso, ... Algunha, polas súas características de subida, incluso axudada de chanzos de mínima altura, non evita o seu cualificativo: rúa do Sufrimento. O particular encanto deste rueiro recollido e íntimo, fai que a mirada atenta dalgún escritor, como é o caso do muradán Fabeiro Gómez, perciba esas particulares paisaxes viarias para logo describilas coa súa palabra cálida: "Hay calles de Muros cuya traza pintoresca y característica embelesa al más exigente de los artistas. Una de ellas, la de S. José, supone la más hermosa obra que la Naturaleza hizo al correr de los siglos: largas escaleras modeladas en roca viva por la acción corrosiva de las aguas que del monte bajan, por el constante andar de las botas marineras rebosantes de salitre, en el silencio angustioso de las noches, cuando caminan al puerto dispuestas a enfrentarse con el Destino... Otras calles, como las de D. Diego y el Cruce de la Florida, con sus casas de arcos atrevidos y sus ventanas góticas, recuerdos de lo que Muros fue..." (Fabeiro Gómez, M.[1944]: "Muros" en rev. *Finisterre*, nº 14).

da praia⁵³, e o baseamento dos seus soportais eran lambidos polas augas do mar. O tránsito por dita rúa de Abaixo realizábase baixo o continuo asoportalado e, en momentos de altas mareas e temporal, incluso dito tránsito se facía difícil.



Prazas en Noia e Muros

AS PRAZAS, ESPAZOS DE RELACIÓN

Outros elementos fundamentais do plano urbano son as prazas, espazos públicos que daban acollida a reunións de veciños con fins relixiosos, mercantís ou políticos. Nos barrios mariñeiros son varios os espazos libres que cumpren a función de prazas. Na maioría dos casos, a súa característica principal é o seu reducido tamaño. Estes pequenos ancheamentos con función de prazas xorden nas encrucilladas de rúas principais con outras secundarias, e son máis o resultado espontáneo do reenchido construtivo interior que o froito dunha planificación intencionada⁵⁴.

Este pode ser o caso da Prazuela en Noia. Ou, en Muros, as reducidas Prazoleta do Salero, preto do inicio da Rúa Real; a Praza do Cristo, espazo que se abre entre as rúas Real e a Rúa da Esperanza, as cales comunica; a Praza do Viñal, no barrio do Carme; ou a Prazoleta do Recreo. Todas elas co encanto do seu pequeno tamaño, aspecto que lles outorga ese carácter recollido e íntimo⁵⁵. En ocasións, as prazas situábanse nas proximidades das portas de acceso ás vilas medievais. A praza da Fanequeira, en Noia, praza mercantil principal relacionada co mar na Noia anterior a 1320, puido ter esa orixe.

De maior extensión, importancia e significado nos barrios mariñeiros son as prazas destinadas a acoller o conxunto de actividades mercantís relacionadas coa pesca. Son espazos abertos e máis amplos, que representan o centro de negocios e mercantil con case exclusiva orientación mariñeira. Dous espazos públicos singularizan, pola súa amplitude e linearidade, o entabado urbano nos barrios de pescadores de Noia e Muros: a praza da Pescadería Vella, en Muros, e a praza dos Lagares, en Noia. Nos dous casos estamos ante un singular espazo asoportalado rectangular, unha praza-rúa ou rúa-praza como se prefira, que vai constituír o lugar de mercado máis destacado do arrabalde da Ribeira, centro mercantil e de negocios, corazón da Pescadería.

Se ben é certo que calquera lugar era axeitado para os intercambios comerciais, razóns de funcionalidade e motivacións de orde fiscal van impor a concentración en lugares especializados. O control do peso dos produtos

53 As casas do arrabalde da Ribeira, estaban colocadas sobre a area "sitas enna area", contando con "portas e saídos contra o mar e Ribeira da dita vila". Ás veces tamén figuran "saydos e vinnnais contra o mar e Ribeyra da dita vila" ou ".saen con portas e saydos et praças et vinnaes, enna ribeyra et area da dita villa", Novoa G., M. A. (2000): op. cit.


54 Armas Castro, J. (1992): op. cit. p. 96.

55 A personalidade da praza é á veces mudada por mor da presenza dalgún elemento antes alleo. Isto sucede, por exemplo, na antiga praza da Leña, cuxo nome foi cambiado polo de Praza do Cristo a raíz da colocación no lugar dun cruceiro de pedra. "El 15 de diciembre de 1789 se colocó en la plaza de la Leña, hoy del Cristo, un crucero de piedra, mandándolo hacer Antonio de la Cruz y su mujer Melchora Sánchez, teniendo en su compañía a su yerno José Duque", (Artaza Malvárez, R. [1992]: op. cit., p. 707).

do mar era un tema transcendente co fin de impedir a fraude, e porque subministraba impostos segundo informan as Ordenanzas. Desta maneira, o peixe ten de ser comprado no lugar habilitado para iso e non no mar nin noutra parte nin *ao montón*. En Pontevedra, por exemplo, A Moureira respondía á súa especialización económica mariñeira. Calquera actividade non directamente relacionada coa pesca estaba prohibida no arrabalde e, de forma moi especial, o almacenamento e comercialización doutras mercadorías.

Incluso a venda de peixe estaba sometida a normas estritas que impedían a súa compra directa nos barcos ou nas casas dos pescadores: todo o peixe debía chegar nos barcos ao arrabalde e ser vendido polos pesos regulamentados contrastados polo concello⁵⁶. A casa da alfándega, controlada polo arcebispo, e que taxaba todas as mercadorías movidas na actividade portuaria, exercía esa función. A compra e venda de peixe estaba regulada polas Ordenanzas, que fixaban o seu prezo así como o seu obrigatorio paso polo control de peso⁵⁷.

En Noia, a casa da alfándega estaba situada inicialmente na rúa dos Lagares, actual rúa do Curro, e neste lugar realizábase a verificación dos pesos e medidas do peixe e doutros produtos. Destaca no plano pola súa anchura e carácter rectilíneo. Os seus primitivos nomes de rúa da Alfándega e rúa dos Lagares refírense as súas dedicacións iniciais. A actividade no



Noia. Praza dos Lagares, Alfándega ou Curro

procesamento da pesca na vila estaba centralizada en determinadas rúas: na rúa da Laxe ou dos Cabaliños, xunto ao río da Palla e ao río de Lamas, e tamén nas rúas de Mazacánabos e Pero Sardiña. Pero será na coñecida como rúa dos Lagares onde se concentre de xeito especial esta actividade molesta. De aí que este debeu ser o corazón do arrabalde mariñeiro a carón do Traba, incluso antes da construción da muralla de 1320. A súa mesma configuración (trátase da rúa máis ancha e rectilínea da vila) estanos a indicar unha función principal como espazo público.

Posiblemente, a función como mercado do peixe, centro da *Pescadería*, explicaría a súa morfoloxía. As vivendas mariñeiras asoportadas limitaban os seus bordos. Nos seus baixos e sotos, lagares, magueiros, fumeiros e pías de salgar e arengar sardiña construían todo o necesario para preparar o peixe. Logo, mesmo dende este espazo público, tiña lugar a súa comercialización e saída por mar ou terra cara aos mercados exteriores. Posteriormente, á construción da muralla de 1320, o crecemento da poboación –limitado pola muralla–, vai provocar unha densa ocupación do espazo intra muros, co que iso supón de incremento dos problemas hixiénicos e sanitarios.

⁵⁶ En A Coruña, a coñecida como praza do Mercado do peixe dende o século XIII, cuxa ubicación coincidía en liñas xerais co espazo da actual praza de Azcárraga, pasa a converterse no centro administrativo da cidade durante o século XVI ao trasladarse o mercado a un novo empraçamento extra muros da cidade. Barral Ribadulla, D. (1998): op. cit. p. 96.

⁵⁷ A sardiña que sobra, despois de abastecer o mercado local, adquirían os compradores ou *'regatones'* para vendérllela aos arrieiros que a transportaban nas súas mulas a Castela. Gutiérrez, A. (1968): 'Aportación a la historia comercial de Noia', p. 192.

Ese amoreamento vai repercutir directamente nestas actividades, consideradas molestas, que van ser progresivamente desprazadas do interior do espazo amurallado. Así, a primitiva rúa-praza dos Lagares vai ir transformando a súa funcionalidade ao adquirir cada vez máis importancia como praza de mercado, onde a destacada presenza da alfândega pública, que controla os pesos e medidas, vai dar novo nome ao espazo. Posteriormente, será o costume de "correr touros" o que vai outorgar o nome de Curro, co que se coñece popularmente na actualidade este espazo.



Muros. Praza da Pescadería Vella

En Muros, a Praza da Pescadería Vella, no arrabalde da Ribeira, constituía o lugar do trato do peixe por excelencia. Fronte ao papel de centro administrativo e político que pode representar a praza do Concello, a praza da Pescadería representa o centro de negocios e mercantil con case exclusiva orientación mariñeira. Aquí, o conxunto de actividades relacionadas coa pesca teñen o seu centro. A praza responde á tipoloxía de espazo alongado como ancheamento dun casarío que foi dispoñéndose a distintos niveis en paralelo á longa fronte marítima. A fachada dun singular

casarío onde o soportal, en diferentes solucións, é característico aínda na actualidade.

A visión actual responde a unha creación contemporánea. No pasado, o soportal colonizaba os laterais da rúa, e o seu espazo era de maior estreitura. Será baixo os presupostos dos plans de aliñación e ensanche de rúas e prazas levados a cabo no século XIX cando esta praza mude a súa imaxe. O proceso será longo no tempo e o resultado non será todo o satisfactorio que se pretendera⁵⁸. Esta Praza da Pescadería Vella, cos seus soportais diversos, coa súa asimetría e os seus miradoiros de madeira, era, sen dúbida, a máis recollida, típica e pintoresca praza da vila, e aínda hoxe é unha das prazas máis pintorescas de Galicia.

A venda de peixe ao por menor era unha actividade molesta polos fortes cheiros que producía, ademais de contribuír ao emporcamento das rúas onde se levaba a cabo. Esta actividade, que non dispón de despachos fixos, realizase na mesma rúa polas “pescantinas”. De aí que, no transcurso do tempo e en función das novas necesidades, os lugares de venda mudasen espacialmente⁵⁹. No entanto, nalgún caso –como sucede na vila de Noia–, cando a venda do peixe se realiza dun xeito máis estable, dá nome á rúa: rúa da “Pescadería”, referencia ao desempeño desta actividade⁶⁰.

58 García Vidal, P. (2016): *op. cit.* pp. 311-315).

59 Así, por exemplo, nun documento de 1677, e ante a imposibilidade de dicir ruísa na capela da Asunción, sita na torre principal da vila de Noia, coñecida como Porta da vila, por mor de "tener la pescadería abajo y con la algarabía e ediondez del pescado divertir al preste", o Concello toma a decisión de trasladar a peixería a outro lugar "a donde está la fuente". Hermida, M. e Arelo, J. (2008): *Efemérides noiesas*. Noia.

60 En Noia, a parte da rúa da Pescadería, o peixe tamén se vendía na praza do Tapal, nunha armazón instalada para iso, e prohibébelles ás peixeiros que se instalen na vía pública, por entorpecer o tráfico e empocar as rúas coas cestas de peixe. A. M. 1793, en Gutiérrez, A. (1968): "*Aportación a la historia comercial de Noya*", en CEG, t.23, p. 192. No ano 1881 comeza a edificarse no Malecón de Cadarso unha praza de Abastos con dependencias



Noia. Rúa da Pescadería

O ESPAZO EDIFICADO OU ESPAZO PRIVADO

Delimitado polas rúas paralelas ás augas e as rúas travesas, aparece un espazo edificable: o quinteiro ou mazá. O común é a presenza do quinteiro rectangular, se ben pode ser simple, formado por unha soa fieira de casas, ou dobre, con dúas fieiras que contrapoñen as súas traseiras. A división dos quinteiros dá lugar ao nacemento dos predios, soares, parcelas privadas nas que se constrúen as vivendas.



Noia. Quinteiros e predios

para alfándega, peixería, legumes, postos de aves de curral e caza, venda de leite, carnicerías, así como outros artigos. Porén, as condicións hixiénicas de venda de peixe non debían ser as máis idóneas, pois esta seguiu realizándose ao aire libre, baixo o pendello instalado na rúa da Pescadería. Así será ata que no ano 1956 se inaugure a nova praza de abastos.

Polos *Fueros* outorgados á vila de Noia polo arcebispo Xoán Arias a mediados do século XIII, posteriormente tamén concedidos á vila de Muros, dados a coñecer por López Ferreiro⁶¹, coñecemos as dimensións permitidas ás vivendas de nova edificación que se vaian levantar na vila⁶². Estas podían realizarse de acordo a dúas dimensións ás que tamén corresponderían tipos diferentes de impostos⁶³. Segundo isto, e tendo tamén en conta os estudos realizados por Armas Castro (1992) na vila medieval de Pontevedra⁶⁴ e que podemos considerar válidos para todas as demais vilas costeiras, podemos sinalar que a casa máis corrente sería aquela que viría ter uns 4 metros de fachada e un fondo duns 8 metros. A superficie total da vivenda sería, polo tanto, duns 32 metros cadrados. Este sería o tipo de tamaño máis corrente; non obstante, existía outro tipo de soar máis pequeno, de medio formal, que estaría reservado para aqueles cidadáns dun menor poder económico, co resultado dunha vivenda de dimensión sumamente reducida, con fachada que só presenta unha porta e unha ventá sobre ela⁶⁵.


61 López Ferreiro (1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*, [1895], pp. 508-527.

62 Sabemos, igualmente, por un documento do ano 1404, dado a coñecer por Novoa G. (2000: 31), que a raíz da destrución pola piratería no ano de 1389 do Muros inicial, o arcebispo naquel momento, García Manrique, encargado de ofrecerlles protección e confianza ás xentes para que regresen, vai protexer o novo establecemento cunha cerca pero, igualmente, vai levar a cabo o parcelamento do espazo co fin de ofrecer prazas a todos os voluntarios que se mostrasen dispostos a levantar casa na vila: "veyendo que los vezinos del dicho lugar se fueran morar a otras partes con / acuerdo del dicho conçejo nonbrara por ellos et establesçera et ordenara que repartiesen con casillas...as de dentro della cerca de la dicha villa a cad vezino la su parte en que fiziese cada de morada..."

63 "Sy algún ombre quisier faser casa en la villa en lugar que nunca fue fecha, deue dar al mayordomo u mri. Se o formal for doyto pasos en longo e de quatro en ancho. E se for medio formal deue a dar quatro soldos".

64 Armas Castro, J. (1992): *op. cit.*, p. 101.

65 Comparado con outras áreas do Norte peninsular, a medida destes solares é bastante reducida. O soar guipuscoano, por



Dimensións dos predios ou solares

Estas pezas de terreo, denominadas na documentación como *formales*, e que hoxe coñecemos como predios ou soares, constítuen o coñecido como *parcelario medieval*, produto da particular división do espazo destinado a fins privados nesa etapa histórica. O parcelamento do recinto histórico de Noia e Muros mostra, na actualidade, a supervivencia do sistema de subdivisión medieval, cuxa estrutura repetírase ata finalizar o século XVIII, caracterizado pola ampla difusión dos lotes con fronte estreita cara á rúa e desenvolvementos en profundidade variables, nos que a tendencia predominante é a fragmentación intermedia de cada parcela segundo as dúas rúas principais opostas⁶⁶.

exemplo, era de 8 metros de ancho por 12 metros de profundidade, en Arizaga Bolumburu, B. (1990): *op. cit.* p. 162-163.

66 As parcelas do conxunto urbano inicial presentan un alto grao de homoxeneidade e indiferenciación, destacando nalgún quínteiro onde se ve a tendencia a regularizar tanto a fronte como os fondos de parcela. Este é o caso das agregacións situadas nas rúas Laxe e Carriña onde, a partir destes dous eixos lonxitudinais paralelos ás augas, desenvólvense calellas perpendiculares segundo as liñas de máxima pendente, que dan lugar a quínteiros moi semellantes nas dimensións, nos que se repite a pauta de subdivisión a partir dunha liña intermedia. Tamén as rúas Cantón e Condesa sustentan un sistema de fragmentación idéntico, aínda que esta vez desenvolvido co eixo lonxitudinal das mazás, perpendicular coas curvas de nivel, mantendo a regular división en unidades rectangulares de fronte estreita con fachada única a cada unha das rúas opostas, e liña intermedia de división da parcela cando o ancho o permite.

O soar non adoita edificarse na súa totalidade. Con frecuencia, a traseira da casa resérvase como espazo dedicado a horto doméstico –a *cortiña*–. Neste espazo libre –*exido* ou *saído* na documentación–, con orientación claramente hixienista, era o lugar a onde se enviaban os detritos interiores da vivenda. Nesta pequena extensión de terreo soen cultivarse produtos hortícolas, preferentemente destinados ao consumo directo⁶⁷. Tamén se utilizaba como alpendre de animais. En moitos casos, a medida que a presión demográfica se fixo sentir, estes espazos libres foron ocupados na súa totalidade e, con posterioridade, divididos en sentido lonxitudinal.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA EDIFICACIÓN

Emprazamento, plano, muralla, rúas e prazas, ou predios, as permanencias que mellor resisten o paso do tempo, non achegan unha imaxe completa do urbanismo dos núcleos costeiros. Completar, dalgunha maneira, a súa paisaxe precisa do estudo histórico-urbanístico do tipo de edificación e de construción que se levou a cabo nestes espazos⁶⁸.

67 “Item ha de auer el mayordomo la meitad del diesmo de las ortas que labrar fuera de la villa e de las fructas de las cortiñas de la villa”. *Fueros Romanceados de Noia*, en López Ferreiro, A. (1975): *op. cit.*, pp. 508-517.

68 Achegarnos a este tema presenta unha maior complexidade, dada a destrución masiva dos modelos de vivendas antigas levada a cabo nos núcleos urbanos. Unha situación común ás vilas galegas son as escasas mostras de edificacións preindustriais de tradición medieval que permanecen en pé. A escaseza de pervivencias arquitectónicas do pasado, xunto aos limitados estudos sobre a casa popular urbana, fan que as noticias e descrições documentais das vivendas, algúns planos e fotografías de finais do XIX e principios do XX sexan algúns dos elementos empregados para achegarnos a esa arquitectura desaparecida. Ao mesmo tempo, ante esta situación de escaseza, os traballos realizados sobre determinadas cidades serven para buscar paralelismos con Noia e Muros e, desta forma, intentar reconstruír as características e diferentes tipoloxías da casa urbana presentes nos barrios mariñeiros. Os traballos de Armas Castro, Barral Ribadulla, López Carreira, Arizaga Bolumburu, De Llano Cavado, Caamaño Suárez, Lomba Molinos etc. foron de inestimable axuda.

A casa-vivenda mariñeira, con funcións relacionadas co mundo da pesca, era a construción máis importante do litoral. Trátase dunha vivenda urbana que está dentro dun núcleo de poboación, integrándoo con outras construcións dispostas ao seu carón formando a rúa. A rúa medieval adaptábase ao camiño. Os edificios ían colocándose ao seu carón formando continuos edificadros. A casa-vivenda máis corrente aséntase directamente sobre o terreo natural, con frecuencia algo soterrada. En Muros, é usual a presenza da rocha nai na superficie, de aí que as vivendas se asentaban directamente sobre ela. Nalgúns casos, a propia rocha aproveitábase como parte das paredes da casa ou soporte do patín exterior.

Como norma, os materiais utilizados responden ás características xeográficas do lugar⁶⁹. De aí que, nestas xeografías atlánticas, pedra e madeira son os materiais que predominan nas paisaxes construídas. Estes materiais atópanse próximos á vila. Unicamente o cal, co que se branquean as fachadas, indica algo non propio do medio.

69 Os avances técnicos e as facilidades de transporte de materiais permitiron, dende hai tempo, minimizar a poderosa influencia das condicións ambientais na construción. Porén, no pasado, esta influencia era notable. Os materiais de construción dispoñíbeles no medio foron desde a prehistoria aproveitados polo ser humano co fin de conseguir un lugar de habitación. Dende o simple aproveitamento das propias cavidades existentes na terra, como lugares onde gozarse, pasando polas perecedoiras construcións a base de pólas e peles tomadas da natureza máis próxima, ata chegar ás construcións máis sólidas e estables en poboados fortificados coma os castros ou posteriormente nos urbanizados establecementos dos romanos, os construtores tomaron do medio próximo os elementos necesarios para humanizar o espazo. Hai por iso unha estreita relación entre a arquitectura e o medio natural. O que se emprega e o que se elabora tómase do medio poñendo de manifesto a íntima relación de contorno natural e o home. O medio físico cunhas particulares características e o medio sociocultural van condicionar o construtor popular. Como afirma Caamaño Suárez (2003: 39) 'Coa súa propia intelixencia e forza de traballo utiliza axeitadamente os recursos que lle subministra o medio próximo que coñece ben e co que está moi relacionado e, por iso, a materialización formal das súas realizacións arquitectónicas son a consecuencia das respostas que dá aos condicionantes, tanto do medio físico como do medio sociocultural no que aquelas realizacións se asentán'.

Ata o derradeiro cuarto do século XV a inmensa maioría das vivendas urbanas estaban realizadas en madeira en case todo o Norte Peninsular⁷⁰. A razón do uso da madeira, a pesar da súa escasa resistencia ao lume ou á humidade, era que se trataba dun material abundante e barato. O predominio da madeira na construción era tal que se chegou a falar de *ciudades de madeira*, adquirindo as vilas unha fisionomía moi semellante en todos os casos. Sábese que en vilas como Betanzos, Ribadeo, Viveiro ou Mondoñedo a madeira era o material de construción practicamente exclusivo⁷¹. Por este motivo, o lume convértese nun perigo constante na cidade medieval⁷². Foi este un fenómeno frecuente, e que conduciu como a máis poderosa razón a unha substitución progresiva da madeira por un aparello máis sólido como a abundante pedra (proceso de petrificación das cidades). Para conseguir o cambio "priviléxianse" as casas de pedra sobre as de madeira, dándolles prioridade ás fabricadas "de cal e canto". Os mesmos reis Católicos ordenan construír as casas de pedra polo perigo do lume sobre as maioritarias de madeira⁷³.

70 Arizaga Bolumburu, B. (1990): *op. cit.*, p. 232. A madeira era, polo tanto, o material predominante nas primeiras vivendas. Daquelas primitivas cabanas que poboaban a ribeira no que sería o xermolo da futura vila de Muros, feitas de ramas e palla, vivendas temporais que só eran habitadas o breve tempo en que a costa aparecía libre de perigo, pasárase logo a construcións en madeira algo máis consistentes e duradeiras. En Porto do Son, ata o século XVI, estaba prohibido levantar edificacións en pedra, nin tellar as construcións senón con palla, evitando que as cabanas provisionais se convertesen en permanentes. Juega Puig, J. (2014): *op. cit.*, p. 343.

71 López Alsina, F. (1976): *op. cit.*, p. 59.

72 López Carreira, A. (1999): *op. cit.*, p. 150-151, refire catástrofes provocadas polo lume en Ourense, Mondoñedo, Lugo etc.

73 Tras varios incendios acontecidos na cidade coruñesa, ante o risco existente, e como medida de seguridade, no ano 1493 os Reis Católicos por unha real cédula ordenarán ao concello da cidade que: 'las casas della son todas fechas de madera que estan en perigo de fuego (...) vos mandamos que de aqui en delante todas las casas que se fisieran de nuevo, o se ovieren de reparar por viejas las fagays faser e fagays que fagan las delanteras e laderas de parte de fuera de cal e canto e de rapia o ladrillo e no de madera', en Barral Rivadulla, D. (1998): *op. cit.*, p. 114.

A pedra, seguramente comezou a empregarse na planta baixa das casas e para as medianeiras, xa que así contaban con muros resistentes e duradeiros para soportar a armazón de madeira, e para servir como testemuñas dos lindes dos predios cando os incendios arrasaban con todo o demais. A pedra, como sinala López Carreira, debía reservarse para as fachadas, mentres que os tabiques estarían realizados nun material máis lixeiro, como madeira ou pallabarro, sistema que aínda hoxe é detectable nalgunha construción antiga e que indica a súa supervivencia no tempo⁷⁴. Con frecuencia, a fachada non se realiza en pedra na súa totalidade, sendo soamente a parte inferior a que vai empregar este material. O sobrado presenta unha armazón en madeira con pallabarro caleado. O proceso de petrificación, como apunta Rosende Valdés no caso de Santiago, foi un proceso lento, de modo ningún repentino, que se impulsa dende mediados do XVII e desenvolverase de xeito repousado aínda que significativo⁷⁵. En Porto do Son, ata o século XVI, estaba prohibido levantar edificacións en pedra, nin tellar as construcións senón con palla, evitando que as cabanas provisionais se convertesen en permanentes⁷⁶.

Outro dos factores que van condicionar a arquitectura vai ser o clima. No lugar onde se emprazan as vilas de Noia e Muros, o principal elemento do clima ao que hai que adaptarse é a chuva. Con seguridade se trata do elemento máis perigoso para a vivenda e do que maiormente debe protexerse. A cuberta, en xeral a dúas augas, aparece formada por tellas do país procedentes das telleiras da ría.



Proteccións contra a chuva

Capeados, beirís e caneiros de cantería, que rematan en gorgazas, completan en moitos casos a cuberta. O tornachoivas protector de portas e ventás pode aparecer individualizado ou formando parte da propia lumieira.

Nos muros predomina a cachotería en seco e, menos frecuente, a cantería. A maioría das vivendas levantábanse en cachotería, o que esixía logo o seu revoco, por razóns de conservación fronte á humidade (tamén contra o salitre que dana a pedra), e tamén motivacións hixiénicas e estéticas. A pedra na fachada principal adoita ir revestida con barro caleado



Os muros en cachotería estaban pensados para ser revocados en branco deixando en resalte as boas pezas en cantería. Os muros máis expostos protexíanse de diferentes maneiras

74 López Carreira, A. (1999): *op. cit.*, p. 149.

75 Rosende Valdés, A. A. (2004): *Unha historia urbana: Compostela 1595-1780*, p. 98.

76 Juega Puig, J. (2014): *op. cit.*, p. 343.

ou unha simple pintura de cal⁷⁷, mentres que a orientada ao vendaval, o SW –a máis exposta ás chuvias persistentes–, protéxese con tella ou cunchas de vieira. Os vans son escasos e a súa confección require pezas de granito de mellor calidade coa función de enmarcalos.

Adaptarse ás condicións térmicas é igualmente importante. De aí a orientación da vivenda á procura de captar a maior inso-lación posible. Tamén a forma e tamaño dos vans, sempre pequenos, que funcionan tanto para protexerse do frío invernal como das calores do verán. As contraventás en madeira colaboraban igualmente neste labor.

O clima ou os materiais próximos son factores que condicionan a arquitectura, pero será a economía, o modo de produción, o que dará carácter ao edificio nuclear e ás outras construcións. A casa ten a función mariñeira, ou outra, e funciona ao mesmo tempo como lugar de cociña, dormitorio e, ás veces, se o espazo o permite, despensa. En moitos casos, a casa presenta unha dobre funcionalidade, como vivenda e lugar de traballo. O baixo era empregado polos mariñeiros como almacén, adegas, ou lagar de salga; no sobrado sitúase a vivenda; e directamente baixo o tellado,



Pontevedra. Retrato da Vila e Moureira (século XVI). AXS

⁷⁷ “La portada suele pintarse de cal”, Casas Torres, J. M. (1943): *op. cit.*, p. 612.

no faiado, soen gardarse obxectos do propio oficio.

PAISAXE ARQUITECTÓNICA

No *Retrato da Vila e Moureira* de Pontevedra, elaborado no século XVI⁷⁸, podemos apreciar un tipo de construción homoxénea, de pequeno tamaño e paralela á ribeira. Domina a casa de planta baixa e sobrado con cuberta a dúas augas, que deixa entre o teitume e o tellado un espazo libre que se utilizaba xeralmente como zona de almacenamento de aparellos domésticos. Este espazo, que asoma ao exterior en forma de mitra ou pincho, recibía na documentación medieval o nome de *outón*, de aí a denominación desta tipoloxía de casa como “casa en outón”⁷⁹.

Segundo isto, podemos dicir que unha das singularidades comúns na cidade medieval, á parte do seu aspecto pechado e compacto, é o carácter homoxéneo que presenta o seu espazo construído, a aparencia de uniformidade con que se mostra a paisaxe edificada. Isto vai ser consecuencia dunha serie de características comúns que singularizan as edificacións no interior do espazo urbano. Así, os edificios destacan pola súa regularidade en altura, presentando a cidade unha liña de cornixas moi homoxénea, xeralmente ocultas tras os muros da cerca máis altos, sobre as que sobresaen poderosamente da monotonía xeral aquelas edificacións singulares da cidade como o edificio relixioso ou os que simbolizan o poder civil.

Pero, ademais, tamén o volume e o aspecto exterior das vivendas presentan características

⁷⁸ Conservado no AXS, Sección de Mapas, Planos e Debuxos, VI-100, G. A., Leg. 431.

⁷⁹ Armas Castro, J. (1992): *op. cit.*, p. 108.

semellantes, pois o tamaño medio da parcela é coincidente na maioría dos casos, o deseño da fachada responde a un mesmo criterio arquitectónico, e os materiais construtivos empregados son igualmente comúns.

A planta é rectangular, cun único espazo que concentra todas as tarefas domésticas naquelas construcións máis primitivas, como a coñecida como casa terrea. A evolución posterior dará lugar a diferentes estancias separadas por taboleiros de madeira. As funcións de cociña podía desempeñalas unha simple prancha de pedra, a lareira, con unha saída de fumes ou cheminea. O servizo hixiénico podía estar no interior da vivenda⁸⁰, ás veces na parte superior, coincidente cunha cuadra inferior dos animais, ou construído como un anexo da casa na horta posterior da vivenda. Como colector empregábase o tradicional sistema de pozo negro, do que logo se extraía o esterco con destino á fertilización das terras, ou un simple caldeiro que logo se baleiraba na marea.

BREVE PERCORRIDO POLAS DIFERENTES TIPOLOXÍAS DE CASA- VIVENDA MARIÑEIRA PRESENTES NAS VILAS DE MUROS E NOIA

Na aparente uniformidade do conxunto, a diversidade maniféstase a pequena escala cando observamos con detalle e se fai presente unha múltiple diversidade tipolóxica.

A casa terrea

A casa terrea representa o modelo máis primitivo e elemental de casa-vivenda mariñeira. Aparece na documentación como *casa baixa*



Muros. Casa terrea

*terreña*⁸¹, ou simplemente como *casa terreña*⁸². A escaseza de recursos conduce a unha sinxela construción de planta rectangular con cuberta de tella do país sostida, por un entabado de madeira. Na solución máis elemental, o espazo interior aparece carente de divisións, empregándose tanto para cociña como para cuarto e almacén de redes e outros útiles de mar. A ausencia de divisións ía en contra do sentido de privacidade, de aí que nunha evolución posterior aparece compartimentado en cuartos separados por tabiques de táboas de madeira. O faiado xorde entre a cuberta e unha división horizontal de madeira. Accédese a el por unha esqueira e úsase como almacén. O pavimento era de terra e, ás veces, cubríase de madeira.

Dous únicos vans na fachada principal representa o caso máis simple: unha porta en dúas follas horizontais⁸³ e unha pequena fiestra que, nalgúns casos, servía de mostrador

81 Documento de 1476, en Fabeiro Gómez, M. (1997): *op. cit.*, p. 159.

82 *Ibidem*: 159.

83 "La puerta, como es frecuente en la misma Asturias, es de dos hojas, una vertical desde el umbral al dintel, y la otra partida en dos horizontalmente al uso de las del Bajo Aragón y la Sierra de Guadarrama", (Casas Torres, J. M.[1943]: *op. cit.*, p. 612).

80 López Carreira, A. (1999): *op. cit.*, p. 148-149.

para comerciar peixe ou produtos do mar. As pinturas con que se cobre a madeira de portas e ventás adoitan ser aquelas que sobran do pintado das embarcacións, de aí o vivo colorido (vermello, verde, marrón).

Esta elemental vivenda podía aparecer illada, ou entre medianeiras ao longo de rúas estreitas. Normalmente aséntase en barrios por detrás da primeira liña de edificacións, ao ser os seus ocupantes os de menos recursos. Na actualidade, a presenza desta casa terrea aparece cunha dedicación diferente ao pasado, isto é, usualmente coa función de almacén. Se ben, tal como afirma Lomba (1994)⁸⁴, a presenza actual deste tipo de vivendas é moi escasa nas rúas de Muros, inda que é doado seguir a súa pegada na primeira planta de moitas construcións actuais, que xurdiron por evolución, e sobre os muros das antigas casas terreas⁸⁵.

A casa do remo

Trátase dun tipo intermedio entre a casa terrea e a dun andar, na que se aproveita o espazo baixo a cuberta. O seu nome procede do feito de que o seu ancho é sempre inferior ao tamaño dun remo dunha traíña. A maior pendente da cuberta permite o aproveitamento do espazo entre esta e o teito da planta terrea como lugar de habitación. Unha fiestra no pinche facilita luz e ventilación ao novo espazo, ao que se accede mediante unha escaleira

84 Lomba Molinos, A. (1994): *As vivendas mariñeiras na vila de Muros (A Coruña)*. Proxecto fin de carreira, inédito.

85 O xeógrafo Casas Torres, no apartado dedicado á habitación do seu estudo "Sobre la Geografía humana de la Ría de Muros y Noya", pon de manifesto a presenza da casa-vivenda do pescador máis humilde, como unha "casa de una sola planta, a veces sin tabiques, donde se encuentran en una sola pieza las camas, la cocina y las artes de pesca, aunque es también frecuente que éstas se guarden en un pequeño desván al que se llega por una escalera de caracol". Este tipo de vivenda, aclara o autor referido, é xa naquel tempo pouco abundante, e os escasos exemplos que poden verse en pé destínanse a almacén de redes e aparellos de pesca. Casas Torres, J. M. (1943): *op. cit.*, p. 611.



Pontevedra. Casas de outón

interior de madeira con arranque na cociña. Unha porta e unha pequena ventá completan os vans da fachada principal. A planta terrea componse dunha sobeira, ou vestíbulo, e un cuarto frontal e, na parte posterior, unha cociña case sempre cega.

A casa do pincho

O seu nome, dado por De Llano (1983), procede do gancho que, colocado no vértice superior do muro piñón, servía para pendurar as redes e reparalas mentres secaban. Este tipo de vivenda mariñeira é característica dos núcleos costeiros da Galicia atlántica, e aparece documentada dende os inicios da vida urbana. Era frecuente que estas casas do



Muros. Casa do pincho

pincho se colocasen en medianeira formando continuos urbanos.

Dúas son as características máis sobranceiras destas vivendas: ter a súa fachada frontal no muro piñón, no que se abre unha porta e unha pequena ventá, e a súa esvelteza outorgada pola maior altura, gañada coa presenza dun sobrado sobre a planta terrea. A cuberta acostuma ser a dúas augas, co cumio perpendicular á fachada frontal. A pendente é máis pronunciada co fin de aproveitar o espazo baixo cuberta como dormitorio, ben cun sobrado ou cun primeiro andar. Dous elementos acompañan a cuberta: o capeado, que protexe o muro das posibles filtracións do tellado, e as gorgazas, que evacúan a auga do tellado cara á rúa.



Muros. Casa do pincho de dous andares

A densificación leva ao crecemento de altura das vivendas. A **casa do pincho de dous andares** constitúe un novo avance na evolución do modelo de casa terrea, encamiñada á procura de solucións distributivas e espaciais. Agora o sobrado ou faiado da casa do remo vai converterse nun andar mediante a elevación dos muros da edificación. Este ábrese ao exterior coa presenza de dúas ventás. Nalgún caso pode aparecer un corredor. Mentres a planta terrea acolle o almacén e o cortello dos animais, o primeiro andar conta cunha sala, os cuartos e a cociña.



Muros. Casa con patín

A casa con patín

Presión demográfica e escaseza de solo urbano deu lugar, ademais dun crecemento en altura da edificación, a que se producise un desbordamento da fachada sobre o espazo público. A presenza dun acceso exterior á vivenda –o patín– colocado na planta superior é o que singulariza este tipo de casa mariñeira. A súa orixe relaciónase coa solución á necesidade de maior espazo habitable na vivenda. Isto lógrase mediante a presenza exterior da escaleira de acceso. Xeralmente trátase de edificacións entre medianeiras, localizadas na

trama urbana máis arredada do mar, xa onde o próximo terreo montesío comeza a mostrarse empinado. O patín pode estar situado nun dos muros laterais da casa, aproveitando a pendente do terreo, pero tamén aparece na fachada frontal, na que pode situarse paralelo a dita fachada ou perpendicular á mesma.

No remate da escaleira aparece o patamal, que se sustenta nunha base maciza de cachotería que conforma a escaleira e a plataforma do patín. O espazo que sustenta o patamal ás veces non é macizo e aprovéitase como galiñeiro ou almacén. O patamal cumpre varias funcións: como lugar de reparación e secado de redes, como espazo de solaz nos días de verán etc. Ás veces remata convertido nun corredor ou solaina.

A escasa presenza actual nas rúas de Muros deste tipo de vivenda con patín está relacionado coa persecución nun momento da historia deste elemento por parte das autoridades municipais.

Casa con corredor

A presenza do corredor caracteriza esta variante, que se atopa espallada por toda a Galicia mariñeira. A aparición deste elemento na fachada das vivendas vai permitir abrir as casas e comunicalas co exterior por medio de ventás e portasdaire, agora mellor protexidas do vento e da chuva. Á hora de decidir o lugar que debe ocupar o corredor, a posición e orientación da casa respecto ás rúas, prazas e ventos dominantes vai ser importante. Diso depende que cumpra coa súa finalidade. Moitas casas con corredor remataron por converterse en casas con galería, de aí a escaseza deste tipo de vivendas con corredor na vila actual.



Muros. Casas con corredor



Muros. Cadro de Mariano Ramón Sánchez (século XVIII)

Casa con soportal

En Muros, a diferenza de Pontevedra, a presenza do soportal dominaba a paisaxe viaria do arrabalde mariñeiro. A particular xeografía porticada tivo un enorme peso, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo, na medida en que a súa presenza era dominante nas rúas principais; pero, asemade, contribuía a alterar significativamente a imaxe do rueiro. Así, o anónimo autor do plano de Simancas, seguramente impresionado pola presenza ubicua que impuña o soportal na imaxe da faciana marítima daquel Muros de fins do XVI, quixo deixar constancia deste feito co levantamento dun alzado dun edificio asoportalado, como querendo significar a im-

portancia e ubicuidade deste elemento naquel espazo construído ao amparo do Rebordiño⁸⁶.

Dende o punto de vista espacial, o soportal supón unha inxerencia clara no espazo urbano, permitíndolle ao propietario voar a súa casa sobre a rúa, habilitando unha hipotética beirarrúa, que así quedaría cuberta. Dadas as condición xerais das rúas, atestadas de carros, animais e materias que dificultaban o tránsito, na maioría dos casos mal pavimentadas ou simplemente de terra, as superficies porticadas supoñían sempre un lugar máis cómodo, tanto dende o punto de vista do comprador –un lugar protexido das inclemencias do tempo, carente de tramos lamacentos– como do vendedor ao permitirlles empregalo como complemento das súas tendas. Ao mesmo tempo, o espazo interior do soportal dedicábase en moitos casos como adegas de salga⁸⁷ emprazadas na planta baixa que daba ao soportal, ou onde os mariñeiros gardaban as redes, palangres e, incluso, se a situación do

mar o requiría, como o lugar no que poderen protexer as propias embarcacións.

En Muros, a parte da asoportalada rúa de Abaixo, en contacto directo coas augas do mar nas altas mareas –que figura representada no plano de Simancas citado–, igualmente, outras rúas –como a principal rúa do Medio ou rúa Real, a rúa praza da Pescadería, ademais dun tramo da rúa do Hospital e a rúa do Carne–, presentaban soportais a ámbolos lados, e as actividades económicas desenvolvíanse e expandíanse ao longo deste espazo asoportalado.

Na actualidade, os soportais están presentes en Muros –á marxe do momento ao que pertencen cada un deles– na fachada marítima



Muros. Diferentes tipos de soportal



Noia. Rúa da Axuda e Rúa do Forno con soportais. Autoría de Argimiro Suárez



Noia. Soportais na rúa do Curro

⁸⁶ O cadro de Mariano Ramón Sánchez, do século XVIII, confirma o predominio no tempo desa tipoloxía edificatoria.

⁸⁷ Casas Torres, J. M. (1943): "Las casas pescadoras del puerto de Muros ofrecen la particularidad de tener construido el primer piso sobre los soportales que dan acceso a la planta baja, donde estaban instaladas las bodegas de salazón...", op. cit., p. 612.

de xeito preferente, formando un continuo asoportalado, e en pequenos tramos nas rúas Real, Pescadería e rúa do Hospital. Nas rúas de Axesta e do Carme, nunha soa vivenda en cada caso, pode detectarse a pasada presenza do soportal.

Na Noia mariñeira temos documentada a presenza de vivendas con soportal na rúa da Peregrina, principal vía de entrada por mar, así como nas rúas do Forno, Mazacánabos e rúa da Axuda. O soportal formaba parte do espazo construído a ámbolos lados da rúa-praza dos Lagares, actual Curro, lugar central no barrio mariñeiro da Pescadería.

CONCLUÍMOS

Estaleiros, estacadas para secar peixe e redes, pozas de casca para tinguir os aparellos, alboios e alpendres con diferentes usos etc. completaban a paisaxe dos barrios mariñeiros, unhas paisaxes reflexo da actividade económica principal que neles se desenvolvía acotío. Porén, os tempos mudan e, o que antes foran espazos motores do desenvolvemento económico, tórnanse dende a metade do século XIX en lugares con diferente rol na vila. Outras actividades fabrís tómanlles o relevo ás antigas actividades industriais domésticas, e unha nova clase social demanda un maior protagonismo. A burguesía nacente precisa unha nova cidade para os novos tempos da máquina, e os vellos barrios mariñeiros pasan á marxinalidade, nuns casos –ao carecer da atención necesaria nas sucesivas reformas urbanas que se levarán a cabo (O Berbés, en Vigo)–, mentres outros, pola contra, convértese en espazos desexados pola súa situación privilexiada, polo que van sufrir un proceso de xentrificación (A Coruña) coa conseguinte

expulsión dos primitivos habitantes. Pero esta é outra historia.

BIBLIOGRAFÍA:

ABELLA, S. (1911): *La villa de Noya. Su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres*. Bos Aires.

AGRAFOXO PÉREZ, X. (1991): *400 anos na historia da vila de Noia*. Noia.

ARIZAGA BOLUMBURU, B. (1990): *Urbanística Medieval*. Donostia.

ARMAS CASTRO, J. (1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV*. Pontevedra.

ARTAZA MALVÁREZ, RAMÓN de (1908): *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria Villa de Muros*. Santiago de Compostela.

(1940): *Páginas históricas de la villa de Muros*. Bos Aires.

(1959): *La villa de Muros y su distrito*. Pontevedra.

(1992): *Historia de Muros y su distrito*. A Coruña.

ANDERSON, RUTH MATILDA (2009): Catálogo da exposición: *Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*, Fundación Caixa Galicia.

(1939): *Gallegan provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña*. New York.

BARRAL RIBADULLA, D. (1989): *La Coruña en los siglos XIII al XV*. A Coruña.

BARROS, CARLOS. (2009): *Torres, varas e demos. Os irmandiños da ría de Muros-Noia*. Noia.

2007: “A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes” en *Voces na Historia*. Biblioteca Barbantia. Boiro.

CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2003): *As construcións da arquitectura popular*. Santiago de Compostela.

CARRÉ ALDAO, E. (1980): *Geografía General del Reino de Galicia*. A Coruña.

CASAS TORRES, J. M. (1943): “*Sobre la Geografía humana de la Ría de Muros y Noya*”, en rev. *Estudios Geográficos*, nº 12. Madrid, pp. 559-639.

DE LLANO, P. (1983): *Arquitectura popular en Galicia*. Santiago de Compostela.

FABEIRO GÓMEZ, M. (1969): *La villa de Noya: Defensas, posesiones y regalías*. Santiago de Compostela.

(1990): *Páxinas históricas de Noia*. Noia.

(1997): *Páxinas históricas de Muros*. Noia.

(1944): “Muros” en rev. *Finisterre* n. 14.

(1962): “Muros, vila mariñeira”, en *Vieiros*.

FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña.

GARCÍA ORO, J. (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV*, 2 tomos. Santiago.

GARCIA VIDAL, P. (2016): *Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos I. Dende as orixes ata o ano 1950*. Noia.

(1992): “Os centros históricos das vilas da Galicia costeira: aproximación á súa problemática a través de dous casos concretos”. *VI Coloquio Ibérico de Xeografía*. Porto, pp. 129-134.

(2003): “A ría de Muros-Noia no Atlas do Rei Planeta”, rev. *Alameda*, nº 11. Noia, pp. 15-22.

(2004): “Xeografías defensivas nas vilas de Noia e Muros”, *Actas da IV Semana da Historia de Noia*, Casa da Gramática. Noia, pp. 39-69.

(2010): “Noia Portus Apostoli. A peregrinación por mar a Compostela e a ría de Muros-Noia”, rev. *Alameda*, nº 36. Noia, pp. 27-33.

(2011): “A vila de Muros: Un percorrido por unha paisaxe urbana de séculos. Algunhas claves para a interpretación dunha paisaxe urbana singular”, en *Muros. Memoria gráfica*. Deputación de A Coruña, pp. 15-70.

(2017): “As Cartas Pobras de Noia e Muros. A partida de nacemento das vilas”, en *Barbantia, Anuario de Estudos do Barbanza*, pp. 11-31.

(2019): “A muralla de D. Berenguel: memoria urbana da vila de Noia”, en *Barbantia, Anuario de Estudos do Barbanza*, pp. 11-50.

(2023): “Defender a ría en tempos da pólvora”, rev. *Alameda*, nº 65, pp. 35-42.

(2024): “A vila medieval de Muros. Claves para interpretar unha paisaxe urbana medieval. A importancia das xeografías defensivas”, 2024, pp. 27-54.

GUTIÉRREZ DE VELASCO, A. (1968): “Aportación a la historia comercial de Noya”, en CEG, t. 23.

GONZALEZ PÉREZ, C. (2015): “As catro pontes de Noia”, en *Anuario de Estudos do Barbanza*, pp. 11-124.

JUEGA PUIG, J. (2014): *El comercio marítimo de Galicia. 1525-1640*. Pontevedra.

HERMIDA, M. e AGRELO, J. (2008): *Efemérides noiesas*. Noia.

LOMBA MOLINOS, A. (1994): *As vivendas mariñeiras na vila de Muros (A Coruña)*. Proxecto fin de carreira, inédito. A Coruña.

LÓPEZ ALSINA, F. (1987): “La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra”, en *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Santiago, pp. 107-117.

LÓPEZ, ATANASIO (1916): “Hospital de pobres en la villa de Muros”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. 9, nº 106.

(1914): “Antigüidades muradanas”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº. 81.

(1947): “Memorias históricas de la villa de Muros”, en *Nuevos estudios históricos acerca de Galicia*, C.S.I.C. (Madrid).

LÓPEZ CARREIRA, A. (1998) : *A cidade medieval galega*. Vigo.

LÓPEZ FERREIRO, A. (1983): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela [1903]*. Santiago.

(1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra* [1895]. Madrid.

NOVOA GÓMEZ, M. A. (2000): *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*. Santiago de Compostela.

PÉREZ MATO, M. (2017): “Un peirao da Idade Moderna baixo o Museo do Mar”, en rev. *Alameda*, nº 54.

(2023): *Aproximación Histórica ás Parroquias de Noia*. Noia.

REGUERA PARDIÑAS (2000): “Puente de Noya”, en González Pérez, C. (edic): *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*, Noia, pp. 45-47.

RODRÍGUEZ, P. (1983): “La villa de Noya”, en *Galicia Diplomática*, t. I, nº 41-43.

SOLÓRZANO TELECHEA, J. A.: *Villas y redes portuarias en la fachada atlántica del Norte peninsular en la Edad Media*. Universidad de Cantabria. PDF.

SORALUCE BLOND, J. R. (1985): *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*. A Coruña.

VITRUBIO, M. (1987): *Los diez libros de arquitectura*. Barcelona.



*Unha travesía entre mar e pedra:
a herdanza mariñeira do Portus Apostoli*

Iria Caamaño Franco

Profesora de Socioloxía na Facultade de Turismo da UDC

A través deste artigo convidamos o lector ou lectora a embarcarse connosco nunha singradura peculiar que rememora o paseo realizado con motivo da clausura da XII Semana da Historia de Noia. Nesta duodécima edición, as xornadas articuláronse baixo un lema suxestivo e aberto a interpretacións, *As Portas do mar*. Deste xeito evocábase a tradición marítima de Noia. Este paseo converteuse, polo tanto, nunha travesía simbólica *en(tre) mar e pedra* na que reflexionar sobre o legado mariñeiro da vila e sobre os cambios inducidos polo mar.

Pero antes quero expresarlle a miña gratitude ás persoas que nos acompañaron no serán do 10 de maio do 2025, facendo desta experiencia unha vivencia compartida e enriquecedora. Tamén desexo agradecer o inestimable apoio depositado en min por parte dos seus coordinadores: Xerardo Agrafoxo e Suso Xogaina, que, coa súa dedicación e entusiasmo, fan posible este evento. E, por suposto, lembrar a Serafín Marcos por acompañarme nesta animada e ilustrativa ruta, dando vida de forma brillante a personaxes históricos como Luís Cadarso, Basilio Vilariño, Bertolo de Portor, Sebastián de Ocampo, Antón de Noia e Pietro Querini.

TEATRO COLISEO NOELA: O ALMIRANTE LUÍS CADARSO

Con preto de 1.498 km de costa, Galicia presenta un forte vínculo co mar. Considerada a fin da terra, pero tamén o centro, a través do corredor do Atlántico viu pasar fronte ás súas costas milleiros de embarcacións ao longo da súa historia, algunhas delas aínda presentes en forma de «pecio». De xeito evidente, esta estreita relación co mar salpicou as súas xentes, e tanto a súa identidade como a

memoria colectiva se foi configurando a través da historia marítima. Pódese así afirmar que Galicia posúe unha das culturas marítimas máis ricas e diversas de Europa.

O seu patrimonio marítimo abrangue peiraos, estaleiros e faros, ata elementos inmateriais como oficios tradicionais, festas, léxico mariñeiro e saberes transmitidos de forma oral. Así, o Plan da Cultura Marítima de Galicia: *Horizonte 2030* (2023), dirixido polo arquitecto e profesor da Universidade da Coruña Óscar Fuertes Dopico, representa un esforzo pioneiro por catalogar, analizar e promover o patrimonio marítimo do noso país. O plan propón 100 medidas estratéxicas para conservar e activar a cultura mariñeira galega, entre as que destacan a creación dun atlas virtual do patrimonio marítimo, a elaboración dun dicionario da cultura marítima e a posta en marcha dun observatorio específico. Este traballo, realizado en colaboración coa Universidade da Coruña e a Consellería do Mar, pretende ser unha guía para a acción coordinada de institucións e entidades na protección deste legado.

Con este contexto, non é estraño que na nosa rexión se producise unha eclosión de iniciativas, sobre todo ao inicio deste século, dedicadas á posta en valor e difusión do patrimonio marítimo (material e inmaterial) mediante centros de interpretación, museos, rutas e actividades culturais diversas que subliñan, divulgan e enriquecen esta conexión vital co mar. Pero, na xornada que nos ocupa, o foco principal foi concedido ás persoas de a pé: ás mulleres e homes que viviron co mar como horizonte e como sustento, facendo del o escenario principal das súas historias persoais. Pero non esqueceremos tampouco aqueles visitantes accidentais ou despistados que chegaron ás nosas costas sen saber ben que

agardar, e que incluso algúns deles optaron por ficar entre nós achegando a súa cultura e a súa xenética. Porque, ao fin e ao cabo, o mar de Noia, como todos os mares, sempre foi lugar de tránsito e de encontro, onde historias ordinarias e extraordinarias converxen e se confunden entre ondas e mareas. Outros, por fortuna ou por casualidade, sendo esta vila pequena, aínda que moi relevante, acabaron protagonizando grandes achados e aventuras mariñeiras que transcenderon as fronteiras locais para integrarse na historia internacional.

Dicía María Mariño *Canta auga, canta terra, canto don!* Pois imos comezar esta nova andaina entre o mar e as pedras, pasando polo mercado e baixando pola rúa Antón de Noia cunha breve parada na praza da Fanequeira, pero non sen antes dar paso ao noso primeiro protagonista en saír á escena: Luís Cadarso, nado en 1843 xusto en fronte deste lugar. Este capitán de navío era fillo de Luís Cadarso



Ayarza, natural de Viana (Navarra), e a noieira Manuela Rey de Andrade. O seu nome pasou á historia internacional por participar na Guerra do Pacífico. As súas arrepiantes cartas, onde denunciaba o desigual combate que libraban en Filipinas contra os Estados Unidos, amosaron a dignidade dun militar comprometido coa súa tropa. Polo valor demostrado na Batalla de Cavite, onde perdeu a vida no ano 1898, foi ascendido a título póstumo a almirante.

PRAZA DA FANEQUEIRA: UN CENTRO COMERCIAL ABERTO

As rúas da vila de Noia configuraban un auténtico centro comercial aberto. Así, a Praza da Fanequeira era o lugar principal de abasto de peixe, alimento esencial na dieta dos noieiros, posto que a carne reservábase só para días de festa e solemnidade. No ano 1889 instálase aquí o chafariz procedente da Fonte da Praza (Filgueiras Rey, 2015). No lugar próximo, hoxe a rúa do Curro, coñecida tamén como rúa dos Lagares, os gremios desenvolvían unha intensa actividade comercial centrada no almacenamento de sal, indispensable para a conservación dos alimentos. Na rúa dos Cuncheiros, hoxe a Carreiriña, limpábanse e esculpíanse vieiras para que os peregrinos as levasen consigo como emblema do seu camiño cara a Santiago. A chegada destes peregrinos impulsou a economía local, convertendo o porto de Noia nun dos máis relevantes de Galicia. Pola súa parte, os mariñeiros e teceláns concentrábanse na rúa de Mazacánabos, mentres que na rúa Tonelaría se elaboraban os toneis utilizados para exportar sardiñas. Con todo, a importancia económica que tivo o mar e o seu porto na historia da vila queda agora vencellada á toponimia das súas rúas.

MUSEO DO MAR: O EXPLORADOR BASILIO VILARIÑO

Desde a Idade Media, Noia formou parte das dinámicas redes comerciais do Atlántico e do Mediterráneo, participando tanto na exportación de materias primas locais e doutras partes de Galicia como na importación de bens procedentes doutros territorios. Grazas á súa estratéxica posición, consolidouse como punto central dos itinerarios medievais onde converxían rutas comerciais e camiños de peregrinación. A navegación marítima resultaba máis rápida e segura que os percorridos terrestres, favorecendo a súa elección e uso. As fontes documentais testemuñan que entre os séculos XIV e XV máis de 50 embarcacións de Noia navegaban polo Mar Mediterráneo e o Mar do Norte (Agrafoxo, 2025)

Con todo, Noia non podía deixar de lembrar esta parte esencial da súa historia e, no ano 2020, abriu as súas portas o Museo do Mar de Noia¹. Este edificio ofrece unha concatenación singular de imaxes e relatos que ilustran a riqueza cultural e mariñeira da vila. Entre os obxectos excepcionais que alí atopamos destaca, xa na entrada, un exemplar dos motores Ayón, singular anagrama do nome da vila. Estes motores, deseñados en 1952 polo oficial mecánico e torneiro José Rodríguez Fernández, fillo predilecto de Noia, forman parte do catálogo de patrimonio industrial galego, distribuíndose preto de dúas mil unidades polas costas veciñas e sendo exhibidos hoxe en museos como o Museo Salgadeiras de Moreiras no Grove, no Museo do Mar de Cedeira ou no Museo da Carpintería de Ribeira en Outes.

O museo divídese en tres plantas. Na planta baixa poden verse os vestixios da antiga muralla; nas superiores, numerosos elementos emblemáticos como as bitas de apóstolo, ferros galvanizados para asegurar velas fabricados en Asturias e trocas de esparto, exemplos vivos da histórica relación entre as fibras naturais e a navegación. Ademais, unha recente incorporación audiovisual permite que veciños e veciñas narren en primeira persoa as súas vivencias e recordos ligados ao mar.

Tamén houbo quen empregou os seus dotes mariñeiros en aventuras máis distantes, como Basilio Antonio de Vilariño e Bermúdez, coñecido como Basilio Vilariño. Este mariñeiro noiés, explorador e piloto da Real Armada Española, destacou polas súas expedicións á Patagonia entre 1778 e 1779, nas que explorou o río Negro, a península Valdés e o porto Carmen de Patagones. Vilariño faleceu en 1785 nun enfrontamento con indíxenas na Serra de Ventania (actual Arxentina), mais a súa memoria permanece viva en numerosos accidentes xeográficos que levan o seu nome, e nos diarios onde recolleu as súas experiencias.



¹ Promovido inicialmente pola Asociación do Mar de Noia

Neste contexto museístico, tamén poderíamos mencionar outros elementos importantes do patrimonio marítimo-industrial de Noia, como o Peirao na Punta do Sino, Peirao na Punta Guindastre, Peirao na Chainza, o Embarcadoiro Las Señoritas, así como instalacións industriais e preindustriais tan relevantes como a telleira de Boa, o forno da Telleira de Punta Concheiros, a fábrica de curtidos Casa de Sementeira, o antigo estaleiro na Punta Guindastre, a fábrica de curtidos J. A. Cadarso, o antigo alfolí de sal, a fábrica dos Somoza, a fábrica de curtidos de Varela, o almacén de coloniais, a antiga telleira e fábrica de tixolos, os estaleiros de Hermida, a antiga fábrica de cal ou Forno de Ferreiro, os talleres Navais ACO, o conxunto de construcións preindustriais, ou o antigo serradoiro no rego das Cunchas. Mais, dada a amplitude e riqueza desta temática, quizais sexa necesaria unha nova edición

completa da Semana da Historia para abordala en profundidade.

IGREXA DE SAN MARTIÑO: A CATEDRAL DA COSTA

Continuamos o percorrido pola rúa da Pescadería e avanzamos polo lateral da Igrexa de San Martiño ata desembocar na praza onde se erguía a fortaleza do Tapal. Esta, xunto coa muralla medieval, ofrecía protección fronte aos inimigos que, con frecuencia, chegaban por mar. Mandada construír por Berenguel de Landoira no século XIV, contaba con doce portas principais, flanqueadas por torres, e varias portas menores, coñecidas como “poxilgos”, que reforzaban o sistema defensivo. Unha delas situaríase na rúa da Peregrina, mentres que na zona de Xan de Estivadas atoparíamos unha das portas principais. Algunhas destas



portas abríanse ao mar, consolidando a súa intensa e simbólica relación. Polo porto chegaban embarcacións de cabotaxe mais tamén peregrinos que iniciaban desde aquí o camiño a pé ata Compostela.

Con todo, esta íntima relación reflíctese tamén na súa arquitectura e na arte, onde predominan os motivos mariñeiros. A igrexa de San Martiño, coñecida como a "Catedral da Costa", constitúe un exemplo sobranceiro. Nas súas arquivoltas pódense observar decoracións con cunchas que remiten á identidade mariñeira e, por suposto, ao Camiño de Santiago.

Descendendo agora pola rúa de Xan de Estivadas, evocamos a figura deste veciño cun rostro de resonancias orientais que, talvez, chegou a esta terra a través do seu porto, como tantos outros que contribuíron a tecer a identidade cosmopolita de Noia.

AS PORTAS DO MAR: ENTRE A MEMORIA E A MAREA DE BERTOLO

A comezos do século XX ergueuse o Malecón de Gasset, gañando terreo ao mar e facilitando a comunicación cos municipios costeiros da contorna. Esta zona, noutra época ocupada por talleres vinculados ao mundo mariñeiro, foi obxecto dun crecemento urbanístico nas últimas décadas do século XX e inicios do XXI, co levantamento de novas edificacións sobre antigos solares baleiros.

Historicamente, este espazo funcionou como lugar de contacto entre a vila amurallada e o mar: foi porta de entrada para incursións piratas, porto de pequenas embarcacións pesqueiras, espazo para o mantemento e reparación de útiles, punto de tránsito cidadán...

ata se converter nun aparcadoiro, que incluso chegou a ter unha estación de servizo.

A intervención rematada en 2017, coñecida como As Portas do Mar, buscou recuperar o carácter deste enclave. Segundo os seus autores, os arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo, o proxecto pretendía reabrir as antigas portas da cidade histórica. Así, o novo paseo artículase como un espazo didáctico onde o pavimento narra, mediante gravados, a historia mariñeira da vila: símbolos náuticos, nomes das antigas portas da muralla, personaxes ilustres, datas clave, ou embarcacións icónicas da ría, como o balandro *Joaquín Vieta*. Un longo banco de granito gris serpea o espazo coma se dunha muralla contemporánea se tratase, delimitando a estrada comarcal e o paseo peonil, mentres unha trama en forma de espiña de peixe estrutura a circulación e expande os seus límites. A actuación foi recoñecida no 2019 co 1º Premio dos XVIII Premios COAG de Arquitectura na categoría de Deseño Urbano, Planificación e Paisaxe.

Hoxe apenas se conservan elementos do antigo porto, mais dende este punto conflúen os ríos Tállara e Traba, que, xunto coa desembocadura do Tambre, conforman a única das Rías Baixas con dous nomes: Muros e Noia ou Noia e Muros, segundo desde onde se mire. Unha dualidade que reforza a súa identidade compartida e complementaria. Desde épocas medievais, foi centro exportador de peixe, madeira e outros produtos.

O Gremio dos Mareantes, asociado á Confraría de San Nicolás, desempeñou un papel fundamental: faenaban na ría, controlaban a produción pesqueira e organizaban a súa venda e exportación a bordo de navíos de cabotaxe. A sardiña, de maneira especial, gozaba dunha sona excepcional. De feito, no ano

1533, o porto de Noia converteuse nun centro clave do comercio da sardiña, abastecendo a Armada Real, Cataluña e Portugal. Xa en 1229, o rei Afonso IX outorgoulle á vila, xunto con Pontevedra, o privilexio exclusivo de elaborar saín², un aceite obtido da sardiña que tiña múltiples usos industriais e culinarios. Esta prerrogativa foi ratificada polo seu fillo Fernando III en 1238, segundo consta no *Tombo A* da Catedral de Santiago.

Os almacéns para o salgado e afumado da sardiña estaban situados nas beiras do río Traba, en lugares como a rúa dos Lagares, ou os arrabaldes da Chaínza e o Campo das Rodas. Algúns investigadores incluso chegaron a afirmar no século XVI que a sardiña de Noia era a mellor do Reino de Castela. O porto tamén abastecía de ostras e linguados a Casa Real, e xa se comercializaba o berberecho sementado no banco marisqueiro da Misela.

Outro recurso relevante era o argazo, unha alga recollida nas ribeiras, que tiña usos como combustible, fertilizante e mesmo materia prima para tecidos e cordas. É curioso recordar que en 1640 rexistrouse un conflito violento entre homes de ambas marxes da ría —Obre, Argalo e Barro contra Esteiro, Sabardes e San Cosme— polo seu aproveitamento. O enfrontamento acabou coa morte de Bertolo, veciño de Noia, cuxo caso exemplifica os intereses cruzados e a importancia económica destes recursos naturais (Agrafoxo, 2025).

Proseguimos o percorrido a carón de edificios que foron sede de antigas instalacións industriais. Con posterioridade ao auxo das fábricas de salga, foron conserveiras como *La Aurora*, de Alejandro Carreño e Cía (1856)



e *La Noyesa*, de J. Caamaño e Cía (1880) as que tomaron a remuda industrial mariñeira na enseada, perpetuando o vínculo histórico entre a vila e o mar a través da transformación alimentaria e o comercio marítimo.

NAO ALFONSO COSTA: E AS TRAVESÍAS ATLÁNTICAS DE SEBASTIÁN DE OCAMPO

A chamada Nao Alfonso Costa, situada na beiramar de Noia, foi realizada por un creador versátil que desenvolveu traballos nos diversos campos das artes. A súa obra está marcada pola infancia e adolescencia vividas xunto ao océano Atlántico. No ano 2003 Alfonso Costa participou con esta orixinal escultura nunha homenaxe a outro grande nome da cultura noíesa: Avilés de Taramancos. Como poeta do mar e da natureza, Antón deixounos unha obra literaria onde sobresaen a capacidade de observación, o lirismo comprometido e a conexión íntima co territorio. Nos seus escritos transpiran o sal, o vento e a memoria colectiva dunha vila mariñeira. De feito, recoñecía a influencia que tivo nel Pontenllas, un vello mariñeiro que marcou os días da súa infancia.

Mais a creatividade de Noia non se limita á literatura ou ás artes plásticas. No rueiro da vila atopamos nomes de rúas —Lagares, Pelamios, Cuncheiros, Besteiros, Tonelaría,

² O saín, aceite de sardiña, era esencial para múltiples industrias: elaboración de margarinas, pinturas, vernices, linóleos, fariña para penso animal ou como cebo pesqueiro.

Zapatería ou Carnicería— que nos remiten ás asociacións gremiais medievais. Entre elas, destacan os carpinteiros de ribeira, que tiveron o seu apoxeo nos séculos XIV, XV e XVI, asociados á Confraría do Espírito Santo, tal como testemuñan algunhas laudas funerarias de Santa María a Nova. No século XX esta tradición construtiva tivo continuidade nos coñecidos Talleres Navais ACO, tamén chamados Talleraco, situados no lugar de Barro. Hoxe, as súas naves rehabilitadas forman parte do patrimonio industrial da enseada, símbolo dun oficio que uniu o saber ancestral coa innovación técnica.

Por último, convén lembrar outra figura relevante, como Sebastián de Ocampo (1460–1514). Aínda que era natural de Tui, mantivo lazos familiares coa vila de Noia. No ano 1508, liderou a primeira circunnavegación da illa de

Cuba pola súa costa norte, segundo relatou Bartolomé de las Casas. Despois, participou con Vasco Núñez de Balboa na exploración que levou ao descubrimento do océano Pacífico no ano 1513, formando parte da avanzada galega na expansión marítima atlántica.

INSTITUTO VIRXE DO MAR: AS OUTRAS PROTAGONISTAS DO PORTO, CARMEN E TEONILA

De camiño á Igrexa de Santa María a Nova, fixemos unha breve parada no Instituto de Educación Secundaria Virxe do Mar, pois leva por nome unha advocación mariñeira moi arraigada e que simboliza non só unha devoción relixiosa, senón tamén a importancia da presenza feminina no mar.





Entre os santos mariñeiros máis venerados destaca San Telmo (Pedro González Telmo) patrón dos navegantes e pescadores dende que en 1741 fose declarado como tal mediante unha Bula Pontificia. Outro patrón con gran simbolismo é Santo André Apóstolo, identificado co colectivo dos mariñeiros. Neste contexto espiritual e social insírese a Confraría de San Bartolomeu de Noia, unha entidade xurídica de dereito público e sen ánimo de lucro que representa un dos piares históricos do sector marítimo da vila. Abrangue os termos municipais de Noia e Outes, territorios nos que o marisqueo é a principal actividade económica. A confraría agrupa a máis de 1.500 persoas, entre armadores, tripulantes e mariscadoras a pé, ademais doutros traballadores que acoden dende Portosín, Porto do Son e Muros para faenar nos bancos naturais desta ría.

No relato desta tradición tamén cómpre reivindicar a figura das mulleres que, desde a discreción dos relatos oficiais, foron protagonistas do desenvolvemento mariñeiro. É o caso de Carmen e Teonila Pérez, vinculadas coa parroquia de Barcia no concello asturiano de Valdés. Mulleres pioneiras no comercio marítimo galego, e que deixaron unha fonda pegada no porto de Noia.

Carmen Pérez estivo á fronte dunha destacada frota de embarcacións —entre as que se atopaban o *Maniños*, o *Carmen Barcia* ou o *Olga*—, consolidándose como unha das armadoras máis recoñecidas das costas galegas. Teonila Pérez, asumiu a dirección da empresa familiar sendo consignataria de navíos emblemáticos como o *Rayo*, o *San Antonio*, o *Joaquín Vieta* e o *Gabino*. Tamén dirixiu unha fábrica de madeiras no porto de Noia, contribuíndo así á integración da actividade industrial no tecido marítimo da vila (Agrafoxo, 2025).

IGREXA DE SANTA MARÍA A NOVA: HISTORIAS DE NAVEGANTES LOCAIS E FORASTEIROS

A igrexa de Santa María a Nova, espazo funerario, gremial e espiritual, actúa hoxe como museo. As lápidas gremiais falan cunha linguaxe propia. As de motivos mariñeiros son as máis abundantes na necrópole, o que pon de manifesto a súa relevancia. En canto á sociedade mariñeira, cómpre lembrar que a pesca constituía unha das ocupacións primordiais, mais non todos gozaban do mesmo rol social: os mariñeiros, máis humildes, traballaban por unha parte da captura e raramente formaban confrarías. Pola contra, os mareantes, dedicados á pesca en grande escala e á súa comercialización, agrupábanse

en gremios e confrarías cun claro predominio dos propietarios e patróns das embarcacións.

Entre os exploradores vencellados a Noia que participaron nas expedicións atlánticas do século XVI, cómpre mencionar a Lorenzo de Armada, enrolado na segunda viaxe de Colón ao Caribe, e a Xoán de Noia, embarcado na cuarta viaxe colombiana na procura das terras situadas máis aló da liña marcada polo Tratado de Tordesillas. Outro nome singular é o do grumete Antón Varela, tamén coñecido como Antón Gallego ou Antón de Noia, quen partiu o 10 de agosto de 1519 na expedición de Fernando de Magallanes, co obxectivo de atopar a Ruta do Paso e demostrar que as illas das Especiarias ou Maluco se atopaban baixo xurisdición española. Antón de Noia faleceu o 27 de abril de 1521 na baía filipina de Mactán, xunto a outros homes da tripulación, unha historia que simboliza o drama colectivo das grandes viaxes oceánicas.

Neste mesmo espazo resoa tamén o eco dunha das viaxes máis incríveis do século XV: a de Pietro Querini, capitán veneciano que, logo dunha odisea mariña desde Creta a Flandres a bordo da *Querina*, viu o seu rumbo desviado ata recalar no peirao de Muros, desde onde peregrinou a Compostela. O seu relato testemuña un dos primeiros indicios do Camiño da Ría de Muros e Noia. A súa travesía proseguíu ata as illas Lofoten, en Noruega, onde descubriría o bacallau seco, alimento que levaría a Venecia e que tería despois enorme impacto comercial e cultural. A súa memoria vive hoxe na *Via Querinissima*, un itinerario cultural europeo impulsado por entidades de Italia, Noruega e Suecia, que busca recoñecer a importancia das conexións atlánticas e o papel das vilas como Noia nos tránsitos marítimos europeos.

Con este percorrido *en (tre) terra e mar* despedímonos un ano máis a través destas



páxinas do *Anuario Barbantia*. Grazas a el intentamos salientar que, fronte ás tensións entre conservación e desenvolvemento, é posible construír futuros que integren as narrativas locais nos planos histórico, xeográfico e emocional. É dicir, abrindo novos camiños —como fixeron Antón de Noia, Pietro Querini, Carmen Pérez ou Bertolo de Portor— a través do mar, da vida e da palabra. É momento, pois, de reinterpretar e subverter as narrativas históricas e sociais preestablecidas, outorgando máis voz ao pobo, aos segmentos sociais que poucas veces atoparon presenza destacada nos libros de historia, pero que protagonizaron a vida cotiá e sostiveron as comunidades.

BIBLIOGRAFÍA

Agrafoxo, Xerardo (2025). *As Portas do Mar de Noia*.

Carmona Badía, Xoán (1989). *Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII*. Grial, T. 27, nº 102, A Ilustración en Galicia (abril-xuño), pp. 216–226. Editorial Galaxia S. A. URL estable: <https://www.jstor.org/>

Filgueiras Rey, Ana (2015). *Cadernos divulgativos da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico*. Serie Memoria Viva de Noia: Augalevada. Concello de Noia.

Freixanes, Víctor F. (2004). *Basilio Vilariño*. IV Semana da Historia de Noia. Homenaxe a Avilés de Taramancos. Casa da Gramática Porta Azul.



*D*as guerrilleiras exiliadas

Aurora Marco

Doutora pola USC, catedrática, profesora, investigadora, ensaísta, escritora

INTRODUCCIÓN

Ao enfiarmos as primeiras liñas do texto lido no acto en honra das madriñas republicanas, viñeron á mente as audicións radiais do pintor e escritor Luís Seoane en Radio Libertad de Buenos Aires, recompiladas e publicadas bastantes anos despois¹. Aqueles encontros a través das ondas coa colectividade de emigrantes, “Nunha cita coa saudade”, duraron dezasete anos, de 1954 a 1971. É moi posíbel que algunha vez, ou moitas, as escoitase Dolores Rodríguez Sende, unha das homenaxeadas no acto, que chegara a Buenos Aires en 1953 e residiu alí moitos anos.

Na emisión do 27 de setembro de 1959, “A historia e os heróis populares”, Seoane quixo trasladar as loitas de homes e mulleres a prol de causas xustas para o que simulou unha conversa arredor da lareira. Paga a pena reproducir algúns fragmentos (Braxe/Seoane, 1989: 309 e ss.):

Vamos supor-nos todos por un interin darredor do fogo da lareira campesiña. É unha longa noite de inverno. Cada un narra de vez, ao seu turno. (...) Algún conta, pode ser un de nós, desa muller que após dunha batalla morreu acribillada a tiros á porta da súa casa en chamas. Era unha nai campesiña, vestía polos seus mortos de negro para sempre e tivo, cando lle chegou a hora, o xesto heroico das mulleres de Galicia. A campesiña pertencía ao Concello de Cesures (sic) e chamaba-se Manuela Sánchez. É posíbel que algún romance se refira a ela. Agora cala-se

o seu nome. Calan-no os “bachareles do medo” e o medo.

(...)

Hai un silencio e outro de nós narra outro anaco de historia. Os campesiños, conta, acudiron ao enterro, hai doce anos, nun lugar cercano a Ordes, do mestre de escola (sic) Manuel Ponte. Os seus feitos están vivos nas montañas de Galicia (...) Como Ponte e Manuela Sánchez comezan a saír da lembranza outros heróis e novos feitos que o tempo pasado transforma xa en lenda. Son os nomes calados durante moitos anos que aínda gardan turno para ocupar o seu posto na historia do país galego.

(...)

Alguén virá que recollerá eses nomes que agora evocamos nebulosamente. Seleccionará fielmente feitos e dados, controlará datas e contará con toda verdade as suas vidas (...) No libro escolar da futura Galicia eses nomes e outros moitos terán a súa efíxie. Cada vez máis idealizada por novos artistas e, ao lado das suas biografías, das datas dos seus sacrificios, citarán-se os poemas e as cancións que novos poetas lles dedicarán.

Son ben coñecidos pola súa actividade na guerrilla antifranquista os dous nomes a que se referiu Luís Seoane. Os nomes calados doutros e doutras agardaron turno para ocuparen o seu lugar na historia. Eles, os resistentes, comezaron a saír do longo silenciamento nas últimas décadas do século XX. Elas seguiron bastantes máis tempo ausentes da historia, aínda que Manuela Sánchez –que en realidade se chamaba Manuela López Suárez–, de Probaos, San Vicente de Carres (Cesuras), ficou inmortalizada a través de textos en prosa inzados de panexíricos e poemas (de Rafael

¹ BRAXE, Lino & SEOANE, Xavier (1989): *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane “Galicia Emigrante” (1954-1971*. Sada: Edicións do Castro.



Manuela Sánchez. Gravado de Luís Seoane

Alberti e Juan Miguel Romá, entre outros), que a converteron na heroína da guerrilla galega. No poemario *Lonxe* (1954), de Lorenzo Varela, figura a composición “Manuela Sánchez”, e Luís Seoane imaxinou a súa efíxie e fixo un gravado.

AS GRANDES SILENCIADAS

Entrando xa no tema, a liña de investigación sobre mulleres represaliadas, en xeral, e sobre as guerrilleiras e exiliadas, en particular, fai parte do noso traballo desde hai anos. Cando comezamos aquela investigación a bibliografía sobre a guerrilla aumentara e tamén se realizaran valiosos documentais, materiais que nos permitiron ter unha visión máis completa daquel movemento e das persoas que o protagonizaron. Mais, exceptuando

casos illados –como o de Enriqueta Otero Blanco, Manuela López Suárez, Josefina Gallego Abeledo ou Consuelo Rodríguez López– no que di respecto ás mulleres, non había, como no caso dos guerrilleiros, monografías, traballos específicos sobre elas por ese exercicio de ocultamento que excluíu as mulleres da historia. Naqueles materiais había nomes de mulleres –ás veces sen apelidos, o que dificulta sempre a investigación–, datas de encarceramento e/ou fusilamento, alusión ás causas e consellos de guerra, e pouco máis. O baleiro informativo era case total. A recuperar traxectorias de resistentes antifranquistas dedicamos máis de catro anos, un demorado traballo que se plasmou no ensaio *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Laiovento, 2011) e no documental *As silenciadas* (2011), dirixido por Pablo Ces Marco, baseado en seis historias do libro citado. Tres foron os obxectivos que nos marcamos na investigación: a) recoñecer o papel que desempeñaron as mulleres naquel movemento de resistencia; b) recuperar e visibilizar as súas descoñecidas traxectorias, testemuños e actividades de compromiso polas causas da liberdade e a xustiza que a historia tradicional e androcéntrica nos furtou; c) contribuír á elaboración dunha nómina de guerrilleiras galegas do monte e da chaira.

Para sabermos delas, ausentes das fontes escritas, foi imprescindible acudir a fontes orais, unha técnica de investigación que permite unha aproximación á realidade de grupos sociais situados fóra das esferas do Poder, como lembra Fernanda Romeu en *El movimiento guerrillero de los años 40* (2003). Porque non só a resistencia heroica masculina, que recollen as fontes documentais clásicas, está na base da oposición ao franquismo. Era preciso atender esa parte máis oculta ausente das fontes escritas –“o eixo invisíbel do acontecemento histórico”, en palabras de

Romeu–, visibilizar as súas accións e afirmar e reivindicar o seu recoñecemento social.

GUERRILLEIRAS DA CHAIRA E DO MONTE

Elas habitaron os espazos do silencio durante moitos anos e as súas actividades na guerrilla ficaron, na maioría dos casos, gardadas no baúl da memoria, entre os muros das casas, lembradas en voz baixa, case en murmurio... A súa foi a crónica das silenciadas, sen voz e sen letra, porque foron obxecto dunha dupla falta de memoria: por seren desafectas ao novo réxime e pola súa condición feminina. Na actualidade sabemos que a súa colaboración foi determinante para a supervivencia das dúas organizacións que operaron en Galiza na década de 1940, a *Federación de Guerrillas León-Galicia* (1942) e o *Exército Guerrilleiro* (1944).

O fardel das guerrilleiras que entrevisamos para recuperarmos a súa voz, a voz da memoria democrática, estaba acugulado de dor. A súa imaxe foi distorsionada polo franquismo porque non se adaptaran a aquel modelo ideal feminino con que trataron de enformar as mulleres na ditadura: submisas, recatadas, doces e bondadosas, reducidas ao cumprimento dunha serie de roles tradicionais que as excluiron dos mecanismos de participación social, alonxadas da actividade pública e, polo tanto, política. Naquela tarefa foi clave o apoio da Sección Femenina e da Igrexa. É claro que as guerrilleiras non vestiron aquel corsé. Entregadas á defensa dos valores democráticos, violentados pola forza das armas, alén da violencia exercida sobre elas –violencia sexual, nalgúns casos–, houbo tortura moral ao lles negar o recoñecemento do seu compromiso antifranquista e ao facelas pasar como “as amancebadas con”, “as queridas de”, “as amantes de”, como recollen as actas



Fragmento do certificado de defunción de Josefa Escourido Cobo

dos consellos de guerra, e non só. E tamén ao referírense a elas como bandoleiras. O certificado de defunción de Josefa Escourido Cobo, guerrilleira de Oural (Lugo), é esclarecedor: a maioría dos apartados aparecen sen cubrir porque “se ignora” todo, menos o referido á profesión: bandoleira.

Neste sentido houbo que comezar por restituír o seu nome: foron guerrilleiras, non bandoleiras, como figura en documentos oficiais da época. O testemuño de Consuelo Rodríguez López, *Chelo*, é esclarecedor (Marco, 2006: 75):

“Queríamos a liberdade e loitábamos contra Franco. Eu estaba disposta a dar a miña vida polos compañeiros. Éramos como irmáns, como unha familia unida: a onde ían os compañeiros, ía eu, e se ían á morte, eu íría con eles. Por iso non admito nen nos libros, nen na historia, en ningunha parte, que se diga de nós que éramos unhas putas. Iso o dicían os fascistas e a Garda Civil.”

Foron moitas as mulleres implicadas na guerrilla, sobre todo como enlaces, como colaboradoras en numerosas aldeas e vilas

galegas –este foi un movemento de base fundamentalmente popular–. Son as que coñecemos como guerrilleiras da chaira, para distinguilas das do monte, isto é, as que pasaron á clandestinidade. As tarefas fundamentais que realizaban relacionábanse con labores de intendencia e asistenciais, accións fundamentais de resistencia fortemente penadas: abrir novas casas de apoio, trasladar avisos, proporcionar roupa, comida, medicinas; comunicar por onde andaba a Garda Civil; enlazar con outras colaboradoras; introducir armas no cárcere de Ourense, como fixo *Chelo*... A súa actividade era moi perigosa porque estaban permanentemente expostas e carecían de armas. Sobre as guerrilleiras da chaira, o descoñecemento era moi grande: dentro de moitas casas gardáronse historias de enlaces que perduraron na memoria familiar mais non se escribiron e, sen elas, a Historia estaba incompleta. A súa colaboración foi vital para os compañeiros porque puideron contar cunha ampla rede de apoios, construída a base de complicidades ideolóxicas e compromisos persoais. Por iso as perseguían con saña.

Temos recollido a historia de numerosas enlaces no ensaio citado: as irmáns Carmen e Xosefa Eive Vilar (Xicos, Cabanas), Olimpia Barcia (Xicos, Cabanas), María Abeledo Lourido e as súas fillas Clementina, Josefina e Marita Gallego Abeledo –as dúas últimas pasaron despois á clandestinidade– (Mugardos), Carmen Filgueiras Vázquez (Mugardos), Valbanera Parcero Couto (Lañas, A Baña), Petra Centeno e as súas fillas Oliva e Luísa López Centeno (Chavaga, Monforte), Carmen Jérez Rodríguez (Fervenza, Barco de Valdeorras), Estrela Cela Arias (Eixibrón, Becerreá), Carmen Fernández Seguí (Sandiás, Ourense), Josefina González Cudeiro (Ourense), Josefa Penabad Bouza (Santa María de Cabanas, O Vicedo); Isabel Ríos Lazcano (Curtis), María Pérez Mellid



Con Carmen Filgueiras Vázquez, enlace de Mugardos, 2006



Con Ludivina Valle Fernández, encarcerada 5 anos e desterrada a Vigo, 2007

(Curtis), María del Carmen Rivas Vaamonde (Ordes), Gloria Blanco Diéguez e a filla Gloria Blanco Blanco (Freixido de Abaixo, Petín), Ludivina Valle Fernández (Casaio, Carballeda de Valdeorras) e un longo etcétera.

Canto ás guerrilleiras do monte, foron poucas as que se incorporaron aos destacados –aínda que nas organizacións galegas a súa presenza non foi tan minoritaria como noutras organizacións do Estado– porque naquela altura, na guerrilla e na esquerda en xeral, se practicou a discriminación de xénero, e había reticencias para se incorporaren aos grupos clandestinos. A maioría das que estiveron nesa situación foron primeiro enlaces e, cando estaban en perigo, ocultáronse en refuxios subterráneos, en casas de apoio e



Restos dun refuxio no Teixadal (Casaio-C. de Valdeorras)



"A Fortaleza", casa de apoio da guerrilla en Soulecin (Barco de Valdeorras), 2006. Derrubada na actualidade

nas bases que os compañeiros prepararan en serras e montes de difícil acceso. No novo estatus de vida clandestina algunhas estaban armadas –outras non quixeron armas– e participaron en combates, fixeron gardas como os compañeiros; cargaron cos seus macutos nas longas marchas nocturnas; traballaron na esfera da propaganda, participaron nas discusións políticas e, as que non sabían, aprenderon a ler e escribir nos "chozos" da Cidade da Selva, nos montes de Casaio. Mais só unha, a mugar desa Marita Gallego Abeledo, chegou a comisaria política do destacamento "Enrique Lister" da IV Agrupación do *Exército Guerrilleiro*. Naquel tempo, o código do comportamento das mulleres viña marcado polo discurso social dominante, que enlazaba cun rancio e discriminatorio modelo feminino.

E aquel discurso tamén atravesou o mundo guerrilleiro.

Estiveron na clandestinidade, circunstancialmente ou durante un tempo prolongado: Fina e Marita Gallego Abeledo, Consuelo e Antonia Rodríguez López, Carmen Fernández Seguín, Domitila Gutiérrez Alba, Gloria Blanco Diéguez, María Amado Otero, Carmen Temprano Salorio, Josefa Escourido Cobo, Celia González Pernas, Antonia Díaz Pérez, Josefa Ramiro Souto. As cinco últimas caeron na defensa dos seus ideais.

A vaga represora, que adoptou diferentes facianas, foi especialmente cruel con todas elas polas dimensións e a ferocidade dos métodos utilizados. Finalizada a guerra, pouco tempo tiveron algunhas para seguir amparando, dando acubillo aos resistentes porque a súa vida foi segada de forma violenta: aforcadas nunha cerdeira (Concepción e Remedios Fernández Cadórniga), afogada no río (Encarnación Valle Carrera), fusiladas (Amalia López Ojea, Carmen Jérez Rodríguez, Carmen Temprano Salorio, Manuela Teiga Rojo, Antonia Díaz Pérez, María López Casanova, María López Suárez, Celia González Pernas, Josefa Ramiro Souto), queimada (Josefa Escourido Cobo). O desterro foi outra modalidade de represión e moitas familias de guerrilleiros foron deportadas. Nas zonas de Ordes, Oroso, Curtis, por exemplo, utilizouse moito esta forma de castigar a quen colaboraba coa guerrilla. Mulleres soas ou familias case enteiras de guerrilleiros –até oito membros da familia Remuiñán Barreiro, de Ordes– foron conducidas a distintos cidades e pobos de Castela (María, Isolina e Dolores Nouche Costa, Asunción Remuiñán Barreiro, María del Carmen Rivas Vaamonde, Pura Couto Sanjurjo, Matilde Pérez Vilariño) e algunhas morreron alí (María Pérez Mellid, Antonia Barreiro Recousó).

As que padeceron o sistema carcerario franquista ficaron marcadas de por vida por aqueles anos de cativeiro. En *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* recollamos duras experiencias penitenciarias de guerrilleiras galegas, que pasaron polas prisións da Coruña, Ourense, Lugo, Celanova, Bande, Quiroga, O Barco, Ponferrada, Astorga, Villafranca del Bierzo, León, Amorebieta, Saturrarán, Ventas, Prisión Central de Segovia, Alcalá de Henares. Con algunhas, o mostrario de torturas foi es-tarrecedor. Co eufemismo “fixéronlle de todo” algunhas fillas e netas das que padeceron aquelas vexacións daban a entender, con toda clareza, que as súas nais e/ou avoas foran violadas, aínda que algunha informante só pronunciou esta palabra unha vez apagada a gravadora. Houbo abusos sexuais, violacións, e outras torturas refinadas porque o corpo das mulleres se utilizou como campo de batalla e



Carmen Rodríguez Nogueira cunha nena no colo, o seu home ao lado e outros membros da familia

como unha forma de humillación, cara elas e cara aos seus homes ou mozos.

Das que sobreviviron, varias iniciaron un duro camiño polas rotas do exilio que, nalgúns casos, nunca tería volta; outras volveron cando morreu o ditador. As que permaneceron na súa terra, viviron un duro exilio interior. Unha guerrilleira de Becerreá, Domitila Gutiérrez Alba, que estivo tres anos na clandestinidade, refuxiouse oito meses no convento de Cristo Rei de Viveiro (Lugo), con outra identidade (Consuelo Lenza Pereira), simulando que ía estudar para escapar da represión desatada contra a súa familia.

DOUS NOMES PARA A LEMBRANZA

Unha das historias máis duras que nos trasladou a súa familia é a de Carmen Rodríguez Nogueira, nacida nos Alvaredos, Montefurado (Lugo) en 1912. Ao seu home, José Maximiliano López Centeno, traballador da Renfe, republicano, socialista, detivérono en agosto de 1937 e fusilárono en Lugo en xaneiro de 1938, cando contaba 30 anos de idade. Despois da súa morte, e con dúas nenas pequenas, comezou para Carmen Rodríguez unha longa etapa de tortura física e psicolóxica que só finalizaría coa morte do ditador. Tortura psicolóxica porque, ademais de perder o home, durante certo tempo non houbo confirmación oficial daquel fusilamento e Carmen recibía cartas asinadas por el, nun exercicio de in-críbel crueldade (“Carmen, axiña me reunirei contigo...”). Tan pronto como recibía estas cartas, viña a Garda Civil a busca-la; avisábaa a veciñanza e axiña marchaba para o monte a agacharse.

Un día chegaron á casa onde vivía cos seus pais e as nenas dous homes buscando acobillo

e mantenza. Dixéronlle que eran amigos de José Maximiliano, que estiveran con el no cárcere, e ela comezou a axudalos e a colaborar coa guerrilla: a casa do seu irmán Vicente, ao lado da familiar, converteuse durante moito tempo non só en casa de acollida senón en lugar de reunións da guerrilla. Alí tiñan unha emisora. Cando había perigo, ían a unha mina que había perto e Carmen leváballes o que precisaban porque facía de enlace. Tamén lles abriu casa en Montecelo-Chavaga (Monforte), onde vivía a familia do seu home.

A seguir do combate que tivo lugar o 20 de abril de 1949 en Chavaga, onde caeron membros da familia e varios guerrilleiros, detiveron varias enlaces, entre elas Carmen, e leváronas ao cárcere de Quiroga. Alí foi salvaxemente torturada: arrincáronlle as uñas das mans e dos pés, queimáronlle as pestanas, as axilas, a vaxina, rapárona, pegáronlle palizas, abusaron dela... A punto estivo de ser fusilada mais o xenro da súa madriña era garda civil e puido salvara da morte, non da represión posterior. De Quiroga pasou ao cárcere de Lugo onde se celebrou o consello de guerra da causa 318/49, instruída polo suposto delito de auxilio a "bandoleiros"; foi condenada a 12 anos de prisión como cómplice do delito de ter formado partidas armadas dedicadas á bandidaxe, segundo a "Ley sobre Bandidaje y Terrorismo" de 18 de abril de 1947 e trasladárona á Prisión Provincial de Mulleres de Madrid. Como os cárceres non se podían soste con tanta xente, obtivo a liberdade en 1954. Ao saír, reuniuse coas dúas fillas e foi vivir á Coruña. Alén do afastamento familiar, das secuelas físicas, as psicolóxicas non finalizaron até 1975: ao trauma polo acontecido hai que engadir que cada verán, ao chegar Franco a Meirás, tiña dous policías á porta e así durante anos e anos, até a morte do ditador: mentres duraba a súa estadía, non se podía mover

sen os gardas ao lado. Até tal punto estaba atemorizada que, xa na democracia, ao ir arranxar a documentación para cobrar unha pensión, negaba ter estado no cárcere –por temor a que a volvesen meter– e negaba ser a muller dun fusilado...

A historia desta muller, moi resumida, chegounos ao máis profundo, se cadra por estar viva cando puidemos recuperala. A entrevista realizada coa filla e netas en agosto de 2006 será difícil de esquecer, igual que o emocionado correo-e dunha das netas: "Para miña nai foches unha terapia boísima, o falar contigo fíxolle un beneficio extraordinario". Carmen Rodríguez Nogueira morreu en 2007.

MARÍA DOS REMEDIOS GALLEGO ABELEDO

Unha das familias que máis se involucrou na defensa dos ideais e dos valores que representou a República foi a formada por Manuel Gallego Durán e María Francisca Abeledo Lourido e os sete fillos e fillas habidos no matrimonio. A vida mudou radicalmente para aquel núcleo familiar cando asasinaron o pai en agosto de 1936: visitas constantes de gardas civís e falanxistas, rexistros, ameazas, detencións, sospeitas. María Abeledo, magoada pola dor profunda que supuxo o fusilamento do seu home, decidiu axudar outros republicanos e a súa casa converteuse en apoio fundamental da guerrilla, coa que colaborou toda a descendencia, desde a clandestinidade ou desde a chaira. Ao igual que os catro fillos, as tres mulleres, Clementina, Josefina e Marita, entregáronse ás actividades da resistencia antifranquista. Lembramos a irmá máis nova, coñecida como Marita no círculo familiar.

Nacida en Vigo en 1928 e instalada a familia en Mugardos, cando contaba 20 anos pasou á clandestinidade na compañía da súa irmá Fina. Das tres irmás era a que tiña máis formación política. Primeiro como guerrilleira da chaira e despois como guerrilleira do monte, sabía manexar armas e, malia non termos constancia da súa participación en combates, as dúas irmás ían armadas e facían as gardas nocturnas como os seus compañeiros. Marita era unha muller valente –como a definiu o seu compañeiro na vida e na loita, Francisco Rey Balbís, *Moncho*–, do que dera mostras o 28 de febreiro de 1947 cando se produciu o naufraxio da lancha *La General*, na que morreron varias persoas: ela ía volver á casa desde Ferrol e non só se ocupou de salvarse senón que axudou no rescate doutros pasaxeiros, o que lle valeu un recoñecemento das autoridades polo valor demostrado.



Marita Gallego Abeledo co seu irmán Juan, caído en combate en 1949, en Forcón-Silán (Muras)

Na esfera da propaganda, desenvolveu un importante traballo, tarefa complicada que requiría certa discreción, porque a vixilancia era constante. Era a encargada, entre outras cousas, de subministrar papel e tinta para a tirada de *El Guerrillero* e para iso debía moverse de Mugardos a Santiago de Compostela e burlar todos os controis, que non eran poucos, mais tiña carisma, serenidade e coraxe para levar a termo con éxito as misións encomendadas. A súa actividade clandestina desenvolvíase en zona urbana, o que acrecentaba o risco. En función do traballo a realizar, disfrazábase de tal modo que era moi difícil recoñecela. Muller disciplinada, adquiriu formación política e foi nomeada Comisaria Política do Destacamento “Enrique Lister” da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro. A designación fíxose atendendo ao seu labor e ao grao de entrega e responsabilidade demostradas.

Tras andar dous anos clandestina, en 1950 fuxiu a Francia a través dos Pirineos co seu compañeiro *Moncho*, Xefe da IV Agrupación, e un guía, nunha viaxe sumamente arriscada, camiñando por sendeiros que bordeaban profundos precipicios. Ao chegaren a territorio francés, *Moncho* púxolle como nome de guerra *Lina* polo valor que demostrara, en homenaxe a Lina Odena, a valente comunista que preferiu suicidarse antes que caer en mans do inimigo. Coa axuda do PCE francés lograron instalarse en París, mais a vida non foi nada doada para a parella porque tiveron que vivir na clandestinidade. Ela adoptou o nome de Josefa López Mirasol, filla de Emilio e Adela, nacida en 1918, e solteira a efectos legais.

En París, alén doutras tarefas, seguiu traballando na propaganda, fixo de enlace entre comunistas españois e franceses e entrou varias veces en España con documentación falsa, para levar a termo complicadas misións.

Nunha delas, entre o 2 e o 3 de novembro de 1951, cumpriu o seu cometido en menos de 24 horas, seguindo as indicacións da dirección do PCE, e ao finalizalo deixou un informe coa data de 2 de decembro dese ano (Marco, 2016: 68-69). Chegou a Ribadeo, de alí foi a Pontedeume e achegouse a unha casa en San Martiño, que fora punto de apoio de información e provisión de alimentos. Como sempre realizaba aquelas tarefas moi ben caracterizada, ao principio non a recoñeceron. Axiña se enterou das numerosas detencións daquel verán, do medo que había na xente, e tamén comprobou a dificultade para encontrar aloxamento. Á unha da mañá retirouse ao monte. Sobre as 6 horas do día seguinte foi a outra casa de apoio e, tras falar cunha enlace, logrou o contacto con Francisco Martínez Leira, *Pancho*, que era o seu obxectivo: entregoulle 30.000 pesetas e *Mundo Obrero*, pediulle un informe sobre a situación do partido, sobre a represión e as detencións habidas e partiu axiña de Pontedeume. *Pancho* rogoulle que marchase da zona tan pronto puidese, e así o fixo. Tras permanecer en Oviedo 15 días, vía Santander e Bilbao chegou a París e seguiu na defensa dos seus ideais comunistas, xunto ao seu compañeiro. A comezos de 1961 ingresou no Instituto Pasteur vítima dunha penosa enfermidade que a levou á morte o 31 de xullo de 1962. *Moncho* e a filla da parella –Lina Rey Gallego, nacida en 1955– trasladáronse á Habana en 1964.

EXILIADAS

*Os desterrados temos traballo, teito,
pan,
mais vivimos coma sombras. É máis
forte que nós
a tenza de terra lonxana onde nos
criamos,*



Con Mariví Villaverde nas xornadas
Exilios femininos, xullo 2008

*e ningún outro amor, nación, fortuna
ou éisito
pode apracentar esa saudade.
Quedounos á xente sin patria o
curazón
no lugar onde soio ríen os
vencedores,
na terra nosa, á que un día
voltaremos:
a dos mortos, dos pantasma, dos
vencidos.*

(Luís Seoane, "Desterrados", Na
Brétema, Sant-Iago, 1956)

Ao traballarmos coas mulleres represaliadas, axiña entramos en contacto coa realidade dos exilios femininos, coa realidade das mulleres que en diferentes momentos e en circunstancias distintas deixaron atrás o seu lar, os seres queridos, as paisaxes que ficaron interiorizadas para sempre, para iniciaren a viaxe da liberdade. Tivemos o privilexio de coñecer varias exiliadas e, sobre todo con tres –Teresa Alvajar López, Joaquina Dorado Pita e Consuelo Rodríguez López–, anoamos uns lazos de amizade indestrutíbeis até a súa morte acontecida en 2016, 2017 e 2019 respectivamente. En 2008, nas xornadas *Exilios*

femininos, que coordenamos, coñecemos tamén tres fillas de exiliadas que nos deixaron importantes achegas sobre as súas nais.²

Igual que aconteceu coas guerrilleiras, o eixo principal en que se centraran a maioría de historiadores foi no exilio masculino. Por vía de regra, as referencias ás exiliadas brillaban pola súa ausencia. As que partiron, eran mulleres de diferente condición social e profesional, de diferentes tendencias políticas: comunistas, anarquistas, socialistas, galeguistas ou republicanas sen adscrición. Arrincadas da terra, coas raíces no ar, para fuxiren do cárcere, da morte ou doutro tipo de represión, marcharon na procura da liberdade que se lles negaba, na procura de acougo, trataron de recompor o mundo perdido e colaboraron na integración de fillos e fillas nos países receptores. O exilio foi un baleiro irreparábel, un sobrevivir feito de ausencias. Aquelas mulleres, zarandeadas polos acontecementos do 36 –polos que non pasaron de puntiñas– estiveron sempre presentes, aínda que boa parte da historiografía, tinxida de androcentrismo, as fixese invisíbeis.

Lixeiras de equipaxe, aquelas transterradas –en termo acuñado por José Gaos–, adaptáronse aos países de acollida e achegaron man de obra en diferentes ámbitos de ocupación: no servizo doméstico, na agricultura, en fábricas, coseron e teceron, traballaron como comerciais, nunha granxa de polos, rexentaron pequenos negocios, foron profesoras en centros de ensino creados polos exiliados, cultivaron a escrita, continuaron co seu traballo no mundo das artes plásticas

e escénicas, axudaron á creación de infraestructuras culturais –editoriais, asociacións, revistas, programas de radio– e, moitas, seguiron coa actividade política.

Dada a lonxevidade do ditador, algunhas xa non se plantexaron a volta e perderon para sempre os soños alimentados durante anos. Ficaron en terra francesa Gloria Pérez e a súa filla **María Casares Pérez**, que marcharan en novembro do 36 desde Madrid e alí morreron. M^{ra} Casares deixou escrito que “cando unha está exiliada unha vez, estao para sempre”, así foi no seu caso. Porén, as postais enrugadas da Coruña, as fotos de infancia, coa familia, coas amizades estaban na súa casa de La Vergne, na Charente; Galiza estaba con ela cando visitou Buenos Aires e escoitou que os exiliados a chamaban Vitoliña, como cando era nena en Montrove; e estaba o acento, a fonética galega que, segundo dixo, puido liberar ao interpretar a Mari Gaila de *Divinas palabras*. **Carmen Parga Parada** soñara con construír unha casa ao lado da Ponte Pasaxe da Coruña, nun solar da súa nai, mais tiveron que vender o terreo para sufragar os gastos da chegada a México en 1955, despois de estar case vinte anos en Moscova, Xugoslavia e Checoslovaquia. **Amparo Alvajar López**, unha muller cunha terrible traxedia persoal –perdeu dous fillos en 1939, unha nena de 5 meses en Toulouse e o neno que naceu morto cando arribou no *Massilia* a Buenos Aires en novembro dese ano–, soñaba cunha casiña en Rianxo onde finalizaría a súa vida, soñaba con sementar patacas e comer leitugas plantadas por ela, deitarse na praia, escoitar os nenos xogando ao redor, ler sen presas... Só foi quen de regresar a Madrid unha única vez en 1969, porque descubrira que xa non lle importaba nada. Mais non acontecía iso con Galiza, que lle doía na alma: “Estou unida a Galiza por un sentimento vexetal”, dicíalle a unha amiga en carta. Se callar, a señardade da

2 Naquelas xornadas, celebradas na Illa de San Simón e organizadas pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte, interviron protagonistas directas do exilio, como Mariví Villaverde, María Teresa Alvajar e Joaquina Dorado Pita, e as fillas do exilio: Dora Carcaño Araúxo (de María Araúxo, exiliada en Cuba), Silvia Mestre Blanch (de Hortensia Blanch, radicada en México) e Carmen Tagüeña Parga (de Carmen Parga, residente en México).



Amparo Alvajar coa súa irmá M^a Teresa na Coruña, 1935



Con M^a Teresa Alvajar nas xornadas
Exilios femininos, xullo 2008

Galiza, foi a que a levou a se asentar na beira do Miño, moi perto do berce do poeta monçanés João Verde. Instalouse perto de Monção onde viviu algo máis de 17 anos. Morreu en 1998.

Resulta conmovedor reler o exilio en chave feminina. Desde hai anos, dispomos de magníficos textos memorialísticos da autoría de: Marivi Villaverde (*Tres tiempos y la esperanza*, 1987, 2002 en galego); Isabel Ríos (*Testimonio de la guerra civil*, 1986); Syra Alonso Bruffau (*Diarios*, 2000, 2025); María Tobío (*Anacos da vida dunha muller galega*, 2003); María Casares (*Residente privilegiada*, 1980, 2009 en galego); Carmen Parga Parada (*Antes que sea tarde*, 1996, 2007); Ana María Alvajar (*Soltando lastre*, 2002); Carmen Soler Llopis (*Buceando en mis recuerdos*, 2005); M^a Teresa Alvajar (*Memorias dunha republicana*, 2012).³

As autoras destes textos autobiográficos, en certo modo, son como portavoces de todas as que participaron na historia da que ficaron excluídas, porque non achamos só o relato da peripecia persoal senón tamén da colectiva. É o que Shirley Mangini acuñou como “a voz urxente do testemuño colectivo” no seu libro *Recuerdos de la resistencia. La voz de las mujeres de la Guerra Civil Española* (1997). Publicáronse tamén outro tipo de textos autobiográficos, como os epistolarios, e algunhas monografías sobre galegas que van completando unha lagoa existente na historiografía, como os libros sobre Maruxa Mallo (de Carme Vidal), María Casares (de Arantxa Estévez), Placeres Castellanos (de Elsa Quintas), Virxinia Pereira (de Montse Fajardo) ou Carmiña Sierra (de Aurora Marco).

³ O texto pioneiro do exilio feminino, *Éxodo. Diario de una refugiada española* (1940, reeditado en 2021), de Silvia Mistral (pseudónimo de Hortensia Blancha Pita) non é alieo a Galiza porque a autora, de ascendencia galega, pasou uns anos da súa infancia-adolescencia en Vilalba (Lugo). En México publicouse en oito capítulos na revista *Hoy* e en 1940 na editora Minerva.

A xornalista e escritora compostelá Concha Castroviejo publicou en 1957 a novela *Los que se fueron*, crónica novelada do exilio con personaxes de ficción tras dos que se adiviñan perfectamente ela e o seu home (o ferrolán Joaquín Seijo), entre outros. Reeditada en 2009 por Ediciones del Viento.

Temos gravadas a lume as historias de vida das guerrilleiras exiliadas –porque a elas dedicamos moito tempo e espazo en libros e artigos– Antonia e Consuelo Rodríguez López (Soulecín, Barco de Valdeorras); Gloria Blanco Diéguez e a súa filla Gloria Blanco Blanco (de Freixido, Petín), de Marita Gallego Abeledo (Mugardos), de Isabel Rodríguez Álvarez (Langullo, Manzaneda). Igual que os traballos máis recentes sobre outros exilios femininos, recollidos en *Irmandiñas* (2020), con nomes como os de María Miramontes, Amparo López Jean, Ánxela Roibal Pérez, Marina Peña Bouzas, Pilar Durán Fariña: ou publicados en libros colectivos, como o da cantante lírica compostelá María Valverde (en *A memoria represaliada*, 2023); ou en revistas e xornais, como Joaquina Dorado Pita en *Enxergar*, revista de pensamento e análise, ou Amparo Alvajar López en *Praza Pública*.



Coa guerrilleira Consuelo Rodríguez López en Île de Ré, xullo de 2006

CARMIÑA SIERRA DOMÍNGUEZ

Unha das exiliadas absolutamente esquecida durante moitos anos é a cesureña Carmiña Sierra, ben coñecida na segunda década do século XX, cando cursou Filosofía e Letras en

Compostela e foi a primeira muller que ingresou no Seminario de Estudos Galegos (SEG). Até 2023, era unha auténtica descoñecida na súa terra. O encontro con dúas netas venezolanas, despois de moita busca, foi fundamental porque puxeron ao noso dispor o arquivo familiar e todas as lembranzas que gardaban, que non eran poucas, ao térense criado coa avoa. E a súa biografía fíxose realidade: *Carmiña Sierra, a primeira muller do Seminario de Estudos Galegos* (Alvarellos, 2023).

Nacida en 1906 en Pontecesures, no seo dunha familia burguesa con nove fillos e fillas, quixo estudar –non era o habitual para as mulleres do seu estatus social– e fixo o bacharelato e Filosofía e Letras en Compostela, nun tempo en que a presenza feminina nas aulas universitarias era moi escasa. Como o SEG foi unha entidade ligada á Universidade de Santiago, é doado comprender que a presenza feminina nesta institución fose testemuñal, porque das poucas que pisaron os claustros universitarios, só algunhas ingresaron no SEG. Carmiña foi pioneira, foi a primeira en ingresar nada máis constituírse en outubro de 1923. Tiña a estudante de Filosofía 17 anos e ía comezar o segundo curso da carreira. Ela foi unha adiantada ao seu tempo.

Con 20 anos, recién licenciada, acariñaba a idea de organizar o seu futuro profesional polo camiño da docencia. E marchou a Madrid a preparar oposicións. Na Residencia de Señoritas, dirixida pola pedagoga María de Maeztu, adquiriu un perfil de muller libre, profesional e independente, inmersa sempre en actividades culturais. Alí viviu con alegría a chegada da República, período no que tamén puxo de manifesto o seu compromiso político: foi militante do PCE e pertenceu á FETE-UXT. Ser docente de Literatura era unha das súas aspiracións. Foino mentres puido, e exerceu

a docencia como catedrática de Literatura en institutos andaluces, en Ciudad Real e no Instituto Obreiro de Madrid. A guerra (in) civil cortou de vez aquela etapa ilusionante e esperanzadora e arrasou como un furacán coa súa brillante traxectoria profesional. Como non se someteu ao expediente de depuración para evitar consecuencias impredecíbeis pola súa militancia política e actividades, mesmo no período bélico, marchou a Pontecesures co seu compañeiro de vida, Carlos Díaz Rodríguez, catedrático de Xeografía nos mesmos institutos que ela.

Virían despois sete anos no lugar de nacemento, onde puxeron a andar unha moderna e ambiciosa explotación agraria, a Granxa María Dolores, en Cortinallas, ao lado de Pontecesures, montada pola parella con axuda familiar porque ficaran sen salario. Ao tempo, desenvolveu unha intensa actividade política clandestina, foi unha das persoas decisivas na axuda a numerosos resistentes antifranquistas perseguidos aos que acollía na súa casa e axudaba economicamente. Detida en xaneiro de 1946, tras o consello de guerra, pasou tres anos no cárcere de Ventas. A vida tornouse difícil para persoas coma ela: estivo no cárcere, tivera/tiña un forte compromiso político, era



Carmiña Sierra Domínguez con María Dolores e Carlos Díaz Sierra, 1950

unha muller con descendencia e co home fóra. Seguíanlle os pasos. Despois de traballar un tempo na librería que un amigo seu, León Sánchez Cuesta, montara na madrileña rúa Serrano, 29, en 1952 marchou a Venezuela, onde xa estaba o seu compañeiro.

Unha das súas primeiras experiencias culturais no exilio foi o traballo nunha librería italiana⁴. Ela era amante da literatura, lectora incansábel, e tiña experiencia no sector libreiro, nomeadamente nese aspecto que sempre se agradece, o de aconsellar lecturas, que implica que detrás hai moitas horas dedicadas a ler. Anos despois, na praza de Altamira de Caracas, nun local alugado, Carmiña e o seu home montaron unha librería-papelaría onde cadaquén tiña o seu cometido: ela encargábase da parte literaria, aconsellaba lecturas ("lía até altas horas da noite", repetían as netas). O coñecemento do comercio do libro e a vocación intelectual fixérona especialmente apta para desempeñar aquel cometido. O seu home encargábase da parte da papelaría. Alí estiveron varios anos até 1978.

Sierra era unha librería e tamén un parladoiro, un centro de conversa. Acudía moita xente porque resultaba moi interesante todo o que contaban unha e outro. Adoitaban ir con moita frecuencia as amigas e amigos das netas, xente nova que estaba a cursar o bacharelato e que gostaba moito de falar con Carmiña e Carlos, polo abertos e xenerosos que eran, de facer alí tarefas de literatura ou historia ou de escoitar historias que contaba sempre Carmiña porque era moi faladora. A literatura española transmitiulla ás netas, unha delas profesora de Literatura e poeta. E

⁴ Despois da librería italiana, onde estivo pouco tempo, tivo algunha experiencia laboral como vendedora e caixeira nunha moblaría. Tamén colaborou co seu home nunha granxa avícola que montaron en Guatire, para o cal a experiencia de Cortinallas foilles de moita utilidade.

tamén a lingua galega, que estivo presente nas súas vidas desde nenas; igual que algunhas cancións galegas que lles ensinara a avoa Carmiña, “Ondiñas veñen” por exemplo.

A pesar de se sentir ben en Caracas onde tiña vida e familia, Galiza ocupou sempre o seu pensamento, era o seu centro, pero só regresou por primeira e única vez en 1977. De volta a Caracas dixo que nunca máis volvería. Un sentimento de dor polos que xa morreran magoáballe o corazón e, por outra parte, naquela viaxe non atopou o que agardaba, tivo unha sensación de estrañamento. Venezuela foi terra de acollida pola que sentía un grande cariño, mais, como amaba Galiza, a ela quixo volver aínda que non en vida. Sempre pediu á familia que as súas cinzas fosen espaxadas en Pontecesures, no río das lembranzas infantís, o Ulla. Así o fixo o seu fillo Carlos cando volveu de Caracas tras a súa morte, acontecida o 21 de decembro de 1996.

CODA

O franquismo, ben o sabemos, ensombrecu, cortou, ocultou moitas traxectorias femininas do período de anteguerra. Nos últimos anos foise enchendo parte dese mural da desmemoria con traballos que deixan constancia do devir de moitas galegas esquecidas ou absolutamente ignoradas, como era o caso das guerrilleiras e exiliadas, que, como as represaliadas en xeral, foron un exemplo da entrega, da forza, do valor das mulleres galegas. Non podían seguir sendo hóspedes do silencio, tínhamos con elas unha débeda histórica. O esquecemento, a amnesia son elementos perturbadores para a recuperación da verdade. Achegar as súas historias de vida, o seu activismo, era unha tarefa pendente. Pronunciarmos, escribirmos os seus nomes,

é unha forma de inscribilas na Historia, de facerlles xustiza e, en certo modo, de home-naxealas. Hai que seguir con estes traballos de recuperación. Fica traballo por facer.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BRAXE, Lino & SEOANE, Xavier (1989): *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane “Galicia Emigrante” (1954-1971)*. Sada: Edicións do Castro.

MANGINI GONZÁLEZ, Shirley (1997): *Recuerdos de la resistencia. La voz de las mujeres de la Guerra Civil Española*. Barcelona: Península.

MARCO, Aurora (2006): “Mulleres na guerrilla antifranquista. Consuelo Rodríguez López, Chelo”, en *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*. Xunta de Galicia: Servizo Galego de Igualdade/Andaina, pp. 61-75.

MARCO, Aurora (2011): *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Santiago: Laiovento.

MARCO, Aurora (2016): “A penetração das ideias revolucionárias e a sua difusão entre as mulheres”, en *Bolcheviques (1917-2017)*, coordinado por Teresa Moure. Santiago de Compostela: Através Editora, pp. 59-70.

MARCO, Aurora (2023): *Carmiña Sierra. A primeira muller do Seminario de Estudos Galegos*. Santiago: Alvarellos Editora.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé & CAGIAO VILA, Pilar (eds.) (2006): *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada: Edicións do Castro.

ROMEU ALFARO, Fernanda (2003): “Fuentes orales para la historia del movimiento guerrillero”, en Santiago Álvarez/ José Hinojosa/ José Sandoval (coords.), *El Movimiento guerrillero de los años 40*. Madrid: Fundación de Investigaciones Marxistas.



A indústria da conserva
em Ribeira, 1900-1930

Daniel Bravo Cores

Doutor, catedrático de Xeografía e Historia, investigador e escritor

Sen dúbida, en toda a Galicia costeira o sector industrial pioneiro sería o relacionado cos derivados dos froitos do mar, salgaduras nun primeiro momento e conservas de peixes máis adiante, e as familias promotoras destes procesos, as chamadas por algúns autores “aristocracia da sardiña”, non variaron demasiado ata ben avanzado o século XX.

En realidade, a primeira industrialización ou proto-industrialización, foi a da salgadura de sardiña polos fomentadores cataláns nos primeiros anos do século XIX. E aquelas actividades pódense tachar de industriais ou proto-industriais porque achegaron algunhas das características propias do industrial, como a concentración de obreiros nun mesmo local, a aparición do traballo asalariado, ou a creación de redes propias de comercialización dos seus produtos que, en ocasións, alcanzaban portos tan afastados como a costa francesa meridional, Nápoles e Sicilia ou o mar do Norte.

A industria da salgadura chegaría a Ribeira cun certo atraso con respecto a outras localidades arousás, como a vila do Caramiñal, Cabo de Cruz/Chazo, Carril, Vilanova ou a Illa de Arousa. Isto debeuse a que as primeiras arribadas de fomentadores localizáronse en núcleos situados no interior das rías, e só en décadas posteriores se foron colonizando tamén os máis próximos ás bocanas, do que xa falamos nalgunha ocasión¹.

En todo caso estes precursores industriais foron en Ribeira excepcionais² e a maioría dos fomentadores asentáronse nunha segunda onda, de 1814 a 1840, e mesmo un pouco máis tarde, como José Colomer Bargés, que o fixo a comezos da década de 1850 en Palmeira e sería o patriarca dunha dilatada saga familiar.

Sería durante a década de 1880, cando algúns destes fomentadores ou os seus descendentes darían o paso da salgadura á conserva da sardiña, aínda sen abandonar nunca do todo a produción de salgaduras. Eles son os que achegarían os restantes elementos propios da actividade fabril –maquinismo e automatización dos procesos, especialización do traballo, cadea de produción, enerxía de vapor e, máis tarde, eléctrica etc.–, que nos permiten falar de industria propiamente dita con toda propiedade:

1 Vid. Bravo Cores, Daniel, “Almacenes catalanes de salazón en Galicia. Características y procesos productivos” (1991). Pedralbes, Revista d’Història Moderna del Departament d’Historia i Arqueologia de la Universitat de Barcelona 1991, 11, págs. 165–179.

2 Non faltaron tampouco pioneiros de excepción no século XVIII ou comezos do XIX, como Juan Sardá asentado primeiro na Coruña e, desde 1774, con negocios en Ribeira; Fidel Curt, documentado en 1798, ou Pelegrín Rivas casado con Bárbara Martí, documentado en 1803, e que máis tarde se asentaría en Lousame e Noia.

FOMENTADORES ASENTADOS EN RIBEIRA NO SÉCULO XIX³

NOME	ORIXE	LOCALIDADE	ANO
Cardona, Joan	Catalán	Ribeira	1829
Ferrer, Agustín	Catalán	Ameixida	1839
Soler, José	Catalán	Ribeira	1812
Martínez, Roque ⁴	Gallego	Ribeira/Castelo	1803
Martorell, Salvador	Catalán	Ribeira	1816
Pijoán, Ventura	Catalán	Ribeira/Touro	1821
Bory, Pedro	Catalán	Palmeira	1817
Colomer Bargés, José	Catalán	Palmeira	1854
Crusat, Antonio ⁵	Catalán	Palmeira	1830
Gelabert, Juan Bautista	Catalán	Palmeira	1823
Fidel Curt	Catalán	Corrubedo	1836

En realidade, a nova industria da conserva de peixes nacera na Bretaña francesa e chegou a Galicia na segunda metade do século XIX. A primeira factoría en dar o salto da salgadura á conserva “de sardiña en aceite ao estilo Nantes” en Galicia sería a conserveira de Juan Goday na Illa de Arousa –con permiso dos Massó, con quen mantivo unha agre disputa pola condición de pioneiros–, que tiña xa as súas latas no mercado nos primeiros meses da década de 1880. O éxito das conservas Goday –o propio Alfonso XII visitou as súas instalacións na Illa– favoreceu a inmediata difusión da nova tecnoloxía por todas as partes e a un ritmo tal que, só dez anos despois, Ribeira, a escasa distancia da Arousa, xa contaba con media ducia de factorías de antigos fomentadores da salga reconvertidos á nova industria.

Con todo, e salvo nalgún caso e momento puntuais, neses primeiros compases da industria conserveira, a documentación⁶ non permite discernir claramente entre factorías de salgadura e fábricas de conserva por varias razóns: porque ambas se inclúen conxuntamente nos Rexistros de Contribución Industrial co nome do propietario ou a razón social, pero sen indicar a concreta dedicación⁷; tamén porque algúns industriais compaxinaban nas súas factorías ambas as actividades –é o caso dos irmáns Pepe e Vicente Martínez Fernández, con factorías en Ribeira, Cabo de Cruz e Corrubedo; Francisco e José Barreiras Barreiras, con factorías no Castro/Castiñeiras; e dous na Pobra do Caramiñal, ou Pedro Peña con factorías en Ribeira/

3 Nesta lista inclúense os cataláns que deixaron constancia documental coñecida ata a data, aínda que é máis que probable que houbera algúns máis.

4 Roque Martínez foi o patriarca dos Martínez Fernández, empresarios da salga, conserveiros, navieros e prestarnistas. A súa factoría principal asentouse nun ‘sitio baldío nomeado Poza do Castelo’, hoxe ocupado pola mole do edificio máis grande da cidade, destinado á ‘construción dunha casa almacén para a salgadura de pesca’, arrendado a Frei Victoriano Menéndez, abade de Toxosoutos, o 23 de abril de 1803.

5 Antonio Crusat establecérase primeiramente en Porto do Son en 1826, e en 1830 trasladouse a Palmeira.

6 A día de hoxe non podemos atopar libros de contas, listas de operarios, datos de produción, compras de peixe, vendas de produto etc., destas antigas conserveiras nin industrias da salga na nosa zona.

7 O concepto de industria abarcaba unha gama de actividades moito máis ampla que na actualidade e, neste rexistro, computábanse como industriais a médicos, comerciantes etc.

Areal-. E tamén porque, ao longo do período estudado, algúns cambiaron da salgadura á conserva e, en momentos de crises conserveiras como a de 1922, retornaron á salgadura etc. Por iso presentamos varios cadros dos fabricantes e a localización das súas factorías en momentos diferentes:

FABRICANTES E FACTORÍAS DE SALGADURA E CONSERVA EN 1892

Colomer Soler, Emilio	Ribeira/Peirao y Aguiño
Colomer Soler, José	Ribeira/Castelo
Colomer, Viuda de José Colomer	Insuela/Palmeira
Crusat, José	Insuela/Palmeira
Fernández, Lázaro	Palmeira e A Pobra
Fernández, Manuel	?
Lojo Gelpí, Manuel	Insuela/Palmeira
Martí, Victoriano	Ribeira e A Pobra
Otero, Manuel	?
Martínez Fernández, José e Vicente	Ribeira/Castelo, Corrubedo e Cabo da Cruz
Parada, José Benito	?
Pérez Sánchez, Antonio	Area Secada/Ribeira
Río Ferrer, Andrés Higinio del	Ribeira/Padín
Riveiro, Hijos de	Castiñeiras
Sarasquete, Agustín	Ribeira
Soler Paz, Salvador	Insuela/Palmeira
Vieira, Manuel	?
Vilas Sampedro, Domingo	Ribeira/Padín
Villoch, Viuda de	Aguiño

Nos anos noventa do XIX, os industriais da salga máis audaces atrevéronse a investir no sector conserveiro, ao que auguraban un gran futuro. En 1897, incluso un político de altos voos e membro da gran nobreza, como Rafael Gasset Chinchilla, animouse a investir no sector conserveiro da man e en sociedade con Pepe Martínez –adiñeirado prócer local con grande experiencia na salgadura e varias veces alcalde–, establecendo a “*única Sociedade industrial legalmente constituída*”, como indicaba o alcalde ao gobernador o 30 de decembro dese ano: “*A súa razón social é Gasset e Martínez, o seu obxecto unha fábrica de conservas alimenticias titulada **La Gallega**, a cal se dedica á conserva de peixes de todas as clases e con especialidade da sardiña*”.

En papel solto do Libro de Saídas de Correspondencia de 1905, o entón alcalde Pepe Martínez dicía:

O anaco de costa que comprende este Concello é desde o Río Esteirón, confinante co de Pobo do Caramiñal, e o punto denominado Basoñas, ao Norte de Cabo Corrubedo,

que é o límite deste Concello e o do Porto do Son, sendo a extensión entre un extremo e outro do litoral, uns 25 quilómetros aproximadamente. Nesta zona están comprendidos os portos de Palmeira, Insuela, Santa Eugenia, Martín, Castiñeiras, Carreira, Isla de Sálvora e Corrubedo, pobos de pescadores na súa maioría, e nos que están situados e en exercicio, 28 fábricas de salgadura e 8 de conservas. Riveira 26 de marzo, o que nos dá unha imaxe da acelerada expansión da nova industria e a puxanza de que xa gozaba na primeira década do século XX.

Con todo, no porto de Corrubedo, onde os industriais da salgadura xa levantaran 9 factorías ao longo do século XIX, desde 1890 esa actividade industrial veu a menos porque a maior parte desas fábricas pasaran a mans de empresarios radicados na vila do Caramiñal, Palmeira e Ribeira mediante compravendas ou cesións en dote⁸ matrimonial, que preferiron centrar a súa actividade nas factorías principais situadas nas súas respectivas localidades. De maneira que, en Corrubedo, a industria da salga convértese pronto nunha industria en declive⁹. E algo similar ocorreu en Aguiño, onde só funcionaban os almacéns de Marlés en Couso e Emilio Colomer¹⁰.



Fábrica de conservas de Silverio Pereira. Construída cara a 1860 como almacén de salgadura. Reconverteuse en conserveira cara a 1890

8 Emilio Colomer Soler posuía dous, un adquirido por el mesmo aos irmáns Rutllá Vilá en 1901, e o outro, medianoiro e inmediato ao anterior, herdado pola súa muller Joaquina Villoch Gelabert en partilla do 26 de maio de 1902. José Barreras Defans posuía outros dous adquiridos a senllos veciños de Corrubedo entre 1840 e 1865; José Ferrer Nunell alias "Marlés" posuía tres factorías adquiridas, dúas delas para dotes das súas fillas Josefa Francisca e Leonor, que acabaron en mans dos seus respectivos maridos Andrés Higinio del Río Gonzáles e Salvador Soler Domenech, e a terceira arrendouna, e en 1860 estaba xa moi deteriorada. Para a secuencia cronolóxica dos propietarios destes almacéns, Vid. LLOVO TABOADA, Santiago (2021): *As fábricas de Corrubedo*. Andavira Edit., Santiago de Compostela.

9 Algúns destes almacéns estaban xa moi deteriorados ou dedicábanse a pequenas producións de escabeches, e outros mudaron en tendas de ultramarinos, pertrechos navais etc. En 1909, a salgadura dos irmáns José, Joaquín e Rosa Fajardo no porto converteuse na tenda "Os Cataláns" dedicada á venda de "Tecidos, comestibles e quincalla".

10 Outras factorías de salgadura cesaron pronto a súa actividade, como a que levantaron Lázaro Fernández e José Colomer Bargés na Catía en 1861, ou a que edificou a familia Otero Bárcena en Sálvora a mediados do século XIX, neste caso tras a expropiación daquela illa polo Estado.

Tamén, como iniciativas “industriais”, cabe mencionar dous interesantes ensaios empresariais, ambos en Corrubedo, nos primeiros anos do século XX, consistentes na creación de senllas cetarias de mariscos. A primeira sería a iniciativa do francés Louis Sarlín, *veciño de París* que, na primavera de 1902, manifestoulle ao alcalde, Andrés del Río, a través do axudante de Mariña do Caramiñal, a súa pretensión de levantar en Corrubedo unha “Cetarea” (sic). Enviado o expediente ao concello, e tras un estudo detido, a corporación ribeirense deulle a súa aprobación o 28 de xaneiro de 1903: ... *porque moi lonxe de prexudicar intereses, é beneficioso por máis dun concepto o establecemento da devandita Cetaria, sendo do parecer se conceda a autorización solicitada*, e o 7 de febreiro de 1903 remitiu o resultado ao Axudante de Mariña do Caramiñal, a través de quen se tramitou a solicitude.

A segunda iniciativa partiu do empresario Manuel Cousillas, coa mediación do comandante de Mariña de Villagarcía que, en febreiro de 1906, tramitou a solicitude para crear un *viveiro de lagostas no porto de Corrubedo*... A finais do mes de marzo, o alcalde declaraba: *visto o expediente, memoria, Planos e Orzamento, referentes ao establecemento dunha Cetaria en Corrubedo...participólle a certificación do Concello desta Cidade que o informa en sentido favorable*... Isto que a día de hoxe pode parecernos sorprendente, pola práctica desaparición dese crustáceo das nosas costas, tiña entón visos de normalidade, non en balde en agosto de 1901 no *porto de Carreira deste Concello, dedícanse á pesca da lagosta unhas vintetantas embarcacións*..., como lle dicía o alcalde Andrés H. del Río ao comandante de Mariña de Vilagarcía, e había outras tantas no propio porto de Corrubedo.

Anos máis tarde tería lugar unha terceira experiencia deste tipo, cando o 21 de xullo de 1928 o prócer Ramón Gasset Neira solicitou permiso para instalar *un viveiro de mariscos na lagoa de Carregal*, proxecto do que non se volveu a falar, a pesar de conseguir a aprobación da corporación.

FÁBRICAS DE CONSERVAS E SALGADURAS ENTRE 1905 E 1914 EN RIBEIRA

Ano	Salgaduras	Conserveiras	Total
1905	28	8	36
1908 ¹¹	19	8	27
1914			27

Ao longo destas primeiras décadas abriron e pecharon varias factorías en función de crises sucesivas, como a de 1906 por mor dos aranceis do goberno español á exportación; as de 1914 e 1917, por falta de subministración de combustibles e materias primas –folla de lata, estaño, arame etc.– debido á Gran Guerra, que obrigou a pechar 29 factorías nos primeiros meses; a crise da posguerra mundial, que forzou o peche de todas as fábricas de Ribeira, ou a de 1922 co mercado francés pechado ás nosas conservas de peixes.

¹¹ Segundo lle declaraba o alcalde o 2 de maio de 1908 ao Presidente do Instituto de Reformas Sociais. Rexistro de Correspondencia de 1908, saída nº 165.

Ao mesmo tempo, os tentadores beneficios que parecía ofrecer a industria conserveira seduciron varios empresarios, como José Colomer Soler e os seus parentes Dolores Martínez Fernández e Domingo Vilas, que en 1910 lle solicitaban permiso á corporación municipal para construír senllas fábricas de conservas, nas Laxes do Castelo e praia de Padín respectivamente, proxectos que entón non prosperaron, e só o segundo anos máis tarde.

A municipalidade en auxilio da industria. Pola súa banda, a municipalidade emprendía algunhas accións tendentes a favorecer a actividade conserveira, non en balde boa parte dos concelleiros, e a inmensa maioría dos alcaldes da época, eran propietarios de industrias de salgadura e conserveiros. Así, o 28 de marzo de 1906, o alcalde, en nome da corporación, ... **alarmada pola crise que pasa a industria de conservas que, de continuar, deixaría sen traballo numerosos braceiros e pescadores por ser único elemento de subsistencia desta localidade e as súas parroquias..**", suplicaba ao Presidente do Consello Ministros e ao Ministro de Facenda que atendese as **xustas pretensións da Comisión Unión de fabricantes da ría de Vigo**, expostas en solicitude inserida Gaceta 13 actual e informando ante Xunta de Aranceis, co cal evitará a fame e miseria que nos ameazan¹². Ou outra similar dirixida ás mesmas autoridades o 4 de abril de 1908, mediando en favor dos ... **fabricantes de conservas, industria máis importante neste Distrito en crise grave por excesivos prezos primeiras materias...**, para a pronta resolución do expediente admisións temporais de folla de lata, co que se evitarán os conflitos consecuentes a un peche forzoso, que deixaría sen traballo a miles de obreiros. Tamén, a mediación do alcalde do 21 de maio de 1914 ante o Consello de Ministros, Ministro de Facenda e Presidente do Congreso Deputados Madrid en favor dunha comisión de **fabricantes conservas e salgaduras reunidos en Asemblea**, alarmados polo proxecto de imposto sobre o sal para suplicar que non se gravase este artigo indispensable para a industria; pois doutra maneira causaría a súa ruína e como consecuencia a dos numerosos xornaleiros e pescadores que dela viven¹³. Ou a apertura o 4 de marzo de 1908 da estrada desde Palmeira a Insuela, principal núcleo industrial daquela parroquia, onde tiñan as súas fábricas Manuel Lojo Gelpí, Gabino Crusat, Salvador Colomer Soler e os Maldonado, **fabricantes e propietarios no porto de Insuela**.

Outros problemas. Os industriais tamén tiveron que lidar con outros problemas por eses anos, como a escaseza de sardiña, da que se queixaron a miúdo desde 1908, algo que en boa parte achacaban á utilización masiva de explosivos na pesca (conflito que reapareceu en 1911, cando volveron aparecer copiosos bancos de sardiña e volveuse a utilizar a dinamita con profusión); os duros enfrontamentos entre *xeiteiros* e *traíñeiros* ¹⁴, na que os fabricantes terzaron frecuentemente a favor destes últimos xa que lles proporcionaban abundante materia prima –sardiña para as súas fábricas– e a menores prezos por exceso de oferta; outro factor que lles causou graves prexuízos desde 1917 foi a prohibición de vender produtos de provincia

¹² Rexistro Saídas Correspondencia, libro de 1906, 28/03/1924, saída n° 195.

¹³ Rexistro de Saídas libro correspondente a 1914, 21-V-1914, n° 284, e 13/10/1914, n° 548.

¹⁴ E máis adiante, entre "*traíñeiros*" e barcos de vapor, máis potentes, que permitían buscar os bancos de sardiña en mares máis afastados, con aparellos moito máis grandes e, polo tanto, con capacidade para maiores capturas.

a provincia, o que lles privaba de poder comprar maquinaria, aceites, folla de lata etc., nos seus mercados tradicionais de Vilagarcía e Vigo.

Os anos da gran guerra, 1914-1918

O inicio do conflito mundial significou a apertura dunha etapa de vacas gordas para a industria conserveira, se exceptuamos os primeiros meses de guerra ateigados de dificultades. Desde comezos de 1915 e ata o final do conflito bélico, os fabricantes de conservas e salgadasuras viron multiplicados os seus beneficios exportando os seus produtos aos países belixerantes de ambos os bandos e beneficiándose da neutralidade española na contenda. Con todo, en moitas ocasións tamén eles sufrirían a escaseza de subministracións de artigos indispensables para as súas manufacturas, como aceite, estaño, folla de lata, carburantes etc., polo que se verían obrigados a solicitar o auxilio da administración que se concretou en bonos de carburante, medidas fiscais ou fretes a baixo prezo. Non foi alleo a todo iso o bloqueio marítimo alemán mediante os soados submarinos alemáns U2 que restrinxiron en gran medida o comercio internacional e limitaron a chegada de subministracións imprescindibles, sen os que as fábricas non podían funcionar.

Boom conserveiro e dificultades de subministracións. Os primeiros meses da guerra causaron un desabastecemento case absoluto de combustibles e materias primas, o que obrigou a pechar moitas fábricas. O 31 de agosto de 1914, o rexedor ribeirense enviaba telegramas ao Presidente do Consello de Ministros, Eduardo Dato, ao Ministro de Fomento, Francisco Javier Ugarte, e ao Deputado a Cortes por Noia, Joaquín Chapaprieta: *Conflito mundial repercute aquí enormemente, pecharon 29 fábricas conservas, salgadura e serrar madeiras quedando sen traballo numerosos obreiros que pronto se verán na miseria...* E o 13 de outubro do mesmo ano, o alcalde reiteráballe ao gobernador: *... a crise obreira neste termo municipal crece en proporcións alarmantes por falta de traballo; ... áchanse pechadas as 27 fábricas de salgadura e conservas de peixe..., urxe poñer remedio ás graves consecuencias que se aveciñan...* e solicitaba a construción das estradas *peirao-Martín e alto de Vilar a Cruz de Moldes ...* para aliviar o paro.

Escaseza e altos prezos de materias primas e combustibles foron unha constante nos anos seguintes, o que obrigou ao goberno para intervir en repetidas ocasións. Pero a escaseza de subministracións importadas non impediu que os conserveiros lles vendesen aos contendentes todo o que eran capaces de producir, e que se exportaba sobre todo por vía marítima en navíos como o vapor italiano “Pirlo”, que o 7 de agosto de 1914, recentemente comezada a guerra, fondeaba *neste porto en busca de sardiña prensada.*

As perspectivas de negocio que proporcionaba a guerra a uns produtos como as conservas, imprescindibles para a alimentación dos soldados nas fronteiras –baratas, fáciles de transportar, non perecedoiras e moi nutritivas– levou a algúns empresarios a tentar a apertura de novas fábricas. Así, en 1915, M^a Dolores Martínez Fernández pedía unha prórroga para construír a fábrica de conservas de peixe na praia de Padín, para a que obtivera licenza municipal en 1910. E todo iso a pesar, como acabamos de dicir, da permanente escaseza de combustibles

e materias primas básicas, acreditada de forma reiterada pola documentación da época, que obrigou os industriais de Ribeira a insistir constantemente nas autoridades. Na súa calidade de Presidente da recentemente creada ***Unión de fabricantes de Conservas e Salgadura da rías de Marín, Arousa e Muros***, Emilio Colomer Soler dirixíase o 25 de marzo de 1916 ao Presidente do Consello de Ministros, Álvaro de Figueroa, Conde de Romanones, solicitando *permítase a libre introdución da folla de lata, estaño, petróleo e arame, e prohibase a exportación dos devanditos artigos; e que se procure abastecer de carbón as industrias expresadas con frete máis reducido que o actual...*, E ese mesmo día, os armadores dos vapores pesqueiros de Ribeira solicitaban do Director Xeral de Industria e Comercio ... ***o abaratamento do carbón e concédaselles 500 toneladas mensuais que son as necesarias para o abastecemento dos barcos***¹⁵.

Noutras ocasións solicitábase a anulación de barreiras que dificultaban a pesca, como o 11 de setembro de 1917 cando o alcalde se dirixía ao Presidente do Consello, e Ministros de Estado e de Mariña, manifestándolles as reivindicacións ...*da Sociedade de Conserveiros e industriais da salga, Sociedade Seguro Mutua Marítima, Asociación Popular, Sociedade de*



Salgadura de Emilio Colomer Soler, xunto á frota da foto, e fábrica de conservas de Amador Cardona

¹⁵ Isto mesmo volveuse a repetir o 1 e 3 de outubro de 1917 cando unhas comisións de conserveiros, armadores de barcos pesqueiros e mariñeiros solicitaban ao Presidente do Consello de Ministros, Ministro de Fomento, Director Xeral de Industria e Comercio, Comisario Xeral de Abastecementos e a Joaquín Chapaprieta, Deputado polo Partido de Noia ao que pertencía Ribeira, concedesen *‘o frete a custo reducido dun buque que conduza a este porto de 1.500 a 2.000 toneladas de carbón, cantidade indispensable para necesidades inmediatas destas industrias, a evitar inminente perigo de paralización industrias e fame a obreiros’*. Rexistro Saídas. Libro 1917, saídas nº 593 a 596, e 612.

Armadores Vapores Pesqueiros e Asociacións de mariñeiros, que representan as forzas todas e os elementos máis importantes deste pobo", rogando a súa intervención para contrarrestar a **ampliación a seis millas do límite das augas xurisdiccionais portuguesas** decretada polo goberno do país veciño polos enormes prexuízos que lles causaba.

Cotas de carburantes. Durante o ano 1917 a escaseza de produtos básicos e, especialmente, de gasolinas e demais derivados de petróleo en todo o país acentuouse máis aínda, o que obrigou ao goberno para tomar medidas contundentes. O Real Decreto de 25/11/1917 de Presidencia do Consello de Ministros viña dar resposta a este problema outorgando prioridade nas subministracións aos *motores de fábricas e industrias, aos cales se conceda preferente provisión de gasolina*, fixando previamente o consumo de cada unha das factorías, establecendo **bonos de consumo** a prezo taxado e facendo responsables de todo iso aos Gobernadores Cívís na súa condición de Presidentes das Xuntas Provinciais de Subsistencias. Tamén estipulaba que os bonos consistirían en talonarios nominativos, co nome do propietario solicitante ou razón social da empresa, a cantidade a entregar e destino en que se empregaría o carburante. Terían unha vixencia máxima de 20 días, e os alcaldes serían os intermediarios entre industriais solicitantes e Gobernador Civil.

Nos meses seguintes sucedéronse as solicitudes de bonos de gasolina por parte de todos os fabricantes de conservas, o que ao mesmo tempo permítenos coñecer de modo aproximado a capacidade de cada unha das fábricas de conservas da localidade.

A primeira solicitude de bonos dos fabricantes de conservas de Ribeira ao Gobernador Civil efectuouse de forma colectiva o 14 de decembro de 1917. Pero inmediatamente xurdiu un novo problema: as empresas subministradoras de gasolinas da provincia da Coruña negáronse a facilitala porque os conserveiros de Ribeira *por razón de fácil comunicación* aprovisionábanse habitualmente en Vigo e Vilagarcía, e nese momento unha nova normativa prohibía o comercio interprovincial, o que imposibilitaba adquirila onde adoitaban. Por iso solicitaron do Comisario Xeral de Abastecementos de Madrid ... *autorice comerciantes provincia Pontevedra fornecer de gasolina fabricantes Ría Arousa, por cuxa falta achan paralizada produción*.

Este problema non conseguiu solucionarse nos poucos días que quedaban daquel ano¹⁶. En calquera caso, e como a normativa establecía que previamente os fabricantes debían declarar o consumo de gasolina correspondente aos motores das industrias *para que non obteñan máis esencia -gasolina- que a indispensable*, o 31 de decembro de 1917 os fabricantes de conservas fixeron a declaración de consumo mensuais en litros segundo a seguinte táboa:

¹⁶ En 26/12/1917 o alcalde comunicaba: *Os fabricantes de conservas deste Distrito acoden á miña autoridade alarmados pola falta de gasolina para a industria, que se encontra paralizada. Cumprindo co Real Decreto de 24/11 último e instrucións do BO de 14/12, acudiron devanditos fabricantes a este goberno pedindo bonos para obter dentro da provincia, a gasolina necesaria para a fabricación e V. I. coa preña que o caso require facilitou devanditos bonos que obran en poder dos reclamantes. Pero acudindo ás casas expendedoras daquel produto para obtelo, contestaban que deben seguir fornecéndose da fábrica de onde viña facéndoo ata a data,...* Os fabricantes desta localidade forneciáanse ata o de agora das casas de Vigo e Vilagarcía, pero como o RD e instrucións prohiben agora facelo fóra da provincia, xorde o conflito da paralización dunha industria tan importante como a de que se trata, e sen ningunha dúbida obedece a que as casas produtoras de Coruña non queren facilitala aos que eran consumidores de outras..., polo que pedían a modificación do RD no sentido de que poidan estes fabricantes de conservas fornecerse de gasolina en Vigo e Vilagarcía, como adoitaban facer...

DECLARACIÓN DE CONSUMO MENSUAL EN LITROS GASOLINA EN 1917

Fabricante	Consumo
Barreras e Barreras, Francisco	500
Colomer Soler, Vicente	600
"Colomer e Vilas"	800
"Fillo de Tomás Martínez"	600
Lojo Gelpí, Manuel	500
Maldonado e Domínguez	400
Martínez Fernández, José e Vicente	500 ¹⁷
Nimo e Otero	800
Peña, Pedro	450
Pereira, Evaristo e Sixto	1.000

Á vista das cifras, chama a atención que os maiores consumidores de combustible e, consecuentemente, as fábricas máis mecanizadas e de maior capacidade de produción, fosen as dos irmáns Pereira (1.000 litros), Nimo e Otero (800), e Colomer e Vilas (800), seguidas das de Vicente Colomer Soler (600), e Fillo de Tomás Martínez, esta última en Castiñeiras, en tanto que a fábrica de maior tamaño, a dos irmáns Pepe e Vicente Martínez Fernández, ocupaba un humilde sexto posto. En todo caso, os datos en principio semellan fidedignos xa que respondían a un requirimento oficial do Gobernador Civil transmitido a través do alcalde Pepe Martínez, fabricante tamén de conservas, en orde a facilitar o combustible subvencionado.

Ao longo de 1918 os fabricantes reclamaron os seus bonos de *gasolina ou benzina* por mediación do alcalde ao Gobernador Civil, conduto regulamentario establecido polo Real Decreto, cunha cadencia de aproximadamente 20 días, prazo de validez dos bonos. Tras a primeira solicitude colectiva, as solicitudes conxuntas foron moi contadas¹⁸, e cada cal demandaba os seus bonos cando o estimaba oportuno: o 19 de febreiro, José Martínez Fernández, Manuel Lojo Gelpí e Nimo Otero Irmáns, *matriculados neste Distrito solicitan bonos de gasolina para as súas fábricas*; o 26 de febreiro faino a sociedade *Colomer e Vilas*; o 8 de marzo, Vicente Colomer Soler; o 27 de marzo, Francisco Barreras; o 10 de abril, *Colomer e Vilas*, e outro tanto facían Pedro Peña, Manuel Martínez Sieira (Fillo de Tomás Martínez), Francisco Barreras etc. E non faltou quen, quizais por descoido, deixou pasar os 20 días de prazo establecidos para facer efectivos en gasolina os bonos que obtivo, pero que quedaron sen efecto por haber transcorrido os 20 días de prazo fixado, como lle sucedeu a Vicente Colomer Soler o 8 de febreiro de 1917, polo que logo reclamaba a súa validez mediante instancia ás autoridades.

Pero non só escasearon os combustibles, senón tamén outros produtos básicos para a elaboración das conservas, como a folla de lata, por exemplo. O 25 e 29 de xaneiro de 1918 o alcalde mediaba ante o Comisario Xeral de Abastecementos en representación dos fabricantes Pedro Peña, Vicente Colomer Soler, José Martínez Fernández, Manuel Lojo Gelpí e a sociedade

¹⁷ Este consumo correspondíase cos 20 litros diarios que necesitaba a súa fábrica de conservas, segundo testemuño do conserveiro e alcalde Pepe Martínez Fernández.

¹⁸ Como sucedeu o 12 de xuño de 1918, cando os reclamaron todos os fabricantes, sen especificar o nome de cada un deles.

Colomer e Vilas solicitando téñaselles en conta para a distribución de folla de lata conforme o que dispón a Gaceta do 17 de corrente, para a súa fabricación. Ou a instancia de Pepe Martínez Fernández ao mesmo organismo para conseguir subministración de folla de lata e estaño para os envases e o peche das latas.

A partir do mes de agosto, comezou a escasear outra das materias primas esenciais para a elaboración das conservas: o aceite. Os fabricantes tentaron conseguilo de varios produtores andaluces directamente, pero como seguía en vigor a prohibición do comercio interprovincial, víronse obrigados a acudir ás autoridades locais e provinciais de Sevilla e da Coruña para achandar o camiño. O 6 de agosto de 1918 o fabricante de conservas de peixe Pepe Martínez solicitaba ao gobernador a través do alcalde que intercedese ante o gobernador civil de Sevilla co fin de que permita á Casa daquela cidade Ibarra e Compañía exportar para esta, consignados ao señor Martínez Fernández, 6 bocois de aceite xa adquiridos para a industria que exerce... que pola vía marítima virán consignados por Villagarcía ao expresado fabricante, señor Martínez Fernández..., pois é urxente a fin de dar traballo aos operarios das dúas fábricas que ten nesta capital e en Cabo de Cruz. E o rexedor dirixíase tamén ao gobernador de Sevilla para gañar tempo por ser urxente o recibo da mercancía, non só para o desenvolvemento da devandita industria, senón para dar xornais a operarios necesitados¹⁹. O 30 de agosto de 1918 o rexedor volveu mediar co gobernador de Sevilla, esta vez en nome fabricante Pedro Peña que ten pedido á casa dos señores Hijos de Ibarra de Sevilla, segundo me din, 4 bidóns de aceite para empregar na fabricación de sardiñas en conserva. Finalizada a guerra, púxose fin aos bonos de aprovisionamento de gasolina a prezo taxado.

Os anos de posguerra

Nos anos seguintes, todos os países europeos coñeceron unha crise económica de posguerra ligada sobre todo á reconversión das súas economías de guerra en economías de normalidade. A crise afectoulles a todos: aos belixerantes, tanto vencedores como vencidos, arruinados e cunha débeda descomunal polos longos anos de conflito, e aos neutrais que viron agora reducida drasticamente a demanda dos seus produtos. A industria conserveira padeceu a crise con especial intensidade. Se antes se exportaba practicamente todo o que se producía, agora a demanda caeu dramaticamente: xa non se necesitaban as conservas outrora imprescindibles para a alimentación nas fronte de guerra, e a falta de liquidez axudou tamén a frear as compras. Como resultado, anos difíciles, peche de empresas, paro, fame etc., caldo de cultivo para a expansión do malestar social, con manifestacións, folgas, paros etc., que repercutirían directamente no normal desenvolvemento das empresas industriais ribeirenses

Dificultades e axitación social

Os ánimos das clases traballadoras viñan caldeándose desde antes de finalizar a guerra pola inflación e os altos prezos dos alimentos básicos, a pesar, como dicía o alcalde, dunha

¹⁹ En ambos os casos, e para evitar malos entendidos, o alcalde advertiu ao gobernador da Coruña da súa comunicación co de Sevilla, e ao de Sevilla que xa llo comunicara ao da Coruña. LRS de 1918, ambos os comunicados de 06/08/1918, números 620 e 621.

Real Orde do Ministerio de Facenda publicada no BO desta provincia do 9 de xaneiro último que prohibía aumentar os prezos deses artigos baixo penas severas. Escaseaban sobre todo os cereais, cuxa produción era residual na comarca de Ribeira, trigo e millo, ou *pan dos pobres*, que consumía máis do 95 % da poboación, pero tamén aceite, arroz, legumes etc.

As dificultades da subministración, a presenza da fame e os máis que probables conflitos moveron as autoridades locais a iniciar unha incansable procura do prezado cereal para acalar as voces das clases máis desfavorecidas. Primeiro nos dous mercados tradicionais de abastecemento de Ribeira, Vilagarcía e Vigo; despois na provincia da Coruña –Rois, Brión, Ames, Negreira etc., e, finalmente, en Salamanca *directamente ás fábricas onde se produce a fariña*, de onde podían chegar por vía férrea ata Vilagarcía– e todos os intentos resultaron infrutuosos.

O ano 1918 achegou un elemento desestabilizador máis, a epidemia de *gripe española*, que desde setembro se sumou ás carestías, á fame e á axitación social.

Consecuencia directa serían as numerosas folgas, manifestacións e tumultos que impac-taron na industria local en momentos tan delicados. Os primeiros disturbios tiveron lugar a mediados de agosto de 1917 en Ribeira e Corrubedo, e obrigaron ao alcalde a solicitar reforzos ao gobernador e mesmo ao Capitán Xeral da 8ª rexión militar.

Os días 25 e 27 de xaneiro de 1918 novas manifestacións tumultuarias, con presenza maioritaria de mulleres, percorreron as rúas ribeirenses pedindo o abaratamento dos artigos de primeira necesidade *porque todos están sumamente elevados en prezo e dalgúns carécese en absoluto...*²⁰, e con altas voces invitaban a a *queimar e asaltar os comercios*. O 4 de febreiro celebrouse outra numerosa manifestación *en actitude moi hostil*, esta vez diante da propia casa do alcalde Martínez.

O sindicalismo

Estas dificultades serían combustible para o rebrote da actividade sindical. Desaparecidos de Ribeira os potentes sindicatos de mariñeiros dos primeiros anos de século XX, aínda o 26 de febreiro de 1917 o alcalde podía contestarlle ao gobernador civil, tras ser inquirido sobre o asunto: *Neste Distrito non hai sindicatos nin sociedades agrícolas...* Pero isto cambiou ben pronto. Nese mesmo ano xurdía en Corrubedo o sindicato “La Estrella Polar”, que organizou algunhas desordes naquela parroquia, entre elas o apedramento da igrexa parroquial. Máis relevancia tería a *Sociedad Benéfica de Obreros de Riveira La Necesaria*, o máis importante dos sindicatos ribeirenses durante os anos seguintes. Fundado en 1919 por Antonio Fernández Salcedo, comerciante de orixe peruana, a *Necesaria* desenvolveu una intensísima actividade sindical que culminou nunha folga xeral salvaxe que paralizou durante semana e media toda a actividade industrial e pesqueira. Desde o 13 de setembro, Ribeira viuse sumida no caos:

²⁰ O alcalde Pepe Martínez queixábase á Xunta de Subsistencias da Coruña: *... desde hai dous anos elevouse o prezo da fariña de millo de 240 pesetas a tonelada a 380 pesetas, pagándoo a veciñanza con lamento...*.

pecharon fábricas, tendas, almacéns, amarrrou toda a frota, sucedéronse folgas e manifestacións diarias, ao mesmo tempo que os sindicalistas da *Necesaria* practicaron coaccións contra os considerados esquirois. En palabras do propio alcalde: *Con motivo da folga xeral, xente mariñeira anda armada de coitelo, manoplas e pistolas para agredir ou polo menos ameazar as persoas que non secundan o paro*. A situación só se puido normalizar coa presenza da reforzos da benemérita procedentes de A Pobra e Noia que, durante varios días, patrullaron as rúas co axuda dos axentes municipais.

En 1920 completábase o panorama sindical ribeirense coa aparición do *Sindicato Xeral de Traballadores de Riveira*, filial local da UXT, baixo a presidencia de Enrique López Seoane que, polo menos nos seus comezos, non chegou a ter a *pegada* sindical da *Necesaria*.

A industria conserveira nos anos vinte

Os anos vinte foron tamén unha época difícil para a industria conserveira ribeirense. Os primeiros anos da década viron desaparecer os dous piares do mundo empresarial local e comarcal: Pepe Martínez Fernández e Emilio Colomer Soler. Gentleman e capitán de industria ao estilo británico, **Pepe Martínez** foi, sen dúbida, o home máis emblemático da Ribeira de finais do XIX e comezos do XX nas súas dúas facetas: política, como o alcalde máis valioso do seu tempo, e industrial, como cabeza dun emporio empresarial familiar que incluía negocios industriais de salgadura (con factorías en Cabo de Cruz, Corrubedo e Ribeira), conserveiros, dos que foi pioneiro coa gran factoría no dique de Ribeira, navieiros (Compañía Galega de Navegación) e bancarios, un conglomerado de empresas xestionadas co seu irmán Vicente, e que, co seu falecemento viría abaixo en moi poucos anos²¹.



Pepe Martínez Fernández, principal líder empresarial da conserva e a salgadura en Ribeira

Baste dicir respecto diso que, o 5 de xullo de 1921, só tres meses despois do seu pasamento o 8 de abril dese ano, o delegado provincial de Facenda enviaba un oficio ao seu fillo *D. José Martínez Núñez, como herdeiro de D. José Martínez Fernández...* polas dilixencias practicas nun expediente por defraudación contra a *Compañía Galega de Navegación Martínez Fernández e Compañía*, que nin o seu irmán Vicente –que xa se establecera lonxe de Ribeira,

²¹ O seu socio e irmán Vicente, a súa muller Francisca Núñez Ribadulla, e os seus fillos adictos á morfina –adicción contraída en hospitais ingleses durante os seus anos de estudantes en Gran Bretaña, cando se consideraba terapéutica– carecían do xenio, o carisma e as calidades empresariais necesarias para manter o temón das empresas.

no Carballiño—, nin a súa viúva Francisca, dedicada ao *gobierno da súa casa* e que nunca se ocupou de labores de empresa, nin os seus fillos incapacitados para a empresa polas súas adiccións, puideron resolver²². Todo un sinistro presaxio para o trágico final dunha familia que acabaría na máis espantosa ruína²³.

Pepe Martínez gozou dun enorme prestixio no seu tempo, dentro e fóra de Ribeira, a súa desaparición significou a perda do seu máis brillante empresario e o máis capaz dos rexedores.

Primoxénito dunha das máis notables sagas catalás asentada en Palmeira, e tras uns primeiros anos exercendo como Piloto da Mariña Mercante, *Emilio Colomer Soler*, pola súa banda, introduciuse no mundo da salgadura adquirindo mediados os anos oitenta a factoría de Francisco Baltar Santiago, contigua ao antigo “peirao” de Ribeira, e sucesivamente outros almacéns na propia Ribeira e en Aguiño tras matrimoniar con Joaquina Villoch, da familia catalá máis relevante de Pobra do Caramiñal, ata chegar a converterse no principal industrial da salgadura²⁴ da comarca. Alcalde de Ribeira, como o seu colega Martínez, pertenceu á maior parte das corporacións municipais do seu tempo.

Polo carisma e o prestixio persoal e empresarial de ambos os mandatarios, os pasamentos de Pepe Martínez (1921) e Emilio Colomer (1923) deixarían un baleiro difícil de colmar no proskenio industrial da conserva e da salgadura.

O 23 de maio de 1921, e en resposta a un requirimento da Liga de Amigos de Santiago *para a participación na primeira Feira, Mostrario e exposición de Belas Artes que se vai a celebrar en Santiago*, o alcalde notificaba os nomes dos *industriais e artistas que residen neste distrito*, o que nos permite coñecer as empresas conserveiras e de salga que subsistían en Ribeira naquel entón, e que podemos observar no recadro seguinte:

22 En 1929, xa coas empresas en pleno declive, o gobernador civil impoñía unha considerable multa á “Viuva de Pepe Martínez por ocultación de aceite de semente de cacahuete”. AMR, LRSC, ano 1927, saída de 5/10/1927, nº 804.

23 O 31 de decembro de 1931, a requirimento do xuíz, o alcalde Vicente Colomer informáballe que José Martínez Núñez “domiciliado na rúa Venecia desta ciudad, non percibe sueldo, pensión, nin xornal por conta dos fondos municipais con carácter permanente nin eventual; nin consta a esta Alcaldía se traballa por conta propia en ningunha profesión, arte, industria ou oficio”. Tal era entón o grao de reversión da antiga fortuna dos Martínez. AMR, LRSC, Libro de 1930, Saída nº 1005, de 13/12/1930.

24 A diferenza de moitos colegas e de varios dos seus irmáns, Emilio Colomer nunca quixo saber nada da nova industria da conserva. Só despois do seu pasamento, a compañía “Filla de Emilio Colomer” instalaría nun dos seus almacén de salgadura una “fábrica de conservas e taller de envases”. AMR, LRAC, Libro de 1927/1, 19/09/1927, saída nº 749.

FABRICANTES E FACTORÍAS DA SALGADURA E DA CONSERVA EN 1921²⁵

CONSERVAS	SALAZONES ²⁶
Barreras e Barreras, F. (Castro Castiñeiras)	Barreras, José (Castro/Castiñeiras)
Colomer Soler, Vicente	Cardona, Amador (Ribeira)
Colomer e Vilas, Cía (Padín). ²⁷	Colomer del Río, Vicente (Padín)
Lojo Gelpí, Manuel (Insuela)	Colomer Soler, Emilio (2 Ribeira y 1 Aguiño)
Maldonado e Domínguez (Insuela)	Colomer Soler, José (Ribeira)
Martínez Fernández, Himáns. (Ribeira)	Colomer Soler Salvador (Insuela)
Martínez Tomás, Fillo de (Castiñeiras)	Ferrer, Ricardo (Aguiño)
Nimo e Otero Hirmáns (Ribeira)	Martínez Fdez., Vicente (1 Ribeira e 1 Corrubedo)
Peña, Pedro	Paz, José
Pereira, Evaristo e Silverio (Ribeira)	Peña, Pedro
	Santos García, Paulino

Os meses finais de 1921 e 1922 foron especialmente duros para os conserveiros de Ribeira. Ás aguerridas folgas e ás dificultades dunha demanda á baixa, sumouse o peche do mercado francés aos produtos da conserva, o que produciu unha *alarma das forzas vivas desta localidade pola paralización do traballo das industrias conserveira, da salgadura e pesqueira, motivo da miseria que padece hoxe a clase obreira...*, manifestaba o alcalde en escrito dirixido ao Ministro de Facenda e Estado o 1 de abril de 1922, e apremábao a conseguir un *“pronto convenio das Conservas con Francia, única solución para poder conxurar o presente conflito*.

Os fabricantes de conservas e salgaduras seguiron abastecéndose no mercado de Vigo e, en menor medida, no de Vilagarcía, de aceites e lubricantes, maquinaria industrial, repostos, columnas para o alumado etc., produtos dos que carecía a comarca de Ribeira.

As dificultades dos industriais das conservas e as salgaduras leváronos a tentar constituírse en asociacións patronais, como a *Unión de fabricantes de conservas e salgadura das rías de Marín, Arousa e Muros*, e a *Asociación Patronal Santa Eugenia* –pola importancia da industria neste distrito– pero, como lle dicía o alcalde ao gobernador o 28 de maio de 1923, *non chegaron a funcionar segundo informes adquiridos*.

²⁵ O panorama industrial ribeirense completábase cos serradoiros de madeiras de Francisco Ageitos e Gabino Crusat, que empregaban a 10 obreiros cada un e fornecían de madeiras as minas asturianas (o serradoiro de Silverio Pereira en Balteiro pechara uns anos antes); a fábrica de gasosas da viúva de Antonio Fernández; a fábrica de chocolate de Ricardo Pérez Fernández; o latoeiro Manuel Martínez; os zapateiros Manuel Seoane e Francisco Pais, e o ebanista José Monteagudo.

²⁶ Nesta relación de salgaduras fanse constar só as que estaban en activo en 1921. Había tamén varias daquela inactivas pola crise deses anos, como as de Gabino Crusat e Joaquín Garado, ambas as dúas en Insuela, a de Antonio Pérez Sánchez en Area Secada/Touro, a de José Ventura Santos “o Filipino” en Coroso, ou a de Joaquín Otero Bárcena en Sálvora.

²⁷ Esta sociedade, *que viña figurando na matrícula como fabricante de conservas* fora creada polos cuñados Domingo Vilas, José Colomer e Pepe Martínez mediada a primeira década de século. Disolveuse en decembro de 1913 e presentou a baixa como industria o 12/02/1914, apartándose da mesma Pepe Martínez, e continuou en diante como “Vilas e Colomer”.

Pero a comezos de 1923, creábase a Sociedade de Pescadores de Castiñeiras que exercería unha correúda actividade sindical e crearía moitos problemas nos convulsos anos trinta.

Con todo, de momento, a proclamación da Ditadura de Primo de Rivera en setembro de 1923, significou o esborralle da actividade sindical, que se reduciu á mínima expresión: en diante as dificultades dos fabricantes foron unicamente de orde económica. Nos anos seguintes o asociacionismo obreiro no mundo da pesca cinguiuse aos *Pósitos de Pescadores*, novos organismos que agruparon os mariñeiros na maior parte dos portos do litoral. No caso do noso concello creáronse tres Pósitos (comfrarías) en Ribeira, Carreira/Aguiño e Corrubedo en 1924. Non se chegou a crear o de Palmeira, a pesar do numeroso grupo de mariñeiros existentes naquel porto, pola desconfianza que lles mereceu o proxecto impulsado por Alfredo Saralegui. Canalizar por vía pacífica o malestar sindical que tantos conflitos causara nas dúas primeiras décadas de século fora precisamente un dos motivos da creación destas novas entidades por Saralegui desde a Dirección Xeral de Navegación e Pesca.

As crecentes necesidades da industria local –pesqueira, conserveira, e de transporte de mercadorías e pasaxeiros– levou ao concello, con permiso de Gobernación, a outorgar licenza o 26 de abril de 1927 a Camilo Lourido Rodríguez para *instalar nas inmediacións do peirao deste porto unha bomba chafariz de gasolina transportable para abastecemento de barcos pesqueiros e automóbiles*, unha gasolineeira que permanecería aberta ata finais de século.

Sinistralidade laboral

A finais da década de 1920 comezaron a anotarse na documentación municipal as baixas laborais que se producían nas diferentes factorías industriais, primeiro de forma puntual; pero a partir de 1928 os rexistros realízanse de forma case sistemática, o que nos permite aproximarnos a un aspecto tan relevante como a sinistralidade laboral.

Chaman poderosamente a atención as numerosas baixas laborais por accidentes de traballo ocorridos na fábrica de conservas de Amador Cardona Pérez: en 1928 rexistrou 7 accidentes laborais, en 1929 rexistrou 11 baixas laborais, mentres nas demais fábricas ningún. En 1930, na mesma fábrica de conservas houbo 11 baixas laborais por accidente, e en 1931 outras 9. A outra conserveira que rexistrou baixas laborais sería a de Francisco Barreras que en 1930 rexistrou 5 baixas, e en 1931 outras 3. Máis do 90 % destas baixas correspondían a mulleres.

Nas notas enviadas á alcaldía consígnanse os variados motivos deses accidentes: “esco-regar ao levar sardiña desde a rampla ata a fábricas e caer un ferro de latón de 5 kg nun pé; “fractura do brazo esquerdo por unha caída sobre o pavimento da fábrica de conservas do devandito patrón...; “... incisión no dedo polgar da man dereita por cortarse cunha máquina sertidora achándose traballando na fábrica de conservas do Sr. Cardona...”; “racho dos tecidos brandos do dedo maimiño da man dereita, achándose traballando nunha rampla anexa á Fábrica do Sr. Cardona...”; “padece un panadizo consecutivo a unha picada no dedo anular da man esquerda, cuxo accidente produciuse achándose traballando como empacadora do

Sr. Amador Cardona"; "queimaduras en ambas as pernas achándose traballando na fábrica de conservas..."; "... contusión con racho no cóbado dereito na fábrica de Amador Cardona"; "... incisión no bordo interno da man dereita..."; "...incisión profunda na planta do pé"; "... lesión na parte interna da man dereita producida cunha lata"; "... un panadizo no dedo medio da man dereita por mor dunha picada..."; "luxación do xeonllo esquerdo..." etc.

É difícil de crer que nas demais conserveiras non se producisen baixas. En todo caso, estas cifras demostran unha clamorosa ausencia de medidas de seguridade nas fábricas.

A escaseza de divisas coas que financiar as transaccións internacionais levou ao goberno central a requirir dos gobernadores civís a lista de persoas que podían ter no seu poder este tipo de moeda estranxeira e, á súa vez, o mandatario provincial da Coruña solicitou esa información ao alcalde de Ribeira, que contestou coa lista de industriais conserveiros existentes na localidade naquel ano 1931 ... *únicos en quen, por razón dos seus negocios, cabe supoñer posúan divisas estranxeiras.*

Como podemos observar, á altura de 1931, os tres anos de durísima crise económica internacional impactaran de forma brutal na industria local de conservas e salgadas de peixes. A nómina de empresarios e industrias caera nada menos que un 50 %: dos 21 empresarios con 26 fábricas existentes en 1921, pasamos a só 9 empresarios con outras tantas factorías unha década despois. En todo caso, as dificultades dun momento de crise como este, non impediron que algún empresario como Amador Cardona Pérez abordasen unha importante ampliación da súa fábrica, e o 8 de xuño de 1931 conseguiu autorización da corporación ... *para elevar un piso e ampliar a fábrica de conservas da súa pertenza...*

FABRICANTES DE CONSERVAS EN 1931

Barreras e Barreras, Francisco (Castro)	Cardona Pérez, Amador (Ribeira)
Sucesora de Domingo Vilas (Padín)	Colomer del Río, Hermanos (Padín)
Viuda de Manuel Lojo Gelpí (Insuela)	Sucesoras de Emilio Colomer Soler
Hijo de Tomás Martínez, (Castiñeiras)	Colomer Soler, Salvador (Insuela)
Santos García, Paulino	

De calquera xeito, malos agoiros económicos para a nova etapa política republicana que se ía a iniciar o 14 de abril de 1931.



*B*aixo o monte, discorrendo o río:
*Notas sobre territorialidade
medieval no Barbanza*

Carlos Lixó

Doutor en Historia, investigador, profesor e escritor

UNHA FORMA DIFERENTE DE ENTENDER O MUNDO

Nos nosos tempos, o espazo organízase nunha complexa rede de divisións administrativas que se superpoñen como unha boneca *matrioska*, desde un lugariño rural ou unha rúa sen saída, no menor dos casos, até as grandes entidades internacionais, como a Unión Europea, que agrupan dentro de si unha ampla extensión do mundo. No medio de todas elas, códigos postais, alfándegas, exércitos, mapas por satélite ou conxuntos de leis converten esas invencións abstractas nunha realidade moi concreta, milimétrica, e con consecuencias directas sobre a vida das persoas. A superficie do mundo está medida e repartida: os estados gardan as fronteiras e vixían calquera breve incursión até no seu espazo aéreo; o teu veciño está preparado para actuar se, na web do catastro, os tamaños da súa leira e da túa difiren do que pon nos papeis, aínda que sexa apenas por un par de metros cadrados.

Porén, na Idade Media a cousa non era así tan simple (ou tan complicada). Para aproximarse a aquela visión do mundo é interesante o concepto de “espazo vivencial”, de Otto Friedrich Bollnow (1969), que sinala que a experiencia dos seres humanos e a súa actuación sobre o terreo poden significar moito máis que as realidades físicas do mesmo. Segundo esa hipótese, o territorio interprétase partindo dun punto central, que é o lugar onde cada persoa vive, e expándese arredor máis ou menos en función da necesidade práctica de explotar e utilizar a contorna. Un labrador medieval vai saber con detalle as características e a superficie das leiras que traballa, mais vai ter unha percepción imprecisa das vilas que fican próximas ao camiño que percorre anualmente para acudir a unha feira. Unha

aristócrata que transita viaxando entre as súas múltiples residencias, no entanto, coñecerá ben as dependencias de cada unha delas, os sendeiros que as unen, e en certa maneira tamén aquelas aldeas e lugares dos que cobra rendas.

Seguindo esta lóxica, quen poida dominar un territorio de maneira práctica vai ser aquel que teña máis interese e maior capacidade para aprehendelo (e os territorios sempre se dominan mediante a forza: ora exercéndoa, ora ameazando con ela). A Igrexa Católica é a quen se lle deu mellor esta tarefa. Desde o Imperio Romano e ao longo de toda Europa foi expandindo un modelo administrativo homoxéneo que lle permitiu extraer tributos e organizar o culto en comunidades humanas do máis diversas. López Alsina (1999: 263) explícao de xeito moi ilustrativo:

Al compás de los primeros contactos con pueblos germanos, celtas o eslavos se afianzaron entre ellos elementos organizativos originalmente procedentes de un mismo horizonte mediterráneo hebraico-greco-latino, que les confería una unidad terminológica: ecclesia, episcopus, presbiterus, diocesis, parochia... Por debajo de esa uniformidad, las estructuras finalmente desarrolladas para diseñar una acción pastoral eficaz fueron muy diferentes en los distintos ámbitos de la sociedad medieval, por razones geográficas, de poblamiento, de estructura de la gran propiedad rural o de organización social.

Ou sexa, a cristiandade occidental vaise organizar de mil formas diferentes, mais vai facelo utilizando os mesmos nomes: os nomes da Igrexa Católica. Trátase de procesos lentos, centenarios, que mudan profundamente

ao longo do tempo. En Galiza, no século VI chámanselles “parroquias” a territorios moi amplos, en ocasións maiores que as comarcas contemporáneas; porén, no século XII xa encontramos perfectamente definidas as parroquias actuais, moi parecidas a como chegaron ao século XX, sendo as células básicas de desenvolvemento da vida dos galegos e as galegas durante centos de anos.

Paralelamente á descomposición dos modelos de poboamento antigos, vaise configurando un sistema social novo, característico da Idade Media, que calla e toma corpo en Europa entre os séculos IX e XII: o feudalismo. Na sociedade feudal, diferentes soberanías superpóñense. A organización eclesiástica convive con outra secular. Ambas sostéñense en relacións de fidelidade (de aí vén a palabra *feudo*) entre individuos poderosos (uns máis e outros menos) que se reparten entre si o exercicio dos poderes públicos que hoxe consideramos propios dun estado (concretamente: cobrar impostos, impartir xustiza e exercer a violencia contra alleos e propios). Ademais, os dominios dun mesmo señor feudal non teñen por que ser continuos, mesmo é frecuente que posúa territorios moi afastados entre si. Usurar, por unha vía ou outra, os dereitos doutro señor, era práctica cotiá e motor de constantes tensións políticas.

A moi grandes trazos: o territorio que hoxe coñecemos como Barbanza¹, e que na Idade Media era chamado Posmarcos²,

pertencía ao señorío de Santiago e estaba baixo a autoridade dos bispos (convertidos en arcebispos desde o ano 1120). Dun punto de vista das circunscripcións eclesiásticas, dentro da diocese compostelá Posmarcos funcionaba como arciprestado; mais, ao mesmo tempo, en relación ao seu goberno civil, aparece nomeado na documentación en latín como *territorio*, *terra* e até como *commiso*³, termos que frecuentemente aparecen relacionados co aristócrata que exerce neles o poder⁴. A unha escala menor, boa parte das parroquias que compoñían o arciprestado ficaron dependendo xurisdicionalmente da vila de Noia, vinculada a sé compostelá, mais algunhas outras estaban en mans de señores laicos. É coñecido o caso das parroquias do Deán e o Caramiñal, que xuntas compoñen a vila contemporánea da Pobra do Caramiñal e que a finais da Idade Media dependían do arcebispo, a primeira, e do señor de Xunqueiras, a segunda. Aínda a menor escala que as parroquias, existían coutos xurisdicionais e propiedades de señores feudais laicos situados en freguesías dependentes da Igrexa. En resumo, máis que unha *matrioska*, na Idade Media o territorio era un crebacabezas difícil de montar.

Historia de Plinio no século I e.c., do mesmo modo que noutros autores romanos como Pomponio Mela. No período do Reino Suevo da Gallaecia, no século VI e.c., *Pestemarcos* noméase no *Parroquial Suevo* como unha das entidades eclesiásticas que conformaban a Igrexa do reino (Fernández Calo, 2020: 88, 124, 393-394).

3 Aínda que a escolla léxica é non é regular, Mariña Bermúdez (2024), estudou os tres termos e as implicacións que se poden intuír do seu uso. Por exemplo, o uso de *commiso* acostuma ser máis frecuente nos séculos IX e X, encanto *terra* é o máis habitual no XI e no XII, polo que se pode soste que a mudanza terminolóxica acompañaba en certa forma os cambios na maneira de exercer o poder. Aliás, os termos usados na Alta Idade Media acostumarían remitir a realidades territoriais de menor extensión que os plenomedievais.

4 A modo de exemplo, no ano 934, o rei Ramiro II e a raíña Urraca outórganlle á diocese de Santiago o *commiso* de Posmarcos nos seguintes termos: *Commisum Pistomarcos ab integro secundum illum obtinuit Lucidus Vimarani, de Ulla in Tamare* (TA, doc. 40), isto é: “o *commiso* de Posmarcos enteiro tal como o tivo Lucidus Vimarani, do Ulla ao Tambre”.

1 Refírome ao Barbanza nun sentido completo, como a península que se encontra entre as rías de Arousa e Noia, que está atravesada pola serra do mesmo nome e que conta cunha personalidade histórica e xeográfica incuestionable; non ao Barbanza desmembrado que consta oficialmente como comarca desde o ano 1997, ocupando só a súa beira sur e excluindo o territorio claramente barbanzán dos concellos de Porto do Son, Noia e Lousame.

2 O corónimo Posmarcos ten unha orixe anterior, prerromana, que se rexistra na mención aos chamados *Celtici cognomine Praestamarci*, os celtas ao sur do Tambre, recollida na *Naturalis*

Para nos aproximarmos un pouco máis a estas realidades, imos tomar algúns exemplos do tomo documental do mosteiro de Toxos Outos (TTO). Os mosteiros, nos séculos centrais da Idade Media, vanse converter nos maiores propietarios de terras en Galiza a través de constantes adquisicións a base de doazóns, testamentos e compras, colocando a maior parte do campesiñado baixo a súa dependencia (Andrade Cernadas, 1997). A colección documental de Toxos Outos permítenos ver como esta institución amplía constantemente as súas posesións en Posmarcos desde mediados do século XII, o que nos achega unha información moi rica á que nos podemos achegar desde múltiples perspectivas.

UNHA FÓRMULA INFALIBLE PARA SINALAR OS LUGARES

Mesmo sen existiren códigos postais, a necesidade de localizar con precisión un lugar determinado existiu no pasado como aínda existe hoxe. Ante a proliferación de xurisdicións superpostas e ambiguas, na documentación recorriase precisamente aos espazos vivenciais, isto é, a elementos que estivesen tan presentes na paisaxe diaria como para que todas as persoas implicadas na cuestión a tratar os identificasen de forma inequívoca. Entre eses elementos destacan os montes e os ríos. Para localizar lugares no marco dun espazo relativamente amplo, como un *commiso* ou unha *terra*, na documentación galega entre os séculos X e XII utilízase de maneira reiterativa unha fórmula lingüística de encadre tripartito: unha circunscrición administrativa, xeralmente o *territorio*, e dous elementos xeográficos, o río e o monte. Deste

xeito é habitual que para ubicar unha *villa*⁵ se utilice a seguinte locución: *territorio X, sub/subtus monte Y, discurrente rivulo Z*. "No territorio X, baixo o monte Y, discurrendo o río Z". Non é estraño que a isto se engada, tamén, a freguesía á que pertence a *villa* ou herdade, especialmente a partir do século XII, engadíndolle á división administrativa outra eclesiástica.

Todo isto implica, alén dunha solución práctica, unha visión particular do mundo (Lixó Gómez, 2020: 151-163): nunha sociedade en que o uso da cartografía é residual, non interesa se unha herdade se encontra ao sur ou ao norte, tampouco se fala de quilómetros; o que se usa son os ollos, e o que resalta ante eles son os montes que a cortan a paisaxe e os ríos que a regan. O monte que máis presenza ten nos textos de Toxos Outos relacionados coa nosa comarca é o Iroite, o de maior altitude da serra do Barbanza (687 metros sobre o nivel do mar) e onde se encontra actualmente a base militar EVA 10. Aparece rexistrado con diferentes grafías: *Iracti*, *Yrocti*, *Irocte*, *Irocti*, *Iroute*, *Yroute*, *Iroethe*, *Yrouth* e *Iroite*.

Aos pés do Iroite localízanse *villae* próximas á montaña, como Noceda, na parroquia boirense de Cures, mencionada en 1165⁶, ou Moimenta, en Macenda, que se menciona o ano seguinte, nun diploma en que un home doa a Toxos Outos as herdades que ten *in terra Pistomarchos concurrente ad ecclesiam Sancti Johannis sub monte Yrocti in villa Monimenta*⁷. Porén, tamén se utiliza este monte para referenciar lugares máis afastados e próximos

5 O termo *villa* é o máis frecuente neste contexto para definir unha serie de realidades diversas que se aproximan, en grande medida, ao que hoxe incluíamos no concepto de "aldea" (Portela, Pallares, 1998: 15).

6 TTO, doc. 709.

7 TTO, doc. 663.

ao mar, como Cespón, Santa Baia de Boiro ou Abanqueiro. Neste último caso, é de sinalar que a pesar da súa situación nun cabo que se interna na ría, en ocasións nin se fai referencia ao mar⁸ como elemento identificador, senón igualmente ao monte e ao río, o que nos fala do uso da mencionada fórmula lingüística funcionando de maneira estandarizada. Así o vemos nunha carta de doazón do ano 1156 en que se doa unha propiedade *in villa Auancario sub aula Sancti Christofori sub monte Yrocti discurrente fluuio Gamo*⁹. Certamente, o río Gamo, hoxe coñecido como río Coroño, non discorre por terras de Abanqueiro. Porén, para o escribán en cuestión, esas dúas referencias eran suficientes para dar por sentado que calquera persoa que lese o documento soubese a que Abanqueiro se referían.

O Iroite estende a súa función localizadora alén dos actuais termos municipais de Boiro. Nebra, no concello de Porto do Son ollando para a ría de Noia e non para a Arousa, é referenciado dúas veces en relación a el: *in ualle Neuvar sub monte Iracti*¹⁰ e *in toto ipso ualle de Neuvar, et iacent iste hereditates in territorio Neuarensi subtus monte Irocti et recurrunt ad ecclesiam Sancte Marie de Neuvar*¹¹. Esta última mención é especialmente interesante, pois nunha mesma oración Nebra aparece nomeada de tres xeitos diferentes: como territorio, como val e como parroquia; atendendo ás súas vertentes político-administrativa, xeográfica e relixiosa. Ademais, o feito de Nebra ser identificada como *territorio* non é necesariamente contraditorio co feito se encontrar no marco doutro territorio maior,

neste caso Posmarcos. Tampouco implica que o *territorio Neuarensi* se limite á extensión da parroquia de Nebra: a parroquia de San Miguel de Camboño, por exemplo, aparece incluída *in territorio de Neuvar*¹². Pódese dicir, por tanto, que falamos de territorios superpostos ou até complementarios e que ademais poden ir transformándose (as referencias ao territorio de Nebra no tomo son todas de mediados do século XII por diante, encanto o de Posmarcos, como xa se indicou, aparece séculos antes). Tal situación é frecuente neste contexto: de novo o crebacabezas.

En relación cun mesmo monte pódense dar como referencia ríos diferentes. O máis mencionado canda o Iroite é o río Gamo, porén tamén se usa como indicador o río *Duaura* ou *Duauria*, que se correspondería co actual *Río de Brea* ou *Río Grande*. Un documento sitúa a aldea de Lamas, en Cespón, precisamente entre eses dous ríos, *inter duos fluuios, Gamo et Duabra*¹³. Mais nesta ocasión non baixo o Iroite, senón *in terra de Pi<s>tomarchos subtus monte Salgeyroo*. E é que a aldea de Lamas se sitúa mesmo ao pé deste outeiro, o Salgueiro¹⁴, que, aínda sendo de moita menor altitude que o Iroite (299 m. fronte a 687 m.), foi considerado polo escribán o bastante dominante sobre a paisaxe do pequeno núcleo de poboación como para non o pasaren por alto. Noutro texto resólvese a contradición mencionando ambos, o que domina a paisaxe da zona a nivel xeral e o que se ergue sobre a *villa* de Lamas en particular: *in territorio de*

8 Hai documentos en que si se destaca a súa particularidade xeográfica, referindo, por exemplo, Abanqueiro como *insula*: por exemplo TTO, doc. 310 (09/09/1227) e TTO, doc. 106 (04/1226).

9 TTO, doc. 727.

10 TTO, doc. 765 (22/01/1174).

11 TTO, doc. 764 (09/05/1220).

12 TTO, doc. 779 (06/06/1209).

13 TTO, doc. 681 (12/11/1243).

14 No mapa base vectorial do ano 2020 que facilita o visor de mapas de *Información Xeográfica de Galicia* este lugar aparece nomeado como *Alto do Puzadoiro*, porén o regato que nace do seu cumio recibe o nome de *Rego Salgueiro* e vai dar precisamente á aldea de Lamas, o que nos permite afirmar con certa seguridade a súa identificación.

*Pistomarchis subtus monte Iroethe et Sageyro discurrente riuulo Duauria*¹⁵.

Alén do Iroite e o pequeno Salgueiro, hai outros montes barbanzans que tamén se converteron en identificadores da paisaxe. A parroquia de Santa María de Caamaño, en Porto do Son, menciónase reproducindo perfectamente a fórmula lingüística tripartita, novamente utilizando non un, senón dous cumios diferentes, o Graiade (487 m.) e o Burleu (229 m.), e sinalando ademais a desembocadura do río Sieira no mar: *In territorio Pistomarchos sub montibus Grayadi et Burleo currente per medium flumine Siaria intrante in mare*¹⁶. Na contigua freguesía de Santa Mariña de Xuño, lindeira ao sur, vólvese facer referencia ao Burleu, só que nomeándoo como *castro* e non como *monte*. O termo *castro* é frecuente neste tipo de mencións, aparecendo na documentación latina galega tanto para nomear montes con restos de castros protohistóricos como con castelos medievais (Lixó Gómez, 2020: 149-184), aínda que no tombo de Toxos Outos é esta a única mención *sub castro* que localizamos.

Aínda máis ao sur da península, no actual concello de Ribeira, aparece a freguesía de Santa María de Olveira en numerosos documentos, que dan testemuño do interese de Toxos Outos por ampliar as súas terras na área. En dous textos figura baixo o monte Taúme (236 m.), grafado como *Ceyme*¹⁷ ou *Ceume*¹⁸, e en catro ocasións¹⁹ baixo o monte *Teyra*, actualmente coñecido como monte Facho (137 m.) e situado en efecto sobre a aldea

de Teira. O topónimo *Teyra*, alén de para o monte, úsase para aludir a un elemento que, na Idade Media, non recibe nomes propios con demasiada frecuencia: o mar. En 1168, sobre Olveira, dise: *est ipsa ecclesia sita in terra Pistomarchos iuxta mare de Teyra que olim uocata est Finis Terre*²⁰. É unha imaxe fermosa: non só se indica que Olveira está onda o mar de Teira, senón que se engade que, noutro tempo, foi chamada *Finis Terre*.

Hai outro documento que insiste en darlle a Olveira esa denominación. É un texto anterior e utiliza o apelativo en plural, "os Fins da Terra": *in territorio Pistomarchis in loco certo vocitato Finibus Terre sub monte Ceume prope litus maris, loco certo in ecclesia Sancte Marie de Oluaria*²¹. Se temos en conta que a actual Corrubedo (cuxo cabo é o punto máis occidental do Barbanza) é unha parroquia de creación posterior e, por tanto, non existía no momento en que estes documentos foron redactados, Olveira era, de xeito literal, tan *Finis Terre* como Fisterra. Olveira foi o *Finis Terre* do Barbanza, e ademais, sabemos grazas á documentación, que así era chamada desde antigo.

En vista de todo o anterior podemos concluír que, en Posmarcos, esta fórmula *territorio / monte / río* aplícase de maneira similar a outros lugares de Galiza e responde, en si mesma, a unha orde decrecente en que o territorio é o marco de maior tamaño, que inclúe toda a península; a proximidade aos montes máis altos e visibles sería a segunda na escala; mentres que a mención aos ríos sería a referencia máis local, ao se mencionaren varios ríos diferentes para *villae* situadas baixo

15 TTO, doc. 682 (11/01/1244).

16 TTO, doc. 756 (10/01/1169).

17 TTO, doc. 736 (1200).

18 TTO, doc. 737 (03/03/[1142-1149]).

19 TTO, doc. 744 (16/09/1168) e 751 (04/10/1201).

20 TTO, doc. 744 (16/09/1168).

21 TTO, doc. 737 (03/03/[1142-1149]).

o mesmo monte²². No último nivel estaría xa a parroquia.

UNS MARCOS QUE NON SE MOVEN, E OUTROS QUE SI

Se para localizar núcleos de poboación nun territorio amplo se utilizan como referentes os montes e os ríos, a diversidade de elementos identificadores é maior canto menor é a escala. Dito doutra forma, cando xa non se trata de localizar unha *villa* senón de definir os seus marcos exactos, é preciso mencionar realidades máis particulares, únicas, até anecdóticas. É lóxico: non se pode vender ou doar unha propiedade se non están claros os seus límites. Así, os redactores dos documentos combinan múltiples elementos naturais e culturais para establecer con claridade os marcos das herdades: carreiros, leiras, fontes, penedos, construcións ou calquera outra realidade material visible e permanente (Portela Silva, Pallares Méndez, 2007: 41).

Ollando a documentación de Toxosoutos, o primeiro que se evidencia é que a rede de pequenos núcleos rurais dispersos que caracterizaron a nosa forma de ocupar o territorio até o século XX, e en menor medida até hoxe, xa aparece configurada con claridade no período en que a documentación deste tombo xa é abundante, desde segunda metade do século XII. Noutros lugares de Galiza, sobre os que se conserva documentación máis antiga, tense observado esta continuidade en momentos tan temperáns como o século X, tal como estudaron Portela Silva e Pallares Méndez (1998) nas aldeas ourensás de Bobadela e Rabal.

Un interesante documento, datado do ano 1038²³ (o que o converte, por tanto, no máis antigo do tombo de Toxos Outos), deixa constancia dunha xuntanza realizada na aldea de Bustoseco (*Busto Sicco*). A este lugar acoden persoas importantes de *Sancti Felicis de Siaria* e *Sancte Marie de Ermo* coa intención de delimitar de maneira exacta os lindes entre as dúas igrexas, cargando para iso até alí escrituras novas e antigas e, posiblemente, percorrendo a pé cada un dos marcos que despois deixan descritos no texto.

Situámonos na actual freguesía sonense de San Fins de Ribasieira, que, como podemos inferir do texto, se encontraba naquela altura dividida en dúas: San Fins de Sieira²⁴ ao norte e Santa María do Ermo, hoxe desaparecida, ao sur. Os homes alí reunidos delimitan con detalle os marcos da primeira delas, que incluía as aldeas de Bustiguillade (*Bustum Quiliadi*), Pousacarro (*Pausa Carrum*) e Calvelle (*villare Caluelle*), así como *Couam Bentom*, que Pérez Rodríguez (ed. 2004) identifica con Godón²⁵, e Inxerto, referido da seguinte maneira: *uulare Mirum quod uocitant Enxertum*. Ese xeito de expresalo deixa ver que o nomea da aldea de Inxerto estaba, naquela altura, nacendo: cando se redacta o diploma, o topónimo principal do lugar era *uulare Mirum*, aínda que xa comezaba a ser coñecido por *Enxertum*, o termo que finalmente se fixaría no tempo e chegaría até

23 TTO, doc. 761 (28/05/1038). Trátase do documento máis antigo do tombo, o único datado do século XI.

24 Non se debe confundir coa aldea de Sieira, en Santa Mariña de Xuño, que se encontra no tramo final do río Sieira, mentres que o espazo que aquí analizamos é precisamente o que se corresponde co seu nacemento e curso alto.

25 Posto que non existe relación etimolóxica entre os termos, entendemos que o editor (ed. Pérez Rodríguez, 2004) os relaciona por contexto, ao ser Godón o único asentamento existente na actualidade na área delimitada no documento que non aparece nomeado no documento e ademais encontrarse precisamente entre Pousacarro e Calvelle. Porén, sen ser imposible que o nome co que se identificase antigamente Godón fose *Covam Bentom*, achamos que tal identificación non pode ser confirmada.

22 Non se pode deixar de obviar que isto ten a ver, tamén, co facto de que dun mesmo monte, polas súas distintas vertentes, poden correr ríos diferentes en direccións opostas, especialmente nunha serra coma esta que é a columna vertebral dunha península.

hoxe, substituíndo o anterior. Podemos ver, entón, con claridade, que o San Fins de Sieira do século XI correspondía á metade norte do San Fins de Ribasieira do século XXI, onde se encontran exactamente as aldeas de Bustigui-lade, Pousacarro, Godón, Calvelle e Inxerto; mentres que Bustoseco, inmediatamente ao sur, caería xa do lado de Santa María de Ermo.

As pervivencias non só se detectan nos nomes dos núcleos de poboación, senón tamén na toponimia menor. Entre os marcos que delimitan o San Fins do século XI figuran algúns que, mil anos despois, manteñen o seu nome e se encontran, aínda, facendo de lindes. Grazas a recursos dispoñibles online como *Galicia Nomeada*, o sistema de *Información Xeográfica de Galicia* ou o *Visor Iberprix*, puidemos localizar sobre o mapa varios topónimos menores relacionados cos marcos nomeados no texto²⁶: *monte Faro* (= Faro, ao sueste da aldea de Inxerto); *Petras Nigras* (= Pedras Negras, nos cumios ao norte de Calvelle) ou *aquam de Ualiantes* (= Valeantes: no punto onde fan fronteira os actuais concellos de Porto do Son, Boiro e A Pobra do Caramiñal). Non sempre é posible esa identificación: outros como *Arua* ou *Ranariz* non foron localizados²⁷.

26 A seguir, a descrición completa dos lindes. TTO, doc. 761 (1038): *Et sunt termini sue hereditatis per illam aquam que discurrit per illos orreos de sub monte Faro ad uisum partem per ipsam aquam usque ad illam feruenciam Sancte Marie et intrat in riuum Syariam; et de alia parte ad sursum partem per illam aquam quo discurrit de illo campello inter Bustum Quiliadi et Ranariz et per petras nigras et per terminos de Arua quam uocitant Ranlam et per aquam de Ualiantes ad sursum partem et per parietem longam et per montem Farum et per illam antam quam pro diuisione exexerunt antiqui inter Sanctum Felicem et Bustum Siccum et Miserere, et inde per illam aquam que discurrit de ipsa anta per illos orreos ad uisum partem et domnus Armentarius, et est alia que nobis non pertinent.*

27 O editor (ed. Pérez Rodríguez, 2004), propón a identificación de Ranariz con Raña, mais achamos que non podemos dála por confirmada. Primeiro, porque se menciona un campello entre *Busto Sicco* e *Ranariz*, porén, Buscoseco e Raña encóntranse respectivamente ao sur e ao norte dos límites de San Fiz, polo que se encontran separadas non por un campello senón por varias aldeas. Segundo, porque no mesmo documento se menciona *Ranlam*,

Tamén se utilizaba de límite entre as dúas *ecclesiae* a coñecida fervenza da Madanela, mencionada como *feruenciam Sancte Marie*, o que a relaciona, talvez, coa advocación de Santa María do Ermo. É especialmente suxectiva a referencia que se fai a unha anta antiga, porque nos permite ver non só a relevancia dos megálitos na paisaxe medieval²⁸, senón a interpretación que se facía dunhas construcións humanas que naquela época eran xa tan antigas como para que a súa funcionalidade orixinal se esquecese por completo²⁹. No documento déixase ver a crenza de que este tipo de arquitecturas foran erguidas a propósito polos antigos precisamente para serviren de marcos (*illam antam quam pro diuisione exexerunt antiqui*). Neste caso, o dolmen dividiría entre San Fins, Bustoseco e *Miserere*, ou sexa, a Misarela, polo que se podería tratar talvez do coñecido popularmente como a *Casarota do Fuciño*. Moito menos antigos que a anta son os hórreos que se mencionan, aínda que si o bastante antigos como para non sabermos como era a súa morfoloxía naquela altura, nin até que punto se asemellarían aos que hoxe cobren a nosa paisaxe, construídos na Idade Moderna e Contemporánea.

Aínda que o documento que estamos a analizar se inclúe no cartulario do mosteiro de Toxos Outos, no momento en que é redactado, ano 1038, San Fins de Sieira e Santa María

que achamos un probable erro gráfico de Raniam, topónimo que aparece recollido até tres veces no documento 762 do TTO (19/02/1169) e que achamos neste caso si coincide coa aldea de Raña, na veciña freguesía de Baroña.

28 No documento 738 do TTO, que recolle os límites da parroquia de Santa María de Oliveira e que, tristemente, non está datado, noméanse catro arcas ou agrupacións de arcas diferentes: *aliam archam antiquam*; *archam de Ansesimude*; *archam de Segeredo* e *alias archas de Teyra*.

29 Non se pode deixar de sinalar que, alén do seu cometido principal como enterramentos colectivos, ten sido estudado que as mámoas funcionaban desde as súas orixes, efectivamente, como elementos que organizaban e daban forma á paisaxe (Criado Boedo, Villoch Vázquez, 1998: 63-80).

do Ermo estaban aínda fóra do control desa institución. De facto, Toxos Outos aínda non existía como tal: fúndase aproximadamente un século despois. Cando os monxes elaboran o tomo, a finais do século XIII, coa intención de xuntar e organizar a súa documentación e asegurarse de cara ao futuro os dereitos e propiedades que foran adquirindo, inclúen ese diploma que delimitaba, no século XI, a área dunha propiedade sobre a que o mosteiro estendera o seu dominio no século XII.

Sancti Felicis de Siaria é, no século XI, unha pequena igrexa rural. Como ten sinalado Sánchez Pardo (2010: 149), estas entidades son especialmente interesantes para coñecermos a sociedade da época. En primeiro lugar porque, como acabamos de ver, a súa análise permite aproximarse á raíz da paisaxe tradicional que chegou até os nosos días, sendo a base dunha rede parroquial que tería unha estabilidade extraordinaria. As aldeas e parroquias que hoxe coñecemos estaban nacente e organizándose arredor de pequenas modestas igrexas nos séculos centrais da Idade Media. Mais, alén disto, tamén nos permiten ver o grao de articulación social interna nesta época, ao seren espazos onde converxen o poder e control das elites cos procesos culturais e humanos que definen as comunidades campesiñas.

As persoas que encabezan o texto son o abade *Sisulfus*, o abade *Petrus Cendonci*, os irmáns *Asberini Paladinci* e *Vimara Paladinci*, e *Ecta Vermuez*, cuxos nomes se destacan entre os doutros moitos homes que eran herdeiros de Sieira e Ermo. Estamos entón ante unha realidade que se acostuma definir como “igrexa propia” (Loring García, 1987): aquela igrexa que, xunto cos seus bens, pertence a un ou varios propietarios, que reciben os ingresos producidos por ela, designan o clero que a atende e poden dispor dela libremente para venda,

doazón, permuta etc. Aínda que nos diplomas poidan aparecer designadas igualmente como igrexas, en ocasións non se limitan a funcionar como centros de culto para o campesiñado local, senón que representan na práctica pequenos establecementos monásticos, máis ou menos articulados. No caso de Sieira, o reducido tamaño das súas terras apunta a unha entidade moi modesta; con todo, a presenza no texto de dúas persoas identificadas como abades pode suxerir a existencia dalgún tipo de comunidade monástica. O seu emprazamento, agochado entre dúas lombas no alto da serra, onda o nacemento dun río, non sería estraño para unha fundación eremítica.

A Igrexa Católica tentou con insistencia suprimir o modelo das igrexas propias, que escapaba do seu control directo. Vense actuacións nesta dirección sobre todo desde a Reforma Gregoriana e a expansión da orde de Cluny desde finais do século XI até, especialmente, o III Concilio de Letrán de 1179, en que só se deixaba aos fundadores o dereito de padroado (VV. AA., 1982: 139). Non foi sinxelo: existiu unha forte resistencia por parte dos detentores das igrexas propias. Mais, finalmente, van desaparecendo ao ritmo que as grandes institucións, sobre todo beneditinas, amplían incesantemente os seus dominios.

Toxos Outos faise con propiedades nesta área na segunda metade do século XII. Vémolo en dous documentos datados nos días 11 e 10 de decembro do ano 1163: no primeiro deles³⁰, por mandado do arcebispo compostelán Martiño, o irmán García, un monxe que levaba unha vida eremítica en San Fins de Sieira, entrega a súa igrexa ao mosteiro de Toxos Outos e decide marchar a Xerusalén, especificando que o fai para fuxir das malas linguas dos homes. Talvez

30 TTO, doc. 759 (11/12/1163).

nunca poidamos saber que era o que contarian del, mais debeu ser relevante, porque no outro texto, redactado un día antes, o arcebispo Martiño autoriza a Toxos Outos a aceptar esa inmediata doazón e igualmente afirma que García marchará á Cidade Santa "por causa das malas linguas dos homes malvados" (*propter maledictas prauorum hominum ling<u>as*)³¹. Esta insistencia na súa marcha voluntaria para fuxir das murmuracións non consegue ocultar as presións do arcebispo, que lle ordena de forma directa facer a doazón.

O irmán García vivía en San Fins de Sieira unha vida eremítica a mediados do século XII. Descoñecemos o que pasou entre este momento e o documento escrito en 1038. Existía xa, no tempo do abade Sisulfo, unha comunidade de frades eremitas da que García é o último representante? Ou fora instalarse García alí buscando soidade absoluta, escollendo aquel lugar que, á súa chegada, estaba xa deshabitado?

O que si sabemos é que as tensións entre os posuidores locais destas terras e o mosteiro de Toxos Outos deberon ser constantes nestas décadas. Seis anos despois, en 1169, outro frade, chamado Salvador Núñez, entrega a villa de Calvelle a Munio Eans, prior de San Fins de Sieira xa baixo a dependencia de Toxos Outos³². Calvelle, que nese momento se encontraba abandonada (*uilla que iacet in silvis*), fora construída polos pais de Salvador Núñez, segundo di o propio escrito, de xeito ilegal e forzoso (*per per forciam iniuste et sine directo*) nun territorio que non lles pertencía. Entregaba esas propiedades ao mosteiro por remedio da súa alma e da dos seus propios pais, mais tampouco está claro até que punto

o faría de forma voluntaria. Sexa por malas linguas ou por titularidades dubidosas, o feito é que as terras acaban nas mans da poderosa institución. Os grandes mosteiros regrados, inseridos nas máis altas esferas do poder feudal, utilizaban todas as ferramentas posibles para conseguir acumular terras.

Canda as terras, o frade Salvador entrega tamén unha carta de propiedade que seus pais fixeran sobre elas. Reparemos na contradición: o mosteiro ínstao a deixar por escrito que a ocupación de Calvelle por parte dos seus proxenitores era ilexítima, mais ao mesmo tempo asegúrase de que lle entregue as antigas escrituras que estes posuían sobre o lugar. Seguramente por un procedemento parecido a este é que Toxos Outos se fixo co documento que establece os límites de San Fins do ano 1038, como mecanismo para garantir a lexitimidade das súas adquisicións.

Así nolo parece confirmar un terceiro caso. En novembro de 1187, poucos meses despois de que Xerusalén caese en mans de Saladino, outro home decide, novamente, marchar para Terra Santa e entregar os seus bens a Toxos Outos³³, acordando ingresar no mosteiro no caso de voltar de alá con vida. Trátase do presbítero Paio Pérez, alcumado *Bianes*, que entre outras propiedades doou a oitava parte da parroquia de Santa Mariña de Xuño que recibira dos seus avós... chamados *Vimara Palatinci* e *Asberme Palatinci*, quen a súa vez a recibiran do abade Sisulfo. Son precisamente algúns dos protagonistas da delimitación feita cento cincuenta anos antes en *Sancti Felici de Siaria*. Cando Paio fala dos seus avós, refírese, en realidade, aos seus avós remotos, os seus antepasados. No propio diploma, especifica que entrega tamén as escrituras antigas que

31 TTO, doc. 760 (10/12/1163).

32 TTO, doc. 762 (19/02/1169).

33 TTO, doc. 755 (11/01/1187).

obtivo dos seus parentes (*sicut resonat in suas scripturas quas uobis dono*). Seguramente, entre elas, a dita delimitación de marcos de comezos do século XI. Toxos Outos vaise facendo por fases, progresivamente, coas propiedades das familias posesoras locais e das súas antigas institucións familiares. Ao

mesmo ritmo, progresivo pero imparable, que está acontecendo por todo o reino da man dos grandes cenobios galegos.




Imaxe 1. Tornado do sistema de Información Xeográfica da Xunta de Galicia, a través de <https://mapas.xunta.gal/visores/basico/>. Sobre mpa de fondo PNOA 2023, obsérvanse os límites noroccidentais da parroquia de San Fins de Ribasleira e localízanse as aldeas de Inxerto, Bustiguillade, Pousacarro, Godón e Calvelle

CONCLUSIÓN

Non se pode separar a análise das circunscricións administrativas dun territorio sen ter en conta que, na Idade Media, estas estaban completamente supeditadas ao exercicio do poder político práctico no marco das complexas relacións feudais entre persoas e institucións. No presente artigo tentamos achegarnos a esta realidade desde tres ópticas: unha breve descrición das complexidades na organización territorial na Galiza medieval, situando nela o territorio de Posmarcos; unha reflexión sobre a percepción da territorialidade na documentación, analizando as referencias a montes e ríos como elementos identificadores de núcleos de poboación; e, finalmente, a revisión dun exemplo a menor escala que nos mostra o xeito de delimitar os marcos

das pequenas propiedades, neste caso unha igrexa rural. A partir de aí, aproveitamos un documento excepcional, o máis antigo do Tombo de Toxos Outos, en que se percorren os lindes da igrexa de San Fins de Sieira, actualmente parroquia de San Fins de Ribasieira, en Porto do Son, para achegármonos ao proceso de acumulación de propiedades que levan a cabo os poderosos mosteiros galegos nos séculos centrais da Idade Media. Detrás da organización dos grandes territorios e terras do reino e detrás da delimitación e concreción das pequenas herdades a nivel local, encóntrase, case sempre, a mesma man: a man dos poderes feudais, laicos e, especialmente, eclesiásticos, que aspiran a controlalos. O espazo aprehéndese como unha realidade física e interprétase do xeito que sexa máis efectivo para exercer sobre el o dominio político.



Imaxe 2. Tomada do Proxecto Galicia Nomeada: <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/visor>. Topónimos menores que inclúen o termo Valeantes, actualmente no límite entre os concellos de Porto do Son, A Pobra do Caramiñal e Boiro. Este lugar, chamado do mesmo xeito no século XI, funcionaba tamén como límite, nese caso da igrexa de Sancti Felicis de Siaria

ABREVIATURAS

TA

TTO

FONTES DOCUMENTAIS EDITADAS

Lucas Álvarez, Manuel (ed.) (1998), *Tombo A de la Catedral de Santiago. Estudio y edición*, Santiago de Compostela: Ediciós do Castro.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier (ed.) (2004), *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico.

RECURSOS

Galicia Nomeada. Dispoñible en liña: <<https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>>.

Información Xeográfica de Galicia. Dispoñible en liña: <<https://mapas.xunta.gal/visores/basico/>>.

Visor Iberprix. Dispoñible en liña: <<https://www.ign.es/iberprix/visor/>>.

BIBLIOGRAFÍA

Andrade Cernadas, José Miguel (1997), *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*, Sada – A Coruña: Ediciós do Castro.

Bermúdez Beloso, Mariña (2024), “Terras, condados, territorios: recompoñendo un crebacabezas” en Anselmo López Carreira (dir. congr.), *“Regnum totius Gallaeciae”: O Reino Medieval de Galicia: simposio*, Santiago de Compostela: Deputación da Coruña, pp. 177-199.

Bollnow, Otto Friedrich (1969), *Hombre y espacio*, Barcelona: Labor.

Criado Boedo, Felipe e Villoch Vázquez, Victoria (1998), “La monumentalización del Paisaje: percepción actual y sentido original en el Megalitismo en la Sierra de Barbanza (Galicia)”, *Trabajos de prehistoria*, 55, pp. 63-80.

Fernández Calo, Martín (2015), “Plinio, o Parroquial Suevo, e a evolución estrutural do poder galaico na Antigüidade”, *Gallaecia*, 34, pp. 175-207.

Fernández Calo, Martín (2020), *Xenealoxía do poder local galaico na Antigüidade*, Santiago de Compostela: tese de doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela).

Lixó Gómez, Carlos (2020), *O xurdimento dos castelos na Galiza medieval (ss. VIII-XIII)*, Santiago de Compostela: tese de doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela).

López Alsina, Fernando (1999), “Parroquias y diócesis del Obispado de Santiago de Compostela” en José Ángel García de Cortázar (ed.), *Del Cantábrico al Duero: Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII a XIII*, Santander: Universidad de Cantabria, pp. 263-312.

Loring García, María Isabel (1987), “Nobleza e iglesias propias en la Cantabria alto-medieval”, *Studia Historica*, 5, pp. 89-121.

Portela Silva, Ermelindo e Pallares Méndez, M^a del Carmen (2007), “Estructuras agrarias y cambio social en la Galicia de la Edad Media. Una propuesta de lectura histórica del paisaje” en Mercedes López-Mayán Navarrete e Carlos J. Galbán Malagón (coords.), *Del documento escrito a la evidencia material: Actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval (Santiago de Compostela, 22, 23 y 24 de marzo de 2006)*, Santiago de Compostela: Lóstrego, pp. 37-54.

Portela Silva, Ermelindo e Pallares Méndez, M^a del Carmen (1998), “La villa, por dentro. Testimonios galaicos de los siglos X y XI”, *Studia historica. Historia medieval*, 16, pp. 13-43.

Sánchez Pardo, José Carlos (2010), “Las iglesias rurales y su papel en la articulación territorial de la Galicia medieval (ss. VI-XIII): Un caso de estudio”, *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 40-1, pp. 149-170.

VV. AA. (1982), “Los núcleos cristianos del norte” en Javier Fernández Conde (dir.), *Historia de la Iglesia en España. II-1º. La Iglesia en España de los siglos VIII al XIV*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, pp. 64-149.



*M*ulleres na defensa da terra. Unha
lectura do conflito agrario das Encrobas
(1976-1977) en clave política e de xénero

María Fernández Blanco

Histagra-CISPAC, USC

O tema principal deste artigo é a análise dos discursos de xénero que sobre a participación feminina no conflito agrario das Encrobas construíron as organizacións políticas e sindicais do nacionalismo galego durante a transición cara á democracia¹. Deste xeito, tomaremos como exemplos o partido nacionalista Unión do Pobo Galego e o seu sindicato agrario Comisións Labregas por seren organizacións cun destacado protagonismo neste conflito. Así pois, As Encrobas representa a loita emblemática contra a mina a ceo aberto que dende 1975 o franquismo pugnou por instalar nesta parroquia do concello de Cerceda e na cal a participación feminina foi clave. Por mor disto, cómpre non só analizar o protagonismo feminino nestes conflitos senón tamén os diferentes discursos de xénero que sobre estas labregas e a conflitividade social no agro xeraron os partidos e sindicatos que neles participaron. As fontes consultadas para este traballo son os voceiros *Terra e Tempo*, da Unión do Pobo Galego, dispoñible no arquivo dixital de dito partido, e *Fouce*, de Comisións Labregas, consultado no arquivo deste sindicato. Tamén consultamos a prensa diaria da época no arquivo Galiciana, así como os recursos fotográficos, bibliográficos e audiovisuais dispoñibles no Álbum de Galicia do Consello da Cultura Galega. Cómpre destacar o documental dirixido por Xosé Bocixa, *As Encrobas. A ceo aberto*, no que se recollen testemuños dos e das veciñas de As Encrobas. En conclusión, o obxectivo principal é determinar cales foron os estereotipos de xénero que se mobilizaron dende as organizacións políticas e sindicais, e xustificar o motivo desta mobilización que está na base dos discursos de xénero respecto da muller labrega. Nesta mesma liña, é interesante analizar o trata-



cgg_pr_a19-mulleres_imaxe_228_03

mento sobre a participación feminina nas Encrobas, que se fai dende a prensa periódica da época, a cal achega a visión que sobre a mesma tiñan os medios de comunicación.

TRANSICIÓN CARA Á DEMOCRACIA E “GUERRAS AGRARIAS”

En primeiro lugar, debemos de facer referencia ao contexto de conflitividade social entre os anos 60 e 70². Deste modo, os conflitos sociais incrementáronse por mor das novas “oportunidades políticas” do tardo franquismo. Tras a morte de Franco en 1975, esta conflitividade social vese incrementada exponencialmente. O punto máis crítico da mesma chegou en 1979 co incremento da inflación e do desemprego por mor dos efectos da segunda crise do petróleo. O resultado foi unha ofensiva folguística sen precedentes

1 Proyecto de I+D AGRIFAMIGEN. La agricultura familiar en perspectiva de género: trabajo reproductivo, saberes ambientales y modelos de feminidad en Galicia y Andalucía 1900-2011.

2 Redondo Cardeñoso, J. A. (2024), “Conflitividad agraria en la Transición: las «jornadas de lucha en el campo» y la oleada de protestas agrarias del bienio de 1979-1980”, *Hispania Nova*, 22,173- 193.

protagonizada polos sindicatos obreiros. Con todo, non podemos entender esta expansión da conflitividade social sen o papel que na mesma xogaron os movementos sociais urbanos (estudiantil e veciñal) e os movementos sociais campesiños.

Entre 1973 e 1976 producíronse as denominadas Guerras Agrarias por mor da crise económica mundial de 1973 e a crise polo aumento dos prezos agrícolas. Nesta conflitividade agraria destaca a “guerra dos tractores” de febreiro a marzo de 1977, cando os agricultores sacaron miles de tractores ás estradas. No contexto destas mobilizacións agrarias, xorden organizacións de agricultores que reivindican a rendibilidade das explotacións agrícolas e o establecemento de prezos mínimos para os produtos agrarios, así como inversións públicas cara á modernización do sector agropecuario. A estas demandas acabaron por sumarse outras de carácter social como a inclusión dos agricultores no réxime xeral da Seguridade Social, ou sindicais como a reforma da estrutura sindical agraria. O principal logro desta mobilización e organización agrarias foi que as demandas dos agricultores tivesen un espazo nos principais acordos políticos da Transición. Algúns exemplos son a legalización das organizacións e asociacións agrarias na Lei de Liberdade Sindical de 1977, e o compromiso gobernamental de establecer a negociación colectiva dos prezos agrarios nos Pactos da Moncloa de outubro de 1977. Nas eleccións a Cámaras Agrarias de 1978 culmínase o proceso de institucionalización das novas organizacións agrarias como representantes lexítimos dos agricultores fronte á Administración. Por último, o artigo 130 da Constitución recolle o seguinte:

Los poderes públicos atenderán a la modernización y desarrollo de todos los

sectores económicos y, en particular, de la agricultura, de la ganadería, de la pesca y de la artesanía, a fin de equiparar el nivel de vida de todos los españoles

O feito de que se conseguise o recoñecemento destas demandas do agro non supuxo a fin da conflitividade agraria. Así pois, en marzo de 1978 prodúcense tractoradas en Cataluña, ou a Folga do leite en Galicia en 1978. En Galicia protagonizáronse protestas contra unha fiscalidade abusiva, a recuperación da propiedade comunal, ou contra da execución de proxectos industriais, así como a demanda de prezos agrarios xustos³. Entre 1979 e 1980 ten lugar un apoxeo da conflitividade agraria motivada pola segunda crise do petróleo en 1979. As recentemente legalizadas organizacións agrarias protagonizaron protestas de diferente índole, como manifestacións, tractoradas, encerros e boicots. Nelas defendían novas medidas económicas (prezos agrarios garantidos, conxelación dos insumos profesionais, subvencións sectoriais ou control de importacións) que paliasen os efectos negativos da crise. É importante destacar as “Jornadas de lucha en el campo”. Estas foron mobilizacións convocadas a nivel nacional pola COAG para os días 27 de xullo, 7 de decembro de 1979 e 4 de febreiro de 1980.

QUE FOI O CONFLITO AGRARIO DAS ENCROBAS?

Falamos de conflito agrario das Encrobas para referirmos á loita emblemática contra a mina a ceo aberto que dende 1975 o franquismo pugnou por instalar nesta parroquia do

³ Santidrián Arias, V. M. (2013), “Resistencia fiscal y guerra agrarias. La movilización del campesinado gallego ante la lógica industrializadora” En Lanero Táboas, D (Ed.), Por surcos y calles: movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980), Catarata, 255.



cog_pr_a19-mulleres_imaxe_228_08

Concello de Cerceda, e na cal a participación feminina foi clave⁴. A orixe da mesma está no expediente de expropiación forzosa aprobado polo goberno franquista en 1975 que afectaba as casas e explotacións agrícolas da poboación do val das Encrobas. O obxectivo era extraer o lignito a través dunha explotación mineira concedida a Lignitos de Meirama S. A. LIMEISA, a filial da empresa eléctrica Unión Fenosa. Este proxecto mineiro enmárcase dentro da crise da enerxía de 1973 e o plan enerxético do goberno franquista para modificar a estrutura enerxética do país. Cabería mencionar, pois, o *Concierto de la Minería del Carbón* no que se establecen toda unha serie de medidas de apoio á minería do carbón. Sen dúbida, o episodio máis destacado foi o intento de ocupación do monte Pau Rañón o 15 de febreiro de 1977. Neste conflito, as mulleres protagonizaron enfrontamentos directos coa Garda Civil e producíronse diversas detencións de veciños. A participación feminina

foi recollida nunha reportaxe fotográfica de La Voz de Galicia, realizada por Xosé Castro. Grazas a estas imaxes podemos observar como as mulleres se enfrontaron directamente ás autoridades franquistas empregando obxectos tan cotiáns como un paraugas. Este conflito adquiriu grande repercusión grazas ao papel esencial da esquerda nacionalista a través das Comisións Labregas. Entendemos como CCLL a organización sindical agraria nacida en 1973 no seo do partido nacionalista Unión do Pobo Galego, e que foron legalizadas en 1977. Posteriormente, a UPG participaría en 1982 na fundación do BNG.

MULLERES NA DEFENSA DA TERRA: A PARTICIPACIÓN FEMININA NOS CONFLITOS AGRARIOS

Grazas ás investigacións de Ana Cabana sabemos que as mulleres participaron como figuras relevantes nos conflitos agrarios do tardo franquismo e a transición cara á democracia ao actuaren como suxeitos centrais das explotacións familiares, da casa e das comunidades rurais⁵. O papel central das mulleres na sociedade galega rural xustifícase nas características estruturais da mesma, que se basean na pequena explotación agrícola e familiar e a integración entre produción, reprodución e consumo. Deste modo, as mobilizacións femininas tiñan a súa orixe na defensa da subsistencia e do medio de vida do núcleo familiar. A explotación mineira do val das Encrobas pola empresa Unión Fenosa considerábase un atentado contra o modo de vida dos veciños e veciñas da parroquia, así como a desestruturación dunha comunidade rural.

4 Herrero Pérez, N. (2008), "El conflicto de As Encrobas (1976-1979). La prensa gallega y la representación de la identidad campesina", I/C – Revista Científica de Información y Comunicación, 5. pp. 478-499.

5 Cabana Iglesia, A. (2021), "Mujeres al frente: rostros femeninos y acción colectiva" en Ortega López, M. T., Cabana Iglesia, A. (Eds.), "Haberlas, haylas": campesinas en la historia de España del siglo XX, Marcial Pons, 219-237.

Neste punto, debemos de prestar atención á complexidade do concepto "casa no rural". Este fai referencia a un conxunto de estruturas que englobarían o doméstico e que se corresponden co edificio principal, as construcións anexas e a propiedade total. Polo tanto, estaría presente en todos os núcleos xeográficos con carácter individual ou comunal do núcleo de residencia (aldea, parroquia, lugar). Aínda cando non era nai, a muller estaba integrada nunha unidade familiar asumindo os coidados de todos os seus integrantes. Esta concepción de casa é clave para explicar a acción colectiva feminina en defensa do núcleo familiar.

As mulleres desafiaron a política intervencionista do franquismo a través da organización de motíns pola requisa de gran ou protagonizando a loita pola defensa dos montes veciñais. Como consecuencia disto tiveron que facer fronte a maltratos físicos

e verbais, multas ou condenas xudiciais ao activaren fórmulas de protesta que incluían a violencia. A presenza feminina nestas protestas rompía co ideal de muller do franquismo e, polo tanto, supuña unha ameaza contra a orde social establecida. As autoridades franquistas empregaron estereotipos femininos, como a menor capacidade intelectual e falta de instrución para despolitizar as accións destas mulleres. Así pois, estas mulleres rurais eran consideradas como rústicas e aldeás de carácter camorrista e agresivo cuxa irresponsabilidade e descrédito á lei se explica polo seu descoñecemento da mesma. A súa falta de instrución e menor capacidade intelectual estarían na base da súa oposición a estas medidas gobernamentais. Polo tanto, a mobilización de estereotipos de xénero non só actuou como forma de despolitizar a acción colectiva feminina, senón tamén para exculpalas das mesmas. Ao mesmo tempo,



ccg_pr_a19- mulleres_imaxe_228_10

esta descualificación actúa como atenuante da represión inmediata que suporía calquera protesta cun protagonista masculino. É dicir, dispersalas ou detelas sería poñer ao mesmo nivel a acción colectiva feminina que a masculina. Non obstante, noutras protestas as mulleres si que foron castigadas. Isto demostra que o condicionante de xénero négociase segundo as circunstancias de cada conflito e en función da lectura que fagan os representantes do poder. Neste sentido, as labregas aprópiáanse dos elementos retóricos que as definen socialmente como mulleres para levar a cabo unha acción de denuncia ou protesta. Deste xeito, servíronse das propias estruturas da sociedade patriarcal para defender a casa fóra da mesma. Isto non significou un cambio no espazo ocupado individualmente polas mulleres dentro do núcleo familiar, nin colectivamente na orde social dominante. De ter sido así, a reacción opresora do poder ditatorial, da comunidade e da familia, tería acabado con estas protestas femininas. Podemos afirmar que esta acción colectiva feminina non supuxo unha ocupación real dun espazo de poder en ningún ámbito social⁶. Ao igual que noutras esferas da vida, as cousas de mulleres eran consideradas menores infravalorando a súa repercusión, consecuencias e transcendencia.

UNHA LECTURA DO CONFLITO DAS ENCROBAS EN CLAVE DE XÉNERO

As organizacións políticas e sindicais protagonistas do conflito das Encrobas, así como a prensa diaria, invisibilizaron a participación feminina no mesmo. Na prensa periódica, as mobilizacións e os enfrontamentos coa Garda Civil que tiveron lugar no marco deste conflito atribúense ao pobo en xeral e non

exclusivamente ás mulleres. A maior parte dos artigos de prensa céntranse nos aspectos máis politizados do conflito: os procesos de negociacións sen participación feminina, a detención dos líderes das mobilizacións –principalmente membros das organizacións políticas e sindicais–, as manifestacións en solidariedade coas Encrobas que tiveron lugar por toda Galicia, ou a morte dun estudante electrocutado por un poste de alta tensión mentres colgaba unha pancarta en solidariedade coas Encrobas na facultade de laborais⁷. Nun artigo de El Pueblo Gallego do 22 de febreiro de 1977⁸ denomínase o conflito das Encrobas como un problema político:

[...] Lo que en principio es un desfase de dos leyes [...] se ha convertido en una apasionante rebelión de todo un pueblo contra una empresa. Se suceden las manifestaciones y las protestas. Hay ya una víctima, un mártir. La estampa de la Guardia Civil amparando al ocupante debe quedar en los archivos como el documento de un tiempo que creíamos superado. Me produce una enorme tristeza que, aun reconociendo los indudables derechos legales del capital, los procedimientos no hayan tenido nada que ver con el clima de diálogo que este país necesita. En As Encrobas se creó un problema político. Curiosamente, no se ofreció hasta ahora ni una sola solución política. Y así estamos.

Esta invisibilización da participación feminina explícase na construción de prexuízos de xénero sobre o protagonista feminino na conflitividade social. Segundo Ana Cabana,

7 El Pueblo Gallego, 19 de febrero de 1977, Galiciana.

8 El Pueblo Gallego, 22 de febrero de 1977, Galiciana.

6 Ibid. p.p 230-237.



ccg_pr_a19-mulleres_imaxe_228_11

o feito de que as mobilizacións femininas estivesen motivadas pola defensa do núcleo familiar e o seu benestar fixo que estas fosen consideradas carentes de significación e alcance político⁹. Deste xeito, prodúcese unha infravaloración da acción colectiva feminina ao considerar as súas protagonistas suxeitos secundarios con obxectivos igualmente secundarios. Polo tanto, podemos facer unha lectura do conflito en clave de xénero, produto da interpretación das motivacións femininas para a mobilización e a conflitividade social, como apolíticas, baseándose nunha definición do concepto de política construído dende unha visión androcéntrica e patriarcal da participación política.

Cabe destacar o xiro na politización do conflito das Encrobas, principalmente dende o nacionalismo galego, mediante a súa conversión nun símbolo de liberación nacional e de loita anticolonial ao servizo da construción dunha conciencia nacional¹⁰. Segundo Daniel Lanero, a partir de 1976, a UPG e as CCLL

deseñaron unha estratexia de capitalización política, no seu beneficio propio, da mobilización social que estaba a xerar este conflito¹¹. Para iso, puxeron en marcha novas formas de acción colectiva, como manifestacións, paros na actividade laboral e académica, sentadas, encerros, vixías e concentracións. Cómpre destacar que as forzas políticas de esquerdas e nacionalistas exercían a súa actividade entre a semiclandestinidad

e a súa legalización. Por esta razón, consideraban prioritario aumentar as súas bases de apoio social co obxectivo de garantir un respaldo electoral significativo tras a súa futura legalización e de cara ás eleccións xerais de 1977. Polo tanto, debemos entender esta nacionalización do conflito das Encrobas neste contexto político-social no que se enmarca. Así pois, a UPG e as demais forzas políticas e sindicais nacionalistas defenderon o seu papel protagonista ao asumiren na práctica a loita en defensa dos labregos das Encrobas¹². O resultado foi que As Encrobas se converteu no punto de referencia á hora de falar da conflitividade no agro. De feito, antes dos sucesos de febreiro de 1977, este conflito xa era definido como máximo exemplo de loita anticolonial, converténdose nun símbolo do futuro movemento agrario galego¹³. Un exemplo é a manifestación realizada en solidariedade cos veciños e veciñas das Encrobas na Coruña o

9 Cabana Iglesia, A, (2021), "Mujeres al frente..."

10 Terra e Tempo, febreiro 1977, nº 42.

11 Lanero Táboas, D. (2013), Comunidad rural, conflicto socioambiental y organizaciones políticas en la Galicia de la Transición. El caso de "As Encrobas", 1976-1977, HALAC, II, Nº 2, 160-196.

12 Terra e Tempo, MARZO 1977, Nº 43.

13 Terra e Tempo, xaneiro 1977, nº 41.

29 de agosto de 1976 organizada por CCLL e a Asemblea Nacional Popular Galega. A isto debemos de sumarlle as detencións de varios líderes da UPG, como Francisco Rodríguez, tras os episodios de 1977, ou a mitificación de figuras como o cura das Encrobas ou o mártir das Encrobas.

En resumo, dende as organizacións políticas e sindicais nacionalistas fixeron unha lectura do conflito que ía máis alá da consideración do mesmo como un problema agrario máis. As Encrobas foi politizado como un símbolo nacional baseándose no imaxinario nacionalista masculinizado e patriarcal do nacionalismo galego, para o que a muller labrega era considerada o modelo arquetípico da muller galega baseado na tenrura, pasividade, humildade e abnegación. Polo tanto, un suxeito carente de significación política non podía protagonizar un conflito social

que era considerado símbolo da liberación nacional. Ademais, segundo o marxismo-leninismo da UPG, o labrego considerábase o suxeito político protagonista do cambio social e revolucionario, así como da emancipación nacional. Estamos, pois, ante unha mobilización de estereotipos de xénero propios da sociedade patriarcal na construción de suxeitos políticos e nacionais.

Conclusións

En síntese, podemos afirmar que, canto maior é o grao de politización do conflito en termos de construción dun símbolo nacional, maior é a invisibilización da participación e o protagonismo feminino no mesmo. Nesta mesma liña, queda demostrado que o conflito das Encrobas actuou como punto de partida no deseño destes discursos políticos no que o xénero xoga un papel fundamental. Como



ccg_pr_a19-mulleres_imaxe_228_14

mencionamos anteriormente, a mobilización de estereotipos e roles de xénero propios da sociedade patriarcal están na base do concepto de política e de participación política que se deseñou durante a Transición cara á democracia. Esta mesma dinámica empregouse para a construción de conciencias, simboloxía e identidades nacionais dende o nacionalismo galego. O conflito agrario das Encrobas constitúe un exemplo claro disto último. Por conseguinte, analizar discursos políticos dende unha perspectiva de xénero é clave para explicar e comprender na súa totalidade as súas orixes, motivacións e consecuencias.

BIBLIOGRAFÍA

Cabana Iglesia, A. (2013), “¿Mientras dormían?: Transición y aprendizaje político en el mundo rural” en Rodríguez Barreira, O. (Ed.), *El franquismo desde los márgenes. Campesinos, mujeres, delatores, menores...*, Universidad de Almería, 93-112.

Cabana Iglesia, A. (2021), “Mujeres al frente: rostros femeninos y acción colectiva” en Ortega López, M. T., Cabana Iglesia, A. (Eds.), *“Haberlas, haylas”: campesinas en la historia de España del siglo XX*, Marcial Pons, 219-237.

Díaz Geada, A. (2011), *O campo en movemento: o papel do sindicalismo labrego no rural galego do tardo franquismo e da transición (1964-1986)*, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Herrero Pérez, N. (1995), *As Encrobas. Unha memoria expropiada*, Novo Século, Iria Flavia-Padrón.

Herrero Pérez, N. (2008), “El conflicto de As Encrobas (1976-1979). La prensa gallega y la representación de la identidad campesina”, *I/C – Revista Científica de Información y Comunicación*, 5. pp. 478-499.

Lanero Táboas, D. (2013), “Comunidad rural, conflicto socioambiental y organizaciones políticas en la Galicia de la Transición. El caso de ‘As Encrobas’”, 1976-1977, *HALAC*, II, Nº 2, 160-196.

Redondo Cardeñoso, J. A. (2024), “Conflictividad agraria en la Transición: las «jornadas de lucha en el campo» y la oleada de protestas agrarias del bienio de 1979-1980”, *Hispania Nova*, 22, 173- 193.

Santidrián Arias, V. M. (2013), “Resistencia fiscal y guerra agrarias. La movilización del campesinado gallego ante la lógica industrializadora” En Lanero Táboas, D (Ed.), *Por surcos y calles: movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)*, Catarata, 255.



*M*iguel Rodríguez Bautista
(Valladolid 1901-Ribeira 1959).
Un prototipo de alcalde falanxista

Xesús Pérez Besada
Catedrático de Xeografía e Historia, profesor, investigador e escritor

O PRIMEIRO FRANQUISMO 1939-1959

Toda a Ditadura do xeneral Franco, pero especialmente esta primeira fase, caracterízase polo medo, pola fortísima represión política e social, polo control ideolóxico e moral da poboación, a extrema pobreza da clase obreira carente de calquera dereito laboral ou sindical, e a negación de calquera dereito humano. É o que algúns historiadores denominan como *Los años de plomo del franquismo* (Fernando Hernández Sánchez). A violencia exercida contra todos os españois que simpatizaban coas ideoloxías amparadas pola democracia republicana (liberais, socialistas, comunistas, anarquistas e nacionalistas periféricos), está intimamente ligada coas falsidades vertidas sobre a Segunda República (Santiago Vega Sombria, en *La política del miedo. El papel de la represión en el franquismo*).

Rematada a Guerra Civil, a sociedade queda fracturada, dividida en vencedores e vencidos. Uns repártense o botín e outros sofren a humillación e a marxinación do derrotado, mentres a vida cotiá se fai moi difícil para todos, pero especialmente para estes últimos. A carestía e escaseza dos alimentos é o primeiro problema social, non paliado polas “cartillas de racionamento” nin polo intervencionismo do Estado fixando o prezo dos produtos agrícolas. A corrupción e o estraperlo contribuían a empeorar a situación e, nestas circunstancias, os nenos e nenas víanse obrigados a traballar, abandonando moi pronto a escola e incrementando o analfabetismo social. Os anos corenta son os anos da fame, que derivan en elevadas taxas de mortalidade, especialmente infantil, consecuencia da mala nutrición, da precaria hixiene, e da nula asistencia sanitaria.



O PIB do ano 1936 non se recuperara ata 1952, e foron, xa que logo, dezaseis anos perdidos. O illamento político e económico do réxime, xunto cunha disparatada política autárquica, é dicir, a busca da autosuficiencia económica, levan o país a unha situación de quebra técnica. Un período marcado polo estancamento industrial e o intervencionismo económico (José Luís Delgado en *España bajo el franquismo*). A entrada no goberno en 1957 dunha nova xeración de políticos, instruídos en universidades foráneas e, moitos deles, ligados a unha seta relixiosa denominada Opus Dei, poñen en marcha en 1959, coa colaboración do Banco Mundial e o Fondo Económico Internacional, un plan de estabilización que se traducirá nun axuste económico brutal, que devaliará a peseta e castigará aínda máis os raquíuticos salarios da clase obreira, conxelándoos e empobrecéndoos inda máis. Iníciase, deste xeito, o grande éxodo, unha emigración de traballadores sen precedentes en España, unha fuxida de man de obra barata e sen cualificar –case sempre ilegal–, un exército de desherdados que escapan da miseria do seu país camiño da esperanza europea. Este proceso dará paso a unha nova etapa coñecida como: o *Desarrollismo* dos anos sesenta.

O ALCALDE

En case toda esta primeira etapa da ditadura do Xeneral Franco ocupa a alcaldía de Ribeira Miguel Rodríguez Bautista (1941-1959). Con anterioridade gobernou o concello José Pérez Martínez, *O Abadiño* (1936-1940), industrial conserveiro, quen, nos meses anteriores á sublevación militar, encabeza a falanxe local e organiza un reducido número

de mozos falanxistas, empregados de comercio e estudantes, para provocar desestabilización política, mediante incidentes de orde pública nas rúas da localidade, polo que o alcalde, daquela, Fernández Bermúdez, vese na obriga de ingresalo nos calabozos municipais. Presidirá a comisión xestora municipal, ata o seu cese, de acordo co sistema vixente entre 1938 e 1948, ano da aplicación da Lei de Bases do réxime local, en que o gobernador civil nomeaba os xestores dos concellos. Falecerá nun suceso turbio e escuro, nunca suficientemente aclarado, asasinado xunto á súa esposa por un amigo que se acerca ao seu domicilio, onde se produce o crime a sangue frío. Non é desbaratado pensar que acontecese como vinganza por un desacordo no reparto da recadación das taxas fiscais, ou do acaparamento de alimentos racionados para vender logo no mercado negro. Honorio de la Morena, un gris funcionario, é un nomeamento improvisado e provisional que durará menos de un año. Miguel Rodríguez Bautista será alcalde, seguindo o procedemento da ditadura, polo nomeamento a dedo do gobernador civil da provincia de A Coruña. Era castelán, nado en Valladolid en 1901, que chega a Ribeira en 1934, con pouco máis de trinta anos destinado como funcionario á xefatura de telégrafos, posto fundamental de especial importancia e confianza xa que toda a información e comunicación política municipal, importante e urxente, co goberno central e co goberno civil, se realizaba a través deste medio. Instálase xunto coa súa familia no mesmo edificio que ocupaban as oficinas de telégrafos, sito na rúa *Floridablanca* (posteriormente denominada 18 de xullo, e hoxe rúa de Galicia).

A súa designación como alcalde amosa a confianza que se ten nel para o desempeño con fidelidade dos principios falanxistas. Estamos nos primeiros momentos do réxime,

na fase de formación e de construción do Estado novo que se está a crear seguindo o modelo nacional socialista alemán. É o intre do predominio ideolóxico da falanxe que, como partido único, desfruta de todos os privilexios, un partido minúsculo antes da guerra, que se transforma nun de masas a partir deste momento, cun aluvión de afiliacións, de arribistas e oportunistas (os *camisas nuevas*), outros que pretenden medrar politicamente, e os demais porque buscan protección, altas voluntarias nuns casos, obrigatorias noutros. Moitos deles serán os encargados de facer o traballo sucio das sacas e paseos ao amencer (Lamela, en *Golpistas e represores*).

Cando Ribeira cae nas mans dos rebeldes, na mañá do día 28 de xullo de 1936, un pelotón de soldados da mariña, acompañados dun falanxista local e un afiliado de Renovación Española ocupan antes de nada a oficina de telégrafos. Miguel Rodríguez seguirá desempeñando as súas funcións. A ocupación total da cidade e as detencións conseguíntes completaranse polo serán coa chegada dun pelotón de soldados de terra procedentes de Santiago.

O CAMARADA ALCALDE

Os máis de dezaioito anos á fronte da alcaldía coinciden, xa que logo, cos momentos máis difíciles da ditadura, tanto desde o punto de vista económico como político. Correspóndense coa hexemonía católica e a creación do nacional catolicismo. É o ascenso dos católicos ás esferas do poder e do goberno (Julián Casanova, *La iglesia de Franco*). A autarquía e o desabastecemento alimenticio por una banda, e pola outra a necesidade de institucionalizar o réxime son obstáculos de considerables dimensións, que se suman ao

illamento internacional ao que se ve sometida a ditadura. A partir do seu nomeamento como alcalde, daquela denominado presidente da comisión xestora, dedicará parte do seu esforzo a promocionarse politicamente. O seu excelente trato persoal permíttelle tecer estreitas relacións de afinidade política con gobernadores civís iniciando deste xeito un ascenso brillante: Xefe local do Movemento, Conselleiro provincial da F.E.T. das J.O.N.S., Xefe provincial do Movemento e, de aí, o salto ás Cortes como procurador durante tres lexislaturas (1949-1959); é dicir, ata o seu falecemento. A provincia constitúe a pasarela que conduce cara á administración central, ocupando cargos de non escasa importancia no organigrama do partido único, tanto no plano local e provincial como estatal. A súa proxección a procurador en Cortes determina a existencia dunha confianza indubidable por parte dos próceres azuis, guías políticos que o propoñen unha e outra vez á elección mediante un sufraxio restritivo orgánico-corporativo. Non consta ningunha intervención súa na cámara lexislativa. Os proxectos de lei eran presentados polos distintos ministerios, defendidos polos ministros e aprobados por unanimidade.

Estas Cortes eran unha parodia dun parlamento liberal, estaban valeiras de calquera sombra de representatividade, e constituían unha ficción democrática moi limitada, unha caixa de resonancia política, e un espazo eficaz de adhesións inquebrantables. Non eran representativas da soberanía popular nin de ningún partido ou movemento, tampouco tiñan unha función lexislativa, posto que a facultade de ditar normas xurídicas de carácter xeral correspondían á Xefatura do Estado.

OS NOMES DAS RÚAS

Os vencedores da guerra tentarán ocupar todos os espazos da vida cotiá da cidadanía, e un primeiro paso será borrar calquera indicio que poida evocar a democracia ou ás liberdades perdidas, evidenciar e lembrar permanentemente quen gañara a guerra. "Calles, plazas, colegios y hospitales de cientos de pueblos y ciudades llevaron desde entonces los nombres de militares golpistas, dirigentes fascistas y políticos católicos" (Julián Casanova, "La dictadura que salió de la guerra", en AA. VV. *Cuarenta años con Franco*). Todas as rúas locais verán cambiado o seu nome, e, así, a travesía central e comercial, a máis importante da cidade, chamada rúa Venecia, pasará a denominarse Generalísimo Franco; a fachada marítima ou *malecón* recordará o *ausente* e será Avda. José Antonio; a praza do concello chamarase de Calvo Sotelo. Outros nomes serán utilizados para recordar a contenda bélica e os seus militares: 18 de Julio, Alcázar de Toledo, Gral. Sanjurjo, Gral. Mola, Gral. Varela... Nomes que se repiten por todos os lugares de España con motivacións patrióticas e nacionais para que permitan manter vivo o espírito bélico da vitoria.

PROPAGANDA, HONORES E DIGNIDADES

O ascenso político é rápido, cunha promoción acelerada, foi froito da súa boa relación co partido único, pois era un falanxista convencido, pero dotado tamén de habilidades e calidades persoais indubidables, tales como un trato afable, un carácter autoritario, ou unha alta capacidade para moverse nos labirintos da administración franquista. Ao nomeamento como alcalde segue inmediatamente a designación como conselleiro provincial da falanxe, posición desde onde tecerá rela-

cións políticas cos gobernadores civís e cos presidentes da Deputación de A Coruña, entre eles con Diego Delicado, funcionario que tiña estado destinado na aduana de Ribeira anos atrás, e a quen lle dedicará unha céntrica rúa en Ribeira. De aí vaise catapultar ás Cortes como procurador durante tres lexislaturas, sendo un dos 111 representantes da administración local (composta, naquel momento, por municipios e provincias). As viaxes, a miúdo, a Madrid facúltano para facer xestións municipais nos distintos ministerios. Para esta tarefa será de axuda moi importante a familia Otero Goyanes, que o introducirá nos ambientes políticos da capital e, así mesmo, o guiará para abrírlle portas nos despachos das direccións xerais e subsecretarías, a fin de facilitar e axilizar xestións nos recunchos da administración da capital de España. A proxección a procurador en Cortes determina a existencia dunha confianza indubidable por parte dos próceres azuis, guías políticos que eran quen, á fin, o propuñan para a elección e reelección, mediante un sufraxio orgánico corporativo.

Durante o seu mandato realízanse unha serie de importantes obras: apertura de novas rúas (9 de agosto de 1944 e a rúa Nova), ampliarase o porto pesqueiro, asfaltarase a estrada a Padrón, dotarase dun novo corpo o edificio da casa consistorial, crearase a barriada de vivendas sociais de protección oficial coñecidas como casas *baratas*, un local para sede da Organización Sindical (situado onde hoxe está a casa de cultura) e outro para o Frente de Juventudes, edificarase o edificio escolar denominado ata hai moi pouco, Francisco Franco (hoxe chamado *O grupo*), e abrírase un dispensario médico dotado dun médico e un practicante, no barrio Amarella (clínica 18 de Julio). Estas obras, nun contexto de pobreza xeral, cuns presupostos estatais e municipais

raquíticos que alcanzaban pouco máis que para pagar os minguados salarios dos funcionarios, dotan o rexedor municipal dunha auréola de prestixio como bo xestor, por unha parte importante dos conveciños. No ano 1959, a Deputación de A Coruña decidirá outorgar o primeiro premio ao embelecemento de pobos da provincia a Ribeira. A pesar de todo, durante estas dúas décadas, Ribeira morfoloxicamente cambia moi pouco, parece unha fotografía que permanece fixa, un pobo illado dos centros de decisión políticos e dos polos económicos. Unha poboación que vive dunha pesca artesanal, dunha industria conserveira moi pouco mecanizada, baseada na man de obra abundante e barata, fundamentalmente feminina, da saída dos varóns como empregados da mariña mercante ou cara á emigración, e dun pequeno comercio exclusivamente local.

Franco aproveitará a súa estada vacacional en Meirás para visitar por primeira e única vez, en agosto de 1944, a localidade de Ribeira, onde se lle ofrece unha grande acollida cunha concentración na explanada do malecón e tomarán a palabra Rodríguez Bautista e o ditador Franco, logo de inaugurar a clínica antedita. A tarde remata cun banquete para as forzas vivas, celebrado no alto da Coelleira.

Tamén (07-09-1952) visitará Ribeira o ministro de Obras Públicas, Fernando Suárez Tangil, conde de Vallengard, para recibir un acto de homenaxe, pola ampliación do peirao ribeirense e a pavimentación da estrada que leva a Padrón, no que será nomeado fillo adoptivo de Dodro, Padrón, Rianxo, Boiro, Porto do Son e Ribeira. O acto iníciase no pazo do Faramello (residencia de José María Rivero de Aguilar, subsecretario de obras públicas e, así mesmo, sobriño de Otero Bárcenas), para dirixirse a comitiva a Ribeira, lugar central do acto, ateigado de populismo, coas representacións

políticas *ad hoc* da falanxe e das entidades sindicais, aderezadas con actuacións folclóricas da rondalla de Padrón, coros de Rianxo e coros da Sección Femenina de A Coruña. O colofón sería un acto relixioso, e remataría coas entregas das placas conmemorativas, cun viño de honra e un xantar servido polo hotel Moderno, que ascendería á importante cantidade de 32.732.60 pesetas, asumidas polos concellos participantes. As cartillas de racionamento desapareceran había catro meses e a fame permanecía en moitos fogares, pero o dispendio parece notable e evitable. Era a dobre moral dos vencedores.

En 1948 concédeselle a medalla de Cisneros ao mérito político “por los relevantes servicios prestados a la causa nacional”, é dicir, polos servizos relevantes á patria, pero que non son especificados. O concello designará unanimemente e con todo o entusiasmo unha comisión para acompañalo a Madrid ao acto de imposición da distinción. Tamén, ese mesmo ano, uns meses máis tarde (16-12-48), o pleno da corporación municipal, interpretando “el sentir del vecindario”, aproba por unanimidade nomealo fillo adoptivo da cidade, “por la magnífica labor llevada a cabo” (obsérvese que cando se lle outorgan estes honores tan só levaba catro anos no mandato). O imaxinario popular ribeirense pon o acento nos trazos singulares da personalidade política deste alcalde, caracterizada pola defensa e transmisión dos valores tradicionais, basicamente a xerarquización, a obediencia, a orde e a autoridade. No seu descargo digamos que nun réxime tan corrupto, favorecedor da especulación e do mercado negro do estraperlo como foi a ditadura do Xeneral Franco, non empregou a súa posición política para enriquecerse.

Cando falece non deixa propiedades nin riquezas. Unha subscrición popular (basicamente a recadación fíxose case en exclusiva entre funcionarios do concello) financiará un pequeno memorial erixido no cemiterio local, inaugurado un ano máis tarde do seu pasamento, momento en que se lle dedica tamén a rúa que leva o seu nome.



Memorial na honra do alcalde Miguel Rodríguez Bautista. Cemiterio Municipal de Ribeira

MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (VALLADOLID 1901-RIBEIRA 1959).
UN PROTOTIPO DE ALCALDE FALANXISTA



Visita do ministro Valledano a Ribeira acompañada de Rodríguez Bautista, Rivero de Aguilar e alcaldes da comarca (7-09-52)



O Museo. A voz milenaria do
património cultural

Eme Cartea

Catedrático de Francés, profesor, tradutor e poeta

I. DEFINICIÓN

Permítanme que aborde hoxe, aquí, neste XXI Anuarios de Estudos do Barbanza, un tema para min moi apreciado, como é a realidade dos museos, nas súas máis salientábeis facetas, tanto museolóxicas coma museográficas. Despois de tantos anos achegándonos ao marabilloso mundo da arte dende o punto de vista da "crítica subxectiva" (*parcial, apaixonada, política*) como nos aprendeu o gran Charles Baudelaire, era tarefa pendente inmiscirnos no espazo máis xenuíno onde nos confrontamos coa presenza de obxectos e testemuños culturais e científicos para aprender, comprender e desfrutar, en calquera das súas manifestacións técnicas ou artísticas. E isto é o que imos tentar facer neste traballo de aproximación.

Se hai unha institución cultural que se vai adaptando aos gustos, sensibilidades e necesidades dos novos tempos, e que se expresa en múltiples definicións en torno ao que é e representa, esa é a o **Museo**: do latín *Musēum*, e este, á súa vez, do grego *Μουσείον*, "santuario das musas", é unha institución permanente e adaptábel ás transformacións sociais, que pon ao servizo da sociedade, sen ánimo de lucro, o patrimonio material e inmaterial do noso planeta Terra.

Esta progresiva evolución fai que un dos aspectos que foi mudando no tempo sexa a propia **definición de "museo"**. A última proposta foi aprobada en Praga, o 24 de agosto de 2022 pola Asemblea xeral extraordinaria do ICOM (Consello Internacional de Museos) cun 92, 41 % a favor, e que vén a modificar e completar e a proposta do propio Consello de 2007. Velaquí a nova definición:

Un museo é unha institución sen ánimo de lucro, permanente e ao servizo da sociedade, que investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe o patrimonio material e inmaterial. Abertos ao público, accesíbeis e inclusivos, os museos fomentan a diversidade e a sostibilidade. Coa participación das comunidades, os museos operan e comunican ética e profesionalmente, ofrecendo experiencias variadas para a educación, o desfrute, a reflexión e o intercambio de coñecementos.

Así que, á parte de reunir, conservar, restaurar, investigar, interpretar, comunicar e expoñer coleccións de valor histórico, artístico, científico ou cultural, tamén teña como función principal a de protexer o patrimonio material e inmaterial da humanidade e crear espazos de encontro (exposicións, programas educativos, actividades culturais), reflexión e transmisión da memoria colectiva, con fins de estudo e goce.

Entremos en materia diferenciando brevemente as de-semellanzas entre **museoloxía** e **museografía**. Pero hai que adiantar que non existe consenso acerca do ámbito destes dous termos, inda que se poida concordar en que ambas teñen como finalidade o estudo dos museos inda que dende distintos puntos de vista e diferente metodoloxía. A museoloxía, máis teórica, é a ciencia que estuda o museo como institución (*por que e para que existe?*), cun enfoque reflexivo e teórico, que busca analizar as súas funcións, valores sociais, educativos e culturais (historia dos museos, rol social, pedagóxico...); mestres que a museografía, máis práctica e cun enfoque operativo (*como se amosan as coleccións?*), é a técnica que executa os principios e métodos teóricos a fin de facerlle accesíbeis e comprensíbeis as

coleccións ao público (vitrinas, iluminación, espazos...).

Así, a **museoloxía** sería como a “teoría da educación” e a **museografía** como a “didáctica na aula”: unha pensa e define, a outra aplica e executa.

II. TIPOS DE MUSEO

Partindo de que, hoxe en día, os museos xa non son só lugares para “mirar, ou contemplar obxectos antigos”, mais espazos vivos que educan, investigan e conectan coa sociedade, moita é a súa variedade respecto da súa temática, organización, estrutura, enfoque, experiencias que ofrecen etc. Así pois, aquí e agora, existen **moitos tipos de museos**, de acordo coa súa adaptación aos intereses culturais, científicos e sociais das sociedades. Entre os máis importantes, podemos falar de:

Canto ao contido

- **Museos de arte:** gardan e expoñen pintura, escultura, fotografía... Ex.: Museo do Prado (Madrid).
- **Museos de historia:** falan de acontecementos, civilizacións, personaxes.
- **Museos arqueolóxicos:** de restos materiais de culturas pasadas.
- **Museos de ciencias naturais:** exhiben fósiles, minerais, animais disecados, ecosistemas...
- **Museos de ciencia e tecnoloxía:** responden a descubrimentos, inventos e avances científicos.
- **Museos etnográficos ou antropolóxicos:** recollen e exhiben obxectos da tradición dos pobos e das súas culturas.
- **Museos especializados ou monográficos:** os que se dedican a un só tema, como

a moda, a música, deporte, transporte, gastronomía etc.

- **Museos de cera...** onde se reproducen rostros de famosos/as de todos os campos sociais.
- **Etcétera...**

Canto á súa estrutura ou funcionamento

- **Museos nacionais:** que representan o patrimonio de todo un país.
- **Museos rexionais ou locais:** centrados nunha cidade ou comunidade **concreta**.
- **Museos virtuais ou en liña:** só en internet, accesíbeis dende calquera lugar.
- **Ecomuseos:** en espazos abertos (aldeas, paisaxes) para preservaren a relación entre comunidade, patrimonio e natureza.
- **Etcétera...**

Canto á experiencia que ofrecen

- **Museos interactivos:** fomentan a participación do público con experimentos e xogos.
- **Museos ao aire libre:** mostran monumentos, edificios ou esculturas en espazos do exterior.
- **Museos temáticos:** arredor dun tema concreto: escultura, pintura, gravado; ou moi específico: o ferrocarril, o deporte, a alimentación... ou mesmo dun estilo, dun/ dunha autor/a, ou dun aspecto particular de calquera destes temas: fútbol, tenis, natación... E mesmo dun equipo ou categoría concretos, dun tipo de tenis, dunha especialidade de natación etc., sempre atendendo ao xénero dos/das protagonistas: masculino ou feminina.

III. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS E PROPIAS DUN MUSEO

- **Institución permanente:** existe de maneira estábel no tempo.
- **Sen fins de lucro:** sen ánimo de lucro, a súa finalidade é prestar un servizo cultural e educativo á sociedade.
- **Ao servizo da sociedade:** conserva e difunde o patrimonio para o beneficio colectivo.
- **Aberto ao público:** calquera persoa pode acceder, aprender e desfrutar.
- **Función de conservación:** protexe bens materiais (obras de arte, obxectos históricos, fósiles...) e inmateriais (tradicións, saberes, músicas...).
- **Función de investigación:** non só garda pezas, tamén promove o estudo científico e histórico.
- **Función educativa e divulgativa:** organiza exposicións, obradoiros, visitas guiadas e programas didácticos.
- **Función de comunicación:** presenta o patrimonio dunha maneira comprensíbel e atractiva para o público.
- **Variedade de coleccións:** pode ter obxectos de arte, historia, ciencia, natureza, tecnoloxía ou cultura popular.
- **Espazo de goce cultural:** ademais de aprender, o museo busca que a xente desfrute da experiencia...

Un museo é, pois, unha institución ao servizo da sociedade, como espazo cultural, educativo e social que garda memoria do pasado, fomenta o coñecemento no presente e contribúe a preservar o patrimonio para o futuro.

IV. A GALERÍA COMO ESPAZO ARTÍSTICO

As diferenzas entre a **galería** e o museo están relacionadas sobre todo coa súa función, a forma de xestionar as coleccións e a finalidade principal. E se o museo, basicamente, conserva e educa, a galería promove e vende.

- **Función:** espazo de exposición, normalmente centrado na arte contemporánea.
- **Coleccións:** as exposicións son temporais e cambian con frecuencia; as obras adoitan estar á venda ou en préstamo temporal.
- **Obxectivo:** promover artistas, dar visibilidade ás súas obras e servir de intermediaria entre a creación e a comercialización (coleccionistas, institucións ou público xeral).
- **Titularidade:** adoita ser de carácter privado e organiza exposicións temporais dun pintor/a, un escultor/a...

V. ESPAZOS ALTERNATIVOS (INFORMAIS) DE EXPOSICIÓN

Ademais, hai outros espazos alternativos, como cafeterías, bares, restaurantes, librarías, tendas etc., que funcionan cada vez con máis frecuencia como lugares ocasionais para a exposición artística que complementan os museos e as galerías. E que, na maioría dos casos, serven de decoración do local. Son sitios adaptados, con características propias, a saber:

- **Non especializados:** non foron deseñados para exhibir arte, pero adaptan as súas paredes ou recunchos para iso.
- **Accesibilidade:** achegan a arte a un público que quizais non visite museos ou galerías.
- **Rotación frecuente:** adoitan organizar exposicións temporais e cambiantes,

habitualmente dun mes, adaptadas ao ritmo do local.

- **Visibilidade para artistas emerxentes:** moitas veces dan oportunidade a creadores/as novos/as que aínda non teñen acceso a galerías ou museos.
- **Comercialización flexíbel:** as obras poden estar á venda, pero non sempre hai unha estrutura formal de venda como nunha galería.
- **Ambiente máis relaxado:** a experiencia de ver arte mestúrase coa vida cotiá (tomar un café, comer, ler, escoitar música, charlar etc.).

E, entre a galería e os espazos alternativos, estarían as **salas de exposición municipais** habilitadas polos Concellos, abertas aos cidadáns dese municipio, pero non só. Ou tamén espazos expositivos dispoñíbeis en entidades privadas como casinos, liceos etc.

VI. A SACRALIDADE DA OBRA DE ARTE E DO MUSEO

Dende os seus comezos, a obra de arte estivo vinculada á dimensión do sagrado. As primeiras expresións plásticas, xa sexan pinturas rupestres ou obxectos rituais (ídolos, iconas, obxectos rituais), non se concibían como simples creacións estéticas, senón como vehículos de soporte e poder espiritual, mediadores entre o humano e o divino. O seu carácter máxico-relixioso-propiciatorio estaría vinculado coa caza e a fertilidade, así como coa identificación social e persoal a través de adornos e obxectos. Co tempo, mesmo cando a arte se emancipou das relixións tradicionais, permaneceu esa aura de unicidade e transcendencia que lle outorga un status especial, como nos sinalou Walter Benjamin ao falar da “auraticidade” das obras de arte (é

dicir, únicas, irrepetíbeis, “intocábeis”, con presenza simbólica e espiritual, máis alá do material, isto é, case sagrada.

O museo, como institución moderna, herdou e resignificou esa sacralidade. Xa dende o século XIX foi concibido como un auténtico “templo da arte”, un espazo no que a obra se preserva e se mostra baixo condicións de silencio, orde e respecto case litúrxico. O visitante adopta unha actitude reverencial, semellante á do fiel nunha igrexa, e a disposición arquitectónica dos museos reforza inclusive esta idea: salas amplas, percorridos predefinidos, iluminación que destaca a obra como se fose un relicario...

Este carácter sacralizante vaille conferir ao museo unha dobre función. Por unha banda, garante a conservación e a dignificación do patrimonio artístico, outorgándolle autoridade, valor e lexitimidade cultural. Mais, por outra, pode afastar a arte da vida cotiá, converténdoa nun obxecto intocábel, reservado a unha elite de expertos e institucións.

Na contemporaneidade, numerosos artistas e colectivos tentan romper con esa sacralidade excesiva ao levaren a arte a espazos alternativos —rúas, cafés, contornas virtuais...— devolvéndolle un vínculo máis directo coa experiencia diaria. Porén, a forza simbólica do museo como “igrexa laica” da modernidade segue vixente, e lembra a persistencia do desexo humano de atopar no ámbito artístico un xeito de transcendencia.

Un bo exemplo de diverxencia ao respecto do museo como espazo cultural témolo nas posturas enfrontadas sostidas entre o poeta Paul Valéry e o narrador Marcel Proust. Valéry denuncia o museo como un lugar abafante, confuso, caótico, que perde o sentido da arte e

reclama unha mirada crítica e ordenadora que lle devolva humanidade (ao museo), mentres que Proust o exalta como o espazo privilexiado no cal a arte se manifesta como experiencia vital e revelación estética transformadora. No seu ensaio *Le problème des musées* (1923), Valéry, crítico, racional, denuncia o museo como lugar asfixiante, ateigado dunha acumulación indiscriminada de obras que, máis que facilitar a experiencia estética, provocan saturación e fatiga no visitante. Para el, o rol da arte debe entenderse como exercicio de intelixencia, claridade, equilibrio e harmonía, e non como obxecto de devoción sacralizada. Pola contra, Proust, reverencial, vivencial, en *À la recherche du temps perdu*, mostra unha visión case espiritual do museo: o contacto directo coas obras constitúe para el unha epifanía capaz de revelar verdades profundas sobre a memoria e o tempo.

VIII. AS FORTALEZAS DOS MUSEOS

Sabido é que os museos son gardiáns da memoria e laboratorios de aprendizaxe, cun potencial único para harmonizar a preservación do pasado coa construción de coñecementos en cada presente histórico.

Museos como contedores de coñecemento

- **Conservación do patrimonio:** os museos resgardan obxectos, documentos e expresións culturais que permiten preservar a memoria histórica e colectiva.
- **Rigorosidade científica:** as coleccións adoitan estar apoiadas por procesos de catalogación, investigación e curadoría que aseguran a fiabilidade da información.
- **Acceso ao coñecemento especializado:** reúnen nun único espazo saberes de distintas disciplinas (arte, historia, ciencia,

antropoloxía, tecnoloxía etc.), o que os converte en centros de referencia.

- **Diversidade de formatos:** o coñecemento non se transmite só a través de textos, senón tamén mediante obxectos, experiencias inmersivas, audiovisuais e interaccións dixitais.
- **Fonte de investigación:** ao actuaren como centros de referencia cultural e científica, brindan materiais para estudos académicos e xeran novas liñas de coñecemento por medio da investigación museolóxica.

Museos como recurso didáctico

- **Aprendizaxe experiencial:** favorecen unha aprendizaxe experiencial e activa mediante a observación, a experimentación directa co obxecto cultural ou científico: ver, tocar, interactuar).
- **Interdisciplinariedade:** conectan saberes de distintas áreas e materias quen de fomentar unha comprensión máis integral do coñecemento.
- **Motivación e curiosidade:** o contorno museístico esperta interese e facilita a apropiación do coñecemento de forma significativa.
- **Educación inclusiva e accesíbel:** moitos museos adaptan contidos e experiencias a diferentes idades, capacidades e intereses, ampliando o seu impacto social.
- **Espazos para o pensamento crítico, o debate e a reflexión:** as exposicións e as actividades permiten analizar as problemáticas históricas, sociais e contemporáneas.
- **Vinculación coa comunidade educativa:** Colaboran con escolas, universidades e programas de educación non formal, achegando recursos complementarios á aula.

IX. AS DEBILIDADES DOS MUSEOS

Debilidades en relación coa necesidade de adecuarse a unha sociedade en permanente cambio. Isto fai que os museos se enfronten ao reto de pasar de seren sentinelas do pasado a actores dinámicos do presente, capaces de dialogar con unha sociedade en transformación. A súa maior debilidade radica na **lentitude de adaptación**, inda que esta se poida converter nunha oportunidade se logran reinventarse como espazos máis abertos, dixitais, inclusivos e participativos.

- **Rixidez institucional:** hai museos que manteñen as súas estruturas administrativas e xerárquicas tradicionais, o que dificulta a adaptación rápida a novas demandas sociais, tecnolóxicas ou culturais. Ademais, o apego a modelos de xestión desfasados pode facelos parecer pouco accesíbeis ou desconectados do presente.
- **Dificultades na incorporación tecnolóxica:** a dixitalización, as experiencias inmersivas a interacción virtual son cada vez máis demandadas, pero moitos museos carecen de recursos técnicos, persoal capacitado ou orzamento para implementar todas estas innovacións. Polo tanto, esta brecha dixital pode limitar a conexión coas novas xeracións.
- **Desconexión coa comunidade:** con moita frecuencia os museos focalizan demasiado a conservación de obxectos e chegan a descoidar a función social: ser espazos de diálogo, inclusión e participación cidadá. Así, ao non se adaptaren ás novas e diversas narrativas (xénero, interculturalidade...) corren o risco de seren percibidos como algo elitistas ou excluíntes.
- **Limitación económicas:** Moitos dos museos dependen de fondos estatais, municipais, ou de doazóns, o que os fai vulnerábeis ás crises económicas ou aos posibles cambios nas políticas públicas. De aí que, nalgúns casos, esta urxencia por xerar ingresos pode levalos a priorizar exposicións atractivas, pero mediocres, sobre proxectos educativos ou de investigación.
- **Competencia pola atención do público:** Neste contexto actual, saturado por plataformas dixitais, redes sociais e entretemento inmediato, o museo debe reinventar o seu xeito de atraer visitantes. Isto fai que se vexan obrigados a aplicar estratexias participativas ou interactivas para faceren da experiencia pasiva da contemplación algo máis atraente.
- **Problemas de accesibilidade e inclusión:** Nalgúns casos, se ben cada día en menor medida, barreiras físicas, económicas ou culturais impiden que distintos grupos sociais se sentan representados ou teñan acceso pleno aos museos. Por esta razón, as programacións deben de ser diversas e o máis inclusivas posible, a fin de atraer ao museo o maior número de visitantes potenciais.

X. RELACIÓN MUSEO - ARTE

O museo concédelle á arte un lugar de permanencia, visibilidade e lexitimidade, mentres que a arte lle dá ao museo sentido, identidade e dinamismo. Entre estes dous termos existe, pois, unha relación estreita e multifacética e, ademais, a varios niveis:

- **Conservación e resguardo:** O museo cumpre a función de preservar obras de arte

para protexelas do deterioro do tempo, do ambiente ou do abandono. Actuaría como arquivo da memoria cultural dunha sociedade.

- **Exposición e difusión:** Os museos fan visíbel a arte ao público. Unha obra pode existir, pero sen o espazo de exposición dificilmente tería a mesma proxección ou impacto. Permiten que as persoas se acheguen a manifestacións artísticas de distintas épocas, estilos e culturas.
- **Interpretación e educación:** O museo non só amosa obras, tamén as contextualiza. Como? A través de guías, curadorías e actividades educativas axuda a comprender os significados, os procesos creativos e a historia da arte.
- **Espazo social e cultural:** O museo devén un punto de encontro entre a comunidade e a arte.
- **Promove o diálogo** sobre valores estéticos, históricos e políticos.
- **Transformación da arte e do museo:** A arte contemporánea cuestiona o rol do museo. Algunhas obras están deseñadas para existir fóra del (na rúa, no espazo dixital...). Á súa vez, os museos modernos mudan en espazos dinámicos, interactivos e participativos, máis alá da idea clásica de "contedores de obxectos".

XI. RELACIÓN DOS MUSEOS COS CENTROS DE ENSINO

Os museos mais os centros de ensino deben ser aliados á hora da formación integral das persoas; o museo achega o vivencial, o

tanxíbel e o cultural, mentres que a escola achega a sistematización e a continuidade da aprendizaxe.

A relación entre os museos e os centros de ensino é moi rica, en tanto que ambos os dous teñen como obxectivo central a educación e a transmisión de coñecementos, inda que o fagan de modos diferentes e complementarios. Vexamos:

- **Función educativa compartida:** Os centros de ensino (escolas, colexios, universidades) transmiten os saberes de xeito estruturado, con programas e metodoloxías coñecidas. Non obstante, os museos educan de maneira experiencial e visual, inda que xuntos poden potenciar unha aprendizaxe máis completa: teoría na aula e vivencia directa no museo.
- **Colaboración pedagóxica:** Son moitas as institucións educativas que utilizan os museos como espazos de aprendizaxe alternativa, con visitas guiadas, obradoiros, proxectos escolares etc. Con esa finalidade, os museos deseñan programas especiais para estudantes e docentes, adaptados aos distintos niveis.
- **Acceso ao patrimonio cultural e científico:** Os museos ofrecen acceso directo a obxectos históricos, obras de arte, pezas arqueolóxicas, descubrimentos científicos..., o que vai complementar e enriquecer os contidos curriculares con experiencias reais e, así, fortalecer a súa comprensión.
- **Formación crítica e creativa:** Se nos centros de ensino se fomenta o razoamento académico, no museo estímase a observación, a sensibilidade estética, a reflexión crítica e a creatividade.

- **Extensión social:** Ambos (centro de ensino e museo) cumpren unha función social: a de formar cidadáns máis conscientes, participativos e conectados coa súa heranza cultural. Así, a escola ha motivar o alumnado a asistir ao museo, mentres que o museo se acerca á escola a fin de dar cumprimento ao seu rol educativo, máis alá dos seus lindes.

XII. POR UNHA DIDÁCTICA DO PATRIMONIO?

Sen dúbida, si. Facer pedagogía no ámbito do patrimonio é cada vez máis necesario porque permite transformar o patrimonio nunha ferramenta educativa viva, que non só transmite información, senón que xera conciencia, identidade e participación activa e social.

O patrimonio (histórico, cultural, artístico, natural, inmaterial) non é unicamente algo que se conserva, tamén devén un instrumento de aprendizaxe. Por iso, a súa didáctica vai permitir convertelo nun recurso pedagóxico accesíbel e comprensíbel para distintas idades e públicos (cativada, mocidade, adultos/as).

Ensinar o patrimonio de forma didáctica axuda, pois, a vincular a memoria histórica coa vida actual. Sen un enfoque educativo, o patrimonio corre o risco de ser visto como algo distante, decorativo ou irrelevante.

De aí que a didáctica do patrimonio fomenta valores como o respecto, a identidade cultural, a diversidade e a responsabilidade de conservar o que nos pertence colectivamente. Amais, vai contribuír a formar cidadáns críticos e comprometidos coa súa contorna.

Permite ademais saír do ensino tradicional para promover experiencias directas, isto é, unha aprendizaxe activa e experiencial, significativa e duradeira: visitas a museos, percorridos por sitios históricos, obradoiros interactivos, proxectos comunitarios etc.

O patrimonio reúne historia, arte, xeografía, literatura, ciencias naturais, socioloxía... Unha didáctica específica que axuda a integrar distintas áreas do coñecemento en experiencias educativas completas.

XIII. ESTÁ O ESPECTADOR SUFICIENTEMENTE FORMADO PARA O MUSEO ACTUAL?

Depende. En parte, si: As novas xeracións, habituadas ao e á interactividade, adaptanse con facilidade. Pero hai brechas importantes: unha boa parte dos usuarios pode sentirse perdida fronte á crecente tecnoloxía, a unha falta de contexto histórico e, tamén, a un exceso de estímulos, sobre todo, das redes. De aí que o gran reto do museo sexa o de ofrecer experiencias accesíbeis para todos os niveis de formación, incluír programas de mediación educativa e cultural (guías, obradoiros, catálogos, materiais explicativos complementarios), e promover a alfabetización cultural e dixital a fin de evitar no posíbel a exclusión como visitante de museos e degustador de arte en directo.

Por todo o dito, podemos concluír que a formación no museo actual, como un espazo de aprendizaxe permanente que é –e punto de encontro con expertos, artistas e investigadores–, transforma este espazo nun axente educativo activo, que non soamente amosa patrimonio, senón que o converte en coñecemento vivo, accesíbel e participativo.

XIV. EN QUE AFECTAN ESTES CAMBIOS O ESPECTADOR?

- **Maior participación:** Xa non só se observa, tamén se interactúa, se toca, se xoga, se comenta.
- **Experiencia multisensorial:** O visitante vive a exposición con imaxes, sons, olores, realidade virtual.
- **Aprendizaxe activa:** Foméntase así a construción persoal do coñecemento máis cá memorización.
- **Maior proximidade emocional:** A museografía procura xerar impacto, empatía e reflexión crítica.

XV. MUSEOGRAFÍA NOS SÉCULOS XVIII, XIX, XX E XXI. EVOLUCIÓN

A museografía, entendida como o conxunto de técnicas e prácticas que regulan a exposición de coleccións dentro dun museo, sufriu unha notábel transformación ao longo dos últimos douscentos anos. Dende os primeiros museos modernos, concibidos como templos do saber e da arte, ata os actuais espazos interactivos e en rede, a súa evolución está intimamente ligada aos cambios sociais, culturais e tecnolóxicos de cada época. Salientemos os principais avances en relación coa súa función, co público e cos recursos expositivos.

• Antecedentes

Teríamos que remontarnos á Antigüidade para espigar os primeiros vestixios de exposición de coleccións valiosas valiosas. Referímonos, primeiro, aos obxectos de ofrendas que os templos gardaban e exhibían de cando en vez. O mesmo podemos dicir das obras de arte coleccionadas pola aristocracia

grega e romana, que ensinaban a amigos e visitantes. O primeiro “museo” foi construído en Alexandría, nos anos 280 a. C., por Ptolomeo I Sóter. Pero o *museum*, como tal, aparecería no Renacemento, Italia (Florenzia, Roma), na segunda metade do s. XV, coas coleccións xa permanentes, se ben abertas a un público restrinxido e elitista.

Do s. XVI ao XVIII, é o tempo dos “Gabinetes de curiosidades”, froito das viaxes de exploración, que “recadan” (“saquean?") obxectos e coleccións, ante todo, de Historia natural, que van organizando por especialidades, e que abren ao público de xeito permanente. O gabinete de Amerbach, Basilea (1671) e logo o Museo Ashmolean de Arte e Arqueoloxía (Oxford, 1683) serían os primeiros lugares de exposición aberto ao gran público de forma permanente.

En Francia, ata 1694 non se inaugurou o primeiro museo público: o *Musée des beaux-arts et d'archéologie de Besançon*. Logo, habería que esperar á Revolución de 1789 para ver os primeiros museos modernos, que poñen á disposición dos cidadáns as coleccións reais e as confiscadas, tanto á nobreza como ás congregacións relixiosas. O mellor exemplo témolo no Louvre –anterior residencia dos reis–, en 1793, baixo a dirección do pintor clásico David.

• Século XVIII: o museo democrático.

Para a especialista en museoloxía, María Bolaños, este é un terreo que ela cualifica como “terra incógnita” por canto sempre foi abordado cunha certa carencia de ambición intelectual e sometido a convencións moi estreitas. Segundo ela, abundan os estudos e as publicacións sobre a materia pero con pouco que ver coa práctica profesional.

Sitúa esta autora os inicios do museo público xusto nas convulsións rupturistas do ano cero da modernidade que foi a Revolución francesa de 1789, a respecto da memoria histórica, a igualdade social, a educación cívica etc. Mais, este clima intelectual protomuseístico en pro do museo público véennos xa de mediados do s. XVIII, e é común a toda Europa, no que se refire a unha arquitectura maxestososa e, ademais, a unha colección enciclopédica e exemplar como son as coleccións reais, os tesouros principescos, de propiedade e uso privado, e vedadas a artistas e ao gran público. Nas súas orixes, o *chauvinisme*, o desexo e conveniencia de abraiar os visitantes estranxeiros coas grandezas propias, e que vai facer de Francia un referente na materia ata mediados do século XIX. Toma da *Bastille en 1789*, chegada da República, nacionalización das propiedades da Coroa e da Igrexa. E, logo, virían Inglaterra, Alemaña, a Unión Soviética, España e, de seguido, os museos americanos. E, despois das coleccións da nobreza e das confiscacións revolucionarias, aparecería a terceira modalidade de museo de entón: o “modelo everxético” (*Everxeta*, patrocinador altruísta que en Roma financiaba os espectáculos públicos), á custa de mecenas privados, modelo de museo que logo vai triunfar nos EAU.

Escolma dos máis importantes museos europeos abertos ao longo do século XVIII:



Museos Capitolinos (1734). Roma



British Museum (1759). Londres



Galería dos Uffizi (1765). Florencia



O Louvre (1793). París



Rijksmuseum (1798). Amsterdam



Museo do Hermitage (1764). San Petersburgo

- **Século XIX: o museo como templo do saber**

Durante o século XIX, no marco do positivismo científico e do espírito enciclopédico, os museos foron concibidos como templos da arte e do saber, amén de institucións elitistas, enciclopédicas, acumulativas e con escasa información contextual. Estaban destinadas a eruditos, coleccionistas e á burguesía culta. A exposición caracterizábase pola acumulación de obxectos en vitrinas, sen apenas explicación didáctica, co obxectivo de mostraren a riqueza e a diversidade do patrimonio humano e natural.

A arquitectura monumental dos edificios reforzaba o carácter simbólico do museo como lugar de prestixio cultural e científico. Exemplos destacados son o *British Museum*, en Londres, o *Hermitage*, o MoMA, o Prado... Neste

período, a museografía estaba subordinada á idea de conservación e clasificación.

Velaquí algúns dos museos máis so-
branceiros do século XIX:



Múnic: Gliptoteca (1806-1830)



Londres: Victoria and
Albert Museum (1852)



Nova York: Museo Metropolitano
de Arte-The Met (1870)

- **Século XX: profesionalización
e función educativa**

No século XX, mentres que a museoloxía se desenvolveu como teoría do museo, a **museografía** consolidouse como disciplina profesional canto á técnica e á práctica. O museo deixou de ser exclusivamente un depósito de obxectos para converterse nunha institución educativa e pedagóxica. Falamos da profesionalización da museografía como técnica expositiva e ferramenta educativa e non só como almacén.

Incorporáronse novas técnicas expositivas: paneis explicativos, maquetas, iluminación artificial, recursos audiovisuais e escenografías. Ademais, as exposicións temporais gañaron

protagonismo, como un complemento das coleccións permanentes.

Na segunda metade do século, coa influencia da **UNESCO** e do movemento da **Nova Museoloxía** (décadas de 1960-70), o museo pasou a entenderse como axente social, en diálogo coa comunidade. Xurdiron experiencias de ecomuseos e museos locais que puxeron en valor o patrimonio inmaterial, a memoria colectiva e a identidade cultural das comunidades. E ganan protagonismo as exposicións temporais fronte á colección permanente.

Seis dos máis importantes museos europeos e americanos abertos no século XX:



Museo MoMA (1929).
Nova York



Museo Guggenheim
(1943). Nova York



MAM: Museo de Arte
Moderna (1961). París



Centro Georges
Pompidou (1977). París



Musée d'Orsay (1986). París



Tate Modern
(2000). Londres

- **Século XXI: museo interactivo, inclusivo e en rede**

Unha atenta reflexión descúbrenos que os museos do século XXI están deixando xa de ser só lugares de conservación e exposición para se ir convertendo en espazos abertos, tecnolóxicos, inclusivos e participativos, en constante diálogo coa sociedade en permanente cambio. Isto fálanos dunha profunda transformación social e, por tanto, museo-gráfica, que se distancia da visión clásica de “templos da arte”, lugares auráticos, ou simples espazos onde expor calquera clase de artefactos. Do museo elitista e enciclopédico do século XIX, pasamos ao museo pedagóxico e social do século XX, ata chegar ao museo interactivo, inclusivo e global do século XXI: museo como laboratorio social (foros e debates sobre o medio, o xénero, a diversidade, a irrupción da IA...), ética e sostibilidade (montaxes efémeras, materiais reciclábeis, restitución patrimonial, descolonización...).

Entre estes avances, podemos escolmar:

- **De espazo estático a espazo dinámico:** Antes, lugares silenciosos, de observación e contemplación. Agora, sitios vivos, con obradoiros, charlas, concertos, reunións comunitarias e interactivas, presentacións en streaming...
- **Tecnoloxía e dixitalización:** Uso de pantallas táctiles, realidade aumentada/virtual/multisensorial, gamificación, percorridos virtuais e aplicacións móbiles, contidos en rede... Dixitalización de coleccións con acceso dende calquera parte do mundo, o que fai dos museos institucións globais e interconectadas.
- **Participación del público:** Pasamos dun espectador pasivo a un visitante activo que interactúa, opina e constrúe experiencias, converténdose en parte co-creativa da exposición. O visitante devén protagonista a través de experiencias inmersivas, que recorren á realidade aumentada e virtual, adaptada para todo tipo de público, e con linguaxes e enfoques plurais.
- **Museos inclusivos e accesíbeis:** Os museos actuais buscan ser espazos inclusivos e accesíbeis, incorporando linguaxes adaptadas e programas para colectivos diversos.: para persoas con discapacidade (audioguías, linguaxe de signos, maquetas táctiles), ou para públicos distintos: infantes, adultos, grupos sociais con esixencias específicas etc.
- **Enfoque na diversidade e no diálogo social:** por medio de narrativas inclusivas e diversas, inténtase traspasar os límites da arte clásica europea para incluír as culturas indíxenas, ante todo afrodescendentes, contemporáneas e marxinalizadas. Á parte, abórdanse temas sociais, políticos e ambientais da actualidade.
- **Sostibilidade e responsabilidade social:** Museos comprometidos coa conservación ambiental (edificios verdes, redución de pegadas de carbono...). Traballo con comunidades locais cara á preservación do patrimonio inmaterial.
- **Novos modelos de xestión:** Maior autonomía financeira, alianzas con empresas e fundacións. Creación de espazos híbridos (cafeterías, tendas, áreas de coworking –espazo de traballo compartido).

- **Deseños flexíbeis e experienciais:** As montaxes buscan emocionar e provocar reflexión, non unicamente informar.



Museo MAXXI (2010). Roma

Deste século XXI, un excelente exemplo de arquitectura deconstrutivista museística: o **Museo MAXXI** –abreviatura de *Museo Nacional das Artes do Século XXI*, deseñado pola visionaria arquitecta iraquí Zaha Hadid, rompe cos principios modernistas (“a forma segue á función” e “a verdade dos materiais”), e presenta fragmentación e deseño non lineal, espazo dinámico e fluído, curvas orgánicas e beirís e xeometrías superpostas con espazos abertos e galerías entrelazadas. Un “caos controlado”. O formigón, o vidro e o aceiro transmítenlle transparencia e luz natural, creando un movemento intuitivo e experiencias inmersivas procedentes tanto do contido coma do continente. Ofrece exposicións relevantes, rotativas e variadas no tempo e nos temas, cunha forte presenza de temáticas actuais, como o cambio climático, a urbanización, a identidade ou a xustiza social.

XVI. MODELO MULTIFACÉTICO PARA UNHA EXPERIENCIA INTEGRAL

Como síntese e punto fundamental a respecto do visitante, digamos que un museo non

é só un espazo de conservación e exposición; é tamén un lugar vivo de aprendizaxe, emoción e encontro. Así, con independencia da idade, a procedencia, ou a experiencia, para o visitante debe experimentar unha visita integral, significativa, memorábel e transformadora.

Intuímos que, cando unha persoa entra nun museo, busca moito máis que ver obxectos tras das vitrinas ou paneis informativos: procura unha experiencia. É xusto a partir desta idea que se propón un **modelo multifacético da experiencia do visitante nun museo**.

En primeiro lugar, está a **dimensión cognitiva**, aquela que nos permite aprender, comprender e contextualizar o que estamos a ver. Un museo debe comunicar coñecemento, pero facelo dunha maneira comprensible, rigorosa e atractiva. Isto conséguese mediante paneis claros, visitas guiadas, audioguías, e tamén mediante recursos tecnolóxicos como aplicacións móbiles ou contido interactivo. Non se trata só de mostrar, senón de **explicar e contar**.

Mais a visita tamén ten unha **dimensión emocional**. Porque a arte, a historia ou a ciencia non nos chegan só pola mente, senón tamén polo corazón. Cando un museo é capaz de contar historias humanas, de recrear ambientes ou de tocar temas que nos interpelean directamente, a experiencia transfórmase. Non lembramos só o que vimos, senón o que sentimos.

Tamén entra en xogo a **dimensión sensorial e estética**, fundamental para que o visitante se sinta inmerso na exposición. A iluminación, os sons, as cores, o deseño dos espazos... Todo contribúe a que a visita sexa unha experiencia para os sentidos. E cando

hai espazos onde podemos tocar, escoitar ou interactuar, o recordo faise aínda máis forte.

A visita a un museo é, en moitos casos, unha actividade social. Por iso falamos tamén dunha **dimensión social**, que promove o diálogo, a participación e o encontro. Xa sexa nunha visita en grupo, nun obradoiro ou nun debate, compartir a experiencia cos demais fainos ver as cousas dende outras perspectivas e reforza o sentimento de comunidade.

Mais cada persoa é única, e así o debe ser tamén a súa experiencia. Aquí entra a **dimensión persoal**, que aposta por adaptar os contidos aos intereses, capacidades e motivacións de cada visitante. Isto implica pensar en itinerarios personalizados, accesibilidade para todas as persoas, e espazos onde os visitantes poidan expresarse, interactuar ou, mesmo, co-crear.

A visita non remata cando saímos pola porta. A **dimensión temporal** lembra que a experiencia pode estenderse no tempo, antes e despois da visita. Recursos dixitais, actividades de continuidade, programas de fidelización ou inclusive a posibilidade de levar connosco un recordo contribúen a manter en viva esa conexión co museo.

E, por último, non podemos esquecer a **dimensión ética e patrimonial**, que nos convida a reflexionar sobre o significado do que se expón, sobre a orixe das pezas, sobre quen conta as historias e como se contan. Un museo comprometido co presente debe promover a reflexión crítica, o respecto pola diversidade e unha mirada inclusiva e xusta sobre o patrimonio.

Deste xeito, o museo convértese nun espazo vivo, que acolle, que educa, que emociona

e que transforma. Un lugar onde a experiencia do visitante é tan rica como diversa, e onde cada visita pode ser o inicio dun novo xeito de mirar o mundo.

XVII. MUSEOS DE AQUÍ E DE AGORA. DE RIANXO A MUROS

A maior parte dos museos enclavados neste nove concellos, e relacionados tematicamente con esta parte da provincia coruñesa, son de tipo de museo etnográfico e relacionados co ámbito do mar. Pero non só. Á parte de que moitos deles ofrecen con frecuencia un carácter mixto, temos a sorte e o privilexio de contar cunha enorme variedade temática. Da Terra e do Mar; pero tamén conectados con outras realidades, históricas e de hoxe en día, como mostra dos moitos oficios practicados polos nosos devanceiros, pero non só. Aparecen así, tamén, museos arqueolóxicos, de interpretación do medio, mineiros, de laudas gremiais, dedicados a personalidades, ao lecer, de creación artística e artesanal actuais e, mesmo, un museo do gravado. Velaquí espigado o conxunto dos mesmos, enumerados por concellos:



Museo do mar. Rianxo

"Situado na coñecida como Casa do Coxo, este museo amosa o vínculo de Rianxo co mar. Eixo do proxecto *Rianxo, o mar feito tradición*, trátase dunha instalación etnográfica e antropolóxica que inclúe detalladas maquetas, mostra o deseño e o proceso construtivo de distintas embarcacións, conta cunha pequena biblioteca, unha sala sobre o mar e a pesca, e noutra recrea un obradoiro tradicional de carpintería de ribeira. A oferta cultural de Rianxo ten aquí a súa imprescindíbel pegada sobre esa íntima e indisolúbel relación coa cultura mariñeira".

<https://barbanzarousa.gal/museos/Museo%20do%20Mar/>



Museo de escultura de Nós Nuco. Rianxiño. Rianxo

"Situado na súa propia vivenda, o artista local Robustiano Losada "Nuco" amosa máis de 150 obras da súa autoría, de temática diversa, moi ligada á realidade social rianxeira e aos seus ilustres creadores. Este carpinteiro de ribeira xubilado creou un insólito espazo escultórico cheo de mensaxes, con sorprendentes traballos en pedra, ferro o fibra de vidro. A instalación está atendida polo propio artista".

<http://museonuco.blogspot.com.es/>



Casa Museo Manuel Antonio. Rianxo

"É a primeira pedra do ambicioso proxecto Academia Literaria de Rianxo para converter en museos as casas de Castelao, Dieste e Manuel Antonio. Ao longo de tres pisos chegamos a coñecer moi a fondo as facetas literaria, política, social e familiar do autor rianxeiro. Manuel Antonio naceu nesta casa e viviu nela ata os dous anos, ademais de pasar aquí moitas tempadas ao longo da súa curta vida.

O museo reúne mobiliario da familia, fotografías, cartas, obxectos persoais e documentos orixinais, ademais de proxectar material audiovisual. A planta baixa mostra o Rianxo dos anos 20 a través de fotografías tomadas por un primo do autor de *De catro a catro*. Os pisos superiores fan fincapé na vida e obra de Manuel Antonio".

<https://barbanzarousa.gal/museos/Casa%20Museo%20Manuel%20Antonio/>

"Este centro foi concibido para desenvolver experiencias educativas ambientais, así como facilitar o coñecemento do medio e da cultura mariñeira, para valorar o medio mariño como indispensable para a vida. Realízanse visitas programadas para colectivos e colexios. Visitas concertadas".



Aula Activa do Mar Santiago Gallego Picard. Rianxo

omarfeitotradicion.gal/es/aulaactivadomar



Centro Arqueolóxico do Barbanza. Castros de Neixón. Cespón

O Centro Arqueolóxico do Barbanza é un centro de interpretación público destinado a mostrar os principais vestixios arqueolóxicos do noso pasado. Emprazado no litoral norte da Ría de Arousa, a un Paso da Serra do Barbanza, a 3 km da vía rápida, e a 7 km do casco urbano de Boiro.

<https://centroarqueoloxicodobarbanza.org/es/>



Exposición etnográfica mariñeira Mar de Boiro. Escarabote

“As técnicas de marisqueo e pesca dominantes en Boiro conforman o eixo da interesante exposición Mar de Boiro, localizada no Centro Social de Escarabote. Os visitantes coñecerán, ademais, a evolución dos aparellos e artes pesqueiras deste pobo mariñeiro ao longo dos tempos. O Concello decidiu trasladar a mostra a este centro social para aproveitar a súa maior superficie e ofrecer desta forma unha excelente opción turística para completar a oferta dos cruceiros costeiros pola ría”.

<https://boiroturismo.gal/Vistas/EXPOSICI%C3%93N%20ETNOGR%C3%81FICA%20MARINERA%20%22MAR%20DE%20BOIRO%22/>



Museo Valle-Inclán. A Pobra do Caramiñal

“O museo está situado na torre de Bermúdez (séc. XVI), declarada Monumento Histórico-Artístico en 1976 e vinculada á familia de Valle-Inclán, xa que pertenceu ao seu avó e á súa avoa. O museo, de iniciativa municipal, foi creado en 1986 co obxectivo de conservar e difundir testemuños da obra e da vida do escritor.

Ramón del Valle-Inclán (1866-1936) é un dos escritores galegos máis representativos da literatura en lingua castelá, caracterizado pola súa vocación innovadora, o resentimento social e a técnica esperpéntica, e a eterna

memoria do mundo rural galego. No museo achéganse datos da vida do escritor e da súa produción artística, así como referencias á época en que viviu e a personalidades con quen compartiu inquedanzas e oficio.

No museo atópanse primeiras e raras edicións de libros do autor, manuscritos orixinais, fotografías de época, obxectos de belas artes (escultura, pintura, caricatura), vestuario, escenografías e cartelaría teatral. Ademais, conta cunha sala para exposicións temporais e un auditorio no cal se organizan distintas actividades culturais ao longo do ano”.

<https://museovalleinclan.gal/>



Sala Museo Municipal de Ribeira. Ribeira

As dúas plantas deste museo son un testemuño máis da historia, a cultura e a economía de Ribeira ao longo dos séculos; e incluso

fan un percorrido pola prehistoria destas terras, ricas en xacementos arqueolóxicos. Na primeira planta ten pezas relacionadas co mar e fálanos do naufraxio do Santa Isabel. Na segunda, colección de bonecas que recrea a variedade de traxes que se usaban para o día a día e para as festas.

<https://arqueotrip.com/producto/visita-los-museos-de-ribeira/o-romerías>



Museo Etnográfico de Artes. Centro Recreativo. Artes

Empezou sendo unha recompilación de obxectos persoais dalgúns socios do centro recreativo da parroquia de Artes e hoxe é un dos museos de referencia de Ribeira. As súas salas de exposición conteñen centos de obxectos que renden homenaxe á memoria das súas xentes, e para que as novas xeracións non esquezan de como se vivía a comezos do s. XX nesta zona rural e mariñeira, como era o traballo no campo e dentro do fogar. As festas e romarías son tamén parte da cultura galega e este museo mostra como se divertía a xente de entón.

<https://arqueotrip.com/producto/visita-los-museos-de-ribeira/>



Casa da Costa. Parque natural de Corrubedo. Carreira

Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA). Ideado como un museo interpretativo dirixido a transmitir a riqueza ecolóxica e natural de Corrubedo, foi construído ao lado da coñecida Casa da Costa, o punto de recepción de visitantes do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Trátase dunha instalación para a educación ambiental de singular construción, cunha área con cuberta transparente en forma de arco. Acolle esencialmente mostras de temática relativa ao ecosistema do parque natural o a outros ecosistemas costeiros.

[https://barbanzarousa.gal/museos/Centro%20de%20Interpretaci%C3%B3n%20de%20los%20Ecosistemas%20Litorales%20de%20Galicia%20\(CIELGA\)/](https://barbanzarousa.gal/museos/Centro%20de%20Interpretaci%C3%B3n%20de%20los%20Ecosistemas%20Litorales%20de%20Galicia%20(CIELGA)/)



Centro de interpretación arqueolóxico. Parque periurbano de San Roque. Carreira

Construído por alumnos da Escola Obradoiro Illa de Sagres, este centro forma parte do gran espazo verde convertido nunha área didáctica prehistórica, con reproducións dos principais achados deste Concello, comunicada por unha senda co centro de Ribeira. As instalacións exhiben de maneira informativa paneis ou elementos que, no esencial, explican o patrimonio etnográfico e arqueolóxico ribeirense.

<https://barbanzarousa.gal/museos/Centro%20de%20Interpretaci%C3%B3n%20Arqueol%C3%B3gica%20del%20Parque%20Periurbano%20de%20San%20Roque/>



Fundartex. Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital. Artes

No medio da paisaxe natural da parroquia de Artes, levántase este proxecto-sede da Fundación Museo de Artes para a colección, catalogación, estudo e difusión da arte gráfica dende as súas orixes. Está estruturado en dúas áreas principais, o denominado Gabinete de Estampas, e tres salas de exposicións abertas ao público, ademais de biblioteca e sala de conferencias. Os seus fondos reúnen decenas de miles de estampas ordenadas por escolas (flamenca, española, italiana, alemá...) e recompilan as técnicas artísticas dende o s. XV ata a actualidade, con gravados orixinais, gravados sobre placas orixinais realizados

posteriormente, ou reproducións facsimilares. A colección amosa firmas tan importantes como Goya, Dalí, Laxeiro, Picasso, Rubens, Van Dick ou Nóvoa, entre outras moitas figuras de renome mundial. Máis de 40.000 gravados, máis de 400 artistas, máis de 100 exposicións con proxección nacional e estranxeira, cursos, conferencias, debates etc. O "Premio Internacional Atlante do Gravado", que outorga anualmente cun montante duns 16.000 €, ademais da edición das obras distinguidas, acadou este ano 2025 a XVI edición, con máis de trescentas obras recibidas.

https://turismo.ribeira.gal/es/museos/-/asset_publisher/GGv7gPxOvXNu/content/id/105953



Centro de Interpretación do Castro de Baroña. Porto do Son

Situado no edificio do antigo Concello. Para coñecer o castro de Baroña, o centro dispón de maquetas, paneis, pezas orixinas e reproducións que axudan a entender a vida e a cultura das xentes que habitaron este poboado da Idade de Ferro e que se pode completar coa visita ao propio castro. O museo en si conta con exhibicións interactivas e educativas que brindan unha comprensión máis profunda da historia local. Ofrece, ademais, un servizo de

guías para coñecer outros depósitos arqueolóxicos así como numerosos petróglifos da zona.

<https://www.escapadarural.com/que-hacer/porto-do-son/centro-de-interpretacion-do-castro-de-barona>




Museo Marea. Zona portuaria. Porto do Son

Museo dedicado a recoller, investigar e transmitir a memoria das xentes do mar. Esta moderna instalación acolle unha colección etnográfica que nos acerca tanto ao ámbito profesional coma ao doméstico do mundo do mar. Vello aparellos, fotografías antigas, relatos orais, un espazo expositivo coidado e diáfano con soportes de comunicación modernos (emisión en bucle de vídeos e un documental de 1960 rodado en Porto do Son) falan das vivencias das mulleres e dos homes deste litoral.

Planta baixa: diversas artes de pesca, naufraxios, numerosos no litoral da Ría de Muros Noia, e recordando *Prestige*. Planta superior: útiles de marisqueo, de redeiras, e obxectos e imaxes sobre a industria da salga de sardiña, as conservas do mar... O derradeiro espazo sitúanos nun ambiente íntimo mentres xentes do Son contan, en primeira persoa, as súas experiencias. Funciona tamén como punto de información turística.

<https://riademurosnoia.com/experiencia/museo-marea/>



Museo do Mar de Noia. Noia

Museo dedicado á vida no mar, no que os visitantes poderán acercarse, de primeira man, ao traballo neste campo nos seus diferentes ámbitos. Á beira do río Traba, amosa unha colección de pezas relacionadas co mundo do mar, reunidas por xentes entusiastas que dedicaron e dedican a súa vida ao mar e á súa divulgación. Interesa sinalar que, nas escavacións realizadas na vila, se encontraron vestixios arqueolóxicos que nos falan dun peirao, un tramo de calzada... e que se integrarán nos fondos do museo.

<https://www.noiaturismo.com/conoce-nuestra-villa/museos-y-centros-de-interpretacion/museo-del-mar-de-noia>

Igrexa gótica cunha exposición única de lápidas sepulcrais, laudas de diferentes gremios profesionais e status sociais da vila que datan dende a época medieval ata a Idade Moderna (s. XIV a XIX). No cemiterio lindante vemos un cruceiro gótico cuberto por un baldaquino (s. XVI), coñecido como o Cristo



Museo de Laudas. Igrexa Santa María a Nova. Noia

do Humilladoiro, e máis de quíntas lápidas con gravados e relevos.

Hai laudas con representacións profesionais ou gremiais con ferramentas identificativas do gremio no que traballaba o defunto: mariñeiros, canteiros, carpinteiros de ribeira, zapateiros, xastres... Hai laudas con marcas familiares con marcas a modo de firmas identificativas das familias, que pasan de pais a fillos e, ás veces, asociadas a ferramentas utilizadas na vida do defunto. Hai laudas con motivos heráldicos e epigráficos, nos que figura o brasón familiar do representado. E laudas con temas antropomorfos: a figura humana como principal decoración.

<https://www.noiaturismo.com/conoce-nuestra-villa/museos-y-centros-de-interpretacion/museo-das-laudas-iglesia-de-santa-maria-a-nova>

O xacemento mineiro de San Fins, presente na minería internacional dende a Idade do Bronce, e na Baixa Idade Media, coa explotación do estaño, será a finais do XIX cando, coa aparición do volframio, alcance a maior relevancia histórica. E logo, coa “febre do volframio” durante a Segunda Guerra, acada un



Museo Mineiro de San Fins. Parroquia de Vilacoba. Lousame

interese estratéxico, e logo declarado "Punto de Interese Xeolóxico".

Canto ao patrimonio industrial mineiro, consta de labores, equipamentos e instalacións de máis dun século, así como de elementos construtivos: pozos, almacén, lavadoiro gravimétrico, compresores, fornos etc.

<https://riademurosnoia.com/no-te-puedes-perder/museo-minero-de-san-finx/34>



Espazo Museístico da Carpintería de Ribeira. "Estaleiro de Ciprián". San Cosme. Serra de Outes

Antigo estaleiro reconvertido en museo sen perder a súa esencia industrial: a construción de barcos. Rehabilitación do contorno e musealización do estaleiro, con novos espazos de

traballo e promoción turística. Un novo espazo cultural, patrimonial e industrial de primeira orde, único en Galicia. Proxecto realizado con fondos do GALP Costa Sostibel do propio Concello de Outes.

<https://luarnafraga.blogspot.com/2024/11/estaleiro-de-ciprian-museo-de-la.html>



Museo do Mar. Conserveira de Sel. Muros

Lugar imprescindíbel e experiencia única e educativa a deste museo, especializado na conservación e exposición de todo o relacionado co mar e os seus ecosistemas, dende especies mariñas ata a historia da navegación. Situado no centro de Muros, de doada chegada e amplo aparcadoiro.

É aconsellábel reservar. Conta, ademais, con diferentes opcións de entradas, individuais, paquetes familiares e grupos escolares. E ten, mesmo, restaurante propio. Ampla variedade de exposicións e exquisita atención aos visitantes.

<https://museo.directoriogratiss.es/museo-do-mar/>



Muíño de Mareas do Pozo de Cachón. Serres. Muros

Nunha vila tan mariñeira como Muros, incluso a agricultura se aproveita do mar. Neste caso, para moer o gran. Construído a principios do s. XIX, tamén chamado Muíño de Bazarra (polo nome do seu construtor, D. Ignacio Pérez Bazarra), e hoxe en día máis coñecido como Muíño de Pozo do Cachón. Polo seu tamaño e o estado de conservación, un dos máis importantes da Península.

O seu funcionamento aproveita o movemento das mareas. E a clave está no dique de máis de 230 m. Durante a preamar acumula a auga e péchase o dique para evitar a súa saída. Cando o nivel das augas baixa, ábrense as comportas, de maneira que a auga retida sae accionando as moas, que trituran o gran. E sobre estas moas álzase unha planta, que serviu de almacén e, incluso, como casa de baños para tratamentos con auga mariña e algas. Hoxe é un centro cultural aberto ao público.

<https://www.cirkwi.com/es/point-interet/1449129-molino-de-mareas-pozo-de-cachon>



Casa das Carrilanas. Esteiro. Muros

En 2012, con motivo do XXV aniversario do Gran Prix de Carrilanas de Esteiro, inauguramos a Casa das Carrilanas, grazas á cesión das instalacións por parte de D. Ramiro García Núñez, "Gerente", e á decisiva colaboración do Concello, entre outras moitas achegas.

Un museo que arranca do Gran Prix de 1988, ata hoxe, que é a casa de todos os carrilaneiros. Museo que segue aberto a calquera doazón que enriqueza os nosos xaricos fondos, con carrilanas de madeira máis espectaculares e únicas no mundo. Carrilanas "cada unha delas diferente ás demais, pero fillas todas do mesmo pai", e obra, sobre todo, grazas ao labor do "Gerente".

<https://www.carrilanasesteiro.gal/es/museo-es/>

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS BÁSICAS

BALLART HERNÁNDEZ, J. (2007): *Manual de museos*. Ed. Síntesis, Madrid.

Bolaños, María: *Historia de los Museos en España. Memoria, cultura, sociedad*, Gijón, Trea, 1997; edición ampliada en 2008.

– *La memoria del mundo. Cien años de museología 1900-2000*, Gijón, Trea, 2002.

Desvallées, A. & Mairesse, F. (2010). *Key Concepts of Museology*. Paris: Armand Colin / ICOM

EVE museos. <https://www.evemuseografia.com>

Falk, J. & Dierking, L. (2000). *Learning from Museums: Visitor Experiences and the Making of Meaning*. Walnut Creek: Altamira Press. NY.

– (2013): *The Museum Experience Revisited*. Routledge. NY.

Hein, G. E. (1998). *Learning in the Museum*. London: Routledge. Hooper-Greenhill, E. (1992). *Museums and the Shaping of Knowledge*. London: Routledge.

ICOM (autores): *Dictionnaire de muséologie*. Tapa branda. Agosto 2022. Edición en Francés d'Armand Colin (Dunod), dirección de –François Mairesse. Versión en inglés de 2023.

ICOM (ICOFOM): *Concepts clés de muséologie*. Armand Colin, 2010. Francia (Existe traducción en inglés e español).

Jan Packer and Roy Ballantyne University of Queensland, Brisbane (2016): *Conceptualizing the Visitor Experience: A Review of Literature and Development of a Multifaceted Model*. *Visitor Studies*. Australia. V. 19, p. 128-143.

Pastor Homs, María Inmaculada (2004): *Pedagogía museística. Nuevas perspectivas y tendencias actuales*. Editorial Ariel, Barcelona.

PÉREZ SÁNCHEZ, A. E. (2001): “Los grandes museos ante el siglo XXI”. En, Tusell, J. (coord.): *Los museos y la conservación del Patrimonio: Encuentros sobre Patrimonio*. Fundación BBVA. 19-30.

Poulot, D. (2009): *Museums, Heritage and the Humanities*. Abingdon: Routledge.

RICO, J. C. (2003): *La difícil supervivencia de los museos*. Ed. Trea, Gijón.

Varine, H. de (1991). *L'écomusée singulier et pluriel*. Paris: L'Harmattan.

FORMACIÓN EN MUSEOLOXÍA E MUSEOGRAFÍA

Para consultar onde realizar estudos de grao e posgrao, másters, e cursos vinculados coa museoloxía-museografía e xestión do patrimonio en España. Presenciais ou en liña. Mesmo información sobre bolsas de estudo. Consultar:

ICOM (Consello Internacional de museos. España)

<https://www.cultura.gob.es/observatorio-museos-espana/recursos-compartidos/formacion.html>

<https://www.cultura.gob.es/eu/cultura/areas/museos/mc/cimm/formacion.html>



*A*rquitecturas hospitalarias nas
vilas da Pobra do Deán e Caramiñal

Antonio González Millán
Historiador. Director do Museo Valle-Inclán

Tres son os hospitaliños que sabemos funcionan a partir do ocaso da Idade Media e durante a Idade Moderna nas localidades que constitúen o actual termo municipal da Pobra do Caramiñal: en San Lázaro (freguesía de Santa Cruz de Lesón), no Caramiñal (freguesía de Santa María a Antiga) e na Rúa da Feira (Santiago da Pobra do Deán). Todos de reducidas dimensións e de humildes posibilidades.

A súa é esa historia característica dos establecementos en precario que, en xeral, ofrecen un ámbito cronolóxico de curta vida. Trátase dun tipo de construción sinxela e pobremente equipada, provista dunhas cantas camas ou duns xergóns de palla, onde descansar á calor dunha lareira ou dun braseiro e repoñer forzas cunha proverbial sopa boba, quizais atendido polo labor fraternal dun relixioso de ordes menores, moi probablemente asistido por algún piadoso colaborador laico.

En todos eles existe un altar ou unha capela anexa para garantir a práctica da devoción popular, pois son tempos nos que se cre na existencia dunha íntima relación entre o estado do corpo e a saúde espiritual da alma. Esta sorte de establecementos humanitarios, albergues distribuídos a carón das principais vías de tránsito e vilas do señorío da Terra de Santiago, no Antigo Réxime, deben ser entendidos maiormente como obras de misericordia —e non de asistencia médica, dado que entón a hixiene avaliada en parámetros contemporáneos e a medicina científica eran descoñecidas—, sendo que se destinan basicamente á atención de pobres e transeúntes grazas a esmolos e caridades *de los dichos lugares y sus comarcas (...), y por el buen ejemplo y por animar a las gentes piadosas es bien que se queden donde están, que nunca falta quien les hace*.

Máis que pola súa efectividade, impórtanos como infraestruturas de vocación pública, nas que teñen incidencia a prosperidade do tránsito portuario e o acrecentamento da poboación do lugar, circunstancias favorables que van definindo novos servizos necesarios a salubridade dunha crecida veciñanza así como a atención de viaxeiros en séculos caracterizados por ciclos de malas colleitas, fames e epidemias.

Cabe recordar, igualmente, o labor das casas relixiosas, pois que a caridade monástica considera esencial a hospitalidade. Fóra dos centros vilegos da Pobra e do Caramiñal o convento franciscano de Santo Antonio, no Xobre, e o priorado beneditino de Ns.^a Sr.^a da Mercé, en Posmarcos, dedican esforzos para dar pousada e coidados a pobres, mendicantes, enfermos e viaxeiros in itinere. Entendendo dentro desa expresión latina as persoas inmigrantes retornadas das segas de Castela, as tripulacións de buques arribados ao porto, os comerciantes que asisten ás feiras, os transeúntes sometidos a condicións de vida paupérrimas, e que subsisten como pedichóns ao longo dos camiños e, tamén, a aqueles outros viaxeiros xenericamente denominados “peregrinos”, termo que hoxe é fonte de equívocos na súa interpretación cando se ignora a polisemia desta palabra dentro do contexto onde se utiliza.

Un paseo atento polas rúas tradicionais da Pobra do Caramiñal, valorando nós aquilo que inda subsiste a décadas de derribo e de ruína por ignorancia, cobiza e especulación, e que permanece inédito case sempre, permite descubrir a antiga trama urbana destas dúas vilas históricas cuxo patrimonio é denso en evocacións e referencias alén do xenérico fenómeno xacobeo de Galicia. Pensemos, por exemplo, no núcleo monumental do Castelo:

presidido polo magnífico templo gótico de Santiago da Pobra do Deán que sería enriquecido por aditamentos renacentistas, barrocos e neoclásicos (ss. XIV-XIX), un monumento solemne entre as ínfulas de fachendosas residencias fidalgas, como son a Casa Grande de Aguiar e o Pazo do Couto (ss. XVI-XIX), humanizado con graciosas casañas de orixes medievais e laudas gremiais que timbran de distinción arcana o seu adro (ss. XV-XVII), coas súas vellas murallas, as súas escalinatas e a súa calzada de empedrado metódico (s. XVIII). Un núcleo histórico singular, antano vixiado dende aquela torre feudal dos deáns composteláns (s. XIV-XV) cuxos vestixios dabamos a coñecer en 2002, ergueita no popular barrio da Covecha, é dicir, senlleira sobre o punto de entrada na localidade medieval para controlar persoas e mercadorías que circulan a través do camiño real e do embarcadoiro que alí existe ata 1986.

O porqué do actual descoñecemento sobre os hospicios pobrenses que, como en Padrón, Noia, Rianxo, Carril, Fefiñáns, O Grove etcétera sabemos existiron, acada resposta no feito de que, a medida que se centraliza a asistencia pública no gran Hospital Real de Santiago de Compostela, avanzando o século XVII, sucede a progresiva extinción de tantos pequenos establecementos dispersos, pobres, inestables e de uso útil limitado: *En este Arçobispado de Santiago, en algunas partes del, ai algunas casillas donde se acojen pobres como en pios lugares que por no ser hospitales formados, ni tener renta, ni bienes aplicados, ni azerense hospitalidades en ellos continuas, no se ponen aqui por relacion...* Extractamos a cita da **Memoria de los hospitales que hay en este Arzobispado de Santiago**, concluída na chancelería arcebispal o 9 de xuño de 1572 (complementada nos anos de 1588 e 1589).

PRECEDENTE HISTÓRICO

Dende o século XV temos noticias da intención do concello medieval da Pobra do Deán de construír un hospital para pobres, tendo concertado a obra con certos canteiros por valor de oitenta mil marabedís. A violencia das disputas señoriais entre o arcebispo compostelán, don Afonso de Fonseca y Acevedo (Fonseca II, 1464-1506), e don Diego de Tamayo (deán entre 1464-1482) sobre a xurisdición da localidade complica a situación xa que, durante a contenda, o concello vese forzado a empregar na fortaleza da dignidade eclesiástica eses mesmos canteiros e cartos que ían ser destinados para a construción do dito hospital. Cando menos, a cuestión rexístrase nestes termos nun documento subscrito polos Reis Católicos con data do 10 de outubro de 1483. En extracto recolle o seguinte: *El procurador... de la Puebla... dixo que en la dicha villa... ay mas de doscientos vezinos... e tiene braço de mar e asy puerto... e que la dicha villa syempre fue y es del deanadgo de Santiago e que el dicho arçobispo avya punado... por muchas maneras de aver por sy la dicha villa... contra la voluntad de don Dyego de Tamayo, dean de la yglesia de Santiago, e que... el dicho arçobispo les fiso faser a su costa una fortaleza para desde ella los... faser daños... lo qual todo podiera valer fasta dozientos maravedis... e otrosy que ellos tenyan acordado... de faser un ospital donde se reparasen... los pobres... avenido e ygalado con ciertos canteros quales... hedificasen el dicho ospital por ochenta myll maravedis los quales dichos canteros... los avya llevado para faser la dicha fortaleza e los avya fecho que... pagasen a los dichos canteros... syn que fisiesen cosa alguna en el dicho ospital.*



Residencia que foi de don Casto Dios Paz. O soar que ocupa este inmoble coincide con aquel onde existen o hospital e capela de San Lázaro ata o século XVIII



Antiga imaxe do taumatúrxico San Lázaro, figura bíblica á que se consagran os hospitais de leprosos, lazaretos ou *malaterias*. Durante a Idade Media contabilizábase uns 19.000 en Europa



Praia do Cristo, microtopónimo que lembra aquel cruceiro de San Lázaro que historicamente presidía o vello embarcadoiro antes do traslado irregular cometido dende a súa localización orixinal. O **Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección de los escudos, emblemas, piedras heráldicas, rollos de justicia, cruces de término y piezas similares de interés histórico-artístico**, limitaba este tipo de infraccións, mais o concello, como administración responsable da súa vixilancia e conservación, resolvería a favor ignorando por dúas veces a legalidade vixente. En síntese: (1) que era necesario solicitar permiso previo ao **Ministerio de Educación Nacional** para trasladar, cambiar de lugar ou realizar obra nestes elementos e (2) que era o seu deber e competencia comunicar á **Dirección General de Bellas Artes** calquera infracción para que esta tomase as medidas oportunas



Cruceiro procedente do embarcadoiro da praia de San Lázaro (c. 1580-1590), reverso. Actualmente, un dos dous existentes na finca da residencia que foi de don Casto Dios Paz. Na tradición iconográfica cristiá a presenza dunha nave a carón da Virxe simboliza o camiño cara á salvación e a protección divina. Ideais que acadan pleno significado poñendo en relación este monumento co lazareto e capela do lugar

HOSPITAL DO CARAMIÑAL

Ben por caridade, ben por medo ao contaxio de enfermidades, acrecentadas en períodos de carencias e de fames, ou polo desexo de erradicar a mendicidade, a proliferación de institucións benéficas é enorme no século XVI. Tamén as liñaxes emerxentes e con pretensións de señorío sobre o lugar do Caramiñal ven esa necesidade de reconfortar corpo e alma dos seus veciños. Lembremos que este núcleo de poboación adquire identidade documentada a finais do século XV e que despunta ao albor do século XVI. Mais nunha data tan temperá como o ano de 1493 prodúcese o choque de intereses entre a Igrexa de Santiago e a Casa de Xunqueiras sobre a titularidade do señorío, a posesión e a xurisdición desta vila nova. Cuestión que será orixe de conflitos e de disputas legais, cando menos ata o ano de 1562. O Caramiñal pertence á dignidade eclesiástica dende que no ano de 934 o rei Ramiro II de Galicia lle confirma á Igrexa de Santiago os privilexios dados polos seus antecesores e lle outorga, ademais, o dominio do condado de Posmarcos, entre os ríos Tambre e Ulla. Pero, no tránsito ao Cincocentos, sobre este lugar interfíren as forzas de familias nobres e fidalgas para consolidar a expansión das súas terras e do seu dominio propio, sendo usurpado e privando do seu dereito sobre O Caramiñal o señorío da mitra compostelá. Neste contexto radica o porqué da meditada sucesión de iniciativas de interese público desenvoltas polos Xunqueiras no ámbito local e, logo deles, os Mariñas sucesores daqueles, para promover e consolidar o influxo da súa casta dentro da xurisdición en disputa e chegar a convertela en capital do seu vasto territorio.

Esta liñaxe emprende a estratexia de acrecentar o seu estado coa anexión do Caramiñal por ser lugar de posibles nun ciclo de prospe-

ridade, equidistante entre A Pobra do Deán, vila medieval de xurisdición eclesiástica, e a torre fortaleza feudal, orixe e cerna icónica da propia estirpe. Precisamente en 1505 Estevo de Xunqueiras, un dos cabaleiros máis activos e célebres de Galicia na súa época, levanta aquí un hospital caritativo e acada licenza do provisor eclesiástico de Santiago para poder construír nel capela propia e consagrar altar onde se diga misa aos pobres e enfermos. A dedicación a hospicio continúa vixente cando menos durante todo este século en momentos tan dramáticos como o contaxio de pandemias virulentas como a peste de 1573-1576, entre outras sucedidas, se ben as páxinas da súa historia están aínda por descubrir.

Reproducimos aquí o documento orixinal de que nos valem como fonte de información para que, de agora en diante, sexa útil ao coñecemento xeral. Respectando a súa literalidade, di así:

De mi, el licenciado Pedro de Souto, Juez de Vilvestro, Canonigo en la Santa Iglesia de Santiago, Provisor, Oficial, é Vicario General en lo espiritual y temporal de la dicha Santa Iglesia y Çiudad, Arzobispado de Santiago por el Reverendisimo Señor Don Alonso de Fonseca, Arçobispo de dicho Arçobispado, mi Señor. Por quanto por vos el noble cavallero Estevan de Junqueras me fue pedida licencia, é facultad para edificar un Hospital, é Casa para aposentar, reçibir, é hospedar los pobres, é miserables personas, é edificar un Altar para deçir, é çelebrar Missas para oir los pobres, é por descargo de vuestra Ánima, é de la señora vuestra muger, que Santa Gloria aia, e de otros antepasados, e considerando, é acatando como vos moveis á lo que es susodicho,

con mucha devoçion, con tanta resta intençion, é como es obra muy pia, meritoria, facer las semejantes cassas e obras pias, para que los pobres, é desamparados é personas miserables sean acogidos, e remediados, é como todo redunda á servìcio de Dios, Eu vos doy, é conçedo la dicha graçia, é facultad para que podais erigir, fazer, é levantar el dicho Hospital, e si esta fecho, para que podais edificar una Capilla, ó Altar, en que qualquiera clerigo pueda zelebrar o en altar portatil, ó ara consagrada, hasta tanto que el dicho Altar sea consagrado, segun mandan los Sagrados Canones. La qual dicha Lizencia, doy e conzedo, en nombre de dicho Reverendisimo Señor Arzobispo é segun, que mexor puedo, e de Derecho debo. En fé de lo qual di, é mandé dar esta mi carta de lizencia firmada de mi nombre, y del Notario infra scrito, é sellada con el sello de su Reverendissima, dada en la çuidad de Santiago á onze de henero, año del Señor de mill, é quinientos, é çinco años.

*Pedro, Lizenciado Provisor Compos-
telano [asinado]*

*Balthasar de Balboa, Notario [asinado]
SELO [do arcebispo Fonseca II]*

Que a fundación instaurada pola Casa de Xunqueiras segue en activo e prestando os seus servizos un século despois consta polo testamento do arcebispo don Juan de San Clemente, outorgado na cidade de Santiago de Compostela con data do 30 de agosto de 1600, cuxas mandas, entre outros varios asuntos, inclúen un legado particular de douscentos oitenta ducados, equivalentes a uns 3.080 reais, para vinte e oito hospitais do señorío da Igrexa Compostelá, entre os que figura

este do Caramiñal: *Iten mando se den a los hospitales de las villas y lugares siguientes, a cada uno una cama de Ropa con su madera de valor de diez ducados cada una. (...) otra al de la villa del Caramiñal...*

A impresión, con todo, é que foi o sentido relixioso o que prima sobre a iniciativa, cuestión esta que se desprende das **Memorias del Arzobispado de Santiago** redactadas polo cóengo cardeal Jerónimo del Hoyo (1607-1620), xa que, segundo rexistra na súa visita pastoral ao distrito: *Hay en esta villa un hospital que sirve de iglesia, en la qual se dice misa por estar lexos algo de la iglesia parrochial (...). En este hospital de la villa del Caramiñal hay seis misas perpetuas cada semana, las que fundó y dotó Estevan de Junqueras y las han de decir y dizen tres capellanes y ansi son las capellanías tres, y los tres capellanes que las dicen tienen obligación de dezir cada uno, cada año, ciento y quatro misas, dos cada semana y demás desto tienen obligación de ayudar a cantar las vísperas y misas de Nuestra Señora en sus propios días.*

O altar para oficiar en beneficio das persoas impedidas, unha peza da arte litúrxica que debe ser accesible dende as camas de convalecentes, é determinante dentro do programa de usos e necesidades da arquitectura asistencial. De feito, extinto o hospital, o edificio non tarda en ser rehabilitado exclusivamente para a prestación de servizos espirituais, primeiro como igrexa auxiliar da parroquia, entón e ata o ano de 1740 en Santa María do Xobre, da que se disgrega para ser parroquia propia consagrada a Santa María A Antiga, logo como capela de Ánimas á alba do século XVIII e, de seguido, como sé dos cultos penitenciais da Venerable Orde Terceira (V.O.T.), nome tradicional da congregación que hoxe se denomina Orde Franciscana Segrar. A destrución do inmobile ten lugar a mediados

da centuria seguinte co gallo da apertura da estrada que une a vila do Caramiñal co porto de Corrubedo. A toponimia, máis duradeira que as intencións e as obras piadosas daqueles benfeitores, inda conserva nos termos desta freguesía nomes tan particulares como rego do hospital, microtopónimo que alude a un vello regueiro montesío que baixa dende as inmediacións do cruceiro de Moldes en dirección ao lugar de San Roque, no Caramiñal. Paisaxes de tempos idos.

Durante as Idades Media e Moderna destaca a función de pequenos hospitais ou hospicios que representan a ordenación social característica da época como institucións filantrópicas e humanísticas. O paso decisivo para o seu nacemento e a prestación duns servizos de utilidade pública é a cristianización dos albergues para peregrinos e pobres como obras de misericordia. Estes lugares son centros clave da caridade, que ofrecen asilo e alimento aos necesitados máis que coidado sanitario útil aos enfermos, máis albergues para estratos de poboación necesitada como mendicantes, anciáns e viaxeiros que centros médicos. Neles recíbese hospedaxe máis que saúde, como un exemplo de piedade e solidariedade humana, e así se pon máis atención ao benestar da alma que á curación dos males do corpo. Esta etapa histórica déixalle á medicina dúas achegas importantes: por un lado, os hospitais xurdidos en comunidades prósperas como espazos que lles ofrecen asilo e alimento ás persoas vulnerables a través da súa hospedería, por outro o valor da hospitalidade ou ideal de compaixón ao servizo do outro. Non será ata finais do século XIX cando se convertan en punto de partida dos hospitais contemporáneos.



Torre de Xunqueiras (c. 1498). Da arquitectura forte do século XIII nada resta na casa matriz desta senlleira liñaxe do Barbanza. A torre de homenaxe é o elemento máis representativo que subsiste daquel castelo medieval, que é reconstruído logo do asalto vitorioso de 1467, capítulo memorable entre as testemuñas da gran Revolta Irmandiña



Escudo do cabaleiro Estevo de Xunqueiras (1492). Heráldica trasladada dende a derruída igrexa conventual de Santo Antonio da Pobra ata o campanario do templo parroquial de Santa María do Xobre, en 1881



Sartego de Estevo de Xunqueiras (1532). Arrasado o convento franciscano foi trasladado dende a capela maior da súa igrexa ata a capela de Santo Antonio do pazo de Oca, na Estrada, en 1929. O epígrafe funerario, que nós puidemos completar grazas a un manuscrito de próxima publicación, di así: *Aqui yace Esteban de Junqueras, hijo de Martin R^{co}. de Junqueras y de D.^a Ines de Sotomayor, que fallestio a 14 de hebrero [del año MDXVII].* Fotografía: cortesía da casa ducal de Medinaceli



Aplique xacobeo (ss. XVIII-XIX). Insignia de metal co característico deseño dunha cuncha de vieira. Achado fortuito na praia de Santo Antonio. Depositado no Museo Valle-Inclán en 2025



Pintura de Pieter Bruegel o vello: *Liorta entre o Carnaval e a Coáresma* (1559), detalle. Entre a plétora de tipos populares, representa mendigos e tolleitos, mortos pola fame negra e pestilencias. Musées Royaux des Beaux-Arts de Belgique (Bruselas)



Santiago Peregrino (c. 1581). Imaxe labrada no fuste do vello cruceiro divisorio existente entre as freguesías e localidades de Santiago, da Pobra do Deán, e Santa María a Antiga, da vila do Caramiñal. Localización do orixinal: colección privada

HOSPITAL DE SAN LÁZARO

Como vemos, en especial a partir do Renacemento, os poderes civís comezan a considerar a asistencia ás persoas necesitadas e enfermas de condición humilde como un deber político, momento no que xorden *hospitalliños* promovidos por segres de variada condición, e polas municipalidades. Aínda que non sempre se crean con previsión das rendas necesarias para o seu mantemento, sendo, en consecuencia, dependentes para o seu sostemento e dos servizos que ofrecen unicamente das esmolos, de ocasionais mandas piadosas ou dalgunha fundación na que o uso de determinados bens quedan suxeitos ao cumprimento de misas e outras cargas pías. Ingresos cativos polo xeral, co devalar do tempo suxeitos a perdas de valor e flutuacións, retrasos e impagos, cos que se atende maiormente ao culto da súa capela.

Probablemente este hospital de San Lázaro teña as súas orixes na sentenza ditada en nome dos Reis Católicos a favor do procurador do concello da Pobra do Deán en defensa dos intereses da vila, documento con data do 10 de outubro de 1483, ou nas circunstancias derivadas daquel caso xudicial, é dicir, logo doutra sentenza ditada con data do 12 de outubro de 1496, que absolve o concello e veciños na demanda interposta ante a Real Audiencia de Galicia polo deán don Diego de Muros, coa pretensión de que lle reedificasen a torre e a casa forte que o cabido compostelán tivera na vila, e que fora destruída na gran Revolta Irmandiña, ou noutro caso lle indemnizasen con mil castellanos de ouro polos danos ocasionados, sendo desestimado. A cuestión é que sabemos que este establecemento se constitúe no tránsito dos séculos XV a XVI, e que segue activo a comezos do século XVII. En expresión tomada das **Memorias del Arzobispado de**

Santiago (1607-1620) redactadas polo cóengo cardeal Jerónimo del Hoyo, na localidade da Pobra é este o lugar *donde se recoxen los pobres y peregrinos*. Malia todo, o hospital ou, con maior propiedade, albergaría, extinguese naquel mesmo século XVII.

As mencións documentais indican que está situado en termos da freguesía de Santa Cruz de Lesón limítrofes coa inmediata de Santiago do Deán. Precisemos que ao paso do camiño real que une Padrón coa Pobra, dúas vilas en competencia mercantil dende o século XV, e que pertencen ao señorío da Igrexa com-postelá, aberto a carón do fondeadoiro natural do porto, extra muros do casarío residencial da localidade. Seguindo as indicacións das notas manuscritas rexistradas nos libros parroquiais, no mesmo soar onde se alzaría a residencia historicista de don Casto Dios Paz, na beiramar desaparecida cos sucesivos recheos da liña de costa.

De feito, na súa contorna, e ata a década de 1980, preto de aquí erguíase sobre a rochela desta ribeira da badía pobre un dos cruceiros de maior mérito e antigüidade entre os conservados no municipio, aquel que durante catro séculos foi sinal de amparo espiritual e obxecto de ritos propiciatorios ante males e riscos da mariñeiría no vello embarcadoiro da praia de San Lázaro. Lugar oportuno para a natureza e fins desta tipoloxía de establecementos asistenciais: próximo ás rutas de acceso terrestre e marítimo á poboación, por prevención de riscos fóra do núcleo vilego e convenientemente ventilado e hixiénico, xa que o mar, como o río para o caso daquel outro hospital do Caramiñal, permite observar maior limpeza e condicións de salubridade.

Entre nós, os lazaretos acollen indistintamente xentes pobres e calquera tipo de infec-

ciosos. Para protexer a poboación das temidas enfermidades contaxiosas, e sen medicina efectiva, implórase a figura venerable dunha parábola exclusiva do Evanxeo de Lucas (16, 19-31), a que pon en labios de Xesús de Nazaret: a historia de Epulón e Lázaro. Relato bíblico que contrasta a consecuencia dos actos dun home rico que vive en exceso opulento mentres ignora as necesidades dun pobre Lázaro, desfalecido ás súas portas, quen, ateigado de chagas e sen socorro, mendiga suplicando esmola e se alimenta de sobras. Lección moral sobre a importancia de compartir os bens entre persoas necesitadas de auxilio, de practicar a piedade, a compaixón, a misericordia, e de como a indiferenza pode ter consecuencias eternas.

Da parca información que nos ofrecen as fontes antigas concluímos que a arquitectura do vello edificio era unha construción humilde, obra de cachotería, madeira e tella na área residencial levantada xunto á capela, fabricada esta con mellor material, como veremos. Non obstante non somos alleos á frecuente transformación desta tipoloxía de edificios, en orixe suma dunha sala de convalecencia e dun lugar de culto, xustapostos, aos que como epílogo do uso dado sucede a unión de ambos espazos na nave única dunha ermida.

Desaparecido aquel hospital, a devoción polo santo perdura, acadando un notable culto popular na súa ermida ata mediados do século XVIII, segundo se rexistra, entre outros varios asuntos, no **Libro de Cofradías, Ermitas y Capillas de Santiago de A Pobra do Deán** (1734-1832/1853): *No consta quien la fundó, ni erigió. Oy se conserva la antigualla de que en el Domingo in Pasione q.º vulgarmente se llama de Lazaro, a la tarde sale el cura ó vicecura revestido con capa de color morado, y los eclesiasticos con pellices cantando la*

Letania de los Santos en tono de rogativa, asta dicha ermita; y al llegar á ella salen los Rexidores y el Procurador General, y en las manos trae éste una Imagen de Sⁿ. Lazaro de buelta p.^a la Parrochia y aviendo llegado, predica el P.^o Predicador de Quaresma sobre el évangelio del Rico avariento, el qual se canta en la forma q^e. [fija] el mandato; y con esto se concluye aquella funcion q.^o es antigua...

No ano de 1706 non ten máis patrón coñecido que a vila, é dicir, o concello da Pobra do Deán. Tempo despois, a visita pastoral cursada con data do 17 de marzo de 1733 por don Gregorio Pose, consultor do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia, rexistra que, no ano de 1707, Francisco Quintáns, presbítero da localidade, funda ante o escribán Francisco Montero unha capela colativa coa obriga de celebrar catro misas anuais na ermida de San Lázaro, para a que fai agregación da metade dos seus bens, en primeiro lugar para ordenarse o seu sobriño Benito Quintáns, e despois del os fillos de veciños da vila presentados a este beneficio pola xustiza e rexemento. Desta sorte, en 1733, corre coas súas rendas Juan López Varela, clérigo de menores ordes, o que litiga con Marcelo de Moraña e Silverio do Souto sobre a pertenza dos bens vinculados á obra pía, pois que, impedíndolle percibilas, non pode dicir as misas da fundación.

Para evitar estas violencias e incumprimentos o visitador xeral do arcebispado manda, pena de excomuñón maior *latae sententiae*, que os ditos Moraña e Souto non lle perturben no goce e administración daqueles bens, comisionando a don Carlos Maneiro San Mamed, cura párroco da freguesía, para que así o cumbran e entreguen os caudais suficientes para a celebración das misas atrasadas que se deben. Mais avanzando o tempo, no ano de 1750, e debido á desvalorización das rendas

percibidas, esas misas redúcense a estas tres: *Tiene á su cargo mandar decir en la Hermita de S.ⁿ Laz.^o tres misas rezadas: una del dia Glorioso S.ⁿ Lazaro: otra dia de S.ⁿ Francisco: y la ultima dia de Difuntos: toca su cumplimento a dicho capellan...*

A mesma visita de 1733 informa do estado degradado daquela ermida e da orde que obriga para ser rehabilitala nestes precisos termos: *Hallo su mr.^d q.^e en términos de la fr.^a de ss.^{ta} Cruz de Leson hay la hermita del señor San Lazaro, la que se halla con mucha indecencia (...). Y respecto la dha Capilla ésta con la Yndezencia que queda dho se haga á saber ál Alcalde hordinario desta villa; para que éste lo haga ál áYuntamiento, el que dentro de tres meses la pongan dezente; Y pasado no lo haziendo se derrive Y en el sitio se pondra un muro con una Cruz en el medio para que no se Profane el lugar; y se agregaran los bienes que tuviere á la Iglesia. É dicir, que se faga saber e advirta ao alcalde da localidade, Juan Rivero, para que este o comunique á corporación municipal, por ser a vila o seu patrón, que poñan a capela decente e convenientemente reparada no prazo de tres meses. E se pasado este tempo non o fixeran así, que se derrube, e que, no seu sitio, poñan un muro cunha cruz no medio para que se identifique e non sexa profanado o solar dun edificio consagrado, e se agreguen os bens que ten vinculados á igrexa parroquial para celebrar alí as misas da fundación.*

Secasí, convén advertir que non será ata o ano de 1749 cando, por reiterado mandato do fiscal de obras pías do tribunal eclesiástico, se inicie o desmantelamento desta ermida e se traspasen as súas misas á igrexa de Santiago da Pobra do Deán, por estar o edificio feito unha covacha. Circunstancias que recolle a visita pastoral cursada en persoa polo arcebispo de

Santiago don Cayetano Gil Taboada con data do 20 de xullo de 1750, ao especificar que, *En la Hermita de S.ⁿ Lazaro ávia una Cap.^{nia} colatiba... cuia hermita por el Tribunal Eclesiastico se há mandado demoler, y que las Misas de la Cap.^{nia} se cumpliesen en la Iglesia de la Puebla; y áviendo comparecido D.ⁿ Ju.ⁿ Ant.^o Lopez, áctual capellan cler.^o de menores, ácredito el cumplimiento... y manda que en el sitio de la Hermita se ponga una Cruz.*

A pedra daquela vella ermida, con asenso da veciñanza, lévase ao templo parroquial, sendo empregada a súa cantería como material de obra para a construción da capela da Virxe da Concepción (1748-1749), sé da Confraría de Clérigos de N.^{sa} S.^{ra} da Concepción, así como para o santuario da Virxe Peregrina (1785), oratorio de vida efémera, asomado ao camiño real que atravesa a vila, levantándose no solar que ocupou un muro e no centro un cruceiro, en exacto cumprimento do disposto pola autoridade eclesiástica, para cristianizar o terreo da clausurada e desmantelada capela de San Lázaro. Soar privatizado en datas moi posteriores. Por fortuna, este outro cruceiro segue en pé no seu lugar: no ángulo formado entre o peche do xardín da residencia que foi de don Casto Dios Paz e a antiga conserveira Perlas de Arosa, de Manuel Ecurís López. Monumento fino, de traza neoclásica, e tan fermosa como coidada labra, ergueito no século XVIII, a imaxe daquel consagrado no adro parroquial en 1750 co gallo da visita do arcebispo Gil Taboada. Sendo este de San Lázaro pouco posterior.

En consecuencia, de canto se informa para garantir que sexan datos coñecidos polo público, logo de examinadas as fontes documentais conservadas no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS) e de recompiladas as principais noticias sobre a traxectoria das construcións históricas que ao longo do tempo se superpoñen no soar identificado, en xustificada aplicación do disposto pola **Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia**, agardamos das administracións local e autonómica que a superficie comprendida na parcela de referencia e na estrada, disposta en perpendicular á finca, sexan obxecto de protección patrimonial preventiva no marco dos instrumentos de ordenamento urbanístico. Medida de salvagarda e control para acometer futuras sondaxes arqueolóxicas e para preservar potenciais estruturas nun subsolo en espera de estudo científico, recuperando e poñendo en valor patrimonial o que distingue a Pobra do Caramiñal: ser unha das vilas históricas de Galicia. O patrimonio herdado dos nosos devanceiros é un ben finito, único, un don fráxil de interese colectivo fronte aos discursos especulativos e empeños de urbanismo irresponsable que estragan as beleza de Galicia.



Campaña de leproso



Representación dun leproso medieval con lesións cutáneas e amputacións que fai soar unha campaiña para advertir da súa presenza e evitar así o contaxio. *Pontifical* (c. 1400), fol. 127, BL Landsdowne MS 451, British Library (Londres)



Representación dun leproso que fai soar as taboíñas dunha carraca como advertencia do seu paso fóra das murallas dunha vila. Ilustración do mestre de Boucicaut, *Livre des propriétés de choses* (c. 1410), MS Français 9140, fol. 15v, Bibliothèque nationale de France (París)



Carraca de leproso



Dende tempos remotos, os enfermos de males sen cura coñecida subsistiron á beira dos camiños coa esperanza de recibir esmolas e auxilios. Na Idade Media, milleiros de leprosos, cubertos por un rudo hábito con capucha, deambulan por Europa afastados de todo contacto social, convertidos en auténticos mortos viventes, discriminados polo pánico colectivo ata sufrir e morrer en soidade. Son vítimas de supersticións e do que se considera o peor dos castigos divinos sobre un ser humano: a lepra. Pieter Aertsen: *Regreso dunha peregrinación a Santo Antonio* (c. 1550), detalle. Musées Royaux des Beaux-Arts de Belgique (Bruselas)



Residencia de don Casto Dios Paz. Inmóble construído no soar antes ocupado polo hospital e capela de San Lázaro, como hipótese de investigación, tras do cambio de propiedade derivado das desamortizacións do século XIX. Obsérvase o cruceiro mandado erixir para sinalar un lugar que foi consagrado. Fotografía (c. 1934)

HOSPITAL DA RÚA DA FEIRA

Décadas atrás, logo da identificación deste inmovible para a historia da arquitectura asistencial do Barbanza, propuxemos a súa salvagarda e protección legal, sendo incorporado ao PXOM da Pobra do Caramiñal de 2007, así como ao inventario de bens do patrimonio cultural de Galicia. Debe saber a persoa lectora que este antigo *hospitaliño*, ao que con propiedade conviría a denominación contemporánea de “casa de hospitalidade” ou “albergaría”, é establecemento único entre o patrimonio conservado nos portos das dúas bandas da rúa da Arousa, e aínda dos poucos testemuños da súa época presentes noutras localidades galegas de probada tradición xacobeá. Diciamos no ano 2002 que o exposto basta para avala a necesidade de recuperar estas ruínas irreverentes, quizais para destinalas a usos cidadáns, sexa por iniciativas públicas ou privadas. O edificio reúne méritos e opcións de rehabilitación para acoller un *Centro de interpretación* sobre aqueles humildes hospicios de ámbito local ou as salas para unha *Colección visitable* sobre ese ronsel disperso de bens do patrimonio histórico-artístico legados polos nosos devanceiros.

Dignificar o estado deste monumento é tamén dignificar a imaxe da localidade que o preserve, reiteráramos décadas despois daquel 2007, cando proliferan alternativas e proxectos interesados por poñer en valor, rendibilizar e dinamizar o fenómeno xacobeo e as súas rutas. Estamos diante dun elemento patrimonial que merece ser tratado como o que é: un referente histórico clave no marco da **Ruta Xacobeá do Mar da Arousa** ideada no ano 1963 a partir da lenda medieval da *Traslatio* mais, en especial, do **Camiño a Santiago do Barbanza, A Orixe**, itinerario terrestre promovido pola Asociación de Amigos dende o ano 2022 a partir do rescate

da antiga rede viaria deste territorio. Iniciativa loable, noutro lugar con interese comunitario, en estado documental inconcluso por falla de apoio institucional e compromiso das administracións desatentas coa historia real deste país. Necesitado de grandes doses de xustificación, de rigor histórico e corrección dun trazado e sinalización apócrifos por imposición de torpes teimas políticas e intereses alleos ao valor do bo Camiño.

Resulta evidente que, en varias e graves ocasións, os vellos hospitais de caridade ou casas de acollida das vilas da Pobra e do Caramiñal non son suficientes para atender as necesidades de asistencia social que se viven. Extintos durante o século XVII, os establecementos do Caramiñal e San Lázaro, a medida que suceden novas calamidades públicas, faise necesario habilitar espazos de atención humanitaria alternativos. Teñamos en conta os sucesos catastróficos asociados á inestabilidade climática da *Pequena Glaciación* ou *Pequena Idade de Xeo*, un fenómeno que na Península Ibérica ten maior incidencia nos períodos 1570-1610, 1769-1800 e 1829-1860, con épocas sinaladas por choivas intensas, nevadas, inundacións e tormentas no mar, mesturadas con interludios de secas severas; as ameazas de contaxio derivadas do tráfico marítimo nas comarcas costeiras: con ciclos de pestilencias, como a ocorrida no ano de 1710, infeccións virais endémicas, como a lepra, ou a cadencia de doenzas que eran letais, entre as máis recorrentes a sífilis, a varíola, o cólera morbo, as afeccións pulmonares e gástricas etcétera.

Nos primeiros anos do setecentos, ademais da enfermidade, fan estragos as malas colleitas e a redución dos cardumes na pesca, carencias que provocan crises de subsistencia e fames negras, que a alimentación das clases máis hu-

mildes resulte deficiente e que a virulencia das epidemias sexa aínda maior. Neste contexto, resulta ser a hipótese máis probable sobre a orixe do inmoble que chega ata nós que, estando de feito ámbalas dúas localidades unidas dende unha perspectiva urbana, e situado este albergue nun lugar equidistante entre os dous núcleos de poboación, seguindo criterios de racionalidade na xestión acordasen servirse dun único centro benéfico e xuntar en réxime de acollida as persoas anciás, mendicantes e convalecentes, para dispensarlles as axudas e os auxilios facilitados pola cidadanía e autoridades. Daquela, lembrémolo, o hospital do Caramiñal era tan só un recordo, rehabilitado como capela das Ánimas, e aquel outro de San Lázaro prolongaba a secuencia dos seus usos como ermida e romaxe anual dedicada ao santo.

Construído nunha rúa travesa disposta ao paso do camiño real, o edificio, entre medianeiras, componse de baixo e andar alto, niveis comunicados ao exterior por un patín sen pasamáns. A obra de fábrica está construída en aparello mixto; é dicir, empregáronse perpiaños de cantaría para levantar a súa única fachada, e cachotaría no corredor, elemento parcialmente cuberto por un alpendre, hoxe alterado, todo rebocado e branqueado de grosas capas de cal. Dentro da súa extrema sinxeleza, é a decoración da porta principal a que sinala o carácter de albergue e a evocación xacobeá do inmoble. Péchase cun gran lintel liso sobre ménsulas. Nunha delas represéntase en relevo a vieira e o bordón, figuras utilizadas como atributo polos peregrinos a Compostela; e, na outra, un libro aberto, elemento de significado ambivalente, que alude á esperanza da salvación do xénero humano cifrada nos Evanxeos, se non ao servizo de acollida e ao carácter misiónero do apóstolo Santiago como viaxeiro da fe.

Advertimos que o deseño da cuncha aquí labrada como emblema adopta o modelo daquelas pequenas cunchas metálicas aplicadas ao vestiario e aos chapeus dos peregrinos santiagueses da Idade Moderna. Para mostra, as que ilustran este artigo, orixinais depositados no Museo Valle-Inclán, emblemas ou exvotos que gardan a mesma semellanza coa serie de vieiras que localizamos en inmobles da Pobra, Rianxo, Leiro, Teaio, Bexo etcétera. Fitos de tempos idos, distribuídos a carón de itinerarios historiados do antigo camiño real. En todo caso, as citas que aluden á acollida de viaxeiros intramuros do convento de Santo Antonio da Pobra, no Xobre, información recollida polo predicador da Orde Franciscana frei Jacobo de Castro no seu **ÁRBOL CRONOLÓGICO de la Santa Provincia de Santiago** (1722), ou os rexistros inéditos que localizamos nos libros sacramentais de Santo Isidro de Posmarcos e Santa María A Antiga do Caramiñal, conservados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), parecen prudentes para ponderar a inercia da tradición xacobeá e do fenómeno da peregrinación nas localidades do Barbanza. Informacións ambiguas como estas que reproducimos. Non sendo concluíntes.

- *El día dos de abril de mil y seiscientos y noventa y dos di sepultura dentro de mi yglesia á Antonio Dos Santos, estudiante Cursante en la Universidad de Sant.º, su muerte fue repentina p.º allarse su cuerpo en el camino frances que viene del Coto de Goyanes açia la ermita de nr.ª sr.ª de la merçed.* Xulguemos, como interpretar esa denominación do ano de 1692 a un “camiño francés”, explicitamente no tramo comprendido entre o couto de Goiáns e a ermida da Mercé?
- *En la Parroquial Iglesia de Santa María la Antigua de la Villa del Caramiñal y su*

feligresía a primeiro de enero año de mil setecientos noventa y dos, yo Don Juan Antonio Blanco de Salcedo, rector y cura propio de ella, bauticé solemnemente a un niño... hijo de legítimo matrimonio de Joseph de Usal y su mujer Benita León y Fernández, vecinos de la villa del Padrón, los que estaban de peregrinos en dicha Parroquia. Outrosí, como valorar esa definición do ano de 1792 ás persoas "que estaban de peregrinos" nun lugar indeterminado da freguesía da Antiga?

CODA. No corazón da Pobra do Caramiñal un monumento icónico, o derradeiro hospitaliño dos séculos da Idade Moderna no Barbanza, atópase ao borde do colapso, cargado de historia e valor cultural agoniza en silencio, atrapado entre a desidia e o esquecemento. Arquitectura en estado de ruína avanzada, orfa dunha efectiva protección oficial que inste ou adopte medidas contempladas pola lexislación sectorial para garantir a súa conservación. O paso do tempo e a falla de coidados, a indiferenza, non sempre a especulación, ameazan con borrar para sempre o seu legado, poñendo en perigo un patrimonio que forma parte da identidade de Galicia, do ser desta vila histórica da Terra de Santiago. Fagamos posible a milagre do restauro.



Inmable situado na travesa da rúa da feira co antigo camiño real, actual rúa Rafael Calleja, que se identifica como unha arquitectura da Idade Moderna: hospitaliño, casa de acollida ou albergaría. Na porta principal da fachada exhibe símbolos que aluden ao fenómeno xacobeo e á hospitalidade



Comparativa con outro inmable localizado no porto de Cangas. Obsérvese que ámbalas dúas construcións reiteran unha tipoloxía, a casa con patín, propia da arquitectura popular nas vilas costeiras de Galicia. Fotografía de Matilda Ruth Anderson (1924)



Porta principal. Detalle. O lintel que cobre o oco de acceso pousa sobre ménsulas labradas que representan a cuncha de vieira e o libro dos Evanxeos



Insignia de peregrinación para coser nun chapeu ou esclavina. Lámina fundida en metal cos símbolos universais do Camiño de Santiago: cuncha de vieira e pomo de bordón (ss. XVI-XVII)



Aplicue con forma de cuncha xacoeba semellante á vista no Hospitaliño. Metal (s. XVIII)



Pintura de Adam Elsheimer: *Santa Sabela de Hungría cuidando aos enfermos dun hospital* (c. 1597), detalle. Recrea a princesa como unha enfermeira máis, cuidando e dando de comer a un paciente.

A axuda médica reducíase aos preparados a base de plantas, sangrías e, acaso, a visita esporádica dun médico ou sanador. A derradeira esperanza, tal e como indican a presenza de esculturas e láminas relixiosas, era a fe na curación, se non na terra, no ceo.

Wellcome Institute of the History of Medicine (Londres)

DO VIVIR NUN PEQUENO HOSPITAL

Animado a facilitar aos lectores novas fontes de información que contribúan a interpretar o que son e o que ofrecen estas arquitecturas asistenciais na época tardo medieval, publicamos, como anexo, o texto dun documento manuscrito ata aquí inédito. Trátase dun extracto das mandas do testamento e codicilo que Pedro Leyton, cambiador veciño de Santiago de Compostela, e Costança Ares, a súa muller, outorgan ante Pedro Domínguez de Liñares, notario público da cidade, o día 22 de agosto de 1451, fundando o hospital de Santo Andrés. É traslado do orixinal feito por Gomez Vasquez de Baamonde, cóengo e notario público de Santiago, o año de 1462.

Este texto antigo describe a distribución de espazos, a cativa calidade de mobiliario e roupas, os escasos bens e socorros dos moradores, os que identifica, a paupérrima condición daqueles inquilinos que se acollen nun pequeno e humilde hospital de beneficencia da cidade de Santiago de Compostela. Súmalle interese o feito de ser rexistrado por un notario irmán de Xoán Domínguez de Liñares. Lémbrano? En efecto, o burgués líder ou deputado da Santa Irmandade, protagonista dos asedios e derrocamentos da torre fortaleza dos Xunqueiras e da casa forte e torre dos deáns na Pobra do Caramiñal, como en sucesivos capítulos de destrución de castelos da mitra compostelá, e cabaleiros partidarios do señorío eclesiástico de Santiago durante a gran Revolta dos Irmandiños (1467-1469).

Transcrito *ad litere* di así:

Yten mando a Estebo Martinez, meu criado, en toda sua vida e de sua muller e de cada un deles, a morada da miña parte e quiñon qē ay nas casas en que

soya morar Jacome do Feal e miña filla Mayor Vernaldez, que son a mēta, e da outra a meedad un quarto enteiramente, después del falesçimiento de Fernan da Proba, con condiçion que pague a o mosteiro de sancto Domingo os dez e seis marabedis que eu en ellas les puxe por lo anibersario por las almas de Vernal Diance do Campo e de sua muller Doña Maria de Bendaña, e que pague quatro marabedis o lume de sancto Andres, e de sancta Susana, quē ajo de dar por lo quarto que fica da dita casa a morte do dito Fernan da Proba, e outro quarto da dita casa que hes do dito Fernan da Proba ase pagar outros quatro marabedis a os ditos lumēs, y esto con condiçion que teña reparadas a miña parte das ditas casas de maneira que se non peigan de reparo, e a fin do postreiro dēles, esomesmo do dito Juan Yañes, que fiquen libres e desenbargadas as ditas casas a o dito Hospital e Regidores de L. qe. elle façan cauçon como estan e dexaran libres a o dito Hospital (fol. 77.v.) // [...]

- Hallo ser clerigo de la capilla de sancto Andres y el dicho hospital a Basco Calbo, clerigo vezino desta dha çiudad, el qual dixo que tiene titulo e posesion dello, conbiene a saber de la capilla e parroquia de sacto Andres.

- Yten allo que en una pieça abaxo están dos honbres e una mochacha pobres, y que ay quatro lechos, uno en que duerme Juan Dolmedo, çiego, que tiene un colchon della e dos mantas e un cabeçal, y questo lo a probeido el mismo Juan Dolmedo por que la ropa que le dio (fol. 98.v.) // la señora

Elbira Perez la gasto poco a poco, la qual lo resçebio como a pobre en el dicho hospital, e que tiene titulo del hospital de sacto Andres, lo qual dixo y declaro el dicho Juan de Olmedo, pobre ciego.

- Yten en otro lecho en que esta Çibrian asturiano, de madera, en que tiene su mantilla bieja e un pedaço de capote, e que la dha ropa es suya, y que le resçibio la dha Elbira Perez cómo a pobre, e que tiene titulo del hospital de Sancto Andres.

- Otro lecho de madera en questa Ysabel Rodriguez, pobre, y qué tiene en el dos berneos en que duerme que le dieron por amor de dios, y que la resçibio la señora Ysabel Perez como a pobre en el dho hospital de sancto Andres, y ansi le llaman públicamente.

- Otro lecho de madera pequeño en que duerme una mochacha que se dice Maricas, que sirbe al dho Juan Dolmedo, y tiene dos mantas biejas que le dio dicho Juan Dolmedo (fol. 98.r.) //

- Los quales dichos quatro lechos estan en una pieça abaxo, que esta çercado con sus puertas y llabe, todo biejo y maltratado y desbaratado.

- Ay otro fuera de dha pieça de tablas en que duerme la dha Ysabel Rodriguez.

- Un sobrado que esta sobre la puerta prinçipal, que esta con sus bergas de madera, en que esta un altar de madera de nogal fijado y reçio i çinco tablas viejas.

- Luego ençima del dicho sobrado esta otro medio sobradillo en el qual no ay nada.

- Ençima de la puerta prinçipal de dho hospital, en la parede, esta un canpanario con dos canpanas de metal y sus dientes con dos cuerdas, la mitad de hierro en ellas y la otra mitad de cáñamo.

- Estan otros dos sobrados ençima del quarto baxo, desbaratados y desentablados y todo biejo, e tres escaleras de madera estantes con sus escalones de caxa.

- Ay dos puertas sin çerraduras, terna la pieça de la casa doçientos pies en largo poco mas o menos e beinte y dos pies en ancho poco mas (fol. 99.v.) // o menos.

- Esta a la puerta prinçipal del dho hospital un cruçifixo de bulto puesto en la cruz e la ymaxen de sacto Andres e de nuestra Señora, pequeñas, y en la pared una cruz grande pintada de colorado e una lanpara con su baso de bidrio colgada de su cordel.

- Luego el dho señor Vesitador pregunto a los dos pobres si les daban sal, leña y fuego y agua y otra cosa alguna. Dixeron todos juntos que no les davan cosa ninguna en el dho hospital salbo las limosnas que ellos alcançaban por la çiudad.

- Despues de lo suso dho el dho señor Vesitador e yo escrivano andubimos la dha casa e andando toda fallamos questaba muy maltratada, subçia, des-

baratada, que hera berguença de ber y
estar en ella, y el dho señor besitador
mando a mi el dho notario asentase
asi en esta besitaçon.



Pintura de Roelandt Savery (atribuída a): *Campesinos sentados á mesa* (c. 1608), detalle. Dous peregrinos piden esmolos a un grupo campesiño que folgan e dormen fartos de excesos ás portas dunha pousada, ignorando darlles auxilio por caridade. Visten esclavina con cunchas xacobeas aplicadas como distintivo. *Musées Royaux des Beaux-Arts de Belgique* (Bruselas).



Aplique de bronce con deseño de cuncha (ss. XV–XVII).
Achádego fortuito nas inmediacións da ponte medieval da
Misarela. Depositado no Museo Valle-Inclán en 2025.



As cruces de pedra no Rianxo de Castelao

Milagros Torrado Cespón

Doutora en Filoloxía inglesa, profesora titular en Ciencias da Educación UNIR e escritora

Roque Brandón Torrado

Fotógrafo

Os traballos sobre as cruces de pedra mostráronnos a ese Castelao máis etnógrafo e menos político. Para o peche deste 75 aniversario do seu pasamento, decidimos facer unha viaxe por eses camiños que el percorreu hai ao redor de cen anos debuxando, rexistrando e recollendo historias que se lles atribuían ás cruces do seu Rianxo natal. Son eses, agora, uns camiños moi diferentes nos que o asfalto gañou a partida á terra e o progreso mal organizado non respectou o patrimonio nalgúns casos. Outros caeron no abandono silencioso do esquecemento.

Fala Castelao da cruz, tanto como símbolo precristián como cristián, relacionando o primeiro coa representación da figura humana (Rodríguez Castelao, 1950/1975). Engadimos que non se pode atribuír un significado cristián á cruz que acompaña a Isis e Osiris nas súas representacións séculos antes da chegada do cristianismo. No Barbanza, as cruces aparecen xunto a petróglifos galegos co obxectivo de cristianizar un lugar de culto, como podemos ver nos que atopamos nas inmediacións da capela de San Ramón de Bealo (Boiro). Aseguramos, pois, que a cruz é un símbolo protector usado tanto para rituais cristiáns como para outros de orixe pagá nese intento de santificar ou branquear tradicións ancestrais relacionadas co mal de ollo ou a fertilidade.

Cuestións históricas á parte, móvenos tamén a facer este percorrido a carta que asinaba Castelao ao seu envío en 1946 na que dicía que “nin tempo me queda para repasar as coartelas que deixo escritas, nas que, de seguro, ficarán párrafos confusos e conceptos mal enfileirados” (Rodríguez Castelao, 1950/1975, p. 177). É, pois, esta, unha viaxe polos recunchos do concello de Rianxo para tentar resolver misterios como o do adro de Asados, a desaparición da cruz

do pazo de Calote, ou as láminas co nome repetido ou cambiado. Vede este percorrido coma unha iniciación ao traballo de campo dun fotógrafo novo que coñeceu a Castelao a través das imaxes, establecendo unha conexión entre quen naceu en 1886 e 2016. Cento trinta anos unidos pola historia en pedra.

Eliximos tamén Rianxo por conectar máis coa orixe de Castelao, de Daniel, ese lugar que o viu dar os seus primeiros pasos. O protagonismo de Rianxo na obra *As Cruces de Pedra na Galiza* é, como era de esperar, notorio, e convidanos inconscientemente a percorrer as parroquias deste concello cunha atención especial. O que miramos, mirouno el e debuxouno con devoción.

Para este artigo non imos seguir a orde de Castelao, senón que faremos un percorrido parroquia a parroquia.

O ARAÑO

Na parroquia do Araño fálanos Castelao de catro cruceiros, xa sexa para describir algunha das súas características ou co debuxo completo. Un dos que goza maior protagonismo é o cruceiro de Outeiro, que data do 1630, situado á beira da estrada que conduce á igrexa parroquial (Rodríguez Castelao, 1950/1975, p. 155, 167, Lámina LX). Del queda Castelao coa representación da Virxe das Angustias (fig. 1) e explica que a Virxe das Angustias é de aparición común nos cruceiros galegos. Fai notar a representación do seu Cristo, tanto por tamaño (lembramos que á súa morte era un home de trinta e tres anos) como polos poucos detalles do seu torso. Noutros cruceiros, coma o de Campo de Pazos que veremos máis adiante, as proporcións son máis realistas, pero non esquezamos o simbolismo que implica o maior



Figura 1. A Virxe das Angustias do cruceiro de Outeiro (O Araño)



Figura 2. Cruceiro do Souto (O Araño)

tamaño da nai. Como o mesmo Castelao di “par’os artistas canteiros Xesucristo sempre é pequeno, sempre é Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos no colo das nosas nais” (Rodríguez Castelao, 1934, p. 24).

Visitamos o hórreo do Araño e proseguímos na procura agora do que Castelao tamén denominou cruceiro de Outeiro (Rodríguez Castelao, 1950/1975, lámina LXXIV) que, grazas aos veciños, sabemos que ao que se refería era ao cruceiro do Souto, preto do rego Batán. O retrato deste cruceiro de capeliña ou loreto feito por Castelao difire moito da imaxe actual. Se ben el representou un cruceiro coa súa cruz e unha imaxe da Virxe co neno acubillados na estrutura, o cruceiro do Souto é agora unha peza arquitectónica esquecida e espoliada que sobrevive agochada nun canaval (fig. 2).

Os cruceiros de loreto parecen ser unha singularidade da nosa comarca relacionada coa piratería, ao fundar o Papa Sixto V a Orde de Nosa Señora do Loreto contra a pillaxe en 1587 (Rodríguez Castelao, 1950/1975). Segundo indica Castelao, isto relaciónase directamente por ser a nosa ría a porta marítima a Santiago de Compostela.

Coas silvas e as estrugas marcadas nas pernas, comezamos a busca do noso seguinte obxectivo: o cruceiro do Pazo de Calote. A descrición da encarga deste cruceiro, segundo recolle Castelao (1950/1975, p. 114), é a dun cruceiro cuberto no adro de Santa María de Nadal, sito neste pazo, e que debía construír o canteiro Xohán Neto, segundo as indicacións de Francisco de Antas Franco, mestre de obras da catedral. Ía ser este un cruceiro espectacular, semellante ao do adro da igrexa Santa María, a Nova de Noia, por valor de 400 ducados, unha cantidade elevada para un tempo no que un cruceiro non superaba os

25. Mais no adro de dita igrexa situada na finca do pazo non nos espera nada parecido. O cruceiro de Santa María de Nadal non é máis ca un fuste na actualidade (fig. 3)

Se Xohán Neto chegou a facer ese cruceiro con palio, non o sabemos. Tampouco se di nada do resto da estrutura que falta. Non obstante, nun dos muros do pazo atopamos unha cruz que podería ser a que o coroaba. (fig. 4)



Figura 3 e 4. Fuste do cruceiro de Santa María de Nadal e cruz con Cristo na fachada do Pazo de Calote

Antes de deixar a parroquia do Araño, achegámonos ata o miradoiro das Miráns, onde está o cruceiro do mesmo nome. Castelao representa un cruceiro de capela que alberga no seu interior unha imaxe da Virxe (Rodríguez Castelao, 1950/1975, lámina LXXI). O cruceiro presenta na actualidade un bo estado de conservación e áchase nun lugar accesible e coidado (fig. 5). Lamentablemente, da imaxe da capeliña só queda o debuxo de Castelao.



Figura 5. Cruceiro das Miráns (O Araño)

ASADOS

A parroquia de Asados supón para os autores deste artigo unha conexión co pasado familiar a través do pazo dos Torrado. Coñecía ben Castelao a simbología da familia Torrado-Mariño, xa que é a serea desta última a que inspirou o seu escudo “Denantes mortos que escravos”.

A primeira parada nesta parroquia é no adro da igrexa de Santa María de Asados que, polas cadras de diferentes obras sobre cruceiros (Gulías Lamas, 2015; obaixoulla.gal, sd; Franco, 2023) e a mesma obra de Castelao, é alí onde deberan estar dous cruceiros que Castelao asocia cunha trágica historia. En primeiro lugar, cómpre reproducir esa lenda que recollía de boca dunha anciá desta parro-

quia e publicaba previamente na revista *Nós* (Rodríguez Castelao, 1930, p. 9-10):

Na rectoral de Asados non había medo dos ladróns. Alí nin tan siquiera ou-beaban os cans. O cura, con sona de probe e creto de santo, vivía ó amparo de Deus.

Unha noite de inverno bateron fortemente na porta da rectoral. Eran dous homes vestidos ó xeito montañés. O cura brincou do leito e preguntou dend'a fiestra:

–Quen vai?

–Somos dous forasteiros, señor, e queremos que veña confesar a unha muller que vai morrer esta noite.

O pegoreiro de almas non quixo saber máis e n'un decir amén puxo a sotana e saíu pol-a porta. Os forasteiros agardaban no camiño.

–Imos alá, logo. Hai moito que andar?

–Non, señor. A muller está no adro, agardando por vostede. Ela quer que lle poñan todol-os sacramentos denantes de morrer.

O cura, que era un santo, non quixo sospeitar nada ruín, e deixouse levar pol-a súa boa fé. Alí no adro, nas escaleiras do cruceiro, había un bulto de muller, confirmando as verbas dos forasteiros.

O cura achegouse a ela paseniñamente e descubriu a faciana d'unha muller fermosa que choraba...

Qué pasou? Non se sabe. O segredo de confesión tapou a boca do cura. Sábese que o cura de Asados dend'aquela noite xa non foi home.

Ó día seguinte apareceu removida a terra n'un curruncho do adro da eirxa, coma se alí soterraran un difunto n'aquela noite. O señor cura mandou poñer unha cruz enriba da terra e todo finou.

O relato da revista *Nós* inclúe unha fotografía do cruceiro de cruz sinxela e base aparentemente sen chanzos. A calidade da fotografía non permite distinguir detalles con claridade (fig. 6).



Figura 6. O cruceiro sobre a terra removida en Asados (Rodríguez Castelao, 1930, p. 9)

Chegados ao adro da igrexa de Asados, atopamos, en primeiro lugar cun imponente cruceiro con base de chanzos e cruz de mármore (fig. 7). Segundo Patrimonio Galego (Franco, 2023) e Gulías Lamas (2015), este cruceiro data de 1927. Polo tanto, considerando que Castelao cualificaba aquela historia como unha lenda de boca dunha persoa maior, non semella que ese cruceiro poida ser no que agardaba a muller, posto que un acontecemento dese tipo non se tería convertido en lenda en tan só tres anos. Por outra banda, tampouco sería este o cruceiro que o párroco mandou colocar no adro, posto que non se asemella en absoluto ao proporcionado por Castelao.



Figura 7. Cruceiro do adro de Santa María de Asados

Temos coñecemento de que en 1786, o escultor boirense Francisco Núñez realiza un cruceiro para esta igrexa:

En primero de maio de mil setecientos ochenta y seis se puso el cruzero nuevo que está delante de mi puerta, concertado con Francisco Núñez, vecino de Santa Baya de Boiro, en la cantidad de nuebecientos reales vellón, cuya obra tube por prezisa para las prozesiones de la Iglesia por no aver cruzero destinado para ellas. (Couselo Bouzas en Pérez Piñeiro, 2000, p.284).

Propoñemos a hipótese de que este sexa o cruceiro no que esperaba a muller da historia, posto que o párroco di que estaba “delante de mi puerta”, isto é, da reitoral. Este cruceiro foi posteriormente trasladado e non desbotamos que sexa o denominado como cruceiro vello de Asados, xa que, como indica Gulías Lamas, (2015), non está situado no seu lugar orixinal.

Procedemos, a continuación, a buscar a cruz que retrataba Castelao no adro. Alí aparecen tres cruces máis, que se atribúen a un viacrucis anterior (Gulías Lamas, 2015). Comparando a fotografía da publicación de 1930 con estas, ningunha delas coincide en altura nin feitura coa recollida por Castelao. Visitamos tamén a capela de Santa Lucía, que ten unha cruz moi semellante á fotografada por Castelao para Nós, pero vemos que tampouco coincide (fig. 8).

Se prestamos atención a unha das cruces do adro da igrexa de Santa María (fig. 9) vemos que o brazo máis longo ten un empate. Isto pódese comprobar tamén grazas á obra de Nepomucena Fernández Mariño, que recolle unha fotografía da cruz antes da súa restauración (2020). Polo tanto, aínda que de fuste



Figura 8. A cruz da historia de Castelao, a da capela de Santa Lucía e as tres cruces do adro de Santa María de Asados

visiblemente máis curto, podería ser esta unha restauración da cruz orixinal que Castelao fotografou no 1930?



Figura 9. Detalle do brazo empatado da cruz do adro de Santa María de Asados

Queda aquí este misterio por resolver para unha futura investigación.

Sen ir moi lonxe da igrexa, collemos camiño cara ao pazo dos Torrado na busca do coñecido como cruceiro vello de Asados (fig. 10), atribuído, como se mencionou, a Francisco Núñez en 1786 (Gulías Lamas, 2015) e que Castelao debuxa nunha das súas láminas (Rodríguez Castelao, 1950/1975, lámina XLVII).



Figura 10. Cruceiro vello de Asados

Destacamos a base deste cruceiro, na que se aprecian caveiras. Fala tamén Castelao destas caveiras e as súas varias interpretacións (Rodríguez Castelao, 1950/1975, pp. 139-143) pero non recolle a representación das mesmas neste cruceiro. Para iso, elixe o de Cortes (Rianxo), das cales non puidemos conseguir a imaxe por motivos de conservación, como veremos máis adiante.

LEIRO

Dirixímonos ata a igrexa de Santa María de Leiro para buscar os restos dun cruceiro de capela, que non existe no presente (Rodríguez Castelao, 1950/1975, lámina LXXIV). Cando Castelao debuxou esta peza, carecía xa da cruz que o coroaba. A día de hoxe non queda nin capela nin fuste nin nada que se asemelle a un cruceiro. Con todo, no camposanto desta igrexa sobreviviu a fermosa talla do fuste, e atopámola sobre unha construción funeraria (fig. 11) pertencente ao que fora párroco, Xosé Cambeiro Rodríguez (Gulías Lamas, 2015).



Figura 11. Imaxe do fuste do cruceiro de Santa María de Leiro no adro parroquial

Outro cruceiro que xa non encontramos completo nesta parroquia é o da fonte de Brión, datado en 1667 (Rodríguez Castelao 1950/1975, lámina LXXIV). Aquí, por fortuna, só botamos en falta unha das imaxes (fig. 12). Apuntamos deste cruceiro que a base ten varias covañas gravadas. Isto, aínda que non é obxecto de estudo para este artigo, non é algo excepcional. A simboloxía das covañas foi estudada amplamente por diversos autores. Destaquemos a teoría de que poden estar a representar almas (ver Torrado Cespón & Alonso Romero, 2015), sobre todo neste caso,



Figura 12. Cruceiro da fonte de Brión

cando hai testemuños de que este cruceiro era un lugar de enterramentos de bebés sen bautizar (Gulías Lamas, 2015), práctica común noutros cruceiros da contorna, como describe Torrado Cespón (2010).

RIANXO

Comezamos esta parada no corazón de Rianxo, na igrexa de Santa Comba. Alí damos, en perfectas condicións, con dúas das cruces que describe Castelao. En primeiro lugar, presidindo dende a ábsida sen chamar demasiado a atención para quen non o está buscando, temos a cruz sobre o *Agnus Dei* (fig. 13). Nela sobresa a figura dun Cristo gastado, xa representado así polo propio Castelao (Rodríguez Castelao 1950/1975, p. 54).



Figura 13. Cruz con Cristo sobre o Agnus Dei da ábsida da Igrexa de Santa Comba (Rianxo)

Baixando a escalinata da igrexa, topamos co cruceiro que preside a praza. Trátase dun cruceiro que garda aínda os restos dunha polícromía antiga, da que Castelao non fala no seu estudo. A pesar dos inevitables liques, áchase nun excelente estado de conservación (fig. 14). Di Castelao que ao cruceiro da praza levaban ata alí os meniños que tardaban en andar, e “fanlle dar algunhas voltas derredor das gradas, especialmente na mañán do sábado de Gloria e no intre de recomenzarse o tanxemento das campás” (Rodríguez Castelao, 1950/1975, p. 108). Aínda que non fala do número de voltas, acostumaban ser ben tres ou un múltiplo deste nos rituais de curación de males tales coma o aire ou o raquitismo ou, en xeral, enfermidades típicas dunha infancia carente de nutrientes, que non favorecía o correcto desenvolvemento físico nos primeiros anos. A práctica descrita por Castelao é, por suposto, totalmente pagá, por moito que se sitúe nunha celebración relixiosa. Alonso Romero (2010), relaciona esta práctica cos cultos solares, e presenta paralelismos coas Illas Británicas, xa sexan en torno a pedras ou a cruceiros.



Figura 14. Cruceiro da praza da igrexa de Santa Comba (Rianxo)

Pouco despois da admirar o cruceiro da igrexa de Santa Comba, dispuxémonos a buscar a entrada á finca de Martelo, situada na rúa Hospital, tamén coñecida como Campo de Cartas, na que, segundo o debuxo de Castelao, unha cruz central daba a benvida escoltada por dous escudos, o dos Andrade-Soutomaior e o dos Varela-Figueroa (Rodríguez Castelao 1950/1975, p. 92). Ante a imposibilidade de atopala, comentaron algúns veciños que tal entrada e tales escudos se extraviaran cando comezou a urbanización da zona. Os historiadores Xesús Santos e Xosé Comoxo confirman a desaparición destes escudos e desta cruz no seu libro sobre a heráldica rianxeira (Comoxo

e Santos, 1997), onde mostran unha foto da entrada á finca, na que se pode ver un dos escudos, pero non a cruz debuxada por Castelao nos anos 30 do século pasado.

Outro dos fracasos na busca de todas as cruces descritas por Castelao foi unha, particularmente singular, que presidía un hórreo. Trátase dunha cruz de centro cadrado (en oposición a moitas outras da comarca que presentan un círculo). A cantidade de hórreos en Rianxo non nos fai desbotar a idea de que, simplemente, non désemos con ela. Porén, testemuños doutras parroquias contan que durante a guerra houbo quen se dedicou a eliminar as cruces dos hórreos, xa que simbolizaban a opresión da igrexa para os do bando republicano. Fose cal fose a razón, non é infrecuente atopar hórreos que carecen de

cruz, non porque non a tivesen, senón porque alguén a sacou.

A seguinte parada foi no cemiterio, onde descansa parte da familia do autor. Nada máis entrar, vemos un cruceiro de cruz sinxela, cun fuste que parece pertencer a un cruceiro máis elaborado e grande (fig. 15). Castelao fala del cando menta os cruceiros góticos (1950/1975, p. 117) e descríbeo sen cruz, polo que se confirma que esta cruz é de construción moderna.

Imos despois ata as Cortes para atopármolos cun cruceiro que leva anos pedindo auxilio no seu silencio de pedra. Obsérvase como a Virxe ten a cara incrustada no revestimento do edificio que asoballa este cruceiro (fig. 16). Ante esta vista, non podemos comprender como se puido chegar a tal extremo que, ademais, lle está a custar a estabilidade a toda a estrutura, agora aguantándose ergueita polo apoio ortopédico de ferros e listóns de madeira (fig. 17). Destacaba Castelao deste cruceiro a representación da caveira e a serpe do pecado orixinal. Ambas figuras aparecen na base do cruceiro, inaccesible na actualidade.



Figura 15. Cruceiro do cemiterio de Rianxo



Figura 16. A Virxe coa cabeza no revestimento.

Figura 17. O cruceiro das Cortes en setembro de 2025

Imos agora cara ao mar para encontrarmos un penedo no que se ergueu unha cruz. O cruceiro da Pedreira (fig. 18) inclúeo Castelao para falar da cristianización de lugares de culto anterior. Neste caso, conta que este é un lugar onde se ocultaba unha serpe gardadora dun tesouro. Curiosamente, nunha nota, explica que ese non é en realidade o lugar orixinal de culto da serpe, senón que esa pedra “achábase nun pinal, á dereita do vello camiño que vai a Leiro, antre o logar das Cortes e o de Brión, no sito que chaman Pedreira; pero desapareceu por obra e gracia do contratista que fixo a estrada inconcrusa que agora pasa por alí” (Rodríguez Castelao 1950/1975, pp. 180-182). Mover un

lugar de culto por razóns de accesibilidade ou de cambios da ordenación urbanística manifesta o profundo arraigamento da crenza ou práctica na sociedade. Sobre a serpe, podemos dicir que o culto aos ofidios aparece en Galicia en relación coas mouras, donas de tesouros, e coa capacidade de converterse en serpe. Para desencantar unha moura e, por tanto, gañar o seu amor e recibir o seu tesouro, é necesario bicala na súa forma de cóbrega. Albiscamos, así, dúas representacións da serpe nos cruceiros rianxeiros; por un lado, como no cruceiro de As Cortes e, como veremos máis adiante, nos de Taragoña, a serpe ten un claro simbolismo cristián ao relacionarse co pecado orixinal. No caso da Pedreira, conectamos coa mitoloxía galega.

TARAGOÑA

En Taragoña fálasenos doutro cruceiro, agora desaparecido, desta volta atribuído ao vello santeiro de Chave, Andrés Castaño Fernández, un canteiro de gran talento con máis de cen obras nos seus ciceis (Marco, 2013). Non queda rastro do cruceiro da Polonia; probablemente estivese situado no lugar que agora ocupa Casa Isolina (Castro Castaño e Fernández de la Cigoña Núñez, 2001). Quédanos o cruceiro feito polo seu descendente, Andrés Castaño Castro, en Campo de Pazos, que non foi descrito por Castelao pero que destaca pola súa representación da Piedade (fig. 19), moi semellante ao estilo de seu avó, segundo se pode apreciar no debuxo de Castelao.

Preto de Campo de Pazos, temos os dous cruceiros de Ourolo. O primeiro é outro dos cruceiros de capela incluídos no volume, e no que observamos como a face do Cristo xa estaba rota nos tempos do debuxo de Castelao (Rodríguez Castelao, 1950/1975, lámina LXXIII).



Figura 18. O cruceiro da Pedreira



Figura 19. Cruceiro de Campo de Pazos, autoría de Andrés Castaño Castro, descendente do vello Santeiro de Chave



Figura 20. Cruceiro de Ourolo I

Polo demais, mostra un excelente estado de conservación, mantendo a imaxe do interior debuxada polo autor rianxeiro e unha fermosa Piedade no reverso, a cal non incluíu nas súas láminas pero si que é evidente no debuxo do frontal (non confundir co outro debuxo na mesma lámina, que non representa o cruceiro de Ourolo, senón o de Cespón). Ademais, pode verse un uso habitual por parte dos veciños (fig. 20) probablemente por ser este un cruceiro de soterramento de meniños.

En Ourolo damos tamén con outro cruceiro que podemos identificar coma un que sitúa tamén en Taragoña e do que non

da moitas pistas da súa situación. Castelao destaca deste cruceiro a representación de Adán e Eva escribindo que son “coma dous rapaciños daquel lugar mariñeiro cando se botan a nadar, tapándose candorosamente coas mans” (1950/1975, p. 145), e dá conta desta escena na lámina XXVI. Achamos, tamén, en Taragoña, outro cruceiro cunha representación semellante no lugar de As Barreiras e non podemos asegurar cal deles é o elixido por Castelao para esta descrición e debuxo. (fig. 21 e 22)



Figura 21. Adán, Eva e a serpe en Ourolo II



Figura 22. Adán, Eva e a serpe en As Barreiras

Rematamos esta viaxe polas cruces de Castelao no lugar de A Laxe, con dous cruceiros identificados nas láminas de Castelao como “Laxe pequena” (Rodríguez Castelao, 1950/1975, láminas LXX e LXXI) (fig. 23, 24 e 25). A modo anecdótico, cando fomos visitar o cruceiro da Laxe, a dona da casa dixo que ía sacar as flores para que o visemos ben. Dixémoslle que sen as flores, o cruceiro non tería o mesmo valor para o noso traballo.

O outro cruceiro da Laxe, sen desmerecer ao primeiro, é unha fantástica obra de cantería. Castelao úsao para establecer un paralelis-

mo entre este e un da mesma descrición en Berrimes.

Anotaba Castelao ao falar destes cruceiros que unha velliña de Taragoña lle contara que o famoso bandido das Rías Baixas, Xan Quinto, escapara da Garda Civil despois de cometer un roubo. A besta na que ía parou fronte a un cruceiro deste tipo e negouse a continuar o camiño ata que Xan baleirou as alforxas (Rodríguez Castelao, 1950/1975, p. 176). Non sabemos se foi un destes cruceiros da Laxe, pero si vemos como a Virxe do Loreto cumpriu a súa misión de combatente contra



Figura 23. Cruceiro da Laxe I

os roubos como comentabamos ao principio deste artigo. É de destacar que a figura de Xan Quinto tiña gran relevancia no concello de Rianxo, onde se recolleron moitas máis historias sobre as súas andanzas, chegando a dicir que se agochaba en Ourolo e que os protexía dos ataques dos veciños de Bealo (Durán, 1973).

Rematamos esta andaina pensando en todo o que un cruceiro significa pese a que case non profundamos nos ritos, na tradición e na forma de querelos na paisaxe da nosa contorna. A riqueza escultórica e espiritual



Figuras 24 e 25. Cruceiro da Laxe II e detalle dunha das figuras esculpidas na capeliña

dos cruceiros e as cruces de pedra adoita pasar desapercibida polo costume, pero a nosa memoria sería moi diferente sen aquel cruceiro do campo da festa, ou aquel que sempre ten unha candea prendida. Estiveron aí toda a nosa vida e son parte da nosa forma de entender a realidade e o abstracto. O tempo e a falta de información fai que cheguen a perderse no esquecemento, coma o cruceiro de Outeiro, ou sufran a tortura urbanística do cruceiro das Cortes. Noutras, simplemente, desaparecen do recordo por non se saber a historia que teñen detrás, coma o cruceiro do adro de Asados.

Queda aquí esta revisión do 2025 para seguir contando con eles.

REFERENCIAS:

- Alonso Romero, F. (2010). El rito de circunvolución en torno a las piedras y cruceros de las Islas Británicas. En E. Fernández de la Cigoña (Ed.). *Actas do II Congreso Galego sobre Cruceiros e Cruces de Pedra* (86-90). AGCE.
- Durán, J. A. (1973). La leyenda de Xan Quinto, bandolero gallego. *Triunfo*, 27(543), pp. 24-27. <http://hdl.handle.net/10366/58973>
- Castro Castaño, J. A., Fernández de la Cigoña Núñez, E. (2001). *Vidas labradas en pedra. Os Santeiros de Chave – Lousame*. Concello de Lousame.
- Comoxo, X., Santos, X. (1997). *A heráldica nas terras de Rianxo: Brasóns e linaxes*. Deputación da Coruña.
- Fernández Mariño, N. (2020). *Máis 800 cruceiros, fervenzas, miradores e outras vistas do Barbanza. Rianxo*. Recuperado de <https://cruceirosdegalia.cia.xyz/Cruceiros/15/15072/RIANXO.pdf>
- Franco, O. (2023, 27 de marzo). *Cruceiro no adro da igrexa parroquial de Santa María de Asados*. Patrimonio Galego. <https://patrimoniogalego.net/index.php/115477/2023/03/cruceiro-no-adro-da-igrexa-parroquial-de-santa-maria-de-asados/>
- O Baixo Ulla. (s. f.). *Cruceiro da Igrexa de Santa María de Asados*. O Baixo Ulla. <https://www.obaixoulla.gal/elementos/rianxo/elementos-relixiosos/cruceiro-da-igrexa-de-santa-maria-de-asados>
- Marco, A. (2013). María Consuelo Castaño Blanco. Unha vida atravesada pola represión da ditadura arxentina. *Anuario de Estudos do Barbanza*, 9, pp. 103-120.
- Pérez Piñeiro, M. I. (2000). Aportación documental al estudio histórico-artístico del arciprestazgo de Ponte Beluso. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVII, 113, pp. 263-304.
- Rodríguez Castelao, A. D. (1930). Dúas lendas. *Nós: boletín mensual da cultura galega*, 73, pp. 9-11.
- Rodríguez Castelao, A. D. (1934). *As cruces de pedra na Galiza. Discurso de ingreso na Academia Galega* [Manuscrito]. Arquivo da Real Academia Galega. https://academia.gal/documents/35271/1791687/Documento_06.pdf
- Rodríguez Castelao, A. D. (1950/1975). *As cruces de pedra na Galiza*. Akal.
- Torrado Cespón, M. (2010). Historia recollidas nalgúns cruceiros do concello de Boiro (A Coruña). En E. Fernández de la Cigoña (Ed.). *Actas do II Congreso Galego sobre Cruceiros e Cruces de Pedra* (44-47). AGCE.
- Torrado Cespón, M., Alonso Romero, F. (2015). El rito propiciatorio de la fecundidad humana en el entorno del antiguo alcornocal de San Ramón de Bealo (Boiro, A Coruña), y otros testimonios de dendrolatría. *Anuario Brigantino*, 38, pp. 91-110.



A CRMH do Barbanza
na defesa da verdade

Néstor Sieira

Membro da directiva da CRMH do Barbanza

A verdade é obxectiva. Lamentablemente, o nivel de coñecemento que temos arredor dela non o é. O noso coñecemento acerca da realidade sempre é concreto, finito, de maneira que nunca podemos xulgar canto de preto estamos da comprensión total e absoluta da realidade. Isto ocasiona que esteamos a falar necesariamente dun proceso que, talvez, nunca remate de todo, e co que, parece, tratamos de achegarnos, cada vez máis, á verdade. Aínda a risco de resultar pretencioso ese é o obxectivo das asociacións memorialistas do Estado.

A propia natureza da verdade: esquiva, inacabada pero primordial, converteu o concepto nun elemento esencial de toda a historia da pensamento. Este non é o lugar nin temos o espazo suficiente para abordar o problema da verdade na filosofía occidental, pero si podemos apuntar que na actualidade a cuestión da verdade divídese en catro posicións definidas. A verdade como correspondencia, poida que a concepción máis instintiva na que se trata de establecer a identificación entre o noso coñecemento ou crenza co feito concreto; a verdade como coherencia, na que o feito se considerará verdadeiro se este garda coherencia co resto dos feitos coñecidos; a teoría pragmática, que defende a verdade como útil para os obxectivos presentados e, por último, a verdade como froito do consenso, como o resultado do traballo colectivo dos suxeitos implicados na cuestión.

Pois ben, a verdade herdada do franquismo non cumpre ningunha das condicións para ser considerada válida dende ningunha das teorías da verdade utilizada hoxe en día na academia. A ocultación dos feitos acontecidos durante o golpe de estado, a Guerra Civil e a Ditadura impide que poidamos determinar unha correlación entre os feitos e a nosa interpretación sobre o acontecido.

A coherencia do discurso franquista é o resultado da eliminación sistemática e a extirpación do pensamento e a actividade progresista do país, polo que o resultado ten máis que ver coa construción autoritaria da realidade para adecuarse á verdade do bando vencedor que coa propia coherencia natural da mesma.

A teoría pragmática da verdade, aínda que en aparencia útil para a defensa de réximes autoritarios e o exercicio maquiavélico da política, tamén resulta infrutuosa nos nosos días. Non é de recibo que nunha pretendida democracia avanzada o discurso do nacional catolicismo e a barbarie fascista siga construíndo o relato da nosa sociedade e definíndonos a nós mesmos como comunidade.

Por último, sería a teoría do consenso, a que máis pode ter que ver coa ciencia histórica e coa explicación do desenvolvemento do acontecido, e na que é fundamental que todas as partes implicadas nos feitos teñan voz na elaboración do relato. A memoria democrática do noso país ten como propósito participar na edificación de dito consenso.

Durante os corenta anos do franquismo o réxime tratou de instaurar un discurso dominante silenciando (dito amablemente) a unha importante parte do país sobre o acontecido a partir do 36. Esta visión non foi cuestionada polos primeiros gobernos da democracia e é agora, durante os últimos vinte anos (non sen todo tipo de oposición, trabas, ausencia orzamentaria e centos de ataques políticos) cando a sociedade civil organizada está a traballar na constatación e contraste dos feitos. Tras apenas dúas décadas do inicio da actividade das primeiras asociacións memorialistas, é agora cando a voz das vítimas comeza a ter

presencia no relato do acontecido en España a partir do golpe de estado do bando nacional.

Voces como as dos **irmáns Fernández Sendón**, Enrique e Manuel. O primeiro foi un destacado intelectual, da esquerda trotskista española primeiro, e da rama máis radical do PSOE máis tarde. Tras ser detido nun campo de concentración, volveu á súa Ribeira natal despois da guerra, sufrindo ata a súa morte a mofa e o sinalamento dos sectores máis reaccionarios da vila. O seu irmán, Manuel, tivo incluso peor sorte, e foi fusilado no 37 por manterse fiel á República fronte ao golpe de estado fascista. Dende a CRMH do Barbanza lembráronos dos irmáns Fernando Sendón nos próximos meses con publicacións e actos na súa honra.

Julio Silva tamén naceu en Ribeira, e tamén foi vítima da represión, compartindo

“delito” e destino con Manuel Fernández Sendón aquel 29 de xaneiro do 37 ante un pelotón de fusilamento nos muros do cemiterio de Boisaca. O fermoso libro ilustrado por Mónica Paula Montero Parcer o e Pura Villar Martínez é un valiosísimo testemuño da represión, grazas aos textos escritos polo propio Julio Silva e recompilados e editados por José Antonio Pérez Fernández.

Parte desoutro relato silenciado polo franquismo atópase aínda enterrado nas cunetas. Recuperar os restos das persoas asasinadas e desaparecidas, ademais dunha obriga moral para cos seus familiares e un xesto de respecto para quen perdeu a vida por defender os valores da xustiza social, simboliza o desenterramento dunha realidade que a clase dirixente pretendeu soterrar durante décadas: a proba é que só conseguiron imporse asasinando todas aquelas persoas que puidesen ser o xerme dunha alternativa política para o país.

Durante os últimos meses, a CRMH do Barbanza promoveu escavacións en distintos lugares da contorna: Asados, Vilacoba e Luou. Un traballo que se puido realizar grazas ao esforzo do grupo de investigación Histagra da Universidade de Santiago de Compostela. Lamentablemente, nin na aldea de Rianxo nin na de Lousame a investigación ofreceu os resultados desexados. Nin se atoparon os restos de Francisco López Pérez –coñecido como ‘Fontevella–, nin de Manuel Piñeiro Abeijón, asasinados en Asados no 36; nin tampouco os de Manuel García Herme, veciño de Ribeira e asasinado no concello de Lousame. Mentres se escriben estas liñas estanse a realizar escavacións no cemiterio de Santa María de Luou (Teo) na procura dos restos de varios membros da V Agrupación Guerrilleira de Galicia, coñecida como o “grupo Foucellas”, fusilados en 1948. É un acto de xustiza e repa-



Os diarios de Julio Silva



Desenvolvemento do traballo realizado nunha das escavacións levadas a cabo este ano

ración localizar os restos de todas e todos os “desaparecidos”, pero tamén un exercicio de desvelamento dunha verdade oculta durante demasiadas décadas.



Busto de Dolores Rodríguez Sende. Republicana de honra 2023

Diciámos ao comezo deste texto que houbo outra España. A dun país onde a solidariedade, a tenrura e o agarimo foi ensombrecido pola barbarie. As madriñas republicanas dos campos de concentración son un bo exemplo desa outra España. Estámonos a referir ás mulleres e mozas que desinteresadamente lles fixeron a vida un pouco máis amable aos presos. Veciñas que non permaneceron indiferentes ante o sufrimento e ofreceron coidados básicos ás persoas apiñadas nos campos de internamento franquistas. En abril, a CRMH do Barbanza realizou un acto de homenaxe a todas elas, cun recoñecemento especial a Dolores Rodríguez Sende, unha muller que de moza axudou e asistiu os presos republicanos do campo de concentración de Rianxo.

Este ano comezamos cunha iniciativa que nos enche de satisfacción. En colaboración coa Nova Escola Galega botamos a andar o *I Certame de Memoria Histórica do Barbanza*. Un concurso destinado a escolares co propósito de promover a reflexión e o pensamento crítico entre a comunidade educativa, con traballos centrados na memoria democrática. Nesta

primeira edición, os traballos premiados foron *A cara dunha xeración: unha recompilación da vida de Joaquín Soliño Barbeito e a súa familia*, en opinión do xurado, por recoller a memoria dunha xeración que padeceu o franquismo e se viu na obriga de emigrar durante os anos sesenta; e o *Patrimonio de Sabugueira*, por participar no traballo de recoller e recompilar lugares de represión franquista e dállelos a coñecer ás novas xeracións.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza traballa na lembranza, na procura da verdade, a reparación e o recoñecemento. E o recoñecemento de todas as socias e socios da CRMH do Barbanza é o que merece a nosa Republicana de Honra 2025, Celia García Pillado. Unha muller que foi fundamental na creación da nosa asociación,

e que nunca reparou en esforzos na defensa da liberdade, a xustiza social e a solidariedade.

Nuns diarios que escribiu na illa de Lanzarote, durante os últimos anos da súa vida, José Saramago escribiu: "Somos a memoria que temos e a responsabilidade que asumimos. Sen memoria non existimos, sen responsabilidade quizais no merezamos existir". Dende a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza non imos permitir que os irmáns Fernández Sendón, Julio Silva, Francisco López Pérez, Manuel Piñeiro Abeijón, Manuel García Hermo, e todos os homes e mulleres que sufriron a represión deixen de existir. E tampouco imos renunciar á nosa responsabilidade de traballar pola verdade, a xustiza e a reparación.



Celia García Pillado. Republicana de honra 2025

HEMEROTECA:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2025/02/12/span-langgl-libro-rescata-as-memorias-dun-sindicalista-fusilado-27-anosspan/0003_202502B12C8993.htm

<https://diariodearousa.elidealgallego.com/articulo/o-barbanza/libro-ilustrado-diarios-julio-silva-vera-luz-dia-8-acto-memoria-historica-ribeira-5168915>

<https://obarbanza.gal/2025/02/memoria-historica-do-barbanza-anuncia-a-presentacion-do-libro-ilustrado-diarios-de-julio-silva-e-un-novo-certame-xunto-coa-nova-escola-galega/>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/lousame/2025/07/18/ultimo-destino-manuel-garcia-hermo-sigue-siendo-incognita/0003_202507B18C2993.htm

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/teo/2025/11/15/excavacion-arqueologica-teo-busca-restos-ribeirense-vicente-lopez-asesinado-1948/0003_202511B15C4993.htm

<https://obarbanza.gal/2025/07/a-deputacion-iniciara-en-lousame-a-procura-dos-restos-de-manuel-garcia-hermo-vitima-do-golpe-de-estado-de-1936/>

<https://obarbanza.gal/2025/11/finalizan-as-exhumacions-en-asados-e-comezan-as-escavacions-en-louou-na-procura-das-vitimas-do-franquismo/>

<https://www.elcorreogallego.es/concellos/2023/04/28/llamamiento-arqueologos-historiadores-identificar-restos-86588062.html>

<https://diariodearousa.elidealgallego.com/articulo/o-barbanza/madrinas-republicanas-reciben-rianxo-homenaje-diputacion-5244884>

<https://obarbanza.gal/2025/04/rianxo-honra-as-madrinas-de-guerra-cunha- emotiva-homenaxe/>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2025/04/06/escultura-ricardo-davila-recuerda-rianxo-labor-humanitaria-madrinas-republicanas/0003_202504B6C7993.htm

<https://canalbarbanza.com/archivos/114093>

<https://www.elcorreogallego.es/barbanza-muros-noia/2025/04/03/rianxo-acolle-sabado-unha-homenaxe-116011474.html>

<https://obarbanza.gal/2025/04/as-madrinas-republicanas-do-campo-de-concentracion-de-rianxo-seran-objecto-dunha-nova-homenaxe-este-sabado-5-de-abril/>

<https://www.diariodesantiago.es/comarcas/as-madrinas-republicanas-esas-mulleres-que-puxeron-humanidade-no-horror-reciben-en-rianxo-unha-homenaxe-da-man-da-deputacion/>

<https://diariodearousa.elidealgallego.com/articulo/o-barbanza/rianxo-mantiene-viva-memoria-madrinas-republicanas-5242822>

<https://obarbanza.gal/2025/04/lousame-conmemora-o-dia-da-republica-cunha-xornada-de-homenaxe-e-memoria-historica/>



A Escola Primaria en Corrubedo

Francisco Sánchez Fraga

Para falar do ensino primario en Corrubedo, debemos referirnos non só ao “oficial”, que ofrecía o Estado a través dos Concellos, senón tamén ao promovido pola Confraría de Pescadores de Corrubedo e, por suposto, ás moitas escolas particulares que houbo na vila ao longo do tempo. A primeira referencia histórica que coñecemos sobre o tema aparece nas respostas xerais do Catastro de Ensenada no Coto de Corrubedo de 1753, polas cales sabemos que Corrubedo, con 437 habitantes, dispoñía dun mestre, Pedro Rodríguez, fillo de Costanza, ao que se lle calculaban uns beneficios de 50 reais de vellón ao ano. A modo de comparación, un xastre —dos tres que había en Corrubedo— gañaba dous reais e medio de vellón por día traballado.

A historia do ensino oficial en Corrubedo comeza o 6 de xuño de 1886, cando se realiza unha visita ordinaria de inspección á escola mixta de Olveira. Segundo palabras do inspector:

“O local é inadmisíble polas súas malas condicións hixiénicas, mal que procurarei evitar cun traslado, que acaso motive unha creación en Corrubedo, vila que pola súa poboación, preto de mil almas, esixe por si mesma a existencia dunha escola. O ensino debe ser racional para desenvolver a embotada intelixencia destes pobres nenos. O material debe facerse extensivo a todos, principalmente en papel, plumas e tinta, para facilitar o camiño escolar.”

Da lectura do informe de inspección realizado á escola de Olveira podemos facernos unha idea de como era o ensino da época na escola á que asistían os nenos de Corrubedo despois de camiñar un mínimo de dous quilómetros. A mestra daquela era D^a Socorro Freire,

de 19 anos, en posesión do Título Superior e con ano e medio de antigüidade no destino. O inspector, que resume en tres frases o resultado da inspección —local inadmisíble, pouco material e organización rutineira—, comeza describindo o local: con entrada ao nacente, dúas fiestras, falta de ventilación e de luz solar, preto dun estercoeiro e de focos de podremia; medía 4,56 metros de ancho por 4,45 de longo e 2,10 de alto. Ao lado estaban a habitación da mestra, as da familia da casa e unha corte para gando vacún.

A dotación de mobles era un 25% inferior ao número de nenos que asistían ás clases, uns 47 de media no inverno e 35 no verán, a pesar de que o número total de matriculados era de 147: vinte menores de seis anos, 94 de seis a dez e 33 maiores de dez. Todos estaban dispensados do pago porque o orzamento municipal incluía unha partida de 70 pesetas para garantir a ensinanza gratuíta.

En canto ao ensino, dedicábanse 300 minutos semanais á lectura, 180 á escritura, 220 á Doutrina Cristiá, 270 á Aritmética, 300 ás labores das nenas e 180 (ata completar as 24 horas semanais de ensino) ás oracións de entrada e saída, revista de limpeza, lista e recreo.

Ademais de plumas e papel para escribir, o alumnado estudaba, entre outros libros, co Silabario de Aguilera, Corazones de la Infancia, Amigo de los Niños, Caderno de Números, Guías de Artesanos e a Aritmética de Vallejo.

Como premios establecíase a mención honorífica, as mostras de afecto e preferencia que animasen sen ofender; e como castigos, a reprensión, os encerramentos (sic) e as mostras de desaprobación.

Os fondos da escola ascendían a 500 pesetas de dotación (correspondentes ao soldo anual da mestra), 62,50 pesetas para material e unha retribución incluída no orzamento municipal de 83,33 pesetas, o que facía un total de 645,83 pesetas. Desta cantidade, o Estado achegaba 250 pesetas para a dotación do soldo da mestra, sendo o resto achegado polo orzamento municipal.

O día 8 de xullo de 1886, apenas un mes despois da visita de inspección a Olveira, reúnese a Xunta Local de Primeira Ensinanza do Concello de Ribeira, presidida polo secretario do Concello e da Xunta, D. Antonio Fernández González, e decide crear unha escola nova en Corrubedo.

Argumentan que ata o momento os nenos de Corrubedo estaban agregados á de Olveira e non podían asistir pola distancia e polo mal camiño, e que a poboación de Corrubedo xa era “respectable polo seu número”. Tendo en conta o informe anterior sobre o mal estado da escola de Olveira, tamén deciden trasladala a Sirves e crear outra nova en Artes.

Lamentablemente, as boas intencións — polo menos no referente á escola de Corrubedo— quedaron niso, en boas intencións, pois non se volvería saber nada dela ata 1893, ¡sete anos despois!, a pesar de que a prensa de 1892 xa anunciaba en outubro a creación dunha “Escola incompleta mixta” en Corrubedo por parte do Concello de Ribeira.

En novembro de 1893 anúnciase a convocatoria, por concurso único, da praza de Mestre na escola de nova creación de Corrubedo. A praza solicítaa D^a Carmen Montero, segundo consta na relación publicada no n^o 500 da revista de Instrucción Primaria El Magisterio Gallego, pero —como veremos máis adiante—

non chegará a ocupala, pois xa fora ocupada en outubro por Concepción Varela Conde.

A Lei de Instrución Pública de 1857, publicada na Gaceta de Madrid n^o 1710 do 10 de setembro de 1857, baixo o reinado de Isabel II, dividiu a primeira ensinanza en elemental (que é a que nos interesa, porque é a que se impartía en vilas como Corrubedo) e superior.

A primeira ensinanza elemental comprendía o estudo da Doutrina Cristiá con nocións de historia sagrada, Lectura, Escritura, Principios de Gramática castelá con ortografía, Principios de Aritmética co sistema legal de medidas, pesos e moedas, e breves nocións de Agricultura, Industria e Comercio segundo a localidade, considerando que o ensino que non abranguese todas estas materias sería considerado como incompleto para os efectos da súa implantación nos pobos.

A tal efecto, a lei establecía nos seus artigos 102 e 103 o seguinte:

Art. 102. Os pobos que non cheguen a 500 habitantes deberán reunirse con outros próximos para formar conxuntamente un distrito onde se estableza unha Escola elemental completa, sempre que a natureza do terreo permita aos nenos acudir a ela comodamente; noutro caso, cada pobo establecerá unha Escola incompleta, e se nin sequera isto fose posible, teráa por tempada.

As Escolas incompletas e as de tempada desempeñaríanse por axudantes ou pasantes, baixo a dirección e vixilancia do Mestre da Escola completa máis próxima.

Art. 103. Só nas Escolas incompletas se permitirá a concorrencia de nenos de ambos sexos nun mesmo local, e mesmo así coa separación debida.

O capítulo primeiro da Lei establece que as escolas de primeira ensinanza son aquelas que se sosteñen, total ou parcialmente, con fondos públicos, e estarán ao cargo dos seus respectivos pobos, que incluírán nos seus orzamentos as partidas económicas necesarias para o seu mantemento. Naquel momento, o Estado incluía nos seus orzamentos anuais a cantidade de 1.000.000 de reais para axudar a aqueles pobos que non puidesen custear por si sós o mantemento da primeira ensinanza.

Para pobos de 500 habitantes ou máis, sería obrigatoria a existencia dunha Escola pública elemental de nenos e doutra, aínda que fose incompleta, de nenas. Nos pobos que alcanzasen as 2000 almas, habería dúas escolas completas de nenos e outras dúas de nenas. O incremento no número de escolas seguía de acordo co número de habitantes, pero no caso de Corrubedo, isto xa non tiña aplicación.

O artigo 191 da Lei regula os emolumentos que recibirán os mestres segundo a categoría das súas escolas, e establece que os das escolas públicas elementais completas gozarán dunha habitación decente e capaz para si e a súa familia (refírese á vivenda). Nos lugares que teñan entre 500 e 1000 almas, o seu soldo será polo menos de 3.300 reais, e nos lugares entre 1000 e 3000 habitantes o soldo será de 4.400 reais. O soldo segue incrementándose segundo o número de habitantes, pero iso xa non afecta no caso de Corrubedo.

Os Mestres e Mestras cobrarán ademais do seu soldo fixo o produto das retribucións dos

nenos que poidan pagalas. Estas retribucións serán fixadas pola respectiva Xunta Local coa aprobación da Provincial. En Ribeira, o Concello paga aos Mestres e Mestras unha cantidade fixa polos alumnos podentes para que o ensino sexa gratuíto para todos, pero nalgúns lugares séguese cobrando por parte dos Mestres e Mestras aos pais dos alumnos que poidan pagalo unha cantidade mensual. Esa cantidade fixada como "retribucións" é independente do número de alumnos, aplicándose como norma unha terceira parte do soldo que cobre o Mestre ou Mestra.

Nos lugares de menos de 500 habitantes, o Gobernador, logo de oír ao Concello, establecerá o soldo dos Mestres ou Mestras. Os soldos incrementaranse gradualmente segundo catro categorías ás que irán ascendendo os mestres por antigüidade, méritos ou servizos á ensinanza. As mestras cobrarán un terzo menos do sinalado nas táboas de soldos para os Mestres.

En relación cos emolumentos do profesorado, e especialmente co último parágrafo anterior, cómpre recoller aquí a carta que unha mestra de Carreira eleva á Superioridade e que é debatida na Xunta Local de Ribeira o 27 de maio de 1909:

"A mestra da escola completa de nenas de Carreira, D^a María Carolina Martínez Sotillo, manifesta que desde que tomou posesión da Escola o 3 de agosto de 1892 coa dotación de 500 pesetas, só vén percibindo, xunto co soldo por 'retribucións' dos nenos podentes a imitación dos seus predecesores, a cantidade de 83,33 pesetas (que se corresponde coa terceira parte dun soldo de 250 pesetas) e ademais directamente dos pais deses nenos, a razón de 0,50,

unha e dúas pesetas mensuais por cada alumno para completar a terceira parte de retribución do soldo de 500 pesetas que lle correspondía; que, confirmada o 1º de outubro de 1907 na mesma escola co haber de 825 pesetas, procede elevarse a referida retribución de acordo co que corresponde..." (cita varias ordes e regulamentos).

A resposta da Xunta Local é, por unanimidade, contestarlle á Mestra que continúe percibindo directamente dos pais dos nenos podentes o total da retribución que lle corresponde (ademais das 83,33 que lle paga o Concello), toda vez que ese costume está establecido, e que se transmite a petición e o acordo da Xunta ao Concello e á Xunta Provincial para os efectos correspondentes.

En relación co profesorado de primeira ensinanza, requírense os requisitos xerais para aspirar ao Maxisterio das Escolas públicas: ter 20 anos cumpridos e o título correspondente. Pero, no caso das escolas elementais incompletas, do mesmo xeito que os Mestres de párvulos, poderán exercer mediante un certificado de aptitude e moralidade expedido pola respectiva Xunta Local e visado polo Gobernador da provincia.

O 29 de setembro de 1893, a *Gaceta de Galicia* nº 214, na páxina 3, anuncia que na convocatoria do mes de outubro serán incluídas as escolas incompletas mixtas de nova creación de Corrubedo e Artes, dotadas co soldo anual de 250 pesetas e demais emolumentos legais; e no seu nº 217, do 3 de outubro, anuncia que a Xunta Provincial de Instrución Pública nomeou mestra interina da escola incompleta de nova creación do porto de Corrubedo a Dª Concepción Varela Conde, que toma posesión o 14 de outubro de

1893. Por orde do Reitor do 24 de decembro e "cúmplase" da Xunta Provincial, é nomeada mestra propietaria o 24 de outubro de 1894 polo Alcalde D. Antonio Hermo Romy, e cesa con data do 13 de decembro do mesmo ano por ser destinada á escola de Laiño, no Concello de Dodro.

O nomeamento seguiu o proceso administrativo habitual, segundo o cal o Reitor da Universidade de Santiago, D. Maximino Teijeiro, atendendo ás circunstancias que concorren en Dª Concepción Varela Conde, a nomea Mestra interina da Escola incompleta mixta do Porto de Corrubedo, no Concello de Ribeira, coa dotación anual de duascenas cincuenta pesetas e demais emolumentos legais, advertindo que o título non terá validez se se omite o "cúmplase", o decreto mandando dar a posesión ou a certificación de ter tido efecto, prohibíndose en calquera destes casos acreditar soldo algún á interesada ou poñela en posesión do seu cargo.

Dado que o "cúmplase" viña dado por escrito do Gobernador Presidente da Xunta Provincial de Instrución Pública da provincia, D. Juan M. Flórez, o Concello debía dar posesión á mestra nomeada e non a calquera outra persoa, aínda que fose quen debía pagarlle, proporcionarlle vivenda e manter a escola. Para dar cumprimento, o Alcalde D. Andrés H. del Río, como Presidente da Xunta Local de Ensino Primario, asina a acta de ter recibido o "cúmplase", tomado nota do título no rexistro de mestres, gardado copia do mesmo e posto en posesión do destino á interesada. Os nomeamentos eran como interinos, e uns meses despois elevábanse a propietarios, repetindo o mesmo trámite administrativo que no nomeamento interino.

En canto á Escola, o 8 de outubro de 1892 o Concello remitiu ao Gobernador, Xefe da Xunta Provincial de Instrución Pública, os expedientes sobre a creación de escolas incompletas mixtas en Artes e Corrubedo, esperando a súa aprobación para proceder á formación do correspondente orzamento extraordinario para atender a súa creación. Na sesión ordinaria do 29 de xuño de 1893 contratouse o material fixo necesario para as escolas co mestre carpinteiro D. Manuel Calviño Álvarez, e o 26 de outubro do mesmo ano ordénase aboar as 68 pesetas que custaron os mobles.

O 29 de agosto comunícase ao Gobernador Presidente da J.P.I.P. que nos orzamentos do 93-94 hai consignadas as cantidades de 250 pesetas de soldo e 83 por retribucións de nenos insolventes (o que aboa o Concello para manter a gratuidade de todos os alumnos) para as escolas de Corrubedo e Artes, polo que se pide que se nomeen xa as mestras interinas para elas.

Na última sesión do 28 de decembro, alúgase un local en Artes e ordénase o subarrendamento a José Vizcaya da parte ou local necesario do edificio que alí ten arrendado, propiedade de D. José Sieira, e ambos contratos non deberán superar as 100 pesetas anuais. O 28 de febreiro do seguinte ano, 1894, o Concello de Ribeira, por medio do seu Alcalde D. Antonio Hermo Romay, asina o Contrato de Inquilinato con D. José Vizcaya Prego para arrendar unha casa en Corrubedo destinada a Escola por un período de oito anos e un prezo de 100 pesetas anuais, pagadoiras trimestralmente.

Como potenciais alumnos, no padrón municipal de habitantes do Concello de Ribeira en 1894, parroquia de Corrubedo, sobre un

censo total de 1041 veciños, había 248 nenos de entre 4 e 12 anos de idade: 57 de 4 anos; 33 de 5 anos; 26 de 6 anos; 25 de 7 anos; 23 de 8 anos; 23 de 9 anos; 23 de 10 anos; 17 de 11 anos e 21 de 12 anos.

Ao ver a curva decrecente en relación coa idade, debemos ter en conta a alta mortalidade infantil da época. Con ocasión das investigacións para o meu libro *“Corrubedo Mar de Vida Mar de Morte”*, accedín ao libro de defuntos da parroquia de Corrubedo, e nos anos do meu interese —1924, 1926, 1927, 1930 e 1931— faleceron un total de 76 nenos, unha media de algo máis de 15 nenos falecidos por ano. Se esa era a media de falecementos de menores nos anos 20, ¿cal sería o número de falecidos en 1894? Parece claro que chegar aos 12 anos de idade era difícil naquela época. Segundo fontes estatísticas, en España falecía no ano 1900 o 20% dos nenos nacidos, e en 1930 baixara a cifra ao 11,7%, case á metade.

NOVA ESCOLA NACIONAL DE NENOS EN CORRUBEDO

No libro de actas da Xunta Local de Instrución de Ribeira do 11 de agosto de 1925 especifícanse as entidades de poboación asignadas aos distritos das escolas de nova creación a petición da Sección Administrativa de Primeira Ensino da provincia, e cando se refire a Corrubedo, adxudícalle Espiñeirido con 36 habitantes de dereito, Porto con 1.738 e Teira con 90, ata un total de 1.864 habitantes. En outubro de 1925 é destinado á Escola Nacional de Nenos de Corrubedo don Maximino Vilaboa Escudero, que para a súa toma de posesión presentou como xustificante de situación nas quintas (servizo militar) un Pase á reserva con licenza ilimitada expedido polo Excmo. Sr. Capitán Xeral da 8ª Rexión Militar como

Suboficial de Complemento do Rexemento de Infantaría nº 12 de Zaragoza, alistado no remprazo de 1922. Tamén presentou unha certificación expedida polo Secretario da Xunta Municipal do Censo acreditando non gozar de dereito electoral por carecer da idade regulamentaria (desde a Lei Electoral de 1878 estaba fixada nos 25 anos).

A creación da nova escola sufrira un longo proceso de 16 anos de duración desde que en febreiro de 1909 o Gobernador Civil ordenara á Xunta Local de Educación de Ribeira a conveniencia de atender a petición dos veciños de Corrubedo para a creación dunha escola de nenos ademais da mixta, e o Reitorado da Universidade de Santiago a crea o mesmo ano. O Concello de Ribeira certifica en 1911 ter orzamentado os fondos para a creación da escola e estar a facer xestións para conseguir o local, malia o cal en xuño de 1915 o coadxutor de Corrubedo e varios veciños diríxense ao Concello reiterando a petición da nova escola. En decembro de 1923 a Xunta Local de 1ª Ensino de Ribeira recoñece nun escrito á Xunta Provincial que aínda está por resolver a creación da escola para nenos solicitada en 1915 polos veciños de Corrubedo. Non sería ata a reunión da Xunta Local do 6 de agosto de 1925 cando se retomaría por fin a creación de novas escolas tras a lectura da Real Orde do 16 de xullo inserida na Gaceta de Madrid do 26 do mesmo mes e da relación que a acompaña, pola cal se crean no municipio varias escolas nacionais: unitarias de nenos en Corrubedo, unha mixta en Martín, e unitarias de nenos en Ribeira, Palmeira e Carreira.

A ESCOLA DA CONFRARÍA DE CORRUBEDO

O 11 de marzo de 1927 o Inspector Xefe de 1ª Ensino da provincia esixe ás Confrarías de

Mariñeiras de Ribeira, Carreira e Corrubedo que presenten documentos que acrediten que están autorizados polo Ministerio de Instrución Pública, e o Concello dálles dous días para presentalos. Porén, como veremos no capítulo seguinte dedicado á Confraría de Corrubedo, este carecía de tal autorización, pois a raíz da petición inicia o expediente de solicitude de autorización para abrir unha escola privada en Corrubedo.

A existencia das confrarías nace coa Real Orde do 5 de xaneiro de 1918 que asignaba unha cantidade anual “non inferior a 50.000 pesetas” para crear “Institucións Cooperativas chamadas Confrarías de Mariñeiros” con seccións de Socorros Mutuos, Préstamos e Montepío, que se financiarían cunha porcentaxe detraída aos socios na venda do peixe, e que terían ademais unha cooperativa para a venda de efectos pesqueiros. Na súa época de maior auxe, entre 1919 e 1929, creáronse 183 confrarías con 31.632 socios. Cun índice do 50% de analfabetismo entre os mariñeiros, as confrarías recibiron axudas do Estado para a creación de Escolas de Primeira Ensino coa mesma instrución primaria que as escolas nacionais, ademais de nocións elementais de pesca e navegación.

En Corrubedo, o nacemento da Confraría tivo lugar nunha reunión de marzo de 1924, segundo relata na súa páxina 7 o diario *El Pueblo Gallego*, número 41 do 14 de marzo:

“O Axudante de Mariña do distrito, don Ángel Alvareño Saavedra, acompañado do celador de Portos, señor Filgueira, visitou Corrubedo para constituír unha Confraría de mariñeiros. Á reunión asistiron o cura don Ramón Hermida Fernández, o torreeiro don Antonio Pérez Díaz, o mariñeiro Manuel García



Selo da Confraría de pescadores de Corrubedo

Pérez e o almacenista don Andrés del Río, no cuxo almacén se congregaron unhas 300 persoas. O Axudante explicou as orixes e a finalidade das confrarías e os beneficios que xa reciben os milleiros de mariñeiros asociados, poñendo como exemplo os mariñeiros do distrito de Muros con tres confrarías e catro escolas dirixidas por mestres nacionais con ensinanzas elementais e profesionais adecuadas aos homes do mar.

Constituírase unha comisión organizadora cos mariñeiros don José Olveira Sayar, don José María Sayar Prego e don Francisco Ageitos para preparar a creación da sociedade, no momento da cal se crearía tamén un Centro Cultural. Acordouse remitir telegramas ao Almirante Xefe do Estado Maior da Armada e ao Xeneral Presidente da Caixa Central de Crédito Marítimo cun saúdo de adhesión e súplica de protección, e tamén ao Comandante da provincia marítima. Os presentes solicitaron ao Axudante o destino en Corrubedo dun celador de porto que despachase as embarcacións e o resto de trámites do seu cargo para evitar que os mariñeiros tivesen que desprazarse a Ribeira, tendo en conta a importancia do porto de Corrubedo cunha poboación duns 2.000 habitantes."

El Ideal Gallego do 21 de decembro de 1924 dá conta dunha reunión na Confraría de Corrubedo presidida polo Axudante de Mariña de Ribeira don Ángel Alvaríño Saavedra, na que, entre outros acordos, se decide o nomeamento como mestre da escola da Confraría de Mariñeiros de don Antonio Pérez Díaz, que xa viña rexentando a escola de forma interina. Engade a nota de prensa que, aínda que a Confraría só levaba seis meses funcionando, contaba cun amplo local para escola, dotada de material moderno, á que asistían 20 alumnos polo día e 45 pola noite.

.....

A CONFRARÍA DE CORRUBEDO SOLICITA AUTORIZACIÓN PARA ESCOLA

Cómpre lembrar que o 11 de marzo de 1927 o Inspector Xefe de 1ª Ensino da provincia pedira a documentación que acreditase a autorización para as escolas das confrarías de Ribeira, Carreira e Corrubedo, polo que a solicitude supón a carencia previa da mesma.

Mediante escritos do seu presidente don Manuel García Pérez e do alcalde don Andrés del Río, do 6 de maio de 1927, a Confraría de Mariñeiros de Corrubedo solicita a autorización para a creación dunha escola particular, para o que eleva á superioridade un expediente formado con diversa documentación:

- Certificado de actas de reunión da Asociación da Confraría de Mariñeiros de Corrubedo.
- Copia literal do título de mestre, de nacemento e de boa conduta do director.



O profesor Matías Villanueva cos alumnos na praia da Robeira. Arquivo Fotográfico de Fernando Vilariño

- Regulamento da Asociación Confraría de Mariñeiros de Corrubedo.
- Planos da escola. Certificados favorables da Alcaldía, do médico municipal e de garantías de seguridade.
- Cadro das materias de ensino e material científico.
- Regulamento da escola da Confraría de Mariñeiros de Corrubedo.
- Regulamento da Confraría de Mariñeiros de Corrubedo.
- Informes favorables da Sección administrativa e da Inspección de 1ª Ensino.

O expediente é elevado á Dirección Xeral de Ensino por escrito da Sección Administrativa de Primeira Ensino da Coruña o 13 de outubro do mesmo ano e, segundo noticias aparecidas na prensa o 10 de xaneiro de 1928, por delegación do Ministerio de Instrución Pública, o Reitor da Universidade de Santiago concede autorización para o funcionamento da escola privada a don Manuel García Rey, presidente da Confraría de Mariñeiros de Corrubedo, en Ribeira, rexentándoa don Antonio Pérez Díaz, tal como viña facéndoo desde 1924.

A escola privada da Confraría de Corrubedo nacía cun programa avanzado e ambicioso no que, ademais das materias clásicas, había outras enfocadas á súa utilidade nunha futura vida dos estudantes relacionada co mar.

Ademais do catecismo do Padre Artete, *Historia Sagrada* de Ascarza, *Aritmética e Xeometría* de Dalmau, *Xeografía e Historia* de Calleja e *Lingua Castelá* (lectura e escritura), debuxo, canto, traballos manuais e exercicios corporais, estudábanse *Rudimentos de Dereito* (tamén de Calleja), *Nocións de Ciencias Físicas e Química* de Ascarza, *Nocións de Fisioloxía e Hixiene* do mesmo autor, *Nocións de Economía Social*, *Elementos de Navegación* e *Sinais Morse e de brazo*.

Entre os materiais cos que contaban os estudantes para as clases había un barómetro, un termómetro, un reloxo, unha agulla náutica e unha colección de láminas de artes e utensilios de pesca. Na biblioteca, ademais de libros instrutivos de 1ª Ensino de varios autores aprobados polo Consello de Instrución Pública, contaban cun *Libro do Patrón de Pesca*, un *Diccionario das Artes de Pesca* e un *Manual do Cabo de Mar*.

En canto ao local, ademais do correspondente crucifixo e o retrato de S. M. o Rei, tiña como mobiliario unha mesa escritorio co seu sillón para o mestre, seis cadeiras, seis mesas-bancos, seis bancos e catro taboleiros.

As escolas das confrarías, coa súa ensinanza orientada á formación profesional dos mariñeiros, foron sen dúbida o xerme das futuras Escolas de Orientación Marítima que no seu día as substituíron en Ribeira, Carreira e Aguiño. En Corrubedo, a escola da Confraría simplemente pasou a Nacional: houbo unha petición en 1933 para a súa creación e infor-

mouse favorablemente, pero ata 1946 non parece que chegase a constituírse.

En xaneiro de 1928 ordénase a nacionalización das confrarías de mariñeiros de Aguiño, Ribeira, Corrubedo e Carreira e nomean mestres interinos con soldo de 2.000 pesetas, entre outros a don Matías Villanueva Castro, que é destinado a Corrubedo. Matías Villanueva estivera como interino en xaneiro de 1924 en Vilela-Carballo, na escola de Olveira, co mesmo soldo desde o 21 de marzo de 1925 (presentou un documento do Goberno Militar da Coruña segundo o cal fora declarado inútil para o servizo das armas por un tribunal médico o 14 de agosto de 1920), e en Queiruga en xaneiro de 1928, tomando posesión en Corrubedo o 6 de novembro de 1929 e exercendo como interino ata o 30 de outubro de 1931.

No mesmo xornal que confirmaba o destino de Matías Villanueva a Corrubedo, e na mesma páxina, nacionalízanse definitivamente as escolas das confrarías de Ribeira, Aguiño, Carreira e Corrubedo, polo que Matías Villanueva convértese en mestre interino dunha Escola Nacional sen ter titulación algunha. Na mesma situación quedan tamén os profesores destinados como interinos ás escolas dos outras confrarías.

A nacionalización das confrarías do distrito (Aguiño, Carreira, Ribeira e Corrubedo) trouxo consigo o traspaso das súas escolas ao Concello, o que provocou unha situación de desencontro entre este e o Goberno ao non poder asumir nun espazo tan breve de tempo a carga económica que iso supuña, ademais de romper o equilibrio existente entre centros e recursos que ata o momento se viña mantendo.

OS GRUPOS ESCOLARES

A partir de 1949 producíronse cambios importantes na estrutura da Educación Primaria do concello de Ribeira, e se facemos caso ás memorias de xestión dese ano podemos ver que a novidade máis destacada é a construción de tres novos grupos escolares nas localidades de Ribeira, Palmeira e Corrubedo.

Na memoria de xestión económica do Concello de Ribeira de 1949, podemos comprobar que no orzamento se inclúe, dentro dos gastos, a adquisición do terreo para o Grupo Escolar de Corrubedo por un importe de 6.400 pesetas, e atopábase en execución a construción do Grupo Escolar de catro seccións por un importe de 321.307,03 pesetas. Nese momento existían en Corrubedo dúas escolas unitarias de nenos —a creada en outubro de 1925 e a de Orientación Marítima, evolucionada a partir da Confraría—, e outras dúas escolas unitarias de nenas —a mixta existente en 1925 transformada en unitaria de nenas, e a creada en 1938 con motivo dunha redistribución escolar do distrito de Ribeira—. No conxunto do concello había un total de 17 escolas de nenos, 14 de nenas e cinco mixtas, ás que se destinaba un orzamento de 52.258,30 pesetas.



Grupo Escolar de Corrubedo a principios dos anos 80. Foto do Arquivo de Fernando Vilariño

Na memoria de 1952, Ribeira dedica 73.015,80 pesetas dos seus orzamentos á primeira ensinanza, e as xoias da coroa son, sen dúbida, o Grupo Escolar de Ribeira, valorado en 574.000 pesetas; o de Palmeira, valorado en 250.000; e o de Corrubedo, que segundo a descrición:

“Ocupa unha superficie de 210 metros cadrados; polo norte, sur e oeste linda con terreos propios do Concello, e pola fronte ao leste cun camiño. O seu valor é de 300.000 pesetas.”

Aparentemente, as excelencias do novo Grupo Escolar non incluían o subministro eléctrico, pois en 1955 o Concello dirixe unha instancia á Compañía Eléctrica Fervenza, concesionaria daquela do alumeadado do porto, para que forneza enerxía eléctrica ao grupo escolar co fin de distribuír a cota alimenticia, é dicir, queixo e leite en po doados polos Estados Unidos. Como curiosidade, a empresa cobraba o quilovatio/hora á prohibitiva cantidade de 0,50 pesetas.

A partir dos anos corenta, e por diversos factores sociolóxicos entre os que prevaleceu a emigración dos mariñeiros de Corrubedo cara á Coruña, Vigo e o País Vasco, a poboación de Corrubedo comezou a decaer; a taxa de natalidade tamén descendeu, e as escolas comezaron a perder alumnado. En 1940 Corrubedo tiña 1.667 habitantes; en 1950, 1.420; en 1960, 1.363; en 1970, 917; en 1980, 753; e a partir de aí mantívose estable ata chegar aos 731 veciños que ten Corrubedo na actualidade.

A Lei de Educación Primaria de 1945, de José Ibáñez Martín, afectou só á ensinanza primaria —que é a que nos interesa no caso de Corrubedo— e foi complementada por un Decreto de 1967. Recollía a ideoloxía do

momento político e tiña un carácter confesional, patriótico, social, intelectual, físico e profesional. Establecía a súa obrigatoriedade, gratuidade e a separación de sexos, así como o uso preceptivo da lingua española en todo o territorio nacional, e fixaba os seguintes períodos de ensinanza primaria:

1. **Período de iniciación**, que comprendía as escolas Maternais ata os catro anos e de Párvulos de catro a seis anos.
2. **Período de ensinanza elemental**, de seis a dez anos.
3. **Período de perfeccionamento**, de dez a doce anos.
4. **Período de iniciación profesional**, de doce a quince anos.

Destos períodos, eran estritamente obrigatorios en todas as escolas o segundo e o terceiro.

AS ESCOLAS DE ORIENTACIÓN MARÍTIMA E PESQUEIRA

O 9 de novembro de 1950, o Padroado das Escolas de Orientación Marítima e Pesqueira, creado por Real Decreto do 15 de agosto de 1927, convoca concurso para seleccionar os mestres que cubran as vacantes en escolas de corenta e cinco localidades, entre as que se atopan Escarabote, Portosín, Corrubedo e Corme. En 1946, nunha acta sen data da Xunta local reunida no despacho do seu presidente e alcalde, acordouse favorablemente a instancia presentada por D^a Dolores Laíño Flores para converter a escola de nenos de Corrubedo en Escola de Orientación Marítimo-Pesqueira, por considerarse beneficioso para o censo mariñeiro daquela parroquia.



O profesor de Orientación Marítimo Pesqueira,
D. José María Blas Abruñet, cos seus alumnos.
Arquivo fotográfico de Fernando Vilariño

As materias a impartir nas Escolas de Orientación Marítima serían as de Primaria nacional, cunha clara orientación marítima e pesqueira, baseadas nos coñecementos que anteriormente se impartían nas escolas das Confrarías, pero máis desenvoltas e cun temario máis completo, redactado de mutuo acordo entre a Dirección Xeral de Ensinanza e a Caixa Central de Crédito Marítimo.

En xullo de 1952 o Instituto Social da Mariña realizou un Curso de Capacitación para as ensinanzas de Orientación Marítima e Pesqueira, convocado para os mestres que rexían provisionalmente as escolas tuteladas polo devandito organismo. Unha vez rematado o curso procedeuse á cualificación definitiva dos alumnos aprobados, e na lista aparecen, entre outros, D. José María Blas Abruñet, de Corrubedo; D^a María da Concepción Carreño Lira, de Carreira; e D. Antonio Fernández Vila, de Palmeira.

O PROBLEMA DO ABSENTISMO ESCOLAR

En escritos do 10 de maio e 14 de xuño de 1950, o mestre da Escola Nacional de Nenos de

Corrubedo, D. Alemundo Vidal García Coi, informa á Xunta Local de Ensinanza Primaria do problema do absentismo escolar. No primeiro dá conta de que “nenos deste pobo, incluídos en idade escolar e sen o mínimo de ensinanza primaria, se dedican á aprendizaxe de oficios e concédeselles permiso para se dedicar á pesca”, e que “moitos nenos deambulan polas rúas sen que os pais se tomen a molestia de mandalos á escola, como é o seu deber”, polo que pide medidas para solucionalo.

No segundo escrito, Alemundo pon nome e apelidos ao caso dun neno de 10 anos que ao longo do curso faltou á clase 141 días completos sen causa xustificada, atribuíndo a situación á manifesta negligencia dos pais, e solicita que se aplique con todo rigor a Lei, por facer caso omiso tanto ao bando da Alcaldía sobre asistencia ás escolas como aos avisos particulares enviados polo propio mestre.

O 28 de marzo de 1952, dous anos despois das denuncias do profesor Alemundo Vidal, o absentismo escolar seguía sendo un problema en Corrubedo, segundo se desprende do escrito remitido ao alcalde de Ribeira pola mestra da Escola de Nenas, D^a Fernanda Barcia Blanco, no que nomea cinco nenas que levan meses enteiros sen asistir á clase nin presentar xustificación, o que “lle comunico para os efectos correspondentes. Por Deus, España e a súa Revolución Nacional Sindicalista.”

Convén aquí facer un pequeno repaso das condicións de vida ás que estaban sometidos os nenos da época. Un mariñeiro tipo, neste caso Francisco García Martínez —cunha memoria privilexiada— recitábase os nomes das tres traiñeiras, nove dornas e trece racús que había en Corrubedo cando el tiña 10 anos, cos nomes dos seus propietarios.

Comezaba de neno, se os seus pais podían permitilo, asistindo a unha escola privada onde lle ensinaban o silabario. No seu caso, comezou con catro anos na escola privada de D. David Reino Martínez (cuxa aptitude para a ensinanza viña de ter estudado no seminario), pagando dúas pesetas ao mes. Como vimos antes, foi denunciado polo presidente da Confraría ante a Inspección de Primeira Ensinanza por non ter autorización para abrir a escola.

Con cinco anos pasou á Confraría baixo a tutela de D. Juan Galera Moreno, con quen estudaba *O Catón* e utilizaba a famosa lousa que sempre acababa rota en anacos, co seu correspondente pizarrín. A D. Juan Galera substituíuno D. José Martínez Lis, alcumado polos alumnos "San Xosé de Calasanz" pola súa inalterable costume de rezar diariamente o rosario; procedía da carreira relixiosa, que abandonara, e dicíase del que durmía no chan para mortificarse e que practicaba o xaxún, segundo testemuño de Francisco García Martínez.

Francisco lembraba con alegría os xoves, porque ese día desfilaban pola clase cantando o *Cara al Sol*, ocasión que aproveitaban para levar os seus zocos de piso de madeira e golpear o chan con forza ao desfilar marcialmente, facendo tremer a planta baixa, onde se atopaba o economato da Confraría de Pescadores.

A continuación lembra ter ido á escola oficial situada na rúa do Canabal, de novo con D. Juan Galera, que ademais das súas clases oficiais daba pasantía nocturna no faro (era o torreiro de Corrubedo) e na escola do Canabal, e posteriormente asistiu ao Grupo recentemente inaugurado xa con D. Alemundo Vidal García.

Daquela, Francisco G. M. levaba varios anos traballando no mar, primeiro nunha dorna con Tío Hixinio, que lles ensinaba a montar a man os seus propios aparellos: *raeiras* para raia, linguado, peixe sapo, centola e lagosta, e *ancarellos* para o abadeixo, aparellos que os nenos podían largar despois dos do barco e cuxa pesca era da súa propiedade. Tamén pescaban á liña; as súas capturas vendíanas na rampla e, se lles quedaba algo sen vender, íano ofrecer polas casas.

Esa era, sen dúbida, unha escola distinta: unha escola de vida, dura, con grandes mestres que os preparaban para ser, o día de mañá, mariñeiros de primeira categoría, solicitados por todas as casas armadoras, e que en elevado número remataron como cotizados e exitosos patróns e capitáns de pesca en todos os mares do mundo.

Non podemos falar da educación en Corrubedo sen facer mención ás escolas privadas que houbo no pobo ao longo da historia. Este tipo de escolas non oficiais, que proliferaban polas aldeas e vilas, eran coñecidas como "*escolas do ferrado*" porque, do mesmo xeito que os foros, a miúdo se pagaban en especie.

Por suposto, cando os meus veciños me falan delas, fano empregando a terminoloxía propia de Corrubedo, segundo a cal para a xente das xeracións anteriores a nós todas as persoas maiores eran *tío* ou *tía* segundo o seu xénero. Por iso faláronme das escolas de tía Consuelo (Consuelo Martínez Maneiro), de tía Pepita (Josefa Mariño Valiño), de tío Pérez (Manuel Prego Pérez, alcumado *o Manco*), de tío David (David de Reino), ou no caso da mestra de costura, de tía Elvira (Elvira Prego), sen esquecer a Juan Galera e a Manuel Franco Santos, denunciado xunto con Manuel Prego por ensinar sen titulación.

Francisco García Martínez, coa súa memoria privilexiada, faloume doutras dúas escolas particulares nas que se ensinaban “as catro regras”: a de tío José María, que daba clase na súa casa dos Casqueiros, ao lado do hoteliño que leva ese nome, e a de tío Pérez (non confundir con Manuel Prego Pérez, *o Manco*), que tiña a súa escola “fronte á panadaría de Gerucho”. O propio Gerucho confirmounos tamén a existencia da escola de tío Pérez fronte á súa panadaría, a última en activo no pobo.

A escola de tío Pérez estaba na casa que fai esquina entre a Rúa da Fonte e a do Escorial, e a precisión no nome da panadaría é importante porque os veciños de máis idade poden lembrar que, por exemplo, entre os anos cincuenta e sesenta do pasado século, chegaron a existir en Corrubedo catro panadarías ao mesmo tempo.

Consuelo Martínez Maneiro (*tía Consuelo*) daba clase na súa casa a nenos e nenas de Corrubedo desde os tres anos ata que pasaban á escola pública ao cumprir os seis, aínda que ás veces admitía tamén alumnos de maior idade. Muller de fondo sentimento relixioso, ensináballes o abecedario e os rudimentos da escritura, sentados en longos bancos nunha sala da casa e na cociña, cuxa mesa se utilizaba como escritorio. A clase remataba sempre co rezo do rosario.

Sentíndose soa, acudiu a unha familia do pobo que tiña catro fillas e ofreceuse para facerse cargo dunha delas, co consentimento da interesada, para que lle fixese compañía e a axudase nas tarefas da casa e do campo. Escolleu a Josefa Mariño (*tía Pepita*) entre as súas irmás porque era tan relixiosa coma ela, e a partir de entón Josefa, con 18 anos, foi vivir á súa casa. Co tempo, Josefa comezou a axudar a Consuelo tamén coas clases e



Firma de tía Consuelo e a súa colección de breviarios e libros relixiosos. Foto Francisco Sánchez

acabou converténdose en *tía Pepita* cando esta se retirou por enfermidade. Á morte de Consuelo, Josefa herdou a casa, a escola e a función social de seguir coidando dos nenos e nenas de Corrubedo antes de que pasasen á escola pública.

Josefa Mariño Valiño (*tía Pepita*, a partir de agora) fíxose cargo da escola ao tempo que coidaba de Consuelo, afectada por unha enfermidade que finalmente a levaría á morte, quedando Josefa como herdeira da casa e demais bens.

Desde ese momento e ata o seu retiro, cando xa a escola oficial se facía cargo en preescolar dos nenos a partir dos tres anos, *tía Pepita* deu clases de lectura e escritura en

horario de dez da mañá a unha do mediodía e de tres a cinco da tarde, aínda que o horario era bastante flexible para atender ás necesidades das nais, o que facía que a miúdo algún neno fose levado antes, recollido máis tarde e incluso acabase comendo na casa.

A irmá de *tía Pepita*, Manuela, foi vivir con ela xunto coa súa filla e o seu marido, Manuel Castillo Moreno, mariñeiro vítima dunha grave afección pulmonar que o obrigou a deixar a profesión. Coñecido como *Castillo*, o cuñado de *tía Pepita*, en canto estivo reposto, comezou a axudar na escola con aquilo que ela non dominaba: as contas. *Castillo* ensináballes aos nenos a sumar, restar, multiplicar e facer divisións sinxelas, e era moi apreciado por eles porque lles contaba historias nun galego-andaluz que lles facía moita graza.

A escola de *tía Pepita* era unha das varias escolas privadas que houbo en Corrubedo ao longo dos anos, no seu caso como continuación da de *tía Consuelo*. A pesar da súa insubstituíble labor, foron a miúdo perseguidas pola autoridade. Cómpre lembrar que na reunión da Xunta Municipal de Ensinanza do 25 de novembro de 1949, despois de autorizar ás Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl a seguir impartindo ensino na súa escola privada de San Martín de Oleiros —por ser unha obra benéfica e polo seu labor desinteresado—, felicitábase ao alcalde D. Miguel Rodríguez Bautista pola súa “obra beneficiosa” clausurando todas as escolas clandestinas do concello.

A propia *tía Pepita* recibiu presións e ameazas mediante cartas anónimas que lle metían por debaixo da porta da casa e que estiveron a piques de facela renunciar. O apoio do crego da parroquia e dos veciños máis achegados, que a animaron a seguir, foi suficiente para que puidese continuar coa súa labor. Na realidade,



Dúas promocións distintas da escola de *Tía Pepita*.
Arquivo fotográfico de Fernando Vilariño

estas escolas eran moi necesarias para que as nais puidesen atender os traballos do campo e da casa, ao mesmo tempo que os alumnos aprendían a ler e escribir como preparación para o seu paso á escola oficial.

Os nenos que aínda non tiñan idade escolar era habitual metelos en cestos e levalos ao lugar de traballo nas leiras para poder vixialos e realizar as faenas ao mesmo tempo.

Na sesión plenaria extraordinaria da Xunta Municipal de Ensinanza do 8 de xuño de 1964, por visita da inspectora da zona D^a Inmaculada Hernández Rodríguez, despois de tratar o estado das obras e o resto dos asuntos relativos ás escolas oficiais, recóllese na acta da reunión:

"E por último dá conta de que visitou a totalidade das escolas do municipio, tanto as públicas como as particulares, sendo o resultado bastante satisfactorio. Di tamén que o problema das escolas privadas téñeno en marcha e trata de arranxalo de maneira que se axusten á lexislación, tanto en locais como en número de nenos e a súa separación por sexos."

A referencia da inspectora ao "problema das escolas privadas" e a súa promesa de tentar arranxalo é, sen dúbida, un loable desexo de poñer fin a unha longa cadea de denuncias e peticións de peche de escolas privadas, que comezou o 16 de decembro de 1929, cando o presidente da Confraría de Pescadores de Corrubedo denuncia ante a Inspección de Primeira Ensinanza a existencia dun colexio privado de Primeira Ensinanza a cargo de D. David Reino Martínez, sen autorización de apertura.

A Inspección, mediante escrito do 21 de febreiro de 1930, pide ao Concello de Ribeira que "se sirva dar la orden de clausura del mismo y enviar a esta Inspección justificante de haber cumplimentado este servicio". O 3 de marzo comunícase á Inspección que se notificou regulamentariamente a David Reino o requirimento de clausura do seu colexio privado por carecer de autorización.

Aínda que pareza mentira, o tema non rematou aí, pois o 19 de febreiro de 1941 volve aparecer na documentación do concello cunha inspección sanitaria realizada á escola de David Reino, que corrixiu as deficiencias observadas, quedando limitada a 15 prazas. Preguntado o interesado se estaba disposto a pagar o importe dos gastos de desprazamento da comisión que inspeccionaría o local, respondeu afirmativa-

mente, solicitando que o comisionado fose D. Andrés Filgueira Paz, concelleiro do Concello, membro da Xunta Local de Primeira Ensinanza e nese momento mestre da escola nacional de nenos de Corrubedo. A Xunta de Goberno aceptou a proposta e delegou a inspección no Sr. Filgueira. Nin nas actas da Xunta Local de Primeira Ensinanza nin nas das sesións de goberno se volveron atopar referencias a esa inspección ou aos seus resultados.

O 22 de setembro de 1931, o alcalde informa á Inspección de Primeira Ensinanza que D. Manuel Prego Pérez (o mesmo que sería despois denunciado en varias ocasións por manter unha escola ilegal), designado polo mestre Matías Villanueva como o seu substituto temporal, é "persoa de cultura suficiente, ao xuízo de quen subscribe, para o desempeño do cargo que se lle confía".

O 29 de setembro de 1932, o Consello Local recibe unha denuncia presentada por un particular de que hai en funcionamento unha escola no porto sen previa autorización, facultándose ao presidente para que informe e dea conta á superioridade mediante o correspondente oficio á Inspección.

Na reunión do 6 de novembro débatese o atraso no informe da denuncia presentada contra D. Manuel Prego Pérez por falta de vogal médico, e, achándose este xa posesionado no cargo, acórdase proceder á inspección do local denunciado e á elevación do oportuno informe. Xa na xunta do 26 do mesmo mes, o vogal médico dá conta da visita de inspección, e lese un oficio de resposta ao enviado pola Inspección, que advertía de que o Sr. Prego e os demais mestres que se atopen nas mesmas condicións deben acollerse a unha circular publicada recentemente polo Consello Provincial.

Repetindo a historia de 1932, o 9 de setembro de 1952 prodúcese unha denuncia presentada pola mestra e os mestres nacionais de Corrubedo pola existencia dunha escola clandestina establecida na casa nº 304 da localidade, dirixida por Manuel Prego. Pídese un peche autorizado e selado pola lei, en presenza do alcalde, “para escarmiento dese señor e dalgunhas familias ás que non debe escatimarse unha boa multa, unha parte por non enviar os seus fillos a onde deben estar e outra polo linguaxe impropio e pouco respectuoso que empregan ás costas dos señores mestres”.

Pregúntanse:

“¿Ata cando imos ter aos rapaces metidos nese antro? Cun home sen principios e sen moral algunha... Desde o pasado verán púxose a dar clases de mestre certo señor que non está en posesión do título, dito señor segue coas súas clases co beneplácito dalgúns pais de familia pouco escrupulosos que envían ao seu local especialmente nenas (tamén nenos), comprendidos en idade escolar. O citado dómíne carece en absoluto de solvencia moral, ampárase na protección dalgúns cidadáns, ninguén se dá por informado de que xa comezaron as clases e que hai tres mestres propietarios neste pobo, que fan todo o posible para que os nenos entren nas súas aulas, pero terían que renderse pola actitude descarada dese señor, que non parece disposto a renunciar. Moita xente opina que é un roubo á intelixencia deses nenos e nenas que, tendo unhas señoras mestras propietarias, frecuentan un centro dubidoso de formación moral e espiritual.”

Estudadas as vantaxes e inconvenientes da posible autorización ou clausura da escola privada que alí rexenta D. Manuel Prego Pérez, a maioría da xente consultada opina que non hai inconveniente en que a siga tendo, baseándose en que está imposibilitado para outro tipo de traballo neste pobo por faltarlle un brazo.

Tamén se pediu opinión ao Sr. Patrón Maior da Confraría de Pescadores (José Brión) por ser persoa das “máis autorizadas”, quen emitiu informe o 25 de marzo de 1953 asegurando que Manuel Prego imparte ensinanza a varios veciños que xa abandonaron as Escolas de Ensino Primario por seren maiores de idade e a menores que aínda non teñen a idade regulamentaria para ingresar nas Escolas do Estado. Recorra a falta do seu brazo esquerdo, que o inutiliza para outros traballos, e engade que as súas ensinanzas (dentro da relixión católica) axudan moito aos veciños do pobo, polo que avoga pola súa continuidade co permiso da superioridade. O 5 de novembro de 1952, a Xunta municipal decide facer caso omiso da denuncia.

Cómpre lembrar que Manuel Prego xa fora denunciado en 1932, resultando daquela que se puxo a denuncia en coñecemento da Inspección, nunha “patada cara arriba” que atrasaba a decisión, trasladaba a responsabilidade e deixaba as mans libres para despois cumprir, ou non, as directrices recibidas. Neste novo caso funciona o sentimento de clan, que non deixa sen o seu medio de subsistencia a alguén dos seus que non ten outro modo de gañarse a vida, e a quen recoñecen un valor para a sociedade por riba dos convencionalismos que pretende impor xente allea en aras dunha suposta defensa da cultura e da moralidade.

O 14 de outubro de 1958 prodúcese unha nova denuncia ante a inspección de Ensino de Ribeira por parte de D. José Brión, alcalde pedáneo de Corrubedo e, como tal, encargado de informar periodicamente ao Concello sobre o estado de asistencia ás clases do profesorado das escolas. Solicita que se fagan cargo das dúas escolas de pago que hai en Corrubedo, a do Sr. Prego (Manuel) e a dun mal estudante que, cada un pola súa conta, fan o que queren coa matrícula dos nenos da Escola Nacional "da que non pode culpase aos mestres, que fan o que poden pola asistencia sen que os seus consellos e repreensións dean o resultado que deberan". En resposta a esa denuncia, o alcalde de Ribeira comunica a José Brión o 17 do mesmo mes que se ten oficiado a D. Manuel Prego Pérez e a D. Manuel Franco Santos ordenándolles que cesen inmediatamente de impartir clases de Primeira Ensinanza aos nenos desa parroquia por carecer do título adecuado para iso.

A continuación, o Alcalde oficia ao Sr. Gobernador dándolle conta de ter recibido no Concello a Manuel Prego, quen lle mostrou un oficio do Goberno Civil no que se indicaba que a prohibición non afectaba aos maiores nin aos menores de idade, mais o Alcalde comínalo a cesar nas súas actividades como mestre "porque ás súas clases asisten nenos e nenas de todas as idades". O Alcalde aproveita o mesmo oficio para comunicar ao Sr. Gobernador que en Corrubedo existe creada unha Escola de nenas co correspondente local, sen que ata a data se teña nomeado Mestra para a mesma.

AS AGRUPACIÓNS ESCOLARES

En 1963 acórdase a creación das "Agrupacións escolares" segundo o proxecto en virtude do Decreto do 22 de febreiro de 1962



Como podemos ver pola fotografía de 1958, a carreira de D. Manuel Prego Pérez estendeuse no tempo, e con bos resultados de atendermos ao número de alumnos que o acompañan. Arquivo fotográfico de Fernando Vilariño

(B.O. do Estado do 9 de marzo), en virtude do cal en Corrubedo se crea a Agrupación Escolar Mixta, con dirección e catro unidades (dúas de nenas, unha de nenos e outra de Orientación Marítima de nenos). Quedan integradas as escolas existentes: dúas unitarias de nenas, a de nenos e a de Orientación Marítima de nenos.

José Janza Valladares obtivo o título de Mestre Nacional o 12 de xuño de 1957 con sobresaliente e, tras aprobar as oposicións en 1959, é destinado a Corrubedo, á súa Escola de Orientación Marítima, á que se incorpora o 1º



O profesor Janza cos seus alumnos de Orientación Marítima. Arquivo fotográfico de Fernando Vilariño

de setembro de 1960. Nos dous anos seguintes, o profesor Janza realizou un curso a distancia para obter o Certificado de Profesor de Orientación Marítima, que conseguiu con data do 20 de xuño de 1962. Exerceu en Corrubedo ata o 30-9-1968, cando marchou a O Grove.

Xa con 93 anos, o profesor Janza foi convidado a vir a Corrubedo por algúns dos seus alumnos e tiveron ocasión de compartir con el uns momentos agradables nos que me contou a súa experiencia en Corrubedo. Despois dese encontro, o Sr. Janza tivo a ben enviarme unhas notas manuscritas, polo que prefiro dar paso a unha das páxinas nas que me relata esa experiencia:

"As escolas, naquela época, eran Unitarias na súa maioría. As de Corrubedo tamén o eran. Os alumnos comezaban a ensinanza aos 6 anos e remataban aos 14. O mestre encargábase de ensinar a ler, escribir e calcular aos pequenos e impartía todas as materias aos maiores dunha forma cíclica, que podemos expresar por Graos: 1º grao, 2º grao, 3º grao e 4º grao. Materias: Lingua Española, Historia, Xeografía, Matemáticas, Ciencias Naturais, Historia Sagrada, Catecismo de Astete etc. O número de alumnos era de trinta a corenta por aula. O compañeiro e máis eu acordamos graduar a ensinanza: o compañeiro atendería aos alumnos de 6 a 10 anos (sic) e eu, como de O. Marítima, aos de 10 a 14 anos. Os locais eran bos e aceptables. Os meus alumnos moi intelixentes, asimilaban as ensinanzas con facilidade. Comprendían, razoaban e expresábanse correctamente. A miña relación co Concello era boa. O Alcalde, acompañado dun técnico, veu unha vez ver o edificio do Grupo Escolar que

presentaba unhas gretas nas paredes e interesouse por corrixir eses defectos. Tiñamos cuarto de aseo, pero ao carecer de auga non o puidemos usar."

O 8 de outubro de 1968, en Sesión Plenaria no despacho da Alcaldía de Ribeira, tómanse decisións importantísimas na distribución das escolas do municipio, concentrándoas en grandes centros que agrupan as da súa contorna, atendendo á peculiaridade do municipio con poboacións concentradas arredor dos portos. No caso de Corrubedo, propónse a creación dunha Escola Comarcal composta por oito unidades, acollendo as catro de Corrubedo, con 140 matrículas; as de nenos e nenas de Bretal-Oliveira, con 95 matrículas; e as de nenos e nenas de Oliveira, con 128 matrículas.

Tamén se propón a creación de tres unidades de párvulos, integradas nas Escolas Comarcais agrupadas de Aguiño, Corrubedo e Palmeira, e a creación de itinerarios de transporte escolar que, no caso de Oliveira-Corrubedo, suporían 3,2 quilómetros e afectarían a 223 nenos por estradas sen asfaltar pero con considerable tránsito de vehículos, polo que se considera posible establecer o transporte necesario.

Tamén se contempla como necesaria unha axuda global do 30 % do importe do transporte e outro 30 % para comedor escolar. En canto ás seis escolas de Orientación Marítima existentes no municipio, considérase que tamén deberían incluírse neste plan, se fose aprobado. É unha primeira aproximación á concentración das escolas, que, como veremos, non chegaría a Corrubedo ata 1985.

Na Sesión Plenaria celebrada o 13 de novembro de 1969, séguese avanzando no estudo

da concentración de escolas, acordando que, no caso de Corrubedo, a concentración será en Olveira, que acollería oito escolas e dous parvularios, abrangendo 363 alumnos de Corrubedo, Olveira, Bretal, Sirves e parte de Oleiros, nun terreo de 4.000 metros cadrados.

En 1970 ditouse en España a Lei Xeral de Educación, implantándose a E.X.B., que estivo vixente desde 1975 ata 1982, establecendo a ensinanza obrigatoria ata os 14 anos con oito cursos en dúas etapas.

Nunha relación de profesoras de Corrubedo ás que se lles solicita que se empadroen no Concello en 1984 figuran as seguintes: D^a María Arxentina Pérez Veiga, D^a María Luz González Gómez, D^a Nieves Santos Gallego e D^a María Rosa Rama Gago.

Nese momento, segundo un estado de persoal do Colexio Álvaro Cunqueiro de Corrubedo (nome do colexio desde 1972), había 20 nenos de preescolar cunha mestra e 91 nenos de E.X.B. atendidos por tres mestras; e no curso 1986-87 baixaron a 57 nenos distribuídos en 8 alumnos de Preescolar Primeiro Nivel, 6 en Preescolar Segundo Nivel (atendidos por unha profesora), 12 en E.X.B. Primeiro Nivel, 9 en E.X.B. Segundo Nivel, 11 en E.X.B. Terceiro Nivel e 11 en E.X.B. Cuarto Nivel (atendidos por dúas profesoras).

Todo o anterior está en relación cun estado do censo de nenos nados no Concello por parroquias, que no referente a Corrubedo afirma que entre o 76 e o 80 só naceron 57 nenos dos 2.126 nados no municipio, superando por un só nacemento á parroquia de Artes, que é, de todas, a de menor número de nacementos.

Sen dúbida, esta relación de nacementos marca unha tendencia que levaría á concen-

tración dos alumnos en centros "interparroquiais" ou de "concentración", onde se poidan atender mellor as necesidades do alumnado, manténdooos separados nos distintos niveis de aprendizaxe que lles corresponden.

A E.X.B. foi substituída pola L.O.D.E. (Lei Orgánica do Dereito á Educación), que estivo vixente desde o 3 de xullo de 1985, e que establecía os ciclos formativos de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional. Coincidiu coa apertura do Colexio Público Comarcal de Olveira, que agrupou ao alumnado de 5º, 6º, 7º e 8º de varios colexios da zona, entre eles o de Corrubedo.

No curso de E.X.B. de 1986/87, segundo un estado de estatística escolar, había no Grupo de Corrubedo unha aula de Preescolar que agrupaba 8 alumnos do Primeiro Nivel e 6 do Segundo Nivel, atendida por un profesor; unha aula do Ciclo Inicial con 12 alumnos do Primeiro Nivel e 8 do Segundo Nivel, tamén con un profesor; e unha aula do Ciclo Medio con 11 alumnos do Terceiro Nivel e outros 11 do Cuarto Nivel, atendida por outro profesor.



Alumnos de preescolar de 4 e 5 anos do 87-88.
Foto do arquivo do Colexio de Olveira

No arquivo do CEIP de Olveira consérvanse algúns documentos da escola de Corrubedo entre os anos 1988 e 1991, dos cales puiden extraer os datos referidos a eses anos, anteriores á chegada de D^a María Luísa Vázquez Lorenzo. Na memoria do curso de 1988, a cargo do profesor D. José Luís Suárez García, menciónase que o colexio contaba con dez alumnos de 3^o e oito de 4^o de E.X.B.; e na memoria de 1989-90, presentada por D^a Concepción González Vila, cítanse só os cursos de Preescolar de catro e cinco anos, pero o Plan Xeral do Centro dese mesmo ano recolle un total de 37 alumnos repartidos entre Preescolar de catro e cinco anos, e 1^o, 2^o, 3^o e 4^o de E.X.B. Ademais, fai valoracións negativas sobre o estado das instalacións, como que o centro carecía de portas e que o patio era de terra e pedras, co conseguinte perigo para a integridade do alumnado. A aula de Preescolar I e II e Ciclo Inicial estaba a cargo da profesora D^a María Eugenia Piñeiro Abella, e a que agrupaba 3^o e 4^o do Ciclo Medio, da profesora D^a Mercedes Asensi Pernas.

En setembro de 1991 chegou destinada a Corrubedo D^a María Luísa Vázquez Lorenzo (Marisa). Nese momento había no colexio 12 alumnos de tres, catro e cinco anos de

Educación Infantil e 12 alumnos de 1^o e 2^o de Educación Primaria, agrupados nunha soa clase a cargo de D. José Luís Sánchez Bouzán.

Era o primeiro ano no que se escolarizaban nenos e nenas de tres anos, e supoñíase que debía instalarse unha ducha con auga quente para atender ás súas necesidades hixiénicas, pero na práctica esa ducha nunca se instalou, ou polo menos non para uso co alumnado. Despois do derrubamento do teito en 1992 e do traslado a Olveira en 1993, cando se arranxou o piso superior instalouse a auga quente, adaptándoo como vivenda para a mestra María Luísa Vázquez.

A L.O.X.S.E. de xaneiro de 1990 desenvolvía a L.O.D.E., dividindo a parte educativa que nos interesa en Educación Infantil e Ensino Básico. A Educación Infantil comprendía dous ciclos: o primeiro estendíase ata os tres anos e o segundo desde os tres ata os seis (no caso de Corrubedo agrupados nun só curso por falta de alumnado). O Ensino Básico comprendía dez anos de escolarización obrigatoria e gratuíta, comezando aos seis anos coa Educación Primaria, que duraba seis cursos (de seis a doce anos), e continuando coa Educación Secundaria, que comprendía outros catro cursos (de doce a dezaseis anos).

No caso dos nenos e nenas de 1^o e 2^o que quedaban en Corrubedo, xa estaban incluídos na L.O.X.S.E., que establecía un ciclo obrigatorio de Primaria e Secundaria para o alumnado de 6 a 16 anos, posto que o que ata entón era 1^o e 2^o (Ciclo Inicial) e 3^o e 4^o (Ciclo Medio) de E.X.B. pasaban a ser 1^o e 2^o de Educación Primaria da L.O.X.S.E., cuxos equivalentes en 3^o, 4^o, 5^o e 6^o xa se impartían en Olveira.

O traslado acelerouse pola caída, en 1992, do chan de madeira da planta superior e do



María Luísa e José Luís cos seus alumnos do
91. Foto do arquivo de Fernando Vilariño

falso teito do grupo escolar de Corrubedo, que levaba tempo presentando graves deficiencias. Mentres que para Preescolar se habilitou unha aula na Casa do Mar de Corrubedo durante as obras, para acoller ao alumnado de 1º e 2º procedente de Corrubedo houbo que improvisar unha aula no baixo cuberta do Grupo Escolar de Olveira, que non estaba preparado para recibilos.

Ata que o Colexio de Corrubedo volveu ser habitable, o Concello presidido por José Luís Torres Colomer asinou o 7 de marzo de 1992 co Instituto Social da Mariña un contrato de cesión ou préstamo dunha parte das instalacións da Casa do Mar para a instalación de “aulas para actividades educativas”, de forma gratuíta e por un período de tempo determinado. Nesas aulas improvisadas impartíronse as clases ata o 9 de outubro de 1992, data na que regresaron ao colexio os 25 alumnos que quedaban entón: 14 de Infantil e 11 de E.X.B.

O número de alumnos do centro seguía baixando de maneira dramática, pois o 2 de abril de 1991, só un ano antes, a APA remitira ao Delegado Provincial da Consellería de Educación un escrito no que se reflectía a existencia de 32 alumnos repartidos entre 16 de Preescolar e 1º de E.X.B., atendidos por unha profesora, e outros 16 de 2º, 3º e 4º de E.X.B., atendidos por outra profesora. Solicitaban que se lles enviase un terceiro docente para poder organizar tres clases que atendesen mellor as diferenzas de nivel entre cursos. Como segunda opción, a APA pedía que, se non se lles concedía ese terceiro profesor, se trasladase ao colexio de Olveira o alumnado de 3º e 4º de E.X.B., quedando o resto atendido polas dúas mestras existentes.

A resposta da Consellería chegou o 12 de setembro do mesmo ano coa inclusión no

DOGA da transformación da asignación de prazas no colexio, que pasaba a ter só dous profesores: un para Preescolar e outro para E.X.B. (Ciclos Inicial e Medio), polo que o alumnado de 3º e 4º (Ciclo Medio) foi trasladado a Olveira. Ao ano seguinte tamén se trasladaron os de 1º e 2º (Ciclo Inicial) de E.X.B., a unha aula que houbo que habilitar no baixo cuberta do colexio. En Corrubedo quedaron só os alumnos de Preescolar, ata que finalmente, no ano 2000, e non sen protestas das familias, tamén foron trasladados a Olveira, poñendo así fin á presenza da escola en Corrubedo.

A desaparición do ensino no grupo escolar de Corrubedo non foi provocada pola L.O.X.S.E., senón pola falta de alumnado, pois en 1999 só quedaban cinco nenos e nenas no curso. Á baixa natalidade do momento sumouse o feito de que moitos pais e nais de Corrubedo preferían enviar os seus fillos ao colexio das monxas de Oleiros. Cómpre ter en conta a situación económica da época, con moitos proxenitores dedicados á pesca do Gran Sol, que reportaba grandes beneficios non só aos armadores e patróns, senón tamén aos contramestres e mariñeiros, e de todos eses oficios estaba Corrubedo ben servido. Finalmente, abonda con ver a evolución do censo de Corrubedo desde 1894, cando con 1041 habitantes se considerou que merecía unha escola, pasando polos máis de 1500 entre 1910 e 1930, ata 1991, ano no que Corrubedo contaba con só 735 habitantes, número que seguiu baixando ata os algo máis de 600 da actualidade.

Francisco Sánchez Fraga
Corrubedo, 02-09-2025

RELACIÓN DE MESTRES E MESTRAS DAS ESCOLAS OFICIAIS EN CORRUBEDO			
NOME	ESCOLA	NICIO	CESE
María del Carmen Montero Bermúdez. Primeira Mestra en solicitar Corrubedo. Concedéuselle a praza a Concepción Varela Conde.			
Concepción Varela Conde	Mixta Corrubedo	14-10-1893	13-12-1894
María Pérez Pérez	"	19-01-1895	01-02-1896
Amalia Dolores Seoane Penedo	"	12-02-1896	06-05-1899
Josefa Piñeiro Rey	Corrubedo	14-06-1899	15-01-1907
Dolores Sanmartín Carril	Permuta con Josefa Piñeiro	17-01-1907	31-07-1907
Cipriano Villar Bretal	Corrubedo	02-09-1907	21-05-1908
Rosa Moure Lamas	Corrubedo	22-05-1908	16-05-1916
María Pieri Marconi	Nacional de Corrubedo	03-07-1916	30-01-1917
Mª Encarnación Rgez. Glez.	Corrubedo	01-03-1917	22-01-1929
Sebastiana Vidal Pérez	Corrubedo	22-01-1924	16-09-1934
Antonio Pérez Díaz	Escola da Confraría	21-12-1924	05-11-1929
Maximino Vilaboa Escudero	Corrubedo nenos	29-10-1925	22-09-1927
Fernando Sales Olivert	Corrubedo nenos	23-09-1927	07-04-1930
Consuelo Gascón Portero	Destinada a Corrubedo 16-09-1930 Non se presentou		
Matías Villanueva Castro	Confraría de Corrubedo	06-11-1929	Maio de 1931
Jesús Álvaro López Brenlla	Confraría de Corrubedo	04-06-1931	11-1-1934
Cipriano Parada Maneiro	Corrubedo nenos	10-04-1930	08-01-1931
Andrés Filgueira Paz	Corrubedo nenos	12-01-1931	12-05-1946
Antonio Ayaso Paz	Confraría de Corrubedo	12-11-1934	
Mª Concepción Villar Paz	Corrubedo	11-11-1934	21-07-1941
Emilia Trabazo Lorenzo	Interina febreiro e marzo do 36, por Mª Concepción Villar		
María Boullón Pereira	Interina de 18-3 ao 14-5-36 por Mª. Concepción Villar		
Concepción Leis Álvarez	Corrubedo	7-03-1944	
Ignacio Dosil Maneiro	Corrubedo	1944-45-	11-09-46
Mª Asunción Villanueva Peciña	Destinada provisionalmente a Corrubedo, foise a Covelo		
Manuel Creo Rodríguez	Unitaria de Corrubedo	12-09-1946	
Dolores Liaño Flores	Nenos Corrubedo	1946	
José Casal Bóo	Escola Mixta de Corrubedo	12-1947	6-09-1952
Vicente Lourido Tuñas	Escola de nenos	25-09-1948	1954
Alejandro Vidal García	Escola de nenos	8-08-1949	
Mª Asunción Sánchez Caamaño	Unitaria de nenas	04-1951	
Alemundo Vidal García Coi	Nacional de nenos	1950	09-1953
José Mª Blas Abruñet	Escola de nenos	1952	
Fernanda Barcia Blanco	Escola de nenas	1952	31-08-1963

RELACIÓN DE MESTRES E MESTRAS DAS ESCOLAS OFICIAIS EN CORRUBEDO			
NOME	ESCOLA	NICIO	CESE
Juan Vidal Souto	Nacional de nenos	13-09-1953	
José Lodeiro Suárez	Escola de O. Marítima	22-04-1955	Marzo de 1956
Antonio de Lucas de Isla	Escola de O. Marítima	1-04-1956	
José Vidal Salvado	Interino a Corrubedo	04-1956	Outubro del 57
Elvira Pernas Moiron	Corrubedo como substituta	05- 56	
H. Lourdes Noya Mougán	Nenas	1957	31-08-1967
Alberto Rodríguez Pardiñas	Substituto de A. de Lucas	12-1957	09-1959
Felipe Izarra Ijalba	Interino por A. de Lucas	09-1959	
Manuel Rey González	Escola de nenos	1960	31-08-1964
Irma Dolores Castro Pose	Escola de nenas nº 1	23-08-1963	24-10-1964
José Janza Valladares	Agrupación Escolar Mixta	1-09-1960	30-09-1968
Generosa Blanco Rama	Escola de nenas nº 1	1-09-1964	31-08-1967
Emilio Blanco Abeijón	Unidade de nenos	16-09-1964	31-08-1965
Manuel Campos Fuentes	Unidade de nenos	4-09-1965	17-08-1971
M. del C. Touzón González	Corrubedo nenas	4-09-1967	
Florinda Iglesias Pérez	Corrubedo nenas	4-09-1967	6-10-1967
Nélida Fernández Pernas	Corrubedo nenas	6-10-1967	
Ramón Lois Ordóñez	Corrubedo	15-09-1971	
Antonio Ayaso Santamaría	Corrubedo		28-10-1969
Lisardo Valeiras Bravo	Corrubedo	28-10-1969	
Mª Asunción Suárez Duro	Substituta Corrubedo nenas	11-01-1972	
Antonio García Negreira	Corrubedo	14-09-1972	30-07-1980
Dolores Seijo Blanco	Corrubedo	20-06-1973	
Juan Vidal Souto	Mixta de Corrubedo	09-1973	
José Antonio Mariño Arcos	Tres meses en Prácticas	1973	
Fernando Cabeza Quiles	Corrubedo	1-09-1980	1983
Mª Teresa Guerra Carrillo	Corrubedo	09-1980	1981
Mª Argentina Pérez Veiga	Corrubedo	1984	
Mª Luz González Gómez	Corrubedo	1984	
Nieves Santos Gallego	Corrubedo	1980	1984
María Rosa Rama Gago	Corrubedo	1984	
Mª del C. Baliña Fuentes	Corrubedo	1986	1989
José Luis Suárez García	Corrubedo	1988	
Miguel Miguéns	Corrubedo	1986	
Isabel García Andrade	Corrubedo	1986	
Mª Concepción Glez. Vila	Corrubedo	1988	

RELACIÓN DE MESTRES E MESTRAS DAS ESCOLAS OFICIAIS EN CORRUBEDO			
NOME	ESCOLA	NICIO	CESE
M ^a Eugenia Piñeiro Abella	Corrubedo	1989	
Mercedes Asensi Pernas	Corrubedo	1989	
Alfredo Sueiro Silva	Corrubedo	1990	
Georgina Martínez Costa	Corrubedo	1990	
Francisca Prego Ageitos	Corrubedo en prácticas	1990	
Héctor Blanco Tato	Profesor de relixión	9-04-1991	
M ^a Luisa Vázquez Lorenzo	E. Infantil Corrubedo	09-1991	1999
José Luis Sánchez Bouzán	E. Primaria Corrubedo	09-1991	1992

NOTA EXPLICATIVA

Cando se puideron consultar os libros de Copias de títulos expedidos a Mestres, os de Rexistro de títulos administrativos de mestres, os de Nomeamento de Mestres, os de Actas de toma de posesión de Mestres e os das actas da Xunta Local de Primeira Ensino, que ofrecen datas certas de tomas de posesión e cesamentos dos mestres e mestras, así o reflectimos.

As datas obtidas da prensa oficial (B.O.E. e B.O.P.) tamén teñen plena validez.

Porén, no caso da prensa que durante moitos anos informou dos movementos nas escolas, as datas adoitan corresponder coa data de publicación do xornal.

A partir dun determinado momento, as Xuntas de Educación desapareceron, a prensa deixou de informar sobre os nomeamentos e traslados, e a pouca información con datas fiables procede de documentos illados, que nos ofrecen unha imaxe dun momento no que un profesor estaba en Corrubedo porque asina unha petición de material, o Concello remite a relación de mestres con obriga de empadramento, ou a sección administrativa

recolle o nome das mestras que fixeron folga un determinado día.

Grazas ás memorias anuais que puidemos rescatar na pouca documentación do Grupo Escolar de Corrubedo, conservada no arquivo do Colexio de Olveira, sabemos que profesores había en cada curso escolar, pero non sempre cando chegaron nin cando cesaron.

Finalmente, a memoria dos veciños de Corrubedo achegou nomes e datas que despois confirmamos documentalmentemente, aínda que tampouco serviu para completar todas as datas de toma de posesión e cesamento.

En canto ao destino, non sempre o nomeamento indicaba o lugar concreto, polo que cando non se especifica, simplemente se pon Corrubedo.

BIBLIOGRAFÍA

- Ascarza Vitoriano F. *Anuario del Maestro 1930*. Editorial Magisterio Español.
- Sánchez Fraga Francisco. *Mar de Vida Mar de Morte*. Autoedición limitada para Asociación Cultural Corrubedo 11 Séculos, 2019.

- Otero José Antonio. Conferencia “*Corrubedo Anos 50*”, Corrubedo 11 Séculos, 5 de agosto de 2019.

ARQUIVO MUNICIPAL DE RIBEIRA:

- Copias de títulos expedidos a Mestres 1864-1925. Ref. 2554
- Rexistro de títulos administrativos de mestres 1890-1932. Ref. 2555/1
- Libro de Nomeamento de Mestres 1925-1932. Ref. 2555/2
- Libro de Actas de toma de posesión de Mestres 1925-1932. Ref. 2555/03
- Libro de actas da Xunta Local de Primeira Ensino:
 - 1901-1923. Ref. 2556/1
 - 1923-1930. Ref. 2556/2
 - 1932-1959. Ref. 2556/3
 - 1962-1973. Ref. 2556/4
- Libros de correspondencia de saída dos anos correspondentes
- Memorias de xestión corporativa do Concello de Ribeira:
 - 1949 (Ref. 2403/08), 1952 (Ref. 2403/05), 1961 (Ref. 2403/06), 1962 (Ref. 2403/07)
- Documentación da Asociación Veciñal As Dunas de Corrubedo, sen clasificar
- Documentación de Escolas, sen clasificar

ARQUIVO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- Fondo da USC, *Visitas de escolas – F.U. Ensino Primario*.

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA:

- Documentación de Maxisterio. Ref. 3556/9

ARQUIVO DO CEIP DE OLVEIRA:

- Documentación sen clasificar

GALICIANA – HEMEROTECA DE PRENSA HISTÓRICA:

La Gaceta, B.O.E., B.O.P. da Coruña, B.O.P. de Lugo, *Gaceta de Galicia*, *El Magisterio Gallego*, *La Correspondencia Gallega*, *El Compostelano*, *La Región*, *El Noticiero Gallego*, *El Correo de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Orzán*, *El Eco de Santiago*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche*, *El Noticiero Gallego*.

INTERNET:

- Sánchez Vera, María del Mar. *Pasado, presente y futuro de la Educación Infantil en España*: <https://revistas.usc.gal> › artículo › Sánchez Vera, María del Mar. *Pasado, presente y futuro de la Educación Infantil en España*.
- Ministerio de Educación. *Materiales historia educación siglo XX*: <https://www.educacionfpydeportes.gob.es/servicios-al-ciudadano/archivo-central/materiales-historia-educación/siglo-xx.html>



*O*s artistas do exilio
republicano galego

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

*Licenciado en Filoloxía Galego-portuguesa e en Filoloxía Hispánica
Director do Museo do Gravado e Artes, investigador e escritor*

INTRODUCCIÓN

A orixe deste breve escrito ten o seu xermolo nunha palestra pronunciada no Museo Provincial de Lugo con motivo do encontro titulado "Arte, memoria e museos" celebrado o trinta de outubro deste ano 2025. A miña intervención pretendía, e pretende, dar a coñecer os fondos dos artistas que se exiliaron dende 1939 e o franquismo, que o Museo do Gravado de Artes, en Ribeira, custodia.

Ao exilio partiron moitos galegos e galegas de todas as condicións sociais e políticas e de moitas profesións diferentes: políticos, médicos, cantantes, escultores, mestres, sindicalistas, militares, fotógrafos, xornalistas, escritores, bibliotecarios, campesiños, profesores... Aínda que pouco a pouco imos coñecendo máis sobre o exilio galego, fican moitas cousas por saber e, sobre todo, moita pedagogía que facer para pór en valor o gran labor artístico, literario, empresarial e intelectual dos nosos e as nosas exiliadas.

O exilio, en palabras de Alfonso Sánchez Vázquez "é unha esgazadura que non acaba de esgazar, unha ferida que non cicatriza, unha porta que parece abrirse e non se abre. O que o exiliado valora non é o encontrado senón o perdido...", mais o perdido non foi só para o exilio, foino para toda Galicia, que quedou privada de moitas mentes e de moitas mans imprescindibles para facer país. Certo que peor o tiveron os e as asasinadas, os encarcerados, os depurados. Así, o exilio continuo dende 1936 ata os anos cincuenta, xa que non era tan doado poder partir para o éxodo dende un territorio nas mans dos golpistas, e así, tras o cárcere, a depuración, a persecución familiar, a falta de posibilidades, non puideron marchar ata os anos corenta e cincuenta.

Se falamos de artistas galegos é obrigatorio lembrar que o fascismo asasinou, entre outros moitos, a dous significados artistas plásticos da vangarda galega: Francisco Miguel e Luís Huici. Mais, cantos artistas galegos foron ao exilio? Nunha nómina breve, non podemos deixar de citar Castelao (1886-1950), Luís Seoane (1910-1979), Maruja Mallo (1902-1995), o músico Jesús Bal e Gay (1905-1993), Ángel Botello Barros (1913-1986), o arquitecto José Caridad Mateos (1906-1996), a actriz María Casares (1922-1996), Manuel Colmeiro (1901-1999), Andrés Colombo (1911-1991), Isaac Díaz Pardo (1920-2010), o violinista Jesús Dopico Barreiro (1902-1969), Eugenio Fernández Grannell (1914-1991) que condenado a morte non puido marchar ata 1957; Ángel Lemos de Los Reyes (1907-1992), Eladio Marcos Rodríguez (1908-2000), coñecido como Marco de Abeledo; Leopoldo Nóvoa (1909-2012), Xosé Otero Abeledo "Laxeiro" (1908-1996), Federico Ribas (1892-1952), Xosé Sesto López (1909-1998), Antón Silva, fotógrafo; Arturo Souto (1902-1964), José Suárez, fotógrafo (1902-2974); Jaime del Valle-Inclán (1922-1985), María Valverde, contralto; Carlos Velo (1909-1988), cineasta; o escultor Compostela... A nómina é incompleta, mais pode verse todo aquilo que Galicia perdeu nas artes. O noso deber moral é reivindicar e pór en valor a súa obra.

OS ARTISTAS GALEGOS DO EXILIO NO MUSEO DO GRAVADO

Agradezo ao Museo Provincial de Lugo e á Universidade Complutense de Madrid, nas persoas de Aurelia Balseiro e Inmaculada Real, o convite a este *Encontro sobre Arte, Memoria e Museos*. Dende hai case nove anos dirixo o Museo do Gravado de Artes (Ribeira - A Coruña), e son secretario da súa Fundación. O museo foi inaugurado en 2001



a partir da colección do seu fundador, **Javier Expósito Paradela**, que continúa hoxe en día ampliándoa. Conta cunha colección de máis de 40.000 estampas, do século XV aos nos días e, ademais, cunha **Biblioteca Ilustrada** duns 10.000 volumes. Con ampla presenza de autores españois, franceses, flamencos, ingleses e holandeses, atesoura tamén gravados xaponeses, italianos, alemáns, portugueses e, naturalmente, galegos.



galego do Museo está ben catalogado ata 2018, labor que fixo Miriam Elena Cortés López a instancias da institución que dirixo.

CASTELAO

Comezarei con Castelao, neste ano que celebramos en toda Galicia o 75 Aniversario do seu pasamento en Bos Aires. O noso Museo

só conta co orixinal do álbum *Galicia mártir* de 1937, editado en Valencia, e que contén dez estampas. Estas estampas constan dunha ilustración e unha lenda en galego, traducida ao castelán, ao francés e ao inglés, para axudar



O gravado galego está presente nos seus fondos, do século XX e XXI, e con varios artistas que sufriron o **exilio republicano**. Neles vou centrar a miña intervención, nos gravados de Colmeiro, Castelao, Luís Seoane, Leopoldo Nóvoa, Eugenio Fernández Granell, José Otero Abeledo "Laxeiro", Colmeiro e Isaac Díaz Pardo, principalmente. Por sorte, o fondo





á súa difusión. Temática crúa condenando os actos de guerra dos rebeldes contra a II República e a represión sobre os máis humildes.

Algunha das estampas pasaron logo á pintura do artista. Visión terrorífica, pesimista. Só a estampa que pecha o álbum permite unha físgoa para a esperanza. Neste álbum Castelao subliña a acción, emprega unha forte carga dramática, con contrastes e sombras, cun intelixente emprego do claroscuro.

O álbum péchase coa estampa "Superviventes": dous nenos abrazados sentados nun tronco cun hórreo detrás. A esperanza confíase á nova xeración.



Antonio Murado, Nóvoa, Antón Patiño, Quintana Martelo, Silverio Rivas, Vidal e Virxilio.

Ademais, o Museo editou unha edición de *Alba de Goria* (2018) ilustrada por 11 mulleres gravadoras, e realizou proxectos expositivos creando obra nova realizada por artistas non

A maiores, a biblioteca do Museo conserva a edición de *Sempre en Galiza*, de 2004, no obradoiro de estampación de Xosé Pereiro, da que se tiraron 250 exemplares. A obra foi ilustrada por dezaseis (16) artistas: Berta Álvarez Cáccamo, Correa Corredoira, Alfonso Costa, Felipe Criado, Alberto Datas, Manuel Facal, Fernández Freixanes, Carmen Lamas, Moldes,





galegos que, por primeira vez, se achegaban á obra de Castelao. Destes proxectos créanse as coleccións tituladas *Castelao hoxe*, de José Fuentes, e *Castelao e os Cruceiros. Autobiografía e experiencia vital*, de Florencio Maíllo, ambas expostas en 2017.



Posúe tamén a Biblioteca Ilustrada do Museo unha edición de 1976 de *Milicianos*, que é unha homenaxe ao Exército popular da República, que contén estampas con fortes claroscuros e moi próximas ao realismo social.



En 2024 fixemos o proxecto expositivo *Os homes por Castelao na colección Roberto Taboada*, a primeira vez que se mostraba ao público. Esta exposición, que logo visitaremos, amosa as matrices orixinais das estampas publicadas polo xornal *Galicia* e os orixinais do xornal publicados en 1925-1926, o que nos permite comparar as estampas orixinais coas definitivas de 1930 publicadas no volume *Cincuenta homes por dez réas*, editado en 1930 pola editorial Nós.



LUÍS SEOANE

Foi un artista total como Castelao: pintor, muralista, gravador, poeta, ilustrador, editor, narrador, xornalista, dramaturgo, ensaísta, activista... Foi o gran motor cultural do exilio arxentino durante moitos anos. Membro da Xeración do 36, exiliado na Arxentina, onde nacera, foi un artista reflexivo, anovador e, ao tempo, comprometido, en Galicia e no exilio. Influidó polo expresionismo e por Picasso, de estilo elegante, fluído e claro. O Museo do Gravado posúe un exemplar do *Homenaje a*



la *Torre de Hércules*, unha das súas grandes obras. A liña é o elemento dominante, que logra dotar de expresividade e dun estilo persoal inconfundible, suxerindo a volumetría, as texturas, sen necesidade de modelar nin de empregar o claroscuro. Esta obra de 1944 foi seleccionada en Nova York como un dos dez mellores libros de estampas da década. Trátase de 49 litografías realizadas entre 1943 e 1944, e a tiraxe da edición foi de 400 exemplares. A súa temática consiste nos traballos da terra e do mar. Escenas cotiás, protagonizadas por homes e mulleres. Certo inxenuísmo fai que as figuras compartan espazo, mais sen interactuaren. Estilo de gran pulcritude e elegancia caracterizan este álbum.

Seoane ilustrou, ademais, varias obras doutro exiliado, Rafael Alberti. Estamos a falar da edición de *Sobre los ángeles*, impresa en Buenos Aires en 1962 por Losada, coas xilografías de Seoane, que mostran a decidida modernidade do ilustrador. Mais Seoane ilustrou varios autores arxentinos, e a Biblioteca do Museo custodia o *Bestiario*, de Alberto Gironi, de 1976, tamén con xilografías deste artista. Pero Seoane, verdadeiro motor do exilio arxentino, publicou en 1959 a obra *Figurando recuerdos*,



con 24 debuxos a cor que foran publicados na revista que dirixía, *Galicia Emigrante*. Súa son estas palabras:

¿Cómo dejar de ser fiel a aquellas imágenes que hemos vivido y querido intensamente? e así as imaxes son a lembranza da Galicia perdida, pois os recordos “vinieron con nosotros” e “allá lejos, lejos, en Galicia, crecen líquenes y musgo sobre nuestros muertos y nuestros nombres” e “nosotros, lejos, muy lejos, recordamos las sosegadas tardes campesinas con los hombres y agachados sobre la misma tierra que labran y dibujan con sus aperos desde hace dos mil años. La lenta llovizna.

O Museo do Gravado celebrou en 2019 unha exposición sobre Seoane que incluíu estas obras e outras procedentes de coleccionistas privados, mais xa en 2021 o incluíría, con Picasso, Vertés e Colmeiro, na exposición *Un humanismo moderno*, que amosaba o novo neoclasicismo xurdido da *Suite Vollard* picassiana, cando, en palabras de Carlos L. Bernárdez, “o antifascismo é un humanismo”.

A maiores, o Museo custodia tamén o álbum *O Conde asesino de Sobrado e outros grabados*, editado en 1971 con 10 estampas, a cargo de Edicións Cuco-Rei, que tiña sé na Coruña e en Bos Aires, e a distribución en realidade correu a cargo de Isaac Díaz Pardo a través de Edicións do Castro. Tamén



gardamos na Biblioteca do Museo: *Homenaje a Venecia*, 11 gravados en madeira, acompañados dun poema de Guillermo Whitelow, editado pola Galería Bonino en Bos Aires no ano 1964.



Non posúe o Museo a carpeta *Doce cabezas*, expostas na Galería Bonino de Bos Aires, mais si o catálogo que recolle as xilografías de 1958. Nesta colección, a partir dun esquema moi sinxelo, unha cabeza sobre un fondo case neutro, Seoane dialoga cos pintores contemporáneos que lle interesan: Picasso, Léger, Matisse, Klee ou Miró. Todo o conxunto é un eloxio ás posibilidades do gravado en madeira e unha mostra clara da mestría do artista para obter os tons intermedios das estampas.



Por doazón do gravador galego-arxentino Albino Fernández, o Museo posúe tamén a serie orixinal *Imágenes de Galicia*, 72 xilografías editadas polo doante en 1978.



LEOPOLDO NÓVOA

Membro tamén da Xeración do 36, exiliouse coa familia no Uruguai, onde, xa adulto, se relaciona con Torres García. Continuou a súa traxectoria profesional na Arxentina en 1953 e logo, a súa vida artística lévaos a París. Na súa primeira etapa estará influído por Torres García, cunha obra construtivista de cores planas e con realidades recoñecibles. Máis tarde dará un xiro cara á abstracción influído por Dubuffet e Tàpies, combinando na súa obra luz, materia e espazo, con fondos uniformes, con cores neutras e planas ou brancos absolutos. Integra materiais diversos nas súas obras: cordel, placas de metal... e técnica mixta. O Museo posúe a serie *Rosalía, Cris et Chuchot*, estampas, augafortes sen título, con incrustacións, editada en 1999 en Francia. Ademais conserva tamén o Museo 6 estampas soltas e as obras para as dúas edicións colectivas:




- *Sempre en Galiza*, de Castelao, á que achega unha colaboración de dous grupos de figuras con incrustacións brancas para lograr contraste visual. Austeridade, minimalismo, conceptualización.

- *Don Quixote da Mancha*, de Cervantes, na edición galega de 1990, nunha tiraxe de 350 exemplares. Achega unha estampa de fondos neutros con incrustacións de fíos rotos e unha gran franxa negra sobre gris. Vocabulario, pois, abstracto e austero.

EUGENIO FERNÁNDEZ GRANELL

Outro membro da Xeración do 36 exiliado en Francia e na República Dominicana, pasando logo a Guatemala, Porto Rico e EE.UU. Pintor, narrador, poeta, ensaísta, pon a figuración ao servizo do Surrealismo, sendo o máis canónico dos surrealistas galegos. Onirismo, distorsión lóxica, subconsciente e vixilia caracterizan a súa obra.

O Museo posúe 7 gravados de Granell da serie *Imágenes Encantadas*, de 1995. Figuras de compoñente humano ou orgánico, alteradas pola man do artista. Augafortes metamorfoseadas, que distorsionan a realidade de partida, cun estilo grácil, con elementos antropolóxicos e musicais, con liñas sinuosas, a miúdo en negro, sen cor. É a liña a que produce a expresión.



LAXEIRO

José Otero Abeledo, nado en 1908, viviu en Cuba na súa mocidade e, en 1925, volta a Galicia, vencellándose a Colmeiro, Souto, Torres e Eiroa. Sempre anovando, sen esquecer a tradición galega. Emprega a técnica da

estética do granito e un forte expresionismo, mais sen renegar do costumismo, nin a volumetría contundente. Exiliado un tempo na Arxentina, nese país relaciónase con Seoane e Maruja Mallo.

O Museo conserva a serie *Caos-Armonía*, 1976, con doce litografías en branco e negro. Os temas van de entroido, o demo, os monstros, a relixión, o inferno... Estilo ben característico do artista, de volumetrías rotundas. Algunha vez é a liña a protagonista da estampa, cun uso expresivo e sintético, con trazos cheos de movemento e asimetrías, mais logrando a harmonía do conxunto. Colaborou tamén na edición galega do *Quixote*, con estampas cheas de cor, figurativas e expresivas. Aínda custodiamos outra serie de Laxeiro co título *6 serigrafías*, editado en 1976 por Ediciones Taller de la Orilla en Bos Aires, nunha tirada de 60 exemplares.



MANUEL COLMEIRO

Foi autor de moita obra gráfica, ás veces esquecida. O Museo do Gravado mostrou en 2022, **48 gravados á punta seca** realizados a partir das 48 matrizes de bronce e zinc, propiedade da familia, que nalgúns casos nunca foran estampadas.



Editáronse nunha edición especial de 25 exemplares para coleccionistas, con prólogo de Carlos L. Bernárdez. Mostran tamén o clasicismo de raíz picassiana e a Galicia lembrada dende a memoria.

A Biblioteca Ilustrada do Museo posúe do artista **ISAAC DÍAZ PARDO** a obra titulada *Unha presa de dibuxos...de xente do meu rueiro*, editada en Bos Aires en 1956, nunha edición de 200 exemplares. Trátase, como Cas-tealo, de unir texto e debuxo.

A maiores o Museo expuxo en 2022 a exposición *Unha manda de pezas para Isaac de xente do Barbanza*, da que se editou o catálogo.



Para ir rematando quero lembrar a outro Granell, **MARIO GRANELL**, exiliado serodio en Venezuela tras pasar polo cárcere, do que o Museo conserva *Homenaje al pueblo español. Estampas amargas. Vivencia de una guerra civil*, produto da exposición celebrada en Caracas o 27 de febreiro de 1977. É, o seu, un surrealismo xeométrico e comprometido.



O exilio dos artistas galegos é algo máis que o contido nos Museos de Lugo e Ribeira, e bastarían os nomes de **ÁNGEL BOTELLO**, **MARUJA MALLO**, **MARCOS DE ABELENDA** ou **FEDERICO RIBAS** para confirmalo. Fica moito aínda por estudar nos artistas galegos do exilio, mais pouco a pouco vaise facendo camiño nese longo traballo.

BIBLIOGRAFÍA

ALBERTI, Rafael: *Sobre los Ángeles*, Buenos Aires, Losada, 1962.

BarbantiaRte VIII, Ribeira, A. C. Barbantia / Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2022.

BERNÁRDEZ, Carlos L.: “O antifascismo é un humanismo”, en *Un humanismo moderno. Colmeiro, Seoane. Picasso. Vertés*. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2021.

BERNÁRDEZ, Carlos L.: “A obra gráfica de Manuel Colmeiro”, en *Colmeiro*. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2022.

BERNÁRDEZ, Carlos L.: “Dar forma á diferenza”, en *Os homes por Castelao na colección Roberto*

Taboada. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2024, pp. 19-28.

BERNÁRDEZ, Carlos L.: “Dar forma á diferenza. A obra plástica de Castelao até a guerra civil”. Santiago, Laiovento, 2025, pp. 9-25.

BOZAL, Valeriano: “Castelao, imágenes de la Guerra Civil”, en *Castelao grafista*. Madrid, Academia de San Fernando, 2017, pp. 219-263.

CASTELAO: *Milicianos*. Madrid, Akal, 1976.

CASTELAO: *Os homes por Castelao na colección Roberto Taboada*. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2024.

Colmeiro. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2022.

CORTÉS LÓPEZ, Miriam Elena: *Pegadas sobre papel. O gravado galego no Museo do Gravado á Estampa Dixital*. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2018.

DÍAZ PARDO, Isaac: *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro*. Buenos Aires, Arsnovos, 1956.

GRANELL, Mario F.: *Homenaje al pueblo español. Estampas amargas. Vivencias de una guerra civil*, s. l. (Vigo), s. d.

GIRRI, Alberto: *Bestiario*. Buenos Aires, La Garza, 1976.

HOMENAXE AOS GRAVADORES GALEGOS. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2019.

MAÍLLO, Florencio: *Castelao e os cruceiros. Autobiografía e experiencia vital*. Ribeira, Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, 2017.

SEIXAS SEOANE, M. A.: “Castelao y la gente de color en EE. UU. y Cuba”, en *Castelao grafista*. Madrid, 2017, pp. 285-2017.

SEOANE, Luís: *Homanaje a la torre de Hércules*. Buenos Aires, Nova, 1944.

SEOANE, Luís: *Figurando recuerdos*. Buenos Aires, Citania, 1959.



*R*oteiro literario: Da metáfora
ao oxímoro. Porto do Son

Patricia Torrado Queiruga

Licenciada en Filosofía, máster en museoloxía, escritora e poeta

Hai moita xente que se leva achegado a esta vila, ben sexa polos seus castros (O castro de Baroña, coñecido por ser un dos castros marítimos máis importantes de Europa; o castro de Nadelas, na veciña parroquia de Queiruga, do que se conservan restos dos útiles alí atopados en Ribeira, na sala museo municipal; o castro de Illa do Mar, en Caa-maño; e o desaparecido castro da Enxa, no cumio do monte que lle dá nome,...), polos seus moitos quilómetros de costa de area finísima e branca, pola fervenza da Madanela ou pola ponte sobre o Río Sieira.

Xente que leva recalando nesta vila dende hai décadas, que coñeceron este pobo cando sementaba a beiramar de salgadeiras, redeiras, de salitre nos beizos, do cheiro a alcatrán dos calafetadores, de escasos automóviles e de xente afouta. A día de hoxe, moito do que acabamos de referir é unha simple metáfora do que noutroa fomos.

Esta mañá demostraremos que, amais diso, somos unha potencia literaria e artística.

Concentrámonos baixo a Estacada, un símbolo entrego nesta vila, xa desaparecido,



e que, dende o 2021, o goberno local sacou adiante para “lembrar” ese pasado extinto.

Recalamos aquí para comezar cun dos escritores por antonomasia cando falamos de Porto do Son, un sonense de nacemento, fachendoso do berce no que naceu. Boa proba diso son os seus vinte e un libros nos que Porto do Son é personaxe principal, pano de fondo e paisaxe vívida.

En *Usos, tradicións e costumes de Porto do Son*, comenta Manuel Mariño del Río:

“Tanto as estacadas coma os tendedeiros xorden pola necesidade de poñer a



secar as redes de cânabo ou algodón. Estas construcións de madeiros que se superpoñían os uns aos outros ata acadar bastante altura, estaban situados ó longo da praia, e nelas colgábanse a secar as pezas do cerco”.



Vista da fachada marítima do Son dende a zona das Laxieles. En primeiro plano, á esquerda vemos unha das estacadas da vila naquel entón. Foto de Nolaso Gaité, ano 1873

De cara á entrada do pobo vindo da vila de Noia, no xardín que atopamos á man dereita está a escultura homenaxe a Manuel Rodríguez Pazos, sonense e coñecido polo seu labor como franciscano, membro correspondente da Real Academia Galega, profesor e cronista da vila. Escultura inaugurada en 2002, e realizada pola escultora noíesa Soledad Penalta. Esta obra que, nun comezo, resultou tan rompedora, posto que ela mesma fora a encargada do busto ao cura párroco José Moreira Miñones que se atopa no adro da igrexa de San Vicente de Noal, un busto recoñecible e dentro dos canons deste tipo de esculturas, sorprendíanos cunha alegoría, unha metáfora do padre Manolo, en aceiro corten. Unha fiestra ao mundo, fiestra que é pensamento e corazón, saudade da terra, viaxe e retorno, oratoria e oración.

É neste lugar no que nos deteremos para ler o que Manuel Rodríguez Pazos nos comenta en *La venerable orden tercera de San Francisco en Puerto del Son*, cando fala da



Monumento ao padre Manolo da escultora Soledad Penalta

Guerra de independencia e da loita contra o francés, refire:

El 26 de marzo entraron los franceses en Muros, la saquean y la incendian... Es fácil suponer el nerviosismo, la intranquilidad y la efervescencia que habría en Puerto del Son... Más no todo era miedo y pánico. No fueron esos sentimientos los que predominaban y los que desbarataron la vida normal de los pueblos galaicos. Fueron, por el contrario, el ansia de lucha, el deseo de reivindicación, y el afán de independencia los que sacaron de sus ancestrales costumbres a los marineros de Puerto del Son y a los labradores de su distrito.

El Puerto del Son le respondió admirablemente y sus marineros debiendo estar con él en la defensa de Corcubión

y Cee como sus lanchas le sirvieran reiteradamente en las acciones en que la estrategia le obligaba a surcar la ría en diversas direcciones.

Reflexo este texto de afouteza e como dicimos por aquí "arnaxe.

Camiñamos de volta pola fachada marítima para parar a uns cen metros e volver a recuncar na obra de Mariño del Río, desta vez a súa única obra narrativa ata o momento e na que poderíamos dicir que a vila é fondo e personaxe, latencia, reflexión, inspiración, memoria. É na obra *O peto de cartón. Conversas literarias cun vello mestre*, onde Manuel Mariño nos fai percorrer as rúas de outrora, e nas que hoxe en día, só nos queda percorrer coa imaxinación, ancorada aos rescaldos do pasado.

Xacobe colleu a merenda, os folios e o bolígrafo. Camiñaba con celeridade polas estreitas rúas do barrio de Rocapillón. As casas sucedíanse cunha aparente desorde. Todas coincidían na súa estreiteza e, aínda que a meirande parte eran de pedra, algunhas foran caleadas recentemente.

A casa de Don Anselmo estaba preto da praza da vila, nun edificio que noutro tempo acubillara unha tenda daquelas que nos anos de posguerra vendían un pouco de todo. Pechara na década dos sesenta cando os seus propietarios, que xa tiveran unha mala racha nos anos do racionamento, víronse na obriga de facer as maletas e marchar ao sur de Alemaña.

As prazas de abastos foron sempre lugares de reunión, de novidades, de coñecer o

que pasa no mundo nunha soa visita e na miña propia obra tamén aparecen, este é un fragmento de *Don Carlos e o misterio dos lucecús*, que veu a luz en 2021. "Onte pola mañá, despois de chegarmos do colexio, papá dixo, mentres poñía o xantar sobre a mesa, que soubera na praza de abastos que ao mestre se lle enredara o sentido nas pólas das maceiras. Nun primeiro intre non souben moi ben que era iso de <enredarse o sentido>, pero papá explicoume que estaba a perder a memoria e que, ás veces, don Carlos non lembraba cousas da súa vida".



Xa que estamos aquí, e falando da memoria, podemos xirar sobre os nosos talóns para topar de fronte ao mar dúas esculturas de recente colocación, dúas cabezas humanas en ferro que, desta volta, xermolaron das mans do escultor barcelonés Samuel Salcedo, vinculado a esta vila por ser a terra da súa dona, á que sempre volve. Nas súas propias verbas, "estes rostros buscan falar sobre a memoria", mesmo a climática, pois deixándoas expostas consegue que sexa o clima quen remate de domealas, de transformalas por oxidación, facéndoas epiderme sonense, ou deixándolles

ás mesmas esa tatuaxe indeleble, a dun pobo e o seu recordo.

Seguindo o noso percorrido chegaremos á costa da Sagrada, coñecida por todas nós polos múltiples usos que se lle teñen dado, polos milleiros de anécdotas, que se agochan tras o cuncheiro, debaixo de cada pedra da zona intermareal, e polo seu mar de gadoupada agreste, feroz.



Parada para ollar o mar batendo nos cantís da Sagrada

É aquí onde falaremos de Ramón Sampeiro, quen nos amosou que unha soa persoa, dende un lugar pequeno pode berrar tan alto sen levantar a voz, que consiga remexer algo en todas nós, que consiga cambiar o mundo, as leis, que consiga facer da desesperación dun mesmo a esperanza de tanta xente. Recítanos na súa obra, *Cartas desde el infierno*, da que sairá un verso que deu nome ao filme de Aménabar e que puxo Porto do Son e a praia das Furnas no mapa para moitas persoas do país

*Mar adentro, mar adentro,
y en la ingravidez del fondo,
donde se cumplen los sueños,
se juntan dos voluntades
para cumplir un deseo.*

*Un beso enciende la vida
con un relámpago y un trueno,
y en la metamorfosis
mi cuerpo no era ya mi cuerpo;
era como penetrar al centro del universo:*

*El abrazo más pueril,
y el más puro de los besos,
hasta vernos reducidos
en un único deseo:*

*Su mirada y mi mirada
como un eco repitiendo, sin palabras:
más adentro, más adentro,
hasta el más allá del todo
por la sangre y por los huesos.*

*Pero me despierto siempre
y siempre quiero estar muerto
para seguir con mi boca
enredada en sus cabellos.*

Se nos encamiñamos á subida das rochas da Sagrada, atopamos guindada nun recuncho unha escultura do noiés Nacho Costa Beiro, inaugurada aló polo 2006 como homenaxe/monumento ás mulleres traballadoras do concello. Esta escultura que estaba antes situada nos xardíns portuarios, logo da nova remodelación da fachada marítima, quedou relegada e desmontada no prado da zona coñecida coma O Caudillar. Mágoa que tal homenaxe, o seu significado, o que custou a nivel económico e o traballo do escultor fiquen deostados.

Este pobo amais de ser coñecido polas súas múltiples fábricas de salgadura era tamén coñecido por ser un lugar no que o sámago e a súa seiva eran parte indisoluble de cada recanto, berce de múltiples carpinterías de ribeira, garda hoxe no seu casco a última delas, logo do pasamento do seu dono, hai uns anos.



Monumento ás mulleres traballadoras do artista Nacho Costa Beiro, á esquerda situación actual á dereita situación orixinaria

Nestes lugares, o vocabulario era case unha sorte de esconxuro no que se mesturaban idiomas entregos con localizacións marítimo terrestres e mapas imposibles. Como ben día Francisco Calo Lourido na súa obra *La cultura de un pueblo mariner*. Porto do Son:

“Lo cierto es que en Porto do Son, la construcción naval se pierde en la negrura de los tiempos y todavía hoy, queda un taller de carpintero de ribera de una categoría similar a cualquier otro de la ría”.



Á esquerda, o “Puerto del Son” construído na praia. Foto de 1919. Á dereita, confección dunha embarcación na carpintería de ribeira do señor Torné, en 1991

Paralelo ao lugar no que nos atopamos está a Rúa da Roda, unha das que recuperou o seu nome orixinario, por ser eixe vertebrador na nosa historia como vila; chamada así por ser o lugar no que os cordoeiros colocaban

os avíos dos que se servían para fabricar as cordas que se empregaban na cabotaxe, nas fábricas salgadeiras, no campo, e en cada unha das casas da vila. Os artellos usados eran unha sorte de rodas enormes, de entre metro e medio e dous metros de diámetro, nos que se ía trenzando o cânabo ata conseguir uns cabos longos e resistentes. De aí o nome desta rúa que conserva aínda moitas das vivendas que viron a luz nos pasados séculos.



Rúa da Roda arredor de 1950. Abaixo, a mesma rúa a día de hoxe



Subindo cara á capela da Atalaia atopamos, á marxe esquerda, unha escultura tallada por Juan Cabeza Quiles, o *Apóstolo do chapapote*, en granito do país, sedente, cun pergameo que sostén coa man dereita sobre a súa perna dereita no que reza THANKS, e unha máscara antigás sobre a boca, homenaxe aos voluntarios que limparon o fuel nas costas

galegas. O escultor de Pontecesures, afincado en Caamaño dende hai moitos anos, é dos que pensan que as crianzas dxs artistas, ao igual que as dxs políticos, tamén teñen o vicio de comer tres veces ao día e, por iso, non se debe regalar a arte. Algo que só contradixo en dúas ocasións, unha con motivo do afundimento do Prestige pois, ante a afluencia de voluntariado que nos axudase a sacar a masa pegañenta das nosas costas, decidiu homenaxealos a todos, pois, se ben o presidente da xunta apelaba ao Apóstolo, ben se viu que quen puxo as mans, os medios e o alento foron os voluntarios. A outra foi doando unha escultura ao hospital da Barbanza logo da COVID, unha copia da estela vadinense, co gravado dos nomes dos primeiros sanitarios que faleceron no mundo pola pandemia.



O Apóstolo do chapapote

Subimos por un paseo empinado que remata nun acceso voado en madeira con pasamáns, ao que hai que agarrarse para non

escorregar logo da choiva de varios días. Aló arriba, no cumio, hai unha capela, de advocación á virxe da Misericordia, coñecida por algúns como a capela do Carme, porque garda no seu seo unha talla da referida virxe, coñecida por todos pola Atalaia. Tense escoitado por contos de antes que, debaixo, podería abrigar as pedras dalgún castro. A falta de vestixios que así o confirmen seguimos indo ao pé dela para poder gozar dunha das mellores vistas da ría de Muros e Noia, algo que non lle pasou desapercibido nin ao mesmísimo Álvaro Cunqueiro que, na súa obra *El pasajero en Galicia*, nos di:

Y cercados por la lluvia, llegamos al Son. Yo iba invitado a ver el mar desde la ermita de la Atalaya, un mar mayor y heroico, y por una cierta calidad de fuerza y obstinación, un mar antiguo, y claro es, no iba a impedírmelo la lluvia. La ría de Noya y la abierta soledad atlántica, ahora de un gris perla o frío metal, ahora de un tembloroso verde, llegaban hasta mis ojos como una enorme masa de vaga luz, y era un alivio la lejana línea azulada de la península de Muros difuminada tras la lluvia, y la estremecedora claridad que se abría hacia el fondo de la ría, sobre Noya: una ampolla de oro rodeada de negras y lentas nubes por todas partes, nubes para el cielo de una gran batalla naval de la pintura barroca, y la Atalaya como el tajamar de la nave capitana sobre la onda violenta y sonora. Pues la negras nubes cubrían con su mano el sol, no lo pudimos ver, al ardiente disco, hundirse en el mar. Estábamos preparados para el terror latino y la imaginación antigua, pero hubimos de renunciar al naufragio solar a cambio



Estas vistas foron as que non puido gozar o escritor mindoniense polo mal tempo

*de las luces, cálidas y rojas flores, que
le brotaron, con la anochecida, al mar.*

Somos mar de naufraxios, de viúvas de vivos. Contan que nas tardes de néboa, cando os barcos perdían a referencia da costa, as mulleres do Son, a gran maioría enloitadas, subían á capela e facían quendas tocando a campá para sementar de luz as sombras, para ser fachos de invidentes, para levar da man co son do bronce a pais, irmáns, maridos e fillos.



Capela da Virxe da Misericordia ou de Atalaia

Baixando a carón da Casa de Cultura da vila, accedemos a unha praciña que nos dá acceso á biblioteca pública e á propia Casa de cultura, unha casa de cultura que ten a fachenda de cubrirse cenitalmente dende o interior cun mural circular "O Atlante", do

artista Noiés Alfonso Costa, ao igual que cada unha das paredes do auditorio, algo que merece visita obrigada.

Pero iamos falando do escritor sonense do que toma nome a biblioteca pública municipal, Xerardo Díaz Fernández, do que saberemos entre outras cousas, dos sucesos acontecidos na ponte de Cans en 1916, ou da propia Guerra Civil, así nos conta o sufrido no seu propio peello en *Os que non morreron*:

As cousas precipitáron-se. Entre lusco e fusco aprendéronme. Cando me pecharon na cadea improvisada do Concello, xa me agardaban os meus compañeiros de tristura e dor: Xoán González, Antón Conde e Manoel Maneiro...

Así pasaron dous días e por fin soupen quen era o meu compañeiro que de noite se deitaba á miña beira. Ao velo no pateo sentado no chan cas costas á parede antre un fato de presos de Santiago, cunha carpeta na man e dibuxando, decatei-me axiña de quén era; eu había visto moitas veces en dita cidade, algunhas en compañía de Castelao e de Maside; era Camilo Díaz Baliño, un bó pintor, escenógrafo, muralista; de coarenta e tantos anos, moreno, ampla fronte con entradas nos

cabelos, narís aguileña, con pozo no queixo. Pensaba moito e falaba pouco, cicáis por estar na cadea non era moi comunicativo.



Biblioteca pública municipal Xerardo Díaz Fernández

Este noso Son ten mudado moito a súa faciana, mesmo os seus lugares de reunión, supoño que coma todos os pobos, ou igual non. Andando uns metros atopámonos no Campo do Lixar, do que nos fala José Barreiro Barral en *Historia de Porto do Son y su distrito*.

En aquel mercado solamente se vendían leñas, ya de árboles ya de matas montaraces como tojos y carrouchas, que era el combustible doméstico que se consumía en todos los hogares de la Villa, y aún de alguna pequeña industria que, por su corta vida, diríamos que más bien habían sido montadas en plan experimental o de ensayo “Las cuatro o cinco panaderías que funcionaban en el pueblo solían consumir “mato” que resultaba más barato y producía alto calor. También se usaba, para recalentar los costados de las dornas al raspar las carenas viejas antes de aplicar las nuevas, así como en las casas modestas que cocían el pan en sus propios hornos”.

Para surtir diariamente aquel mercado, bastaba la parroquia de Baroña, rica en montes y pinares.



Feira no campo do Lixar, arredor de 1926

Seguimos andando cara a onde hoxe está a gardería e a ludoteca, o que outrora fora a situación da Casa do Mar, e que ten á súa beira dúas fontes, unha de cantería torneada e outra de nova feitura aproveitando unha cacharela, e que non estivo exenta de polémica. A día de hoxe podemos dicir que somos a vila que ten a fonte máis erótica de toda Galiza. Digo isto porque pouco tardou a veciñanza en alcumala “a Fonte das cachas”. Fronte a ambas as dúas hai anos atopariamos unha das casas máis fermosas do Son, a casa de Formoso, que se derrubou nos primeiros anos do milenio



Á esquerda, en primeiro plano, a “Fonte das cachas”; tras dela, a fonte que substituíu en 1990 a Fonte do lixar, erixida en 1933, en tempos da Segunda República. Á dereita, o derrube en xullo de 2001 da casa de Formoso

para construír un bloque de edificios e un supermercado.

Baixando pola rúa Visitación, imos dar ao coñecido como Concello Vello, que a día de hoxe acolle o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, unha pequenísima mostra de achados, case irrelevantes, do devandito castro, se contamos que unha das pezas máis importantes atopadas alí, a arracada de Baroña, se atopa deslocalizada nos fondos do Museo Aqueolóxico de San Antón, na Coruña, xunto con fíbulas, muíños de man e diversas pezas máis. No baixo deste edificio, de importantes perpiaños de cantería, podemos atopar o salón de plenos e, na súa entrada, un sartego de pedra traído da zona de Baroña, onde a día de hoxe, na zona de Penas, podemos atopar outro das mesmas características, pero con tapa.



Concello vello e actual Centro de Interpretación do Castro de Baroña

Di Mariño del Río en *Os tráxicos sucesos en Cans (Nebrá) 1916*:

“En xuño de 1916 unha enorme concentración dunhas 3000 persoas rematou ás portas do concello... Os manifestantes proclamaron consignas, ao tempo que se encrespaban os

ánimos con gritos como “Morran os caciques, viva a unión dos labregos traballadores”. Outros coreaban “Non se paga o défis, non se paga non; non se paga o défis no Porto do Son”. Esta revolta popular, da que varios escritores e xornais se fixeron eco naquel entón, entre eles o mesmo Castelao que, coas súas ilustracións o reflectiu.

Seguimos o roteiro e os nosos pés lévannos cara á Praza de España, unha praza que ten cambiado ao longo dos anos unha barbaridade, pero que aínda garda as tatuaxes dos lugares nos que se atoparon os seus diferentes nomes: Da Constitución, Rafael Gasset, Da República.



É aquí onde falaremos de Áurea Lorenzo Abeijón, poeta nacida en Beneso, emigrada á Arxentina. Nunca esqueceu a súa terra, e proba diso atopámola na súa obra *Queixas* recuperada por Aurora Marco, escritora sonense por adopción.

ECO DA MIÑA GALICIA

Camiños da miña terra,
tempo hai que os deixei;
bágoas non hai nos meus ollos
de tanto que os chorei.

Ribeiras brancas que ví,
ondas que o vento bateo,
estrelas tan relumantes
non as vexo no outo ceo.

Chéganme eiquí as canzóns
das orelas do meu mar,
máis eu, coitada de min,
tan lonxe non sei cantar.

Quero entora nos meus beizos
os aires que adeprendín,
e soio sinto os seus ecos
cantando dentro de min.

Camiñamos ata a rúa Entremurallas para
toparnos con este testemuño pétreo xa que
moitas das referencias históricas das que te-



mos constancia saíron desta casa, de mans
de Ignacio Martínez de Santiago, escribán de
Su Majestad, ano 1743; foi este devanceiro do
fomentador José Santiago Ervilla. Del faálanos
Santiago Llovo Taboada en *A salga no Son*.

Volvemos sobre os nosos pasos á praza e
baixamos pola Rúa Trincerpe para rematar
onde empezamos, ollando o mar, reflexio-
nando sobre se somos metáfora dun pasado a
recuperar ou contradición en si mesma. Con-
cluiremos pois con poesía esta hora e media
de descubrimentos varios, por iso de deixar
no padal o celme do que somos, sen esquecer
que, coma tantas vilas galegas, fomos tamén
berce da emigración. Este poema pertence
a unha obra da miña autoría, *Herdar a fala*.

Deixarte Ir

Pasarlle o ferro ás palabras
para poder sacar a humidade das
bágoas,
dobrar os recordos
para que entren todos,
miúdos,
ben dispostos
na maleta que levas
nas meniñas dos teus ollos.

Deixarte ir
esmiuzando oracións entre os dentes,
rezando en silencio nos panos, por
non reterte.

E chorar mentres te afastas,
limpar os mocos co puño
e beber o salitre que deixa nos beizos
a marcha do seo materno
pola fachenda dun país
que non soubo reter os fillos contra si.



*L*embranza dun tradutor.
No centenario da morte
de Vaamonde Lores

Román Arén

Licenciado pola USC, profesor, investigador e escritor

I. O AUTOR

O 19 de outubro de 1925 falecía na Coruña **Florencio Vaamonde Lores**, que nacera en Ouces (Bergondo) o 2 de abril de 1860, de orixe fidalga. Funcionario de Facenda, foi un dos corenta académicos fundadores da Real Academia Galega en 1906. Amigo de Murguía, Curros Enríquez e Pondal, pertenceu ao faladoiro da Cova Céltica e soe clasificarse entre os membros da Escola Coruñesa, é dicir, pertence á xeración literaria dos nados entre 1860 e 1869: Manuel Lugrís Freire, Eladio Rodríguez González, Manuel Núñez González, Alberto García Ferreiro, Aurelio Ribalta, Francisca Herrera Garrido, Enrique Labarta Pose, Manuel Lago González, Heraclio Pérez Placer e Noriega Varela. Varios dentre eles foron denominados por Méndez Ferrín como Escola Formalista, formada arredor de Pondal e Murguía, mais tamén admirados por Curros e Rosalía de Castro.

Florencio Vaamonde, que cultivou todos os xéneros literarios agás o teatro, asinou tamén os seus textos cos pseudónimos "Xan de Ouces, Domingo Buño, Vicencio Castro, Jan Silvos de Bouzós, Pedro de Aldarete ou Fulvio Vergodense". Colaborador da *Revista Gallega* (1895-1907), *A Nosa Terra* (1907-1908), *Boletín Bibliográfico da Librería Rexional*, *La Idea Moderna*, de Lugo; *La Voz de Galicia* ou *A Nosa Terra* (1916-1936), mais tamén noutros xornais galegos e nas revistas da emigración. Poeta clasicista, coñecedor do grego e do latín, pero tamén do italiano, o francés ou o catalán, é un escritor característico do Postrexurdimento, isto é, dos que publican entre 1890 e 1930. Son moitos os méritos literarios de Vaamonde, aínda que non hai dúbida de que ocupa un lugar de honra na historia da tradución galega, sobre todo, polas *Odas de Anacreonte* (1897), mais



tamén polas traducións de Horacio, Virxilio, Teócrito, Dante, Musset ou Carducci.

Como poeta cultivou a épica, a lírica e a sátira e foi tamén historiador, ensaísta, narrador, conferenciante e xornalista. Outro dos seus méritos salientables foi publicar o primeiro libro de Historia de Galicia en galego en 1899 e o primeiro intento de facer unha historia da literatura galega na nosa lingua, ademais de divulgar a xeografía galega e os temas de agricultura. Comezou a súa andaina literaria con artigos históricos en galego e castelán e, en 1887, editou unha *Historia de Betanzos*. Logo virá o seu notable poema épico *Os Calaicos*, en 1894, a instancias de Curros Enríquez e, xa no século XX, dous poemarios líricos, *Mágoas* (1901) e *Follas ao vento* (1923); unha novela, *Bestas bravas* (1923), e outra xa póstuma, *Anxélica*, en 1925. Salientable

é tamén a calidade do seu galego, limpo e fluído, culto, que trata sempre de dignificar e enaltecer.

Membro das Irmandades da Fala, foi un bo cultivador do soneto, estivo bastante esquecido ata 1986, cando Díaz Pardo reeditou nun volume *Os Calaicos* e as *Odas de Anacreonte*. Tamén se reeditaron a *Historia de Betanzos* e o *Resume da Historia de Galicia*. Xa no século XXI, contamos coa edición conxunta de *Os Calaicos*, *Mágoas* e *Follas ao vento* nunha boa edición de Isabel Seoane, que engadiu aos poemarios algúns poemas ciscados na prensa, entre eles o dedicado a Rosalía de Castro escrito en 1887 para unha homenaxe á poeta en Bos aires:

*Non houbo quen cál ela lle puidese
facer vibrar á lira o sentimento;
nin houbo quen puidera competirlle
nos tenros e docísimos acentos
que, pra sempre, quedaron espallados
coa cerna da súa alma nos seus versos,
que non poden morrer, mentres non
[morra
o amor da patria nos galegos peitos.
Honor e grande tes jouh, tumba fría!
en gardar de tal morta os nobres restos.*

Este romance histórico, publicado en *El Eco de Galicia* da capital arxentina, dá boa conta do seu galego culto, áxil, e do seu ton clásico.

II. O POETA

Sen dúbida hai certo consenso crítico en considerar o seu poema épico *Os Calaicos* (1894), como a máis importante das súas obras, que trata do cerco da Coruña no século XVI polos ingleses, cando de *Os*

Eoas de Pondal só se coñecían fragmentos. É certo que había outro poema épico co mesmo asunto, *Lenda de groria*, de García Ferreiro, mais o de Vaamonde Lores é máis clásico e o seu modelo son *Os Lusíadas* de Camões, mentres que o de García Ferreiro é de xinea romántica, próximo a Victor Hugo. O poema épico de Vaamonde apareceu de primeiras na revista de Curros Enríquez da Habana (*La Tierra Gallega*) e logo imprimiuse na capital de Cuba como volume. A revista de Curros gabou en varios soltos o poema: "La índole de este poema, primero y afortunado ensayo que en el género épico realiza su autor..." ou sobre as oitavas reais nas que está composto: "... están bien metrificadas y hay en ellas artificio suficiente para suplir el calor de la inspiración que por alguien se nota". Non obstante, a recensión de *La Voz de Galicia* foi negativa: "*Os Calaicos* es una sensible equivocación del Sr. Vaamonde...", censurando "lusitanismos imperdonables", ao que engade que o texto non ten "ni pizca de inspiración" e con estrofas "descuidadas en la forma". É certo que a obra ten algunhas eivas métricas mais, en palabras de Isabel Seoane, "vai ser un chanzo máis na consecución dun sistema normalizado".

En 1901 publica *Mágoas*, onde destacan os sonetos e a influencia dos clásicos, no que Seoane pon de relevo as tres liñas que o caracterizan: patriótica, existencial e amorosa. O poemario non tivo case ecos críticos ata o interesante traballo de María Teresa Amado en 1999. Mellor sorte crítica tivo *Follas ao vento* (1919), recensionado por Armando Cotarelo Valledor en *Ultreya*: "Resplandecen en los versos del Sr. Vaamonde pensamientos, imágenes, comparaciones y frases cosmopolitas o universales y como son de índole tan subjetiva y psicológica resultan poco aptas para el sabor campesino... pero indisputable es, sin duda,

que estas poesías gallegas aún escritas en otra lengua, serían siempre poesías”.

Fóra destes poemarios deixou dispersos moitos poemas de interese, dos que cómpre lembrar a sátira “A sombra de Fandiño” (1908), a súa única incursión na sátira; e a lenda de raíz romántica “Fernando de Xinzo” (1908). Como exemplo da súa poesía, selecciono “Transporte báquico” (1894), influído por Anacreonte:

*Bebamos rapaces,
os vasos baleiros
deixemos, que logo
de novo encheremos.
¡Que viño tan rico!
¡Que viño tan testo!
Mirai cal rebrinca
bulindo, fervendo.
¡Que bo! ¡Que ben sabe!
Bebede sen medo;
botade outra copa,
seguid bebedo,
que o viño nos cura;
por el esquencemos
o mal que nos creba,
e dános alento,
e dános mil goces,
e dános bon xenio,
el é poderoso,
con bastante imperio
como que é de Baco
fillo predilecto,
amigo de risas,
festas e contentos
ninguén nel infere.
¡Termade! ¡Bon peito!
Bebamos de novo
non demos afeuto,
que se é que privados
tal vez nos poñamos
un sono ben doce
virá a socorremos*

*e en brazos do sono
felices seremos.*

O influxo dos clásicos é tamén evidente no poema dedicado a Curros Enríquez, onde o compara aos clásicos latinos Xuvenal e Persio, pois “Endexamais as cordas da súa lira / a servizo estiveran dos poderosos” xa que “Alaba a reititú, fostrega o vicio”. Na poesía de Vaamonde non faltan as influencias de Horacio e Ovidio, que une ás de Dante, Petrarca e Leopardi. A presenza do *locus amoenus*, o *carpe diem*, os praceres oníricos, ou a mitoloxía amosan con claridade a lección dos clásicos greco-latinos.

III. O NARRADOR

A narrativa de Vaamonde Lores editouse xa na década de 1920 e, en vida do autor, apareceu só *Bestas bravas* en 1923, pois *Anxélica* foi editada tras a morte do autor e sen as correccións necesarias e, aínda así, mereceu mellor sorte crítica ca a novela anterior. Carballo Calero, na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, anota que “é unha historia de fidalgos rurás, ao traveso de varias xeracións e moi poucas páxinas” e “semella crónica de sucesos reás, e contén materiás dabondo pra tecer unha novela realista”, mais “Vaamonde limitouse a escribir o argumento sen desenvolver os caracteres nen crear o ambiente”, o cal se axusta en xeral á verdade.

Anxélica (1925) merece un xuízo de Carballo máis ben moral ca literario, con personaxes “mormente ben ruins” e “non se esprica pra qué escribiu Vaamonde iste tan pouco exemplar relato, como non fora pra recoller unha historia local” e “demasiado impaciente” e “non crea atmósfera”. Con todo, Ramón Martínez López, que recensionou a

noveliña en *El Compostelano* en 1926, opina que se a puidese ter corrixido antes de morrer "ésta ganaría, máis en feitura, anque non en sentimento". En *A Nosa Terra* o ton laudatorio é algo excesivo pois gaba o seu galego e cualificaa de "maxistral". Tamén a revista *Nós*, en febreiro de 1926, foi máis ou menos positiva, e define a Vaamonde como "persoalidade ben curiosa por mais d'un concepto e home de moita sabidencia, era tamén un dos mellores coñecedores da nosa fala". No ano 2006 Pardo de Neyra reexaminou a novela e estudou con detalle o argumento para xulgar que "malia que ao longo da novela atopemos numerosas reiteracións e erros e descompensación de feitos que primeiro son narrados dunha maneira e despois doutra diferente" ... "Anxélica acaba semellando a figura máis perfecta que os intelectuais do momento idealizaban como destino máis favorábel para a Galiza". Iso si, Carballo Calero xulga o seu galego como "limpo, craro e culto", que "realiza mellor que outro algún o ideal lingüístico que alentaba en todos os escritores que se comprenden baixo aquela denominación, é dicir, a Escola Coruñesa, para engadir que era o máis culto deles, "cunha cultura de tipo clásico, humanístico", e que formalmente "poseía un equilibrio, unha moderación, un senso tradicional da composición que encobren a miúdo unha malenconía de tipo romántico".

IV. O ENSAÍSMO E A DIDÁCTICA

Ademais de publicar en castelán unha *Historia de Betanzos* e varios artigos históricos, en galego publicou en *A Nosa Terra* a conferencia "Proceso da cultura galega", ademais de artigos de historia noutros medios, artigos de divulgación sobre a agricultura e, sobre todo, *Resume da historia de Galicia* (1899), moi dependente de Murguía, excesiva

na brevidade, mais que ten o mérito de ser o primeiro intento en lingua galega, e ademais engade unha historia da literatura en galego, o primeiro intento serio, con textos escollidos de poesía, teatro e narrativa. Ao final da obra engade un índice de autores que cultivaron o galego e afirma ser a orixe dun futuro dicionario de autores.

V. AS NECROLÓXICAS

Home sinxelo, de bo trato segundo os seus contemporáneos, mereceu algunhas necrolóxicas agarimosas. En opinión de Isabel Seoane, a mellor foi a que lle dedicou Juan González del Valle na revista *Alfar*: "Del frondoso y recio árbol del romanticismo galaico se ha desgajado la postrera rama lírica. Rama señera y verdecido donde afluyó el vigor concentrado de la savia, que cobijó generosa la maternal tibieza del postrimero nido...", e cualifica a Vaamonde como "laborador paciente y abnegado" que sementou "los afanes más encendidos y los más subidos ideales...", e que era "sobre todo, un admirable poeta".

O seu amigo e compañeiro na Real Academia Galega, Eladio Rodríguez González, despídeo no *Boletín* da institución como "enemigo de toda exhibición pública que pudiera significar oropel, ha querido y sabido vivir oscuro, en la santa y austera oscuridad de su ánimo sereno y reposado y de su ferviente y acendrado amor a las letras gallegas, de las que era un feliz y calificado cultivador".

Antón Villar Ponte, quen tivera enfrontamentos en *A Nosa Terra* cos galeguistas do grupo de Vaamonde, despídeo no xornal *Galicia* de Vigo cunha necrolóxica de título retranqueiro: "En la muerte de un hombre que nació pretérito", non deixa por iso de lle facer xustiza:

"...consagrou toda a súa vida ao estudo de cuestións galegas, adquiriu unha gran cultura intensa e extensa por si mesmo...", mais "nació pretérito. Era un espírito clasicista albergado en un corpo enxuto. Un erudito concienzudo conocedor do alma de las antiguas civilizaciones gloriosas. Un cicerone docto a lo largo de caminos de la cultura gallega". Engade que "el hondo saber que atesoraba levábale a esta postura ideolóxica, de elegante escepticismo". Con certa ironía asegura que "célibe y casto, abstemio, sencillo, gustaba sin embargo de las letras griegas anacreónticas y de las odas arcaicas". Cre que non se lle fixo toda a xustiza debida á hora da súa morte. Agora ben, que "él tan bueno, tan noble, tan suave, tan comedido —incapaz de todo mal y de toda violencia— estamos seguros de que mataría a Marinetti, su antípoda perfecto, de tropezarle en su camino." Os seus espíritos italianos, engado, eran Dante, Petrarca, Leopardi e Carducci.

En primeira plana despidese a Vaamonde Lorea *A Nosa Terra* en "Verbas de loito": "Escritor de moita valía, ten contribuído grandemente á cultura galega coas súas obras e coa constante colaboración que durante moitos anos sostivo n-algunhas revistas de Galicia...", gaba o seu labor de tradutor e o "grandísimo conocimiento da fala galega, na que era mestre...", "mestre querido e venerado." O xornal reedita o poema "Outeiro, meu Outeiro, berce amado..." e o artigo "Lembranza". Nunha nota cita a homenaxe que lle rendeu o concello de Betanzos, nomeándoo "fillo predileito".

VI. O TRADUTOR

Florencio Vaamonde traduciu para o galego dende o grego clásico, o latín, o francés, o portugués, o catalán e o castelán. Da lingua castelá traduciu a Francisco Martínez de la Rosa ("Ao sono"), Indalecio Varela Lenzano

("Na pradeira", con F. Tettamancy), Frei Luís de León ("Na Ascensión"), e dous sonetos de Lupericio Leonardo de Argensola. Do francés puxo en galego a Alfred de Musset ("A Malibran") e, dende o italiano, dous sonetos de Dante e "Miramar" de Giosue Carducci. Dende o portugués puxo en galego o artigo de Antonio Padula "O centenario de Almeida Garret". Dende o grego clásico publicou en 1897 as *Odas de Anacreonte*, o "Canto patriótico", que atribúe a Tirteo e que agora se lle apón a Calino. Do latín pasou ao galego a "Égloga I" de Virxilio, a "Epístola aos Pisóns" e "A Grosfo" de Horacio. Mesmo traduciu do asturiano "O neno enfermo" de José Caveda, mentres tamén adaptou ao galego poemas de Camões ("Letrilla"), Bulhão Pato ("A Helena"), Bocage ("Canción á morte de Inés de Castro") e "Rosa e lirio" de Almeida Garret. Aínda se poden engadir a tradución de "Jours d'Hiver" de Laurent de Rillé e, dende o catalán "Os segadores". É moi posible que existan outras traducións ciscadas na prensa e bo sería reunir as nun volume pois son parte importante da historia da tradución ao galego. Fixo un labor de tradutor importante no período temporal de 1895 a 1922 e, con ese labor, quixo fornecer o galego cos poetas clásicos, pois para el eran algo vivo, a cerna da súa poesía, e así amosou que a lingua era apta para todos os xéneros literarios e podía transvasar sen medos os autores máis destacados da tradición.

Escolmo algúns exemplos das súas traducións, de Anacreonte, Tirteo (Calino) e Horacio. Das *Odas de Anacreonte* escollo a primeira e a décimo primeira:

I Á SUA LIRA

*Quero cantar dos Atridas,
Quero de Cadmo cantar;*

*Per só doces amores
Miña lira quer soar.
Lle arremudo as cordas todas,
Cantar de Alcides pretendo;
Mais ela tan só de amores
Intérprete sigue sendo.*

*Héroes, adiós para sempre:
A gloria ja non me inspira,
Que á cantar tan só de amores
Consagrouse a miña lira.*

XI DE SI MESMO

*—Anacreonte, ja vas vello,
Verás que calvo te atopas
Se te miras nun espello.*

*As nenas así me din,
Mais eu o ver non procuro
Se o meu cabelo perdín.*

*E cousa que non me importa,
Porque sei ó que convén
Ao que está da morte á porta.
Que é gozar con alegría
Maisgrande canto máis cerca
vaia-mos da tumba fría.*

Vaamonde atribúe a Tirneo o "Canto patriótico" que agora a crítica cre da autoría de Calino:

CANTO PATRIÓTICO

*¿E cando queredes do sono acordar,
E cando, rapaces, teredes de dar
Manánimas mostras do antigo Valor?
¿Sofrís do viciño groseiros insultos?
¿Os patrios ardores envos sen sepultos?
¿Cargados de oprobio, non tendes
[rubor?
¡Cobardes! Cuidastes na paz
[dormecer,*

*Mail-a ira guerreira repouso non quer;
A terra retembra de Marte o furor.
A donde da patria o amor vos trasporte,
correde, rapaces; morrer non importe,
Mail-o último feito sea feito de honor.*

*¡Ouh, canto é duzoso ao nunca
[domado,
Pol-a muller cara, pol-o fillo amado,
Por gloria da patria a morte afrontar!
Dos vis e dos bravos botáronse as
[sortes;
Arriba, ¡ei! ao campo, correde por fortes
O ferro empuñando, a patria á salvar.*

*Non; home non foxe do extremo
[destino,
Nin o salva a gloria de orixe divino;
A morte camiña quen nace mortal.
¿Qué val ao cobarde fuxir da funesta
Procela de dardos? No medio da festa
A morte na casacio encontro lle sal.*

*Lle sal; e dos fillos o pranto non oe;
Non arpas vibrantes, non canto que
[ó loe,
Honor do sepulcro pra o vil n'habará
Mai-lo home esforzado que morre
[loitando*

*Non queda esquecido, nin tempos
[pasaando:
Seu nome disfruta da inmortalidadá.
Honrosa lle é a morte, que deixa
[patente*

*Desexo de obtere cal él por valente,
Vivindo, unha gloria que á un nume o
[igualou.
Cal torre onde poñen toda-las miradas,
As glorias recolle que son enarradas,
Aquel que nal lidés aos máis superou.*

Tomo o texto de *A Nosa Terra* (número 40, 27/05/1908) onde está dedicado "Ao Sr. D. Evaristo Martelo Paumán, autor da Misión dos bardos".

Tamén do xornal *A Nosta Terra* (número 43, 19/06/1908) tiro o texto "A Grosfo" de Horacio:

A GROSFO

*'Otium divos rogatin
potenti'*

*Bonanza aos dioses pide no espacioso
Mar Exeo irritado o mariñeiro,
Cando os astros non fuixen, que co'a lua
Van por nubes cubertos;
Descanso a Tracia enfurecida en*

*[guerras,
Descanso os claros fareiros medos,
Que nin as perlas, nin o purpureo*

*[mmanto
Compra, ni o ouro mesmo;
Que non nos toman os tumultos tristes
Nin a riqueza ou consular arqueiro,
Nin os cuidados que rodando voan
Pol-os dourados teitos.*

*Feliz ¡ouh Grosfo! que en ténue mesa
Mira o herdado brilador saleiro,
E non lle quebran o mais leve sono
A cubiza ni o medo*

*¿Por qué lanzamos en mortales áas,
Ousados, ao futuro o pensamento,
E en busca de outro sol de outras terras
Deixamos os eidos?*

*As brónceas proas sube o ruín cuidado,
Ao fugaz escuadron sigue lixeiro,
Mais que os corzos veloz e mais que
[as rachas*

*Mais sutiles dos Euros,
Con ledó espírito no presente, fuxa
Un incerto porvir, e da alma os feros
Co'a risa se temperen, que no mundo
Non hai pracer duradeiro.*

*Rápida morte en flor levou á Aquiles,
A Títon a vellez mirrou ao lento,
E a ti che negan o que a min acaso
Prestaron de bon xeito.*

*Pra ti bruan sicilianas vacas
E te arrodean de rebaños cento,
É a égoa alta par aos carros rincha
Laus retintas por medio
Do múrice afracán á ti te visten;
A min, pequenos campos e un alento
Da grega musa, concedeume a Parca
E pra o vulgo desprecio.*

VII. CONCLUSIÓN

Vaamonde Lores foi un poeta épico digno de ter en conta, cun bo galego, mais tamén un bo poeta lírico, que dominou o soneto. Uniu o mundo celta ás influencias clásicas greco-latinas e aos poetas renacentistas. Sería, quizais, xa o tempo de editar a súa poesía completa. O *Diccionario da Literatura Galega I. Autores* (1995), considérao "un dos mellores valores do período", aínda que sexa máis reticente con *Os Calaicos*, xa que "a fidelidade ós modelos impide considerala unha obra de relevo maior", e aínda así estudará a obra entre as máis importantes da nosa literatura noutro volume.

Mediano narrador, foi pioneiro en cultivar a historia e a historia da literatura en galego, mais tamén a xeografía na nosa lingua e a divulgación sobre agricultura. Máis mérito indiscutible tivo como tradutor dos clásicos e doutros poetas, como Dante, Carducci ou Musset, o que lle debe dar un posto moi destacado na Historia da tradución galega.

Os traballos de Amado García, Seoane Sánchez e Vázquez Souza son esenciais na revalorización do autor, a carón das páxinas positivas de Carballo Calero e o esforzo editorial de Díaz Pardo ao reeditar parte da súa obra.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

AMADO RODRÍGUEZ, María Teresa: “Ecos clásicos na lírica de Florencio Vaamonde”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1998, (1999).

AMADO RODRÍGUEZ, María Teresa: “Literatura greco-latina y literatura galega: algunas calas”, *Cuadernos de literatura griega y latina*, USC, III, 2001.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1981.

LORES, F.: *Os Calaicos. Mágoas. Follas ao vento*, Vigo, Xerais, 2003, p. 11-152.

PARDO DE NEYRA, Xulio: *Os cabaleiros petan nas portas da literatura*, Sada, O Castro, 2006, p. 267-273.

SEOANE, Isabel: “A primeira historia da literatura escrita en galego”, en *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, USC; t. II, 1999.

VÁZQUEZ SOUZA, A.: “Florencio Vaamonde. Xemendo sen gloria. O esquecido centenario da primeira historia de Galiza en galego”, en *Desta beira do Leteu*, Santiago, Laiovento, 2004, p. 99-105.

VILAVEDRA, Dolores (coord.): *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

VILLAR PONTE, A.: “En la muerte de un hombre que nació pretérito”, en *Pensamento e sementeira*, Buenos Aires, Ed. Galicia, 1971, p. 50-52.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

CASTRO LÓPEZ, Manuel: “Don Florencio Vaamonde”, *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 30/03/1901.

COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Diccionario bibliográfico*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, t. III, 1953.

FORCADELA, Manuel: “Florencio Vaamonde”, en “A poesía de finais do século XIX, en *Galicia, literatura*, A Coruña, Hércules, t. XXXI, 2000, p. 393-395.

GONZÁLEZ DEL VALLE, J.: “Florencio Vaamonde”, *Alfar*, número 54, XI-1925.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: “Orixes da poesía galega do século XX: o formalismo”, *Grial*, número 26, Vigo, (1969).

NAYA PÉREZ, Juan: “Vaamonde Lores, Florencio”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 29, Xixón, Silverio Cañada, 1974 e ss., p. 202.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E.: “Letras de duelo. Don Florencio Vaamonde Lores”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, número 178, 01/12/1925.

S.S.: “Verbas de loito. Don Florencio Vaamonde”, *A Nosa Terra*, número 218, 01/11/1925, p. 1-2.

S.S.: Recensión de *Anxélica* en *Nós*, número 26, 15/02/1926, p. 17.

VAAMONDE, Florencio: “A sombra de Fandiño”, *A Nosa Terra*, número 35, 23/04/1908 e número 36, 30/04/1908.

VAAMONDE, Florencio: “Fernando de Xinzo”, *A Nosa Terra*, número 37, 06/05/1908; número 38, 13/05/1908; número 39, 19/05/1908.

VAAMONDE, Florencio: *Os Calaicos. Odas de Anacreonte*, Sada, O Castro, 1986.

VAAMONDE, Florencio: *Resume de Historia de Galicia*, Santiago, Eds. do Cerne, 2011.

VAAMONDE GANO, Adoración: “El archivo de los Vamonde en la casa de Ouces”, *Anuario Brigantino*, número 18 (1995).

VARELA, A.: “A primeira historia de Galicia en galego cumpre o seu centenario”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 12/01/1999.

VILAVEDRA, Dolores (coord.): “Os Calaicos”, en *Diccionario da literatura galega III. Obras*, Vigo, Galaxia, 2000, p. 66-68.



*M*úsica para o país pequeniño.
Bibliografía e guías

Pilar Sampedro

Profesora do ES. Especialista en Literatura infanto-xuvenil e escritora

O Salón do Libro Infantil de Pontevedra xira ao redor dun país e dun tema ou xénero. Dende que Eva Mejuto se fixo cargo da súa organización, conta coa colaboración de GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) para realizar a bibliografía que vai axudar a que o profesorado poida buscar con máis facilidade os recursos que servirán para aproximarse á materia que se vai tratar. A selección que se realiza é de recursos en galego, xustamente o campo de estudo, defensa e divulgación de GALIX, o que constitúe a súa misión.

Ante a dúbida de se, unicamente, se recollerían as publicacións catalogadas neste momento ou toda a produción á que se tivo acceso, en galego, ao longo do tempo, tomouse esta última decisión. A razón é moi simple, vaise traballar coas bibliotecas, e nestas podemos atopar materiais que xa non están accesibles nas librarías. É certo que nos gustaría que o evento puidese servir para dinamizar a edición, colaborando na merca de libros pero, se hai vontade, unha cousa non quita a outra. Cando, de pronto, descubres que a túa biblioteca conta con materiais que precisas, a autoestima aumenta e dámonos conta de que igual temos que repensar varias veces o expurgo dos materiais en galego, antes de facelo. Por que? Pois porque pode que non sobre da mesma maneira que os doutras linguas, porque custa moito máis traballo contar con recursos neste idioma e, polo tanto, deben ser valorados. A este respecto, temos levado algún que outro susto: libros que se desbotan por unha normativa ortográfica diferente, porque foron publicados antes de determinado ano, porque nos semellan “antiguallas”..., incluso porque alguén se atreve a dicir que a rapazada actual xa non se identifica co que alí se conta, como se só puideramos ler a literatura actual e non atender a canons e clásicos, a aqueles libros que van criando pouso co tempo men-

tres os demais xa nin envellecen porque nos caen das mans.

Desta maneira, seguindo o lema do Salón, fóronse elaborando as bibliografías que, nesta época, comezaron con *Mulleres de conto*, para continuar con *A revolución*, *O humor*, *Emerxencia literaria*. *Libros para salvar o planeta*, *Con moita arte*, *Libros para xogar*, *A maxia dos libros*, *O cine* e, para o ano 2026, *A música*.

Dalgunha destas bibliografías temos partido para elaborar guías de recursos como *Donas no espello da LIXG* (Literatura Infantil e Xuvenil Galega) ou *Clorofila en letra para curar o planeta*. Podemos preguntarnos para que serven as bibliografías, e contestaríamos que para saber con que recursos traballar determinado tema. Seguiremos preguntándonos: para que serven as guías, e contestaremos



que para achegar estes e outros materiais con máis información e organizándoos para que resulte máis doado saber a onde acudir e para que nos serve cada documento.

En *Donas no espello* da LIXG distribuímos os recursos atendendo a determinadas etiquetas: *De ruptura de estereotipos* (no que se recollen aquelas historias nas que os personaxes xa non representan os roles convencionais ou nos que desaparecen os estereotipos do pasado), *De despertar* (os que nos abren os ollos salvándonos da alienación), *De violencia de xénero* (as obras nas que se trata esta lacra), *De mulleres senlleiras* (as biografías ou vidas noveladas de mulleres que destacaron ao longo da Historia), *De diversidade* (coa subdivisión de diversidade familiar ou diversidade sexual acollendo os diferentes tipos de familia e sexualidades non predominantes), *Doutra maneira* (cando lle dan a volta ás historias de sempre ou cando se contan dende outro punto de vista), *Doutras latitudes ou épocas* (historias que relatan o que pasa en terras afastadas ou noutros tempos nos que a convención social non coincide coa nosa), *De autoaxuda* (cando o que se conta pode servir de axuda a quen le), *De escena* (que recolle os textos teatrais), *De versos* (cos libros de poesía), *De cadradiños* (banda deseñada), *De premio* (as ganadoras dos certames convocados para provocar a escrita con mirada de xénero), *De colección* (coleccións especializadas nesta temática) e *De serie* (aqueles que se dan con continuidade fidelizando o lectorado). Polo tanto, as etiquetas responden a contidos específicos ou a outro tipo de características editoriais ou de xénero literario.

A guía *Clorofila en letra para curar o planeta* realizouse da mesma maneira, neste caso coas etiquetas: *Das autorías*, *Das augas*, *De colección*, *De conciencia medioambiental*,

De coñecer e informarse, *De fauna*, *De flora*, *De lendas*, *De RSU* e *De vertidos*. Porque hai autores/as que teñen ese valor na conciencia sempre que escriben; por iso é necesario destacalas cun letreiro diferenciador, e as demais designacións responden aos contidos dominantes en cada material. Realizáronse outras guías (*Para a inclusión* e *ODS* (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) ou *Memoria Histórica na LIXG* (da miña autoría completa) que xa non derivaron destas bibliografías e, por esa razón, non me paro a desenvolver os seus contidos.

A creatividade os nomes das dúas primeira guías: *Donas no espello da LIXG* e *Clorofila en letra para curar o planeta* foron unha achega de María Canosa (na primeira) e Héctor Cajaraville (na segunda) que, nese momento, formaban parte da directiva da asociación.

MÚSICA PARA O 2026

A bibliografía preparada para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra de 2026, por parte dun grupo de GALIX (do que formo parte), fai que me centre nesta materia. Cal é a importancia da música? Que abranguemos cando falamos de música? De onde vén e cara onde vai?

Comezamos:

No principio dos tempos estaba a música, os sons da natureza, os ruídos que facemos coa axuda do noso corpo, os balbucidos, as repeticións que nos levan á rima ou á melodía.

Porque (tal como aparece na introdución a esa bibliografía) contar e cantar son os dous verbos que identificamos coa introdución das crianzas no patrimonio cultural, neses primei-

ros tempos de chegada á familia. Cantarlles e contarlles o mundo para ir desentrañándollelo, para compartilo, para que nos acompañe nunha reiteración que sempre acaba sendo creativa, ata que se decida poñerlle a propia voz e significado.

Cando sabemos que está a vir un bebé, miramos atrás, acudimos ás fontes da tradición nas voces das nais e avoas, cantamos con elas lembrando a nosa infancia. É tempo compartido, especialmente entre mulleres, que son as que levan no ventre a semente, actualizamos a tradición, preparámonos para recibir ese novo membro da familia, dámoslle a benvida con caricias e palabras, coas cancións que as envolven no canto de berce co que as durmimos, cos xogos que establecemos para que recoñezan as diferentes partes do seu corpo, co ritmo que creamos coas mans ou cos pés. A oralidade, esa fonte limpa, vese apoiada polos materiais escritos que se poñen ao dispor dos pais para acompañalos nese transo ditoso, nese tempo da calidade compartido coas criaturas.

Dende o Museo do Pobo Galego con *Voa, xoaniña, voa. Ditos, recitados e xogos infantís* (1993) a *Dedín dedín de pequenequín. Folklore infantil* (1990) de Edicións do Castro, onde Isaac Díaz Pardo tamén estivo atento ao que se precisaba e edita o libro que un grupo de mestres da Coruña pon nas súas mans. Díaz Pardo, recuperando sempre a memoria, enchendo o baleiro que os tempos escuros pretenden silenciar. O Museo do Pobo Galego, a representación da sociedade civil e a identidade de Galicia, que parte da idea soñada polo Seminario de Estudos Galegos, do lugar onde conservar o patrimonio que é de todos e todas, como ía ser indiferente á necesidade de alfabetizar, na tradición, os que están chegando?



Isto é parte da divulgación, os recompiladores da tradición oral foran recollendo estas cancións, ao longo do tempo, para que non se perda o elo que nos une co pasado e quede fixado máis alá do paso de boca a orella.

Cantarlles ás crianzas, aínda cando non saíron do ventre, é tan fundamental como falarlles, é alimentar o seu espírito coa lingua nai, nutrilos con palabras, ennobelalos co ritmo, coselos co idioma que vai ser a súa verdadeira patria, xunto coa paisaxe. Por que, que é o que une os galegos que andan polo mundo?

Por iso teñen tanto valor os arrolos coma os *Cantos de berce* do Taller Experimental de Música tradicional coordinado por Manuel Rico Vereá (Galinova, 2001) igual que *Arrolín, arrolán* con cancións e orientacións didácticas

(Fontel, 1994), *Arrollos*, de Palmira Boullosa, *Arrollos e rodas. Textos populares*, de Begoña Varela, *Soña meu neno: cantigas de berce*, o álbum de Aloia, Guillermo Garmendia e Chavi (2000), *Non hai berce coma o colo*, dirixido por Paulo Nogueira e Magoia Bodega (Kalandraka, 2014)... con textos en libro ou cd con música.



Dos *Arrollos de salitre*, de Xabier Díaz, a *Opoñerse á extinción*, de Sés, da música popular á clásica, das bandas ás orquestras, dos cantautores ás regueifas, do bravú ao rock... é necesario transitar pola música para que ela nos emocione. Porque no comezo, cando lles abrimos a porta da casa ás crianzas, recibímolos con caricias e palabras, con cancións. Acompañamos todas as etapas de crecemento cantando, tocando, contando e bailando. E tamén todas as épocas do ano coas músicas correspondentes: *O quiquiriquí: cantos para o Nadal*, da Asociación de Gaiteiros Galegos ou *Sons de Nadal*, por exemplo.

A MÚSICA FORMANDO PARTE DA POESÍA. O TEMPO TRANSITADO

A poesía leva a música no interior, forma parte dela, por iso resulta tan doado memorizala e musicala. A relación da poesía e a música vennos dada dende sempre. Como auga subterránea vai aparecendo a tradición que vai percorrendo os séculos, os cancioneiros que alguén fixa na escrita, os músicos e músicas singulares. As cantigas medievais falándonos daquel tempo no que as nosas verbas estiveron na boca dos reis, tan ben descrito por Avilés de Taramancos:

*Ergueuse El Rei, como se erguía antigamente, puxo
na sinistra o azor, na súa destra un sol de ouro
que debullaba espadas a fulxir. Pídeu cabalgadura:
O reino enteiro percorreu nun soño, e recontou as pombas,
as centeeiras, fixo conta das brétemas, das urces e de todo
canto lle pode pertencer a un rei. A xente andaba
aserrando nos souts, plantando nos faiedos, arando
desde a beira do mar. Cantaban como cantan aferrollados,
os vellos pobos do mencer. Mais ese día Ei Rei colleu o arado:
relocía o seu manto como unha eira no serán. E abrollaron
as cantigas e amor cando as palabras se fixeron pombas.
Porque estaba un rei arando no pomar. Aínda se escoita
ese coro no vento. É do pouco que queda do reino
escencellado!*

Era o tempo dos reis, cantando na nosa lingua, e dos trobadores que percorrían as terras da vella Europa, os días de esplendor nos que non estivemos por debaixo doutros reinos. De certo, as etapas van e veñen, e as palabras de noso foron pisadas para abaixarnos a cabeza, unha e outra vez, nos chamados séculos escuros, nos que ficou unicamente nas bocas do pobo pero lonxe da escrita que practicaban as clases alfabetizadas.

Nalgún momento rexurdiu a palabra propia, nas voces de sabios que reclamaban unha lingua a piques de perecer, xentes de ben que se chamaron irmáns e pensaron no ensino en galego. Pero volveu a bota militar, e comezou a longa noite de pedra. Houbo que agardar outra primavera. A partir de 1968, as chamadas Voces Ceibes comezaron a cantar os poetas galegos; escoitábanse nas actuacións de Miro Casabella, Vicente Araguas, Quintas Canella, Benedicto, Xavier, Xerardo Moscoso, Guillermo Rojo, Suso Vaamonde, Bibiano..., centrándose especialmente na poesía social e con Celso Emilio Ferreiro como autor principal.

Neses días sucedeu un feito a recordar: a estrea de *Grándola, vila morena*, de José Afonso, realizada en Compostela, nun momento no que o músico portugués se emocionou vendo que as mentes espertaban, mentres acompañaba estes cantautores na cidade do norte.

Amancio Prada recolleu poemas en galego dende o seu primeiro disco en 1973, e son fundamentais as súas versións de poemas de Rosalía, Cunqueiro, ou os trobadores do Medievo. Sempre está a poesía galega na súa voz, ao longo dunha dilatada discografía. A súa sensibilidade recolleu os nosos versos para devolvérnoslos.

Na páxina *Son de poetas* (antoloxía de poesía galega musicada), atopamos o meirande repertorio de poemas musicados, en aberto e ao servizo de todo o público en xeral. Un recurso moi aproveitado no ensino. Este é un dos proxectos máis xenerosos que se coñecen dentro do apoio á lingua galega, posto en marcha e mantido ao longo de décadas polo profesorado dos equipos de Lingua Galega e Literatura xunto co Equipo de Normalización do IES David Buján de Cambre.

Dende diferentes estilos musicais, dos máis populares aos máis académicos, a poesía galega chéganos nas voces que van dos Tamara (cos poemas de Francisco Añón, Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro) ata a de cantantes de *hip hop* como García MC. Unha unión, a da poesía e a música, compacta e libre, nunha simbiose frutífera.

Fuxan os ventos foi outra porta de entrada ao intento de normalización do galego, a través da música; o grupo promovido polo crego de Lugo, Xesús Mato, emocionaba os oínte con poemas que nunca leran nin ían ler en papel. Escoitáronse os versos de Manuel María, Marica Campo, Darío Xohán Cabana, e moitos máis. A súa música acompañou o espertar, ao valor da identidade, dunha morea de xente.

A Quenlla doulle continuidade e segue a producir música en base á poesía na actualidade, axudando a recuperar poetas case esquecidos, coma Martín de Padrozelos ou Avelino Díaz.

Dentro destes grupos musicais que cantan a poesía, podemos destacar algún que pode resultar algo menos coñecido como 2nafronteira (un grupo ecléctico que mestura o popular co jazz, o rok progresivo e o lied europeo) e que

musicou a Díaz Castro, García Lorca, Rosalía ou Paz Andrade. Xardín desordenado puxo música a textos de María Victoria Moreno, Carlos Casares, Fernán Vello, Marta Dacosta, ou Carme Kruckenberg, dende os boleros, o swing ou o blues. Un paseo por *Son de poetas* abriranos os ollos á lectura que antes nos entrou polos ouvidos.

PARA QUE A INFANCIA CANTE E GALICIA NON MORRA

Se nos centramos neste campo, debemos lembrar que os poemas de *Os soños na gaiola*, de Manuel María, chegaron á rapazada na voz de Suso Vaamonde, que tamén cantou poemas das *Cantarolas*, de Neira Vilas, Dora Vázquez, Uxío Novoneyra, Emilio Álvarez Blázquez ou Bernardino Graña. Foron estas músicas un apoio impagable para as escolas, cando se comezaba a introducir o galego nas aulas. Lembro unha posta en escena do disco de Vaamonde con rapazada de Esteiro, dirixida por Pepe Agrelo, algo que queda na memoria do poético e marabillosamente feito, e sempre nos quedará a pena de non poder contar coa gravación destas actuacións. María Manoela (*Cantigas para nenos e neneiros*) e Xico de Cariño (*Rolada das cantigas*) son outros dous músicos que puxeron banda sonora a eses tempos.

O certame da canción infantil *Cantareliña*, co lema “Mentres canten os meniños Galicia será inmorrente”, foi posto en marcha en San Sadurniño a partir de 1983. Unha canción de Helena Villar e Xesús Rábade resultou ganadora na primeira convocatoria. Mantívose durante varios anos e sempre nos preguntaremos polo abandono de determinadas iniciativas que servían de apoio á música en galego para a rapazada. Nesta orde de cousas, debemos citar

o fenómeno televisivo Xabarín Club, dos anos noventa, coa posta en valor da nosa música como pode verse (ou mellor, escoitarse en *A cantar con Xabarín*).

A MÚSICA GRAVADA, UNHA PARTE DO LIBRO

Un paso importante deuse coas obras que publica Neira Cruz como *A memoria das árbores*, no 2000 en Kalandraka (nun Libro-CD que se traduce ao castelán) e, posteriormente, este mesmo autor, dende a dirección das coleccións infantís de Galaxia cos libros-CD: *O prodixio dos zapatos de cristal* (2008), ilustrado por Rodrigo Chao, e que é seleccionado nos *White Ravens*, *O debut de Martino Porconi*, con ilustracións de Federico Fernández, e *Un bico de amor e vida*, con ilustracións de Enjamio e con música de Manuel Balboa, interpretada pola Real Filharmonía de Galicia baixo a dirección de Maximino Zumalave, en 2009. Este autor soubo asociar a literatura coa música, do mesmo xeito que fixo coa arte en *Jan estivo alí* (2010) ou coa exposición en *A viaxe a Compostela de Renato Ratoní*, que se traducirá ao español e italiano.

Os libros CD son unha creación propia-mente galega, que parte maioritariamente de 2011, para achegarnos moita riqueza, como pode verse na colección *Sonárbore* de Galaxia coa súa propia canle de YouTube, ou a colección *Música*, de Kalandraka, con vídeos musicais na TV da editorial. Mamá Cabra, Uxía, Olga Brañas, Xoán Curial, Charo Pita, (Susa Herrera), As Maimiñas, ChuchesAmil, Os Tres TENEORES, Pirilampo, Pablo Díaz, Sérgio Tannus, A gramola gominola, María Fumaça, Oviravai, Pirilampo, Magín Blanco, Paco Nogueiras, Papi&Mami, Pakolas, Tro-taventos, Migallas, Paulo Nogueira e Magoia



Bodega, Música Miúda, Pesdelán, Cé Orquestra pantasma...

Algúns álbums ilustrados que combinan a arte visual e sonora, con obras de Ravel (*O bolero de Ravel*), Mussorgsky (*Cadros dunha exposición*), Vivaldi (*As catro estacións*), Camille Saint-Saëns (*O carnaval dos animais*) constitúen obras de gran valor, a disposición de rapaces e rapazas de todo o mundo. Unhas obras que chegan a moitos lugares pero que



naceron entre nós. Esa maneira de entregarlles o que creamos para enriquecer a diversidade, tal como comentaba Seoane.

Dentro deste campo da música clásica debemos seguir citando a Kalandraka e todo o que fixo por achegar os pequenos da casa ás óperas: *Porgy and Bess*, de George Gershwin, *Aida*, de Giuseppe Verdi, *O elixir do amor*, de Donizetti, *Orfeo e Euridice*, de Gluck, *Turandot*, de Puccini, *O barbeiro de Sevilla*, de Rossini, e *A frauta máxica*, de Mozart. Non esquecemos as gravacións de *Concerto para animais*, de Andrés Valero, interpretado pola Orquestra Sinfónica de Galicia co seu Coro de Nenos Cantores, *Gatapedro*, de Javier Santacreu e Tucho Calvo, interpretado pola mesma orquestra, ou a versión de *Pedro e o lobo*, de Prokofiev, contada por Murado e ilustrada por Miguelanxo Prado, que tamén conta coa variante en banda deseñada de Inacio e Iván Suárez.

Outra obra que non quixeramos esquecer tampouco é *O oso fabuloso*, con texto de José Antonio Abad sobre a idea orixinal de Anisia Miranda, que foi interpretado pola Orquestra Sinfónica de Galicia e narrado por Xosé Ramón Gayoso.

Hai fitos a lembrar, como cando o grupo de cámara da USC dirixido por Carlos Villanueva interpretou poemas do libro infantil *A campá da lúa*, de Helena Villar. Unha poeta moi ligada a este campo, que xa contaba con música en *O libro de María*.

No medio destas publicacións, falou-se da Semana da Música Infantil na Feira do Libro de Vigo, da Semana da Música Infantil da Coruña... é dicir, a música infantil galega acadou un status ben afastado do que acostumabamos escoitar anteriormente

porque, de pronto, a nosa rapazada era digna da máis alta cultura e dos concertos como espectáculo de masas. Non se trataba de encontros coas autorías para falar do que tiñan lido (ou escoitado) senón de concertos nos que se presentaba o libro –disco que acabarían lendo e escoitando, ou o concerto (como fin de festa despois da lectura), sempre, como peza fundamental. O produto que vai formar parte da biblioteca xuntaba manifestacións distintas (texto, ilustración, música) que se multiplicaban e axudaban na mellor educación artística. Os festivais de centro tiveron unha nova posibilidade, menos frívola e inadecuada, cando a rapazada baixaba ao patio a interpretar “Meu mundo é” e nos emocionabámonos pensando que algo estaba a cambiar.

Libros de poemas ilustrados, e musicados en CD, pero tamén narracións e información coma sucede con *Os planetas. A música do firmamento* (Hércules, 2024), no que se accede á música a través dun código QR que é cara a onde avanza o enlace ao audio.

Algo realmente especial constitúeno un par de libros de ficción ao redor de músicos internacionais, moi recoñecidos, e que os autores nos traen a Galicia. Ambos están ilustrados por Xosé Cobas e contan cunha interpretación musical que xungue a música galega popular coa culta, de autor estranxeiro; unha idea do frautista Luís Soto que se acompaña do Fisión Atlántica Ensemble para as interpretacións. Trátase de *O xenio da cidade do Sal*, de Fina Casallerrey, ao redor de Mozart, coa música de cuartetos para frauta e trío deste compositor dialogando coas músicas tradicionais galegas. A outra obra é *O segredo de Joseph Haydn*, que escribe Suso de Toro, no que se interpretan os cuartetos de Haydn e as danzas de Reis de Guláns.



UN BINOMIO MARABILLOSO: ESCRITORES/AS E MÚSICA

Hai autores que teñen a música presente nas súas obras, como sucede con Manuel Rivas e Neira Vilas (coa influencia dese avó que lle ensinaba solfexo e do que herda instrumento).

Entre os autores de literatura infantil, hai algúns nos que destaca a presenza da música, como Antonio García Teijeiro ou Jordi Sierra i Fabra, que a manteñen, un dende a poesía, o outro na narrativa ou o ensaio. Do noso Premio Nacional de Literatura Infantil podemos citar obras como *Coplas*, *Fantasía en re maior*, *Palabras envoltas en cancións*, *Aire sonoro*, *Petando ás portas de Dylan*, *Recendos de aire sonoro*; *Vento ventiño, venteiro*; *Canta*,

miña rula, canta; Os ecos do vento, Raiolas de sol... ás veces con música de Paco Ibáñez, Xavier Seoane, Alberto Cunha... Do autor máis prolífico de literatura xuvenil en español, Jordi Sierra i Fabra, contamos en galego coa serie de Berta Mir, a moza que forma parte dun grupo musical: *Berta Mir detective. O caso do falso accidente, Berta Mir detective. O caso do asasino invisible, Berta Mir detective. O caso do papagaio que falaba de máis, Berta Mir detective. O caso do martelo branco ou Berta Mir detective. O caso do chantaxista roibo.*

Outros escritores levan a música en cada poema e dende o título dos libros. Así sucede con Xoán Babarro na súa poesía para as primeiras idades (en libros como *Dez eran dez; Cuco, cuquelo, que tes no fardelo?; A tea de araña que todo o apaña; Ten, ten, a miña casa ten... Deseñadora de hora en hora, Garabitolas, Pillaras. Canciois del Navia, "Sonsonetiños"* no colectivo *Para cantar e contar*), ou con Fran Alonso coa innovación poética que nos coloca ante as músicas máis actuais (*O meu gato é un poeta, Poems street...*).

Libros de poesía que levan a música no propio título, ou aqueles autores que proveñen dese mundo, como Pablo Nogueira, que nos presenta para a infancia *A banda da Raimunda, B.S.O. Banda Sonora Orixinal* e varios títulos para adultos, ademais dos seus traballos musicais propiamente ditos como *Non hai berce coma o colo.*


Música para rapazada nos libros ilustrados con acceso aos audios, e libros que teñen presente a música nos textos e, incluso, nos títulos. Se facemos un repaso rápido por estes, poderíamos citar algún exemplo dos que levan a palabra música (*A música das árbores, Música no faiado, As músicas viaxeiras, A música da noite, A música das buguinas*), canto (*Can-*

tos de sol a sol, Cantos da rula), cancionero (*Cancioneiro das terras de Aranga*), cancións (*A canción do cambio, Cancións para Ana Lúa, Cancións para Antía, Cancións para Ana Lúa*), cantarolas (*Cantarolas e contos para xente miúda*), nomes de músicos (*Do A ao Z con Mozart e coa música*), cantarea (*Cantareas do faro*), cantigas (*Cantigas para aprender a soñar*), concerto (*Concerto para animais*), as notas (*Do re mi fantasía*), o baile (*Iriña Bailarina*), instrumentos musicais (*O violín de Auschwitz, O asubío do avó, Paulina ó piano, O incríbel invento de Solfis, a pianista, O trompetista e a lúa...*), o verbo cantar (*Cantan os nenos. O libro de María, Canta a lúa coas estrelas, A avoa canta como a cotovía*), orquestra (*A orquestra da fin do mundo*), os sons (*Chin Bam Bum, Bim Bam Bum*); e poderíamos continuar con todas as palabras que teñen relación coa música, que son moitas.



MÚSICA EN TODAS AS SÚAS FORMAS

Imos vendo publicacións, moitas delas destinadas á rapazada e outras ás bibliotecas, infantís ou escolares, polas que ela anda. Falamos de libros con música que a xuntaron con ilustración, poesía e, por veces, narración ou ensaio. Percorremos camiños da poesía que leva a música dentro ou ao lado, algunha vez como antoloxía como sucede con *A miña primeira Rosalía* e *O meu primeiro Celso Emilio*, coordinados por Xosé e Xiana Lastra coa interpretación de Mini, Xiana e Xosé Lastra, Mero e María Manuela, que tamén lle pon imaxes. Obras de referencia, como *Pondaliana: quince poemas de Eduardo Pondal musicados*, publicado pola AS-PG, *Rapoemas*, de Aid, ou *Nas tardes escuras: cancións baseadas en poemas de Rosalía de Castro*, por Narf.



A colección *Do berce á lúa* de Kalandraka é unha verdadeira mostra de como a música está en todas as partes. Os poeogramas que os forman van, máis alá dun título como *Violín*, a ocupar a globalidade das obras na maneira de mirar, observar ou ler cada un deles; as repeticións, os ritmos, a sinxeleza das imaxes, a insistencia na lectura... lévannos a unha musicalidade propia.

Estudos sobre estilos musicais, a historia da música ou dos músicos: *Isto é rock!*, *50 anos de pop, rock e malditismo na música galega*, *A requinta da Ulla*, *De voces ceibes a Milladoiro*, *Madeira e metal*, *Somos hip-Hop*. *Fundamentos do breaking, rap, graffiti, turnablism e baetbox*, *Viva Galicia Beibe: Cancións 1982-2016*, *Verso e acorde. Relacións entre literatura galega e música pop (1950-2000)*, *Ferreñas rock and roll*, *Unha Historia da Musica en Galicia (1952-2018)*, *Son da cidade*, *Os xéneros musicais tradicionais e populares galegos; Anos 80. Movida, atlantismo, vangardismo, underground; Bibiano, cambiar para ser un mesmo... ou pequenos relampos en Xirarei!*

Non podemos deixar atrás algún outro libro de xogos cos que introducir as criaturas na identidade e o patrimonio como *Xogos musicais*, de Luís Prego. Nin tampouco os de bailes, porque a música báilase, sen ningunha dúbida! *De roda en roda. Músicas e danzas do mundo*, *Na punta do pé*, *Entroidanzas*, *Bailabén*, *Zampadanzas do mundo*. *Danzas á carta...* Esa oportunidade que nos achegou Pesdelán, e outros grupos, ao poñernos a bailar con eles, seguindo os pasos máis sinxelos e sentíndonos parte desa comunidade que, divertíndose, lle dá continuidade a unha herdanza de séculos... Esa cerimonia de xúbilo que nos irmanda e debuxa o sorriso nos labios. Porque bailar é recoller os movementos para darlles vida

nun ritual case eterno, sentindo algo do que sentiron no pasado, recreándoo.

De vez en cando aparece unha obra que constitúe unha descuberta. Sucedeu con *O País do Gran Furado*, de Xerardo Quintiá (que acadou o premio Fina Casalderrey de Literatura para a Igualdade) cando nos propuxo unha música como líder dun movemento de liberación da muller. Unha moza que só coa súa existencia mostraba o nu que estaba o emperador e o absurdo das convencións sociais que a discriminan, pero tamén o valor do feminismo que nos iguala a todos e todas en dereitos. Era como reflectir unha cantante, que viamos nos escenarios, dicindo a súa verdade para que o mundo tivese máis cor e autenticidade.



A MÚSICA DAS LETRAS GALEGAS. 2025, UN ANO MUSICAL

As Letras Galegas son a festa maior da nosa literatura. A figura escollida pola RAG (Real Academia Galega) para homenaxear, ao longo do ano, centraliza as olladas. Por iso, cando sucede coma no 2025, no que se dedican ás cantareiras (as mulleres que cantando conservaron e recrearon a tradición) a música é o elemento clave; de aí que teñamos que recoller parte da produción (que xira en torno a elas) nesta bibliografía.

A presenza desta protagonista colectiva e anónima, das palabras na súa voz e do instrumento (pandeireta) con que se acompañaban, así coma os traballos das persoas investigadoras que recompilaron estas músicas, constituíron o centro da celebración.


Apareceron libros como: *Sei cantar e sei bailar*, *Somos pandeireteiras*, *Cantareiras*, *Cancioneiro galego serodio*, *Pandeireteiras; Canta, miña compañeira. O legado das cantareiras*; *Maxicamente vella, eternamente nova...* múltiples edicións relacionadas coas protagonistas desta música (*As vellas de Mens*, por exemplo) e recuperamos outras como *A música das buguinas: un conto musicado sobre a música tradicional*, *Pandereteiras de Mens*, de Beatriz Busto e Sergio de la Osa en Celtral Folque igual que *Florencio, cego dos Vilares* ou *Concha do Canizo: este pandeiro que toco...*, *As puntas da louza: cancionero popular de labor* (Lorena Conde en Aira, 2021) e, tamén, *Pioneiras ou Galegas na música*, nos que se recuperan as biografías de mulleres galegas relacionadas con todo tipo de música e en calquera das súas manifestacións.

Daquela volvemos a mirada a todos os cancioneros recollidos ao longo dos séculos

e, especialmente, ao Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) situado no Museo do Pobo Galego e, en aberto, para que toda a cidadanía poida acudir a escoitar as voces do seu pasado. O papel dos recompiladores/as ao longo dos últimos séculos é algo fundamental, que aínda non se puxo suficientemente en valor: escritores e investigadores recoñecidos (Frei Martín Sarmiento, Marcial Valladares, Pérez Ballesteros, Álvaro de las Casas, Ramón Cabanillas, Bal y Gay, Xoaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Álvarez Blázquez...), musicólogas (como Dorothé Schubarth co lingüísta Antón Santamarina), músicas e músicos que camiñaron aldeas buscando as cancións que gardaban as maiores, mestras e mestres que traballaron coa rapazada recollendo os cantos das avoas... formaron elos indispensables para armar a cadea de transmisión e conservación. Xente de todo tipo que puxo o seu gran de area (coma eses dous irmáns avogados das terras da Limia, por poñer un exemplo) merecen todo o apoio das institucións e recoñecemento público pero, ás veces, semellan pertencer ao anonimato propio desta música. Achegamos un granciño de visibilidade citando publicacións como *Eu ben vin, virivín: cancioneiro infantil para dicir, contar e cantar*, de Rico Verea (dirixido á infancia), *Cancioneiro da Terra Cha*, de Isaac Rielo, ou *Cancioneiro da loita galega* (ambos de Edicións do Castro), *Xebras eumesas*, *Cancioneiro popular galego para a clase de música*, *Cancioneiro popular do Fisterra galego* e *Cancioneiro de Celanova e outros cancioneiros*, de Quintáns Suárez, *Cantares de Manuela de Barro: achegas ao cantigueiro de Cerdedo*, de Carlos Solla, *Cancioneiriño (Do tempo e a paisaxe, dos traballos e as festas): Versos para a xente nova*, de Arcadio López Casanova... As múltiples publicacións de Dorothé Shubarth e Antón Santamarina (*Cancioneiro popular galego*

en 7 tomos, *Cantigas populares, Escolma de cantigas do cancioneiro popular galego...*). Algunhas destas recompilacións aparecen baixo títulos, prólogos e notas en castelán, mostrándoo na voz dos que recollen igual que nas dalgunhas das cantigas que proveñen dos tempos posteriores á chamada Guerra Civil e á situación da nosa lingua. Esa maneira de non tela en conta dende o mundo culto e de ser abandonada polas clases populares para poder semellarse ás clases altas...

Ao lado das recollidas, temos que colocar o libro fundamental na recuperación da nosa literatura no Rexurdimento; o seu propio título fala de música, e o primeiro poema remítenos ao pobo que mantén o canto e pide a súa continuidade: *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, recupera o alento da poesía popular para eleva-la ao cumio das letras do seu tempo. De aí que non poidamos esquecer citar, tampouco, libros como *A poesía popular*



en Galicia: 1745-1885, e *Historia da literatura popular galega*, de Domingo Blanco, ou libros de gran divulgación como *Poesía popular galega* (La Voz de Galicia, 2001).

Nas Letras Galegas de 2025 tivo un protagonismo especial o APOI do Museo do Pobo Galego que un tempo antes publicara *Dispostas para cantare: escolma dos fondos musicais do Apoi (2009-2016)*, ao tempo que lembramos obras coma o disco *Ruta folk: terra galega* ou *Cantos e bailes da Galiza*, de José Inzenga, da man de José Luís d. P. Orjais en Difusora de letras, artes e ideas.

A MÚSICA, SEMPRE ACOMPAÑA AS LETRAS, TODOS OS ANOS

Cando no 2024 festexamos a Luísa Villalta, o feito de que ela tamén era violinista, trouxo a música á celebración das Letras e a todas as biografías desta autora: *Luísa Villalta. Alma de violino, O violino de Luísa...* A música xa estaba nos títulos das súas obras: *Música reservada, Ruído, A Música e Nós e O outro lado da música, a poesía*.

Ademais, recuperou ese acompañamento que o mundo da música acostuma facer ao redor dos homenaxeados, especialmente cando contan con poesía, e así puidemos escoitar os seus versos da man de Uxía ou A Banda da Loba. Aos poemas de Delgado Gurriarán puxéronlles música Raúl Diz, Sheila Patricia, Manoele de Felisa, Raúl Diz e Fátima Delgado e Babykatze. A Xela Arias cantouna Eloi Caldeiro, Fernando Abreu, Mónica de Nut e Pablo Carrera, Laura LaMontagne e PicoAmperio. Todos, e todas elas, contan con cancións (*Uxío por Uxía, Rosalía pequeniña, Canta o cuco: Uxía e Magín na casa de Manuel María...*).

Máis alá da poesía e, incluso, dos xéneros de ficción, a música acompaña as Letras dos ensaístas, dos etnógrafos, dos construtores da cultura... A Antonio Fraguas cantouno Xoán Curiel en *Canta, miña pedra, canta...* e así, uns tras outros, sempre se atopa ese oco polo que facer soar a música.

Os concertos das Letras tamén xiran ao redor da figura e, normalmente, estrean algunha obra inspirada nela como foi *Sinfonietta*, para Fernández del Riego, por exemplo, de forma que non queda un só homenaxeado sen as notas propias.

UNHA MIRADA ÁS EDITORAS QUE A PUBLICAN. UNHA HOMENAXE NECESARIA

Na actualidade é normal atopar, en calquera editorial, algún libro cd, libro con código QR que enlaza con música pero, tamén, hai editoras centradas na música como Dos Acordes ou ACentral Folk...

Ouvirmos cos itinerarios histórico musicais de diferentes lugares do país (Monforte, Ourense, Rianxo, Pontevedra, Lugo, Celanova, Mondoñedo...), a *Historia da Música en Galicia*, o libro disco sobre Eugenia Osterberger ou a Fotobiografía sonora de Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Lois Pereiro...

Difusora das Letras, Artes e Ideas que mantén unha sección de Música dentro da súa páxina.

Toxosoutos coa publicación de diferentes cancioneros (por exemplo, os citados do investigador Manuel Quintáns) así como xa tiña feito Ediciós do Castro, e outras, que realizan pequenas incursións, como Aira, que publica

unha lámina de Rosalía e Castelao danzando muiñeira, acompañados da cita de Castelao: "A tradición non é a historia, a tradición é a eternidade". Alvarellos con *Galicia-América: Cantos de emigración e exilio (1875-1951)*, Baía con *Adios ríos, adios fontes*, ilustrada por Rodrigo Chao, que se le coa música de Prada sen necesidade de gravación (como sucede tamén con *O maio*, de Curros, en Galaxia), ou *O conto dos silencios*, que nos fala da ausencia de sons.

En Bolanda *Do re mi fantasía*, de Concha Blanco ou, dentro da colección Os Bolechas, varios produtos relacionados coa música: *A música*. Biblioteca básica Os Bolechas, *Os Bolechas fan unha banda*, ou *Chis Pum!* (acompañado do DVD do concerto con Monoulous DOP).



Case todas as editoriais están a ter en conta o fenómeno musical, así que pedimos desculpas polas editoras e produtos que non aparecen citados.

A rapazada vai a clases de música, as bandas e os conservatorios están cheos de xente nova que tamén acoden aos coros infantís das orquestras. Pódese dicir que a educación musical e o gusto por tocar, cantar ou escoitar algún tipo de música está instalado no país. O folclore con pandeireteiras e o baile tradicional conta con moita participación, pero moito tememos, que resulte algo ritual e que cando rematan de cantar a cantiga (que pode ser bilingüe) pasen a falar en castelán entre eles, nun exercicio de diglosia ou bilingüismo harmónico, que está a enterrar a lingua do país, coa convivencia dunha porcentaxe da poboación que lle dá carta de legalidade. Matamos coa lei na man.

NA REDE E PARA NÓS

Algunha páxina da rede é fundamental de cara a acceder a estas músicas e localizar outros produtos dos que non falamos.

As citadas *Son de poetas* (<https://sondepoetas.blogspot.com/>), o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego (<https://apoi.museodopobo.gal/>).

A páxina *Música en galego* (<https://musicaengalego.blogspot.com/>) co seu apartado de música infantil, *Folkoteca Galega* (<https://folkotecagalega.gal/>), *Orella pendella*. *Ditos, recitados e cancións infantís...* son algunhas das portas polas que entramos neste universo (<https://orellapendella.gal/>).

Ademais, hai iniciativas que nos poden servir de inspiración como *A Banda dos Cueiros*, de Espazo Lectura, unha asociación que promove a lectura en galego nas terras miñorás, con centro en Gondomar, e que leva recibido múltiples premios pola súa evolución constante sen abandonar o compromiso).

Músicas para a semente, da Asociación Semente de Escolas Galegas. Unha iniciativa que alfabetiza en galego dotándonos dunha nova xeración de rapazada que non se ve abocada a abandonar a lingua propia cando chega á escola.



Son *titiriteiro*, coa participación de todos os músicos de Redondela ao redor do Festival Internacional de *Títeres* nun exercicio de cohesión da cultura dun lugar que sustenta aquelas manifestacións máis representativas.

DESPEDIDA E PECHE

Cantar, tocar e bailar son actividades que nos divirten como espectadores pero, sobre todo, como protagonistas, porque son dinámicas e creativas, pero tamén porque acostuman realizarse de maneira colectiva, en compañía doutros e doutras, e en colaboración. Estar xuntos divertíndonos, é algo marabilloso, que quenta o espírito e vai cosendo lazos de amizade.

Música é escoitar e mirar, pero tamén bailar e tocar (aínda que só sexa facer palmas). Ela colócanos no centro, dános un papel activo como actores e actrices da cultura propia, do patrimonio que herdamos e mantemos, renovándoo a cada intre. Os seráns (en continua multiplicación) son unha boa proba desta comuñón de encontros, coa música como eixe.

Este percorrido pola música e o libro non é exhaustivo; só pretende dar unha visión na que as persoas mediadoras do libro infantil e xuvenil se recoñeza e poida atopar (nas bibliotecas ás que teña acceso ou nas librarías) materiais relacionados coa temática, ou acceder a eles mediante enlaces á rede. Cada unha delas, tendo en conta a rapazada coa que traballa, as súas necesidades e intereses, verá por cal dos mares navegar.

Está demostrado que a literatura e a música son campos que fan un traballo inmenso na normalización lingüística, e que o compromiso das persoas creadoras e mediadoras ten dado froitos moi significativos que nunca antes foron tan necesarios; de aí que confiemos no compromiso dunhas e doutros para que o barco non pereza nas costas de nome infausto e nos nosos tempos.

A responsabilidade está distribuída pero, coma o colibrí que levaba unha gota de auga no pico para apagar o incendio, cada unha de nós debe facer a súa parte. Cun pé no pasado e o outro no presente, a modo de raíz que sostén a terra. Co tronco erguido que albisca os horizontes, aprendendo e inspirándonos. Coas ramas á procura de ventos que removan e leven a nave a un porto seguro. Así, coma Isaac nos ensinou, na representación do Laboratorio de Formas, sexamos árbores que terman da terra e soñan co futuro no ar.

Learnos, cantemos, escoitemos, toquemos,
bailemos de forma que ningún ritmo nos
sexa alleo, e nunca perdamos a conciencia
de quen somos e cal é a nosa música, aquela
que vén de moi atrás e nos compromete a
darlle continuidade para que a nosa xeración
non a entregue máis pobre do que a recolleu.

Teatro



Zochankas City

Carme Villar

*Licenciada en Xestión Cultural e Ciencias da Comunicación.
Xornalista, Escritora e Fotógrafa*

DRAMATIS PERSONAE

Home-sombra sicario

Ex-alcalde-aspirante-a-revalidar-posición
señor Eudosio Benítez de Orégano

Actual-alcaldesa-desexando-que-lle-rouben-
posición Rosa “Rosae”

Asesor axexante 1

Asesor axexante 2

Desfacedora de “entuertos”

Personaxe que sae ao final

ESCENA 1

Exterior, noite.

*Unha rúa baleira. Moi ancha. Non se di-
visa con precisión o número de carrís, aínda
que nun recuncho escintila un farol con luz
amarela, dos que serán condenados cando
se impoñan os leds. O farol semella máis
ocupado en alumar cara a arriba que cara a
abaixo. Sábese condenada tamén por iso, que
din os políticos que non vai haber tregua coa
contaminación lumínica. Todo o mundo ten
dereito ao seu anaquiño de ceo, reivindicar,
non só no rural, e a ela vanlle facer agachar a
cabeza para conseguilo.*

*Avanza unha sombra informe que se vai
facendo persoa conforme se aproxima, ata que
chega un punto no que se distingue que leva
gabardina, coma esas que usan os detectives
nas películas de cine negro, e un macuto de
soldado.*

*Para no carril da esquerda e empeza a
golpear e a rabuñar o chan co que parece un
bastón, aínda que, se se mira ben, compróbase*

*que en realidade ten na punta algo que máis
ben semella un sachó fino.*

*De cando en vez ergue a ollada e mira
para os dous lados, coma se tivese medo a ser
pillada en flagrante delito no que está a facer.*

*Ao cabo dun anaco agáchase e parece
comprobar algo no que é xa un burato cunha
regra que saca dun macuto.*

—HOME-SOMBRA SICARIO (*falando baixiño, para si*):
15 centímetros de fondo por vinte de ancho... É
dabondo para que un coche se deixe as rodas.
Alomenos unha. Vamos por outra!

ESCENA 2

*Despacho do maior partido da oposición
da cidade.*

*Hai unha gran bandeira de España e outra
de Galicia, pero tan agochada detrás que case
non se ve. A de Galicia ten rodas para, cando
veñen as visitas, poñela a carón da outra.*

*As paredes están cubertas de títulos que
dan pistas sobre a nobreza, bondade e in-
telixencia indubidable de quen manda no
cuarto. Unha mancha delas acreditan que o
personaxe ao que está dedicado o museo forma
parte de todas as ordes con nome de comida
que hai en Galicia: Orde do Mexillón, Orde do
Lumbrigante, Orde da Castaña Cocida... Per-
deríamos moito tempo en enumeralas todas.*

*O ex-alcalde-aspirante-a-revalidar-posi-
ción señor Eudosio Benítez de Orégano ten a
faciana engurrada e parece máis vello do que
é. Fai un xesto de impaciencia pero mira con
certa satisfacción un dos presentes, o Asesor
Axexante 1, un homiño miúdo e vermello que*

está de pé a carón de Asesor Axexante 2, que debeu comer todo o que non comeu o primeiro, e dentro do cal podería caber un aparador deses que non pode faltar en ningunha casa de ben que se prece.

—EX-ALCALDE-ASPIRANTE-A-REVALIDAR-POSICIÓN SEÑOR EUDOSIO BENÍTEZ DE ORÉGANO: Seguro que o home traballa ben? Hai días que o xornal non publica ningunha foto de fochancas novas, e así non hai quen poida arremeter contra Rosa “Rosae”. Está todo tranquilo de máis e non nos convén. Xa sabes que quedan poucos meses para as eleccións. Se non che chega a man de obra, contrata máis. Niso non hai que escatimar. Dilles que eu me hei lembrar deles cando chegue o momento, e consegue máis xente.

—ASESOR AXEXANTE 1: Non se preocupe, oh, estimado e nobre e potencial novo alcalde desta ilustre vila de provincias. O noso home vale por dez. Esta mañá contoume que lle dera tempo a engordar media ducia de fochancas e a crear outras tantas novas, que nuns días, e co mal tempo que fai, medrarán e darán máis motivos de queixa aos veciños que andan en coche e aos que andan a pé tamén, porque sen dúbida serán salpicados cando teñan a mala sorte de pasar a carón dun condutor arroutado. Non hai avenida, rúa ou calella que se salve se un vehículo pode andar por eles. Só lles perdoamos a vida ás zonas peonís...

—ASESOR AXEXANTE 2: Iso é o que eu cuestiono. Estimado e nobre e potencial de novo alcalde desta ilustre vila de provincias, non cre que tamén debiamos facer algo con esas áreas? Se empeza a haber baldosas soltas de xeito habitual é probable que algunha velliña, ou non tan velliña, tropece e teña máis motivos aínda para rosmar contra a alcaldesa.

—ASESOR AXEXANTE 1: Ti ocúpate do boicot dos xardíns, que eu no teu campo non me meto. E logo non debías preocuparte máis por como está a Alameda? O teu home estraga as flores, pero a alcaldesa debe ter unha fada contratada en exclusiva ao seu servizo porque pola mañá cedo xa están substituídas por outras, se callar máis fermosas aínda. Non. A min, o que se me ocorría para facer a nosa acción máis sofisticada é darlle un toque de “performance”.

—EX-ALCALDE-ASPIRANTE-A-REVALIDAR-POSICIÓN SEÑOR EUDOSIO BENÍTEZ DE ORÉGANO: E iso que vén sendo? Non me traiades aquí estranxeiros, eh, que isto é cousa nosa.

—ASESOR AXEXANTE 1: Estimado e nobre e potencial novo alcalde desta ilustre vila de provincias, non se preocupe. É algo que ten que ver coa arte e está de moda. É facer cousas, xeralmente parvadas, pero que chamen a atención. Como agora os artistas non saben pintar, pois inventan esas lerias. Pero a nós véñennos ben. Ou non lle parecería interesante que, de súpeto, se puxese de moda entre os grafiteiros decorar esas fochancas? Así non habían pasar desapercibidas de ningún xeito, nin sequera para os viandantes. E ademais teríamos os grafiteiros ocupados en algo produtivo, que o outro día chamou o señor cura da igrexa de San Luís de Montenebros e dixo que tiveran a ousadía de marcarlle a parede eses condenados rapaces, que parece que non teñen pais... Veu por aquí pedirmos algún xeito de desviar a súa atención das centenarias paredes de pedra desta vila...

—EX-ALCALDE-ASPIRANTE-A-REVALIDAR-POSICIÓN SEÑOR EUDOSIO BENÍTEZ DE ORÉGANO: Vaia, vaia, deixa o cura de Montenebros. Só sabe pedir favores, pero téñoos ben vixiado e non vexo que dende o púlpito anime os fregueses a ir polo

bo camiño e votarme. Imos ao que importa: o "formáns" ese como se fai?

—ASESOR AXEXANTE 1: Nese asunto son moi de modas. Abonda con que contratemos un deses desmentados para que "decore" un par delas e poña no seu Facebook ou Tuenti ou o que raios use un par de fotos "molonas", como lles din eles, que xa se porán a competir a ver quen estraga máis coas pinturas. Sen firma, polo menos, non han quedar...

—EX-ALCALDE-ASPIRANTE-A-REVALIDAR-POSICIÓN SEÑOR EUDOSIO BENÍTEZ DE ORÉGANO: Iso gústame, si. Ponte xa. E agora que falas diso..., pregúntalle a Suso, o do bar, que creo que o seu sobriño anda nesas lerias e me debe un par de favores.

—ASESOR AXEXANTE 1: Como ordene, estimado e nobre e potencial novo alcalde desta ilustre vila de provincias.

ESCENA 3

Despacho da alcaldesa Rosa, á que lle din "Rosae" pola súa afección polos xardíns.

A foto de El-Rei está dada a volta, pero ten un mecanismo que a pon de cara a vista en canto lle anuncian algunha visita.

A bandeira de España case non se ve, agochada tras a galega, pero ten unhas rodas moi prácticas para moverse en canto fai falla e lucir como cómpre nunha institución que se prece.

Rosa non deixa facer fotos no seu despacho e recibe as visitas de protocolo na estancia do lado, onde se multiplican diplomas que avalan a súa completísima formación de naturópata,

existencialista, herbívora e poliglota. As alfombras son dous enormes mandalas e moitos dos visitantes maréanse ao mirar para os pés.

Rosa está irada.

—ACTUAL-ALCALDESA-DESEXANDO-QUE-LLE-ROUBEN-POSICIÓN ROSA "ROSAE": Serán lurpias... Esta mañá cando saín do garaxe case deixo unha roda. Alí mesmo, diante da miña casa. Ata aí chega a súa ousadía... Hai que pararlles os pés. Non temos cartos para reparar esas fochancas. Necesito todo o presuposto para os xardíns. Non podemos combater en dúas guerras. Ti enténdesme, non, Desfacedora de *Entuertos*? Se non fose por ti, nin os xardíns había salvar. Menos mal que sempre tes dispoñible mercadoría fresca e en abundancia, e a man de obra necesaria para saír do paso alá pola mañanciña. Desgraciados...

—DESFACEDORA DE ENTUERTOS: Tranquila, Rosa. Sabes que na vida hai que escoller. Ademais non eras ti a que dicías que isto de ser alcaldesa non che presta? Que agora non tes tempo para faceres nada do que che gustaba e, pola contra, tes que acudir a milleiros de actos nos que o máis interesante son os canapés e o viño cos que rematan?

—ACTUAL-ALCALDESA-DESEXANDO-QUE-LLE-ROUBEN-POSICIÓN ROSA "ROSAE": Tes razón, Desfacedora de *Entuertos*, pero tampouco me sinto ben ao deixarme asoballar así como así por esas malas bestas. Ademais, se marcho eu, que será dos xardíns que puxen en pé en cada glorieta da cidade?

—DESFACEDORA DE ENTUERTOS: Veña, Rosa, non sexas demagoga, que ben sabes que cando gobernaba o ex-alcalde-aspirante-a-revalidar-posición señor Eudasio Benítez de Orégano os parques estaban ben atendidos. Ou acaso non

foi el o que tivo a brillante idea de roubarlle ao asfalto a zona verde de Soutiño e convertela nun parque para nenos? Iso si que foi ousado e redondo! Ai... (*Suspira coma as adolescentes que miran na película o actor da que están namoradas*).

—ACTUAL-ALCALDESA-DESEXANDO-QUE-LLE-ROUBEN-POSICIÓN ROSA “ROSAE”: Se ao final vai ser mellor que volva ese señor e eu así podo retirarme na miña casiña de campo e ocuparme única e exclusivamente das miñas plantas... Non das de ninguén máis. Que estou farta.

—DESFACEDORA DE ENTUERTOS: Tampouco te poñas así. Aguanta un pouco máis, que á lexislatura non lle queda moito para rematar e vas deixar quedar fatal o partido. Uns cantos meses máis... Logo xa me encargo eu de animar unha moción de censura...

ESCENA 4

Un cuarto estreito. Tanto que case toda está ocupada pola cama que hai no medio. Nos poucos recunchos libres vense plantas de todas as cores e tamaños, vizosas coma se acabasen de saír dunha selva. Na cama abrázanse e falan dúas persoas.

—HOME-SOMBRA SICARIO: O ex-alcalde-aspirante-a-revalidar-posición señor Eudosio

Benítez de Orégano está doente. O Asesor Axexante 1 faime cada vez máis encargos. Non hai queixa... Se isto segue así uns meses, entre o que saco eu e o que sacas ti aforraremos dabondo para marchar a Tailandia e non pegar golpe máis na vida. E ademais está o do rapaz...

—DESFACEDORA DE ENTUERTOS: Xa me tarda. Hai que aproveitar. Que a alcaldesa está a piques de abandonar. Cada día me custa máis mantela no posto. É unha chafiñas. Pero por agora o asunto está saíndo ben: ti desfás as rúas e págache o ex-alcalde-aspirante-a-revalidar-posición señor Eudosio Benítez de Orégano, e eu dedícome a repoñer cada día do meu viveiro, que bota fume, as flores que estraga o noso fillo Ramón, que tamén recibe os seus cartiños dese inútil de Asesor Axexante 2 que só busca facer méritos para roubarlle a posición ao Asesor Axexante 1, e que non ten nin idea.

Petan á porta.

—PERSONAXE QUE SAE AO FINAL: Son eu.

—DESFACEDORA DE ENTUERTOS: Entra, fillo.

—PERSONAXE QUE SAE AO FINAL: Pai, nai... Teño unha boa nova. Xa non serei máis o fillo inútil que supón unha carga para vós. Suso contoume que andan buscando un grafiteiro... A que non adiviñades para que? Ramón vai morrer de envexa...

FIN

*Aires
de fóra*



*D*iscurso de Calgaco

Margot Fernández

Licenciada en Linguas Clásicas pola USC e profesora no IES Espiñeira de Boiro

No corpus do historiador Publio Cornelio Tácito (Roma, ca. 55 d.n.e.-íbidem, ca. 120) atopamos o “Discurso de Calgaco” (Agr. 29-32), unha alegación contra as arelas expansionistas das grandes potencias. Malia ser cualificado Agricola como Tacitus minor en razón, por unha banda, da estrutura sintáctica menos elaborada; pola outra, do argumento (a biografía do sogro do autor), a vixencia do

opúsculo suxire grandeza. Tácito transcribe o discurso do xeneral Picto Calgaco en contra dos romanos, que pretenden esquilmar Britania, territorio no que habita a súa tribo. Tácito, valente, rexistra a opinión dos indíxenas no texto. Calgado representa a épica dos perdedores. Eis o discurso de Calgaco vertido ao galego:



Discurso de Calgaco.
Imaxe extraída da páxina: www.labrujulaverde.com

[29] Initio aestatis Agricola domestico vulnere ictus, anno ante natum filium amisit. Quem casum neque ut plerique fortium viro- rum ambitiose, neque per lamenta rursus ac maerorem muliebriter tulit, et in luctu bellum inter remedia erat. Igitur praemissa classe, quae pluribus locis praedata magnum et incer- tum terrorem faceret, expedito exercitu, cui ex Britannis fortissimos et longa pace exploratos addiderat, ad montem Graupium pervenit, quem iam hostis insederat. Nam Britanni nihil fracti pugnae prioris eventu et ultionem aut servitium expectantes, tandemque docti com- mune periculum concordia propulsandum, legationibus et foederibus omnium civitatum vires exciverant. Iamque super triginta milia armatorum aspiciebantur, et adhuc adfluebat omnis iuventus et quibus cruda ac viridis senectus, clari bello et sua quisque decora gestantes, cum inter pluris duces virtute et genere praestans nomine Calgacus apud con- tractam multitudinem proelium poscentem in hunc modum locutus fertur:

[30] "Quotiens causas belli et necessitatem nostram intueor, magnus mihi animus est hodiernum diem consensumque vestrum initium libertatis toti Britanniae fore: nam et universi col[is]tis et servitutis expertes, et nullae ultra terrae ac ne mare quidem securum inmi- nente nobis classe Romana. Ita proelium atque arma, quae fortibus honesta, eadem etiam ignavis tutissima sunt. Priores pugnae, quibus adversus Romanos varia fortuna certatum est, spem ac subsidium in nostris manibus habebant, quia nobilissimi totius Britanniae eoque in ipsis penetralibus siti nec ulla ser- vientium litora aspicientes, oculos quoque a contactu dominationis inviolatos habebamus. Nos terrarum ac libertatis extremos recessus ipse ac sinus famae in hunc diem defendit: nunc terminus Britanniae patet, atque omne ignotum pro magnifico est; sed nulla iam ultra

gens, nihil nisi fluctus ac saxa, et infestiores Romani, quorum superbiam frustra per ob- sequium ac modestiam effugias. Raptores orbis, postquam cuncta vastantibus defuere terrae, mare scrutantur: si locuples hostis est, avari, si pauper, ambitiosi, quos non Oriens, non Occidens satiaverit: soli omnium opes atque inopiam pari adfectu concupiscunt. Auferre trucidare rapere falsis nominibus imperium, atque ubi solitudinem faciunt, pacem appellant.

[31] "Liberos cuique ac propinquos suos natura carissimos esse voluit: hi per dilectus alibi servituri auferuntur; coniuges sororesque etiam si hostilem libidinem effugerunt, no- mine amicorum atque hospitem polluuntur. Bona fortunaeque in tributum, ager atque annus in frumentum, corpora ipsa ac manus silvis ac paludibus emuniendis inter verbera et contumelias conteruntur. Nata servituti mancipia semel veneunt, atque ultro a dominis aluntur: Britannia servitutem suam cotidie emit, cotidie pascit. Ac sicut in familia recen- tissimus quisque servorum etiam conservis ludibrio est, sic in hoc orbis terrarum vetere famulatu novi nos et viles in excidium petimur; neque enim arva nobis aut metalla aut portus sunt, quibus exercendis reservemur. virtus porro ac ferocia subiectorum ingrata impe- rantibus; et longinquitas ac secretum ipsum quo tutius, eo suspectius. Ita sublata spe veniae tandem sumite animum, tam quibus salus quam quibus gloria carissima est. Brigantes femina duce exurere coloniam, expugnare castra, ac nisi felicitas in socordiam vertisset, exuere iugum potuere: nos integri et indomiti et in libertatem, non in paenitentiam [bel] laturi; primo statim congressu ostendamus, quos sibi Caledonia viros seposuerit.

[32] "An eandem Romanis in bello virtu- tem quam in pace lasciviam adesse creditis?

[29] Ao comezar o verán, a Agrícola azoutouno unha desgraza familiar: perdeu un neno que lle nacera había un ano. El non encarou a traxedia como se despregase afouteza, nin tampouco se rendeu ao pranto desconsolado; mesmo no loito, a guerra proporcionoulle un remedio. Emporiso, ordenou que unha escuadra avanzase co propósito de practicar constantes saqueos a través de localizacións diversas para sementar a incerteza e o pánico; e, cunha tropa lixeira, á que lle engadira unha liña dos britanos máis bravos, leais durante un prolongado período de paz, acadou o monte Graupio, xa ocupado polo rival. Os britanos non se ciscallaran por mor da batalla previa, senón a causa da vinganza ou da escravitude. En definitiva, decatábanse de que só grazas á unión se podía enfrontar un perigo común; xuntaran forzas procedentes de todas as localidades mediante embaixadas e acordos. Xa se divisaban máis de 30000 homes armados e, naquela dirección, acudían todo tipo de mozos e mesmo vellos con brío e ánimo, veteranos distinguidos adobiados con cadansúas insignias. Disque, entón, un xeneral chamado Calgaco, salientábel entre os demais pola prosapia e o valor, arengou deste xeito un apertado xentío que demandaba loita:

[30] “Cantas voltas lle dou aos motivos desta guerra, e o comportamento das divindades connosco, embárgame a absoluta seguridade de que a unión que hoxe amosades inaugurarán a liberdade para a Britania enteira, pois tedes camiñado xuntos e, por riba, nunca vos someteron. Por outra banda, xa non nos queda terra aló, nin sequera o mar nos confire protección ante o asedio do efectivo romano. En consecuencia, a pelexa, que os guerreiros estiman unha cuestión de honor, mesmo para os covardes constitúe a solución máis segura. As tropas que con anterioridade loitaran contra os romanos con desigual sorte, depositaban

en nós a esperanza de ficarmos salvos, pois, ao tratarse da poboación máis arraigada en toda Britania, e vivir nos nosos predios sen mirar para as costas conquistadas, non imaxinabamos a posibilidade dunha invasión. No confín último da liberdade, o afastamento e a falta de confirmación dos rumores sobre nós –debido a que o que se descoñece sempre se magnifica– defendéronnos ata a actualidade. Porén, agora, Britania permanece absolutamente aberta: ningún pobo acolá, nada, agás ondas a bañaren os rochedos e unha ameaza peor aínda: os romanos, de cuxo despotismo non zafaremos cunha entrega nobre. Depredadores ao longo da terra, despois de o teren devastado todo e, a falta de terreos, contemplan o mar: ambiciosos se o adversario é podente, e rastreiros se pobre; nin Oriente nin Occidente os fartou; ningún coma eles persegue con idéntica teimosía riqueza e penuria. Denominan o despoxo, a masacre e a rapina, impropriamente, hexemonía; e onde establecen un deserto, din que hai paz.

[31] Segundo as leis da natureza, un quere os seus e os descendentes por riba de todo; pois eles recrútanos para marcharen a calquera parte. As nosas mulleres e as nosas irmás, mesmo se conseguiron fuxir dos depravados instintos do inimigo, vense aldraxadas por mor da amizade e da hospitalidade. Bens e cartos como tributo, terras e colleitas para acomeralos, a xente como man de obra para deixar expeditos montes e balsas, acaban con todo violentamente e inflixindo humillacións. A quen nace escravo véndeno unha vez e, por riba, os amos mantéñeno; Britania paga cada día pola súa escravitude, e mantena a diario. E, de igual xeito que, no seo dunha familia, do criado inferior abusan os camaradas, a nós, nun contexto similar, procúranos para remudaren a servidume e, como lle resultamos barato exterminárennos; porque xa non temos

Nostis illi dissensionibus ac discordiis clari vitia hostium in gloriam exercitus sui vertunt; quem contractum ex diversissimis gentibus ut secundae res tenent, ita adversae dissolvent: nisi si Gallos et Germanos et (pudet dictu) Britannorum plerosque, licet dominationi alienae sanguinem commodent, diutius tamen hostis quam servos, fide et adfectu teneri putatis. Metus ac terror sunt infirma vincla caritatis; quae ubi removeris, qui timere desierint, odisse incipient. Omnia victoriae incitamenta pro nobis sunt: nullae Romanos coniuges accendunt, nulli parentes fugam exprobraturi sunt; aut nulla plerisque patria aut alia est. Paucos numero, trepidos ignorantia, caelum ipsum ac mare et silvas, ignota omnia

circumspectantis, clausos quodam modo ac vinctos di nobis tradiderunt. Ne terreat vanus aspectus et auri fulgor atque argenti, quod neque tegit neque vulnerat. In ipsa hostium acie inveniimus nostras manus: adgnoscent Britanni suam causam, recordabuntur Galli priorem libertatem, tam deserent illos ceteri Germani quam nuper Usipi reliquerunt. Nec quicquam ultra formidinis: vacua castella, senum coloniae, inter male parentis et iniuste imperantis aegra municipia et discordantia. Hic dux, hic exercitus: ibi tributa et metalla et ceterae servientium poenae, quas in aeternum perferre aut statim ulcisci in hoc campo est. Proinde ituri in aciem et maiores vestros et posteros cogitate.'

Texto sacado de TÁCITO: *Agricola* (The Latin Library, edición en liña).

terras, vetas, portos por cuxa administración nos valoren. Ademais, non lles agrada aos invasores a bravura e o orgullo da poboación: o afastamento e a independencia, canto máis seguras semellan, máis desconfianza suscitan. Xa que non debemos esperar magnanimidade, xuntade forza para sobrevivir ou para alcanzar a gloria, segundo prefirades. Os brigantes, liderados por unha muller, prendéronlle lume a unha colonia, venceron na loita un campamento e, se a alegría non se tivese convertido en desleixo, terían zafado do xugo. Nós dispoñémonos a camiñar unidos e invictos en aras da liberdade, e iso non nos ha pesar: Demostremos xa no primeiro envite que homes tiña gardados Caledonia para cando os precisase.

[32] Credes que os romanos posúen idéntica coraxe na guerra que indolencia na paz? Eles medran grazas ás nosas disputas e desacordos, e transforman os erros do inimigo en esplendor para o exército propio. Un exército que, procedente de etnias moi diversas, presérvase tan compacto en circunstancias propicias como espaxado nas adversas. Agás se opinades que galos, xermanos e –que vergoña recoñecelo!– non escasos britanos, malia derramaren o seu sangue pola tiranía allea, eles que foron máis tempo rivais que escravos, observan lealdade porque os romanos lles inspiran afecto... Pánico, horror,

constitúen vínculos que non amarran pretos. Ao remexérense, quen deixou de sentir medo, comezará a sentir odio. Todos os incentivos para a vitoria volven por nós: os romanos carecen de mulleres para os animaren, de pais para lles recriminaren a fuxida, a meirande parte dos soldados son apátridas ou estranxeiros. Os deuses non os ofreceron, escasos, tremendo debido á ignorancia, contemplando ao redor un ceo, un mar, uns montes absolutamente ignotos, en certa medida presos con cadeas. Non vos asustedes da súa aparencia ostentosa, do resplandor do ouro e da prata que nin tupen nin feren. Entre as liñas do inimigo atoparemos partidarios do noso bando: os britanos recoñecerán a súa causa, os galos lembrarán a liberdade que lles roubaron, e os xermanos desertarán do mesmo xeito que recentemente o fixeron os usipos. Polo demais, non temos nada que temer: cercados baleiros, colonias envellecidas, localidades empobrecidas e vacilantes entre os que se someten de mala gana e os que impoñen a súa determinación. Aquí hai un xeneral, aquí un exército. Alí hai tributos, traballos forzados e restantes suplicios que se adoita aplicar aos servos. Depende desta congregación soportalos para sempre ou, pola contra, acometer a vinganza sen dilación. Emporiso, ao saídes a combater, pensade nos devanceiros e nos que vos sucederán”.



*O*s outros da guerra. Soldados da
república, de *Dorothy Parker*

Jorge Ramos García

Tradutor

Non só foi a Guerra Civil española o primeiro conflito moderno en canto ao equipamento militar usado polos dous bandos, senón que tamén foi a primeira guerra globalizada. O desenvolvemento do conflito e as imaxes que deixaba a guerra ocuparon os periódicos e programas de radio de todo o mundo (Binns 2009). Moitos cidadáns de Estados Unidos de América remataron por preocuparse dun xeito profundamente emocional por España debido ás imaxes da guerra que vían día tras día. De feito, pouco antes da súa morte, o presidente Franklin Delano Roosevelt escribiulle unha carta ao embaixador americano en España na que dixo que “o actual réxime español é naturalmente visto con receo por moitos cidadáns americanos que atopan difícil ver xustificación algunha para que o noso país continúe mantendo relacións cun réxime como este” (Roosevelt 1945¹).

Quizais fora polo cruel asasinato do poeta Federico García Lorca, símbolo poético para moitos dos poetas do conflito (Binns 2009), ou quizais só fose polo convencemento do perigo que supoñía o avance do fascismo en Europa logo de ver as imaxes de España. Mais os escritores de todo o mundo foron a España para loitar física e intelectualmente contra Franco. Como dixo Stanley Weintraub, “en ningún outro momento histórico sentiron os escritores que a arte podería ser unha arma”, ata o punto de que eles incluso “brandiron as súas máquinas de escribir contra o inimigo”, e outros, como Edwin Rolfe, “foron máis alá deixando as súas máquinas de escribir e collendo rifles que, ao comezo, non tiñan nin idea de como usar” (1968, 2). España foi para moitos escritores o lugar no que estar, a causa global da literatura pola liberdade académica

e vital representada pola República. Este foi o caso de moitos estadounidenses, como Dorothy Parker.

O 22 de agosto de 1893 naceu Dorothy Rothschild, filla de Jacob Henry, de familia alemá xudía, e Eliza Annie, de orixe escocesa. No seu ensaio “My Home Town” [A miña cidade natal] (1928), Dorothy contou que ela naceu no pobo costeiro onde os seus pais pasaban as vacacións de verán, Long Branch, New Jersey; mais eles levárona rapidamente para o seu piso en Manhattan a fin de que puidese ser unha verdadeira neioirquina. A traxedia asolou a familia de Dorothy, pouco antes do seu quinto aniversario, coa morte da súa nai, Eliza Annie. O seu pai casou unha segunda vez con Eleonor Frances Lewis. A relación entre madrastra e fillastra, porén, constitúe un debate constante na academia entre os biógrafos da escritora². En 1903, Eleanor morría e, xusto 10 anos despois, morría Jacob Henry, polo que con 20 anos quedaba Dorothy orfa.

Tras da morte do seu pai, Dorothy tivo que buscar unha fonte de ingresos, e comezou a gañarse a vida a través do mundo da cultura. Silverstein (1996) sitúaa tocando o piano para unha escola de baile neioirquina mentres envolvía os seus primeiros escritos. De feito, en 1914 vendeu o seu primeiro poema á revista *Vanity Fair* e, pouco despois, foi contratada para escribir en *Vogue*. Nestes anos coñecería tamén o seu primeiro marido, Edwin Pond Parker II, un home que traballaba na compravenda de accións en *Wall Street*. O matrimonio viuse afectado pola Primeira Guerra Mundial, e os efectos no seu marido levaría a parella ao divorcio en 1928. Mais sería deste efémero matrimonio de onde

1 A carta do presidente Roosevelt está citado dun artigo que apareceu en *The Guardian* o 27 de setembro de 1945 que se titulou “President Roosevelt’s Letter About Franco”. Pódese atopar tamén na versión web do xornal británico: <https://www.theguardian.com/theguardian/2012/sep/27/roosevelt-franco-letter-archive-1945>.

A tradución foi feita polo autor.

2 Ver: Hermann (1982) para entender a mala relación entre ambas, e Meade (1987) para unha biografía de Dorothy diferente onde se mostra unha infancia na que a escritora coñeceu o amor e o apoio familiar.

tomaría o apelido que levaría a escritora á memoria colectiva global: así naceu Dorothy Parker.

A explosión da escritora comezou en 1918 tras unha substitución como crítica de teatro para *Vanity Fair*. Entre a escritura dos seus textos críticos, cheos dun estilo enxeñoso e mordaz, coñecería o actor Robert Benchley e o dramaturgo Robert E. Sherwood (Hermann 1982). O trío almorzaba todos os días no Hotel *Alongquín*, situado no barrio de Manhattan. Foron eles quen fundaron a Mesa Redonda do *Alongquín* [*Alongquin Round Table*] en 1919, un club social que aglutinou as grandes figuras do espectáculo neoiorquino de por entón. Entre os seus membros estiveron os comediantes Groucho e Harpo Marx, a feminista Ruth Hale, ou o fundador de *The New Yorker*, Harold Ross, entre moitos outros.

En 1926 publicou o seu primeiro poemario, titulado *Suficiente Corda* [*Enough Rope*], que foi aclamado polo público e polos críticos (Meade 1987). O seu estilo humorístico e de fácil lectura conectaba co público neoiorquino dos anos 20. Pouco despois de que Harold Ross fundase *The New Yorker* en 1925, comezaría a publicar na devandita revista. Máis de 100 textos forman o corpus de Parker no *The New Yorker*, que inclúen contos—para moitos o que fixo dela unha escritora universal (Martin 2000)—, poemas e críticas literarias firmadas baixo o nome de *Constant Reader*³ [lector constante].

En 1932 coñeceu a Alan Campbell, un guionista de cine e actor, co que casaría dous anos despois, e logo outra vez en 1950 tras divorciarse en 1947 (Meade 1987). Parker e Campbell convertéronse nun dúo creativo na escritura

de guións memorables da historia do cinema estadounidense. En 1937, os dous, xunto a Robert Carson, escribiron o guión de *A Star Is Born* [*Naceu unha estrela*] (Wellman 1937), polo que foron nomeados ao Premio da Academia de Cine ao mellor guión orixinal. Máis de 15 filmes forman os escritos por Parker e Campbell na década dos 30 e 40.

Como no caso de moitos dos seus contemporáneos, a radicalización da escritora comezou co xuízo de dous anarquistas de orixe italiana, Niccola Sacco e Bartolomeo Vanzetti. O xuízo foi un exemplo do comezo da persecución dos radicais de esquerda e da xenofobia existente contra os inmigrantes. Sen probas, e a pesar da coartada de ambos, Sacco e Vanzetti foron condenados á morte en 1927. As manifestacións en Boston congregaron a millares de persoas, entre as que estivo John Dos Passos, Upton Sinclair e Dorothy Parker. Parker sería detida durante esas mesmas protestas (Meade 1987). Comezaba así a súa implicación nos movementos de esquerda estadounidense dos anos 30.

Como foi anteriormente mencionado, a guerra en España removeu as consciencias dos estadounidenses. Nun intento por facer que o presidente Franklin Delano Roosevelt e a súa muller Eleonor levantasen a política de non intervención, Ernest Hemingway e John Dos Passos escribiron e rodaron un pequeno filme documental que chamaron *The Spanish Earth* [*A Terra Española*] (Ivens 1937), narrado na versión orixinal por Orson Welles. Parker xogou un papel fundamental como produtora do devandito filme (Meade 1987), mais pensaba que podía facer máis dende Estados Unidos que en España.

O momento do cambio na opinión de Parker aconteceu pouco despois da estrea do filme, á que foi con Francis Scott Fitzgerald nun intento de politizalo (Meade 1987). Na súa biografía, *Do-*

³ Nota do tradutor: *Constant Reader* é unha maneira habitual de referirse aos lectores fieis dun autor. De feito, é habitual atopar nos epílogos a forma de cortesía "Dear Constant Reader" [Querido lector constante]. Polo que Parker xoga con esa expresión para construír o seu pseudónimo na crítica literaria.

rothy Parker: *What Fresh Hell Is This?*, recóllese (Meade 1987) unha reunión da escritora con Leland Stowe, un correspondente internacional de *New York Herald Tribune*. O periodista acababa de chegar de España e díxolle a Dorothy que a causa da república era “a máis grande e significativa causa da súa vida ata o momento”. Dorothy e Alan puxeron rumbo a España onde estiveron 10 días en Madrid con Ernest Hemingway e Martha Gelhorn (Meade 1987) e Valencia, onde viviron varios bombardeos.

Desde España escribiu varios artigos para *New Massess*, unha revista marxista de Estados Unidos de América na que tamén escribiron autores como Edwin Rolfe. “Incredible, Fantastic ... and True” [Increíble, fantástico ... e certo] e “Spain, For Heaven’s Sake” [España, por amor de deus!] son exemplos da súa experiencia en España contada en *New Masses*. A obra literaria de Parker sobre España céntrase na vida cotiá, e os seus contos e escritos mostran a realidade dos outros da guerra: a xente española. Sen dúbida, o que máis marcou á escritora foron as imaxes dos nenos na rúa. De feito, tras recibir unha comunicación do *North American Committee to Aid Spanish Democracy* [O Comité americano de axuda á democracia española], Dorothy escribiu de volta esta carta (Meade 1987, 294)⁴:

Querida Señora Kennedy:

De todo corazón quero facer o que poida na campaña para axudar os nenos españois.

Estou vivindo en Estados Unidos e, aínda que estou un pouco lonxe de

Nova York, podería ir cando vostede quixese.

*Atentamente:
Dorothy Parker*

Dorothy Parker mobilizouse pola República: organizou actos, participou en protestas e, como moitos outros, puxo a súa pluma ao servizo da causa republicana. A vehemencia dos seus discursos e a repercusión dunha das máis recoñecidas voces do movemento cultural de Nova York foi—e segue a ser—profundamente significativa. Os seus escritos seguen a ser estudados e aparecen nas coleccións de obras escritas por estranxeiros sobre a Guerra Civil española, como en Binns (2009).

Entre os textos que nos deixou do seu tempo en España destaca o que protagoniza esta tradución: *Soldados da República*. Publicado o 5 de febreiro de 1938 en *The New Yorker*, un relato marcado pola súa experiencia en España. Unha narradora que se sente fóra de lugar observa e escoita os outros da guerra: os nenos no bar e os soldados que fuman e beben con ela. E a través dela —quizais como imaxe da literatura ou do xornalismo— a súa experiencia vive para sempre.

O seu compromiso coa República levouna a ser xulgada na caza de bruxas do senador McCarthy como unha “antifascista prematura”⁵. Como consecuencia, foi incluída na lista negra de Hollywood xunto a outros comunistas e persoeiros de esquerdas da industria cultural. Dorothy Parker, como o tamén guionista como Alvah Bessie —quen tamén loitou en España—, puxeron o seu intelecto e o seu corpo para

5 Na retórica anticomunista de despois da Segunda Guerra mundial, aqueles estadounidenses que prestaran algún servizo, ou simplemente apoio, á España republicana eran chamados como *Premature Antifascists* [Antifascistas prematuros]. Ver: Carroll (1994).

4 Nota do tradutor: traducido do orixinal en inglés polo autor.

loitar pola democracia española, e seguirían a facelo nos anos da ditadura.

Numerosas son as traducións deste escrito ao español —como a publicada por *El País*

Uruguay o 26 de marzo de 2012—pero este é, de acordo coas miñas procuras, a primeira tentativa de levar o relato de Dorothy Parker á lingua galega.

SOLDADOS DA REPÚBLICA

Aquela tarde de domingo sentámonos xunto á rapaza sueca no Gran café de Valencia. Tomamos vermú nunhas copas grosas, cada unha cun xeo gris cheo de buratos. O camareiro estaba tan orgulloso deses xeos que apenas podía soportar deixar os vasos na mesa, xa que significaba separarse deles para sempre. Volveu á súa tarefa —por toda a sala daban palmas e asubiábanlle intentando chamar a súa atención—, mais el volveuse a mirar por enriba do seu ombreiro.

Fóra xa escurecera, a rápida e nova escuridade que asalta sen anoitecer ao día, pero ao non haber luces na estrada parecía tan profunda e tan antiga como a medianoite. Así que preguntábaste se os nenos estarían aínda de pé. Había nenos por toda a cafetería, nenos formais, sen solemnidade, e interesados no ambiente que os rodeaba dun xeito tolerante.

Na mesa xunto á nosa había un especialmente pequeno; quizais de seis meses. O seu pai, un home pequeno que levaba un uniforme grande, que afundía os seus ombreiros, suxeitábao con coidado no seu colo. O neno non estaba a facer nada; porén, el e a súa fraca e moza muller, cuxo ventre xa estaba a crecer baixo o seu desaliñado vestido, estaban sentados nunha especie de éxtase de admiración mentres o seu café arrefriaba diante deles. O bebé estaba vestido de branco de domingo; o seu vestido remendado tan delicadamente que

se pensaría que os remendos non cambiaran o ton de branco do conxunto da tela. No seu pelo había un lazo azul dunha cinta nova atado nun equilibrio absoluto entre as lazadas e os extremos. A cinta non tiña uso práctico; non había o pelo suficiente para que se requirise unha suxeición. O lazo era puramente un adorno, un pequeno e calculado toque.

“Oh, por deus, para xa!” dixen para min mesma. “Moi ben, así que ten unha pequena cinta azul no seu pelo. Moi ben, así que a súa nai pasou sen comer para verse ben cando o seu pai volveuse de permiso. Moi ben, pois é asunto dela, e non teu. Moi ben, así que, por que tes que chorar?”

A estancia era grande e de luz tenue e estaba ateigada de xente animada. Pola mañá houbo un bombardeo aéreo, máis horríbel aínda ao ser a plena luz do día. Pero ninguén na cafetería estaba sentado tenso e nervioso, ninguén estaba facendo un esforzo desesperado para esquecer. Bebían café ou limoada embotellada na calma merecida e agradable da tarde de domingo, falando de cousas nimias e alegres, falando todos ao mesmo tempo, todos escoitando e contestando.

Había moitos soldados na estancia, no que parecían ser uniformes de vinte exércitos diferentes ata que reparabas en que a variedade se atopaba nas maneiras diferentes

nas que a tea se gastara, ou perdera a cor. Só uns poucos foran feridos; por aquí e por alí vías algún andando con sumo coidado, apoiado nunha muleta ou en dous bastóns, pero a súa recuperación estaba tan avanzada que as súas facianas tiñan cor. Había moitos homes, tamén, con roupa de rúa: algúns deles, soldados de permiso, algúns deles traballadores do goberno, algúns deles vaite ti a saber que. Había mulleres gordechás, cómodas esposas que movían abanicos de papel, e mulleres vellas tan caladas coma os seus netos. Había moitas mozas guapas e auténticas belezas, das cales non dirías “Aí vai unha muller española riquiña,” senón que dirías “Que moza tan fermosa!”. A roupa das mulleres non era nova, e as telas eran demasiado sinxelas como para poder ter un corte experto.

—É curioso— díxenlle á rapaza sueca—, que cando nun sitio ninguén é o mellor vestido, non te das conta de que ninguén vai ben vestido.

—Como?— dixo a rapaza sueca.

Ninguén, salvo algún que outro soldado, levaba sombreiro. Cando chegamos por primeira vez a Valencia, vivía nun estado de perplexa dor ao non saber por que todo o mundo se ría de min na rúa. Non era porque “West End Avenue⁶” estivese escrito na miña fronte como se un empregado de aduanas o deixase alí posto como un garabato feito con xiz. Gustaban dos americanos en Valencia, onde viran os bos: os doutores que deixaron as súas consultas para vir axudar, as mozas e seren as enfermeiras, os homes das Brigadas Internacionais. Pero cando saía a camiñar, os homes e as mulleres

tapaban as súas caras rachadas de risa, e os nenos, demasiado inocentes para disimular, sinalábanme co dedo e gritaban “Olé!”. Logo, xa moi tarde, fixen o meu descubrimento e quiteime o sombreiro; e xa non houbo máis risas. Non era un deses sombreiros graciosos tampouco; era só un sombreiro.

A cafetería encheuse a rebordar, e deixei a nosa mesa para falar cun amigo que estaba na outra punta da sala. Cando volvíñ á mesa, había seis soldados sentados nela. Estaban apertados, e tivenme que meter por un oco para chegar á miña cadeira. Semellaban estar cansos, cheos de po e pequenos, do mesmo xeito no que os recentemente finados semellan pequenos, e a primeira cousa que destacabas neles eran os tendóns no seu pescozo. Sentínme como unha porca de premio.

Todos estaban conversando coa moza sueca. Fala español, francés, alemán, toda lingua escandinava, italiano e inglés. Cando ten un momento para sentirse arrepentida lamentase entre suspiros que o seu holandés estea tan oxidado que xa non o poida falar, só lelo, e que o mesmo lle pase co seu romanés.

Dixéranlle, díxonos a nós, que estaban na fin dun permiso de corenta e oito horas fóra das trincheiras e, polas súas vacación, xuntaran todo o seu diñeiro para mercar cigarros, e algo saíra mal e o tabaco nunca lles chegara. Eu tiña un paquete de cigarros americanos –en España o tabaco rubio é como nada para eles– e saqueino, e mediante xiros de cabeza, sorrisos e algo semellante a unha brazada, deilles a entender que llelo ofrecía a aqueles seis homes que anhelaban o tabaco. Cando entenderon o que quería dicir, levantáronse e apertáronme a man. Moi xeneroso da miña parte compartir os meus cigarros cos homes, facendo o camiño de volta ás trincheiras. A

6 Nota do tradutor: esta é unha das avenidas máis recoñecidas de New York City. Neste caso, a escritora úsao como representativo dos Estados Unidos de América para dicir que a súa procedencia era facilmente recoñecible.

Pequena Señorita Xenerosa. Unha porca de premio.

Un a un foron acendendo os seus cigarros cun artefacto de corda amarela que apestaba ao arder, e que tamén se usaba, traduciu a rapaza sueca, para prender as granadas. Cada un deles recibiu o que pedira, un vaso de café, e cada un deles murmurou agradecido ao ver a pequena cornucopia de azucre de gran groso que o acompañaba. Despois falaron.

Falaban a través da moza sueca, pero fixéronos o que todos facemos cando falamos a nosa lingua con alguén que a descoñece. Mirábanos directamente á cara, e falaban moi amodo, e pronunciaban as súas verbas con elaborados movementos dos seus beizos. Entón, mentres as súas historias ían xurdindo, contáronas tan vehementemente, con tanta énfase, que estaban seguros que debiamos comprender. Estaban convencidos de que nos avergoñaba non comprender.

Pero a moza sueca contounos. Todos eles eran granxeiros e fillos de granxeiros, dunha zona tan pobre que intentas non recordar que esa pobreza existe. A súa vila estaba xunto a outra onde os homes vellos e enfermos e as mulleres e os nenos marcharan, nas festas, a unha praza de touros; e os avións viñeran e deixaran caer as bombas na praza de touros, e os homes vellos e os homes enfermos e as mulleres e os nenos eran máis de dous mil.

Todos eles levaban na guerra máis dun ano, e a maior parte do tempo estiveran nas trincheiras. Catro deles estaban casados. Un tiña un fillo, dous tiñan tres fillos, un tiña cinco. Non souberan nada das súas familias dende que as deixaran para ir á fronte. Non houbo ningunha comunicación; dous deles aprenderan a escribir grazas a outros homes

loitando xunto a eles nas trincheiras, pero non se atreveran a escribir á casa. Pertencían a un sindicato, e os homes dos sindicatos, por suposto, son executados se os collen. A vila onde vivían as súas familias fora capturada, e se a túa muller recibe unha carta dun home dun sindicato, quen sabe se non a matarían pola relación.

Contáronos que xa había máis dun ano que non tiñan ningunha nova das súas familias. Non nolo dixeron con afouteza, ou extravagancia ou con estoicismo. Dixérono como, como se... Pois ben, veredes. Levas máis dun ano loitando nas fronteiras. Non escoitaches nada sobre a túa muller nin os teus fillos. Non saben se estás vivo ou morto ou cego. Non sabes onde están, nin se están. Tes que falar con alguén. Así é como nolo contaron.

Un deles, sobre seis meses antes, tivo noticias da súa muller e dos seus tres fillos—teñen uns ollos tan bonitos, díxonos—dun cuñado en Francia. Estaban todos vivos por entón, segundo lle dixeron, e comían un prato de xudías todos os días. Pero a súa muller non se queixara da comida, contáronlle. O que lle preocupaba era non ter fío co que remendar a roupa raída dos nenos. Así que iso preocupáballe a el tamén.

— Non ten fío—, repetía sen cesar.—Non ten fío co que remendar. Non ten fío.

Quedamos alí sentados e escoitamos o que dicían, traducido pola rapaza sueca. De repente, un deles botou unha ollada ao reloxo e despois rendeu a axitación. Puxéronse en pé dun salto, como un só home, e houbo un chamamento polo camareiro e unha conversa rápida con el, e todos eles apertáronos as mans a cada unha de nós. Volvemos aos movementos de natación para explicarlles que

podían quedar co resto dos cigarros —catorce cigarros para que seis soldados os leven á guerra— e entón déronos a man outra vez. Todos eles dixeron despois “Salud!” tantas veces como facía falta para seis deles e tres de nós, e marcharon da cafetería, os seis cansados e cheos de po, e pequenos como son pequenos os homes dunha poderosa horda.

Só a rapaza sueca falaba despois de que marcharan. A rapaza sueca levaba en España dende o comezo da guerra. Asistira homes esnaquizados, levara padiolas ás trincheiras e,

máis cargadas, levounas de volta ao hospital. Vira e escoitara demasiado para quedar sen palabras.

Nun momento xa era a hora de marchar, e a moza sueca levantou as mans sobre a súa cabeza e deu dúas palmadas para convocar o camareiro. O camareiro veu onda nós, pero non fixo máis que sacudir a súa cabeza e a man, e marchou.

Os soldados pagaran as nosas bebidas.

.....

BIBLIOGRAFÍA

Binns, N. (2009). *Voluntarios con Gafas. Escritores Extranjeros en la Guerra Civil*. Marenostum.

Carroll, P. (1994). *The Odyssey of the Abraham Lincoln Brigade*. Stanford University Press.

Herrmann, D. (1982). *With Malice Toward All: The Quips, Lives and Loves of Some Celebrated 20th-Century American Wits*. G. P. Putman's Sons.

Martin, W. (2000). Dorothy Parker (1893-1967). *The Columbia Companion to the Twentieth-Century American Short Story*. Ed. Blanche H. Gelfant. . Columbia University Press.

Meade, M. (1989). *Doroty Parker: What Fresh Hell Is This?*. Penguin Books

Parker, D. (1939, novembro). Spain, For Heaven's Sake!. *New Masses*

(1938, febreiro). Soldiers of the Republic. *The New Yorker*.

(1937, novembro). Incredible, Fantastic ... and True. *New Masses*.

(1928, xaneiro). My Home Town. *McCall's*.

President Roosevelt's Letter About Franco. (1945). *The Guardian*, September 27. <https://www.theguardian.com/theguardian/2012/sep/27/roosevelt-franco-letter-archive-1945>. [Accedido o: 08/08/2025].

Silverstein, S. (1996). *Not Much Fun: The Lost Poems of Dorothy Parker*. Scribner.

Weintraub, S. (1968). *The Last Great Cause. Intellectuals and the Spanish Civil War*. Weybright and Talley.

Barbantia®

anc XXI



*B*arbantia®. Balance anual 2025

Un ano de cultura no vixésimo primeiro aniversario

*Pastor Rodríguez
Coordinador de Barbantia®*



DECEMBRO 2024

O 12 decembro de 2024, despois dun ano ateigado de presentacións literarias, conferencias e exposicións, presentamos *As horas mortas. Viaxes e conversas por cemiterios galegos*, de *Emma Pedreira*, no Centro Cultural Lustres Rivas do Concello de Ribeira. Nesta ocasión, a escritora estivo arroupada por *Patricia Torrado Queiruga* e pola directora da editorial Baía, *Belén López Vázquez*.



Emma Pedreira e Patricia Torrado, no Lustres Rivas



Compoñentes da mesa e parte do público presente no acto



Antía Alberte, Emma Pedreira,
Patricia Torrado e Belén López



Antía Alberte, Emma Pedreira, Patricia Torrado,
Belén López Vázquez presentadas por Alicia Padín



Antía Alberte, Emma Pedreira, Patricia Torrado,
Belén López Vázquez e Alicia Padín



A librería Nobel de Ribeira, presente no acto



Compoñentes da mesa e parte do público, con Uxía Casal e Cruz Rivadulla na primeira fila

Ao día seguinte, **13 de decembro**, estivemos na Pobra do Caramiñal, no Auditorio da Biblioteca García Martí, presentando o libro *A pousa da libélula*, de **Esperanza L. Mariño Davila**, que foi presentada polo vogal de Barbantia®, Xesús Laiño e pola concelleira de cultura da Pobra, **Patricia Lojo**.



Patricia Lojo e Esperanza L. Mariño, na presentación de *A pousa da libélula*



Patricia Lojo, Esperanza L. Mariño e Xesús Laiño, na presentación, con Canal Barbanza TV immortalizando o acto, e parte do público



Patricia Lojo, Esperanza L. Mariño e Xesús Laiño, durante a presentación



A concelleira de Cultura, a autora e mais o mestre Laiño

E da Pobra, non por mar senón pola estrada Muros-Noia, achegámonos a unha das citas culturais máis importantes do ano para pechar o 20º aniversario: a entrega dos **XVIII Premios Barbantia® da Cultura**, que celebramos o **14 de decembro** na Casa de Cultura de Muros. Unha gala dirixida por **Esperanza Mara** que, a ritmo de regueifa, fixo cantar os asistentes. Os galardoados foron nesta ocasión o artista en ferro **Ché Tembra Redondo**, quen agradeceu na súa intervención a importancia que a Asociación tivo coa súa traxectoria artística, e a satisfacción por obter o Premio da Traxectoria Cultural do Barbanza. No apartado da Iniciativa Cultural foi premiado o **Grupo Barahunda**, e recolleron o sereo **Helena De Afonso** e **Jose Lara Gruñeiro**, destacando na súa intervención o agradecemento polo premio. **Rodrigo Romaní** recolleu o Premio de ámbito galego

facendo fincapé que “o privilexio e o nivel de excelencia das escolas de música está sempre no sentimento de pertenza”. Mais a gala serviu tamén para presentar o volume 20 de *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza* e mais o VII Recompilatorio *A Voz de Barbantia*. No acto interviron, ademais dos galardoados, **María Xesús Blanco**, **Encarna Pego**, **Daniela Martínez**, **Ramón Ares**, **Manuel Cartea**, **Caridad González** –concelleira de Cultura de Muros–, **María Lago Lestón** –alcaldesa de Muros– e o presidente da Deputación da Coruña, **Valentín González Formoso**. A gala foi amenizada pola **Orquestra de corda do Concello de Muros**, dirixidos por **César Acuña**. En palabras do presidente da Deputación da Coruña, “Barbantia significa ilusión e, sobre todo, compromiso coa nosa cultura”.



Foto de familia nos XVIII Premios Barbantia da Cultura, e nas presentacións do VII Recompilatorio *A Voz de Barbantia* e do XX Anuario de Estudos do Barbanza. Acto celebrado no Concello de Muros



Unha parte do público asistente á gala



Ao final do acto, agasallos para os asistentes cortesía de Barbantia® e do Concello de Muros



Esperanza Mara en plena presentación do acto, coa mesa e parte do público presente



Ramón Ares, delegado de La Voz de Galicia en Ribeira, presentando o VII Recompilatorio A Voz de Barbantia



Manuel Cartea, presentando o presentando o VII Recompilatorio A Voz de Barbantia coa súa inseparable bufanda



A soprano Esperanza Mara, os tres Sereos agardando polos premiados, e exemplares do Recompilatorio presentado



Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, faille entrega ao músico Rodrigo Romaní do Premio Barbantia da Cultura Galega



A orquestra de corda, dirixida por César Acuña, en plena actuación



O artista taragoñés, Che Tembra, Premio á Traxectoria Cultural do Barbanza, moi emocionado, agradecendo o premio recibido



O Grupo Barahunda, Helena de Afonso e Jose Lara, na súa dúpla intervención por recibir o Premio á Iniciativa Cultural do Barbanza



Rodrigo Romani intervién para agradecer o Premio recibido



Caridad González, concelleira de Cultura; María Lago Lestón, alcaldesa de Muros; Valentin González Formoso, presidente da Deputación da Coruña e María Xesús Blanco, presidenta da A. C. Barbantia®



Esperanza Mara, Manuel Cartea e María Xesús Blanco, con Barbantia® de fondo



A alcaldesa de Muros, María Lago, con Esperanza Mara e os traballadores de Cultura e Educación do concello anfitrión



Os catro premiados acompañados por Esperanza Mara e María Xesús Blanco, presidenta de Barbantia®

E non rematou aí o ano, xa que o 20 de decembro estivemos no local do Casino do Concello de Noia para presentar *Historias de Barbantia*, coa intervención de Patricia

Torrado, Agustín Agra, Alberte Pagán e Xerardo AgraFoxo acompañados polo concelleiro de cultura, José Pérez.



2025

XANEIRO

En 2025 Barbantia® comeza o ano coa **Asemblea de socias e socios**, e coa colaboración nos **Actos Castelao 2025**, e así, o **31 de xaneiro** presenta no Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo a novela *Os mortos que ameí*, de **Iria Collazo**. Neste acto interveñen, ademais da propia autora, **Antón Riveiro Coello**, **Marcos Valcárcel**, **María Xesús Blanco**,

e o alcalde de Rianxo, **Julián Bustelo Abuín**. A intervención musical estivo a cargo do pianista **Leo Sánchez Figueiro**, da Escola de Música. Durante o acto, o artista **Camilo Seira** realizou unha peza inspirada sobre un debuxo que fixo Castelao despois de visitar Notre-Dame, en París.



A Voz de Barbantia® con atenta lectora



Antón Riveiro, Iria Collazo, María Xesús Blanco, Marcos Calveiro e o alcalde de Rianxo Julián Bustelo.
Á dereita, o artista Camilo Seira realizando a súa escultura en madeira sobre Castelao



Antón Riveiro, Iria Collazo e a presidenta de Barbantia®,
María Xesús Blanco, con Castelao de fondo



O artista Camilo Seira fronte á súa obra
nun emocionante desafío



A obra na súa inmanencia, á espera
dun espectador intelixente



Os compoñentes da mesa mentres que o artista progresa ensimesmado



A librería Xacobiño de Rianxo achegou os libros ao acto



Leo Sánchez Figueiro, en plena actuación durante o acto

FEBREIRO

E de Rianxo á Pobra, o **28 de febreiro**, nesta ocasión para celebrar o **Día de Rosalía**, cunha lectura poética pública e unha homenaxe musicada da obra da autora de *Follas novas*. Presentouse, ademais, a obra *A landra viaxeira e o amigo Lambón*, de Sabela Olivares e Suso Bello que, nun ateigado auditorio da Biblioteca Victoriano García Martí da Pobra encandearon o público asistente. Os autores estiveron acompañados polo profesor e poeta **Xabier L. Marqués**, pola presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco**, e pola concelleira de Cultura da Pobra, **Patricia Lojo**.



Patricia Lojo, concelleira de Cultura da Pobra, coa *Landra viaxeira e o amigo Lambón*, coa Presidente de Barbantia, María Xesús Blanco ao fondo



Poemas de Rosalía de Castro na voz de María Carmen Rey Núñez en plena lectura entre mesa e público



Sabela Olivares e Suso Bello, actúan diante dun divertido público. Ao fondo, un concentrado Xabier L. Marqués, moi atento, talvez, perxeñando versos, o seu!



Sabela e Suso ao seu aire, con nena
Val Brandón como protagonista



Encarna Pego, lectora atenta e desinhibida,
a recitar para o público



Os autores da *Landra viaxeira e o amigo Lambón*



Lourdes Briones, en primeiro plano, fai cola para que lle
asinen o libro, entre outros moitos presentes no acto



María Xesús Blanco, José Carlos Vidal Suárez, Sabela Olivares, David Cuenca, Patricia Lojo, Xabier L. Marqués e Suso Bello

MARZO

O 21 de marzo achegámonos a Boiro, concretamente ao **Espazo Lector**, para acompañar a **Jorge Rodríguez Durán** na presentación do seu libro *Carnívoras e domésticas*, editado por Cuarto de Inverno. Co autor estiveron **Andrea Jamardo**, **Milagros Torrado** e a concelleira de cultura de Boiro, **María Outeiral**.



Jorge Rodríguez, autor, e Andrea Jamardo



Milagros Torrado, María Outeiral, Jorge Rodríguez e Andrea Jamardo, na mesa



Público presente, con Alba, de Canal Barbanza TV, immortalizando o acto



Jorge Rodríguez, moi satisfeito coa presentación

O 28 de marzo, no Casino do Concello de Noia, presentamos *As minas dos ingleses: San Finx*, o Premio de Investigación Buxa 2023-2024, de **Joam Evans Pim**, editado por Ézaro Buxa. Un acto con moita afluencia de público onde participaron, amais do autor, o presidente de Buxa –Asociación Galega do Patrimonio Industrial–, **Manuel Lara Coira**; o historiador e escritor **Xerardo AgraFoxo**, **María Xesús Blanco**, presidenta de Barbantia, e o concelleiro de cultura de Noia, **José Pérez**.



Joam Evans Pim, autor de
As minas dos ingleses: San Finx



María Xesús Blanco, Manuel Lara, Xerardo AgraFoxo,
Joam Evans e Pepe Pérez, compoñentes da mesa



Acto de sinatura dos libros por parte do autor



Sala do Casino ategada de público moi atento

ABRIL

En abril, no mes das flores, tres actos levan a Barbantia® por Rianxo, Ribeira e A Pobra. O **5 de abril** colaboramos coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza nas **Xornadas na honra das madriñas republicanas**. Unhas xornadas con inauguración do busto a **Dolores Rodríguez Sende**, un relatorio de **Aurora Marco**, e actuación musical de **Bernal Muíños** e o **Grupo Barahúnda**.



Ricardo Dávila, o enorme artista autor da obra, en primeiro plano da sala do Auditorio rianxeiro a rebordar



A madriña de guerra, Dolores Rodríguez Sende, moi ben acompañada, posando diante do seu busto en bronce, obra do escultor Ricardo Dávila



O Grupo Barahúnda, en plena actuación, con Aurora Marco diante dun público moi atento

O 25 de abril, no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira, presentamos o libro *Paspartue*, de **Álex Pernas**. Encarna Pego, Milagros Torrado e o alcalde de Ribeira, Luís A. Pérez Barral acompañaron o autor, que interpretou varias pezas á guitarra.



Encarna Pego, Milagros Torrado, o alcalde Luís A. Pérez Barral e Álex Pernas, autor de *Paspartue*



Encarna, Milagros, Luís e Álex, compoñentes da mesa



Os compoñentes da mesa, no acto de presentación, Encarna Pérez, Milagros Torrado, Luís A. Pérez Barral e o autor Álex Pernas, con Barbantia® de fondo

Mais abril non remata sen pasar polo Concello da Pobra, onde colaboramos co **VI Ciclo Victoriano García Martí**, no que o vogal de Barbantia **Xesús Laiño** presentou no Auditorio da Biblioteca da Pobra **"Fiesta del madrigal"**, resumo do discurso pronunciado por Victoriano García Martí no Teatro Liceo de Ourense o 21 de maio de 1913. Estivo acompañado por **Patricia Lojo**, concelleira de Cultura, e por **Antonio González Millán**, director do Museo Valle-Inclán.

MAIO

Maio comeza para Barbantia® o día 10, en Boiro, colaborando no acto organizado pola Asociación Cultural e de Tradicións Mariñeiras A GAMELA, de Cabo de Cruz, co acto *Cantareiras de Cabo. Memoria, lingua e tradición*, realizado na lonxa. No acto participa Milagros Torrado presentando os grupos participantes: Mar de Cabo, Nunca é tarde, Regueifeiras CEIPP S. M. do Castro e Rebuldeiras. Serán e festa popular con Arde Loureda.



Parte das compoñentes dos grupos participantes no acto das *Cantareiras de Cabo*. Cabo de Cruz



Milagros Torrado, de galeguíña tradicional, presenta os grupos participantes no acto *Cantareiras de Cabo. Memoria, lingua e tradición*



Vista xeral da lonxa de Cabo de Cruz, ategida de xente con ganas de pasalo ben, neste acto organizado pola Asociación A GAMELA

O 16 de maio, achegámonos á Casa de Cultura Antón Avilés de Taramancos, no Concello de Noia, para presentar *Galegas na música*, de Isabel Blanco, que conta coas ilustracións de María Lapido. Na presentación, a propia autora

e mais a ilustradora estiveron acompañadas pola editora de Belagua, **Eduarne Baines**, pola vicepresidenta e presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco** e **Isabel Santos**, e mais polo alcalde de Noia, **Santiago Freire Abeijón**.



Isabel Blanco, Isabel Santos (de trás),
María Xesús Blanco, Eduarne Baines e o
alcalde de Noia, Santiago Freire Abeijón



Os compoñentes da mesa na presentación
de *Galegas na música*



Eduarne Baines, editora; Isabel Blanco, autora; Isabel Santos, María Xesús Blanco,
presidenta de Barbantia® e o alcalde de Noia, Santiago Freire Abeijón

E o 17 de maio, festa grande do Día das Letras Galegas, a **XIV Romaría das Letras no Barbanza**. Danza, música, concertos, obradoiros de artesanía, percorrido botánico... e libros, e máis libros: presentamos a publicación de *A avoa canta como a cotovía*, de Celia Díaz Núñez; a obra *Maxicamente vella, eternamente nova. A literatura tradicional galega*, de Carlos Callón; e presentación do libro musicado de Barahúnda: *Cantigas de Amigo e de Amor*. Todo un día de festa, festa para celebrar a nosa lingua, mais “un día non é nada, unha semana enteira, esa si que é muiñada”.



17 de maio. Día das Letras Galegas. Nelas participa o noso grupo adoptivo, Barahúnda, galegos coma nós



Stand de publicacións de Barbantia®. Organizando e atendendo, Pastor Rodríguez e Milagros Torrado, sempre aí





Calor abunda e ganas de refrescar o gazoate. Como debe ser!



Un brinde en plena Romaría das Letras Galegas no Barbanza: festa rachada en galego



Stand de artesanía galega



Milagros Torrado fai entrega da Serea elaborada por Susi Gesto ao alcalde de Boiro, José Ramón Romero, galego coma ti!



Brinde e alegría de compartir nos xardíns do Pazo de Goiáns



Un stand de libros e curiosos á procura dalgún tesouro escondido entre as páxinas e traxes galegos para volver á vestimenta tradicional galega nun día de festa



Artesanía galega no Pazo de Goiáns compartindo o Día das Letras



A nosas xa asiduas paliñeiras en plena faena creativa. Para aquela que xa non está con nós dende ese día, grazas por compartir parte do seu saber



Un Castelao observa a escena, da man de Che Tembra, artista, que nos observa á súa vez



Homenaxe ás cantareiras, que mantiveron mediante a tradición oral a nosa lingua. Víttores



Momentos de lecer e de compartir unha beberaxe, acompañada de conversas festivas ao redor da fonte do Pazo de Goiáns... Onde irá a Serea?



Comida de traballo? Relax durante a sesta? Un agradable ambiente para un gran día



Breves instantes de repouso. Descanso merecido



Actuación en directo dun dos grupos de baile ao abeiro da Torre



E o baile continúa, incansable, ritmado, preciso e precioso



Barahunda a punto de iniciar o canto



Barahunda en pleno canto, ritmado e rimado, doce e expresivo



Unha barafunda de xente, de varias xeracións, desexosa de festa, abarrota a explanada do pazo



Parece a mesma foto de antes, mais non, hai unha sombra de gaiteiro que alumea ao ritmo da nosa lingua



Actuación de Barahunda nunha sala ateigada de público, no salón da Torre Goiáns durante a presentación do libro de Carlos Callón *Maxicamente vella, eternamente nova. A literatura tradicional galega*

O 30 de maio, seguimos en Boiro coa presentación do libro *Esconxuros para un rei*, de Maricarme Rey Núñez, con Encarna Pego, Manuel Cartea e a concelleira de Cultura María Outeiral. Mais, ese mesmo día, pero pola mañanciña, tivo lugar no Auditorio da Biblioteca da Pobra a presentación da obra gañadora do VI Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro: *Cando o mundo é azul*, de Óscar Reboiras. Presentaron a obra, amais do autor, a concelleira de Cultura da Pobra, Patricia Lojo; o editor de Galaxia, Francisco Castro, e a presidenta de Barbantia® María Xesús Blanco.



Francisco Castro, Óscar Reboiras, Patricia Lojo e María Xesús Blanco, na mesa da presentación do VII Premio Carlos Mosteiro no Auditorio da Biblioteca Municipal da Pobra



Panorámica da sala coa mesa ao fondo. Público infanto-xuvenil a esgalla. Como ten que ser!

XUÑO

O 5 de xuño tivo lugar no Centro Cultural Lustres Rivas a charla-coloquio sobre suxestións lectoras motivadoras para os nenos e nenas titulada **Lecturas fabulosas para o verán**. A charla estaba aberta para o profesorado, nais, pais, nenos e nenas, e foi impartida pola vogal de Barbantia® **Pilar Sampedro**. Participaron no acto **Cruz Rivadulla**, **María Xesús Blanco** e **Pilar Sampedro**.



As concelleiras de Ribeira Genoveva Betanzos, Antía Alberte Maneiro, Cruz Rivadulla; a presidenta de Barbantia® M^a. Xesús Blanco e Pilar Sampedro



Interesante charla-coloquio de Pilar Sampedro sobre "Lecturas fabulosas para o verán"

Os días 6 e 7 de xuño colaboramos no **XIV Seminario sobre a memoria: "Os desastres da guerra"**, celebrado nos concellos de Rianxo e Santiago de Compostela. Estas xornadas están organizadas polo IES Félix Muriel, o Concello de Rianxo, Nova Escola Galega, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza, e conta, ademais, coa colaboración doutros colectivos.



Cartaz anunciador do XIV Seminario sobre a memoria

O 8 de xuño tivo lugar no Pazo de Goiáns en Boiro o II Recital Poético María Mariño onde, por segundo ano, colabora a asociación cultural Barbantia®. No acto, máis de vinte poetas compartiron xantar e poesía con música, amenizada pola soprano Elisabet Lustres, e coa participación de Milagros Torrado.



Agustín Agra, o autor de *Libro das contrarias*

O 25 de xuño, na Casa de Cultura Antón Avilés de Taramancos, do Concello de Noia, presentamos o XXVI Premio Ánxel Casal de Narración Curta do Concello de Lugo, o *Libro das contrarias*, de Agustín Agra. No acto interviron a vicepresidenta e secretaria de Barbantia® Isabel Santos e Milagros Torrado, respectivamente, acompañadas polo autor e polo alcalde de Noia, Santiago Freire Abeijón.



O autor asina exemplares do seu libro ao rematar o acto, con Encarna primeira da fila



Público asistente ao acto

AGOSTO

O 14 de agosto acompañamos o escritor Xosé Antonio Ventoso Mariño na presentación da súa última obra titulada *O mar goberna de oeste*, editado por Ir Indo. Alí, o editor Bieito Ledo, o corrector e profesor Anxo Xoán Rajó, e o coordinador da asociación cultural Barbantia®, Pastor Rodríguez, interviron na presentación ante o numeroso público que adegaba o primeiro andar da Sala Museo Municipal de Ribeira.



Ventoso Mariño, autor de *O mar goberna de oeste*, na presentación do libro



Numeroso público asistente ao acto, na Sala Museo Municipal de Ribeira que quedou pequena para o evento



Nova torna da sala adegada de público



Pastor Rodríguez, Anxo Xoán Rajó, Ventoso Mariño e o editor Bieito Ledo

Con todo, o verán continuou e, o **21 de agosto**, de novo, outro ano máis, colaboramos coa Deputación da Coruña na actividade **POLDRA. LITERATURA EXPANDIDA**, coa

charla-encontro coa escritora **Francesca Cricelli**. **María Xesús Blanco**, **Antía Alberte** e **Cruz Rivadulla** acompañaron a escritora.



Francesca Cricelli, nun momento da súa exposición



Antía Alberte Maneiro, Francesca Cricelli, Cruz Rivadulla, María Xesús Blanco e Mon Rivas

O **23 de agosto**, no Casino do Concello de Noia, apoiando iniciativas de editoriais menores, como Eoditorial, presentamos a reedición do libro do noiés **Manuel Millares Vázquez: *Hombres de paz en guerra***. No acto, o editor **Antonio Andina Penabad** debullou o camiño que o levou a poder reeditar esta novela, e estivo acompañado por **Debra Lima de Irsik**, sobriña de Millares Vázquez; **Katherine Hall-French**, sobriña neta do escritor; o coordinador de Barbantia® **Xoán Pastor Rodríguez Santamaría**, e a concelleira de cultura de Noia, **Carmen Vázquez**.



Pastor Rodríguez, Debra Lima de Irsik, Carmen Vázquez, Antonio Andina, Katherine Hall-French e a súa filla



Sala do Casino de Noia con público moi interesado na reedición da novela do noiés Millares Vázquez: *Hombres de paz en guerra*

SETEMBRO

O 3 de setembro, no Concello da Pobra, presentáronse as bases do VIII Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro, con María Xesús Blanco, Patricia Lojo, e Francisco Castro.



Francisco Castro, Patricia Lojo e María Xesús Blanco, na presentación das Bases do VIII Premio Carlos Mosteiro no concello da Pobra

O 11 de setembro, e de novo en Ribeira, presentamos *Sereas afónicas*, de Luísa Abad, nun acto en colaboración co Ateneo Valle-Inclán e Mulleres en Acción. Interviron, amais da autora, Encarna Pego, vicepresidenta de Barbantia®; Nela Abella e Xabier Romero. A música estivo a cargo do grupo Barahúnda.



O grupo Barahúnda, na súa intervención durante o acto de presentación de *Sereas afónicas*, de Luísa Abad, no Ateneo de Ribeira



Luísa Abad, a autora, asina exemplares do seu libro



Nela Abella, Encarna Pego, Luísa Abad e Xabier Romero, na mesa da presentación de *Sereas afónicas*



Público presente na presentación do libro no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira

De Ribeira á Pobra onde, ao día seguinte, **12 de setembro**, colaboramos na presentación da obra de **Esperanza L. Mariño Davila** titulada *Fíos de transparencia acesa. Narrativa, poesía e tradución en Xosé Manuel Beiras*. No acto, presente o propio **Xosé Manuel Beiras**, o vogal de Barbantia® **Xesús Laiño**, a autora, e a concelleira de Cultura da Pobra, **Patricia Lojo**.



Esperanza L. Mariño, Xosé Manuel Beiras, Patricia Lojo e Xesús Laiño, na presentación de *Fíos de transparencia acesa*



O mestre Laiño, Esperanza L. Mariño, Patricia Lojo e Xosé Manuel Beiras



Esperanza L. Mariño, Xosé Manuel Beiras e Xesús Laiño

O 18 de setembro, no Museo do Gravado de Artes (Ribeira), colaboramos coa Deputación da Coruña e a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica de Galicia na conferencia impartida por Carlos L. Bernárdez titulada *Francisco Miguel e a necesaria recuperación da memoria artística de Galicia*, na que participaron Carlos Cimadevila, da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza, e a presidenta de Barbantia®, María Xesús Blanco.



Carlos Cimadevila, Carlos L. Bernárdez e María Xesús Blanco, na presentación do libro *Francisco Miguel e a necesaria recuperación da memoria artística de Galicia* no Museo do Gravado de Artes



Atento público asistente ao acto



Os tres compoñentes da mesa de presentación



Pastor Rodríguez, director do Museo do Gravado, dirixese ao público asistente presentando os protagonistas da charla



Vista xeral da sala do Museo do Gravado de Artes, con público e mesa ao fondo

E xa, para finalizar este mes, o **26 de setembro** tivo lugar no Centro Sociocultural-Auditorio do Concello de Rianxo a inauguración da exposición de Frank Farrapos: *Castelao a través da miña mirada* e a presentación do ensaio *Novo diálogo. Achegas á obra plástica*

de Castelao, do crítico de arte e académico **Carlos L. Bernárdez**. Acompañaron o autor o concelleiro de Cultura de Rianxo, **Julio Alcalde**, **María Xesús Blanco** e o director do Museo do Gravado de Artes, **Pastor Rodríguez**.



Novo diálogo. Achegas á obra plástica de Castelao revisado por unha lectora ávida de saber



Chus Blanco, Carlos L. Bernárdez e Pastor Rodríguez na presentación do libro sobre Castelao en Rianxo



Chus Blanco, Carlos L. Bernárdez, Julio Alcalde e Pastor Rodríguez

OUTUBRO

O 3 de outubro, no Centro Social do Concello de Boiro, presentamos *Os camiños da memoria*, de Manuel Enrique Piñeiro. O acto foi presentado por Estevo Silva Piñeiro, coa participación da secretaria de Barbantia® Milagros Torrado e a concelleira de Cultura de Boiro, María Outeiral. A música, na voz de Daniel Piñeiro Bargiela.



A música Clara Pino en plena actuación no acto da presentación do libro *As trovadoras silenciadas*

Continuando en Boiro, pero nesta ocasión no Pazo de Goiáns, presentamos o 17 de outubro o libro *As trovadoras silenciadas*, de Clara Pino. O libro foi editado por Elvira Editorial e ten ilustracións de Ángeles Garrido. O acto contou coa participación do editor Xabier Romero, a vicepresidenta de Barbantia® Isabel Santos, e a concelleira de Cultura de Boiro, María Outeiral.



Isabel Santos, Clara Pino, María Outeiral e Xabier Romero



Clara Pino asina o libro para Isabel Santos ao remate do acto

Mais o acto de fin de mes tivo lugar o 31 de outubro no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira coa presentación do libro *Honorata e a Casa das Palabras Gardadas*, de Ánxela Gracián. No acto estivo presente o colaborador de Barbantia® e escritor, **Antonio Piñeiro**, a profesora da USC, **Marta Neira**, e a alcaldesa de Ribeira **María Sampedro Fernández**.



Antonio Piñeiro, María Sampedro, no seu primeiro acto con Barbantia® como alcaldesa de Ribeira; Ánxela Gracián e Marta Neira



Antonio Piñeiro, María Sampedro, Ánxela Gracián e Marta Neira



Os catro compoñentes da mesa nun aparte do acto



A autora asina exemplares da súa obra ao rematar o acto

NOVEMBRO

O 13 de novembro, outro acto na Pobra do Caramiñal, no Auditorio da Biblioteca Victoriano García Martí, onde colaboramos coa presentación do libro *María Vázquez, a mestra socialista eliminada polo franquismo*, de Aurora Marco, e publicado pola Editorial Alvarellos. María Xesús Blanco, o editor Henrique Alvarellos e a concelleira de Cultura da Pobra, Patricia Lojo acompañaron a autora, que nos achega á figura de María Vázquez.



Exemplares do libro de Aurora Marco, no Auditorio da Biblioteca García Martí da Pobra



Aurora Marco, Patricia Lojo e Henrique Alvarellos, na presentación do libro *María Vázquez, a mestra socialista eliminada polo franquismo*



A presidenta de Barbantia®, María Xesús Blanco, Aurora Marco, Patricia Lojo e Henrique Alvarellos, en plena faena presentadora

O 28 de novembro a presidenta de Barbantia® **María Xesús Blanco**, na compañía de **Xesús Laíño** e o concelleiro de Cultura de Rianxo, **Julio Alcalde**, presentan o último libro de **Suso**

de Toro, titulado *Terra de sacrificio*. Intervención musical a cargo da chelista da Escola de Música de Rianxo **Noa Crego Collazo**.




María Xesús Blanco, Julio Alcalde, Suso de Toro e Xesús Laíño, na presentación de *Terra de sacrificio*, en Rianxo



Instantánea da sala na presentación do libro de Suso de Toro



Os compoñentes da mesa na presentación de *Terra de sacrificio*, de Suso de Toro



A chelista Noa Crego Collazo, en plena interpretación da súa peza musical

E durante todos estes meses non deixou de saír do prelo o suplemento cultural ***A Voz de Barbantia***, que neste mes de novembro de 2025 acadou os 209 números.

Ata aquí o noso repertorio, ás portas da presentación do vixésimo primeiro volume do ***Anuario de Estudos do Barbanza***, do ***VIII Re-compilerio A Voz de Barbantia*** e do número 210 do suplemento cultural ***A Voz de Barbantia*** que sae con ***La Voz de Galicia***, ademais da celebración, no Concello de Porto do Son, da ***XIX Gala dos Premios Barbantia da Cultura 2025***. Iso será logo que de que socias e socios teñan votado os galardoados e galardoadas deste ano. Pero esa é xa unha nova andaina para un próximo número. Grazas.

As fotografías de ***La Voz de Galicia*** son da autoría de Carmela Queijeiro, Marcos Creo, Dani Gestoso e Elena Fernández. Agradecemos á CRMH e á Nova Escola Galega pola cesión das imaxes dos seus actos e á Roque Brandón pola cesión das súas. Reciban o noso agradecemento máis sincero.

RELACIÓN DE SOCIAS E SOCIOS,

1. M^a DORINDA ABUÍN CES, 2. ESTEFANÍA AGEITOS IGLESIAS, 3. ANTÍA ALBERTE MANEIRO, 4. AGUSTÍN AGRA BARREIRO, 5. XERARDO AGRAFOXO PÉREZ, 6. XOSÉ LOIS AGRELO HERMO, 7. JOSÉ MANUEL ALBORÉS MARINO, 8. ÓSCAR ALCALDE CAROU, 9. MARÍA EUGENIA ALCALDE VARELA, 10. MARÍA ELISA ALFONSO SAMPEDRO, 11. M^a CONCEPCIÓN ALLUT VIDAL, 12. FERNANDO ALONSO ROMERO, 13. XOSÉ ÁLVAREZ CASTRELO, 14. ANA AMADO REINO, 15. MARÍA CRISTINA ANDRADE GONZÁLEZ, 16. ANA E. ARCA CAMBA, 17. RAMÓN ARES NOAL, 18. MANUELA ARIAS ESTÉVEZ, 19. PURIFICACIÓN ARIAS VÁZQUEZ, 20. MARÍA XESÚS ARMADA CASTAÑO, 21. MARÍA DOLORES ARXÓNS ÁLVAREZ, 22. UXÍA BAAMONDE REIRIZ, 23. ASOCIACIÓN BALANDRO JOAQUÍN VIETA, 24. SIMÓN BALVÍS FREIRE, 25. VÍCTOR BARBEITO POSE, 26. PABLO BARREIRO, 27. XOSÉ MANUEL BARREIRO INSUA, 28. MARÍA ISABEL BARROS PAZOS, 29. BIBLIOTECA FUNDACIÓN PENZOL, 30. BIBLIOTECA XERAL DA USC, 31. FRANCISCO BLANCO ALCAIDE, 32. CARLOS BLANCO CARBALLO, 33. JOSÉ MANUEL BLANCO CASTRO, 34. ANA BLANCO GÓMEZ, 35. FERNANDO BLANCO LADO, 36. MARÍA XESÚS BLANCO LÓPEZ, 37. RAMÓN RICARDO BOO PUENTE, 38. CARLOS BRANCO ANSOAR, 39. XOSÉ RAMÓN BREA REI, 40. M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, 41. LOURDES BRIONES POUSO, 42. FRANCISCO XOSÉ BUGALLO OTERO, 43. C.E.I.P. SANTA MARÍA DO CASTRO, 44. ROSA MARÍA CAAMAÑO GONZÁLEZ, 45. MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ, 46. XOSÉ MANUEL CAIRO ANTELO, 47. CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES, 48. DOLORES CALO GARCÍA, 49. JORGE J. CAMPAÑA DIESTE, 50. DOMINGO RAMÓN CAMPOS ALBORÉS, 51. JOSÉ MIGUEL CAMPOS FIGUEROA, 52. ANXO SANTIAGO CAMPOS PENA, 53. MARÍA XOSÉ CANITROT TRILLO, 54. RAMÓN CARREDANO COBAS, 55. ALBA CARREÑO LÓPEZ, 56. JUAN CARRIL MIGUENS, 57. MARÍA CARRODEGUAS COVELO, 58. MANUEL CARTEA GÓMEZ, 59. JOSÉ RAMÓN CASAS ROMERO, 60. UXÍA CASAL SILVA, 61. ROMÁN CASTAÑO GARCÍA, 62. EVA CASTAÑO TORRADO, 63. ANTONIA CASTELO LAMPÓN, 64. JESÚS MANUEL CASTRO FERNÁNDEZ, 65. EMILIO CASTRO FUSTES, 66. HERMINDA CASTRO LAGE, 67. XAVIER CASTRO RODRÍGUEZ, 68. GUILLERME CAXARAVILLE ARAÚXO, 69. CENTRO EMPRESARIAL DA CONSTRUCCIÓN DO BARBANZA, 70. CENTRO RAMÓN PIÑEIRO, 71. CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE ARTES, 72. CEP PILAR MAESTÚ SIERRA, 73. MANUEL CES CANLE, 74. SONIA CES GARCÍA, 75. CORNELIA CES MIRANDA, 76. ADELINA CES QUINTÁNS, 77. MAURICIA CES QUINTÁNS, 78. JAVIER JESÚS RAMÓN CHOUZA GESTOSO, 79. CARLOS CIMADEVILA ÁLVAREZ, 80. MARÍA JESÚS COBAS PAZ, 81. COLEXIO JAIME BALMES, 82. XOSÉ COMOXO RODRÍGUEZ, 83. CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL, 84. CONCELLO DE BOIRO, 85. CONCELLO DE LOUSAME, 86. CONCELLO DE NOIA, 87. CONCELLO DE OUTES, 88. CONCELLO DE PORTO DO SON, 89. CONCELLO DE RIANXO, 90. CONCELLO DE RIBEIRA, 91. JOAQUÍN CORTÉS LAÍÑO, 92. MIRIAM ELENA CORTÉS LÓPEZ, 93. ALFONSO COSTA BEIRO, 94. MARÍA JOSÉ COUCE CANEIRO, 95. JAIME DE LOS RÍOS HERNÁNDEZ, 96. XOSÉ DEIRA TRIÑANES, 97. FAUSTINA DIESTE SÁNCHEZ, 98. JUAN J. DOSIL MARTÍNEZ, 99. DANIEL ERMO SANCHES, 100. XAQUÍN ESPAÑA FERNÁNDEZ, 101. MARÍA TERESA ESPERANTE LENS, 102. MARINA ESPINAZO CALVO, 103. FRANCISCO JAVIER ESPINO DOMARCO, 104. EDUARDO XEROME ESTÉVEZ AGRAFOXO, 105. TOMÁS ESTÉVEZ MONZÓN, 106. MANUEL FAJARDO PIÑEIRO, 107. XOÁN FERNÁNDEZ, 108. MARÍA ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEGUAS, 109. CIPRIANO EMILIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, 110. MARGA FERNÁNDEZ GÓMEZ, 111. MANUEL FERNÁNDEZ MANEIRO, 112. XOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ PAZOS, 113. MARÍA EUGENIA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 114. GRACIELA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 115. FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, 116. LOLÓ FERNÁNDEZ SOBRIDO, 117. NOELIA FERNÁNDEZ TOLEDANO, 118. MARISOL FERNÁNDEZ VALADO, 119. MARÍA PAZ FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, 120. SERAFÍN FERNÁNDEZ VILLANUEVA, 121. LUIS FERREIROS BLANCO, 122. GUILLERMINA FERROL MARTÍNEZ, 123. ROBERTO FIGUEIRA MARTÍNEZ, 124. JOSÉ ALBERTO FIGUEIRO

RESÚA, **125**. ESPERANZA MARA FILGUEIRA RAMA, **126**. MAITE FONTANS ÁLVAREZ, **127**. FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, **128**. GUSTAVO GARCÍA DIESTE, **129**. CARMEN GARCÍA GARCÍA, **130**. SILVIA GARCÍA MIRÓN, **131**. PAULA SUSANA GARCÍA PAZ, **132**. VICTORIA DE LOS ÁNGELES GARCÍA PEINÓ, **133**. EMILIO GARCÍA PÉREZ, **134**. SANTIAGO GARCÍA PÉREZ, **135**. GARCÍA RODIÑO, S. L., **136**. XOSÉ ANXO GARCÍA RODRIGUEZ, **137**. ALBERTO GARCÍA SÁNCHEZ, **138**. NIEVES GARCÍA VIDAL, **139**. PEDRO GARCÍA VIDAL, **140**. ÍRIA GESTOSO RIOS, **141**. XULIO GIL RODRIGUEZ, **142**. XOSÉ ANXO GÓMEZ FIGUEIRA, **143**. EUGENIA GÓMEZ VIDAL, **144**. ALFONSO JOSÉ GONZÁLEZ ASENJO, **145**. MANUELA SOFÍA GONZÁLEZ LESTÓN, **146**. MANUEL GONZÁLEZ LORENZO, **147**. UNAI GONZÁLEZ SUÁREZ, **148**. FÉLIX GONZÁLEZ TÚÑEZ, **149**. GRÁFICAS GARABAL S. L., **150**. XOSÉ LUÍS GROVEIRO GONZÁLEZ, **151**. MARÍA GUDE SAMPEDRO, **152**. XULIO GUTIÉRREZ ROGER, **153**. XAN HERMIDA BOUZA, **154**. JOSEFA HERMO INSUA, **155**. GENOVEVA HERMO SÁNCHEZ, **156**. ALBERTO HEVIA, **157**. IES COROSO, **158**. IES ESPÍNEIRA, **159**. IES Nº 1 DE RIBEIRA, **160**. IES PRAIA BARRAÑA, **161**. IES VIRXE DO MAR, **162**. LAGO MALLO, EZEQUIEL, **163**. CATHARINA SUSANA HELENA KUYPER, **164**. JESÚS ROMÁN LAÍÑO BRIONES-AREN, **165**. JOSÉ LUÍS LARA GRUÑEIRO, **166**. FERNANDO RAMÓN LAVANDEIRA SUÁREZ, **167**. XOÁN XOSÉ LEÓN MARTÍNEZ, **168**. XOÁN LEÓN VIDAL, **169**. MANUEL LESTÓN GONZÁLEZ, **170**. M^a AURORA LESTÓN MAYO, **171**. A LIBRERÍA DE ROSA, **172**. ANDRÉS LIJÓ VILLA, **173**. CARLOS LIXÓ GÓMEZ, **174**. XOSÉ MANUEL LOBATO MARTÍNEZ, **175**. PATRICIA LOJO NINE, **176**. CARLOS M^a LÓPEZ DEL RÍO, **177**. AMALIA LÓPEZ LOURO, **178**. MARÍA LUISA LÓPEZ OTERO, **179**. JUAN RAMÓN LÓPEZ OVIEDO, **180**. GLORIA LÓPEZ PAZ, **181**. MARÍA DOLORES LÓPEZ RODRIGUEZ, **182**. CHARO LÓPEZ SÁNCHEZ, **183**. XOSÉ ANTONIO LÓPEZ SILVA, **184**. XOSÉ RICARDO LOSADA VICENTE, **185**. MARINA LOSADA VICENTE, **186**. MARÍA LOUREIRO PIÑEIRO, **187**. LIDIA MANEIRO LIJÓ, **188**. AURORA MARCO LÓPEZ, **189**. AURELIA MARIÑO BLANCO, **190**. ESPERANZA MARIÑO DAVILA, **191**. MANUEL MARIÑO DEL RÍO, **192**. XOÁN MARIÑO REINO, **193**. ANDRÉS MARTÍNEZ CAO, **194**. JOSEFA MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, **195**. LIDIA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, **196**. ROSA MARTÍNEZ FERREIRO, **197**. RITA MARTÍNEZ GUDE, **198**. JESÚS MARTÍNEZ MOLEDO, **199**. M^a CONSUELO MARTÍNEZ PÉREZ, **200**. DANIELA MARTÍNEZ SOMOZA, **201**. ÁNGELES MIGUÉNS CRISTOBO, **202**. FÁTIMA MIGUÉNS HORTA, **203**. MÓNICA PAULA MONTERO PARCERO, **204**. MARÍA DEL PILAR MORALES PÉREZ, **205**. SARA MOURE PRADO, **206**. JOSÉ LUÍS MOURIÑO MIGUÉNS, **207**. ADOLFO MUIÑOS SÁNCHEZ, **208**. MARIANO MUNIZ BLANCO, **209**. MUSEO DO GRAVADO DE ARTES, **210**. AVELINA NEIRO CUENCIO, **211**. XOSÉ MANUEL NOVOA COLLAZO, **212**. MARI CARMEN ORDÓÑEZ REY, **213**. MANUEL OUBIÑA LOSADA, **214**. MARUSELA OUTEDA CANEDA, **215**. RAMIRO OUVIÑA OUVIÑA, **216**. MÓNICA OUVIÑA PAISAL, **217**. ALBERTE PAGÁN, **218**. MARÍA DO CARME PALLARES LEAL, **219**. ANTONIO PARADA MARIÑO, **220**. SANTIAGO PÁRAMO ALLER, **221**. MARIAN PAREDES VILLARONGA, **222**. JUAN PATIÑO GONZÁLEZ, **223**. BENJAMÍN PAZ CASTRO, **224**. MARÍA XOSÉ PAZ FRANCO, **225**. MARÍA ANTONIA PAZ IGLESIAS, **226**. JOSÉ FRANCISCO PAZ LIJÓ, **227**. RAMONA PAZ MUNIZ, **228**. SANTIAGO PAZOS REY, **229**. MARÍA JESÚS PAZOS REY, **230**. ENCARNA PEGO PAZ, **231**. RAMONA PEGO PAZ, **232**. MARÍA ISABEL PELAYO BARBARÁN, **233**. SOLEDAD PENALTA LORENZO, **234**. XOÁN CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ, **235**. PILAR PEREIRO SAAVEDRA, **236**. JOSÉ MANUEL PÉREZ ABALO, **237**. JESÚS PÉREZ BESADA, **238**. XOSÉ MANUEL PÉREZ FERNÁNDEZ, **239**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ FERNÁNDEZ, **240**. DAVID PÉREZ IGLESIAS, **241**. SILVERIA PÉREZ MARTÍNEZ, **242**. M^a DOLORES PÉREZ MATO, **243**. MARÍA LUISA PÉREZ MUNIZ, **244**. ANTONIO PÉREZ PÉREZ, **245**. MARÍA ASUNCIÓN PÉREZ PÉREZ, **246**. MARINA PÉREZ REI, **247**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ, **248**. JOSÉ PÉREZ SUÁREZ, **249**. SEVERIANO PÉREZ SUÁREZ, **250**. JOSÉ ANTONIO PÉREZ TREUS, **251**. M^a JESÚS PICHER NÚÑEZ, **252**. MANUELA PIMENTEL NOVO, **253**. FÉLIX PIMENTEL TUBÍO, **254**. ALBERTO PIÑEIRO BERMÚDEZ, **255**. XOÁN ANTÓN PIÑEIRO DIOS, **256**. ANTONIO PIÑEIRO FERNÁNDEZ, **257**. PEDRO PIÑEIRO HERMIDA, **258**. GERARDO PIÑEIRO LORENZO, **259**. XOANA PIÑEIRO LORENZO, **260**. MANUEL PIÑEIRO PENA, **261**. MANUELA PLACES FUNGUEIRIÑO, **262**. JOSÉ MANUEL PONTE SANTIAGO, **263**. CIPRIANO MANUEL POSE LORENZO, **264**. CONCEPCIÓN PRADO BAÑA, **265**. ASOCIACIÓN PRUDENCIO ROMO, **266**. JOSÉ MANUEL QUEIRUGA CARBALLO, **267**. RAMÓN

QUINTÁNS VILA, 268. BEATRIZ QUINTELA RÚA, 269. MARÍA DOLORES RAMA PICO, 270. REAL ACADEMIA GALEGA, 271. ÓSCAR REBOIRAS LOUREIRO, 272. ANA REDONDO LOXO, 273. M^a DEL CARMEN REGO DOMÍNGUEZ, 274. XOSÉ XABIER REINO CASTRO, 275. MANUEL REIRIZ DIOS, 276. MARÍA CARMEN REY NÚÑEZ, 277. ESTER RINCÓN-BENZALÁ FERNÁNDEZ, 278. JUAN MANUEL RÍOS PÉREZ, 279. XOSÉ MANUEL RIVAS PÉREZ, 280. ANTÓN RIVEIRO COELLO, 281. SANTIAGO ROBADO GAUDEOSO, 282. INMACULADA ROBLEDA CASTRO, 283. TERO RODRÍGUEZ CASTIÑEIRAS, 284. ANTÓN RODRÍGUEZ GALLARDO, 285. M^a TERESA RODRÍGUEZ IGLESIAS, 286. DANIEL RODRÍGUEZ LORENZO, 287. MATEO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, 288. XIMENA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, 289. LUÍS CARLOS RODRÍGUEZ RÍO, 290. MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, 291. JOSÉ M^a RODRÍGUEZ TUBÍO, 292. BLANCA-ANA ROIG RECHOU, 293. ENCARNA ROMAY OTERO, 294. YAGO ROMERO FOLGAR, 295. REBECA ROMERO VITURRO, 296. MERCEDES ROZAS CAEIRO, 297. MANUEL RUÍZ RIVAS, 298. MIGUEL ÁNGEL SAA RAMOS, 299. CONCEPCIÓN SABUCEDO ÁLVAREZ, 300. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ, 301. OLEGARIO SAMPEDRO LÓPEZ, 302. PILAR SAMPEDRO MARTÍNEZ, 303. RAMÓN SAMPEDRO MUÑIZ, 304. XAVIER SÁNCHEZ ALONSO, 305. MARCELINO SÁNCHEZ SOMOZA, 306. JORGE DARÍO SANTARELLI, 307. MARÍA ISABEL SANTOS DAVILA, 308. M^a CARME SANTOS RODRÍGUEZ, 309. XOHÁN SANTOS SUÁREZ, 310. XESÚS SANTOS SUÁREZ, 311. ÁNGELA MARÍA SEGADE OTERO, 312. GUILLERMO DE LA PAZ SERRA MARTÍNEZ, 313. REBECA SEVILLA MUÑIZ, 314. JUAN NÉSTOR SIERRA FERNÁNDEZ, 315. JOSÉ SILVA TRIÑANES, 316. BLAS RAMÓN SOBRIDO LAGO, 317. SOCIEDADE LICEO DE NOIA, 318. ANTONIA MARÍA SOMOZA MARTÍNEZ, 319. SANTIAGO SUÁREZ BLANCO, 320. JUAN NEPOMUCENO SUÁREZ LIJÓ, 321. CÉSAR R. TARELA PÉREZ, 322. ANDRÉS TEIRA AGEITOS, 323. MANUEL TEIRA LUACES, 324. LUÍS TEIRA PARADA, 325. JOSÉ TEMBRA REDONDO, 326. PILAR TESOURO FRANQUEIRA, 327. DORES TORRADO ARES, 328. MILAGROS TORRADO CESPÓN, 329. PATRICIA TORRADO QUEIRUGA, 330. MANUEL TORRES CUBEIRO, 331. GONZALO TRASBACH PAZ, 332. GERARDO TRIÑANES FERNÁNDEZ, 333. XURXO TRIÑANES HERMO, 334. XOSÉ MANUEL TRIÑANES NÚÑEZ, 335. MANUEL TUBÍO FACHADO, 336. JOSÉ TUBÍO FACHADO, 337. FELISA TUBÍO SAAVEDRA, 338. VICENTE VÁZQUEZ ARIAS, 339. MARÍA CONSUELO VÁZQUEZ CARRIL, 340. ÓSCAR VÁZQUEZ DIESTE, 341. CARMEN VÁZQUEZ DIESTE, 342. FRANCISCO XABIER VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, 343. JUAN MANUEL VÁZQUEZ GARCÍA, 344. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ LIJÓ, 345. AMPARO VÁZQUEZ LORES, 346. EVA VEIGA TORRE, 347. XOSÉ LUÍS VEIRAS MANTEIGA, 348. MANUEL VELO VELO, 349. FRANCISCO VICENTE TEJJEIRO, 350. FRANCISCO ANTONIO VIDAL BLANCO, 351. FIDEL VIDAL PÉREZ, 352. TERESA VIDAL POSE, 353. MARÍA MARGARITA VILAR MARTÍNEZ, 354. MANUEL VILAR REY, 355. RAMONA VILAR SAMPEDRO, 356. TERESA VILLALBA TORRES, 357. MARÍA DEL CARMEN VILLAR ALONSO, 358. PURA VILLAR MARTÍNEZ, 359. M^a TERESA VILLVERDE PAIS, 360. SEGISMUNDO ZÚNIGA TUBÍO.

ESTE LIBRO REMATOU DE SE IMPRENTAR

○ 12 DE DECEMBRO DE 2025,

NO VIXÉSIMO PRIMEIRO ANIVERSARIO

DO NACEMENTO DE BARBANTIA[®]



biblioteca
barbantia



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

La Voz de Galicia



Concello de Noia



concello
Porto do Son

Asociación Cultural Barbantia®

Rúa Manuel María, s/n
Centro Social

15930 Boiro (A Coruña)

Tlfn: 981 842 635 Fax: 981 842 725

@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Páxina web: www.barbantia.gal

Correo: barbantia@barbantia.gal

Nº 21

BARBANTELA ANUÁRIO DE ESTUDOS DO BARBANZA

Ano 2025

